INFORME DO VALEDOR DO POBO

AO PARLAMENTO DE GALICIA

ANO 2008

ÍNDICE XERAL

Páxina

CAPÍTULO 1. RESUMO DAS QUEIXAS POR ÁREAS 1

1.1. *Área de emprego público e interior* 3
1.1.1. Introdución 5
1.1.2. Queixas recibidas e estado de tramitación 8
1.1.3. Queixas admitidas a trámite 9
1.1.4. Queixas non admitidas a trámite 28
1.1.5. Queixas remitidas ao *Defensor del Pueblo* 29
1.1.6. Resolución do Valedor do Pobo en materia de emprego público e interior.. 31

1.2. *Área de urbanismo e vivenda* 37
1.2.1. Introdución 39
1.2.2. Queixas recibidas e estado de tramitación 40
1.2.3. Queixas sobre urbanismo 41
1.2.4. Vivenda 72
1.2.5. Resolucións do Valedor do Pobo en materia de urbanismo e vivenda 89

1.3. *Área de medio ambiente* 167
1.3.1. Introdución: Os aspectos máis relevantes no tratamento do medio ambiente en Galicia 169
1.3.1.1. As explotacións mineiras en situación irregular 169
1.3.1.2. Os abundantes problemas ocasionados pola contaminación acústica 171
1.3.1.3. As carencias en materia de avaliación dos impactos ambientais . 175
1.3.2. Queixas recibidas e estado de tramitación 175
1.3.3. Queixas admitidas a trámite 177
1.3.3.1. Os prexuízos e molestias ocasionados polo consumo de alcohol na rúa e o seu tratamento 177
1.3.3.2. A concentración de locais: as zonas saturadas por contaminación acústica 180
1.3.3.3. Algúns supostos destacados: Boiro e outros 188
1.3.3.4. Outros supostos de contaminación acústica: locais sen licenza, sen axustarse á que teñen, ou que transmiten niveis de ruído superiores ao permitido 191
1.3.3.5. O incumprimento dos horarios polos locais 196

Páxina

1.3.3.6. A contaminación acústica e outros problemas ambientais creados por establecementos comerciais, industriais ou de diferente tipo 196
1.3.3.7. Os danos ambientais ocasionados por explotacións mineiras..... 198
1.3.3.8. A xestión das augas continentais; en especial, os graves problemas en materia de vertidos ao dominio público hidráulico, e os ocasionados con motivo da definición e funcionamento das depuradoras 203
1.3.3.9. A xestión dos residuos sólidos e os vertedoiros..... 209
1.3.3.10. As antenas de telefonía móbil 209
1.3.3.11. As avaliacións ambientais..... 211
1.3.3.12. Tratamento do dereito de acceso á información ambiental e a participación cidadá en materia de medio ambiente..... 216
1.3.3.13. A protección dos núcleos e vivendas do perigo de incendio forestal 218
1.3.3.14. Os problemas de contaminación atmosférica 225
1.3.3.15. Algúns problemas de salubridade 226
1.3.3.16. Outros problemas medioambientais 228
1.3.4. Queixas non admitidas a trámite..... 229
1.3.5. Queixas remitidas ao *Defensor del Pueblo*..... 230
1.3.6. Resolucións do Valedor do Pobo en materia de medio ambiente..... 231

1.4. *Área de educación*..... 319
1.4.1. Introdución..... 321
1.4.2. Queixas recibidas e estado de tramitación 326
1.4.3. Educación non universitaria..... 327
1.4.3.1. Instalacións escolares..... 328
1.4.3.2. Escolarización e admisión de alumnos 334
1.4.3.3. Educación especial..... 338
1.4.3.4. Violencia escolar..... 342
1.4.3.5. Ensinanzas especiais 344
1.4.3.6. Outras cuestións relacionadas coa educación en niveis non universitarios..... 345
1.4.4. Funcionamento da universidade 348
1.4.5. Resolucións do Valedor do Pobo en materia de educación 352

1.5. *Área de industria, comercio e turismo*..... 389
1.5.1. Introdución..... 391
1.5.2. Queixas recibidas e estado de tramitación 392
1.5.3. Queixas admitidas a trámite..... 393
1.5.3.1. Industria 393
1.5.3.2. Consumo 394

Páxina

1.5.3.3. Comercio 395
1.5.3.4. Turismo 396
1.5.4. Queixas non admitidas a trámite 396
1.5.5. Queixas remitidas ao *Defensor del Pueblo* 397
1.5.6. Observacións 397

1.6. *Área de agricultura, montes e pesca* 401
1.6.1. Introdución 403
1.6.2. Queixas recibidas e estado de tramitación 403
1.6.3. Queixas admitidas a trámite 404
1.6.4. Queixas non admitidas a trámite 407
1.6.5. Queixas remitidas ao *Defensor del Pueblo* 407

1.7. *Área de servizos sociais* 409
1.7.1. Introdución 411
1.7.1.1. O proceso de aplicación da Lei de dependencia 411
1.7.1.2. O tratamento das queixas por razón de dependencia e a súa valoración 413
1.7.1.3. Algunhas actuacións pendentes 417
1.7.2. Queixas recibidas e estado de tramitación 418
1.7.2.1. Os atrasos xerais de valoración e recoñecemento do Plan Individual de Atención 419
1.7.2.2. A falta de resolución final e o falecemento dos dependentes 421
1.7.2.3. A falta de efectividade da prestación nalgunhas ocasións ou a substitución por prestación económica 422
1.7.2.4. Outros motivos de queixas relacionadas coa dependencia 423
1.7.2.5. As reclamacións contra os centros asistenciais públicos e privados 425
1.7.2.5. As reclamacións de axuda por emerxencias sociais 425
1.7.2.6. Outras reclamacións en materia de servizos sociais 426
1.7.3. Queixas non admitidas a trámite 427
1.7.4. Queixas remitidas ao *Defensor del Pueblo* 427

1.8. *Área de traballo e emigración* 429
1.8.1. Introdución 431
1.8.2. Queixas recibidas e o seu estado de tramitación 433
1.8.3. Queixas admitidas a trámite 434
1.8.4. Queixas non admitidas a trámite 435
1.8.5. Queixas remitidas ao *Defensor del Pueblo* 436
1.8.6. Resolución do Valedor do Pobo en materia de emigración e traballo 438

Páxina

1.9. *Área de sanidade* 441
1.9.1. Introdución 443
1.9.2. Queixas recibidas e estado de tramitación 446
1.9.3. Queixas admitidas a trámite 447
1.9.4. Queixas non admitidas a trámite 458
1.9.5. Queixas remitidas ao *Defensor del Pueblo* 459
1.9.6. Resolucións do Valedor do Pobo en materia de sanidade 460

1.10. *Área de xustiza* 463
1.10.1. Introdución 465
1.10.2. Queixas recibidas e estado de tramitación 475
1.10.3. Queixas admitidas a trámite 475
1.10.4. Queixas non admitidas a trámite 482
1.10.5. Queixas remitidas ao *Defensor del Pueblo* 483

1.11. *Área de administración económica, comunicacións e novas tecnoloxías* 485
1.11.1. Introdución 487
1.11.2. Queixas recibidas e estado de tramitación 488
1.11.3. Queixas admitidas a trámite 488
1.11.3.1. Facenda 489
1.11.3.2. Ordenación da actividade económica 495
1.11.3.3. Seguros 496
1.11.3.4. Transportes 497
1.11.3.5. Comunicacións 499
1.11.4. Resolucións do Valedor do Pobo en materia de administración económica, comunicacións e novas tecnoloxías 502

1.12. *Área de obras públicas e expropiacións* 525
1.12.1. Introdución 527
1.12.1.1.A situación xeral das expropiacións forzosas. 527
1.12.1.2. O atraso dos expedientes debido á falta de informes urbanísticos 532
1.12.1.3. O atraso no pagamento do xuros e a xeración de xuros de xuros 534
1.12.1.4. Os graves problemas relacionados coas expropiacións de vivendas habituais 534
1.12.2. Queixas recibidas e estado de tramitación 537
1.12.3. Queixas admitidas a trámite 538
1.12.3.1. Os problemas ocasionados polas expropiacións de vivendas habituais ou domicilios 538
1.12.3.2. O exercicio da potestade expropiatoria polas administracións galegas 544

Páxina

1.12.3.3. O exercicio do dereito de reversión 548
1.12.3.4. Outras reclamacións por expropiacións 549
1.12.3.5. As reclamacións de melloras de estradas ou outras infraestruturas 550
1.12.3.6. Os danos ocacionados con motivo das obras públicas 551
1.12.3.7. As reclamacións por mal estado ou o perigo das infraestruturas 552
1.12.4. Queixas non admitidas a trámite 554
1.12.5. Queixas remitidas ao *Defensor del Pueblo* 555
1.12.6. Resolucións do Valedor do Pobo en materia de obras públicas e expropiacións 556

1.13. *Área de organización e funcionamento de réxime local e protección civil* 597
1.13.1. Introdución 599
1.13.2. Queixas recibidas e estado de tramitación 599
1.13.3. Queixas admitidas a trámite 600
1.13.3.1. Corporacións locais 600
1.13.3.1.1. O dereito dos membros das corporacións de acceso á información e documentación municipais 600
1.13.3.1.2. O dereito de disposición de locais para reunións 601
1.13.3.1.3. O dereito de participación do veciño na actividade municipal 602
1.13.3.1.4. Organización e funcionamento das corporacións locais 603
1.13.3.2. Servizos das corporacións locais 603
1.13.3.2.1. Servizos locais 603
1.13.3.2.2. Responsabilidade patrimonial 607
1.13.3.3. Protección civil e bombeiros 608
1.13.4. Queixas non admitidas a trámite 608
1.13.5. Queixas remitidas ao *Defensor del Pueblo* 609
1.13.6. Resolucións do Valedor do Pobo en materia de organización e funcionamento de réxime local e protección civil 610

1.14. *Área de menores* 649
1.14.1. Introdución 651
1.14.2. Queixas 651
1.14.3. Informe Extraordinario 655
1.14.4. Outras actuacións 656
1.14.5. Resolución do Valedor do Pobo en materia de menores 658

1.15. *Área de cultura e política lingüística* 661
1.15.1. Introdución 663

Páxina

1.15.2. Queixas recibidas e estado de tramitación 667
1.15.3. Política lingüística 668
1.15.3.1. Lingua vehicular 668
1.15.3.2. Actuacións da administración autonómica 672
1.15.3.3. Actuacións da administración local 675
1.15.4. Cultura 678
1.15.4.1. Protección e conservación do patrimonio histórico cultural 679
1.15.5. Deportes 680
1.15.6. Resolucións do Valedor do Pobo en materia de cultura e política lingüística 684

1.16. *Queixas de oficio* 693

CAPÍTULO 2. ANÁLISE DO CUMPRIMENTO DO DEBER DE COLABORACIÓN DAS ADMINISTRACIÓNS PÚBLICAS NAS INVESTIGACIÓNS DA INSTITUCION 717

2.1. O deber legal de colaboración nas investigacións da Institución 719
2.1.1. Advertencias constrinxentes 720
2.1.2. Administracións ou órganos aos que se reiterou a petición de informe ata en dúas ocasións, e o número de veces en que tal circunstancia se deu 723

CAPÍTULO 3. AS RESPOSTAS ÁS RESOLUCIÓNS FORMULADAS POLO VALEDOR DO POBO 727

3.1. As respostas das Administracións ou órganos aos que se dirixiu algunha resolución 729
3.1.1. Introdución 729
3.1.2. Respostas das diferentes administracións e órganos ás resolucións do Valedor do Pobo 731
3.1.3. Resumo das resolucións do Valedor do Pobo e da súa aceptación polas correspondentes administracións 735
3.1.4. As respostas ás resolucións 736

CAPÍTULO 4. RELACIÓNS INSTITUCIONAIS 741

4.1. Actividades parlamentarios. Informes ordinarios e extraordinarios 744
4.1.1. Informe ordinario 744
4.1.2. Informe extraordinario 746

Páxina

4.1.3. Actividade exercida pola institución 746
4.1.3.1. Un plan estratéxico a cinco anos 746
4.1.3.2. Novos mecanismos de comunicación institucional 747
4.1.3.3. O Valedor, membro de pleno dereito da ENOC 748
4.1.3.4. Campaña contra o castigo corporal aos nenos 749
4.1.3.5. O libro *os dereitos dos nenos* 749
4.1.3.6. Campaña "Traslado ilegal de menores" 750
4.1.3.7. Visitas á institución 750
4.1.4. Visitas e actos oficiais e protocolarios 751
4.1.5. Reunións de traballo nacionais e internacionais 756
4.1.6. Relación con outros comisionados autonómicos 775
4.1.7. Conferencias 776

CAPITULO 5. APÉNDICE ESTATÍSTICO 779

5.1. Introdución 781
5.2. Entradas e saídas de documentos 781
5.3. Queixas iniciadas no ano 2008 783
5.3.1. Comparación con exercicios anteriores 785
5.3.2. Distribución das queixas segundo as áreas da administración pública ás que se refiren 787
5.3.3. Algúns datos sociolóxicos reflectidos nas queixas 789
5.4. Distribución das queixas por razón das provincias e municipios de procedencia 793
5.4.1. Por provincias 793
5.4.2. Por concellos 795
5.5. Curso dado as queixas recibidas 803
5.6. As Causas de non admisión por áreas 806
5.7. Distribución das queixas admitidas por razón das áreas da administración pública ás que se refiren 808
5.8. Distribución das queixas referidas á administración pública galega, segundo niveis 809
5.9. Distribución das queixas que se refiren á Xunta de Galicia, segundo consellerías 811
5.10. Queixas referidas ás deputacións provinciais e aos concellos 813
5.10.1. Queixas referentes ás Deputacións Provinciais 813
5.10.2. Queixas referentes aos Concellos 813
5.10.2.1. A Coruña 813
5.10.2.2. Lugo 816
5.10.2.3. Ourense 818
5.10.2.4. Pontevedra 821

CAPÍTULO 1

RESUMO DAS QUEIXAS POR ÁREAS

1.1 ÁREA DE EMPREGO PÚBLICO E INTERIOR

1.1.1 INTRODUCIÓN

No transcurso do ano 2008 recibimos nesta área 282 queixas e iniciamos unha de oficio, 108 máis que no ano 2007, o que en porcentaxe supón un incremento do 61.83%. Se facemos unha desagregación por materias, constatamos que 207 facían referencia a emprego público ou función pública, o que supón un 73% do total, 46 ao tráfico e seguridade viaria, cunha porcentaxe do 16% e 30 a reclamacións pola intervención das forzas e corpos de seguridade, cunha porcentaxe do 11%, cando no ano 2007 as porcentaxes foron respectivamente do 55%, do 45% e do 26%. Das 283 queixas recibidas, 196 foron admitidas a trámite e destas concluímos 128 e 68 continúan en trámite. Das 87 queixas restantes, 27 remitímolas ao Defensor del Pueblo porque se referían a cuestións competencia de organismos da Administración Xeral do Estado e así se lle participou ao autor de cada queixa, as 60 queixas restantes non puideron ser admitidas a trámite dado o contido destas, agora ben aos seus autores informámoslles das razóns polas que a súa queixa non podía ser atendida por esta institución. Tamén tramitamos 4 queixas do ano 2006, das que concluímos 3 e do ano 2007 concluímos 66 das 71 que foron obxecto de tramitación.

Emprego Público:

Das 196 queixas admitidas a trámite, unha ampla maioría, en concreto 157 facían referencia a cuestións relativas ao emprego público, unhas referíanse a aspectos relativos a persoal funcionario ou laboral da administración autonómica e dos concellos galegos, outras a persoal docente e outras a persoal ao Servizo Galego de Saúde.

Facemos referencia en primeiro lugar a algunhas queixas nas que os seus autores expoñían aspectos relativos aos procesos selectivos para acceder á condición de persoal funcionario ou laboral ao servizo da administración autonómica e de diversas entidades locais de Galicia. Nunha o seu autor, opositor nun proceso selectivo de prazas de promoción interna, manifestaba que pedira a anulación dunha serie de preguntas que consideraba mal formuladas. Noutra serie de queixas de contido idéntico os autores destas manifestaban a súa discrepancia coa actuación do tribunal encargado de xulgar o proceso

selectivo, en concreto a súa queixa centrábase na tardanza do tribunal na cualificación do terceiro exercicio e no escaso número de opositores aprobados. Tamén nos referimos a unha queixa na que se abordaban aspectos relacionados coa reserva de prazas para discapacitados. Noutra queixa unha opositora manifestaba a súa desconformidade coa cualificación que lle fora outorgada polo tribunal na entrevista persoal.

Con respecto a procesos selectivos convocados por entidades locais facemos referencia a dúas queixas de opositores aspirantes a prazas de axentes de policía local.

Referímonos tamén a unha queixa, iniciada no ano 2007, na que os seus autores, en representación de dúas centrais sindicais, expoñían o seu malestar pola falta de vontade pola Consellería de Medio Rural para chegar a unha solución negociada a un conflito laboral que se viña mantendo cos traballadores do Servizo Público de Defensa Contra Incendios. Sobre este mesmo conflito presentáronse durante este ano 2008 sete queixas máis. Sobre esta cuestión debemos resaltar que no V Convenio colectivo único da Xunta de Galicia, publicado no *DOG* do 3-11-08, se recollen as condicións especiais de traballo do dito persoal.

Tamén facemos referencia a outras cuestións, tales como o atraso no recoñecemento do complemento de altos cargos, a problemática de laborais fixos que se encontran ocupando postos de funcionarios, o carácter autonómico e non provincial dalgunhas listas de persoal laboral temporal.

Con respecto ao persoal funcionario ou laboral docente destacamos dúas queixas nas que se criticaba que nos procesos selectivos para ingreso no corpo de profesores de ensino secundario se premiase en exceso o persoal interino. Tamén facemos referencia a outras dúas queixas nas que se denegaran senllas comisións de servizos solicitadas consonte a Orde do 28-6-06 da Consellería de Educación e Ordenación Universitaria sobre a conciliación da vida familiar e laboral do persoal docente.

Así mesmo nos referimos á problemática exposta por dous laborais na categoría de auxiliares coidadoras que manifestaban o seu malestar porque non se lles aboasen os

complementos de penosidade e especial dedicación que si cobraban outras compañeiras. Facemos referencia tamén a reclamacións sobre a confección das listas de interinos e de substitución de persoal docente, o atraso no aboamento de haberes ou a discrepancia co horario establecido a un docente.

Con respecto ao persoal do Servizo Galego de Saúde, destacamos varias queixas de traballadores que prestan os seus servizos nos puntos de atención continuada (PAC) e que manifestaban a súa desconformidade coa súa xornada laboral, con que non se lles aboasen os complementos de nocturnidade e festividade. Sobre esta cuestión informouse que se finalizara o proceso negociador que estaba en marcha coa sinatura dun acordo na Mesa Sectorial, avalado polas organizacións sindicais, no que se introducen melloras laborais relevantes na liña pretendida polos autores das queixas. Así mesmo varias queixas facían referencia a cuestións relacionadas co funcionamento das listas para a cobertura temporal de postos vacantes.

Orde Pública

A maioría das queixas en materia de orde pública que se nos presentan se remitiron ao Defensor del Pueblo porque se referían a actuacións de organismos da Administración do Estado.

Tráfico

É frecuente que moitas das queixas que se nos presentan se refiran a actuacións das xefaturas provinciais que, por tratarse de organismos da Administración do Estado, procedemos a remitir ao Defensor del Pueblo. Sen embargo cada ano é máis frecuente que se nos presenten queixas referidas ao tráfico urbano, competencia dos concellos galegos.

Destacamos neste eido unha queixa iniciada no ano 2007 sobre as dificultades con que se encontra un cidadán residente en Vigo para acceder ao seu domicilio, dado que a vía de acceso é moi estreita e é frecuente que se estacionen vehículos nela, o que fai dificultoso e en moitos casos imposible o tránsito rodado. Ante estas circunstancias e

despois das xestións realizadas ante o concello da dita cidade, diriximos a este unha suxestión para que adoptase as medidas correctoras correspondentes.

Referímonos tamén a unha queixa na que o seu autor facía referencia a que solicitara do Concello da Coruña a devolución do importe da taxa que se lle cobrara pola retirada polo guindastre do seu vehículo da vía pública, sen que por parte do dito organismo se lle dese resposta á súa petición. Tamén noutra queixa se nos expuña a falta de resposta por parte do concello da Estrada á petición da tarxeta de estacionamento para persoas con discapacidade.

1.1.2 QUEIXAS RECIBIDAS E ESTADO DE TRAMITACIÓN

As queixas recibidas nesta área ao longo deste ano 2008 foron 282 e iniciouse unha de oficio, cuxo estado de tramitación é o seguinte:

Iniciadas	283	
Admitidas	196	69%
Non Admitidas	60	21%
Remitidas ao Defensor del Pueblo	27	10%

A situación das queixas admitidas a trámite é a seguinte:

Concluídas	128	65%
En trámite	68	35%

Tamén foron obxecto de trámite ao longo deste ano 2008 diversas queixas presentadas en anos anteriores:

Ano de Presentación	En trámite ao 31-12-07	Reabertas	Total	Resoltas	En trámite ao 31-12-2008
2006	1	3	4	3	1
2007	40	31	71	66	5

1.1.3 QUEIXAS ADMITIDAS A TRÁMITE

Durante o ano 2008 foron admitidas a trámite un total de 196 queixas cunha porcentaxe do 69% das presentadas, das que foron concluídas 128, o que supón un 65%. Así mesmo, foron concluídas 3 do ano 2006 e 66 do 2007. Para o estudo sistemático das queixas admitidas a trámite considérase conveniente a súa distribución nos seguintes sectores que integran esta área.

Emprego Público

Dentro deste eido recibíronse queixas referidas a persoal funcionario ou laboral da administración autonómica e dos concellos galegos, outras referidas a persoal funcionario ou laboral docente e outras a persoal funcionario, laboral ou estatutario do Servizo Galego de Saúde.

Persoal funcionario ou laboral da administración autonómica e dos concellos

Con respecto a procesos selectivos, convocados pola administración autonómica, ímonos referir en primeiro lugar a unha queixa (1388/08) presentada por un opositor que se presentara ao proceso selectivo de prazas de promoción interna, grupo C, e que manifestaba que dirixira un escrito ao conselleiro de Presidencia, Administracións Públicas

e Xustiza, no que pedía a anulación dunha serie de preguntas que consideraba mal formuladas e ao que non se lle contestara. Da investigación realizada constatamos que por parte do tribunal designado para cualificar este proceso selectivo mediante resolución do 12-5-08 (*DOG*, n.º 94, do 16-5-08) se lle deu publicidade aos acordos do dito tribunal en relación co primeiro exercicio, entre eses acordos figuraba a decisión de anular, con base nas alegacións presentadas, as preguntas n.º 71 e 76, que pasaron a ser substituídas polas preguntas de reserva 4 e 5 e rexeitaba na súa totalidade as restantes reclamacións e alegacións presentadas.

Vímonos precisados a intervir con relación a un proceso selectivo para ingreso na categoría 004 (titulado superior), do grupo I, de persoal laboral fixo convocado tamén pola administración autonómica, como consecuencia das seguintes queixas (179, 188, 251, 403, 405, 411, 414, 416, 426, 427, 453, 456, 457, 558, 559, 569, 639, 648, 649, 672, 714, 717 e 726 do 2008) presentadas por opositores que se presentaran ao dito proceso selectivo, nas que manifestaban a súa discrepancia pola actuación do tribunal encargado de xulgar o dito proceso selectivo e, en concreto, facían referencia á tardanza na cualificación do terceiro exercicio e ao escaso número de opositores aprobados nel, 26 de 81 presentados, e en que a nota máxima foi de 14 puntos dun máximo de 20 posibles. Da información que nos foi facilitada pola Dirección Xeral da Función Pública é de destacar que nas bases establecidas na orde do 24 de xullo do 2006 pola que se convocou o dito proceso selectivo se dispoñía, en relación co terceiro exercicio da fase da oposición, a necesidade de alcanzar unha nota mínima de 10 puntos para superalo e atribuía ao tribunal a competencia para determinar o nivel de coñecementos para obter a dita puntuación e que non existían indicios de ningunha actuación do tribunal contraria ás bases ou aos principios de imparcialidade e profesionalidade recollidos no artigo 60 da Lei 7/2007 e que os opositores dispuxeron dun prazo de 10 días hábiles para realizar alegacións ás puntuacións do dito exercicio e coa posibilidade de interpoñer os recursos correspondentes en vía administrativa e, de ser o caso, contencioso-administrativa.

Dado que, á parte da tardanza na cualificación do dito exercicio, se poñía en tea de xuízo as cualificacións outorgadas polo tribunal aos opositores, se lle indicou aos autores destas queixas que, con respecto ás apreciacións de valor sobre os exames

realizados como sobre a valoración dos méritos, se trata dunha materia na que, de acordo cunha reiterada xurisprudencia (sentenzas do Tribunal Supremo do 18-1-1990, 7-12-1990, 1-3-1994 e do Tribunal Constitucional do 29-11-1993), existe unha ampla potestade valorativa por parte dos tribunais ou comisións de cualificación.

Sobre este mesmo proceso selectivo presentouse outra queixa (868 do 2008) na que a persoa autora desta tamén fai referencia ao terceiro exercicio, pero o motivo da súa queixa difire das anteriores, pois na súa reclamación manifesta a súa desconformidade coa anulación do seu exame realizado no dito terceiro exercicio por figurar unha sinatura neste, pois aínda que nas bases se dispoñía expresamente, en relación co primeiro e segundo exercicio da fase de oposición, que o tribunal excluiría aqueles candidatos con exercicios en que figurasen marcas ou signos que permitisen coñecer a identidade do opositor, tal cláusula non aparecía expresamente recollida en relación co terceiro exercicio. Da investigación realizada constatouse que o presidente do tribunal, nas instrucións impartidas aos opositores antes do comezo do exercicio fixo constar expresamente, e en presenza tanto dos aspirantes coma do persoal colaborador presente no acto, a prohibición de asinalo para garantir o anonimato e os principios de obxectividade e imparcialidade na corrección e advertiu acerca da exclusión daqueles exames nos que figurara a sinatura ou calquera outro sinal ou marca identificativa e así llo comunicaran por escrito á persoa reclamante por parte do dito tribunal.

Noutro proceso selectivo de persoal laboral fixo, o marido dunha opositora dirixiuse a esta institución expoñendo a súa queixa (1554/07) que no sistema de promoción interna e cambio de categoría quedaran vacantes catro prazas para discapacitados e que se dirixira por escrito o 30-7-07 á Consellería de Presidencia, Administracións Públicas e Xustiza expoñendo a súa inquietude con respecto ás ditas prazas de discapacitados vacantes, dado que nas bases non se facía referencia a que estas pasasen ao sistema de acceso libre á quenda de reserva de discapacitados. Realizada a oportuna investigación, a Dirección Xeral da Función Pública informounos que se dirixira unha comunicación a todos os órganos de selección dos procesos selectivos nos seguintes termos: *"en atención ao avanzado estado no que se encontran os procesos selectivos para ingreso nas distintas categorías de persoal laboral fixo da Xunta de Galicia, recordámoslles que as prazas da*

cota de discapacitados incluídas na fase de promoción interna que queden desertas se acumularán ás do sistema xeral da mesma fase e, no caso de que tampouco se cubran deste modo, se sumarán ás de acceso libre, pero coa mesma cualificación inicial de discapacitados".

Recibimos unha queixa (1963/07) con respecto ao proceso selectivo convocado polo *"Consorcio Galego de Servizos de Igualdade e Benestar"* para a selección de persoal laboral temporal dunha *"Galescola"*en a que a autora desta manifestaba a súa desconformidade coa cualificación que lle fora outorgada polo tribunal na entrevista persoal, de tal maneira que despois de sacar a mellor nota tanto na fase de oposición coma na fase do concurso, pasou a ocupar o terceiro lugar na lista definitiva, non obtendo praza, dado que eran dúas as prazas convocadas na categoría á que ela se presentara. Na información facilitada polo dito consorcio faise constar, entre outras cuestións, que o proceso de selección, de acordo co previsto nas bases, se desenvolveu en tres fases:

1) Oposición: que consistiu nun exercicio tipo test cualificado cun máximo de 20 puntos, e sendo necesario para superalo obter un mínimo de 10 puntos (base II. 1.1).

2) Concurso: cualificado cunha puntuación máxima de 10 puntos (base II. 2.3).

3) Entrevista: valorada cun máximo de 8 puntos e sen carácter eliminatorio (base II.3.).

A entrevista desenvolveuse segundo o establecido nas bases da convocatoria (base II.3) versando sobre os contendidos propios do posto de traballo, tanto teóricos coma prácticos, e do currículo persoal ou dos méritos achegados polo/a aspirante.

A Comisión de Valoración, dotada de todas as garantías de imparcialidade e profesionalidade, puntuou a entrevista da aspirante, aplicando os criterios anteriormente expresados e previstos nas bases da convocatoria, estando suxeita unicamente ao establecido nas bases e a o demostrado pola aspirante no exercicio da entrevista.

De acordo con estes criterios a Comisión valorou o exercicio da aspirante, cunha puntuación de 1.5, tal e como consta na lista de cualificacións da fase da entrevista publicada con data do 1 de agosto do 2007.

Dado o exposto na información recollida anteriormente vímonos precisados a participarlle á autora da queixa que, con respecto ás apreciacións de valor sobre os exames realizados como sobre a valoración dos méritos, se trata dunha materia na que, de acordo cunha reiterada xurisprudencia (sentenzas do Tribunal Supremo do 18-1-1990, 7-12-1990, 1-3-1994 e do Tribunal Constitucional do 29-11-1993), existe unha ampla potestade valorativa por parte dos tribunais ou comisións de cualificación. Así mesmo indicábaselle que as bases publicadas polo dito consorcio podían, de non estar conforme con elas, ser obxecto de impugnación por ela nos casos e na forma prevista na Lei 30/1992, do 26 de novembro,de réxime xurídico das administracións públicas e do procedemento administrativo común, modificada pola Lei 4/1999, do 13 de xaneiro e de non impugnarse tales bases, se entende que foron consentidas e vinculan a Administración (neste caso ao dito consorcio), aos tribunais que xulgan as probas selectivas e aos que toman parte nelas, e así se vén producindo un pronunciamento constante por parte dos tribunais de xustiza (sentenzas do Tribunal Supremo do 17-7-1995, do Tribunal Superior de Xustiza de Canarias e de Cataluña do 20-6-1997 e 22-6-2001, respectivamente).

Con respecto a procedementos selectivos convocados por entidades locais galegas imos facer referencia a dúas queixas referidas a procesos selectivos de acceso a policía local. Nunha delas o autor da queixa (1600/07) manifestaba o seu malestar porque levaba máis de 10 meses preparando nunha academia as probas de acceso ás 15 prazas de axentes da policía local do Concello da Coruña que figuraban na oferta de emprego público do ano 2006 como encadradas no grupo D e para as que se esixía título de graduado escolar, formación profesional de segundo grao ou equivalente, pero que se lle informara no dito concello que as ditas prazas ían ser convocadas para o grupo C, o que levaba consigo que a titulación que se ía exixir sería a de bacharelato, formación profesional de segundo grao ou equivalente, das que carecía tanto el coma outros 30 opositores. Por parte do dito concello na información facilitada como aclaración a estas cuestións indicábasenos o seguinte: *que no ano 2006 se aprobou a oferta de emprego público pola Xunta de Goberno Local o 15*

de setembro de, entre outras, quince prazas de Garda da Policía Local con categoría D e, en consecuencia, exixencia da titulación de Graduado Escolar ou equivalente.

A convocatoria deste proceso selectivo non se levou a efecto neste ano.

Con posterioridade a Xunta de Goberno Local celebrada o día 26 de outubro aprobou o seguinte acordo:

Deixar sen efecto a Oferta de Emprego Público do ano 2006.

Incorporar as prazas da oferta do 2006 como parte integrante da Oferta de Emprego Público do ano 2007.

Aprobar a Oferta de Emprego Público do 2007.

Por tanto, a Oferta de Emprego Público do 2006, como se desprende do exposto, non existe na actualidade, publicándose para todos os efectos a oferta de 2007 no BOP o 21 de novembro do mesmo ano, publicación ante a que os interesados de carácter xeral puideran interpoñer os correspondentes recursos administrativos.

No lapso de tempo intermedio entre a publicación dunha e doutra Oferta de Emprego Público publicouse a Lei 4/2007, do 20 de abril, de coordinación de policías locais de Galicia, no DOG, n.º 89, do 3 de maio do mesmo ano entrando en vigor a dita lei o 23 de maio dese ano.

Na lei indicada anteriormente modificouse a clasificación das prazas do grupo D ao C co consecuente cambio de exixencia de titulación de Bacharelato Superior ou equivalente, polo que na oferta de outubro de 2007 esta obrigatoriedade xa foi incorporada ao tratarse dunha lei de obrigado cumprimento en todos os concellos da Comunidade Autónoma de Galicia.

Por outra parte, hai que sinalar que o contido da disposición transitoria segunda da Lei 4/2007 non é de aplicación no presente caso xa que as convocatorias dos procesos

selectivos e en concreto a de quince prazas de Policía Local incluído na Oferta de Emprego Público do ano 2006, non foi convocada.

En consecuencia, a oferta de emprego en vigor é a correspondente ao ano 2007 coas características e normativa de aplicación a esta data.

Na outra queixa (1754/07) tamén relativa a un proceso selectivo convocado polo Concello de Vigo para cubrir prazas de axentes de policía local o motivo alegado era a desconformidade coa cualificación que lle fora outorgada polo tribunal nas probas físicas e a falta de contestación á súa reclamación. Aínda cando con respecto ás apreciacións de valor sobre os exames realizados como sobre a valoración de méritos é constante a xurisprudencia verbo da existencia dunha ampla potestade valorativa por parte dos tribunais ou comisións de cualificación, dirixímonos ao organismo que convocara o correspondente proceso selectivo para coñecer a decisión que adoptara con relación á reclamación formulada pola autora desta queixa. O organismo que convocou o devandito proceso facilitounos información clarificando as seguintes cuestións:

O tribunal cualificador, na súa sesión de data 24 de setembro do 2007, examinou o contido da reclamación da referida aspirante, tal e como consta na acta polos seguintes motivos:

O primeiro exercicio (salto vertical), realizouse estritamente como figura nas bases da convocatoria.

O segundo exercicio correspondente da primeira parte das probas físicas, podíase realizar na barra fixa da escaleira, facilitando aos opositores a posición inicial.

No cuarto exercicio (velocidade), non se aprecia polo tribunal que houbese ningunha interferencia na realización da proba de 100 m lisos, en relación coa reclamante, nin foi afastada por esta no momento da finalización da proba.

En canto á non superación dunha proba por parte dunha das opositoras que foi declarada apta, trátase dunha apreciación subxectiva da reclamante, considerando a totalidade dos membros do tribunal cualificador que a opositora en cuestión superou esta.

Así mesmo, acordouse notificar individualmente a cada reclamante o contido do acordo da acta, indicándoselles o motivo do seu rexeitamento.

Á parte das queixas referidas a procesos selectivos, recibimos outras queixas referidas tamén a cuestións relativas ao emprego público e imos referirnos a algunhas delas.

A finais do mes de outubro do 2007 recibimos unha queixa (1865/07) na que os seus autores, en representación de dúas centrais sindicais, manifestaban o seu malestar ante o que eles consideraban falta de vontade pola Consellería de Medio Rural para chegar a unha solución negociada a un longo conflito laboral que viña mantendo cos traballadores do Servizo Público de Defensa Contra Incendios. Por parte da devandita consellería remitíusenos unha exhaustiva información, da que destacamos os seguintes puntos:

1º No ámbito da Mesa de Negociación do *V Convenio Colectivo Laboral Único para o persoal laboral da Xunta de Galicia* constituíse, entre outras, unha mesa específica para negociar as condicións de traballo do persoal laboral do Servizo Público de Defensa Contra Incendios Forestais (en diante SPDCIF).

Esta mesa integrada pola Dirección Xeral da Función Pública, pola Dirección Xeral de Orzamentos, pola Consellería de Medio Rural (Secretaría Xeral e Dirección Xeral de Montes e Industrias Forestais) e polos representantes dos catro sindicatos con representación entre o persoal laboral da Xunta de Galicia constituíse e tivo a súa primeira reunión o 30 de novembro do 2005.

Entre o 30 de novembro de 2005 e o 12 de xullo de 2006 a Mesa de Negociación das condicións de traballo do persoal laboral do SPDCIF reuniuse en 12 ocasións os días

30 de novembro do 2005, 16 de decembro do 2005, 3 de febreiro do 2006, 5, 8, 15, 16, 22, 31 do maio do 2006, 13 e 22 de xuño do 2006 e 12 de xullo do 2006.

Despois de máis de 7 meses de negociación o 12 de xullo de 2006 alcanzouse un preacordo sobre as condicións de traballo do persoal laboral do SPDCIF que foi asinado pola Dirección Xeral da Función Pública e pola Consellería de Medio Rural en representación da Xunta de Galicia e por tres sindicatos.

O 14 de xullo de 2006 un dos tres sindicatos comunicou que, a pesar de ter asinado o preacordo, non asinaría o acordo que si foi asinado polos outros dous, un o propio día 14 e o outro o 21 de xullo.

Ao non ratificar o sindicato o preacordo que asinara o día 12 de xullo, os sindicatos asinantes non tiñan representación suficiente para outorgarlle ao acordo natureza de Convenio Colectivo, polo que o devandito acordo adquiriu a natureza de "acordo de eficacia limitada", aplicable unicamente aos afiliados dos sindicatos que o asinaron e aos traballadores que voluntariamente solicitasen adherirse a este, en tanto que os restantes traballadores se seguirían rexendo polo anexo V do *IV Convenio Colectivo Único para o Persoal Laboral da Xunta de Galiza*.

Segundo se desprende do escrito desa institución os sindicatos que presentaron a queixa din que a Consellería de Medio Rural, á marxe da Mesa Xeral de Negociación se saltou a negociación colectiva xeral e forzou a sinatura dun acordo que derivou posteriormente nun acordo de eficacia limitada ao contar só coa sinatura de dous sindicatos. A este respecto é conveniente manifestar que a consellería non actuou á marxe da Mesa Xeral, xa que, como antes se dixo, dentro da Mesa Xeral encargada de negociar o *V Convenio Colectivo Único para o Persoal Laboral da Xunta de Galicia* se constituíron 4 mesas sectoriais de negociación, unha delas a encargada de negociar as condicións de traballo do persoal laboral do SPDCIF.

Por razóns obvias nesta mesa tivo unha participación activa por parte da Xunta de Galicia a Consellería do Medio Rural, ao ter atribuídas as competencias en materia de

prevención e extinción de incendios forestais. Por outro lado, as 12 reunións formais mantidas entre o 30 de novembro de 2005 e o 12 de xullo de 2006 proban de maneira incontestable a vontade de chegar a un acordo, acordo ao que se chegou con dúas das organizacións sindicais presentes na Mesa, mentres as outras dúas organizacións sindicais non se sumaron a este a pesar de que, como queda dito, unha delas incluso chegou a asinar o preacordo o 12 de xullo de 2006. É polo tanto rotundamente falsa a acusación que os autores da queixa lle fan á consellería de saltarse a negociación colectiva e de forzar a sinatura dun acordo; a vontade negociadora da consellería queda ben acreditada nas 12 reunións formais mantidas entre o 30 de novembro de 2005 e o 12 de xullo de 2006, e en absoluto é certo que se saltase a negociación colectiva xa que a Mesa de Negociación das condicións de traballo do persoal laboral do SPDCIF era unha das catro mesas que se constituíron para negociar o *V Convenio Colectivo Único*. Por outro lado carece de fundamento a acusación que se lle fai á consellería de forzar a sinatura dun acordo como o proba o feito de que os sindicatos que presentaron a queixa, non asinaron o acordo, aínda que un si asinou o preacordo.

En canto á acusación que se verte contra a consellería de iniciar "unha campaña de coaccións e chantaxes aos traballadores, remitíndolle mesmo por escrito veladas ameazas e coaccións ao persoal fixo descontinuo", é necesario dicir que tal afirmación ademais de gratuíta carece de calquera fundamento e polo tanto resulta inadmisible que deixándose levar por apreciacións subxectivas se lle atribúan a unha administración pública condutas que de seren realizadas por unha persoa física serían constitutivas de delito.

A consellería no lexítimo exercicio das súas competencias, e igualmente cumprindo coa súa obrigación, limitouse a informar aos traballadores das dúas opcións que tiñan en canto á regulación das súas condicións de traballo: adherirse voluntariamente ao acordo de eficacia limitada asinado entre a Xunta de Galicia e dous sindicatos ou optar porque as súas relacións laborais se seguisen rexendo polo anexo V do *IV Convenio Colectivo*. Naturalmente a consellería informou a cada traballador dos efectos que para cada un deles tiña acollerse a un ou outro marco de relacións laborais, comunicándolle así mesmo as melloras que contiña o acordo en relación con anexo V do convenio. Entre estas melloras é necesario destacar as seguintes:

- A duración dos contratos dos traballadores fixos descontinuos pasa de 6 meses a 9 meses ininterrompidos.

- Os complementos salariais equipáranse cos do resto do persoal laboral da Xunta.

- As xornadas serán como máximo de 12 horas, no caso de incendio.

- As bandas horarias en época de baixo risco serán das 8:00 h ás 15:00 h, das 14:00 ás 21:00 h e das 21:00 ás 04:00 h.

- A duración de quendas será de 7 horas en épocas de baixo risco e de 8 horas nos meses de alto risco (marzo, xullo, agosto e setembro).

- Elimínase a xornada partida.

- Elimínase a dispoñibilidade de 55 horas mensuais.

- As gardas localizables que computan para o total de horas anuais, serán de 15 días; distribuiranse en 5 días por mes durante 3 meses ao ano, e estarán retribuídas con 150 euros por mes.

- Descanso semanal de 2 días interrompidos. Na temporada de baixo risco descansarán en domingos alternos e na metade dos festivos e na temporada de alto risco garántase o descanso dun domingo ao mes e da metade dos festivos.

- Os domingos e festivos traballados compénsanse co descanso adicional, segundo o previsto no convenio colectivo.

- O descanso entre xornadas será como mínimo de 12 horas ininterrompidas.

- Se por mor do servizo o traballador ten que pasar noite fóra do distrito terá dereito a un día de descanso adicional.

- O calendario das vacacións, confeccionarase a primeiros de ano. Garántese o goce de 15 días laborables consecutivos segundo a solicitude do traballador, e o resto dos días gozaranse en quendas de 7 días como mínimo. Contémplase a posibilidade de gozar 15 días naturais consecutivos no mes de xullo ou na segunda quincena do mes de setembro.

- Os traballadores, cando fagan os 60 anos terán a posibilidade de acollerse a unha segunda actividade desligada de extinción de incendios no mesmo ámbito territorial no que viñan desempeñando o seu posto.

- Contémplase un plan plurianual de mellora das instalacións e dotación regular de equipos de protección individual homologados.

- Resérvase o 50% das prazas convocadas en cada proceso para promoción interna.

A este respecto é conveniente destacar con toda claridade que a consellería, como non podía ser doutra maneira, respectou en todo momento a decisión libremente adoptada por cada traballador, de optar por un ou outro marco de regulación das súas condicións de traballo. E dun total de 1409 traballadores 902 optaron por adherirse ao acordo asinado pola Xunta de Galicia e dous sindicatos e os 507 restantes optaron por seguir rexéndose polo anexo V do *IV Convenio Colectivo Único para o Persoal Laboral da Xunta*.

Indícase tamén que o acordo de eficacia limitada foi posteriormente anulado pola sentenza do 6 de marzo de 2007 do TSXG. Esta sentenza da Sala do Social do Tribunal Superior de Xustiza de Galicia que anula en parte o acordo asinado entre a Xunta de Galicia e dous sindicatos foi recorrida en casación ordinaria.

Finalmente, en canto á situación na que se encontran as negociacións tendentes á consecución dun acordo, infórmolle que a Consellería de Medio Rural, no marco da política xeral de persoal, está facendo as xestións precisas para tratar de alcanzar un acordo entre a Xunta de Galicia e os sindicatos con representación entre o persoal laboral da Xunta de Galicia, e se o dito acordo non se alcanzase na mesa específica constituída para negociar as condicións de traballo do persoal laboral do SPDCIF trasladaríanse as

negociacións ás mesas que están negociando o *V Convenio Colectivo Único para o Persoal Laboral da Xunta de Galicia*.

Verbo deste mesmo conflito presentáronse durante este ano 2008 as seguintes queixas: 8, 11, 46, 47, 84, 100 e 207/08.

Con respecto a este tema debemos destacar que no *Diario Oficial de Galicia,* n.º 213, do 3-11-08, se publicou o *V Convenio colectivo único da Xunta de Galicia*, no que se recollen as condicións especiais de traballo do Persoal do Servizo de Prevención e Defensa Contra Incendios Forestais (SPDCIF) da Xunta de Galicia.

O autor da queixa 58/08 manifestaba no seu escrito o seu malestar polo atraso no recoñecemento da consolidación de grao, a teor do prescrito no artigo 53.4 e na disposición adicional décimo sétima da Lei 13/2007, do 28 de xullo, que fai referencia á posibilidade de que os funcionarios que desempeñaran determinados postos coa consideración de altos cargos perciban un complemento de destino incrementado ata igualalo co que se fixe para os directores xerais. Na información que nos foi facilitada pola Dirección Xeral de Xustiza faise constar que se resolveu a solicitude do autor desta queixa e se especifica que as causas da demora foron por unha parte que era a primeira petición formulada nesta materia por un funcionario pertencente aos corpos xerais da Administración de Xustiza e por outro lado á complexidade da súa regulación propia en materia retributiva, o que os obrigou a pedir información á Dirección Xeral da Función Pública. Polo contrario á autora da queixa 1390/08 denegóuselle a consolidación do devandito grao, véndose obrigada a presentar recurso de reposición e ante a falta de resolución en prazo se dirixiu a esta institución para que se procedese a resolver de forma expresa o devandito recurso. En resposta á nosa petición de informe á Consellería de Educación e Ordenación Universitaria, comunicouse que se procedera a ditar resolución desestimando o recurso de reposición formulado por non ser de aplicación a lexislación invocada.

Na 787/08 púñasenos de manifesto a problemática de persoal laboral fixo transferido á comunidade autónoma e que se encontran ocupando postos de funcionario. Con respecto a esta cuestión a Secretaría Xeral de Vicepresidencia de Igualdade e do

Benestar informounos que a situación denunciada pola autora da queixa é común con outros 400 ou 500 casos e que non poden participar en concursos de traslados do persoal funcionario xa que non teñen esa condición e tampouco é posible fixarlles os complementos retributivos propios do persoal laboral no seu posto por ser este de persoal funcionario. Sen embargo, informounos tamén que esta problemática non é exclusiva de Vicepresidencia senón de toda a Xunta, pero que se lle procurou buscar unha solución mediante a inclusión dun precepto (a disposición transitoria primeira cunha nova redacción) na Lei 13/2007, do 27 de xullo, de modificación da Lei 4/1988, do 26 de maio, da función pública de Galicia e coa posterior sinatura dun pacto en abril de 2008 entre o conselleiro de Presidencia, Administracións Públicas e Xustiza e os representantes sindicais que no seu punto D se establecen os prazos e a forma de desenvolver os procesos de funcionalización para o dito colectivo.

Por último imos facer referencia moi breve a algunhas outras queixas. Así nas queixas (395 e 706/08) púñase en cuestión o carácter autonómico das listas de persoal laboral temporal por ter ámbito autonómico e non provincial, como sucede na maioría das listas. Á súa vez na queixa 1039/08 a súa autora formulaba a necesidade de realizar o seu traballo soamente no servizo de noite como viña facendo desde os seus inicios nun centro de terceira idade para poder conciliar a vida familiar. A administración informounos que se estaba en trámites de resolver esta petición de forma satisfactoria.

Persoal funcionario ou laboral docente

En canto aos procesos selectivos para ingreso no corpo de profesores de ensino secundario, presentáronse algunhas queixas criticando que nos devanditos procesos se premiase en exceso o persoal interino. A este respecto nas queixas 1384 e 1385/07 a Consellería de Educación e Ordenación Universitaria informounos, sobre as críticas da legalidade do sistema de acceso, que esta administración está sometida e limitada polo principio de legalidade (artigos 9.1 e 103.1 da Constitución), ou, o que é o mesmo, está sometida e limitada por calquera norma, legal ou regulamentaria, polo ordenamento xurídico aplicable. En relación co sistema de acceso esta Consellería só ten responsabilidade directa na convocatoria, convocatoria cuxo contido resulta na súa maior

parte obrigado, pois reproduce e desenvolve, sen contradicilas, o establecido nas normas que regulan a materia, en concreto, a disposición transitoria décimo sétima da Lei orgánica 2/2006, do 3 de maio, de educación, e título VI do Regulamento de ingreso, acceso e adquisición de novas especialidades nos corpos docentes aos que se refire a Lei orgánica 2/2006, do 3 de maio, de educación, e se regula o réxime transitorio a que se refire a disposición transitoria décimo sétima da citada lei, regulamento este que foi aprobado polo Real decreto 276/2007, do 23 de febreiro, regulamento que, conforme a disposición final do real decreto, é básico na súa maior parte.

A aliña primeira da disposición transitoria décimo sétima da Lei orgánica 2/2006 obriga a que as administracións educativas reduzan a porcentaxe de interinos, e paralelamente na aliña dúas establece durante un período transitorio un procedemento selectivo no que se dea preponderancia á fase de concurso e cunha proba única na fase de oposición. É dicir, o sistema reflicte a finalidade querida por unha norma de rango legal, en concreto dunha lei orgánica, que require unha maioría cualificada do Congreso dos Deputados para a aprobación. A existencia dun informe substitutivo está prevista expresamente no artigo 61.2 do regulamento aprobado polo Real decreto 276/2007. En canto ao peso do baremo no sistema vén determinado polo artigo 63 e o anexo IV do dito real decreto.

En calquera caso, é conveniente dicir para finalizar, que o principio de igualdade no acceso aos empregos públicos debe ser posto en oportuna relación sistemática co principio de mérito e capacidade. Neste sentido consideramos que é un indicio notorio de maior mérito e capacidade para o acceso a postos docentes nos centros dependentes das administracións públicas a aqueles que teñan experiencia previa no desempeño deses postos, como pode ser o persoal interino, en canto coñecen mellor a metodoloxía, normativa e formas de organización propias dese tipo de centros e postos. Tal criterio ademais de estar predeterminado no ordenamento xurídico non é un criterio *ad personam,* senón que está fixado con carácter xeral, máxime cando o sistema de acceso en calidade de interino e substituto ás administracións públicas se basea tamén nun sistema obxectivo e predeterminado, aberto a todos os que reúnan os requisitos, caracteres estes que non concorren no acceso a postos docentes de centros privados ou concertados.

Con respecto á conciliación da vida familiar e laboral prevista na Orde do 28 de xuño do 2006 da Consellería de Educación e Ordenación Universitaria, modificada pola Orde do 3 de maio do 2007, presentáronsenos dúas queixas (1611/07 e 40/08), dado que ás súas autoras se lles denegara a comisión de servizos solicitadas a partir das ditas ordes, baseándose en que a distancia da súa residencia ao centro de traballo era inferior aos 60 quilómetros e a duración do desprazamento non era superior a unha hora. A este respecto ambas as autoras manifestaban que, malia que a distancia era inferior aos 60 quilómetros, a duración do devandito desprazamento era superior a unha hora, dado que en ambos os casos terían que realizalo catro veces ao día por tratarse de centros con xornada partida. A administración educativa participounos que o motivo da denegación da comisión solicitada se debeu en ambos os casos a que a distancia non era superior aos 60 Km e a duración do desprazamento non era superior a unha hora, entendéndose este nun único desprazamento desde a localidade de residencia ao centro. Esta interpretación que fixo a consellería non parecía contradicir o establecido no punto 2 do artigo terceiro da Orde do 3-5-07 pola que se modificou parcialmente a do 28-6-06, ao suprimir a expresión “no día” que figuraba nesta última orde.

Nas queixas 174 e 308/08 as autoras, ambas laborais como auxiliares coidadoras (categoría 004, grupo IV) manifestaban a súa desconformidade co feito de que non se lles aboasen os complementos de penosidade e especial dedicación que si cobraban outras compañeiras. En ambos os casos a consellería explicounos que a razón pola que non se lles estaba aboando os ditos complementos era que os postos por elas desempeñadas non figuraban na relación de postos de traballo da consellería , pero que se estaba tramitando a inclusión deles naquela coa inclusión dos devanditos plus.

Por último, debemos facer referencia a reclamacións formuladas sobre a confección das listas de interinos e de substitución de persoal docente (queixa 374/08), sobre o horario concreto que lle foi establecido a un docente que, ao seu entender, o prexudica para poder atender ao coidado dun familiar (queixa 289/08) ou sobre o atraso no aboamento dos seus haberes (queixa 2265/07).

Persoal funcionario, laboral ou estatutario do Servizo Galego de Saúde

Recibimos varias queixas (181, 183, 185, 187, 190, 191, 192, 200, 201, 217 e 342/08). En todas estas queixas os seus autores, médicos ou enfermeiros que traballan nos Puntos de Atención Continuada (PAC), manifestaban a súa desconformidade coa súa xornada laboral, co número de horas anuais que se ven obrigados a realizar. Na queixa 342/08, presentada por un colectivo de médicos e enfermeiros, púñase de manifesto que a súa xornada laboral se realiza en horario de 15 a 8 horas os días da semana e de 8 a 8 os domingos e festivos, cunha xornada anual de 1570, cando debería ser de 1430 horas, que non se lles aboa os complementos de nocturnidade e festividade polo seu traballo en horas nocturnas e en días festivos. A División de Recursos Humanos e de Desenvolvemento Profesional do Servizo Galego de Saúde (SERGAS), á parte de indicar que sobre as cuestións formuladas nestas queixas se estaba negociando na Mesa Sectorial e se estaba xa na súa fase final deste complexo proceso de negociación, iniciado había varios meses, do novo "Acordo sobre ordenación e provisión de postos de traballo, xornada, retribucións e condicións de traballo do persoal médico e diplomado en enfermería dos puntos de atención continuada", concretando por último que o devandito proceso negociador xa finalizara coa sinatura dun acordo na Mesa Sectorial, avalado polas organizacións sindicais, no que se introducen moi relevantes melloras laborais na liña pretendida polos autores das queixas: xornada de 1430 horas; retribución da nocturnidade e festividade; garantía para que as vacacións figuren inicialmente no calendario...

Sobre o funcionamento das listas para a cobertura temporal de postos vacantes imos referir a queixa 164/08, na que a súa autora expuña que pola súa discapacidade do 66% necesitaba que os postos que se lle ofreceran fosen adecuados á súa condición, circunstancia que non se daba no posto que estaba desempeñando no momento da queixa. O Servizo Galego de Saúde informounos que se lle estaba buscando unha solución tanto para o caso exposto na queixa coma para os que se lle ofertasen no futuro. En cambio na queixa 394/08 a cuestión exposta pola autora da queixa fai referencia a que aínda que o prazo pactado concedido para aceptar ou rexeitar un contrato é de 24 horas, sen embargo ultimamente se estaba sancionando a compañeiros da lista por facer uso deste prazo e non acudir de forma inmediata. A explicación que nos facilitou a División de Recursos

Humanos e Desenvolvemento Profesional foi que a inclusión na lista especial para vinculacións de curta duración leva consigo unha serie de vantaxes, pero os aspirantes que figuran nelas poden ser chamados telefonicamente para a súa incorporación inmediata, sen que poidan dispoñer dun prazo de 24 horas para aceptar ou rexeitar o nomeamento ofrecido, pois tal prazo faría inviable a xestión das listas, a prol da garantía da inmediatez e continuidade asistencial. Por último a autora da queixa 1434/08 expuña o seu malestar polo feito de que a xente que estaba sendo chamada para traballar o fose consonte unhas listas nas que o posto que cada persoa ocupaba dependía das puntuacións conseguidas nuns exames realizados no ano 2001, cando no ano 2007 se realizaran outros exames convocados por resolución do 2006. As razóns que nos aduciu a administración sanitaria é que a elaboración das novas listas se estaba dilatando máis do desexable, entre outras razóns polo laborioso da baremación e tamén polo gran volume de persoas interesadas en inscribirse nas devanditas listas.

Orde pública

En materia de orde pública, a maioría das queixas que se nos presentan refírense a actuacións de organismos da Administración do Estado e, en consecuencia, corresponde coñecer delas ao Defensor del Pueblo, polo que procedemos a darlle traslado para o seu coñecemento, á vez que comunicamos tal circunstancia aos autores das queixas.

Tráfico

É frecuente que moitas das queixas que se nos presentan se refiran a actuacións das xefaturas provinciais de tráfico que por tratarse de organismos da administración do Estado son competencia do Defensor del Pueblo. Sen embargo cada ano é máis frecuente que se nos presenten queixas referidas ao tráfico urbano, competencia dos concellos.

Vímonos precisados a realizar diversas xestións no ano 2007 e 2008 ante o Concello de Vigo, dado que un cidadán residente no devandito municipio se dirixira a esta institución no ano 2007 (queixa 824/07) expoñendo que a vía que dá acceso ao seu domicilio ten unha anchura de 3 metros nunhas zonas e de 4 noutras e malia que está

prohibido o estacionamento, mediante os correspondentes sinais, sen embargo é moi frecuente que se estacionen vehículos, o que dificulta e incluso impide o tránsito de vehículos. Como consecuencia da investigación realizada ante as autoridades municipais púidose constatar que se procedeu en diversas ocasións á colocación e reposición da sinalización correspondente prohibindo o estacionamento de vehículos na dita vía e que por axentes do departamento de relacións cidadás da policía local se realizaron vixilancias e se procedeu a denunciar durante unha temporada os infractores nun número aproximado de 23 denuncias e que o día 15-4-08 se procedeu á retirada dun vehículo polo guindastre.

Pero que a pesar das denuncias efectuadas aos infractores polos axentes da policía local, se segue producindo, ao parecer de forma constante e reiterada, estacionamento de vehículos na devandita vía. Xa que logo se temos en conta que un vehículo automóbil de tipo medio vén tendo unha anchura algo superior a 1 metro 60 centímetros é evidente que se permanece estacionado nunha vía de 3 metros de anchura impide totalmente o tránsito de calquera outro turismo desta e superior anchura, polo que non é de estrañar que o autor da queixa se vise precisado a dirixirse ao concello co fin de que o devandito organismo adoptase as medidas precisas para que tales feitos non se produzan.

Ante estas circunstancias e tendo en conta que segundo se desprende do artigo 71 da Lei sobre tráfico, circulación de vehículos de motor e seguridade viaria a administración poderá proceder, de acordo co que regulamentariamente se determine, á retirada daqueles vehículos que constitúan perigo, causen graves perturbacións á circulación de vehículos ou peóns ou ao funcionamento dalgún servizo público, etc., esta institución formulou a seguinte suxestión ao dito Concello de Vigo:

Que sería conveniente que se extreme a vixilancia do tráfico no Camiño do Castañal – San Xoán do Monte e se proceda a formular denuncias cando algún vehículo se encontre estacionado, facendo caso omiso dos sinais de prohibición de estacionamento e demais normas de circulación e procedendo á retirada polo guindastre daqueles que causen graves perturbacións á circulación, co fin de concienciar os usuarios da dita vía no respecto das normas.

O texto íntegro desta suxestión figura recollido literalmente no anexo desta área (véx. a resolución desta área).

O autor da queixa 815/08 dirixiuse a esta institución expoñendo que se dirixira ao Concello da Coruña para solicitar a devolución do importe da taxa que lle cobrara pola retirada polo guindastre do seu vehículo da vía pública, ao parecer por unha infracción ás normas de circulación, dado que o expediente sancionador que se lle incoara fora sobresido. Ante a falta de contestación por parte da dita administración local á petición do autor da queixa, dirixímonos a aquela en solicitude de información, e o dito organismo especificounos que se procedía á devolución da taxa en cuestión, incrementada cos xuros de demora.

Na queixa 1934/08 o seu autor expúñanos que se dirixira ao Concello da Estrada para solicitar a tarxeta de estacionamento para persoas con discapacidade había case dous meses e que non lle fora expedida. Ante estas circunstancias dirixímonos ao devandito organismo que nos informou que xa lle fora entregada a devandita tarxeta ao solicitante e que o atraso se debeu á falta de persoal.

1.1.4 QUEIXAS NON ADMITIDAS A TRÁMITE

Ao longo deste ano 2008 non foron admitidas a trámite 60 queixas á vista do exposto nelas. Agora ben aos autores de cada unha destas queixas informóuselles das causas polas que non podían ser obxecto de tramitación por esta institución as súas queixas.

A) Non indicios de irregularidade da administración

Por esta causa non foron admitidas a trámite un total de 16 queixas, pois do estudo dos correspondentes escritos de queixa comprobamos que a actuación dos organismos administrativos aos que se refería a queixa se adecuaba á normativa vixente.

B) Non actuación administrativa previa

En 34 queixas informamos aos seus autores que non podiamos admitir as súas reclamacións, pois do seu estudo desprendíase que aínda non se dirixiran á administración afectada ou ben facía moi pouco tempo que se dirixiran a esta.

C) Intervención xudicial

Non puidemos admitir 5 queixas a trámite porque ou estaban pendentes da correspondente resolución xudicial ou xa se producira un pronunciamento por parte dun xuíz ou tribunal.

D) Non competencia do Valedor

En dúas queixas tivemos que participar aos seus autores que non podiamos admitir a trámite a súa queixa por esta causa. Nunha delas porque se refería a uns feitos que se produciran en Portugal.

E) Relación xurídico privada

En dúas queixas comprobouse que o asunto denunciado ante esta institución tiña un carácter netamente privado e, en consecuencia, tivemos que absternos de intervir.

F) Autoridade administrativa

Por esta causa non puido ser admitida a trámite unha queixa porque fora presentada por un alcalde dun concello galego.

1.1.5 QUEIXAS REMITIDAS AO DEFENSOR DEL PUEBLO

Remitíronse 27 queixas ao Defensor del Pueblo porque se referían a actuacións de organismos da Administración Xeral do Estado.

Destas 27 queixas, cinco facían referencia a cuestións relacionadas con situacións administrativas do persoal ao servizo de organismos da Administración Xeral do Estado ou con procesos selectivos convocados pola dita administración, 9 queixas referíanse a cuestións relacionadas coas competencias das xefaturas provinciais de tráfico e as 13 restantes a cuestións relacionadas con actuacións da Forzas de Seguridade do Estado.

1.1.6 RESOLUCIÓN DO VALEDOR DO POBO EN MATERIA DE EMPREGO PÚBLICO E INTERIOR.

1.- Suxestión dirixida ao Alcalde-Presidente do Concello de Vigo en data 9 de decembro de 2008 para que se extreme a vixilancia do tráfico no Camiño do Castañal-San Xoan do Monte e se proceda a denunciar aos vehículos estacionados de forma incorrecta e, no seu caso, a retirar pola guindastre aqueles que causen graves perturbacións á circulación e así concienciar aos usuarios da vía no respecto ás normas. (Q/824/07).

Nesta institución abriuse o expediente arriba indicado, como consecuencia da queixa presentada o 19-4-07 por D. A. G. V., domiciliado en Vigo, na que nos indicaba que o camiño que dá acceso ao seu domicilio ten unha anchura de 3 metros nunhas zonas e de 4 metros noutras e que aínda que está prohibido o estacionamento de vehículos, sen embargo é frecuente que se estacionen vehículos, o que dificulta o tránsito por este, cos conseguintes prexuízos que tales estacionamentos provocan. Tamén indicaba que ante esta situación se ten dirixido por escrito en diversas ocasións a ese concello, sen que se estean adoptando as pertinentes medidas para a solución deste problema.

Admitida a trámite a queixa, solicitouse con data 3 de maio de 2007 informe dese concello. A esta petición de informe por ese organismo contestóusenos, despois de reiterárselle con datas 7-6-07 e 12-7-07, mediante escrito de 6-8-07, rexistro de saída n.º 12552, no que se fai referencia aos diversos escritos que o autor da queixa dirixiu a ese concello e no que se fai constar que segundo consta nos arquivos o sinal R-307 no camiño do Castañal foi dado de alta o 11 de maio de 2004 e que o sinal en cuestión foi reposto por desaparición nas seguintes datas: 11-6-2004, 19-6-2005, 11-8-2006, 23-8-2006, 25-10-2006, 6-11-2006 e 23-1-2007. Tamén se indica que varias das reposicións foron acompañadas da policía local polo rexeitamento manifesto doutros veciños que presuntamente o retiran, o que dificulta o seu control.

Despois de facilitar esta información ao autor da queixa, el mesmo en visita realizada a esta institución o día 20-09-07 achegounos nova documentación e á vista desta

mediante escrito de data 24-9-07 vímonos precisados a dirixirnos de novo a ese concello en solicitude de información. Neste escrito facíase constar o seguinte:

En relación coa queixa presentada por D. A.G.V. sobre problemas relacionados co tráfico no camiño que dá acceso á súa vivenda, con data 3 de maio do presente ano dirixímonos a ese concello en solicitude de información, a cal nos foi remitida mediante escrito do 6-8-07, rexistro de saída n.º 12552. Á vista desta e do manifestado e da nova documentación achegada polo autor da queixa en visita realizada a esta institución o día 20-9-07, vémonos precisados a dirixirnos de novo a ese organismo en solicitude de nova información.

Entre a nova documentación que achega o Sr. G. V., figura un escrito da policía local do 20-4-07, outro de DISVIGAS do 30-8-04 e outro de Urxencias Sanitarias (061) do 12-5-04, dos que se acompaña fotocopia. Do exame destes escritos e do propio informe dese concello arriba indicado constátase que no camiño en cuestión é frecuente o estacionamento de vehículos a pesar da prohibición existente, co que se dificulta e en casos se impide o tráfico rodado, sobre todo de vehículos como ambulancias e camións repartidores. Ante estas circunstancias dirixímonos a ese organismo para que no prazo de 15 días, de acordo co previsto no artigo 22.1 da Lei do Valedor do Pobo, nos facilite información acerca de se teñen adoptado medidas de vixilancia pola policía local coa finalidade de esixir o cumprimento da prohibición de estacionamento, formulando, de ser o caso, as pertinentes denuncias aos infractores e procedendo en caso necesario á retirada daqueles vehículos que impiden o tránsito rodado polo dito camiño.

A esta nova petición de informe, por ese organismo contestóusenos mediante escrito do 11-10-07, rexistro de saída n.º 17261, no que, á parte de especificar os expedientes promovidos polo autor da queixa, se facía constar que se lle informara ao Sr. González Valcarce que no momento que tivese algún vehículo que obstaculizase a entrada ou saída do seu vehículo que chamase a dotación da policía local e o mesmo cando non puidese pasar algún vehículo de servizo público como o repartidor de butano ou ambulancia.

Logo de trasladar esta información ao autor da queixa, este nun novo escrito segue a insistir en que no devandito camiño é constante a presenza de vehículos estacionados incumprindo os sinais de prohibición de estacionamento, co que se dificulta e en moitos casos se impide o tráfico rodado, sobre todo de vehículos como ambulancias e camións repartidores. Tamén indica que cando realiza chamadas telefónicas a ese concello expoñendo estas circunstancias, facendo uso do que se expoñía no escrito do 11-10-07, ou ben non logra contactar coa policía local dese concello ou ben non se adoptan por esta de forma inmediata as medidas precisas consistentes en denunciar os infractores con retirada dos vehículos denunciados polo guindastre.

Ante estas circunstancias dirixímonos de novo a ese organismo con data 19-6-08 para que no prazo de 15 días, de acordo co previsto no artigo 22.1 da Lei do Valedor do Pobo, nos facilite información acerca das medidas de vixilancia adoptadas pola policía local coa finalidade de esixir o cumprimento da prohibición de estacionamento, formulando, de ser o caso, as pertinentes denuncias aos infractores e procedendo en caso necesario á retirada daqueles vehículos que impidan o tránsito rodado polo dito camiño, coa finalidade de disuadir os usuarios da dita vía de efectuar estacionamentos que impidan ou obstaculicen gravemente a circulación. Tamén sería conveniente que nos informasen do número de denuncias formuladas a vehículos estacionados de forma incorrecta na dita vía e, ou, retirados polo guindastre desde o mes de outubro do 2007 ata a actualidade.

Desde ese concello ante esta nova petición de informe, remitíusenos, entre outra documentación, a seguinte información elaborada polo inspector principal da policía local:

"Según informa el oficial c-44 del departamento de Relaciones Ciudadanas, con fecha 10 de julio del año en curso, hemos recibido expediente de Participación Cidadá, con número de documento 80082511, con el fin de que la Policía Local informe respecto a lo solicitado por el Valedor do Pobo (en el que se adjunta copia expediente A.4.Q/824/07) debido a una queja promovida por D. A. G. V., en la cual manifiesta que en el camino Castañal-San Xoán do Monte, es constante la presencia de vehículos estacionados incumpliendo las señales de prohibición, dificultando y en muchos casos impidiendo el tráfico rodado; sobre todo de vehículos como ambulancias y camiones de reparto, así

como que la Policía Local no adopta las medidas precisas, consistentes en denunciar a los infractores con retirada de vehículos.

Contestando al mismo, le participo lo siguiente:

Tal como ya se informó en otra ocasión por parte de esa policía local, en el lugar referido Agentes del departamento de Relaciones ciudadanas han hecho vigilancias tomando nota de los vehículos que estacionaban en el lugar, hablando posteriormente con sus propietarios y finalmente se procedió a denunciar durante una temporada, realizándose a continuación revisiones periódicas.

La calle en cuestión es una vía sin salida en la que estacionan los vecinos.

Como complemento a todo lo anterior se dio cuenta al departamento de Seguridad para que refuercen la señalización y se repinte la línea amarilla.

En cuanto al número de denuncias impuestas en ese lugar se tiene conocimiento de al menos 23, así como la retirada de un vehículo con la grúa el día 15 de abril de 2008.

Se adjunta copia de anterior contestación al Valedor do Pobo, así como informe del departamento de señalización."

Do exame detido e conxunto das informacións facilitadas por ese concello e das alegacións e documentación achegada polo autor da queixa pódense precisar as seguintes circunstancias:

1º.- Que o Camiño do Castañal- San Xoán do Monte que dá acceso ao domicilio do autor da queixa ten unha anchura de 3 metros nunhas zonas e de 4 metros noutras e que, aínda que está prohibido o estacionamento de vehículos mediante a correspondente sinalización vertical e horizontal, é frecuente que se estacionen vehículos, dificultando e en casos impedindo o tránsito por este, polo que D. A. G. V. tense dirixido por escrito e telefonicamente a ese concello comunicando tales circunstancias.

2º.- Que por ese concello, atendendo as diversas reclamacións formuladas polo dito Sr.González Valcarce, se procedeuse en diversas ocasións á colocación e reposición da sinalización correspondente prohibindo o estacionamento de vehículos na dita vía e que por axentes do departamento de relacións cidadáns da policía local se realizaron vixilancias e se procedeu a denunciar durante unha temporada os infractores nun número aproximado de 23 denuncias e que o día 15-4-08 se procedeu á retirada dun vehículo polo guindastre.

3º.- Que a pesar das denuncias efectuadas aos infractores polos axentes da policía local, segue a producirse, ao parecer de forma constante e reiterada, o estacionamento de vehículos na dita vía. Se temos en conta que un vehículo automóbil de tipo medio vén tendo unha anchura algo superior a 1,60 metros é evidente que se permanece estacionado nunha vía de 3 metros de anchura impide totalmente o tránsito de calquera outro turismo e superior anchura, polo que non é de estrañar que D. A. G. V. se vexa precisado a dirixirse a ese concello e a esta institución co fin de que por ese organismo se adopten as medidas precisas para que tales feitos non se produzan.

4º.-Que segundo se desprende do artigo 71 da Lei sobre tráfico, circulación de vehículos de motor e seguridade viaria a administración poderá proceder, de acordo co que regulamentariamente se determine, á retirada daqueles vehículos que constitúan perigo, causen graves perturbacións á circulación de vehículos ou peóns ou ao funcionamento dalgún servizo público, etc.

Por todo o antedito, esta institución diríxese a V.I., de conformidade co establecido no artigo 32.1 da Lei do Valedor do Pobo, formulándolle a seguinte **SUXESTIÓN:**

Que sería conveniente que se extreme a vixilancia do tráfico no Camiño do Castañal–San Xoán do Monte e se proceda a formular denuncias cando algún vehículo se atope estacionado facendo caso omiso dos sinais de prohibición de estacionamento e demais normas de circulación e se proceda á retirada polo guindastre daqueles que causen graves perturbacións á circulación, co fin de concienciar os usuarios da dita vía no respecto das normas.

Con relación a todo o anterior debe subliñarse dun modo xenérico o mandato contido no artigo 103 da nosa Constitución, no que se sinala que a administración pública servirá con obxectividade os intereses xerais e actuará con sometemento pleno á lei e ao dereito.

Resposta do Alcalde de Vigo: Aceptada

1.2 ÁREA DE URBANISMO E VIVENDA

1.2.1 INTRODUCIÓN

En relación co ano anterior no 2008 pode afirmarse que se mantivo practicamente igual o número de queixas recibidas nesta área de urbanismo e vivenda. En efecto, fronte ás 195 queixas do 2007, foron 201 as queixas incluídas no 2008 nesta área.

No que se refire á distribución das queixas dentro desta área, debemos subliñar que se mantén practicamente a mesma proporción que no 2007, experimentando unha lixeirísima suba as queixas relativas a vivenda, que pasan a un 33% en lugar do 30% do ano anterior. En todo caso, confírmase o aumento constante das queixas de vivenda, que no 2003 representaban o 9%, no 2004 (15%), no 2005 (18%) e no 2006 (29%).

En relación coas queixas recibidas en materia de vivenda debe destacarse a especial incidencia das referidas ás axudas públicas para o alugamento de vivendas privadas (do total de 67 queixas de vivenda, 38 corresponden a este tipo de axudas). Sen embargo, sobre este aspecto debe facerse unha importante observación, no sentido de que nos anos anteriores (2005, 2006 e 2007) as queixas desta natureza se referían ao Programa de Vivenda en Alugamento (anteriormente chamado Bolsa de Aluguer), mentres que no 2008 o protagonismo neste campo levárono as queixas referidas ás axudas a mozos para alugamento de vivenda en concepto de renda básica de emancipación. Trátase dunhas axudas xestionadas pola administración autonómica, para os efectos dos seu recoñecemento, aínda que o pagamento das axudas concedidas corresponde á Administración do Estado. A este respecto, das 38 queixas ás que aludimos, 12 referíanse ao Programa de Vivenda en Alugamento e 26 ás axudas en concepto de renda básica de emancipación.

Desde outra perspectiva, a que atende o número de queixas non admitidas, debemos subliñar que no 2008, como en anos anteriores, a porcentaxe de queixas non admitidas segue sendo maior en vivenda (27%) que en urbanismo (23%), sen embargo as magnitudes equiparáronse en gran medida xa que, por exemplo, no 2007 a porcentaxe de queixas non admitidas en vivenda (31%) practicamente dobraba o das queixas de urbanismo (17%).

Na exposición das queixas tanto en materia de urbanismo como de vivenda trataremos de seguir un esquema construído en base a bloques temáticos, que trataremos de definir coa máxima homoxeneidade.

1.2.2 QUEIXAS RECIBIDAS E ESTADO DE TRAMITACIÓN

Iniciadas	201	
Admitidas a trámite	146	73 %
Non admitidas	49	24 %
Remitidas ao *Defensor del Pueblo*	6	3 %

A situación actual das queixas admitidas a trámite é a seguinte:

Concluídas	95	65 %
En trámite	51	35 %

Por último, se segregamos os datos referidos en relación coas dúas subáreas de urbanismo e vivenda as estatísticas serían as seguintes:

Na área de urbanismo

Non Admitidas	31	23%	Concluídas	56	55%
Admitidas a trámite	102	77%	En trámite	46	45%

Na área de vivenda

Non admitidas	18	27%	Concluídas	27	76%
Admitidas a trámite	50	73%	En trámite	13	24%

Ao longo deste ano foron obxecto de trámite diversas queixas presentadas en anos anteriores:

Ano de presentación	En trámite ao 31-12-07	Reabertas	Total	Resoltas	En trámite ao 31-12-08
2005	1	1	2	2	0
2006	23	2	25	19	6
2007	56	8	64	57	7

1.2.3 QUEIXAS SOBRE URBANISMO

No 2008, como vén sendo habitual, unha gran parte das queixas en materia de urbanismo refírense a temas de **disciplina urbanística**. A este respecto, do total de 102 queixas, que son as admitidas en materia de urbanismo, 60 tratan de problemas referidos a disciplina urbanística. Nestas queixas abórdanse diversos aspectos ou incidencias que xorden en relación con expedientes de reposición da legalidade urbanística abertos polos concellos, ou pola Consellería de Política Territorial, Obras Públicas e Transportes, actualmente a través da Axencia de Protección da Legalidade Urbanística. Tamén dentro desta mesma sección trataremos daquelas queixas nas que se abordan problemas relacionados coa tramitación de licenzas urbanísticas.

Por outra parte, tamén nos referiremos a aquelas queixas relativas a problemas xurdidos en materia de planificación urbanística, en particular sobre as incidencias que se formulan no trámite de información pública e coas alegacións presentadas polos interesados. Neste campo da planificación urbanística, e como xa sinalamos en informes anteriores, as posibilidades de intervención do Valedor do Pobo son máis limitadas que en materia de disciplina urbanística, pois non en balde nesta materia entran en xogo potestades municipais cun marcado carácter discrecional que en todo caso deberán supervisarse pola Consellería de Política Territorial, Obras públicas e Transportes, e por

outras consellerías ou ben por outras administracións públicas que deberán emitir informes sectoriais esixidos na normativa sobre procedemento de elaboración dos plans urbanísticos.

O tipo das queixas en materia de disciplina urbanística apenas difire duns anos a outros. Cremos, polo tanto, que a problemática da disciplina urbanística en Galicia está suficientemente diagnosticada, outra cousa ben distinta é que se observen melloras significativas co paso dos anos. Desde a perspectiva desta oficina do Valedor do Pobo, que abrangue xa uns 18 anos desde que entrou en funcionamento en 1990, podemos afirmar que a pesar dos cambios lexislativos ocorridos neste período de tempo persisten os mesmos problemas que se denunciaban en 1990.

Ata o momento o perfil máis habitual das queixas en materia de disciplina urbanística apunta a que sexa o denunciante dunha presunta infracción urbanística quen presente unha queixa por estimar que a administración competente, na maioría dos casos o concello, non actúa coa debida dilixencia na protección da legalidade urbanística. A inmensa maioría das queixas tramitadas nesta oficina do Valedor refírense a expedientes iniciados tras unha denuncia dun particular. A este respecto, desde a perspectiva do interese público amparado polas normas de disciplina urbanística, debemos subliñar que un control efectivo das actuacións urbanísticas nun determinado ámbito territorial esixe pola súa propia natureza unha actuación decidida e constante dos propios servizos de inspección, principalmente dos concellos. A aplicación práctica das normas de disciplina urbanística non debe quedar, cando menos de maneira principal, ao azar das denuncias dos particulares que se sentan agraviados por unha determinada obra ilegal.

Feitas estas reflexións de carácter xeral, parécenos agora oportuno entrar en consideracións extraídas das queixas que chegaron á oficina do Valedor ao longo do 2008, expoñendo en detalle as queixas que nos pareceron máis representativas, e máis concretamente aquelas nas que o Valedor acabou formulando algunha resolución, un recordatorio de deberes legais ou unha recomendación, por se ter comprobado ou constatado unha actuación incorrecta da administración supervisada.

A este respecto, debe subliñarse que a maioría das queixas que afectan á materia de disciplina urbanística se refiren a expedientes de reposición da legalidade urbanística que sofren demoras na súa tramitación. Nalgúns casos, os menos, a **paralización do expediente administrativo prodúcese nos trámites iniciais**. Por exemplo, cando se atrasa en exceso o informe do técnico municipal que debe emitirse con posterioridade á orde de cesación da obra, e no que necesariamente deberá establecerse a compatibilidade ou incompatibilidade daquela coa normativa urbanística aplicable.

Así, a **queixa 226/08** presentárana varios veciños de Nigrán indicando que se iniciaran unhas obras nunhas parcelas lindeiras coas súas propiedades, e nas que ao parecer se cometeran irregularidades, polas que presentaran denuncias no Concello de Nigrán e tamén un recurso de reposición contra a concesión das respectivas licenzas, xa que para a súa concesión se falseara a situación real da rasante natural dos terreos.

Os reclamantes sinalaban que como consecuencia das denuncias se abriran os expedientes de disciplina urbanística núm. RLU 06/0763 e RLU 06/0764, nos que consideraban que se acreditara que as obras realizadas eran incompatibles coa normativa urbanística vixente, e sen embargo a pesar do tempo transcorrido aínda non se adoptara ningunha resolución.

A este respecto, da información recibida do concello dedúcese que houbo demoras –das que non se achegaba información sobre as súas causas– na tramitación dos expedientes de reposición da legalidade urbanística que se abriron para os casos denunciados polos reclamantes e que estas demoras supuxeron a declaración de caducidade de ambos os expedientes.

As respectivas declaracións de caducidade eran do 14-11-07, e na data do 30-11-07 ditáronse cadanseus decretos da Alcaldía polos que se incoaron novos expedientes de restauración da legalidade urbanística.

No informe remitido polo concello, case cinco meses despois de que se reabrisen novos expedientes de disciplina urbanística, non constaba ningún outro trámite, sinalándose xenericamente que os respectivos expedientes se encontraban pendentes de

informe técnico. Nesta institución do Valedor do Pobo entendemos que era excesivo o prazo transcorrido sen que se emitise o correspondente informe técnico no que debía determinarse se as obras eran ou non legalizables, con diferente tramitación dos expedientes en función do resultado das inspeccións practicadas e informes emitidos.

Desde esta perspectiva, formulamos ao Concello de Nigrán a seguinte RECOMENDACIÓN*: "Que por parte desa Alcaldía-Presidencia se dean as ordes oportunas para que se tramiten coa máxima dilixencia os expedientes de reposición da legalidade urbanística que afectan ás obras denunciadas, emitíndose os informes técnicos preceptivos para determinar se as obras executadas, e que exceden das licenzas concedidas, son ou non legalizables; ademais, e con independencia dos efectos do silencio administrativo en relación co acceso á vía xudicial contencioso-administrativa, que se resolva expresamente o recurso de reposición presentado polos reclamantes contra as resolucións de concesión das respectivas licenzas urbanísticas, tendo en conta a obrigación legal das administracións públicas de ditar resolución expresa en todos os procedementos administrativos (artigo 42.1 da Lei 30/92 sobre procedemento administrativo común)"*.

A este respecto, recibimos un informe do Concello de Nigrán no que se poñía de manifesto a aceptación da recomendación formulada, no sentido de que se emitiran os informes técnicos correspondentes e se adoptaran os acordos municipais respectivos requirindo dos promotores que presentasen os proxectos técnicos oportunos.

Nalgunha queixa a inactividade da administración maniféstase nun estadio aínda anterior, antes de que chegue a abrirse formalmente o expediente de reposición da legalidade urbanística. Estariamos ante aqueles supostos nos que formulada unha denuncia os concellos non exercen eficazmente a función de **inspección urbanística**, de maneira que a denuncia non é atendida adecuadamente pola administración municipal.

A este respecto, como xa ten ocorrido nalgúns expedientes de exercicios anteriores, ao reclamante que formula a queixa nesta oficina do Valedor do Pobo con anterioridade o concello abríralle un expediente de disciplina urbanística, e executárase efectivamente a orde de demolición de obras ilegais ou de cesamento de actividades.

Posteriormente, o reclamante presenta ante o mesmo concello unha pluralidade de denuncias por presuntas infraccións urbanísticas, por entender que foi inxustamente tratado pola administración municipal que, desde a súa perspectiva, non reaccionou contra outros presuntos infractores coa mesma efectividade que tivo con el.

Así, na **queixa 1124/05** un veciño de Carballo indicábanos que presentara varias denuncias no Concello de Malpica contra diversos establecementos mercantís e industriais por carecer da correspondente licenza de apertura, sinalando que ata o momento non recibira notificación do concello sobre a resolución adoptada en relación coas denuncias referidas. No seu escrito de queixa tamén se refería ás medidas adoptadas polo Concello de Malpica respecto do peche dun tanatorio, do que era propietario, pero este aspecto da queixa non se admitiu a trámite, por tratarse dun problema que ao parecer xa fora resolto xudicialmente, e no que se decretara a incompatibilidade da actividade coa normativa urbanística vixente no concello.

A este respecto, recibimos un informe da administración municipal no que se indicaba expresamente "*que os servizos municipais acometeron a tarefa de investigación necesaria ao obxecto de facilitar a información solicitada; a necesidade de recorrer ao arquivo municipal, a existencia de expedientes de grande antigüidade e o feito de que os órganos asesores deste concello fosen substituídos recentemente, é preciso solicitar dese alto órgano a concesión dun prazo de tres meses co fin de poder dar satisfacción á súa petición*".

Así as cousas, pasado o prazo indicado solicitamos nova información do concello, e recibimos un escrito da administración municipal no que se sinalaba expresamente o seguinte:

"*Non todos os establecementos aos que fai referencia están sen licenza como o reclamante afirma nos escritos presentados, posto que por parte dos servizos técnicos se examinaron parte deles (detállanse os que teñen licenza concedida).*

Actualmente os servizos de Urbanismo deste concello se encontran practicamente colapsados debido ao incremento de solicitudes de licenza de obra, petición de

certificación urbanística, etc, como consecuencia da gran demanda urbanística existente na zona. Pero a pesar de todo inténtase compaxinar o traballo diario co exame dos expedientes denunciados, sen que se paralicen os servizos que se deben prestar por parte da administración.

Por parte desta Alcaldía vaise intentar que se examine todos e cada un dos expedientes denunciados polo Sr. H., dentro das posibilidades existentes dado o escaso persoal co que conta o concello e que tamén ten que atender o funcionamento diario e normal deste, sen que se paralice actividade diaria.

Logo de examinar os demais expedientes, informarase ao Valedor do Pobo como está a tramitación e as actuacións que se leven en cada caso."

Posteriormente, o reclamante remitiunos un novo escrito no que manifestaba que non recibira información do concello sobre a tramitación das diferentes denuncias presentadas.

A este respecto, e á vista do longo período de tempo transcorrido (máis de tres anos e medio) desde a presentación das denuncias polo reclamante, estimamos que debían facerse algunhas consideracións sobre a tramitación destas denuncias, no sentido de que a pouca efectividade das actuacións de inspección non podía encontrar xustificación nun entorpecemento do funcionamento normal dos servizos municipais, nin tampouco por escasos que fosen os recursos humanos e materiais cos que contaba o concello podería xustificarse por este motivo esta falta de efectividade na investigación das denuncias presentadas.

En consecuencia, procedemos a formularlle ao Concello de Malpica unha RECOMENDACIÓN nos seguintes termos: *"Que por parte desa administración municipal se proceda a poñer os medios persoais e materiais necesarios para atender as funcións investigadora e de inspección en relación cos feitos denunciados polo reclamante, respecto da falta de licenza de apertura en varios establecementos mercantís de distinta natureza, e se adopten as medidas legais oportunas para o caso de que as*

actividades denunciadas se realicen sen contar coas necesarias licenzas municipais ou outras autorizacións administrativas".

En relación coa recomendación formulada no momento de elaborarse o presente informe anual non se recibiu aínda contestación do concello.

Noutros casos obsérvase tamén a pasividade da administración municipal para reaccionar con eficacia ante a denuncia dunha presunta infracción urbanística, de modo que aínda coa reiterada presentación de denuncias non se chega á apertura dun expediente de reposición da legalidade urbanística. Nestes casos, desde a oficina do Valedor do Pobo formulamos aos concellos as resolucións procedentes para que se inicien os expedientes respectivos.

É o caso da **queixa 165/06** que formulou unha veciña de Mondariz, e nela referíase a que presentara un escrito de denuncia no concello por unha obra dun cerrado que se estaba construíndo nun soar estremeiro co seu en Hermesiña de Arriba, no barrio de Paredes, ao parecer sen licenza urbanística; nesa denuncia tamén se facía referencia a unha fosa séptica que non gardaba as distancias esixidas á divisoria entre os soares. A pesar de ter reiterado esta denuncia sen embargo non se contestara polo concello.

Recibimos do concello, tras reiterar en varias ocasións a nosa petición de información, un informe que se acompañaba dun expediente relativo á concesión dunha licenza de obras outorgada pola Xunta de Goberno Local con informe favorable do arquitecto técnico municipal.

A este respecto, logo de analizar a documentación remitida polo concello puido observarse que aínda que a promotora das obras dispoñía dunha licenza para obras maiores de "reforma de nave para vivenda unifamiliar", sen embargo nun informe do arquitecto técnico municipal se facía referencia a unhas obras consistentes nunha piscina e un muro, que non estaban incluídas na licenza, e que no momento de remitirse o informe se encontraban aínda ambas as obras pendentes dunha posible legalización.

Tras recibir este primeiro informe, solicitamos un informe complementario do concello, que novamente tivemos que reiterar en varias ocasións, e recibimos un informe no que se sinalaba expresamente *"que a piscina e o muro realizados, sen licenza, dado que se sitúan en solo rústico de protección ordinaria, conforme o artigo 214 da Lei de ordenación urbanística e protección do medio rural de Galicia, a competencia para a reposición da legalidade é da Consellería de Política Territorial"*.

Posteriormente, formulamos ao Concello de Mondariz o seguinte RECORDATORIO DE DEBERES LEGAIS*:"Que por parte desa Alcaldía-Presidencia se ordene a inmediata remisión das denuncias presentadas e a documentación pertinente ao órgano da administración autonómica competente en materia de disciplina urbanística, en canto que as actuacións urbanísticas denunciadas se encontran en solo rústico de protección ordinaria"*.

A este respecto, recibimos un escrito do concello no que nos indica que se procedeu á remisión do expediente completo á Consellería de Política Territorial, Obras Públicas e Transportes, polo que se considera que o recordatorio foi aceptado.

Unha situación similar producíase na **queixa 1467/06,** na que un veciño de Ferrol nos indicaba que presentara diversos escritos no Concello de Cabanas referidos a unhas obras realizadas nun chalé da "Urbanización o Remanso", e que segundo reiteraba o reclamante, propietario dun chalé veciño, non se axustaban ás amparadas por unha licenza concedida para "obras en galería e ventás". O reclamante destacaba na súa queixa que o concello non dera resposta aos escritos presentados, que aludían a obras de maior envergadura que as mencionadas na licenza.

Solicitamos do concello que nos facilitase información sobre o problema que motivara a queixa, en particular sobre os resultados da inspección municipal practicada no lugar dos feitos denunciados; e que nos remitise tamén unha certificación da licenza.

Tras varios requirimentos recibimos a información solicitada, e acompañada de licenza de obras e de informe de inspección do técnico municipal.

A este respecto, no informe da arquitecta municipal, de data moi anterior ao escrito remitido desde o concello, indicábase a necesidade de solicitar á propiedade proxecto visado no que constase o estado actual e reformado das obras a realizar, e non constaba no expediente que se remitise pola propiedade. No informe técnico concluíase que procedía incoar expediente de reposición da legalidade.

En consecuencia, á vista de que non se incoara este expediente de disciplina urbanística formulamos ao Concello de Cabanas o seguinte RECORDATORIO DE DEBERES LEGAIS*: "Que por parte desa Alcaldía-Presidencia se proceda a incoar un expediente de reposición da legalidade urbanística polas obras realizadas sen contar con licenza municipal, en aplicación do previsto no artigo 210 da Lei 9/2002, de ordenación urbanística e protección do medio rural de Galicia, para o caso de que as obras denunciadas se encontren definitivamente rematadas".*

No momento de elaborarse o presente informe anual, o recordatorio formulado non fora contestado polo Concello de Cabanas.

A **queixa 1774/06** presentouna un veciño de Vigo, e nela indicábanos que era propietario dun soar en Covelo-Aldán, no Concello de Cangas, lindeiro cun camiño, e do outro lado do camiño se executara unha edificación de vivendas que contaba cunha licenza outorgada do 2003. Manifestaba o reclamante que durante a execución da obra denunciara verbalmente que se estaban incumprindo as alturas que autorizaba a normativa urbanística, e que feitas as medicións pola inspección municipal de obras estaba en desacordo con estas medicións xa que se limitaban á fachada da estrada xeral pero non á parte traseira da dita edificación; tamén indicaba na queixa que na parte posterior o ancho do camiño era de 2,60 e que logo da obra realizada era de 3,60 aproximadamente, circunstancia que se produce a pesar de que a edificación non recuara o muro existente con anterioridade, do que podía deducirse que se ensanchara o camiño a custa da súa propiedade. Indicaba na súa queixa que nas oficinas municipais lle informaran persoalmente de que había un novo proxecto técnico, presentado ao parecer no 2006.

Reiterada a nosa petición de informe en dúas ocasións recibimos un informe que concluía sinalando que:*"Aínda que non se ten constancia de que as obras se realizasen incumprindo a licenza concedida, a titular desta vén de solicitar a primeira ocupación da edificación. Con carácter previo á súa concesión os técnicos municipais visitaron a obra ao obxecto de informar se foi executada consonte a licenza de maneira que, de non adecuarse a esta, se incoará o correspondente expediente por infracción urbanística de todo o cal se dará conta a esa institución"*.

Posteriormente, solicitamos ao concello un informe actualizado sobre os resultados da inspección anunciada no informe anterior así como do acordo municipal correspondente.

A este respecto, logo de lle reiterar a nosa petición de informe ata en catro ocasións, a última deles baixo a forma dun recordatorio de deberes legais-advertencia, recibimos un escrito da Alcaldía que se acompañaba dun informe do arquitecto municipal no que se concluía que a edificación non se axustaba á licenza concedida en varios aspectos, moitos deles importantes, como rasantes, voos, alturas, semisoto, baixo cuberta e urbanización do sistema viario.

Neste sentido, á vista das conclusións reflectidas no informe do técnico municipal non podía deducirse outra cousa que a imposibilidade de conceder a licenza de primeira ocupación solicitada polo promotor da edificación; neste sentido, e como lóxica consecuencia do desaxuste da obra en relación co proxecto técnico que serviu de base á licenza de edificación debería procederse polo concello á apertura dun expediente de reposición da legalidade urbanística e doutro expediente sancionador.

En consecuencia, formulamos ao Concello de Cangas un RECORDATORIO DE DEBERES LEGAIS nos seguintes termos: *"Que por parte desa administración municipal, e tendo en conta o desaxuste das obras denunciadas en relación coas previstas no proxecto técnico no que se fundamentou a licenza de edificación, se exerciten con urxencia as medidas legalmente previstas para a restauración da legalidade urbanística, e se abra*

tamén un expediente sancionador polas infraccións urbanísticas cometidas na edificación á que se refire a queixa".

Esta resolución, no momento de elaborarse o presente informe anual, aínda non recibiu resposta do Concello de Cangas.

Por outra parte, na **queixa 1817/07** un veciño do Barco de Valdeorras referíase á falta de tramitación polo concello dunha denuncia polas obras realizadas no baixo cuberta do edificio no que reside.

Admitida a trámite a queixa, recibimos un informe do concello no que se indicaba que os servizos técnicos municipais non puideron acceder ao inmoble ao non poder localizar os propietarios do baixo cuberta. Sen embargo, o arquitecto municipal sinalaba que se trataría de obras menores interiores, a priori legalizables, xa que á vista interior e exterior das zonas comúns do edificio non se aprecia aumento de volume. Posteriormente, emítese un novo informe, logo de realizar a correspondente visita de comprobación previa localización dos propietarios do inmoble, constatándose que se trata dunhas obras de adecuación do interior dun rocho dotándoo de aseos con lavadora levadas a cabo sen licenza, obras que poderían ser legalizables xa que o PXOM do Barco permite que os espazos baixo cuberta poidan destinarse a vivenda previa verificación do resto de aspectos construtivos e arquitectónicos (contra incendios, habitabilidade e ruídos).

O concello comunícanos que abre un expediente de reposición da legalidade por obra executada sen licenza de conformidade cos artigos 210 e seguintes da Lei 9/2002.

A **queixa 252/08** presentouna un veciño de Padrón que nos indicaba que o concello non tramitara varias denuncias en relación cunhas obras presuntamente irregulares.

A este respecto, recibimos un primeiro informe do concello no que se facía referencia á circunstancia de que ao reclamante en todo momento se lle facilitara

información sobre a obra denunciada, ao mesmo tempo que tamén se lle mandaba un requirimento para que acreditase a condición de interesado no expediente.

A este respecto, nunha nova solicitude de información remitida ao concello indicábaselle que na solicitude do primeiro informe se lle pedía expresamente que nos informase "en particular sobre se as obras efectivamente realizadas se axustaban ou non ás condicións da licenza outorgada". Por outra parte, indicabámoslle tamén ao Concello de Padrón que, con independencia de que o reclamante non acreditase a representación doutros denunciantes, estimabamos que tendo en conta a existencia dunha acción publica en materia de urbanismo (disposición adicional cuarta da Lei 9/2002), e o concello debía dar resposta directa ás denuncias formuladas e sobre o aspecto mencionado: se as obras se axustaban ou non á licenza, xa que nos escritos de denuncia se mencionaban as obras no tellado e a licenza se refería á colocación dunha ventá e ao encintado de muros exteriores.

No último informe do concello sinalábase que a través dun informe da arquitecta municipal se puxera de manifesto que as obras realizadas non se axustaban á licenza municipal polo que se abría o oportuno expediente de reposición da legalidade urbanística.

Por outra parte, algunhas queixas formúlase por quen tendo denunciado unha presunta infracción urbanística non reciben, sen embargo, unha resposta do concello, a pesar de que non **se aprecie infracción urbanística** a xulgar pola información que nesta oficina do Valedor recibimos posteriormente do respectivo concello.

Así, esta situación constatouse nos seguintes casos:

A **queixa 1290/06** presentáraa un veciño de Madrid respecto de presuntas infraccións urbanísticas cometidas nunha propiedade lindeira coa súa vivenda, na rúa Barreiro, na vila de Cambados.

A este respecto, recibimos un escrito da administración municipal que se acompañaba dun informe emitido polo arquitecto técnico municipal, así como un ditame emitido pola Comisión Técnica do Patrimonio Histórico Municipal, a requirimento da

Consellería de Cultura e Deporte, nos que se fai constar que na cartografía do Plan Especial do Patrimonio Histórico de Cambados se observa a existencia dun alpendre, na ficha da parcela correspondente á denuncia, existente xa con anterioridade ao citado plan, polo que se estima que a denuncia é infundada.

Na **queixa 1478/07** un veciño de Marín expoñíanos os problemas xurdidos coa construción dunha edificación na denominada praza da Fonte.

Na oficina do Valedor do Pobo recibimos un primeiro informe que estimamos insuficiente, polo que solicitamos ao concello un informe complementario sobre se efectivamente as obras executadas respectaban a protección integral da fonte, tal e como se esixía na propia licenza, e tamén se cumprían as prescricións establecidas para as escaleiras de uso público.

A este respecto, recibimos un novo escrito do concello acompañado dun informe da arquitecta técnica de disciplina urbanística, realizado tras unha visita á obra, e no que se indicaba, en xeral, que a obra que aínda estaba en construción coincidía sensiblemente coa licenza concedida.

Á vista da información facilitada polo Concello de Marín, procedemos a concluír provisionalmente a nosa intervención no problema que motivara a queixa na medida en que polo informe técnico referido non se advertían circunstancias que xustificasen a apertura dun expediente de reposición da legalidade urbanística, sen prexuízo de que de producirse posteriormente novas incidencias se podería reabrir o expediente de queixa.

Na **queixa 2055/07** un veciño de Santiago de Compostela referíase á tramitación dada polo Concello de Santiago de Compostela a unha denuncia en relación coas presuntas irregularidades urbanísticas cometidas nunha edificación que se estaba construíndo na rúa Avío, 1, lindeira coa súa vivenda.

Recibimos un primeiro informe do concello non que se indicaba que non existía desviación entre as obras executadas e as previstas na licenza, e ante un novo escrito do reclamante solicitamos un novo informe aclaratorio das circunstancias do caso. Neste novo

informe do técnico municipal indícase expresamente que *"xa que o denunciante se refire na súa instancia ao fondo da edificación e á súa medida en planta, decídese repasar as medidas do baixo, volvéndose a examinar as distancias en planta entre piares no tramo entre a placa a e a placa 2ª (correspondente ao baixo)... Como se observa, só se produce unha diferenza coa documentación de proxecto de 12 cm entre os piares 1 e 5, que o construtor atribúe a un defecto de medición na toma de datos, producida por un tabique interior da vivenda demolida, xa desaparecido, sendo esta a única diferenza significativa encontrada polo que subscribe entre a documentación da licenza e a obra executada".*

Na oficina do Valedor consideramos que a denuncia por presunta infracción urbanística quedaba suficientemente contestada e que das medicións efectuadas na nova inspección realizada polo técnico municipal non se acreditaba un exceso das dimensións que constaban na denuncia, entre a obra construída e a obra autorizada.

A **queixa 203/08** presentouna un veciño de Moaña, e nela referíase á falta de tramitación polo Concello de Moaña dunha denuncia súa en relación cunhas obras de ampliación e reforma dunha vivenda realizadas na parcela n.º 111, no lugar da Paxase, en Verdeal-Domaio, baseándose en que as obras denunciadas non respectaban os recuamentos a calzadas e afectaba tamén a dominio público hidráulico.

No informe recibido do Concello de Moaña, que viña acompañado de ampla documentación, indicábase que as obras de reparación e ampliación da vivenda unifamiliar denunciada contaban con licenza urbanística, e con autorización de Augas de Galicia no que afectaba ao dominio público hidráulico, e que estas obras se axustaban á licenza concedida. Por outra parte, sinalábase no informe, que en tanto que os promotores da obra incumpriran coa súa obrigación de cesión dunha parte do terreo para viarios, procedérase polo concello á apertura dun expediente de reposición da legalidade urbanística.

Noutros casos a inactividade do concello prodúcese na fase terminal dos expedientes de reposición da legalidade urbanística. Nalgúns casos **esta pasividade obsérvase nos trámites previos á resolución do expediente**, cando a administración admite a trámite todo tipo de alegacións do interesado, con sucesivos informes técnicos,

que non fan máis que alongar inxustificadamente o procedemento administrativo, coa posibilidade, moitas veces real, de que se acabe declarando a **caducidade do procedemento**. Nestes casos nos que se chega a producir a caducidade do procedemento debe acudirse posteriormente á apertura dun novo expediente de disciplina urbanística, co risco de que chegue a prescribir a infracción e se consolide desta maneira a ilegalidade urbanística.

Noutros casos, e esta circunstancia prodúcese con frecuencia, a pasividade do concello constátase despois de resolver o expediente de reposición da legalidade urbanística e declararse a demolición das obras ilegais. A queixa preséntase nesta oficina do Valedor do Pobo cando xa **se acordou a demolición pero persiste na realidade material a ilegalidade urbanística**, mostrándose reticentes os concellos en orde a conseguir unha efectividade práctica da resolución adoptada, sen intentar sequera medidas de execución forzosa, como as **multas coercitivas**, que deberían impulsar os infractores á restauración da legalidade urbanística. Nestes supostos, tamén adoitan admitirse a trámite polos concellos unha diversidade de escritos presentados polos interesados que dificilmente se poderían cualificar como recursos administrativos, e que non fan máis que dilatar a situación de ilegalidade, esperando por unha posible prescrición ante a pasividade da administración, ou ben por algunha modificación dos instrumentos de ordenación urbanística que permitan a legalización in extremis da obra, aínda que sexa como unha edificación fóra de ordenación.

A este respecto, estas situacións comprobáronse en diversas queixas como os que a continuación se expoñen:

A **queixa 1003/05** presentouna un veciño de Carnota en relación cun pequeno taller de estruturas metálicas existente nun terreo lindeiro coa súa casa familiar e que desde había aproximadamente uns 10 anos se ampliara coa instalación de maquinaria moderna. Indicaba tamén o reclamante que no 2005 o dono do taller procedera a unha nova ampliación das instalacións (ao parecer conseguira unha licenza municipal para a construción dun garaxe), e que as obras realizadas nese momento non se axustaban ás autorizadas pola licenza, xa que esta ampliación non gardaba o recuamento esixido ao

fronte da estrada, e ademais tampouco gardaba a distancia esixida (tres metros) ao linde da súa propiedade. O reclamante queixábase de que o concello non respondía ás súas denuncias.

No primeiro informe recibido da administración municipal poñía de manifesto que as obras executadas non se adaptaban á licenza concedida. O citado informe acompañábase dunha fotocopia dun decreto municipal polo que se acordaba a suspensión inmediata dos actos de construción e o requirimento para solicitar a legalización das obras.

Posteriormente, solicitamos do concello un informe complementario xa que recibíramos un novo escrito do reclamante no que indicaba que a situación material da obra seguía sen modificar, e que ao parecer o interesado presentara un proxecto para a legalización da obra.

Recibimos un novo informe do concello no que se indicaba expresamente: "*Considerar que as obras realizadas polo interesado incumpren as distancias a lindeiros de 3,00 metros que establece a normativa urbanística municipal nin respectan a aliñación oficial establecida nos planos de ordenación, resultando por iso incompatibles co ordenamento urbanístico nestes aspectos... procede ordenar a demolición parcial a cargo do interesado do alpendre construído por D. D. L. P. no lugar indicado, por incumprir as condicións da licenza municipal no tocante ao recuamento de 3,00 metros dos lindeiros e o recuamento e a situación da edificación á aliñación oficial con relación á vía pública, ordenando igualmente o cesamento definitivo do uso do dito alpendre*".

Tendo en conta a información recibida do concello procedemos a concluír a nosa intervención no problema que motivou a queixa en tanto que por parte da administración municipal se adoptara unha resolución congruente coas actuacións urbanísticas denunciadas e as previsións que para estas situacións de ilegalidades urbanísticas establece a vixente Lei 9/2002 sobre ordenación urbanística de Galicia. Sen embargo, recibimos posteriormente un novo escrito do reclamante no que indicaba que transcorrera un prazo longo de tempo sen que se cumprisen polo interesado as medidas de restauración da legalidade urbanística.

En consecuencia, á vista do anteriormente sinalado procedemos a formular ao Concello de Carnota o seguinte RECORDATORIO DE DEBERES LEGAIS*: "Que por parte desa administración municipal se adopten as medidas conducentes á execución da orde de demolición parcial acordada para a obra que denunciou o reclamante, e que foi declarada parcialmente ilegalizable por non gardar os recuamentos esixibles aos lindeiros da propiedade veciña e non axustarse tampouco á aliñación prevista no plan urbanístico en relación cunha vía pública, e que polo tanto se adopten por ese concello as medidas de execución forzosa previstas legalmente"*.

Na contestación que recibimos do Concello de Carnota ao recordatorio de deberes legais que lle formulamos consta un novo requirimento ao promotor das obras ilegais para que proceda á súa demolición, advertíndoo de que en caso de incumprimento se lle imporán medidas de execución forzosa, así como a execución subsidiaria ou as multas coercitivas.

Na **queixa 986/06** unha veciña de Vigo indicábanos que presentara diversas denuncias urbanísticas nas que se poñían en coñecemento do Concello de Soutomaior unha serie de irregularidades urbanísticas que viñan cometendo determinadas promotoras nas súas construcións. Manifestaba a reclamante que estas denuncias non foran tramitadas, ata o punto de facer necesario acudir á xustiza contencioso-administrativa para lograr a incoación dos correspondentes expedientes de disciplina urbanística; sinalaba tamén que tampouco se acordara ningunha orde de paralización.

Manifestaba tamén a reclamante que puxera en coñecemento do Servizo de Urbanismo da Xunta de Galicia a actuación do concello, o que provocara que de forma case inmediata se incoasen diversos procedementos acordando as paralizacións das obras; sen embargo, indicaba que, cuberta esta formalidade para dar aparencia dun actuar eficiente en materia urbanística, o Concello de Soutomaior non se preocupaba por velar polo efectivo cumprimento das ordes de paralización, a pesar de que en numerosas ocasións lle notificou que as obras seguían realizándose.

Admitida a trámite a queixa, recibimos un escrito que se acompañaba dunha amplísima documentación na que constaban ademais do expediente no que a reclamante era interesada (por obras ilegais nun alpendre) e da información que o concello lle remitira á Consellería de Política Territorial, Obras Públicas e Transportes, outros tres expedientes de reposición da legalidade urbanística.

Desde esta institución do Valedor do Pobo, tras estudar a amplísima documentación remitida pola administración municipal, indicamos á reclamante os aspectos máis substanciais da información recibida, e a reclamante remitiunos un novo escrito no que alude á falta de información dispoñible respecto doutros expedientes abertos polo concello e que ao parecer estaban paralizados.

A este respecto, recibimos un segundo informe do concello no que se facía referencia a varios expedientes de disciplina urbanística, achegando copia destes.

Finalmente, logo de facilitar á reclamante a información remitida polo concello, esta presentou nova documentación nesta oficina do Valedor do Pobo, polo que analizada a ampla documentación coa que contabamos neste expediente de queixa e co obxecto de aclarar definitivamente a tramitación dos diversos expedientes de disciplina urbanística aos que se aludía nesta documentación, solicitamos un novo informe do concello, sobre determinados aspectos concretos de varios expedientes de disciplina urbanística.

Sobre o trámite actualizado do expediente incoado a "A. A., S.L." por obras no edificio Outeiriño na rúa Peirao; en relación con este expediente non consta ningún trámite máis desde a data do 4-4-06, polo que podería prescribir a infracción ademais de caducar o expediente administrativo.

Finalmente, tendo en conta a información de que dispoñiamos formulamos ao Concello de Soutomaior un RECORDATORIO DE DEBERES LEGAIS nos seguintes termos: "*Que por parte desa administración municipal e en relación coas infraccións urbanísticas que se constatan nos casos aos que se refire esta queixa se proceda a axilizar a tramitación dos expedientes administrativos de reposición da legalidade urbanística xa*

iniciados, ou ben se proceda á apertura daqueles expedientes nos que se comprobe a execución de obras sen licenza, decidindo no seu caso a legalización ou non das obras executadas, en función da normativa urbanística aplicable a cada caso".

Na contestación recibida do Concello de Soutomaior consta que en relación con dous dos expedientes de reposición da legalidade urbanística aos que se refería a queixa se presentaran recursos contencioso-administrativos, e respecto do outro deles e en resposta ao recordatorio formulado se decretara a caducidade do expediente anteriormente tramitado e se procedera a incoar un novo expediente de restauración da legalidade urbanística.

Por outra parte, na **queixa 1797/06** unha veciña de Milladoiro (Ames) sinalaba que en reiteradas ocasións presentara denuncias no Concello de Boiro en relación cunhas obras realizadas nun baixo dun edificio no que tiña en propiedade un primeiro piso, consistentes en cubrir cunha cuberta de uralita unha parte do patio de luces comunitario. A reclamante presentaba diversa documentación, na que constaba que inicialmente se abrira polo concello un expediente de disciplina urbanística, e que posteriormente a interesada solicitara unha licenza para a instalación dunha prancha de fibrocemento na terraza do patio de luces (superficie de 3x2 m2).

A reclamante sinalaba, sen embargo, na súa queixa, que ao se executar a cubrición denunciada se prolongaran por riba do teito de uralita os condutos de ventilación das cociñas das dúas vivendas inferiores, polo que a falta de ventilación directa podía provocar unha acumulación de gases con risco para as persoas e as cousas.

Admitida a trámite a queixa, recibimos un primeiro informe do concello no que se indicaba que a interesada solicitara licenza para legalizar as obras realizadas no patio de luces do edificio ao que se refería a queixa, pero que esta solicitude estaba aínda por resolver. Posteriormente, solicitamos un informe complementario sobre as causas da demora na tramitación da licenza solicitada.

A este respecto, tivemos que reiterar ata en catro ocasións a petición de información ao Concello de Boiro, a última delas mediante a formulación dun recordatorio-advertencia de deberes legais, e recibimos un escrito no que se indicaba que a solicitude de licenza, que fora presentada aproximadamente tres anos antes, se encontraba aínda pendente de resolución.

Á vista da información recibida formulamos ao Concello de Boiro o seguinte RECORDATORIO DE DEBERES LEGAIS: *"Que por parte desa administración municipal se proceda a resolver no prazo máis breve posible o expediente de reposición de legalidade urbanística aberto como consecuencia das obras ás que se refire a queixa, e que se tomen as medidas pertinentes tanto desde o aspecto urbanístico como no que afecte ás condicións de seguridade, salubridade e hixiene nas edificacións"*.

En relación con este recordatorio de deberes legais, no momento de elaborarse o presente informe anual recibimos unha contestación do Concello de Boiro, na que se acepta o recordatorio formulado, procedéndose pola Administración municipal a denegar a legalización solicitada e orden a demolición das obras efectuadas, baixo o apercebimento de que en caso de incumprimento da orde de demolición impondríanse multas coercitivas.

Na **queixa 627/07** unha veciña de Rois indicábanos que presentara varias denuncias no concello pola realización dunha edificación ilegal e ilegalizable dun garaxe enfronte da súa vivenda no núcleo rural de Angueira de Castro, sen respectar o recuamento de 6 metros ao eixo da vía que esixe o planeamento dese Concello de Rois. Sinalaba a reclamante que a pesar do tempo transcorrido non tivera ningunha comunicación do concello sobre a tramitación dun posible procedemento administrativo de restauración da legalidade urbanística.

A este respecto, tivemos que reiterarlle en tres ocasións ao Concello de Rois a petición de información, e recibimos un informe do que se puido constatar que houbo demoras inxustificadas no expediente de reposición da legalidade urbanística que se abriu no seu momento e que estas demoras supuxeron a declaración de caducidade do expediente. Neste sentido, e como consecuencia desta caducidade na data do 21-5-07 se

incoa novo expediente de restauración da legalidade urbanística, pero este mesmo expediente tamén sufriu demoras inxustificadas, que no informe remitido desde o concello se imputan á circunstancia de que por consecuencia das eleccións locais houbo un cambio de Alcaldía.

A este respecto, da información facilitada polo concello resultaba que estabamos ante unha obra que carecía de licenza municipal; tratábase dun "alpendre apegado ao muro do cerrado lindeiro cunha estrada de ámbito municipal". Por outra parte, indicábase tamén no referido informe que a obra realizada era incompatible co planeamento, pois incumpría a ordenanza urbanística municipal na parte do alpendre que se situaba a menos de seis metros do eixo do camiño, polo que sería preciso proceder á demolición.

Desde esta perspectiva, estimabamos que aínda que non prescribira a infracción urbanística cometida o certo era que se produciran ata o momento dilacións inxustificadas na tramitación dos expedientes abertos de reposición da legalidade urbanística, polo que considerabamos que debía obrarse coa dilixencia debida por parte do concello, para evitar que se perpetuase unha alteración da legalidade urbanística, que ademais afectaba á protección do dominio público municipal, en tanto que se trataba dunhas obras que non respectaban os recuamentos a unha vía pública municipal.

En consecuencia, formulamos ao Concello de Rois o seguinte RECORDATORIO DE DEBERES LEGAIS: *"Que por parte desa Alcaldía-Presidencia se dean as ordes oportunas para que se tramite coa debida dilixencia o expediente de reposición da legalidade urbanística que afecta ás obras denunciadas, expediente que se abriu logo de que se declarase a caducidade dun primeiro expediente aberto por ese concello; e que para o caso de que houbese unha nova declaración de caducidade por ter transcorrido o prazo previsto, se proceda de inmediato á declaración de caducidade e á apertura dun novo procedemento de disciplina urbanística, que deberá tramitarse coa máxima dilixencia".*

Na resposta facilitada polo Concello de Rois acéptase o recordatorio formulado procedéndose á declaración de caducidade do expediente en trámite e á simultánea apertura dun novo expediente de restauración da legalidade urbanística.

Tamén podemos mencionar a **queixa 128/08** formulada por unha veciña de Tomiño indicándonos que no ano 2005 o concello procedera á apertura dun expediente de reposición da legalidade urbanística respecto dunhas obras realizadas no lugar de Centinela-Goián consistentes na cubrición de parte dunha terraza cunha estrutura de aluminio e cristais, obras que carecían de licenza e ademais se estimaran ilegalizables. Sinalaba tamén a reclamante que se requirira ao interesado para que procedese á demolición das obras referidas, con apercibimento de imposición de multas coercitivas. Manifestaba a reclamante que ata o momento non se procedera á efectiva restauración da legalidade urbanística alterada, sen que tampouco houbese constancia de que se impuxesen e cobrasen as pertinentes multas coercitivas.

A este respecto, recibimos un escrito do concello no que se confirmaba que as obras ás que se refería a queixa foran obxecto dun expediente de reposición da legalidade urbanística cunha resolución definitiva de demolición das obras, sen que ata o momento actual se impuxesen multas coercitivas.

Desde a resolución definitiva que ordenaba a demolición das obras executadas sen licenza transcorrera un dilatado período de tempo (18 meses) sen que se fixese efectiva a restauración da legalidade urbanística infrinxida, e sen que, por outra parte, para asegurar este efectivo cumprimento da orde de demolición se acudise ao trámite da execución subsidiaria por ese concello ou se aprobase a imposición de sucesivas multas coercitivas, a pesar de que ambos os mecanismos de execución forzosa se anunciaban no propio texto da resolución principal que ordenou a demolición das obras ilegais.

En consecuencia, tendo en conta as circunstancias concorrentes no caso lle formulamos ao Concello de Tomiño o seguinte RECORDATORIO DE DEBERES LEGAIS: *"Que por parte desa administración municipal se impoñan no presente caso as multas coercitivas previstas legalmente, para deste modo asegurar os efectos que son*

propios deste mecanismo legal de execución forzosa, que deberá contribuír ao necesario mantemento da disciplina urbanística, e que ademais se faga efectivo o cobro das multas impostas".

No momento de elaborarse o presente informe anual aínda non se había recibido ningunha resposta do Concello de Tomiño ao recordatorio formulado.

Por outra parte, nalgunhas queixas en materia de disciplina urbanística non son os concellos as administracións que tramitan os expedientes obxecto de queixa, senón que é a administración autonómica a través dun organismos creado especificamente para iso, como é o caso da **Axencia de Protección da Legalidade Urbanística de Galicia**, prevista na Lei 9/2002, de 30 de decembro, de ordenación urbanística e protección do medio rural de Galicia, modificada pola Lei 15/2004, de 29 de decembro, e que nace coa finalidade de velar pola utilización racional do solo e a adecuada ordenación do territorio, con especial atención ao medio rural e á zona de servidume de protección do dominio público marítimo-terrestre.

A axencia constitúese como un ente público de natureza consorcial, dotado de personalidade xurídica, patrimonio e orzamento propios e plena autonomía no cumprimento das súas funcións, para o desenvolvemento en común pola administración autonómica e os municipios que voluntariamente se integren nela das funcións de inspección, restauración da legalidade e sancionadora en materia de urbanismo. A súa natureza, réxime xurídico, competencias e órganos directivos establécense no artigo 226 da citada lei de ordenación urbanística e protección do medio rural de Galicia.

O Decreto 213/2007, do 31 de outubro, aproba os estatutos da axencia e o Decreto 51/2008 aproba a súa estrutura orgánica, entrando en funcionamento ao longo do 2008. A este respecto, en relación coas actuacións da axencia debe subliñarse a aprobación por unha resolución do 6-6-08 do director da axencia do Plan de inspección urbanística para o ano 2008, no que se sinalan como obxectivos prioritarios: protexer o litoral costeiro, preservar o solo rústico, e preservar os espazos reservados no planeamento urbanístico para zonas verdes e espazos libres públicos. Ademais, no artigo 12 do plan aprobado indícase

que na apertura e desenvolvemento das investigacións se atenderá obrigatoriamente a unha orde de prioridades referida, en primeiro lugar, ás obras en execución durante 2008, constitutivas de infraccións graves ou moi graves, e constatadas en inspeccións de oficio da axencia, e seguidamente, pola orde que se cita, ás obras en execución durante 2008, e denunciadas pola garda civil ou policía autonómica, polos municipios integrados na axencia, ou por outras entidades públicas ou particulares; finalmente, os demais feitos denunciados que poidan ser constitutivos de infracción grave ou moi grave cometida con posterioridade ao 1-1-06. No momento de elaborar este informe anual publicouse no Diario Oficial de Galicia do 29-1-09 unha resolución do director da Axencia de Protección da Legalidade Urbanística pola que se aproba o Plan de Inspección Urbanística para 2009.

A este respecto, poden citarse as seguintes queixas nas que a tramitación do expediente de disciplina urbanística correspondeu á axencia:

A **queixa 1373/07** presentouna un veciño de Bergondo en relación coa tramitación dada polo concello a unha denuncia súa en relación cunhas obras que se estaban realizando nunha parcela lindeira con outra da súa propiedade no lugar de San Paio-Guísamo.

Admitida a trámite a queixa solicitamos información ao concello sobre os resultados da inspección practicada polos técnicos municipais e sobre a solicitude de licenza do promotor así como se as obras se axustaban ás distancias regulamentarias.

A este respecto, recibimos un escrito do Concello de Bergondo no que, entre outros extremos, se indicaba expresamente o seguinte: *"5. Que o concello xa actuou seguindo o previsto no artigo 214.2) da LOUGA, ao paralizar as obras e dar conta do expediente ao conselleiro competente en materia de urbanismo, mediante a remisión do expediente completo... "*

Neste sentido, recibimos un informe da axencia no que se indica expresamente o seguinte:

"Por decreto da Alcaldía ordenouse a suspensión dos actos que estaba realizando D. M.l L. L., consistentes na construción dunha rampla de acceso a un soar en solo rústico de protección ordinaria sen licenza municipal, de conformidade co disposto no art. 209 da LOUGA... as obras executadas poderían ser susceptibles de legalización, previa obtención da correspondente autorización urbanística da Dirección Xeral de Ordenación do Territorio e Urbanismo, ao amparo do disposto no art. 41, en relación co art. 33.1.a) da LOUGA, polo que, con esta mesma data, se solicitou información ao Concello de Bergondo, sobre o estado de tramitación da licenza solicitada por D. M. L. L."

Na **queixa 2038/07** un veciño de Redondela refírese a unhas obras presuntamente ilegais realizadas nunha edificación fóra de ordenación, sita no 41 da avenida de Santa Mariña. No informe recibido do director xeral de urbanismo indícase que o concello arquivara o expediente incoado pola execución de obras de reforma na planta baixa e na planta primeira da edificación citada (que tiña unha antigüidade maior de 40 anos) por non existir infracción da legalidade urbanística, e que nese momento se estaba tramitando un expediente informativo.

Posteriormente, nun novo informe remitido polo director da Axencia de Protección da Legalidade Urbanística indícase que en data do 3 de xullo de 2008 se incoou expediente de reposición da legalidade urbanística en relación con obras consistentes na demolición da cuberta existente e reconstrución mediante colocación de viguetas de formigón no teito, pranchas de uralita e sobre estas tella cerámica, solicitándose do Concello de Redondela o informe preceptivo do artigo 58.3 do Regulamento de disciplina urbanística.

Hai un grupo de queixas que tratan dos diversos problemas que xorden ao longo do **proceso de tramitación dunha licenza**, coa que necesariamente debe contar todo propietario que pretenda realizar unha actuación urbanística nun determinado terreo.

A este respecto, podemos mencionar os seguintes casos que se observaron nalgúns expedientes de queixa.

A **queixa 1615/07** presentouna o presidente dunha asociación de veciños de Ribeira, indicándonos que por unha empresa se construíra un almacén para industria conserveira de túnidos, mariscos e cefalópodos, no Polígono Industrial de Xarás, con licenza de obras concedida no 2005, e que sen embargo a concesión provisional de licenza de actividade se acordara por un Decreto da Alcaldía do 2007, polo tanto con posterioridade á licenza de obra, cando é así que a licenza de actividade debía concederse con carácter previo, como establece o Regulamento de servizos das corporacións locais de 1955 e a Lei 9/2002, de ordenación urbanística de Galicia.

A este respecto, tras reiterar en tres ocasións ao Concello de Ribeira a petición de informe, realizouse unha visita ao Concello polo vicevaledor primeiro e dous asesores desta oficina do Valedor do Pobo, e finalmente recibimos un informe no que se indicaba expresamente o seguinte:

"A licenza de obras outorgouse por acordo da Xunta de Goberno Local adoptado en sesión celebrada na data 10-5-05, mentres que a licenza definitiva da actividade foi outorgada na data 14-1-08, polo que resulta evidente que a licenza de obras foi concedida sen existir a licenza de actividade.

Sen embargo, convén dicir que a licenza de obras foi concedida previos os informes técnico e xurídico emitidos en sentido favorable, e baixo a condición especial 5ª que dispón: "Esta licenza está condicionada á obtención previa da licenza de apertura da actividade, de conformidade co establecido no Regulamento de actividades molestas, insalubres, nocivas e perigosas".

A este respecto, no caso ao que se refería a queixa, nunha mesma actuación material, como é a ampliación dunha nave industrial, confluían a necesidade de obter unha licenza de actividade (cuxa tramitación deberá rexerse polo RAMINP) e unha licenza de obras. Esta situación contémplase no Regulamento de servizos das corporacións locais, aprobado polo Decreto do 17-6-1955, que no seu artigo 22.3 sinala expresamente o seguinte: *"Cando, consonte o proxecto presentado, a edificación dun inmoble se destinase especificamente a establecemento de características determinadas, non se concederá o permiso de obras sen o outorgamento da licenza de apertura se fose procedente".* Neste

mesmo sentido, tamén se establece a mesma prioridade no artigo 196.2 da Lei 9/2002, de ordenación urbanística e protección do medio rural de Galicia.

Estas disposicións legais obedecen a unha lóxica elemental, posto que só se pode conceder licenza de obra para unha instalación determinada se previamente se avaliou positivamente o seu funcionamento. A razón de ser da obra é exclusivamente a propia instalación ou actividade que se pretende exercer. A través destas normas legais tamén se tratarían de evitar posibles responsabilidades municipais para o caso de que, despois de concedida a licenza de obra, sen embargo se considere improcedente conceder a licenza de actividade. Por outra parte, se o concello xa concedeu a licenza de obra, posteriormente se verá condicionado indebidamente á hora de coñecer o expediente de actividade e funcionamento, posto que saberá que en caso de resolución negativa podería verse exposto a responsabilidade patrimonial.

Por outra parte, estimabamos que unha licenza de obra non pode someterse a unha condición do xénero que se especificaba no informe remitido polo concello xa que, ademais de que as licenzas condicionais son supostos moi excepcionais nunha materia como a urbanística na que deben dominar de modo absoluto os aspectos regrados, a condición exposta fundaméntase en diferir para un futuro o cumprimento dun requisito legal necesario para a concesión da licenza, polo que sería unha condición establecida en contra das previsións legais.

En consecuencia, formulamos ao Concello de Ribeira a seguinte RECOMENDACIÓN*: "Que por parte desa administración municipal, e con carácter xeral, se respecte o previsto na lexislación vixente cando se solicite para unha determinada instalación unha licenza de obra que requira tamén unha licenza de actividade e funcionamento, e que polo tanto se coñezan os expedientes de ambas as licenzas de modo simultáneo, de maneira que en ningún caso se conceda unha licenza de obra sen que con carácter previo se resolva positivamente a licenza de actividade ou de apertura, e sen que caiba someter a concesión da licenza de obra á condición de que se conceda posteriormente, e antes de que se inicie a obra, a licenza de actividade, por estimarse que esta condición sería contraria ás previsións legais"*.

Na primeira resposta recibida do Concello de Ribeira á nosa recomendación remitírase unha certificación dunha sesión da Xunta de Goberno Local na que se tomara simplemente o acordo de darse por informada da resolución formulada, polo que posteriormente lle remitimos un novo escrito no que solicitabamos que dese expresa contestación ao contido concreto da resolución, procedendo o Concello de Ribeira a contestar e aceptar expresamente a resolución formulada.

A **queixa 2207/07** presentouna unha veciña de Ribadavia en relación coa demora do concello en adoptar unha resolución sobre unha solicitude de licenza urbanística para rehabilitar unha pequena edificación.

Admitida a trámite a queixa, desde esta institución do Valedor do Pobo solicitamos a información correspondente do Concello de Ribadavia, e recibimos un informe no que se indicaba que na ficha particular do Catálogo do PEPRI aparece o inmoble como propiedade do "Ministerio de Educación e Cultura". Existía, polo tanto, unha problemática sobre a titularidade do inmoble, polo que o concello entendía que non podía resolver sobre o outorgamento da licenza en tanto non se resolvese polos tribunais a cuestión da propiedade civil. Ademais, en canto á titularidade rexistral, non constaba a afectada como titular, senón precisamente o particular que doara o inmoble ao Concello de Ribadavia, de maneira que á reclamante simplemente se lle permitira a utilización do inmoble en precario.

Nun dos casos estudados, e que entraría dentro deste grupo de queixas relativas ao proceso de tramitación das licenzas, o problema dábase non co concello no que se presentara a solicitude senón co órgano da administración autonómica competente para outorgar a autorización previa esixida na Lei 9/2002.

Así, na **queixa 1591/07** un veciño de Ourense referíase á demora producida na tramitación dun expediente de solicitude de autorización da Comunidade Autónoma para usos e actividades construtivas en solo rústico (edificación dunha vivenda unifamiliar vinculada a unha explotación agrícola). A este respecto, recibimos un informe do Servizo de Urbanismo e Inspección Territorial da Delegación Provincial da Consellería de Política

Territorial, Obras Públicas e Transportes, no que se indicaba expresamente que por resolución do director xeral de urbanismo do 22-2-08 resolvíase o citado expediente, e que esta resolución se lle comunicaba ao concello e ao reclamante.

En relación coas queixas que afectan ao ámbito do **planeamento urbanístico**, é preciso destacar que, como xa sinalamos en anteriores informes presentados ante o Parlamento galego, en materia de planificación urbanística a intervención do Valedor do Pobo non pode incidir na parte substantiva, en tanto que a administración municipal dispón dunha potestade discrecional, malia que o instrumento de planeamento, tras a súa aprobación inicial polo concello, debe someterse tamén á aprobación definitiva do órgano competente da administración autonómica. A través dun plan urbanístico cada concello trata de ordenar o uso do solo no seu ámbito territorial, de deseñar unha determinada concepción do desenvolvemento futuro dos núcleos de poboación existentes no concello e das súa actividades económicas. No plan xeral deberá plasmarse o interese xeral nas concretas determinacións que figuren nel, tratando sempre de compatibilizar este interese xeral cos intereses particulares dos propietarios dos terreos afectados pola decisión do planificador municipal. En relación con esta materia, e tendo en conta precisamente as potestades discrecionais de que dispón a administración municipal, debe facerse especial énfase nos mecanismos de participación dos cidadáns no proceso de elaboración do plan. Debe insistirse sempre na necesidade de que os concellos faciliten o máis posible a participación cidadá na elaboración dos plans xerais; sería a mellor garantía de que o plan se vai cumprir na realidade práctica. Así mesmo, sería importante tamén que nas contestacións ás alegacións presentadas polos cidadáns, as resolucións desestimatorias se encontren suficientemente motivadas, para que os interesados poidan coñecer a fundamentación da postura adoptada pola administración.

En relación coas queixas que se refiren á materia de planificación urbanística, poden indicarse as seguintes:

A **queixa 1039/07** presentouna un veciño de Ourense respecto da falta de urbanización e pavimentación dunha canella que sae da rúa do Vinte e Un. No escrito de queixa indícase que na citada rúa había unha nave que se demoleu para construír un

edificio de vivendas que abriu luces para unha canella, e que se fixo un xardín público ao que se accede por esa canella sendo utilizado por numerosos veciños. O reclamante indica que en numerosos escritos presentados no concello expoñía que a citada empresa debería estar obrigada a urbanizar e pavimentar adecuadamente a canella. O reclamante achegaba documentación na que constaba un informe xurídico do Negociado de Planeamento no que se rexeitaban os recursos presentados polo reclamante en relación coa resolución do expediente de condicións urbanísticas establecidas para a licenza de edificación.

Admitida a trámite a queixa, recibimos do Concello de Ourense un escrito acompañado de ampla documentación. A este respecto, entre esta documentación figura un informe xurídico do xefe do servizo de urbanismo no que se indicaba que o solo sobre o que se edificara estaba clasificado polo planeamento vixente ao momento de obterse a licenza (e tamén hoxe en día) como solo urbano consolidado e, en consecuencia, suxeito ao réxime de licenza directa logo de cumpridas as previsións da lexislación e as normas urbanísticas municipais para a dita clase de solo, e que na licenza de obra, tramitada seguindo o previsto legalmente, se emitiran os oportunos informes e incorporaran a documentación técnica precisa para proceder a cumprir a obrigación de urbanizar derivada da edificación proxectada, sen que ningún caso se fixese referencia á canella como zona a urbanizar. Sinalábase no informe, tamén, que logo de se expedir a licenza, outorgar a licenza de primeira ocupación ao edificio e recibir as obras de urbanización é cando se formulara o problema polo reclamante.

A este respecto, para aclarar definitivamente o problema que motivaba a queixa solicitamos ao Concello de Ourense un informe complementario sobre un informe do Servizo de Enxeñería e os planos correspondentes presentados pola promotora e aos que se aludía no informe anterior, todo iso para determinar se as obras de urbanización se axustaban ás que impuxera a administración municipal.

A este respecto, recibimos un último informe no que se poñía de manifesto que as obras de urbanización que se obrigaba a realizar ao promotor da nova edificación non incluían ningunha actuación na controvertida canella, como se desprendía do texto do informe e tamén dos planos adxuntos.

Na **queixa 1732/07** un veciño de Lugo refírese aos problemas cos que se encontrara para que lle concedesen unha licenza urbanística para unha vivenda unifamiliar. No escrito de queixa poñíase de manifesto que a licenza se denegara en aplicación da nova normativa urbanística emanada da Lei 9/2002, de ordenación urbanística de Galicia, por non se axustar a clasificación urbanística da parcela aos usos residenciais previstos. O reclamante afirmaba que con anterioridade a esa denegación, se asignara a solicitude de licenza á cota de 30 licenzas que o Concello de Lugo reservara para 2004, en aplicación das previsións do plan xeral vixente no momento de solicitude da licenza. A este respecto, no plan vixente prevíase a aprobación dun máximo de 30 licenzas anuais para vivendas construídas en solo rústico. Por outra parte, o reclamante indica na súa queixa que presentara unha alegación ao PXOM naquel momento en tramitación argumentando que a súa parcela debería considerarse incluída na zona de expansión dun núcleo rural, sendo así que esta previsión non figuraba nos planos aprobados inicialmente.

A este respecto, recibimos do Concello de Lugo un informe acompañado de ampla documentación, entre a que constaba un informe do Servizo de Urbanismo no que se indicaba que o reclamante presentara un escrito de alegacións no período de exposición pública do expediente de revisión do plan xeral de ordenación municipal, e que estas alegacións se remitiran ao equipo redactor do PXOM, que estaba procedendo ao estudo das alegacións presentadas, e á introdución no documento das modificacións derivadas dese estudo e dos informes sectoriais.

A **queixa 173/08** presentouna unha veciña de Vigo en relación con determinadas modificacións introducidas na aprobación provisional do Plan Xeral de Ordenación Municipal de Vigo, que na súa opinión determinarían a apertura dun novo trámite de información pública.

Admitida a trámite a queixa, e recibidos informes tanto da Dirección Xeral de Urbanismo como do Concello de Vigo, consideramos que debía terse en conta o previsto no artigo 85.4 da Lei 9/2002, de ordenación urbanística e protección do medio rural de Galicia, que establece expresamente que antes da aprobación provisional do plan polo pleno do Concello “os servizos técnicos e xurídicos municipais deberán emitir informe

respecto á conformidade do plan coa lexislación vixente e a calidade técnica da ordenación proxectada".

En relación con este aspecto, e en contestación á nosa solicitude, recibimos do Concello de Vigo unha copia íntegra da certificación do acordo plenario do 29-12-07 de aprobación provisional do PXOM no que se transcriben os informes solicitados, e no que se refire ao aspecto de introducir un novo trámite de información pública, este aspecto se tratou nun ditame do secretario da Xerencia Municipal de Urbanismo e tamén se solicitou un ditame dun catedrático de Dereito Administrativo, figurando no documento un informe do secretario xeral do concello no que se trata detalladamente este aspecto, concluíndo que non era necesaria a apertura dun novo trámite de información pública.

En consecuencia, á vista da información facilitada polo Concello de Vigo, e tendo en conta ademais que a Consellería de Política Territorial, Obras Públicas e Transportes acordara a aprobación definitiva do PXOM de Vigo, sen estimar que fose necesario un novo trámite de información pública, procedemos a concluír a nosa intervención.

1.2.4 VIVENDA

Nesta subárea de vivenda, dado que o número de queixas é inferior ás que se presentaron en materia de urbanismo, non resulta fácil configurar as queixas en distintos grupos polo que debemos facer unha exposición máis casuística e heteroxénea. En todo caso, como en anos anteriores, trataremos especialmente das queixas referidas ás axudas públicas para o alugamento de vivenda, e dentro delas, en especial das axudas en concepto de renda básica de emancipación, atendendo ao número de queixas que se presentaron en relación con este tipo de axudas.

En relación coas novidades lexislativas en materia de vivenda debemos facer referencia á recentemente aprobada Lei 18/2008, do 29 de decembro, de vivenda de Galicia. No preámbulo da nova lei sinálase que o seu obxectivo é regular o proceso construtivo das edificacións destinadas, principalmente, a vivenda, enmarcándose na lexislación básica de ordenación da edificación, aprobada pola Lei estatal 38/1999, do 5 de novembro, de ordenación da edificación, completándoa nos aspectos necesitados de

desenvolvemento. Unha das novidades principais deste texto legal estriba en regular por primeira vez con rango de lei o réxime xurídico das vivendas protexidas, ata agora reguladas por normas estatais e autonómicas de carácter regulamentario.

Por outra parte, o texto dedica un título específico ás políticas de fomento do dereito á vivenda, dirixidas á creación dun parque estable, suficiente e de calidade, á recuperación dos parques existentes por medio de accións de renovación e de rehabilitación, á dinamización do mercado de vivenda en alugamento e á mellora da calidade a través de medidas de fomento da innovación, a sostibilidade a eficiencia enerxética e a habitabilidade.

Así mesmo, simplifícase a normativa contida na Lei 4/2003 referida á protección de consumidores e usuarios de vivenda, e tamén se establece unha nova regulación que pretende contribuír á erradicación de prácticas ilegais e fraudulentas, non só por medio dunha actualización dos tipos infractores e das sancións, que regula de modo incompleto e insuficiente a Lei 4/2003, senón a través da realización de accións de inspección que complementan as realizadas, no exercicio das súas lexítimas competencias, polas administracións municipais. A nova lei configúrase como un auténtico código do dereito á vivenda de Galicia, un texto normativo integral, que pretende regular o dereito á vivenda desde o momento en que existe só en condicións de ser edificado ata que a vivenda deixa de existir.

Entre as queixas recibidas en materia de vivenda algunhas delas refírense aos problemas derivados da existencia de defectos construtivos na edificación, tanto en vivendas de promoción pública como en vivendas de protección autonómica, detectándose nestas queixas dificultades para que pola empresa construtora ou pola promotora se executen as obras necesarias para que se corrixan os defectos observados. Entrando na análise concreta das queixas podemos mencionar como máis relevantes as seguintes:

Na **queixa 107/08** a reclamante presentara unha denuncia ante a Delegación Provincial de Pontevedra da Consellería de Vivenda e Solo por unha presunta infracción moi grave prevista no artigo 54.1.d) da Lei 4/2003, do 29 de xullo, de vivenda de Galicia,

polos defectos graves de construción da vivenda de protección autonómica na que actualmente reside. A reclamante achegaba unha fotocopia da resolución deste expediente, manifestando o seu desacordo con ela, por entender que os defectos aos que aludía na súa denuncia eran efectivamente graves, e indicando tamén que en ningún momento tivera coñecemento das alegacións e informes presentados pola empresa promotora das obras.

Admitida a trámite a queixa recibimos un escrito da citada delegación provincial que se acompañaba do escrito de alegacións presentado pola promotora en contestación á denuncia da reclamante. Este escrito remitido pola delegación coincidía literalmente coa resolución pola que se acordara non incoar un expediente administrativo sancionador, excepto na última aliña da resolución no que se indicaba expresamente que: "Esta consellería concede axudas e subvencións aos adquirentes de vivendas, pero non actúa como intermediario nas relacións privadas dos propietarios de vivendas e os promotores".

Desde esta oficina do Valedor do Pobo trasladamos á reclamante a información recibida, en particular as alegacións da promotora e recibimos un novo escrito dela no que se sinalaba que as deficiencias que se advertían na vivenda continuaban actualmente sen amañar, e que a vivenda presentaba defectos que afectaban claramente á súa habitabilidade, como era o caso das graves humidades no salón, que non quedaran amañadas coa intervención anterior da empresa promotora.

Neste sentido, estimamos que era necesario contar cun informe máis amplo da delegación provincial, en tanto que na resolución citada se facía unha consideración xenérica sobre os feitos denunciados *("que non reúnen os requisitos que menciona o dito precepto legal")*, pero entendiamos que non se motivaba suficientemente esta resolución, tendo en conta de que no artigo 58.4 da Lei 4/2003, de vivenda de Galicia se fai referencia ás funcións inspectoras que corresponden ao IGVS (Instituto Galego de Vivenda e Solo).

En consecuencia, á vista do anteriormente expresado na data do 12-6-08 solicitamos da Alcaldía., de acordo co previsto no artigo 22.1 da Lei do Valedor do Pobo, que nos remitise un informe complementario sobre o problema que motivara a queixa, e en concreto sobre os resultados da inspección practicada polos servizos desa delegación provincial na vivenda á que se refería a denuncia.

No novo informe da delegación, entre outros extremos, indicábase expresamente o seguinte:

"Cuarto. Da análise dos informes técnicos deduciuse que as deficiencias da vivenda da denunciante non afectan á estrutura do edificio, cimentacións, soportes, vigas, forxados, muros de carga, etc. (vicios graves), nin tampouco ás condicións de habitabilidade que enumera a aliña c) do artigo 3 da Lei 38/1999, do 5 de novembro, de ordenación da edificación, senón que poderían ser de terminación ou acabado das obras, non incluídas dentro dos feitos que dan lugar á infracción prevista no artigo 51.1 d) da Lei 4/2003, do 29 de xullo. É conveniente recordar que as deficiencias de acabado son responsabilidade do construtor da obra."

Sen embargo, consideramos, pola nosa parte, que en relación co concepto legal de condicións de habitabilidade das vivendas era conveniente subliñar a referencia contida no artigo 3 da Lei 38/1999, de ordenación da edificación sobre os requisitos básicos da edificación. Neste sentido, na aliña c) deste artigo, que trata dos requisitos relativos á habitabilidade, indícanse expresamente na epígrafe 1 as seguintes condicións na construción dos edificios:*"hixiene, saúde e protección do medio ambiente, de tal forma que se alcancen condicións aceptables de salubridade e estanquidade no ambiente interior do edificio e que este non deteriore o medio ambiente no seu contorno inmediato, garantindo unha adecuada xestión de toda clase de residuos"*.

Por conseguinte, atendendo ao exposto, formulamos á Delegación Provincial de Pontevedra da Consellería de Vivenda e Solo a seguinte RECOMENDACIÓN*: " Que por parte de esa Delegación Provincial se ordene unha inspección da vivenda de protección autonómica adquirida pola reclamante para determinar se persisten ou non os defectos construtivos denunciados, consistentes en graves humidades apreciadas no salón da vivenda, que poderían afectar ás condicións de habitabilidade da vivenda e polo tanto constituír a comisión dunha infracción moi grave por parte do promotor da edificación"*.

Na contestación remitida desde a Delegación Provincial da citada consellería faise referencia a que se realizara unha visita á vivenda por parte dun inspector da consellería, e á vista dos resultados desta inspección a delegación propoñíase incoar un expediente

sancionador á promotora por incumprimento dos requisitos de habitabilidade na vivenda á que se refería a queixa, polo que consideramos aceptada esta recomendación.

A **queixa 1161/07** presentouna unha veciña do Milladoiro-Ames en relación coas deficiencias observadas no edificio no que residía integrado por vivendas de promoción pública.

Recibimos un informe do Instituto Galego de Vivenda e Solo no que se indica que transcorrera o prazo de cinco anos para corrixir os defectos construtivos previsto na lexislación de vivendas de protección pública aplicable ao caso que motivara a queixa. Sen embargo, sinalaba o informe, por aplicación da lexislación xeral sobre contratación pública a empresa construtora estaría suxeita a un prazo de responsabilidade contractual de quince anos, para o caso de que se detectase un incumprimento doloso nas actuacións construtivas da empresa que executara o edificio que tería a obrigación de corrixir os defectos ou deficiencias observados. Concluíase no informe que o IGVS promovería unha análise das causas que determinaran a aparición das deficiencias (coa finalidade de determinar se existira dolo na execución da obra), así como tamén se comprometía a valorar as solucións técnicas para aqueles danos cuxa corrección fora requirida á empresa.

Por outra parte, nalgunha queixa expuxérase a **problemática do visado de contratos de compravenda dunha vivenda de protección autonómica**, singularmente no caso de vivendas pendentes de visado no momento de aprobarse o novo Rexistro de demandantes de vivendas de protección autonómica, e que non foran visadas dentro do prazo fixado como moratoria antes da plena entrada en vigor do novo sistema de adxudicación de vivendas previsto coa aprobación do citado rexistro.

Así, a **queixa 1169/08** presentouna un veciño de Mazaricos en relación coa denegación pola Delegación Provincial da Consellería de Vivenda e Solo dun visado dun contrato de compravenda dunha vivenda de protección autonómica en Laracha.

No seu escrito de queixa, esencialmente, indicábanos que na data do 18-7-07 asinara un contrato de compravenda dunha vivenda de protección autonómica en Laracha, pagando unha cantidade de 12 985,79 €. Sinalaba o reclamante que a entidade vendedora

na data do 10-8-07 presentara o contrato para o seu visado na delegación correspondente, e que en data do 15-1-08 se denegara o visado por se presentar o contrato con posterioridade á data do 6-8-07, na que terminaba a moratoria da Orde do 29-1-07 pola que se regulaba o Rexistro público de demandantes de vivendas de protección autonómica. Manifestaba o reclamante, que achegaba ampla documentación, que na data do 20-2-08 presentado un recurso de alzada ante a consellería contra a resolución denegatoria, e que ata o momento non recibira a resolución deste recurso.

Indicaba o reclamante que na data do 28-2-08 a súa vivenda e outras afectadas na mesma promoción entraran nun sorteo entre demandantes de vivenda inscritos no devandito rexistro, co que perdería a vivenda pola que xa entregara unha cantidade, todo iso por unha neglixencia da promotora de non ter presentado en prazo o contrato para o seu visado. O reclamante facía referencia a varios afectados de Carballo (un total de 20, segundo aparecía nos medios de comunicación) por un problema idéntico ao seu, e que ao parecer encontraran unha solución.

En relación coa información facilitada pola Delegación Provincial da Consellería de Vivenda e Solo non se advertiu unha actuación administrativa contraria á normativa legal, en tanto que o visado do contrato de compravenda se presentara pola promotora de maneira extemporánea. Neste sentido, en relación coa solicitude do reclamante á delegación para que arbitrase unha solución para o seu caso semellante á que se adoptara con outros casos iguais que ocorreran en Carballo, consideramos que debía subliñarse a circunstancia de que para que fose posible esta solución era necesario que as situacións fosen idénticas, e ao parecer no caso que motivara a queixa non había vivendas de protección autonómica libres no Concello de Laracha. Esta circunstancia, de que en Carballo houbese outra promoción na que quedaran VPA sen adxudicar, posibilitara unha solución, e a este respecto, indicamos ao reclamante que na medida en que se producise unha situación similar en Laracha faría posible que a citada delegación arbitrase tamén unha solución similar.

Tamén se recibiron queixas no 2008 en relación coas **demoras producidas na tramitación das autorizacións de venda** por parte da Consellería de Vivenda e Solo para as vivendas de promoción pública. Como exemplo, valla o caso da **queixa 219/08**

presentada por un veciño de Valdoviño que se refería á demora producida na expedición da autorización de venda dunha vivenda de promoción pública en Esteiro-Ferrol.

Na información remitida pola Delegación Provincial da Consellería de Vivenda e Solo o día 23 de xaneiro de 2007 o interesado solicitara o certificado do prezo de venda que fora emitido o día 2 de abril do 2007, solicitando a continuación –o día 2 de outubro- a preceptiva autorización de venda. Sinalábase tamén no informe que sendo insuficiente a documentación presentada inicialmente polo interesado, esta fora completada por el con data do 21 de febreiro e do 12 de marzo de 2008, e logo de recibir toda a documentación necesaria para a resolución do expediente e comprobar o cumprimento dos requisitos exixibles se procedera con data do 26 de marzo a emitir a autorización de venda solicitada.

Por outra parte, podemos tamén subliñar que se recibiran algunhas queixas relacionadas cos **procesos de adxudicación de vivendas** de promoción pública. En relación con esta materia e polo que se refire aos procedementos de adxudicación de vivendas de protección autonómica recibimos algunha queixa relativa ao cobro dun sobreprezo por parte do promotor.

Na **queixa 150/08** a reclamante refírese a unha difícil situación familiar no sentido de que é a única persoa que desde hai catorce anos se ocupa de súa nai, totalmente dependente e inválida, e que desde hai cinco anos o propietario da vivenda que tiña en alugamento pretendía o desafiuzamento, que actualmente se encontraba en fase executiva, e que á vista das circunstancias solicitara a adxudicación dunha vivenda de promoción pública na Coruña. Manifestaba tamén que fora excluída da lista provisional na última adxudicación de vivendas de promoción pública por non chegar ao mínimo de ingresos familiares necesario para acceder a este tipo de vivendas.

A este respecto, recibimos un informe do Concello da Coruña no que se indicaba que a interesada fora desaloxada da vivenda e residía nun novo domicilio, nunha vivenda alugada incluída no Programa de Vivenda en Alugamento da Xunta de Galicia; e que, por outra parte, en canto á solicitude de vivenda de promoción pública, realizada a nome de súa nai, na que ao parecer non resultou adxudicataria, como se indicaba no informe do concello, nestas convocatorias valóranse as circunstancias que concorren, axustándose ao

baremo que elabora a Consellería de Vivenda e Solo para esta finalidade e que se publica xunto coa orde de convocatoria.

A **queixa 1296/08** presentouna tamén unha veciña da Coruña respecto da adxudicación dunha vivenda social, e referíase a un escrito que presentara tras quedar fóra da adxudicación definitiva das vivendas da promoción, solicitando neste escrito a revisión da puntuación que lle outorgaran, sinalando que non recibira contestación a este escrito.

Na información remitida pola Delegación Provincial da Consellería de Vivenda indícase que logo de se aprobar e publicar na prensa a lista provisional de adxudicatarios polo Concello da Coruña a interesada presentara unha reclamación alegando que non lle fora puntuada a discapacidade do seu fillo, e achegando tamén un certificado de discapacidade correspondente a ela mesma.

A este respecto, esta reclamación fora informada polo concello no sentido de que a discapacidade do seu fillo xa fora tida en conta no momento da valoración, e que a discapacidade da interesada non podía ser obxecto de puntuación por canto non era superior ao 33% (aliña a.2 do baremo de adxudicación de vivendas de promoción pública). Posteriormente, a Comisión Provincial de Vivenda revisa a reclamación aumentando a puntuación fixada inicialmente, e aproba a lista definitiva que é recorrida pola reclamante. A este respecto, acórdase manter a puntuación outorgada porque o certificado de discapacidade da interesada achégase logo de ter rematado o prazo de presentación de solicitudes.

Na **queixa 872/07** un veciño de Pontevedra referíase ao sobreprezo que lle esixían na compra dunha vivenda de protección autonómica na cidade de Pontevedra.

Recibimos un primeiro informe do Instituto Galego da Vivenda e Solo no que se indicaba que se estaba seguindo un procedemento administrativo por mor das denuncias presentadas polo reclamante, no que se presentaran as alegacións das partes implicadas, e que posteriormente se procedería a resolver no referido expediente.

Posteriormente solicitamos un novo informe do IGVS, que nos indicou que non podía falarse de sobreprezo na venda á que se refería a queixa porque o reclamante non adquirira a vivenda, sendo así que o artigo 54.1.m) da Lei de vivenda de Galicia cualifica como moi grave "a percepción de sobreprezo, prima ou cantidade en concepto de compravenda ou arrendamento nas vivendas de protección oficial." Por outra parte, indicábase neste mesmo informe que existían indicios de que a entidade promotora transmitira a vivenda sen autorización administrativa e que a inmobiliaria que a anunciaba realizara actos de intermediación inmobiliaria con publicidade enganosa e sen especificar nas ofertas de venda que se trataba dunha vivenda de protección oficial, e que por estes feitos se ía incoar o correspondente expediente sancionador.

Outro capítulo no que se recibiron queixas é o referido ás axud**as para a rehabilitación de vivendas**, ben se trate de vivendas privadas ben de vivendas de promoción pública

A **queixa 2082/07** presentouna unha veciña de Ferrol e nela referíase a unhas obras de rehabilitación integral do edificio no que residía, na rúa Dolores, do Barrio da Magdalena, en Ferrol, e tamén á falta de cobro da subvención concedida pola Consellería de Vivenda e Solo.

Recibimos un informe do Concello de Ferrol, acompañado de ampla documentación referida ao expediente de rehabilitación. Constaba nesta documentación a aprobación do aboamento da subvención e tamén un informe da arquitecta da Oficina de Rehabilitación de Ferrol no que se alude concretamente a que as obras de rehabilitación resolveron o problema de humidades que se detectara substituíndo a formación da cuberta ventilada e con tellas planas, por tella curva sobre lámina bituminosa ondulada. Sinálase neste informe técnico que a obra foi rematada correctamente polo que se puido presentar o certificado de fin de obra.

A **queixa 198/08** presentouna un veciño de Sada respecto do deficiente estado no que se encontraba unha vivenda de promoción pública da que era propietario. A este respecto, recibimos un informe da Delegación Provincial da Consellería de Vivenda e

Solo, e logo de analizalo comunicámoslle ao reclamante que na medida en que as obras de reparación que debían executarse afectasen a elementos comúns do edificio era necesario que existise un acordo tomado pola comunidade de propietarios. En consecuencia, indicabamos que logo de tomar este acordo as obras poderían acollerse ás subvencións para rehabilitación de edificios de vivendas de promoción pública, polo que logo de solicitar esta subvención e se xurdise algunha nova incidencia lle indicabamos ao reclamante que podería poñerse de novo en contacto con esta oficina do Valedor do Pobo, procedendo mentres tanto a concluír a nosa intervención.

Na **queixa 2181/07** facíase referencia á situación existente no edificio no que residía o reclamante na cidade de Lugo, que carecía de ascensor, e nunha das plantas altas vivía unha persoa con discapacidade.

A este respecto, indicámoslle ao reclamante que, efectivamente, a vixente Lei de propiedade horizontal recoñece expresamente no seu artigo 17 a posibilidade de que por un acordo maioritario dos propietarios se dote o edificio dun ascensor, e que cando se adopte un acordo, que sería válido nestes termos, a comunidade quedaría obrigada ao pagamento dos gastos aínda que o importe excedese de tres mensualidades ordinarias de gastos comúns (artigo 11.3 da citada lei). Sen embargo, o problema preséntase, efectivamente, cando a comunidade de propietarios non dispón (como elementos de propiedade común) da totalidade dos bens ou dereitos afectados polas obras de instalación dun ascensor. Segundo as normas recollidas na citada lei estatal, a única obrigación que podería impoñerse aos propietarios de vivendas ou locais en relación coa súa propiedade privativa (artigo 9) sería a de *"consentir na súa vivenda ou local as reparacións que exixa o servizo do inmoble e permitir nel as servidumes imprescindibles requiridas para a creación de servizos comúns de interese xeral acordados conforme o establecido no artigo 17, tendo dereito a que a comunidade o resarza dos danos e perdas ocasionados"*.

Así mesmo, indicabámoslle ao reclamante que neste artigo citado só se menciona a posibilidade dunha servidume, pero non se recoñece a posibilidade dunha expropiación da propiedade plena, polo que unicamente se podería impoñer a expropiación nos casos en que outra norma de rango legal o permitise. Informamos tamén ao reclamante de que, en

efecto, a Lei vasca 2/2006, do solo e urbanismo, e en aplicación desta norma legal a ordenanza do Concello de Donosti do 27-4-07 para a promoción da accesibilidade ás vivendas situadas en edificacións residenciais, permiten este tipo de expropiacións, na medida en que a referida lei vasca recolle entre os supostos expropiatorios por motivos urbanísticos, o suposto que mencionaba a queixa. Sen embargo, na vixente Lei galega 9/2002, de ordenación urbanística non se prevé un suposto expropiatorio deste tipo, nin tampouco na Lei galega 8/1997, de accesibilidade e supresión de barreiras arquitectónicas. Sen embargo, na nova Lei 18/2008, de 29 de decembro, de vivenda de Galicia, que entrará en vigor en abril de 2009, prevese no seu artigo 30 que poderán ser beneficiarias dunha expropiación as comunidades de propietarios cando a realización de obras de rehabilitación ou establecemento de condicións axeitadas de utilización dun edificio en réxime de propiedade horizontal requira a expropiación de elementos privativos ou comúns. A partir da entrada en vigor desta lei tamén podería na Comunidade Autónoma Galega adoptarse unha solución similar á permitida na lexislación vasca, e na ordenanza municipal citada. De feito, no momento de elaborarse este informe anual apareceu nos medios de comunicación que o Concello da Coruña prevé nun futuro a aprobación dunha norma municipal neste sentido.

Sen embargo, no momento de resolverse a queixa presentada tivemos que concluir que o Concello de Lugo carecía de habilitación legal para iniciar un expediente expropiatorio desta natureza, polo que non se advertía en principio unha actuación incorrecta da administración municipal.

Finalmente, en relación cun tema específico como é o caso das axud**as económicas prestadas pola Consellería de Vivenda e Solo respecto dos danos ocasionados pola vaga de incendios do verán do 2006** recibimos a **queixa 1076/08, na** que **unha veciñ**a de Almofrei-Cotobade nos indicaba que presentara un escrito na Consellería de Vivenda e Solo solicitando unha axuda para sufragar os gastos causados pola vaga de incendios do verán do 2006. Sinalaba a reclamante que estas axudas as pedira para compensar os danos sufridos pola utilización da piscina da súa vivenda en Almofrei - Cotobade, por varios helicópteros encargados da extinción de incendios, e que eses danos afectaran a unha mangueira da piscina, a un emparrado, á cuberta dun alpendre, etc.

Indicaba tamén a reclamante que aínda non recibira as axudas solicitadas, e que xa efectuara algunhas reparacións das que dispoñía de facturas xustificativas.

Admitida a trámite a queixa solicitamos a información correspondente da Delegación Provincial da Consellería de Vivenda e Solo, en particular sobre os motivos de que aínda non se resolvese o expediente aberto como consecuencia da solicitude de indemnización; ademais, solicitabamos informe sobre se os conceptos polos que solicita axudas a reclamante se axustaban ás previsións do Decreto 138/2006 e da Orde da Consellería do 4-9-06, e en que proporción da contía total dos danos.

No informe da consellería aludíase á necesidade de que a reclamante achegase determinada documentación xustificativa dos seguintes extremos: uso residencial do inmoble afectado (preciso para determinar a contía da axuda en función de que fose primeira ou segunda residencia); presentación das facturas acreditativas dos gastos realizados, como requisito imprescindible para poder proceder ao pagamento da subvención; presentación canda as facturas das cantidades recibidas da compañía de seguros en concepto de indemnización, co obxecto de que as axudas e indemnizacións non superen o custo da actuación protexida.

Posteriormente, desde esta oficina do Valedor do Pobo puxémonos en contacto telefónico coa reclamante e a continuación coa delegación da consellería onde nos informaron que a solicitude estaba xa no último trámite para resolverse positivamente co recoñecemento de axudas económicas nos conceptos indemnizables recoñecidos expresamente na normativa específica para estas axudas.

Por outra parte, en relación coas axud**as públicas para o alugamento de vivenda** como xa sinalamos anteriormente seguimos recibindo queixas relativas ao Programa de vivenda en alugamento (anteriormente denominado Bolsa de aluguer de vivenda), pero a maioría das queixas recibidas nesta materia se refiren ás axudas en concepto de renda básica de emancipación.

A este respecto, en relación co citado **Programa de vivenda en alugamento** entre as queixas recibidas podemos mencionar a **queixa 275/08** na que unha veciña de Ordes se

refería á tardanza da Consellería de Vivenda e Solo na adxudicación dunha vivenda en Santiago de Compostela a través do Programa de Vivenda en Alugamento.

No informe remitido a esta oficina do Valedor do Pobo pola citada consellería sinálase que "a solicitude circunscrita soamente ao Concello de Santiago de Compostela, é unha limitación para a adxudicación, dado que, a propia interesada non se concede a posibilidade de optar a outras vivendas que poderían estar dispoñibles en concellos limítrofes". Indicábase tamén que de acordo cos datos de que se dispoñía "na oficina xestora do programa as vivendas dispoñibles para o seu arrendamento coas que conta a oficina de Santiago de Compostela para todos os concellos que abrangue, é de 25, e, 115 en trámites para a súa incorporación, tendo á espera de vivenda 148 solicitantes cuxa unidade convivencial ten recoñecida a condición de cualificada, e 360 que son unidades de convivencia ordinaria".

Neste sentido, indicámoslle á reclamante que o Programa de Vivenda en Alugamento constitúe un mecanismo establecido pola Consellería de Vivenda e Solo para facilitar o acceso ao alugamento de vivendas de propietarios privados, e que polo tanto aínda que existan axudas da administración pública, o efectivo alugamento dunha vivenda dependerá tamén das condicións do mercado, no sentido de que ten que darse unha confluencia entre oferta e demanda.

A este respecto, na medida en que unha oficina xestora do programa adxudique as vivendas en alugamento seguindo os criterios establecidos legalmente, a tardanza na adxudicación dunha vivenda a un solicitante de axuda ao alugamento non afecta a cuestións de legalidade senón que vén determinada pola oferta concreta de vivendas que haxa no concello no que se solicita.

Por último, en relación coas axud**as concedidas en concepto de renda básica de emancipación** cómpre subliñar que foi a materia de vivenda na que recaeron máis queixas (do total de 67 queixas que afectan á vivenda 26 corresponden ao tema sinalado, unha porcentaxe de case un 40%). A este respecto, as queixas sobre a renda básica de emancipación refírense na súa maioría á demora na resolución das solicitudes por parte da

Consellería de Vivenda e Solo, podendo sinalarse neste sentido que en moitas delas poden transcorrer prazos de tempo de entre oito a dez meses entre a solicitude e o recoñecemento da axuda. Noutras queixas faise referencia á demora no pagamento das axudas logo de que estas son recoñecidas; nestes casos, debemos remitir a queixa ao Defensor del Pueblo, xa que é ao Ministerio da Vivenda a quen lle corresponde o pagamento da axuda, e por tanto debe ser esta institución quen tramite a queixa, en canto que afecta a un órgano da Administración Xeral do Estado.

En relación coas queixas recibidas respecto da tardanza na resolución das solicitudes de axuda, recibimos informes da Consellería de Vivenda e Solo nos que, ademais de referirse concretamente para cada caso ás causas que motivaban a demora (asociadas sempre a algún defecto na documentación achegada polo solicitante) sinalábase que "o atraso se debía ao elevado número de solicitudes presentadas, comportando cada unha delas unha serie de trámites que en ocasións dificultaban ou impedían o estrito cumprimento dos prazos de tramitación, pese aos esforzos da delegación correspondente por axustarse a eles".

Por outra parte, sinalábase tamén nestes informes que "malia que o artigo 4.2 do Real decreto 1472/2007, do 2 de novembro, polo que se regula a renda básica de emancipación, establece en dous meses o prazo máximo para instruír e resolver o expediente de recoñecemento do dereito á RBE, o artigo 2 da Lei 6/2001, do 29 de xuño, de adecuación da normativa da Comunidade Autónoma de Galicia á Lei 4/1999, do 13 de xaneiro, de modificación da Lei 30/1992, do 26 de novembro, de réxime xurídico das administracións públicas e do procedemento administrativo común, ao regular o silencio administrativo sinala no seu parágrafo segundo que "nos procedementos de concesión de subvención ou de calquera outra axuda pública que se inicien por solicitude do interesado, esta entenderase desestimada por silencio administrativo se ao vencemento do prazo establecido en cada caso non se ditou resolución expresa".

Indicándose finalmente nestes informes que "esta previsión de silencio administrativo desestimatorio non impide que, transcorrido o prazo máximo de dous meses ao que se fixo referencia, estas solicitudes poidan e deban ser resoltas expresamente de maneira positiva ou negativa, debendo terse en conta a respecto que en caso positivo e de

conformidade co previsto no artigo 3.2 do Real decreto 1472/2007, a axuda mensual de 210 € percibirase por meses completos, con efectos desde o mes seguinte ao da solicitude".

Á vista do importante número de queixas recibidas nesta materia, e das razóns de elevado volume de solicitudes que aducía nos seus informes a Consellería de Vivenda e Solo, desde esta oficina do Valedor do Pobo solicitamos un informe de carácter xeral en relación con esta problemática, e recibimos un informe da Consellería de Vivenda e Solo no que se fai unha expresa referencia á situación da tramitación e pagamento da renda básica de emancipación en Galicia a data do 24-10-08.

En relación con este aspecto no informe citado indícase expresamente o seguinte:

"En referencia á tramitación administrativa das solicitudes de renda básica de emancipación na nosa Comunidade Autónoma podemos facilitar os seguintes resultados:

Provincia	**N. de solicitudes**	**Resolucións definitivas**	**Resolucións Provisionais**	**Resolucións Denegadas**	**Total Resoltas**	**% Resoltas sobre n. solicitudes**
A CORUÑA	**7771**	**2269**	**288**	**1255**	**3812**	**49%**
LUGO	**1999**	**922**	**175**	**450**	**1547**	**77%**
OURENSE	**1731**	**1211**	**296**	**224**	**1731**	**100%**
PONTEVEDRA	**5446**	**2485**	**411**	**998**	**3894**	**72%**
TOTAIS	**16947**	**6887**	**1170**	**2927**	**10984**	**65%**

A media de expedientes resoltos en Galicia é de 1100 por mes. Sendo a nosa Comunidade Autónoma a cuarta en número de solicitudes de todo o Estado.

Por outra parte, Galicia, ao 30 de setembro, é a quinta comunidade en número de expedientes resoltos de todo o Estado. Debendo terse en conta que por si só o número de solicitudes presentadas nalgunha das provincias galegas supera moitas comunidades autónomas. Así, a provincia da Coruña, con 7771 solicitudes, colocaríase no noveno lugar das 17 comunidades e 2 cidades autónomas de Ceuta e Melilla, superando comunidades autónomas como Aragón, País Vasco e Murcia, entre outras.

As sociedades públicas están facendo un enorme esforzo e adoptaron as medidas necesarias para tramitar aínda con maior celeridade este número de solicitudes no menor tempo posible.

Debemos igualmente facer referencia ao pagamento das axudas. Así, polo que se refire ao sistema de pagamento das axudas da renda básica de emancipación:

De conformidade co disposto non artigo 4.5 do Real decreto 1472/2007, do 2 de novembro, *"A comunidade autónoma ou cidade de Ceuta ou Melilla notificará a resolución ao interesado e a comunicará de forma simultánea ao Ministerio de Vivenda a través dun sistema de comunicación automatizada. O ministerio, previos os trámites que procedan, ordenará á entidade de crédito colaboradora o pagamento das axudas."* Así mesmo a aliña 6 do referido artigo 4 dispón que: *"O interesado presentará a resolución de recoñecemento definitivo do dereito á renda básica de emancipación á entidade de crédito colaboradora a través da cal solicitase recibir as ditas axudas. A entidade comunicarao ao Ministerio de Vivenda se non recibise previamente deste a autorización de pagamento, para os efectos de obtela, segundo os criterios que se acorden ao efecto co devandito ministerio."*

De acordo co disposto no artigo 7 do Real decreto 1472/2007, do 2 de novembro, o Ministerio de Vivenda asinou un convenio de colaboración, nos termos previstos no artigo 6 da Lei 30/1992, do 26 de novembro, coa Consellería de Vivenda e Solo, coa referencia 2008/05575 e publicado mediante resolución do 7 de marzo do 2008, no que se establece:

"Cláusula Segunda. Actuacións a cargo do Ministerio de Vivenda.- O Ministerio de Vivenda comprométese á realización das seguintes actuacións:

1. Achega de recursos financeiros por parte do Ministerio de Vivenda.- O Ministerio de Vivenda comprométese a aboar directamente as axudas estatais correspondentes a aqueles beneficiarios aos que a Comunidade Autónoma recoñecese o

dereito á RBE, de conformidade co Real Decreto 1472/2007, do 2 de novembro. A contía total das ditas axudas imputarase aos orzamentos anuais do Ministerio de Vivenda."

En canto aos expedientes de pagamentos realizados polo Ministerio de Vivenda, e tendo en conta os datos facilitados por este con data 30 de setembro do 2008 se reflicte a seguinte situación:

PROVINCIA	PAGAMENTOS
A CORUÑA	455
LUGO	405
OURENSE	505
PONTEVEDRA	981
TOTAIS	2346

Dos datos obtidos no presente informe conclúese que a Comunidade Autónoma de Galicia realizou un total de 6887 resolucións de recoñecemento definitivo da renda básica de emancipación, das cales o Ministerio de Vivenda pagou 2346, o que supón un 34% do total de rendas básicas de emancipación resoltas positivamente pola Consellería de Vivenda e Solo.”

A este respecto, da información facilitada pola Consellería de Vivenda e Solo pode deducirse que Galicia é unha das comunidades autónomas nas que se reciben máis solicitudes de axudas para alugamento de vivenda en concepto de renda básica de emancipación, o que en parte podería xustificar as demoras producidas na tramitación das solicitudes. Sen embargo, dado que o obxectivo destas axudas se refire a un aspecto tan principal como é a vivenda, e que van dirixidas a un sector, como é o dos novos, cunha vida laboral caracterizada pola precariedade e o baixo nivel salarial, deberían implementarse os recursos de persoal necesarios para unha maior axilización administrativa tanto dos trámites de recoñecemento, de ser o caso, das axudas, como do seu pagamento.

1.2.5 RESOLUCIÓNS DO VALEDOR DO POBO EN MATERIA DE URBANISMO E VIVENDA.

1.- Recordatorio de deberes legais dirixido ao Alcalde-Presidente do Concello de Ferrol en data 7 de xullo de 2008 para que impoña as medidas de execución forzosa necesarias para o cumprimento da orde municipal de cesación de actividades ilegais. (Q/267/05).

Ante esta institución do Valedor do Pobo, mediante escrito de queixa de data do 21-3-05, compareceu solicitando a nosa intervención, Dª. M. F. R. C., con domicilio nesa cidade de Ferrol.

No seu escrito, esencialmente, indicábanos que nunha parcela na contorna do seu domicilio se realizara un cerrado por D. F. C. S. (empresa construtora "C") de varios metros de altura e de bloques de formigón, cando só se permiten cerrados de 0,60 de opaco e ata 1,80 de malla ou vexetal, e que dentro desta parcela (rúa Cabalo Branco, 18), se estaban acumulando restos de obras por parte do seu propietario. Manifestaba a reclamante que aínda que remitira a ese concello escritos de denuncia sobre os feitos descritos, sen embargo non recibira contestación.

Considerando que a queixa reunía os requisitos formais recollidos no artigo 18 da Lei do Valedor do Pobo, e que atopaba en principio cobertura constitucional derivada do artigo 103.1 da Constitución, no que se refire aos principios de legalidade e de eficacia que deben rexer as actuacións das administracións públicas, admitiuse a trámite e promoveuse a investigación sumaria e informal para o esclarecemento dos supostos en que se baseaba.

En concreto, solicitáramos dese concello, que nos facilitase información sobre o problema que motivara a queixa, e en particular sobre os resultados da inspección practicada no lugar dos feitos denunciados, e se había autorización ou licenza para a construción do cerrado, e se por parte desa administración municipal se abrira algún expediente de disciplina urbanística.

A este respecto, recibimos dous informes desa administración municipal nos que se constataba que se realizara un cerrado excedéndose das condicións establecidas na licenza concedida ao interesado (abrírase por ese concello un expediente de reposición da legalidade urbanística), e que na parcela á que se refería a queixa se atopaban depositados diversos materiais de construción (segundo se facía constar nun informe da policía local).

En consecuencia, en relación cos feitos que quedaran constatados estimamos que debían facerse determinadas consideracións xurídicas, derivadas tanto da Lei 9/2002, sobre ordenación urbanística e protección do medio rural de Galicia como do Regulamento de disciplina urbanística, aprobado polo Decreto da Xunta de Galicia 28/1999, do 21 de xaneiro.

Por outra parte, estimabamos que a utilización ou ocupación dun terreo para unha actividade como a que se expresa na queixa (e constátase polo informe da policía local) requiría unha previa autorización administrativa baixo a forma dunha licenza de apertura, que no caso de observarse que a actividade desenvolvida na parcela podía incluírse nalgunha das aliñas do nomenclátor de actividades anexo ao Decreto 2414/1961, do 30 de novembro, que aproba o RAMINP, ou xenericamente podía estimarse incluída no artigo 2 deste regulamento, debería tramitarse como unha licenza de actividade clasificada. Por outra parte e na medida na que na parcela á que se refería a queixa se observase a existencia de refugallo derivado da actividade de construtor que, ao parecer, exercía D. F.C.S., deberían terse en conta por esa administración municipal as previsións da Lei 1/1997, do 22 de agosto, de residuos sólidos urbanos de Galicia, en particular sobre o exercicio das competencias sancionadoras previstas no artigo 43 da citada Lei.

Á vista do anteriormente expresado e de acordo co previsto no artigo 32.1 da Lei do Valedor do Pobo formulámoslle a ese concello na data do 27-4-06 (RS nº 2301) un recordatorio de deberes legais nos seguintes termos: *"Que por parte desa administración municipal, ademais de axilizar a tramitación do expediente de reposición da legalidade urbanística referido ao cerrado da parcela, se proceda a exercer a potestade de disciplina urbanística en relación coa utilización da parcela á que se refire a queixa como depósito de materiais de construción, sen contar con licenza ou autorización para esta actividade, e que se tomen ademais as medidas legalmente pertinentes para o caso de que a parcela se*

empregue tamén como lugar para depositar refugallo derivado da actividade da construción".

A este respecto, recibimos unha resposta dese concello ao recordatorio formulado a través do escrito do 10-10-08 (RS nº 25883), na que nos indican expresamente o seguinte:

> *"Primeiro.- Con data de cinco de setembro de dous mil seis, aprobouse resolución pola que se lle ordena a F.C.S. que proceda a axustar as obras que executou e consistentes na execución dun muro de cerrado da parcela sita na rúa Cabalo Branco, nº 18, ás condicións das licenzas outorgadas con datas do 28/10/02 e 25/06/03.*
>
> *Segundo.- Con data de quince de setembro de dous mil seis, remitiuse á Delegación Provincial da Consellería de Medio Ambiente Obras Públicas e Vivenda escrito en relación co movemento de terras na parcela situada en Cabalo Branco, 18 (solo rústico apto para urbanizar) propiedade de don F. C. S.*
>
> *Terceiro.- Con data de seis de outubro de dous mil seis, aprobouse resolución ordenando o cesamento de acumulación de material de construción que se está a realizar por don F.C.S. na parte posterior do inmoble sito na rúa Cabalo Branco, 18."*

Á vista do anteriormente expresado procedería naquel momento a conclusión do presente expediente de queixa, pero recibimos un novo escrito da reclamante no que nos sinalaba que a situación denunciada continuaba a ser a mesma, que o muro de cerrado seguía na súa configuración anterior, que non se axusta á normativa urbanística, e que o soar seguía utilizándose como almacén de materiais de construción sen ningún tipo de permisos. Tendo en conta este novo escrito da reclamante na data do 13-4-07 solicitamos un informe a ese concello.

Neste sentido, recibimos un novo escrito dese concello do 2-5-07 (RS n.º 11691) no que se facía referencia outra vez ás resolucións municipais mencionadas no anterior informe, pero que non se cumprían polo interesado (a orde de axuste do cerrado fora

impugnada na vía contencioso-administrativa), e ademais aludíase a unha actuación da Consellería de Política Territorial Obras Públicas e Transportes en relación cun movemento de terras. Así as cousas, nesta institución do Valedor do Pobo procedemos a concluír a nosa intervención no que se refería ao cerrado, por tratarse dun asunto *sub iudice*. Por outra parte, en relación coas actuacións materiais de movemento de terras solicitámoslle un informe á Consellería de Política Territorial Obras Públicas e Transportes, quen en razón a clasificación urbanística do solo sería a administración competente para actuar.

A este respecto, recibimos un escrito da delegación provincial da citada consellería que se acompañaba dun informe-proposta 26-11-07 do xefe de Servizo de Urbanismo e Inspección Territorial, do que lle facilitamos unha fotocopia á reclamante, e do que se podía deducir que pola consellería se pretendían abrir expedientes de reposición da legalidade urbanística e sancionador por infracción urbanística moi grave. Por outra parte, no citado informe-proposta indicábase que se debía requirir a ese concello *"para o exercicio das potestades de disciplina urbanística con respecto ao cerrado e ao recheo na parte de solo urbano da parcela"*.

Por outra parte, no último escrito remitido pola reclamante indicábase expresamente que:

> *"Referente ao recheo que Construcciones F.G. fixo na parcela elevando a altura do soar (en algures ata 1,5 metros) a base de entullos da construción, cómpre dicir que este construtor estendeu todo o refugallo, tapou con area e sementou herba para disimular os camións de entullo (incluso restos de uralitas prohibidas polo alto contido en amianto) que alí hai enterradas. Todos os veciños testantes queremos que esas toneladas de residuos da construción se saquen da parcela e se envíen a unha empresa de reciclaxe como manda a lei. Xa houbo inundacións este inverno pasado en casas lindeiras cousa que nun ocorrera antes de existir este vertedoiro clandestino.*

Comentar tamén que a parcela continúa a ser un almacén de materiais de construción tantos novos como usados (Foto 1) e incluso noutras parcelas ó longo da rúa Cabalo Branco esta empresa ten casetas de obra usadas e materiais de construción (Foto 2).

Todo este recheo, almacén e localización irregular desta empresa construtora xa foi denunciado no seu día ao Concello de Ferrol, ao SEPRONA, á Delegación Provincial de Política Territorial e á Delegación Provincial de Medio Ambiente sen que ata hoxe producisen efecto algún.

Os afectados non podemos entender que o camión e demais maquinaria de construción sigan entrando e saíndo do garaxe da vivenda Cabalo Branco, 18 sen que existan permisos para esta actividade, nin disco advertindo do perigo de saída de camións, nin tan sequera disco de vado permanente."

Así as cousas, no último informe remitido por ese Concello de Ferrol do 31-1-08 (RS n.º 2880), sinálase que na data do 11-12-07 se emitiu un informe pola policía local e unha reportaxe fotográfica sobre a actividade na rúa Cabalo Branco, e que tamén se atopa aberto o expediente de AM RL 13/06 de orde de cesación de acumulación de material de construción que está a desenvolver D. F.C.S. na parte posterior do inmoble n.º 18, da rúa Cabalo Branco. A este respecto, no citado informe da policía local sinálase expresamente o seguinte: *"el constructor D. F.C.S, con DNI 32.615.127-T, domiciliado en Caballo Blanco núm. 28, sigue usando el bajo como almacén de materiales de construcción, también sigue entrando y saliendo un camión y maquinaria, la parcela se encuentra cerrada con bloques de hormigón con una altura de 2'50 m. por la parte trasera, 2'30 y 1'90 por los lados, el interior de la parcela fue rellenado con escombros y tierra."*

En consecuencia, tendo en conta o anteriormente expresado pode afirmarse que o interesado continúa coas súas actividades ilegais na parcela da súa propiedade, que ocasionan molestias aos veciños, podendo xerar tamén determinadas situacións de risco por estas actividades das que ao parecer carece de autorización municipal. Neste sentido,

debemos subliñar que no expediente aberto pola acumulación de material de construción se adoptou unha orde de cesación na data do 6-10-06, que ata o momento non se cumpriu, polo que deberían de adoptarse medidas de execución forzosa como a imposición de multas coercitivas. Por outra parte, indícanos a reclamante no seu último escrito que a sentenza do xulgado contencioso-administrativo desestimou o recurso presentado polo interesado contra a orde de derrubamento parcial do cerrado da parcela.

Á vista do expresado, e de acordo co artigo 32.1 da Lei do Valedor do Pobo, procedemos a formularlle á Alcaldía-Presidencia do Concello de Ferrol un **RECORDATORIO DE DEBERES LEGAIS** nos seguintes termos:

"Que por parte desa administración municipal e para o efectivo cumprimento das resolucións municipais acordadas para poñer fin ás actividades ilegais desenvolvidas pola persoa denunciada se proceda coa máxima dilixencia a impoñer as medidas de execución forzosa que fosen axeitadas ao caso, como serían as multas coercitivas, que deberían reiterarse ata o efectivo cumprimento das ordes municipais adoptadas"

Na resposta remitida polo Concello de Ferrol non se menciona o aspecto da actividade realizada sen autorización, e en canto ao muro ilegal, cuxa demolición parcial se confirmou en sentencia xudicial, indicase na resposta do Concello que o interesado solicitou licenza para modificacións no muro, que lle denegaron, e presentou alegacións que lle desestimaron, sen que conste que o Concello promovese a execución forzosa, polo que se mantén a situación irregular.

2.- Recordatorio de deberes legais dirixido ao Alcalde-Presidente del Concello de Carnota en data 28 de abril de 2008 para que se adopten as medidas previstas legalmente para a execución dunha orde municipal de demolición parcial dunhas obras ilegais. (Q/1003/05).

Ante esta Institución, mediante escrito de queixa de data do 28-10-05, compareceu, solicitando a nosa intervención, D. J.P.F.D. con domicilio no Concello de Carnota.

No seu escrito, esencialmente, indicábanos que nun terreo lindeiro coa súa casa familiar existía un pequeno taller de ferralla e que dende había aproximadamente uns 10 anos se ampliara coa instalación de maquinaria moderna, e que esta circunstancia ocasionaba molestias aos veciños, en particular a eles por seren os veciños máis inmediatos, sen que chegaran a presentar ningunha denuncia nesa administración municipal. Indicaba tamén o reclamante que no mes de abril do 2005 o dono do taller procedera a unha nova ampliación das instalacións (ao parecer conseguira unha licenza municipal para a construción dun garaxe), e que as obras realizadas nese momento non se axustaban ás autorizadas pola licenza, xa que esta ampliación non gardaba o recuamento esixido ao fronte da estrada e, ademais tampouco gardaba a distancia esixida (tres metros) ao linde da súa propiedade. Finalmente, manifestaba o reclamante no seu escrito de queixa que estas circunstancias, que implicaban unha infracción urbanística foran denunciadas repetidamente en comparecencia persoal nesas oficinas municipais.

Considerando que esta queixa reunía os requisitos formais recollidos no artigo 18 da Lei do Valedor do Pobo, e que atopaba en principio cobertura constitucional derivada do artigo 103.1 da Constitución, no que se refería aos principios de legalidade e de eficacia que deben rexer as actuacións das administracións públicas, admitiuse a trámite e promoveuse a investigación sumaria e informal para o esclarecemento dos supostos en que se baseaba.

En concreto, solicitamos dese concello que nos facilitase información sobre o problema que motivara a queixa, en particular sobre os resultados da inspección practicada

polos servizos técnicos municipais no lugar dos feitos denunciados, e sobre a resolución que en función deses resultados se adoptara por ese concello.

A este respecto, e logo de reiterarlle nunha ocasión a nosa petición de información, recibimos un informe dese concello de data do 16-3-06 (RS n.º 440, do 17-3-06) no que se indicaba expresamente que *"en relación cunha denuncia do reclamante respecto das obras realizadas por D. D.L.P., o cal conta con licenza para a construción dun alpendre e debido a que as obras a executar non se adaptan á licenza concedida, esta concellaría en data 15 de marzo de 2006, procedeu a resolver ao respecto"*.

O citado informe acompañábase dunha fotocopia dun Decreto municipal do 15-03-06 no que se acordara o seguinte:

> *"1º.- Dispor a suspensión inmediata dos actos de construción de alpendre que promove D. D.L.P. no lugar de Lariño, neste municipio, coa advertencia de que, de continualos, se precintarán as obras, instalacións e elementos auxiliares das actividades obxecto de suspensión, sen prexuízo da imposición de multas coercitivas que procedesen.*
>
> *2º.- Requirir ao interesado para que no prazo de tres meses solicite a legalización das obras ou as axuste ás condicións da licenza urbanística que se lle concedeu, coa advertencia de que noutro caso se tramitará o expediente de reintegración da realidade física."*

En consecuencia, á vista da información facilitada por ese concello, da que lle damos traslado ao reclamante, procedemos a concluír provisionalmente a nosa intervención no problema que motivara a queixa, en tanto que esa administración municipal adoptara o acordo legalmente previsto para o caso de obras realizadas sen axustarse á licenza concedida, como era a suspensión inmediata dos actos de construción e o requirimento para solicitar a legalización das obras. Indicámoslle ao reclamante que tiña como interesado o dereito a comparecer en calquera momento no expediente administrativo.

Posteriormente, na data do 15-11-06 solicitamos dese concello un informe complementario xa que recibíramos un novo escrito do reclamante no que indicaba que a situación material da obra seguía sen modificar, e que ao parecer o interesado presentara un proxecto para a legalización da obra.

Desde ese concello, e logo de reiterarlle en dúas ocasións a nosa petición de información, remitíronnos un novo escrito de data do 15-2-07 (RS n.º 708, do 13-4-07) do que lle demos traslado ao reclamante, e que se acompañaba dunha resolución adoptada por ese Concello con data do 15-2-07, e na que se indicaba expresamente na súa parte final que:

> *"SEGUNDO.- Considerar que as obras realizadas polo interesado incumpren as distancias ó lindeiros de 3,00 metros que establece a normativa urbanística municipal nin respectan a aliñación oficial establecida nos planos de ordenación, resultando por iso incompatibles co ordenamento urbanístico nestes aspectos.*
>
> *TERCEIRO.- En cumprimento do disposto no artigo 209.5 da Lei 9/2002, e tendo en conta que transcorreu con exceso o prazo concedido para axustarse ás condicións da licenza outorgada sen que o interesado axustase a obra ás ditas condicións, e resultando comprobado que non se respectan as distancias a lindeiros nin a aliñación oficial establecida nos planos de ordenación, procede ordenar a demolición parcial a custa do interesado do alpendre construído por D. D.L.P. no lugar indicado, por incumprir as condicións a licenza municipal no tocante ao recuamento de 3,00 metros dos lindeiros e o recuamento e a situación da edificación á aliñación oficial con relación á vía pública, ordenando igualmente o cesamento definitivo do uso do dito alpendre.*
>
> *CUARTO.- Conceder un prazo dun mes para retirar os avíos que teña no dito alpendre para dar cumprimento ao cesamento definitivo do seu uso e un prazo de 3 meses para cumprir coa demolición ordenada".*

Tendo en conta a información recibida dese concello procedemos a concluír a nosa intervención no problema que motivou a queixa en tanto que por parte desa administración municipal se adoptara unha resolución congruente coas actuacións urbanísticas denunciadas e as previsións que para estas situacións de ilegalidades urbanísticas establece a vixente Lei 9/2002 sobre ordenación urbanística de Galicia. Sen embargo, recibimos posteriormente un novo escrito do reclamante no que indicaba que transcorrera un prazo longo de tempo sen que se cumprisen polo interesado as medidas de restauración da legalidade urbanística.

En consecuencia, na data do 3-10-07 solicitamos novamente a información dese Concello de Carnota sobre o trámite actualizado do expediente de reposición da legalidade urbanística ao que se refire a queixa, e logo de reiterarlle nunha ocasión a petición de información, recibimos un novo informe do 3-12-07 no que se indica expresamente o seguinte:

> *"Que despois dos requirimentos feitos por diferentes vías o señor Lamela para que canto antes axustase voluntariamente ás condicións da licenza a obra realizada, sen recibir ningunha clase de resposta tendente a solucionar a situación, o concello atópase sen autoridade fronte ao sancionado, dado que este fai caso omiso a todos os avisos feitos por esta administración.*
>
> *A resolución que quere o denunciante, D. José Pablo., que se cumpra, é a ditada o quince de febreiro do ano 2007, polo que era nese momento concelleiro delegado de Urbanismo, o Sr. Tte. de Alcalde D. Manuel Noceda Lamela, e que leva aparellada unha sanción de derrubamento, sanción radical, que debe ser, dende o punto de vista deste concello, coidadosamente estudada e suficientemente meditada, e a poder ser ratificada por outro órgano, institución ou administración para que deste xeito antes do derrubamento, se estean garantindo os dereitos de todos os administrados, incluídos os do sancionado."*

Tendo en conta o anteriormente expresado estimamos nesta institución do Valedor do Pobo que deben facerse determinadas consideracións atendendo á lexislación urbanística aplicable para as situacións constatadas de ilícito urbanístico.

A este respecto, cómpre subliñar que a normativa urbanística vixente atribúe aos concellos competencias directas para o exercicio da potestade de disciplina urbanística, e polo tanto para adoptar medidas de restauración da legalidade urbanística, como é o caso dunha demolición parcial dunha obra ilegal, e para facer executar as correspondentes resolucións administrativas mediante os medios de execución forzosa previstos legalmente. Neste sentido, agás nos casos en que pola concreta clasificación urbanística do terreo en que se cometa a infracción urbanística correspondan á Administración autonómica as competencias de disciplina urbanística, é a Administración municipal quen ten a obrigación de exercer esa potestade administrativa. Unicamente no caso no que a resolución administrativa se impugnase en vía xudicial e que polo órgano xudicial se acordase a suspensión do acordo de demolición, podería deixarse en suspenso esa medida de reposición da legalidade urbanística alterada.

Neste sentido, cómpre ter en conta que no artigo 94 da Lei 30/1992, sobre procedemento administrativo común se establece expresamente que os actos das administracións públicas suxeitos ao dereito administrativo serán inmediatamente executivos. Neste precepto legal cítanse varios supostos excepcionais nos que non prevalecería este principio de executoriedade dos actos administrativos, pero que en todo caso ningún deles afectaría ao citado acordo municipal.

A este respecto, no suposto de que o interesado non cumpra voluntariamente o ordenado, como ocorre no presente caso, establece a citada lei no seu artigo 95 que “as administracións públicas, a través dos seus órganos competentes en cada caso, poderán proceder, previo apercibimento, á execución forzosa dos actos administrativos”, e entre os medios de execución forzosa aos que se refire o artigo 96 poden mencionarse singularmente para este caso os de execución subsidiaria e multa coercitiva, referíndose expresamente a estas medidas o artigo 209.6 da citada Lei 9/2002, sobre ordenación urbanística, ao que se fai remisión no artigo 210 que é o aplicable a obras rematadas sen

licenza ou excedéndose da licenza concedida. Neste sentido, debemos significarlle que nun caso como o que motivou a presente queixa e para restablecer a legalidade urbanística deberá esa alcaldía procurar dunha maneira eficaz que non se consolide a infracción urbanística cometida.

Sen embargo, pola información de que dispoñemos neste expediente de queixa non consta que por ese concello se impuxesen multas coercitivas ao interesado, nin tampouco se efectuase a execución forzosa a través do mecanismo da execución subsidiaria.

En consecuencia, á vista do anteriormente sinalado e de acordo co previsto no artigo 32.1 da Lei do Valedor do Pobo, procedemos a formularlle á Alcaldía-Presidencia do Concello de Carnota o seguinte **recordatorio de deberes legais:**

"Que por parte desa administración municipal se adopten as medidas conducentes á execución da orde de demolición parcial acordada para a obra que denunciou o reclamante, e que foi declarada parcialmente ilegalizable por non gardar os recuamentos exixibles aos lindeiros da propiedade veciña e non axustarse tampouco á aliñación prevista no Plan urbanístico en relación cunha vía pública, e que polo tanto se adopten por ese concello as medidas de execución forzosa previstas legalmente".

Na contestación que recibimos do Concello de Carnota ao recordatorio de deberes legais que lle formulamos consta un novo requirimento ao promotor das obras ilegais para que proceda a súa demolición, advertíndolle que en caso de incumprimento se lle impoñerán medidas de execución forzosa, como a execución subsidiaria ou as multas coercitivas.

3.- Recomendación dirixida ao Alcalde-Presidente do Concello de Malpica en data 16 de outubro de 2008 para que exerza as funcións de inspección e de disciplina urbanística en relación con varias denuncias. (Q/1124/05).

Ante esta Institución, mediante escrito de queixa, compareceu solicitando a nosa intervención, D. J. M. H.M. A. con domicilio en Carballo.

No seu escrito, esencialmente, indicábanos que nas datas do 23 e 24 de febreiro de 2005 presentara denuncias, por carecer da correspondente licenza de apertura, contra diversos establecementos mercantís e industriais sitos nese Concello de Malpica, indicando que ata o momento non recibira notificación dese concello sobre a resolución adoptada en relación coas denuncias referidas. No seu escrito de queixa tamén se refería ás medidas adoptadas por ese concello respecto do peche dun tanatorio, do que tiña a súa propiedade, pero este aspecto da queixa non se admitiu a trámite, por tratarse dun problema que ao parecer xa foi resolto xudicialmente, e por incompatibilidade da actividade coa normativa urbanística vixente nese concello.

Considerando que esta queixa reunía os requisitos formais recollidos no artigo 18 da Lei do Valedor do Pobo, e que atopaba en principio cobertura constitucional derivada do artigo 103.1 da Constitución, no que se refire aos principios de legalidade e de eficacia que deben rexer as actuacións das administracións públicas, admitiuse a trámite e promoveuse a investigación sumaria e informal para o esclarecemento dos supostos en que se baseaba.

En concreto, na data do 2-2-06 solicitamos dese concello, que no prazo de 15 días, de acordo co previsto no artigo 22.1 da Lei do Valedor do Pobo, nos facilitase información sobre un dos aspectos que motivaron a queixa, concretamente sobre os resultados das inspeccións practicadas por ese concello en relación coas denuncias presentadas polo reclamante e as medidas que se estimasen axeitadas para a reposición da legalidade urbanística, no caso de que os establecementos denunciados carecesen de licenza.

A este respecto, logo de lle reiterar a ese concello a nosa petición de información en dúas ocasións, recibimos un informe desa administración municipal do 1-6-06 (RS n.º

1919) no que se indicaba expresamente o seguinte *"que os servizos municipais acometeron a tarefa de investigación necesaria co obxecto de facilitar a información solicitada; a necesidade de recorrer ao arquivo municipal, a existencia de expedientes de grande antigüidade e o feito de que os órganos asesores deste concello foran substituídos recentemente, é preciso solicitar dese alto órgano a concesión dun prazo de tres meses co fin de poder dar satisfacción á súa petición".*

Así as cousas, pasado o prazo indicado no anterior informe solicitamos nova información dese concello, e recibimos un escrito desa administración municipal do 18-10-06 (RS n.º 4380, do 23-10-06) no que se sinalaba expresamente o seguinte:

> *"Que por parte deste concello e debido aos escasos medios materiais e persoais é practicamente imposible responderlle de inmediato, así como realizar as accións que correspondan en cada caso debido a que a maior parte dos expedientes en cuestión se atopan arquivados dado que son licencias concedidas no ano oitenta e sete, oitenta e oito, oitenta e nove, dous mil e así sucesivamente ata o día da data. Algúns incluso foron concedidas en data anteriores.-*
>
> *Non todos os establecementos aos que fai referencia están sen licenza como el afirma nos escritos presentados, posto que por parte dos servizos técnicos se examinaron parte deles e os que a continuación se detallan teñen licenza concedida nas seguintes datas.*

ESTABLECEMENTO	DATA DA LICENCIA
Pizzería A L.	17-12-1998
Tienda Ropa F.	15-6-2005
Clínica Dental	27-9-2000
Super M. M.	7-11-1989
Peluquería E.	7-3-1990
Peluquería J.	17-8-1987
Restaurante E.	15-11-1988
Maderas O. C.	4-2-1998
Video Club	15-3-1988
Autescola. D.	16-5-1989
S. F.	9-2-2001
Bar s.	20-8-1997
Pub P.	9-10-1997

Actualmente os servizos de urbanismo deste concello se atopan practicamente colapsados debido ao incremento de solicitudes de licenza de obra, petición de certificación urbanística, etc., como consecuencia da gran demanda urbanística existente na zona. Pero a pesar de todo intentase compaxinar o traballo diario co exame dos expedientes denunciados, sen que se paralicen os servizos que se deben prestar por parte da administración.

De todos e sabido que segundo o establecido no ordenamento xurídico español, as entidades locais teñen encomendada a función de policía, que debe exercer polos seus propios medios. No caso dos establecementos debe facerse cumprir a través da concesión das licencias de apertura, que se pode definir como: "acto administrativo, en virtude do cal a administración consinte o exercicio polo peticionario dun dereito propio preexistente, pero que non pode exercitarse sen permiso da autoridade competente, logo de se contrastaren pola administración as circunstancias que xustifican ese exercicio". Neste concello na medida do posible e cos medios dos que se dispón, que ás veces son insuficientes, procúranse levar a cabo.-

Por parte desta alcaldía vaise intentar que se examinen todos e cada un dos expedientes denunciados polo Sr. H., dentro das posibilidades existentes dado o escaso persoal co que conta o concello e que tamén ten que atender ao funcionamento diario e normal deste, sen que se paralice actividade diaria.

Cando sexan examinados o restos dos expedientes, informarase ao Valedor do Pobo como está a tramitación e actuacións que se leven en cada caso."

Posteriormente, o reclamante remitiunos un novo escrito no que manifestaba que non recibira información dese concello sobre a tramitación das diferentes denuncias presentadas, polo que novamente, na data do 22-8-07, solicitamos un informe complementario sobre a tramitación das denuncias do reclamante. Esta solicitude de informe tivemos que reiterala nas datas do 10-10-07, 20-11-07 e 4-4-08, sen que ata o momento recibíramos a información solicitada.

A este respecto, e á vista do longo período de tempo transcorrido desde a presentación das denuncias polo reclamante, estimamos que deben facerse algunhas consideracións sobre a tramitación destas denuncias. Neste sentido, cómpre subliñar que no artigo 12 do Regulamento do procedemento para o exercicio da potestade sancionadora, aprobado polo R. D. 1398-1993, do 4 de agosto, indícase expresamente o seguinte:

> *"1.Con anterioridade á iniciación do procedemento, poderanse realizar actuacións previas co obxecto de determinar con carácter preliminar se concorren circunstancias que xustifiquen tal iniciación. En especial, estas actuacións orientaranse a determinar, coa maior precisión posible, os feitos susceptibles de motivar a incoación do procedemento, a identificación da persoa ou persoas que puidesen resultar responsables e as circunstancias relevantes que concorran nuns e noutros.*
>
> *2. As actuacións previas serán realizadas polos órganos que teñan atribuídas funcións de investigación, pescuda e inspección na materia e, en defecto destes, pola persoa ou órgano administrativo que se determine polo órgano competente para a iniciación ou resolución do procedemento."*

Neste sentido, tendo en conta que as denuncias presentadas polo reclamante, e ás que alude a presente queixa, tiveron entrada nese concello na data do 24-2-05, debe subliñarse que transcorreron máis de tres anos e medio desde a súa presentación, sen que ata o momento conste que por esa administración municipal se investigasen as denuncias referidas, agás unha pequena parte delas.

En consecuencia, estimamos que dado o tempo transcorrido desde que a ese concello lle constan os feitos denunciados polo reclamante, a pouca efectividade das actuacións de inspección non pode atopar xustificación nun entorpecemento do funcionamento normal dos servizos municipais, nin tampouco por escasos que fosen os recursos humanos e materiais cos que conta ese concello podería xustificarse por este motivo esta falta de efectividade na pescuda das denuncias presentadas.

En consecuencia, e de acordo co previsto no artigo 32.2 da Lei do Valedor do Pobo, procedemos a formularlle a ese concello unha **RECOMENDACIÓN** nos seguintes termos:

"Que por parte desa administración municipal se proceda a poñer os medios persoais e materiais necesarios para atender as funcións de investigación e de inspección en relación cos feitos denunciados polo reclamante, respecto da falta de licenza de apertura en varios establecementos mercantís de distinta natureza, e se adopten as medidas legais oportunas para o caso de que as actividades denunciadas se realicen sen contar coas necesarias licenzas municipais, ou outras autorizacións administrativas"

Respuesta del Alcalde de Malpica: Aceptada

4.- Recordatorio de deberes legais dirixido ao Alcalde-Presidente do concello de Mondariz en data 25 de setembro de 2008 para que se ordene a inmediata remisión dunha denuncia por infracción urbanística ao órgano da Administración autonómica competente en materia de disciplina urbanística. Q/165/06.

Ante esta Institución do Valedor do Pobo, mediante escrito de queixa, compareceu, solicitando a nosa intervención, Dª. C. L. T., con domicilio nese Concello de Mondariz.

No seu escrito, esencialmente, indicábanos que na data do 2.4.04 presentara un escrito de denuncia por unha obra dun cerrado que se estaba construíndo por D.ª B.B.E. nunha leira lindeira coa súa en Hermesiña de Arriba, no barrio de Paredes, ao parecer sen licenza urbanística; nesa denuncia tamén se facía referencia a unha fosa séptica que non gardaba as distancias esixidas á divisoria entre as leiras. Esta denuncia reiterouse na data do 28.6.04, ampliándose neste novo escrito as razóns que se aducían pola reclamante para entender que houbera unha infracción urbanística, sen que ata o momento no que presentou a queixa se contestase por ese concello as denuncias referidas.

Considerando que esta queixa reunía os requisitos formais recollidos no artigo 18 da Lei do Valedor do Pobo, e que atopaba en principio cobertura constitucional derivada do artigo 103.1 da Constitución, no que se refire aos principios de legalidade e de eficacia que deben rexer as actuacións das administracións públicas, admitiuse a trámite e promoveuse a investigación sumaria e informal para o esclarecemento dos supostos en que se baseaba.

En concreto, solicitamos dese concello que, de acordo co establecido no artigo 22.1 da Lei do Valedor do Pobo, nos facilitase información sobre o problema que motivara a queixa, e en particular sobre se as obras (cerrado e instalación de fosa séptica) denunciadas polo reclamante dispoñían de licenza urbanística, e en caso afirmativo se se adaptaban á licenza concedida; por outra parte, solicitámoslle informe tamén sobre as obras de adaptación dunha antiga granxa á vivenda unifamiliar, nos mesmos termos indicados.

A este respecto, cómpre subliñar que desde esta oficina do Valedor do Pobo tivemos que reiterarlle ata en catro ocasións a esa alcaldía que nos remitise a información solicitada, ata que na data do 23-1-07 recibimos un escrito do 19-1-07 (RS nº 62, do 22-1-07) que se acompañaba dun expediente relativo á concesión dunha licenza de obras outorgada pola Xunta de Goberno Local do 11-5-04, con informe favorable do arquitecto técnico municipal.

A este respecto, logo de analizar a documentación remitida por ese concello puido observarse que aínda que a promotora das obras dispoñía dunha licenza do 11-5-04 para obras maiores de “reforma de nave para vivenda unifamiliar”, sen embargo nun informe do arquitecto técnico municipal do 23-11-04 facíase referencia a unhas obras consistentes nunha piscina e un muro, que non estaban incluídas na licenza, e que no momento de remitirse o informe (22-1-07) se atopan aínda ambas as obras pendentes dunha posible legalización.

Neste sentido, e na medida na que no resto da documentación achegada non constaba cal fora a sorte destas posibles legalizacións (desde novembro de 2004),

solicitámoslle a V.S. que, de acordo co establecido no artigo 22.1 da Lei do Valedor do Pobo, nos remitise un informe complementario sobre estes extremos.

En relación coa solicitude deste informe complementario tivemos que reiterarlle ata en tres ocasións a nosa petición de información, e finalmente recibimos un escrito do 8-6-08 (RS n.º 1094, do 8-7-08), que se acompaña, o que non se pedía nin tampouco era necesario, do anterior informe do 19-1-07. Neste novo escrito sinálase expresamente o seguinte:

"Que a piscina e o muro realizados, sen licenza, dado que se localizan en solo rústico de protección ordinaria, consonte o artigo 214 da Lei de ordenación urbanística e protección do medio rural de Galicia, a competencia para a reposición da legalidade é da Consellería de Política Territorial."

Á vista do anteriormente expresado, estimamos que deben facerse algunhas consideracións atendendo ás previsións da Lei 9/2002 sobre ordenación urbanística e protección do medio rural de Galicia.

En efecto, no artigo 214, aliña 1, da citada lei indícase expresamente que: *"corresponderá ao conselleiro competente en materia de urbanismo e ordenación do territorio a competencia para a adopción das medidas precisas de protección da legalidade respecto das obras e actividades realizadas en solo rústico, en calquera das súas categorías, sen a preceptiva autorización autonómica ou sen axustarse ás condicións da autorización outorgada, así como nos supostos de actividades prohibidas, sen que resulte de aplicación a limitación de prazo establecida no artigo 210.*

Sen embargo, cómpre subliñar tamén que o mesmo precepto legal citado, na súa aliña 2, sinala claramente as competencias e actuacións que debe seguir a administración municipal nun suposto como o que constitúe o caso que motivou a queixa. Así, establécese expresamente nesta norma legal que: *"O alcalde, en calquera caso, adoptará as medidas necesarias para a paralización das obras e actividades en execución sen autorización autonómica previa, sen licenza municipal ou sen axustarse ás condicións de calquera*

delas, dando conta, de ser o caso, e de forma inmediata ao conselleiro competente en materia de urbanismo."

A este respecto, na información facilitada por ese concello non consta que se remitisen as denuncias da reclamante ao órgano competente da administración autonómica para a apertura do correspondente expediente de reposición da legalidade urbanística infrinxida.

En consecuencia, de acordo co establecido no artigo 32.1 da Lei do Valedor do Pobo, formulámoslle á Alcaldía-Presidencia do Concello de Mondariz o seguinte **RECORDATORIO DE DEBERES LEGAIS**:

" Que por parte desa Alcaldía-Presidencia se ordene a inmediata remisión das denuncias presentadas e a documentación pertinente ao órgano da administración autonómica competente en materia de disciplina urbanística, en canto que as actuacións urbanísticas denunciadas se atopan en solo rústico de protección ordinaria"

A este respecto, recibimos un escrito do Concello no que nos indica que se procedeu á remisión do expediente completo á Consellería de Política Territorial, Obras Públicas e Transportes, polo que se considera que o recordatorio foi aceptado.

5.- Recordatorio de deberes legais dirixido ao Alcalde-Presidente do Concello de Soutomaior en data 14 de abril de 2008 para que proceda a axilizar a tramitación de varios expedientes administrativos de reposición da legalidade urbanística. (Q/986/06).

Ante esta Institución, mediante escrito de queixa, compareceu solicitando a nosa intervención Da. E.L.F., con domicilio na cidade de Vigo.

No seu escrito, esencialmente, indicábanos que presentara diversas denuncias urbanísticas nas que se poñían en coñecemento dese concello unha serie de irregularidades urbanísticas que viñan cometendo determinadas promotoras nas súas construcións

(concretamente A. A., S.L., e I. – T., S.L.). Manifestaba a reclamante que estas denuncias non foran tramitadas, ata o punto de facer necesario acudir á xustiza contencioso-administrativa para lograr a incoación dos correspondentes expedientes de disciplina urbanística; sinalaba tamén que tampouco se acordara ningunha orde de paralización.

Manifestaba tamén a reclamante que puxera en coñecemento do Servizo de Urbanismo da Xunta de Galicia a actuación dese concello, o que provocara que de forma case inmediata se incoasen diversos procedementos acordando as paralizacións das obras; sen embargo, indicaba que, cuberta esta formalidade para dar aparencia dun actuar eficiente en materia urbanística, ese Concello de Soutomaior non se preocupaba por velar polo efectivo cumprimento das ordes de paralización, a pesar de que en numerosas ocasións lle notificou que as obras seguían realizándose.

Considerando que esta queixa reunía os requisitos formais recollidos no artigo 18 da Lei do Valedor do Pobo, e que atopaba en principio, cobertura constitucional derivada do artigo 103.1 da Constitución, no que se refire aos principios de legalidade e de eficacia que deben rexer as actuacións das administracións públicas, admitiuse a trámite e promoveuse a investigación sumaria e informal para o esclarecemento dos supostos en que se baseaba.

Admitida a trámite a queixa, desde esta oficina do Valedor do Pobo solicitamos dese Concello de Soutomaior a información correspondente, e recibimos un escrito do 28-9-06 (RS n.º 1413, do 29-9-06) que se acompañaba dunha amplísima documentación, na que constaban ademais do expediente no que a reclamante era interesada (por obras ilegais nun alprende sito na rúa do Peirao nº 38) e da información que ese concello lle remitira á Consellería de Política Territorial, Obras Públicas e Transportes, tres expedientes de reposición da legalidade urbanística.

No primeiro destes expedientes, aberto a D. A.M.V. por obras nun edificio na rúa Rosalía de Castro, o último dos trámites realizado por ese concello databa do 9-2-06, requiríndolle esa Alcaldía aos servizos técnicos de Urbanismo que emitisen informe sobre a legalidade das obras. No segundo destes expedientes, aberto a “A. A., S.L.”, por unha

obra sita na rúa Outeiriño, constaba como último trámite a presentación dun recurso de reposición de data do 14-2-06. Finalmente, no terceiro dos expedientes, o incoado a “I. T., S.L.”, por obra sita na rúa Peirao, 36, pola documentación remitida por concello constaba que había pendente un proceso contencioso-administrativo en relación con este caso.

Desde esta institución do Valedor do Pobo, logo de estudar a amplísima documentación remitida por esa administración municipal, indicámoslle á reclamante os aspectos máis substanciais da información recibida, e a reclamante remitiunos un novo escrito no que alude á falta de información dispoñible respecto dos expedientes abertos a D. A.M.V. por obras nun edificio na rúa Rosalía de Castro, e a “A.A., S.L.” en relación cun edificio promovido na rúa Outeiriño; tamén se alude pola reclamante a unha edificación promovida pola mercantil “A., S.L.”

Á vista das alegacións formuladas pola reclamante solicitamos un novo informe dese concello na data do 24-4-07.

A este respecto, recibimos un segundo informe dese concello de data do 28 de maio de 2007 (RS n.º 827, do 29-5-07) no que se facía referencia a varios expedientes de disciplina urbanística, e se achegaba copia dos seguintes: expediente de reposición de legalidade incoado a D. A.M.V. por obras nun edificio na rúa Rosalía de Castro; expediente de reposición de legalidade incoado a A.A., S.L. por obras no edificio Outeiriño na rúa Peirao, e expediente de reposición de legalidade incoado a A., S.L. por obras na rúa Forneira de Arcade.

Finalmente, logo de lle facilitar á reclamante a información remitida por ese concello, esta presentou nova documentación nesta oficina do Valedor do Pobo, polo que analizada a ampla documentación coa que contamos neste expediente de queixa e co obxecto de aclarar definitivamente a tramitación dos diversos expedientes de disciplina urbanística aos que se aludía nesta documentación, solicitamos un novo informe dese concello na data do 15-1-08 sobre os seguintes aspectos:

Sobre o trámite actualizado do expediente incoado a “A.A., S.L.” por obras no edificio Outeiriño na rúa Peirao; en relación con este expediente non consta ningún trámite máis dende a data do 4-4-06, polo que podería prescribir a infracción ademais de caducar o expediente administrativo.

Sobre o trámite actualizado do expediente de disciplina urbanística n.º 010/04 aberto a D. M.S.F. por obras na rúa Peirao sen axustarse á licenza; consta que na data 1-8-07 o interesado presentou recurso de reposición contra acordo de demolición, tras múltiples vicisitudes na tramitación, e consta que na data do 10-9-07 se deu traslado deste recurso á reclamante, cando o relevante é realmente se se repón ou non a legalidade urbanística infrinxida.

Sobre o trámite actualizado do expediente de disciplina urbanística relacionado coa denuncia da reclamante por obras realizadas por “I. T., S.L.” por execución dun muro cego lindando con propiedade da reclamante, nuns terreos da parte traseira dos edificios V. e V. (denuncia do 15.3.07).

A este respecto, recibimos un último informe dese Concello de Soutomaior de data do 1-2-08 (RS n.º 219), co que se remite información dos tres expedientes mencionados.

En relación co expediente de reposición da legalidade urbanística 010/04 incoado a D. M.S.F, e na medida en que está en tramitación un recurso contencioso-administrativo referido a este expediente, debemos poñer remate á nosa intervención tendo en conta o previsto no artigo 20 da Lei do Valedor do Pobo *“O Valedor do Pobo de Galicia non entrará no exame individual daquelas queixas sobre as que estea pendente resolución xudicial e suspenderao se, iniciada a actuación, se interpuxese por persoa interesada demanda ou recurso ante os tribunais ordinarios ou o Tribunal Constitucional”*.

Sen embargo, no que respecta aos outros expedientes cómpre subliñar o seguinte: o expediente incoado a “A.A., S.L.” atópase paralizado sen ningún trámite desde a data do 4-4-06 na que se resolveu dar traslado á reclamante do recurso de reposición formulado

pola entidade interesada no expediente. En relación coa execución por "I. T., S.L." dun muro cego lindando coa propiedade da reclamante, achégase por ese concello informe do aparellador municipal de data do 24-1-08, e acta de inspección urbanística de data do 29-1-08, sinalándose que o expediente administrativo aberto pola denuncia da reclamante está pendente de informe xurídico. Consta nos informes técnicos que o muro denunciado carece de licenza aínda que é legalizable.

Á vista do anteriormente expresado, e tendo en conta a vixente normativa urbanística, estimamos que deben facerse algunhas consideracións.

A este respecto, e tendo en conta que, pola información de que dispoñemos, as obras anteriormente mencionadas xa están rematadas no momento actual, debemos traer a colación o artigo 210 da Lei 9/2002, do 30 de decembro, de ordenación urbanística e protección do medio rural de Galicia, no que se indica expresamente o seguinte:

> *1. Se se tivesen rematado as obras sen licenza ou incumprindo as condicións sinaladas nesta ou na orde de execución, o alcalde, dentro do prazo de seis anos, a contar desde a total terminación das obras, incoará expediente de reposición da legalidade, procedendo segundo o disposto nos números 3, 4, 5, 6 e 7 do artigo anterior.*
>
> *2. Transcorrido o prazo de seis anos sen que se tivesen adoptado as medidas de restauración da legalidade urbanística, non se poderán realizar outras obras que as pequenas reparacións esixidas por razóns de seguridade e hixiene e en ningún caso as de consolidación, aumento de valor ou modernización nin cambio do uso existente, excepto as necesarias para a adecuación á legalidade urbanística vixente.*

Neste sentido, ao non transcorrer o prazo de seis anos desde a total terminación das obras, que polas circunstancias que constan na documentación remitida por ese concello a esta oficina do Valedor do Pobo, debe terse en conta o previsto nas aliñas 3, 4, 5, 6 e 7 do artigo 209 da citada lei, no que se sinala expresamente o seguinte:

3. Instruído o expediente de reposición da legalidade e previa audiencia do interesado, adoptarase algún dos seguintes acordos:

a) Se as obras non fosen legalizables por seren incompatibles co ordenamento urbanístico, acordarase a súa demolición a custa do interesado e procederase a impedir definitivamente os usos a que desen lugar ou, de ser o caso, á reconstrución do indebidamente demolido.

b) Se as obras fosen legalizables por seren compatibles co ordenamento urbanístico, requiririrase ao interesado para que no prazo de tres meses presente a solicitude da oportuna licenza, manténdose a suspensión das obras en tanto esta non sexa outorgada.

c) Se as obras non se axustan ás condicións sinaladas na licenza ou orde de execución, ordenarase ao interesado que as axuste no prazo de tres meses, prorrogables por outros tres a petición do interesado, sempre que a complexidade técnica ou envergadura das obras a realizar faga inviable a súa acomodación ás previsións da licenza no prazo establecido.

4. O procedemento a que se refire o número anterior deberá resolverse no prazo dun ano a contar desde a data do acordo de iniciación.

5. Se transcorrido o prazo de tres meses desde o requirimento o interesado non solicitase a oportuna licenza ou, de ser o caso, non axustase as obras ás condicións sinaladas nesta ou na orde de execución, o alcalde acordará a demolición das obras a custa do interesado e procederá a impedir definitivamente os usos a que desen lugar. De igual modo se procederá no suposto de que a licenza fose denegada por ser o seu outorgamento contrario á legalidade.

6. En caso de incumprimento da orde de demolición, a administración municipal procederá á súa execución subsidiaria ou á execución forzosa mediante a

imposición de multas coercitivas, reiterables mensualmente ata lograr a execución polo suxeito obrigado, en contía de 1000 a 10 000 euros cada unha.

7. O disposto nos números anteriores entenderase sen prexuízo da imposición das sancións que procedan e das facultades que correspondan ás autoridades competentes, en virtude do réxime específico de autorización ou concesión a que estean sometidos determinados actos de edificación e uso do solo.

En consecuencia, tendo en conta o anteriormente exposto, e de acordo co previsto no artigo 32.1 la Lei do Valedor do Pobo formulámoslle ao Concello de Soutomaior un **RECORDATORIO DE DEBERES LEGAIS** nos seguintes termos:

" Que por parte desa administración municipal e en relación coas infraccións urbanísticas que se constatan nos casos aos que se refire esta queixa se proceda a axilizar a tramitación dos expedientes administrativos de reposición da legalidade urbanística xa iniciados, ou ben se proceda á apertura daqueles expedientes nos que se comprobe a execución de obras sen licenza, decidindo no seu caso a legalización ou non das obras executadas, en función da normativa urbanística aplicable a cada caso".

Na contestación recibida do Concello de Soutomaior consta que en relación con dous dos expedientes de reposición da legalidade urbanística aos que se refería a queixa se presentaran recursos contencioso-administrativos, e respecto doutro deles e en resposta ao recordatorio formulado se decretara a caducidade do expediente anteriormente tramitado e se procedera a incoar un novo expediente de restauración da legalidade urbanística.

6.- Recordatorio de deberes legais dirixido ao Alcalde-Presidente do Concello de Cabanas en data 12 de febreiro de 2008 para que se proceda a incoar un expediente de reposición da legalidade urbanística por obras realizadas sen licenza. (Q/1467/06).

Ante esta Institución, mediante escrito de queixa, compareceu, solicitando a nosa intervención, D. C.M.D.B., e con domicilio na cidade de Ferrol.

No seu escrito, esencialmente, indicábanos que presentara diversos escritos nese concello, dos que acompañaba fotocopias (de datas do 21-6-05, 21-7-05, 16-8-05, 12-9-05, 23-9-05, 18-10-05 e do 31-7-06) e nos que se refería a unhas obras realizadas por D.ª D.R. de R. no chalé n.º 16 da "Urbanización E.R.", e que segundo reiteraba o reclamante, propietario do chalé nº 17, non se axustaban ás amparadas por unha licenza concedida na data do 8-6-05 para "obras en galería e fiestras". O reclamante destacaba na súa queixa que ese concello non dera resposta aos escritos presentados, que aludían a obras de maior envergadura que as mencionadas na licenza.

Considerando que esta queixa reunía os requisitos formais recollidos no artigo 18 da Lei do Valedor do Pobo, e que atopaba en principio cobertura constitucional derivada do artigo 103.1 da Constitución, no que se refire aos principios de legalidade e de eficacia que deben rexer as actuacións das administracións públicas, admitiuse a trámite e promoveuse a investigación sumaria e informal para o esclarecemento dos supostos en que se baseaba.

En concreto, na data do 30-11-07 solicitamos do concello que nos facilitase información sobre o problema que motivara a queixa, en particular sobre os resultados da inspección municipal practicada no lugar dos feitos denunciados; e solicitamos tamén dese concello que nos remitise unha certificación da licenza concedida a D.ª D.R. de R.

Posteriormente tivemos que facer ata catro requirimentos para que ese concello dese resposta á nosa petición de información, concretamente nas datas do 16-1-07, 30-3-07, 28-6-07 e 15-10-07, ata que finalmente recibimos a información requirida que se remitiu por ese concello en escrito do 29-1-08 (RS n.º 308), e que se acompaña de licenza de obras e de informe de inspección do técnico municipal.

A este respecto, no informe da arquitecta municipal emitido na data do 21-9-05 indícase expresamente o seguinte:

"Realizada visita de inspección el día 13 del presente mes cabe indicar lo siguiente:

1. A la vista de las edificaciones colindantes se pudo observar que las obras realizadas consisten en ampliación en la fachada posterior (salón-cocina) y en la fachada lateral izquierda (cocina). Además se ha realizado la construcción de un muro de cierre en la zona posterior de la finca separando ambas edificaciones que son de la misma propiedad, así como, el cierre de parte de un alpendre también situado en la misma zona.

2. Las obras se puede considerar que están prácticamente rematadas a falta de pequeños remates.

3. Con los datos obrantes en este Ayuntamiento cabe indicar:

La propiedad ha solicitado licencia de obras, expediente nº 50/2005, para sustitución de carpintería exterior: una galería en madera por otra de aluminio en parte de la fachada posterior y una ventana en la cocina situada en la fachada lateral izquierda. Por resolución de Alcaldía de fecha 8 de junio de 2005, se otorga licencia de obras a D.ª D.R.R..

Con fecha 31 de mayo de 2005, la propiedad solicita de nuevo licencia para obras de adecuación trastero, cierre porche-cocina, cambio sentido aguas cubierta garaje. Aunque en dicha solicitud expone la colocación de galería con tejadillo en le presupuesto aportado no consta específicamente dicha partida.

En fecha 20 de junio de 2005, el técnico que suscribe expone la necesidad de solicitar a la propiedad proyecto visado en el que conste el estado actual y reformado de las obras a realizar. En la actualidad, dicho escrito que consta en el expediente no ha sido enviado a la propiedad.

Conclusión

Por todo lo expuesto, y de acuerdo con lo establecido en el artículo 209 Obras sin licencia en curso de ejecución de la Ley 9/2002, de 30 de diciembre, de ordenación urbanística y protección del medio rural de Galicia, procedería incoar expediente de reposición de la legalidad. No obstante la Alcaldía acordará lo que estime pertinente."

En relación cos feitos descritos no informe técnico mencionado estimamos que deben facerse algunhas consideracións ao abeiro da lexislación urbanística vixente, ás que por outra parte se apunta no inciso final do reiterado informe cando se sinala que procede a apertura dun expediente de reposición da legalidade urbanística.

Neste sentido, cómpre subliñar que no que se refire ao estado actual das obras controvertidas debe suporse que en setembro do 2005 estaban practicamente rematadas, hoxe en día deberían estar efectivamente concluídas, polo que estariamos no suposto legal previsto no artigo 210 da Lei 9/2002, no que se sinala expresamente o seguinte:

"1. Se se tivesen rematado as obras sen licenza ou se incumprisen as condicións sinaladas nela ou na orden de execución, o alcalde, dentro do prazo de seis anos, a contar desde a total terminación das obras, incoará expediente de reposición da legalidade, procedendo segundo o disposto nos números 3, 4, 5, 6 e 7 do artigo anterior.

2. Transcorrido o prazo de seis anos sen que se adoptasen as medidas de restauración da legalidade urbanística, non se poderán realizar outras obras que as pequenas reparacións esixidas por razóns de seguridade e hixiene e en ningún caso as de consolidación, aumento de valor ou modernización nin cambio do uso existente, excepto as necesarias para a adecuación á legalidade urbanística vixente".

Á vista do anteriormente expresado debemos destacar que non transcorreu aínda o prazo de seis anos establecido no artigo 210 citado para que se poida incoar o expediente de reposición da legalidade urbanística, polo que entendemos que é plenamente aplicable ao presente caso que motivou a queixa o expresado nos apartados 3, 4, 5, 6 e 7 do artigo 209 do mesmo texto legal, nos que se sinala expresamente o seguinte:

“3. Instruído o expediente de reposición da legalidade e previa audiencia do interesado, adoptarase algún dos seguintes acordos:

a)Se as obras non fosen legalizables por seren incompatibles co ordenamento urbanístico, acordarase a súa demolición a costa do interesado e procederase a impedir definitivamente os usos a que deran lugar ou, de ser o caso, á reconstrución do indebidamente demolido.

b) Se as obras fosen legalizables por seren compatibles co ordenamento urbanístico, requiririrase ao interesado para que no prazo de tres meses presente a solicitude da oportuna licenza, manténdose a suspensión das obras en tanto esta non sexa outorgada.

c) Se as obras non se axustan ás condicións sinaladas na licenza ou orde de execución, ordenarase ao interesado que as axuste no prazo de tres meses, prorrogables por outros tres a petición do interesado, sempre que a complexidade técnica ou envergadura das obras a realizar faga inviable a súa acomodación ás previsións da licenza no prazo establecido.

4. O procedemento a que se refire o número anterior deberá resolverse no prazo dun ano a contar desde a data do acordo de iniciación.

5. Se transcorrido o prazo de tres meses desde o requirimento o interesado non solicitase a oportuna licenza ou, de ser o caso, non axustase as obras ás condicións sinaladas nela ou na orde de execución, o alcalde acordará a demolición das obras a costa do interesado e procederá a impedir definitivamente os usos a que desen lugar. De igual modo procederase no suposto de que a licenza fose denegada por ser o seu outorgamento contrario á legalidade.

6. En caso de incumprimento da orde de demolición, a administración municipal procederá á execución subsidiaria desta ou á execución forzosa mediante a imposición de

multas coercitivas, reiterables mensualmente ata lograr a execución polo suxeito obrigado, en contía de 1000 a 10 000 euros cada unha.

7. O disposto nos números anteriores entenderase sen prexuízo da imposición das sancións que procedan e das facultades que correspondan ás autoridades competentes, en virtude do réxime específico de autorización ou concesión a que estean sometidos determinados actos de edificación e uso do solo."

En consecuencia, tendo en conta o anteriormente expresado e de acordo co previsto no artigo 32.1 da Lei do Valedor do Pobo formulámoslle ao concello o seguinte **RECORDATORIO DE DEBERES LEGAIS :**

"Que por parte desa Alcaldía-Presidencia se proceda a incoar un expediente de reposición da legalidade urbanística polas obras realizadas sen contar con licenza municipal, en aplicación do previsto no artigo 210 da Lei 9/2002 de ordenación urbanística e protección do medio rural de Galicia, para o caso de que as obras denunciadas se atopen definitivamente rematadas"

Este recordatorio de deberes legais non se contestou polo Concello de Cabanas, polo que se considera non aceptado.

7. Recordatorio de deberes legais dirixido ao Alcalde-Presidente do Concello de Cangas en data 3 de outubro de 2008 para que se proceda a incoar un expediente de restauración da legalidade urbanística por obras executadas excedéndose da licenza. (Q/1774/06).

Ante esta Institución, mediante escrito de queixa, compareceu, solicitando a nosa intervención, D. J. C. D. M. con domicilio na cidade de Vigo.

No seu escrito, esencialmente, indicábanos que é propietario dun soar en Covelo-Aldán lindeiro cun camiño, e que e doutro lado do camiño se executou unha edificación de vivendas polo promotor M., S.L. para a que dispoñía dunha licenza outorgada no ano 2003 (n.º de licenza para obras maiores 19348). Manifestaba o reclamante que durante a execución da obra denunciara verbalmente que se estaban incumprindo as alturas que autorizaba a normativa urbanística, e que feitas as medicións pola inspección de obras municipal manifestara nun escrito do 16/12/05 que estaba en desacordo con estas medicións xa que se limitaban á fachada da estrada xeral pero non á parte traseira da dita edificación; tamén indicaba na queixa que na parte posterior o ancho do camiño era de 2,60 e que logo de realizada a obra era de 3,60 aproximadamente, circunstancia que se produce a pesar de que a casa non recuou o muro existente con anterioridade, do que pode deducirse que se ancheou o camiño a costa da súa propiedade. En xeral manifestaba o reclamante que as alturas desta edificación eran superiores ás correspondentes aos edificios do redor.

Indicaba na súa queixa que compareceu nas oficinas municipais, en tanto que non contestaron o anterior escrito, lle informaron de que había un novo proxecto técnico, presentado ao parecer o mes de agosto do 2006, e que puidera observar por exemplo que na parte superior o proxecto non recollía o deposito de gas que logo se construíu.

Considerando que esta queixa reunía os requisitos formais recollidos no artigo 18 da Lei do Valedor do Pobo, e que atopaba en principio cobertura constitucional derivada do artigo 103.1 da Constitución, no que se refire aos principios de legalidade e de eficacia que deben rexer as actuacións das administracións públicas, admitiuse a trámite e

promoveuse a investigación sumaria e informal para o esclarecemento dos supostos en que se baseaba.

Á vista do anteriormente exposto, na data do 9-2-07 solicitamos dese concello que, de acordo co previsto no artigo 22.1 da Lei do Valedor do Pobo, nos facilitase información sobre o problema que motivara a queixa, e en particular sobre a adecuación das obras executadas á licenza outorgada no 2003 (en especial, no que se refería ás alturas da edificación), e sobre a existencia dun novo proxecto técnico (o que facía supoñer que houbera desviacións de obra respecto da licenza primeira), e se se concedera unha nova licenza, e sobre o grao de adecuación das obras efectivamente realizadas ao novo proxecto técnico. Solicitabamos tamén que nos remitisen os informes técnicos realizados en relación con estas obras.

A este respecto, logo de reiterarmos a nosa petición de informe en dúas ocasións recibimos un informe do 6-8-07 (RS n.º 3784, do 7-8-07) no que se indica expresamente o seguinte:

> *"O 4 de marzo de 2003 a mercantil M. S.L. solicitou deste concello licenza municipal de obras para a construción de edificio de vivendas en Aldán que, logo da pertinente tramitación administrativa que incluíu informe favorable da Xefatura Provincial de Estradas, foi concedida pola Xunta de Goberno Local en sesión de data 18-7-2003 co número 19348.*
>
> *O contido da licenza é o que segue:*
>
> *Edificaciones M. S.L. para en solo urbano consolidado regulado pola Ordenanza URLI das NNSS de P. en soar da súa propiedade sito en Covelo, n.º 4, Aldán levantar unha edificación de 575.70 m2 de planta baixa, 478.48 de entrechán, 606.81 de primeiro andar, 594,69 de segundo andar, 511.23 de terceiro andar, 330.42 de cuarto andar e 289.04 de aproveitamento baixo cuberta cun orzamento de 981.265,84 euros de conformidade co proxecto do arquitecto P. O. U. con visado colexial de datas 12-2-2003, 22-4-2003, 14 de*

maio de 2003, 16 de xuño de 2003 e 3 de xullo de 2003. Autorízase a urbanización perimetral do soar, que deberá ser executada simultaneamente coa edificación segundo proxecto do mesmo arquitecto con visado de data 14 de maio de 2003 cun orzamento de 30 150 euros que deberán ser garantidos mediante aval bancario ou garantía equivalente formalizado perante a Tesourería con carácter previo ao inicio da obra de edificación.

As obras deberán axeitarse ás condicións da autorización do 9-4-2003 do Servizo Provincial de Estradas da Xunta de Galicia. Acéptaselle a cesión de terreos outorgada en escritura pública de data 8-7-2003 perante o notario con residencia en Cangas D. J. C. P., co n.º 1187 da orde do seu protocolo.

A mesma Xunta de Goberno Local, en sesión do 13 de xullo de 2006 denega a licenza solicitada para depósito de GLP por canto segundo artigo 2.31 do capítulo II das ordenanzas xerais das vixentes NNSS de P. non se permiten elevacións e aditamentos sobre os planos das cubertas agás as expresamente previstas na ordenanza entre as que non se inclúen os depósitos aéreos.

Aínda que non se ten constancia de que as obras se teñan realizado incumprindo a licenza concedida, a titular desta vén de solicitar a primeira ocupación da edificación. Con carácter previo á súa concesión os técnicos municipais inspeccionaron a obra co obxecto de informar se foi executada con arranxo á licenza de xeito que, de non adecuarse a esta se incoará o correspondente expediente por infracción urbanística, de todo o cal se dará consta a esa institución."

Á vista do informe remitido, do que lle demos traslado ao reclamante, solicitamos de V.S. na data do 8-10-07 que, de acordo co previsto no artigo 22.1 da Lei do Valedor do Pobo, nos facilitase un informe actualizado sobre os resultados da inspección anunciada no informe anteriormente citado, así como do acordo municipal correspondente.

A este respecto, logo de reiterarlle a nosa petición de informe ata en catro ocasións, a última delas baixo a forma dun recordatorio de deberes legais-advertencia, recibimos un escrito desa Alcaldía-Presidencia que se acompaña dun informe do arquitecto municipal do 31-7-08, no que se conclúe o seguinte:

> *"Personado en el lugar de las obras y tras inspección ocular de las misivas con los medios disponibles en el departamento se ha podido comprobar que las obras objeto del presente informe no se ajustan a la licencia concedida número 19.348 en al menos las siguientes cuestiones:*
>
> *- Rasante de la calle perpendicular a la carretera de Bueu.*
>
> *- Vuelos.*
>
> *- Altura de los vuelos sobre la rasante de la vía pública.*
>
> *- Altura de cornisa.*
>
> *- Configuración del bajo cubierta.*
>
> *- Instalaciones sobre la cubierta.*
>
> *- Vivienda en semisótano.*
>
> *- Urbanización de sistema viario".*

A este respecto, á vista das conclusións reflectidas no informe do técnico municipal non pode deducirse outra cousa que a imposibilidade de conceder a licenza de primeira ocupación solicitada polo promotor da edificación, xa que o texto do artigo 196.5 da Lei 9/2002, de ordenación urbanística e protección do medio rural de Galicia (*DOG* n.º 252 do 31-12-2002) é bastante claro: *"5. Nos restantes supostos nos que o ordenamento xurídico esixa, para a execución de calquera actividade, autorización doutra administración pública en materia medioambiental ou de protección do patrimonio*

histórico cultural, a licenza municipal urbanística só se poderá solicitar con posterioridade a que fose outorgada a referida autorización".

Neste sentido, e como lóxica consecuencia do desaxuste da obra en relación co proxecto técnico que serviu de base a licenza de edificación debería procederse por ese concello á apertura dun expediente de reposición da legalidade urbanística e doutro expediente sancionador. A este respecto, abonda cunha simple ollada á lista de desaxustes de obra, sucintamente expostos polo arquitecto municipal no seu informe, para decatarse de que son moitos e relevantes os elementos da edificación que non se axustan ao proxecto, e probablemente -de non ser legalizables- ao plan urbanístico aplicable. Por outra parte, no anterior informe desa administración municipal aludíase expresamente a que *"informar se foi executada conforme a licenza de xeito que, de non adecuarse a este se incoará o correspondente expediente por infracción urbanística, de todo o cal se dará consta a esa institución."*

A este respecto, e en consonancia cos feitos citados cómpre subliñar as medidas legais de reacción fronte a unha infracción urbanística que se recollen na vixente Lei 9/2002, sobre ordenación urbanística de Galicia.

A este respecto, e tendo en conta que ao pedirse polo promotor a licenza de primeira ocupación debe deducirse que a obra está rematada, debemos facer referencia ao artigo 210.1 deste texto legal, no que se indica expresamente que:

"1. De estaren rematadas as obras sen licenza, ou incumprindo as condicións sinaladas nela ou na orde de execución, o alcalde, dentro do prazo de seis anos, contado desde a total terminación das obras, incoará expediente de reposición da legalidade, procedendo segundo o disposto nos números 3, 4, 5, 6 e 7 do artigo anterior".

Desde esta perspectiva, no artigo 209, apartados 3, 4, 5, 6 e 7, sinálase o seguinte:

> *"3. Instruído o expediente de reposición da legalidade e logo da audiencia do interesado, adoptarase algún dos seguintes acordos:*

a) Se as obras non fosen legalizables por seren incompatibles co ordenamento urbanístico, acordarase a súa demolición a custa do interesado e procederase a impedir definitivamente os usos aos que desen lugar ou, se é o caso, á reconstrución do indebidamente demolido.

b) Se as obras fosen legalizables por seren compatibles co ordenamento urbanístico, requiririase o interesado para que no prazo de tres meses presente a solicitude da oportuna licenza, manténdose a suspensión das obras en tanto esta non sexa outorgada.

c) Se as obras non se axustan ás condicións sinaladas na licenza ou orde de execución, ordenaráselle ao interesado que as axuste no prazo de tres meses, prorrogables por outros tres por petición do interesado, sempre que a complexidade técnica ou envergadura das obras que haxa que realizar faga inviable a súa acomodación ás previsións da licenza no prazo previsto.

4. O procedemento ao que se refire o número anterior deberá resolverse no prazo dun ano contado desde a data do acordo de iniciación.

5. Se transcorrido o prazo de tres meses desde o requirimento o interesado non solicitase a oportuna licenza ou, se é o caso, non axustase as obras ás condicións sinaladas nela ou na orde de execución, o alcalde acordará a demolición das obras a custa do interesado e procederá a impedir definitivamente os usos aos que desen lugar. Procederase de igual modo no suposto de que a licenza fose denegada por ser o seu outorgamento contrario á legalidade.

6. No caso de incumprimento da orde de demolición, a administración municipal procederá á execución subsidiaria dela ou á execución forzosa mediante a imposición de multas coercitivas, reiterables mensualmente ata lograr a execución polo suxeito obrigado, en contía de 1000 a 10 000 euros cada unha.

7. O disposto nos números anteriores entenderase sen prexuízo da imposición das sancións que procedan e das facultades que lles correspondan ás autoridades competentes, en virtude do réxime específico de autorización ou concesión ao que estean sometidos determinados actos de edificación e uso do solo".

En consecuencia, á vista do anteriormente expresado e de acordo co previsto no artigo 32.1 da Lei do Valedor do Pobo, formulámoslle á Alcaldía-Presidencia o seguinte **RECORDATORIO DE DEBERES LEGAIS**:

> **"Que por parte desa Administración municipal, e tendo en conta o desaxuste das obras denunciadas en relación coas previstas no proxecto técnico no que se fundamentou a licenza de edificación, se exerciten con urxencia as medidas legalmente previstas para a restauración da legalidade urbanística, e se abra tamén un expediente sancionador polas infraccións urbanísticas cometidas na edificación á que se refire a queixa".**

No momento de elaborarse este informe anual non se recibiu resposta do Concello de Cangas ao recordatorio formulado.

8. Recordatorio de deberes legais dirixido ao Alcalde-Presidente do Concello de Boiro en data 30 de decembro de 2008 para que proceda a axilizar a tramitación dun expediente de reposición da legalidade urbanística, e se adopten tamén as medidas de seguridade ou salubridade pertinentes en relación cunha obra sen licenza. (Q/1797/06).

Ante esta Institución, mediante escrito de queixa, compareceu solicitando a nosa intervención Dª. M.P.M., con domicilio en Milladoiro (Ames).

No seu escrito, esencialmente, indicábanos que en reiteradas ocasións presentara denuncias nese concello en relación coas obras realizadas por D.ª M.A. L. T., propietaria

dun baixo no edificio denominado “A.T.”, sito en Pesqueira-Cabo de Cruz, e consistentes na cubrición cunha cuberta de uralita dunha parte do patio de luces comunitario. A reclamante presentaba diversa documentación, na que constaba que inicialmente se abrira por ese concello un expediente de disciplina urbanística, e logo a interesada solicitara unha licenza para a instalación dunha prancha de fibrocemento na terraza do patio de luces (superficie de 3x2 m2).

A reclamante sinalaba, sen embargo, na súa queixa, que ao se executar a cubrición denunciada se prolongaran por riba do teito de uralita os condutos de ventilación das cociñas das dúas vivendas inferiores, polo que a falta de ventilación directa podía provocar unha acumulación de gases con risco para as persoas e as cousas.

Considerando que esta queixa reunía os requisitos formais recollidos no artigo 18 da Lei do Valedor do Pobo, e que atopaba, en principio, cobertura constitucional derivada do artigo 103.1 da Constitución, no que se refire aos principios de legalidade e de eficacia que deben rexer as actuacións das administracións públicas, admitiuse a trámite e promoveuse a investigación sumaria e informal para o esclarecemento dos supostos en que se baseaba.

En concreto, solicitamos do concello que, de acordo co previsto no artigo 22.1 da Lei do Valedor do Pobo, nos facilitase información sobre o problema ao que se refería a queixa, e en particular sobre se efectivamente estaban garantidas as condicións de salubridade e seguridade coa instalación da prancha de uralita, con independencia de que existise unha licenza para obras menores, e con independencia tamén das implicacións de dereito privado no feito de que se construíse o cerrado sen autorización da comunidade de propietarios do edificio.

Admitida a trámite a queixa, desde esta oficina do Valedor do Pobo solicitamos a información correspondente dese concello e recibimos un escrito do 19-3-07 (RS n.º 3099, do 21-3-07) no que se indicaba que na data do 16-2-06 D.ª M. Á. L. T. solicitara licenza para legalizar as obras realizadas no patio de luces do edificio ao que se refería a queixa, pero que esta solicitude estaba aínda por resolver.

Posteriormente, na data do 8-10-07, e á vista do tempo transcorrido desde a solicitude da licenza (máis de ano e medio), solicitamos un informe complementario sobre as causas da demora na tramitación da licenza solicitada.

A este respecto, nas datas do 20-11-07, 9-1-08, 18-2-08 e 24-6-08 tivemos que reiterar a petición de información a ese Concello de Boiro, a última delas mediante a formulación dun recordatorio-advertencia de deberes legais, e recibimos un escrito do 17-12-08 (RS n.º 14960) no que se indicaba que esta solicitude de licenza se atopaba pendente de resolución.

Á vista da información recibida estimamos que deben facerse algunhas consideracións en relación coa tramitación do expediente de reposición da legalidade urbanística ao que se refire a queixa.

Neste sentido, cómpre subliñar que as obras ás que se refire a queixa están rematadas e carecen de licenza urbanística polo que sería de aplicación o previsto no artigo 210 da Lei 9/2002 LOUGA, no que se sinala expresamente o seguinte:

> *1. Se se tivesen rematado as obras sen licenza ou incumprindo as condicións sinaladas nela ou na orde de execución, o alcalde, dentro do prazo de seis anos, a contar desde a total terminación das obras, incoará expediente de reposición da legalidade, procedendo segundo o disposto nos números 3, 4, 5, 6 e 7 do artigo anterior.*
>
> *2. Transcorrido o prazo de seis anos sen que se tiveran adoptado as medidas de restauración da legalidade urbanística, non se poderán realizar outras obras que as pequenas reparacións esixidas por razóns de seguridade e hixiene e en ningún caso as de consolidación, aumento de valor ou modernización nin cambio do uso existente, excepto as necesarias para a adecuación á legalidade urbanística vixente.*

Por outra parte, e como se desprende das previsións normativas contidas nas aliñas 3, 4, 5, 6 e 7 do artigo 209 da citada Lei 9/2002, debe terse en conta o seguinte:

a) Se as obras non fosen legalizables por seren incompatibles co ordenamento urbanístico, acordarase a súa demolición a custa do interesado e procederase a impedir definitivamente os usos a que deran lugar ou, de ser o caso, á reconstrución do indebidamente demolido.

b) Se as obras fosen legalizables por seren compatibles co ordenamento urbanístico, requiririrase ao interesado para que no prazo de tres meses presente a solicitude da oportuna licenza, manténdose a suspensión das obras en tanto esta non sexa outorgada.

c) Se as obras non se axustan ás condicións sinaladas na licenza ou orde de execución, ordenarase ao interesado que as axuste no prazo de tres meses, prorrogables por outros tres a petición do interesado, sempre que a complexidade técnica ou envergadura das obras a realizar faga inviable a súa acomodación ás previsións da licenza no prazo previsto.

4. O procedemento a que se refire o número anterior deberá resolverse no prazo dun ano a contar desde a data do acordo de iniciación.

5. Se transcorrido o prazo de tres meses desde o requirimento o interesado non solicitase a oportuna licenza ou, de ser o caso, non axustase as obras ás condicións sinaladas nela ou na orde de execución, o alcalde acordará a demolición das obras a custa do interesado e procederá a impedir definitivamente os usos a que deran lugar. De igual modo procederase no suposto de que a licenza fose denegada por ser o seu outorgamento contrario á legalidade.

6. En caso de incumprimento da orde de demolición, a administración municipal procederá á execución subsidiaria desta ou á execución forzosa mediante

a imposición de multas coercitivas, reiterables mensualmente ata lograr a execución polo suxeito obrigado, en contía de 1000 a 10 000 euros cada unha.

7. O disposto nos números anteriores entenderase sen prexuízo da imposición das sancións que procedan e das facultades que correspondan ás autoridades competentes, en virtude do réxime específico de autorización ou concesión a que estean sometidos determinados actos de edificación e uso do solo.

En consecuencia, estimamos que por parte do concello deberá resolverse no prazo máis breve posible a solicitude de licenza presentada por D.ª. M. A. L.T., e no caso de non seren legalizables as obras executadas xa sexa desde o punto de vista urbanístico ou tendo en conta tamén as condicións de seguridade ou salubridade das obras realizadas, se apliquen as previsións legais contidas nos artigos referidos da Lei 9/2002, LOUGA.

Á vista do anteriormente expresado, e de acordo co establecido no artigo 32.1 da Lei do Valedor do Pobo, formulámoslle á Alcaldía-Presidencia do Concello de Boiro o seguinte **RECORDATORIO DE DEBERES LEGAIS**:

"Que por parte desa administración municipal se proceda a resolver no prazo máis breve posible o expediente de reposición da legalidade urbanística aberto como consecuencia das obras ás que se refire a queixa, e que se tomen as medidas pertinentes tanto desde o aspecto urbanístico como no que afecte ás condicións de seguridade, salubridade e hixiene nas edificacións"

En relación con este recordatorio no momento de elaborarse o presente informe anual aínda non recibimos contestación do Concello de Boiro.

9. Recordatorio de deberes legais dirixido en data 12 de xuño de 2008 ao Alcalde-Presidente do Concello de Rois para que se tramite coa máxima dilixencia un expediente de reposición da legalidade urbanística, no que se declarou anteriormente a caducidade do procedemento administrativo. (Q/627/07).

Ante esta Institución, mediante escrito de queixa, compareceu solicitando a nosa intervención, Dª. C. L. B., con domicilio no concello de Rois.

No seu escrito, esencialmente, indicábanos que presentara denuncias o 18 de xuño de 2005, e o 1 de xuño de 2006 pola realización dunha edificación ilegal e ilegalizable dun garaxe enfronte da súa vivenda (Angueira de Castro, 26) no núcleo rural de Angueira de Castro, sen respectar o recuamento de 6 metros ao eixo da vía que esixe o planeamento dese Concello de Rois. Sinalaba a reclamante que a pesar do tempo transcorrido non tivera ningunha comunicación dese concello sobre a tramitación dun posible procedemento administrativo de restauración da legalidade urbanística.

Considerando que esta queixa reunía os requisitos formais recollidos no artigo 18 da Lei do Valedor do Pobo, e que atopaba en principio cobertura constitucional derivada do artigo 103.1 da Constitución, no que se refire aos principios de legalidade e de eficacia que deben rexer as actuacións das administracións públicas, admitiuse a trámite e promoveuse a investigación sumaria e informal para o esclarecemento dos supostos en que se baseaba.

En concreto, solicitamos dese concello que nos facilitase información sobre o problema que motivara a queixa, e en particular sobre os resultados da inspección urbanística practicada no lugar dos feitos, e o acordo municipal que correspondese de ser o caso.

A este respecto, tivemos que reiterarlle en tres ocasións esta petición de información, nas datas do 24-7-07, do 3-10-07 e do 20-11-07, e recibimos un informe do 7-2-08 (RS n.º 201, do 8-2-08), do que se pode constatar que houbo demoras inxustificadas no expediente de reposición da legalidade urbanística que se abriu no seu momento a D.ª

M.ª C.A., e que estas demoras supuxeron a declaración de caducidade do expediente. Neste sentido, e como consecuencia desta caducidade na data do 21-5-07 incóase novo expediente de restauración da legalidade urbanística, pero este mesmo expediente tamén sufriu tamén demoras inxustificadas, que no informe remitido desde ese concello se imputan á circunstancia de que por consecuencia das eleccións locais houbo un cambio de Alcaldía.

Desde esta oficina do Valedor do Pobo remitimos á reclamante a información facilitada por ese concello e recibimos un novo escrito de D.ª C.L.B. no que nos indica que non ten constancia de novas actuacións dese concello, a pesar das innumerables xestións de información sobre o estado do procedemento.

A este respecto, da información facilitada por ese concello resulta que estamos ante unha obra que carece de licenza municipal; trátase dun "alpendre incrustado ao muro do cerrado lindeiro cunha estrada do eido municipal". Por outra parte, indícase tamén no referido informe que a obra realizada é incompatible co planeamento, pois incumpre a ordenanza urbanística municipal na parte do alpendre que se sitúa a menos de seis metros do eixe do camiño, polo que sería preciso proceder á demolición. Neste sentido, cómpre subliñar que as dúas licenzas solicitadas pola interesada, D.ª M.ª C. A. C. non se resolveron por esa administración municipal.

Por outra parte, tamén se deduce da información recibida, concretamente dun informe do arquitecto técnico municipal do 20-6-05 ao que se alude no citado escrito, que a obra denunciada non estaba rematada nesa data, polo que no momento actual aínda non transcorreu o prazo de seis anos, previsto no artigo 210 da Lei 9/2002, de ordenación urbanística de Galicia, para que prescriba a infracción urbanística cometida.

Desde esta perspectiva, e á vista das circunstancias expresadas anteriormente, estimamos que deben facerse determinadas consideracións tendo en conta a lexislación urbanística aplicable.

En efecto, se as obras denunciadas están efectivamente rematadas e non contan con licenza urbanística deben terse en conta as previsións do citado artigo 210.1 da lei 9/2002, no que se sinala expresamente o seguinte:

1. Se se tivesen rematado as obras sen licenza ou incumprindo as condicións sinaladas nesta ou na orde de execución, o alcalde, dentro do prazo de seis anos, a contar desde a total terminación das obras, incoará expediente de reposición da legalidade, procedendo segundo o disposto nos números 3, 4, 5, 6 e 7 do artigo anterior.

Neste sentido, indícase nas aliñas 3, 4 e 5 deste artigo 209 o seguinte:

3. Instruído o expediente de reposición da legalidade e previa audiencia do interesado, adoptarase algún dos seguintes acordos:

a) Se as obras non fosen legalizables por seren incompatibles co ordenamento urbanístico,acordarase a súa demolición a custa do interesado e procederase a impedir definitivamente os usos a que desen lugar ou, de ser o caso, á reconstrución do indebidamente demolido.

b) Se as obras fosen legalizables por seren compatibles co ordenamento urbanístico, requirirase ao interesado para que no prazo de tres meses presente a solicitude da oportuna licenza, manténdose a suspensión das obras en tanto esta non sexa outorgada.

c) Se as obras non se axustan ás condicións sinaladas na licenza ou orde de execución, ordenarase ao interesado que as axuste no prazo de tres meses, prorrogables por outros tres a petición do interesado, sempre que a complexidade técnica ou envergadura das obras a realizar faga inviable a súa acomodación ás previsións da licenza no prazo previsto.

4. O procedemento a que se refire o número anterior deberá resolverse no prazo dun ano a contar desde a data do acordo de iniciación.

5. Se transcorrido o prazo de tres meses desde o requirimento o interesado non solicitase a oportuna licenza ou, de ser o caso, non axustase as obras ás condicións sinaladas nesta ou na orde de execución, o alcalde acordará a demolición das obras a custa do interesado e procederá a impedir definitivamente os usos a que deran lugar. De igual modo se procederá no suposto de que a licenza fose denegada por ser o seu outorgamento contrario á legalidade.

A este respecto, aínda que no momento actual non prescribiu a infracción urbanística cometida o certo é se produciron ata o momento dilacións inxustificadas na tramitación dos expedientes abertos de reposición da legalidade urbanística, polo que consideramos que debe obrarse coa dilixencia debida por parte dese concello, para evitar que se perpetúe unha alteración da legalidade urbanística, que ademais afecta á protección do dominio público municipal, en tanto que se tratan dunhas obras que non respectan os recuamentos á unha vía pública municipal.

En consecuencia, tendo en conta o anteriormente expresado e de acordo co previsto no artigo 32.1 da Lei do Valedor do Pobo, formulámoslle á Alcaldía-Presidencia do Concello de Rois o seguinte **RECORDATORIO DE DEBERES LEGAIS**:

"Que por parte desa Alcaldía-Presidencia se dean as ordes oportunas para que se tramite coa debida dilixencia o expediente de reposición da legalidade urbanística que afecta ás obras denunciadas, expediente que se abriu logo de que se declarase a caducidade dun primeiro expediente aberto por ese concello; e que para o caso de que houbese unha nova declaración de caducidade por transcorrer o prazo previsto, se proceda de inmediato á declaración de caducidade e á apertura dun novo procedemento de disciplina urbanística, que deberá tramitarse coa máxima dilixencia"

Na resposta facilitada polo Concello de Rois se acepta o recordatorio formulado procedéndose á declaración de caducidade do expediente en trámite á simultánea apertura dun novo expediente de restauración da legalidade urbanística.

10. Recomendación dirixida ao alcalde-presidente do concello de Ribeira en data 3 de outubro de 2008, para que con carácter xeral se resolva previamente a licenza de actividade en relación con aqueles casos nos que se tramite tamén unha licenza de obra. (Q/1615/07).

Ante esta institución, mediante escrito de queixa, compareceu solicitando a nosa intervención D. A. A. G.G., con domicilio na vila de Ribeira.

No seu escrito, esencialmente, indicábanos que pola entidade *"F. N., S.A."* construíuse un almacén para industria conserveira de túnidos, peixes mariscos e cefalópodos, no Polígono industrial de Xarás, con licenza de obras concedida na data do 10-2-2005 (licenza n.º 33/2005), e que sen embargo a concesión provisional de licenza de actividade se acordou por Decreto desa Alcaldía do 9-08-2007, polo tanto con posterioridade á licenza de obra, cando é así que a licenza de actividade debe concederse con carácter previo, como establece o Regulamento de servizos das corporacións locais de 1955 e a Lei 9/2002, de ordenación urbanística de Galicia.

Considerando que esta queixa reunía os requisitos formais recollidos no artigo 18 da Lei do Valedor do Pobo, e que atopaba, en principio, cobertura constitucional derivada do artigo 103.1 da Constitución, no que se refire ós principios de legalidade e de eficacia que deben rexer as actuacións das administracións públicas, admitiuse a trámite e promoveuse a investigación sumaria e informal para o esclarecemento dos supostos en que se baseaba.

En concreto, solicitamos dese concello que, de acordo co previsto no artigo 22.1 da Lei do Valedor do Pobo, nos facilitase información sobre o problema que motivou a queixa, e en particular sobre se efectivamente a licenza de obras se outorgou sen existir a licenza de actividade previa.

Esta solicitude de informe, efectuada na data do 24-10-07, tivemos que reiterala en tres ocasións (14-12-07, 22-1-08, e 4-4-08) sen recibir unha contestación desa administración municipal aos nosos requirimentos, ata que logo dunha visita a ese concello

realizada polo vicevaledor primeiro e dous asesores desta oficina do Valedor do Pobo, recibimos un informe do 28-7-08 (RS n.º 12572, do 31-7-08) no que se indica expresamente o seguinte:

> *"A licenza de obras outorgouse por acordo da Xunta de Goberno Local adoptado en sesión celebrada na data 10/5/05, mentres que a licenza definitiva da actividade foi outorgada na data 14/1/08, polo que resulta evidente que a licenza de obras foi concedida sen existir a licenza de actividade.*
>
> *Sen embargo, cómpre dicir que a licenza de obras foi concedida logo dos informes técnico e xurídico emitidos en sentido favorable, e baixo a condición especial 5.ª que dispón: "Esta licenza está condicionada á obtención previa da licenza de apertura da actividade, de conformidade co establecido no Regulamento de actividades molestas, insalubres, nocivas e perigosas".*

A este respecto, no presente caso nunha mesma actuación material, como é a ampliación dunha nave industrial, conflúen a necesidade de obter unha licenza de actividade (cuxa tramitación deberá rexerse polo RAMINP) e unha licenza de obras.

Esta situación contémplase no Regulamento de servizos das corporacións locais, aprobado polo Decreto do 17-6-1955, que no seu artigo 22.3 sinala expresamente o seguinte: *"Cando, consonte o proxecto presentado, a edificación dun inmoble se destinase especificamente a establecemento de características determinadas, non se concederá o permiso de obras sen o outorgamento da licenza de apertura se for procedente".*

Nese mesmo senso o artigo 196.2 da Lei 9/2002, de ordenación urbanística e protección do medio rural de Galicia, indica que *"os supostos que esixan licenza de actividade clasificada ou de apertura e, ademais, licenza urbanística serán obxecto dunha soa resolución, sen prexuízo da formación e tramitación simultánea de pezas separadas para cada intervención administrativa. A proposta de resolución da solicitude de licenza*

de actividade clasificada ou de apertura terá prioridade sobre a correspondente a licenza urbanística. Procederase a denegar a primeira, así se notificará ao interesado e non será necesario resolver sobre a segunda. En cambio, se procedese outorgar a licenza de actividade clasificada ou de apertura, o órgano municipal competente pasará a resolver sobre a licenza urbanística, notificándose o pertinente en forma unitaria ao interesado".

Estas disposicións legais obedecen a unha lóxica elemental, posto que só se pode conceder licenza de obra para unha instalación determinada se previamente se avaliou positivamente o seu funcionamento. A razón de ser da obra é exclusivamente a propia instalación ou actividade que se pretende exercer. A través destas normas legais tamén se tratarían de evitar posibles responsabilidades municipais para o caso de que, despois de concedida a licenza de obra, sen embargo se considere improcedente conceder a licenza de actividade. Por outra parte, se o concello xa concedeu a licenza de obra, posteriormente se verá condicionado indebidamente á hora de coñecer o expediente de actividade e funcionamento, posto que saberá que en caso de resolución negativa podería verse exposto a responsabilidade patrimonial. Sen embargo, o coñecemento de todos os elementos para decidir sobre a actividade non os terá ata tanto rematen os trámites previstos no RAMINP (información pública aos veciños inmediatos, alegacións destes e do público en xeral, cualificación e informe do órgano ambiental...), polo que a decisión debería adoptarse so á vista deles.

Na información transcrita consta claramente que ese Concello de Ribeira concedeu a licenza de obra (10-5-05) antes de outorgar a licenza de actividade (14-1-08). No informe dese concello indícase expresamente que *"esta licenza está condicionada á obtención previa da licenza de apertura ou de actividade, de conformidade co establecido no Regulamento de actividades molestas, insalubres, nocivas e perigosas"*. A este respecto, estimamos que unha licenza de obra non pode someterse a unha condición deste xénero xa que, ademais de que as licenzas condicionais son supostos moi excepcionais nunha materia como a urbanística na que deben dominar de modo absoluto os aspectos regrados, a condición exposta fundaméntase en diferir para un futuro o cumprimento dun requisito legal necesario para a concesión da licenza, polo que sería unha condición establecida en contra das previsións legais. Por outra parte, a circunstancia de que a obra

de ampliación do almacén comezase antes da concesión da licenza de actividade, circunstancia que por non constar neste expediente de queixa non podemos afirmar, implicaría que desde o mesmo momento no que a promotora da instalación realiza a obra sen contar coa licenza de actividade, a licenza de obra sería inválida por incumprimento da "condición" imposta. E no caso de que non comezase antes da concesión da licenza de apertura ou actividade, estariamos no suposto previsto precisamente polas normas legais citadas, polo que non se entende semellante "volta" para chegar ao mesmo sitio inicial, co perigo de que nesta "volta" se realice a obra sen contar con licenza de actividade, e acabe impoñéndose a realidade dos feitos consumados.

Esta prioridade da licenza de apertura ou de actividade fronte á licenza de obras, e que vén determinada pola propia natureza das cousas que impoñen esa orde lóxica na prelación entre ambas as licenzas, tamén se recoñecía reiteradamente na doutrina xurisprudencial. Así, en máis dunha sentenza xudicial se subliñou que aínda que exista interdependencia entre ambos os tipos de licenza é a licenza de apertura a que vincula a licenza de obras e non ao revés.

Efectivamente, cando a solicitude da licenza de obra precisa que esta se vai dedicar a unha determinada actividade, como é este caso, se non se tramita a licenza para esta última antes ou simultaneamente á de obra, o outorgamento desta *"sen a de apertura integra un funcionamento anormal da administración que pode xerar unha responsabilidade patrimonial"* (STS do 18-6-1900). Tamén a STS do 21-9-1963 afirmou a responsabilidade patrimonial da administración cando *"se outorga licenza municipal para unha construción que ía destinarse a fábrica e logo non se concede a apertura do establecemento por consideralo contrario ao turismo, e que ha de indemnizarse ao propietario dos danos e prexuízos causados coa negación da licenza cando non debeuse conceder para a construción segundo prevén o artigo 22 do RSCL"*. A licenza de obra non vincula á de actividade (STS do 6-2-1980), e *"é perfectamente factible a impugnación da posterior de apertura"* (STS do 22-3-1980). E incorre nun *"erro manifesto aquel que crea que unha licenza de obras pode vincular para o outorgamento dunha licenza de apertura de industria"* (STS do 27-6-1979).

Así pois, ese Concello de Ribeira actuou do xeito irregular que tratamos, e ao parecer faino con carácter xeral, como se deduce tamén doutros expedientes similares sobre esta mesma problemática, e nos que se formulou tamén unha recomendación (como é o caso do expediente C.6.Q/2059/07). A este respecto, non debe esquecerse que quen reclama por esta forma de actuar, co fin de que sexa corrixida, está a demandar a preservación dun interese especialmente protexido na Constitución española, que ampara o dereito a gozar dun medio ambiente adecuado e á protección e mellora da calidade de vida (art. 45.1 e 2 CE). Neste sentido, cómpre subliñar que os poderes públicos, e entre eles as administracións locais, teñen a obrigación principal de protexer os dereitos mencionados, segundo o establecido no artigo 53 do texto fundamental.

Por todo o sinalado ata agora considérase necesario, en aplicación do disposto no artigo 32.1 da Lei 6/1984, do 5 de xuño, do Valedor do Pobo, formular a esa Alcaldía-Presidencia do Concello de Ribeira a seguinte **recomendación:**

> **"Que por parte desa Administración municipal, e con carácter xeral, se respecte o establecido na lexislación vixente cando se solicite para unha determinada instalación unha licenza de obra que requira tamén unha licenza de actividade e funcionamento, e que polo tanto se coñezan os expedientes de ambas licenzas de xeito simultáneo, de maneira que en ningún caso se conceda unha licenza de obra sen que con carácter previo se resolva positivamente a licenza de actividade ou de apertura, e sen que caiba someter a concesión da licenza de obra á condición de que se conceda posteriormente, e antes de que se inicie a obra, a licenza de actividade, por estimarse que esta condición sería contraria ás previsións legais"**

Na primeira resposta recibida do Concello de Ribeira á nosa recomendación se remitira unha certificación dunha sesión da Xunta de Goberno Local na que se tomara simplemente o acordo de darse por enterada da resolución formulada, polo que posteriormente lle remitimos un novo escrito no que solicitábamos que se dese expresa

contestación ao contido concreto da resolución, procedendose polo Concello de Ribeira a contestar e aceptar expresamente a resolución formulada.

11.- Recomendación dirixida ao Alcalde-Presidente do Concello de A Coruña, en data 16 de maio de 2008 para que proceda á aprobación dunha nova orde de execución de obras para o mantemento e conservación dun edificio protexido e que en caso de incumprimento se adopten medidas de execución forzosa. (Q/2069/07).

Nesta institución do Valedor do Pobo iniciouse un expediente de queixa de oficio en aplicación do disposto no artigo 16 da Lei 6/1984, de 5 de xuño, do Valedor do Pobo, como consecuencia da noticia contida no diario "La Voz de Galicia", do 22 de novembro de 2007, en relación cos problemas do edificio de estilo modernista do número 152, da rúa Xeneral Sanjurjo desa cidade da Coruña, polo deficiente estado no que se atopa debido ao incumprimento polo propietario da obrigación de mantelo en condicións de seguridade, hixiene e salubridade.

A este respecto, na referida noticia de prensa aludíase ás declaracións da arrendataria do baixo comercial do citado edificio, nas que indicaba que a empresa construtora propietaria do edificio incumpría co seu deber de arranxalo e mantelo en adecuadas condicións; sinalaba a inquilina que a cuberta estaba en mal estado e que cando chovía se producían inundacións no inmoble. Por outra parte, ao parecer a arrendataria do baixo formulara varias denuncias ante ese concello subliñando que se trataba dun edificio protexido. Neste sentido, consultado a Lista de Elementos Catalogados que figura como anexo do vixente PXOM, aparecía na aliña G, un conxunto de edificios no n.º 150 e 152 da rúa Xeneral Sanjurjo, coa ficha n.º 49 e nivel de protección III.

Na información difundida en prensa constaba que existía un contencioso xudicial entre a propiedade do edificio e a arrendataria, e tamén, ao parecer, un pronunciamento xudicial sobre os límites urbanizables da parcela (enténdese que era a que rodeaba ao inmoble citado).

Por todo o anterior consideramos necesario iniciar a correspondente investigación sumaria e informal para o esclarecemento dos feitos obxecto da presente queixa de oficio.

En concreto, solicitamos dese concello que nos facilitase información sobre as circunstancias sinaladas, e en concreto sobre o resultado das inspeccións practicadas polos servizos técnicos municipais no edificio controvertido e sobre o seu actual estado de conservación. Tamén solicitamos que nos informase sobre as ordes de execución que se ditaron por ese concello para que o propietario cumprise coa súa obrigación de mantemento e conservación do edificio, en particular polo feito de que sexa un elemento arquitectónico catalogado. Esta información pediuse con independencia das resolucións xudiciais que recaesen no caso, que estimamos que non podían afectar á circunstancia de que pola súa condición de edificio protexido debería ese concello tomar as medidas que evitasen a súa deterioración definitiva.

Ao mesmo tempo que desde esta oficina do Valedor do Pobo solicitamos a información dese Concello da Coruña, solicitamos tamén a información correspondente da Delegación Provincial da Consellería de Cultura e Deporte, en particular sobre os resultados da inspección que consideramos que debían realizar os servizos técnicos da citada delegación na medida en que podiamos estar ante unha omisión dos deberes de conservación e mantemento que correspondían ao propietario dun ben inmoble catalogado para evitar a súa perda, destrución ou deterioración.

A este respecto, recibimos dese Concello da Coruña un informe de data do 10-12-07 (RS n.º 3739, do 19-12-07) acompañado de ampla documentación e no que se indicaba expresamente que:

El Ayuntamiento de A Coruña ha instruido dos expedientes de orden de ejecución con los núms. 236/2003 y 277/2006, cuyas copias le adjunto.

El edificio núm. 152 de la Avda. General Sanjurjo, además de estar protegido en el nivel "estructural", fue objeto de consideración para su realce y efectiva protección en relación con su entorno, en el estudio de detalle aprobado por el Pleno del Ayuntamiento en fecha 3 de abril de 2006, dentro del proceso de ejecución de la sentencia de la Sección 2.ª de la Sala de lo Contencioso Administrativo de fecha 15 de mayo de 2003, dictada en el recurso 02/4029/1999. Dicho estudio de detalle fue objeto de información pública y

publicación a efectos de entrada en vigor. Igualmente, la noticia de su aprobación y de la ejecución de la sentencia fue publicada por los medios de comunicación de A Coruña.

Este ayuntamiento desconoce la existencia de un contencioso judicial entre la propiedad del edificio y de la arrendataria, el cual, en todo caso, se dilucidará en la vía civil de acuerdo con la legislación que proceda, probablemente la arrendaticia -al amparo de la cual puede la arrendataria exigir del propietario las reparaciones necesarias-, procedimiento civil en el que las partes podrán proponer las pruebas que estimen pertinentes.

Este ayuntamiento, conforme a lo dispuesto en el art. 199 LOUGA, incoa, tramita y resuelve anualmente un elevado número de expedientes de órdenes de ejecución a propietarios de edificios, aunque no estén catalogados y protegidos, para que se mantengan en condiciones de funcionalidad, seguridad, salubridad, ornato público y habitabilidad, y todo ello con independencia de quien sea el causante o responsable de las deficiencias y con independencia de las controversias y litigios entre la propiedad y los ocupantes de los edificios.”.

Por outra parte, recibimos un informe do Servizo de Patrimonio Cultural da Delegación Provincial da Consellería de Cultura e Deporte, e neste informe subscrito na data do 26-2-08 por unha arquitecta do citado servizo indicábase expresamente o seguinte:

“A edificación ten baixo, entreplanta, planta alta e baixo-cuberta. Atópase incluída dentro do catálogo do PXOM, e polo tanto, é considerado como ben inventariado integrante do patrimonio cultural de Galicia e gozará dunha protección baseada en evitar a súa desaparición, en virtude da disposición adicional 2ª e do art. 54 da Lei 8/1995, do 30 de outubro, do patrimonio cultural de Galicia, e estarán baixo a responsabilidade dos concellos e da Consellería de Cultura.

O inmoble é unha edificación entre medianeiras, de estilo modernista, que presenta como caracteres singulares a abundancia de elementos decorativos, utilizando como materiais de fachada o revoco pintado e a carpintería de madeira. A ficha do

catálogo do PXOM adxudícalle un nivel de protección III, isto é protección estrutural. Este nivel está formado por edificios nos que interesa conservar integramente a súa fachada, patios interiores e elementos estruturais e tipolóxicos básicos.

Da observación do inmoble dedúcese que a planta baixa da edificación se atopa ocupada por un local comercial, portal, e por outro local que alberga unha oficina da empresa construtora que esta a traballar no contorno, e que é propietaria do edificio. Na visita non se puido ter acceso a todo o edificio, soamente ao local da planta baixa e entreplanta ocupadas por un comercio de roupa.

Realizada a visita, constátase:

1. *A existencia de distintas gretas e fisuras na fachada principal. E especialmente destacable, unha das gretas que atravesa toda a fachada, dende o peto da cuberta ata o lintel do oco da planta baixa. Fotos a-b-c.*

2. *A aparición de descascados, manchas e eflorescencias na fachada. Fotos d-e.*

3. *A existencia de manchas de humidade nos paramentos interiores da planta baixa e da entreplanta do local comercial.*

Segundo a información achegada pola inquilina do local, e como se deduce da observación, cando chove, a través das gretas fíltrase a auga dentro do local. Para corrixir estas incidencias, segundo explica e mostra a inquilina, dispúxose na entreplanta, dunha estrutura auxiliar de carácter temporal, formada por elementos de madeira que soporta unha cubrición de pranchas onduladas. Deste xeito seguíase a auga filtrada recolléndose nun caneiro que, conectado a un tubo de baixada, se recolle nun balde na planta baixa. Fotos f-g-h.

A falta de datos e análise máis concretos que determinen as causas que produciron as patoloxías na fachada,- e á marxe doutro tipo de patoloxías que poidan detectarse nun estudo máis polo miúdo, tanto do interior coma do exterior de toda a

edificación- é evidente a necesidade dunha intervención para corrixir as deficiencias, que permita a conservación e correcto funcionamento e mantemento da edificación.

Co fin de establecer con exactitude a orixe, causas, alcance, consecuencia, así como as medidas necesarias para a súa correcta reparación e mantemento, segundo a técnica que subscribe, deberase realizar un estudo, realizado por técnico competente especializado en rehabilitación e reparación de edificios. O estudo deberá comprender a diagnose e proposta detallada de intervención, atendendo a cada unha das patoloxías atopadas, e concretando en cada caso a actuación, así como as instrucións necesarias para o control e mantemento posterior.

Acompáñase anexo con reportaxe fotográfica da visita."

En relación coa información que consta na documentación remitida desde ese Concello da Coruña cómpre subliñar as seguintes circunstancias:

Na data do 23-11-2000 dítase unha providencia desa alcaldía pola que se require á propietaria do inmoble para que efectúe as reparacións necesarias para manter a edificación en condicións de seguridade e salubridade. Con anterioridade, na data do 1-11-2000, emitírase un informe polo arquitecto municipal no que constaban desprendemento duns panos horizontais de ladrillo cerámico no local comercial da planta baixa, e outros danos, comprobándose tamén unha importante entrada de auga da planta superior.

Na data do 21-6-01 constátase polo arquitecto municipal que non se efectuaron reparacións, e por resolución do 3-8-01 impónselle á propiedade unha multa coercitiva como medida de execución forzosa, desestimándose posteriormente o recurso de reposición presentado contra esta multa. Consta un informe do arquitecto municipal, de data do 12-11-01, no que se indica que se efectuaron determinadas reparacións no inmoble, pero que é necesario realizar outros traballos de reparación co correspondente proxecto e dirección técnica, dado o grao de protección do inmoble. Na data do 12-7-02 consta un informe dun inspector municipal no que se indica que se cubriu o oco do teito da planta baixa cun falso teito, e que non é posible determinar as obras que se fixeron na parte

superior, manifestando a inquilina do baixo que deixou de ter problemas de filtracións de auga e de humidades. Na data do 21-8-02 procedeuse ao arquivo do expediente administrativo aberto como consecuencia das deficiencias observadas.

Posteriormente, na data do 2-9-03, como consecuencia da comprobación polos correspondentes servizos municipais, da caída de cascotes na fachada do edificio, ábrese un expediente administrativo de orde de execución de referencia 236/2003. Consta informe do arquitecto técnico municipal de data do 26-1-04 no que como consecuencia dos degretamentos observados na fachada e outras deterioracións considérase necesaria a corrección dos danos descritos mediante traballos de reparación e mantemento da fachada. Na data do 11-5-04 a propiedade solicita a ampliación do prazo para a presentación do proxecto técnico das obras de reparación. Na data do 2-8-04 un informe do arquitecto técnico municipal constata que non se efectuaron as reparacións requiridas. Na data do 14-10-04 dítase unha providencia polo concelleiro-delegado de Urbanismo polo que se require á propiedade para que proceda aos traballos de mantemento da fachada. Consta un novo informe do arquitecto técnico municipal do 29-3-05 no que se indica que non se realizaron as reparacións. Na data do 2-7-05 a propietaria solicita a ampliación do prazo para presentar proxecto técnico, e posteriormente, na data do 18-1-06 nun informe dun inspector municipal sinálase que xa se efectuaron as reparacións das deterioracións observadas na fachada do inmoble, procedéndose en consecuencia ao arquivo do expediente 236/2003.

Finalmente, na información remitida por ese concello consta tamén a apertura do expediente de orde de execución de obras de referencia 277/06 tras unha denuncia da inquilina do baixo comercial referida aos danos producidos pola entrada de auga no local comercial. Consta informe do arquitecto técnico municipal do 29-6-06 no que se indica que se aprecia falta de mantemento da fachada e cuberta, e danos por entrada de auga no baixo, considerándose necesaria a execución de determinadas obras. Figura entre a documentación achegada un informe proposta dun técnico da Unidade de Ruínas de data do 13-11-06 no que se propón requirir á propietaria para que no prazo dun mes proceda a revisar o estado da cuberta e repare os danos existentes no baixo comercial polas filtracións de auga. Na data do 22-12-06, a propietaria presenta alegacións argumentando que se encargou o proxecto de rehabilitación a un arquitecto, que se atopa nese momento na fase

de recompilación de datos. Por último, consta un informe de inspección da arquitecta técnico municipal de data do 26-10-07 no que se constatan as deficiencias observadas no estado de conservación do inmoble.

Á vista de todo o anteriormente expresado, estimamos que deben facerse algunhas consideracións sobre a problemática exposta.

A este respecto, cómpre subliñar que, en efecto, ese Concello da Coruña fixo efectiva a previsión legal do artigo 199 da Lei 9/2002, de ordenación urbanística de Galicia (e anteriores preceptos legais coincidentes, actualmente derrogados) obrigando á propietaria do inmoble situado no n.º 152, da avenida Xeneral Sanjurjo desa cidade da Coruña a manter o edificio en condicións axeitadas de seguridade, salubridade e ornato público, como así se pon de manifesto nas diversas actuacións administrativas anteriormente descritas.

En todo caso, abonda cun simple exame da secuencia temporal dos trámites mencionados para que se poida constatar que a propiedade do inmoble foi bastante reticente para realizar as obras que se lle esixían, e que mesmo se xulgamos as obras realizadas polos seus resultados sobre o estado xeral do inmoble, parece que non poderiamos cualificalas de moi satisfactorias, dados os últimos informes técnicos tanto dos servizos competentes dese concello como da Consellería de Cultura e Deporte. Non debe esquecerse tampouco que a propietaria, aínda que se lle esixiu en varias ocasións, non presentou un proxecto técnico (cando menos non figura na documentación remitida) integrador das obras efectuadas, e que mesmo nalgúns informes dos servizos municipais necesariamente se fai referencia a que se descoñecen as obras realmente efectuadas por non seren visibles (informe do inspector municipal do 12-7-02).

Finalmente, debemos destacar a circunstancia de que no último dos expedientes administrativos abertos (277/06) na data do 4-12-06 se lle dá traslado á propietaria dos informes técnico e xurídico dos servizos municipais para que formule alegacións, e na data do 22-12-06 indícase pola propietaria que se encargou o traballo de rehabilitación do edificio a un arquitecto (remítese fotocopia dun certificado do arquitecto indicándose que o

dito encargo se atopa na fase de recompilación de datos do seu estado actual). Non consta ningunha outra actuación da propiedade do inmoble desde esta data ata a data do 10-12-07 na que se emitiu o informe dese concello, que foi remitido a esta oficina do Valedor do Pobo.

Á vista da información que nos consta neste expediente de queixa cómpre subliñar que se está a producir unha importante demora por parte da propiedade na presentación dun proxecto técnico e polo tanto na efectiva execución das obras que require un axeitado mantemento do inmoble ao que se refire a queixa. Neste sentido, e no caso concreto que se presenta nesta queixa, existe para o propietario do inmoble unha obrigación legal de mantemento e conservación da edificación reforzada polo feito de que esa obrigación deriva tanto da normativa urbanística (artigo 199 da Lei 9/2002, de ordenación urbanística de Galicia) como da normativa sobre protección do patrimonio histórico, por tratarse dun edificio incluído no correspondente Catálogo do PXOM (disposición adicional 2ª e artigo 54 da Lei 8/1995, do patrimonio cultural de Galicia).

A este respecto, na aliña 4 do citado artigo 199 da Lei 9/2002, de ordenación urbanística de Galicia establécese expresamente que : *"En caso de incumprimento da orde de execución de obras, a administración municipal procederá á execución subsidiaria desta ou á execución forzosa mediante a imposición de multas coercitivas de 300 a 6000 euros, reiterables ata lograr a execución das obras ordenadas."*

Por outra parte, en relación coa imposición de multas coercitivas, consideramos pertinente facer referencia a unha sentenza do Tribunal Constitucional de data do 14-12-1988 (RTC 1988/239) na que se subliñan as notas configuradoras da multa coercitiva. Así, podemos destacar os seguintes aspectos: 1º) requírese unha específica previsión legal, non bastando a mera previsión de tal medio de execución forzosa no art. 99 da mencionada Lei 30/1992, pois iso suporía unha extensión implícita dunha potestade administrativa contraria ao principio de legalidade, artigo 9.3 da CE; 2º) a súa posibilidade de imposición "inaudita parte", por constituír execución dun acto anterior que lle serve de título; 3º) a súa compatibilidade coa potestade propiamente sancionadora da administración; 4º) a necesidade dunha concreción da contía a impoñer e na forma e prazo fixado para o

cumprimento do fin que a multa pretende alcanzar, xa que non se pode descoñecer que consiste nunha medida de constrinximento económico, reiterada en lapsos de tempo, e tendente a obter a acomodación dun comportamento obstrutivo do destinatario do acto ao disposto na decisión administrativa previa, mediando a oportuna cominación ao apercibimento; carece polo tanto, da finalidade represiva que caracteriza á multa sancionadora e presenta certo carácter discrecional, que non arbitrario (art. 9.3 da CE). Sinálase, ademais, en relación coas multas coercitivas nunha sentenza do Tribunal Supremo do 19-6-1987 (RJ 1987/6509) que: *"...Pero ademais tales multas, que son reiterables, han de sinalar un prazo para levar a efecto a actuación que impoñía o acto que se trata de executar, prazo este que ha de ser "suficiente para cumprir o ordenado" – art. 107.1 da Lei de procedemento..."*

A este respecto, estimamos que ante as demoras que se observan por parte da entidade propietaria no cumprimento da súa obrigación legal de conservación e mantemento do inmoble deberíase aprobar unha nova orde de execución, pois pola información remitida non consta que se aprobase no expediente 277/2006, e que en caso de incumprimento desta orde de execución se impoñan por ese concello as multas coercitivas necesarias para que o interesado execute a orde de execución de obras.

En consecuencia, á vista do anteriormente exposto, e tendo en conta o previsto no artigo 32.1 da lei do Valedor do Pobo, formulámoslle ao Concello da Coruña unha **RECOMENDACIÓN** nos seguintes termos:

"Que por parte desa administración municipal se proceda á aprobación dunha nova orde de execución de obras para o mantemento e conservación do edificio protexido, e que en caso de incumprimento pola entidade propietaria desta orde de execución de obras se impoñan as correspondentes multas coercitivas como medio de execución forzosa; e que, por outra parte, en relación co proxecto de obras que se aprobe por ese concello conste informe favorable do órgano competente da Consellería de Cultura e Deporte".

12. Recomendación dirixida á Delegación Provincial da Consellería de Vivenda e Solo, en data 22 de setembro de 2008 para que se ordene a inspección dunha vivenda de protección autonómica por presuntos defectos de construción que afectan ás condicións de habitabilidade. (Q/107/08).

Ante esta Institución, mediante escrito de queixa, compareceu solicitando a nosa intervención, Da. S. Mª. S. G., con domicilio en Salceda de Caselas.

No seu escrito, esencialmente, indicábanos que na data do 23-4-07 presentara nesa delegación provincial unha denuncia por infracción moi grave prevista no artigo 54.1.d) da Lei 4/2003, do 29 de xullo, de vivenda de Galicia, polos defectos graves de construción da vivenda de protección autonómica na que actualmente reside (que deu lugar ao expediente 36-1-0015/03). A reclamante achegaba unha fotocopia da resolución deste expediente do 28-11-07, manifestando o seu desacordo con ela, por entender que os defectos aos que aludía na súa denuncia eran efectivamente graves, e indicando tamén que en ningún momento tivera coñecemento das alegacións e informes presentados pola empresa promotora das obras.

Considerando que esta queixa reunía os requisitos formais recollidos no artigo 18 da Lei do Valedor do Pobo, e que atopaba en principio cobertura constitucional derivada do artigo 103.1 da Constitución, no que se refire aos principios de legalidade e de eficacia que deben rexer as actuacións das administracións públicas, admitiuse a trámite e promoveuse a investigación sumaria e informal para o esclarecemento dos supostos en que se baseaba.

En concreto, solicitamos desa delegación provincial que, de acordo co previsto no artigo 22.1 da Lei do Valedor do Pobo, nos facilitase información sobre o problema que motivou a queixa, e en particular sobre o informe técnico do servizo correspondente desa delegación que servira de fundamento á resolución desestimatoria da denuncia da reclamante.

A este respecto, recibimos nesta oficina do Valedor do Pobo un escrito desa delegación provincial do 8-2-08 (RS nº 3418, do 12-2-08), que se acompañaba do escrito

de alegacións presentado pola promotora en contestación á denuncia da reclamante. Este escrito-informe remitido por esa delegación coincidía literalmente coa resolución do 28-11-07 pola que se acordara non incoar un expediente administrativo sancionador, agás na última aliña da resolución na que se indicaba expresamente que: "Esta consellería concédelles axudas e subvencións aos adquirentes de vivendas, pero non actúa como intermediario nas relacións privadas dos propietarios de vivendas e os promotores".

Desde esta oficina do Valedor do Pobo trasladamos á reclamante a información recibida, en particular as alegacións da promotora e recibimos un novo escrito dela no que se sinalaba que as deficiencias que se advertían na vivenda continuaban actualmente sen arranxar, e que a vivenda presentaba defectos que afectaban claramente a súa habitabilidade, como era o caso das graves humidades no salón, que non quedaran arranxadas coa intervención anterior da empresa promotora.

Neste sentido, tendo en conta a información que nos constaba neste expediente de queixa, na que parecía detectarse a existencia de graves humidades no salón da vivenda, que afectaban ao pavimento de madeira, estimamos que cumpría contar cun informe máis amplo desa delegación provincial, en tanto que na resolución citada se facía unha consideración xenérica sobre os feitos denunciados *("que non reúnen os requisitos que menciona o devandito precepto legal")*, pero entendemos que non se motivaba suficientemente esta resolución, tendo en conta que no artigo 58.4 da Lei 4/2003, de vivenda de Galicia se fai referencia ás funcións inspectoras que corresponden ao IGVS (Instituto Galego de Vivenda e Solo).

En consecuencia, á vista do anteriormente expresado na data do 12-6-08 solicitamos de V.S., de acordo co previsto no artigo 22.1 da lei do Valedor do Pobo, que nos remitise un informe complementario sobre o problema que motivara a queixa, e en concreto sobre os resultados da inspección practicada polos servizos desa delegación provincial na vivenda á que se refería a denuncia.

Neste sentido, recibimos un novo informe desa delegación de data do 20-6-08 (RS n.º 14277, do 25-6-08) no que entre outros extremos se indica expresamente o seguinte:

"Cuarto. Da análise dos informes técnicos deduciuse que as deficiencias da vivenda da denunciante non afectan a estrutura do edificio, cimentacións, soportes, vigas, forxados, muros de carga, etc,. (vicios graves) nin tampouco as condicións de habitabilidade que enumera o apartado c) do artigo tres da Lei 38/1999 do 5 de novembro, de ordenación da edificación, senón que poderían ser de terminación ou acabado das obras, non incluídas dentro dos feitos que dan lugar á infracción prevista no artigo 51.1 d) da Lei 4/2003, do 29 de xullo.

Compre lembrar que as deficiencias de acabado son responsabilidade do construtor da obra."

A este respecto, en relación co concepto legal de condicións de habitabilidade das vivendas cómpre subliñar a referencia contida no artigo 3 da Lei 38/1999, de ordenación da edificación sobre os requisitos básicos da edificación. Neste sentido, na aliña c) deste artigo, que trata dos requisitos relativos á habitabilidade, indícanse expresamente na epígrafe 1 as seguintes condicións na construción dos edificios:"*higiene, salud y protección del medio ambiente, de tal forma que se alcancen condiciones aceptables de salubridad y estanquidad en el ambiente interior del edificio y que este no deteriore el medio ambiente en entorno inmediato, garantizando una adecuada gestión de toda clase de residuos"*.

Por outra parte, pola información de que dispoñemos neste expediente de queixa a vivenda de protección autonómica adquirida pola reclamante presentaba inicialmente graves humidades no salón, e segundo o último escrito remitido pola reclamante eses defectos graves non foron solucionados pola intervención do promotor, persistindo aínda na actualidade. Neste sentido, cómpre subliñar que no artigo 54.1.d) da Lei 4/2003, da vivenda de Galicia se sinala expresamente que:

"*A neglixencia de promotores, construtores e facultativos durante a execución das obras de edificación de protección oficial que deu lugar a vicios ou defectos graves que afecten á edificación ou habitabilidade das vivendas e se manifesten durante os cinco anos seguintes data de expedición da cédula de cualificación definitiva."*

A este respecto, a persistencia de humidades na vivenda da reclamante na medida en que afecten "as condicións de salubridade e estanquidade no ambiente interior do edificio" podería determinar a comisión dunha infracción moi grave por parte do promotor. Neste sentido, cómpre subliñar que a apreciación que sobre este aspecto se fai na resolución ditada por esa delegación se basea na confrontación das alegacións e informes técnicos achegados polas partes, sen que conste na información recollida neste expediente de queixa que por parte desa delegación se realizase unha inspección propia na vivenda controvertida. En relación con este extremo, estimamos que debería terse en conta que o artigo 59, aliña 4, da citada Lei 4/2003, indica expresamente o seguinte: *"as funcións inspectoras con fin de pescudar e investigar o exacto cumprimento das obrigas establecidas na presente lei corresponde ao Instituto Galego da Vivenda e Solo. Os inspectores deste organismo desenvolverán as tarefas de inspección necesarias ao respecto, tendo a consideración de axentes da autoridade, gozando as actas que levanten de presunción de veracidade"*.

En consecuencia, á vista do anteriormente expresado e tendo en conta o previsto no artigo 32.1 da Lei do Valedor do Pobo, formulámoslle a esa delegación provincial a seguinte **RECOMENDACIÓN**:

" Que por parte desa delegación provincial se ordene unha inspección da vivenda de protección autonómica adquirida pola reclamante para determinar se persisten ou non os defectos de construción denunciados, consistentes en graves humidades apreciadas no salón da vivenda, que poderían afectar as condicións de habitabilidade da vivenda e polo tanto constituír a comisión dunha infracción moi grave por parte do promotor da edificación"

Na contestación remitida desde a Delegación Provincial da citada Consellería se fai referencia a que se realizara unha visita á vivienda por parte dun inspector da Consellería, e á vista dos resultados desta inspección a Delegación se propoñía incoar un expediente sancionador á promotora por incumprimento dos requisitos de habitabilidade na vivienda á que se refería a queixa, polo que consideramos aceptada esta recomendación.

13.- Recordatorio de deberes legais dirixido ao Alcalde-Presidente do Concello de Tomiño, en data 13 de febreiro de 2008, para que proceda a impoñer multas coercitivas para a efectiva execución dunha orde de demolición de obras ilegais. (Q/128/08).

Ante esta institución, mediante escrito de queixa, compareceu solicitando a nosa intervención Da. M. P. G., con domicilio nese Concello de Tomiño.

No seu escrito, esencialmente indicábanos que no ano 2005 se procedera por ese concello á apertura dun expediente de reposición da legalidade urbanística (referencia n.º 05/05) respecto das obras realizadas por D. J.C.M.R., no lugar de Centinela-Goián consistentes na cubrición de parte dunha terraza cunha estrutura de aluminio e cristais, obras que carecían de licenza e ademais se estimaran ilegalizables. Sinalaba tamén a reclamante que na data do 27-1-06 se requirira o interesado para que procedese á demolición das obras referidas, co apercibimento de imposición de multas coercitivas. Manifestaba a reclamante que ata o momento non se procedera á efectiva restauración da legalidade urbanística alterada, sen que tampouco tivese constancia de que se impuxesen e cobrasen as pertinentes multas coercitivas.

Considerando que esta queixa reunía os requisitos formais recollidos no artigo 18 da Lei do Valedor do Pobo, e que atopaba, en principio, cobertura constitucional derivada do artigo 103.1 da Constitución, no que se refire aos principios de legalidade e de eficacia que deben rexer as actuacións das administracións públicas, admitiuse a trámite e promoveuse a investigación sumaria e informal para o esclarecemento dos supostos en que se baseaba.

En concreto, solicitamos dese concello que, de acordo co previsto no artigo 22.1 da Lei do Valedor do Pobo, nos facilitase información sobre o problema que motivara a queixa, e en particular sobre as causas de que aínda no se procedese á reposición da legalidade urbanística infrinxida, e tamén sobre a imposición de multas coercitivas por ese concello para a execución do acordo de demolición da obra ilegal.

A este respecto, recibimos recentemente un escrito dese Concello do 31-1-08 (RS n.º 446, do 7-2-08) no que se confirma que as obras ás que se refire a queixa foron obxecto dun expediente de reposición da legalidade urbanística cunha resolución definitiva de demolición das obras, sen que ata o momento actual se impuxesen multas coercitivas.

A resolución definitiva, que ordena a demolición das obras executadas sen licenza, ditouse na data do 27-1-06, polo que xa transcorreu un dilatado período de tempo (18 meses) sen que se fixera efectiva a restauración da legalidade urbanística infrinxida, e sen que, por outra parte, para asegurar este efectivo cumprimento da orde de demolición se acudira ao trámite da execución subsidiaria por ese concello ou se aprobase a imposición de sucesivas multas coercitivas, a pesar de que ambos os mecanismos de execución forzosa se anunciaban no propio texto da resolución principal que ordenou a demolición das obras ilegais.

Estimamos que en relación coa a problemática observada no presente caso deben subliñarse os tres grandes vectores nos que debe moverse a administración urbanística, en especial os concellos, para atallar o problema das infraccións urbanísticas: a inspección urbanística, as medidas de restauración da legalidade, e o exercicio da potestade sancionadora ante as infraccións. A este respecto, e na medida en que se trata dun aspecto que cobrou especial relevo no presente caso, estimamos que debe subliñarse a necesidade de incrementar a eficacia das medidas de execución forzosa das resolucións municipais referidas á restauración da legalidade urbanística, en particular as multas coercitivas.

A este respecto, debemos mencionar unha sentenza do Tribunal Constitucional de data do 14-12-1988 (RTC 1988\239) na que se subliñan as notas configuradoras da multa coercitiva. Así, podemos destacar os seguintes aspectos: 1º) requírese unha específica disposición legal, non bastando a mera previsión de tal medio de execución forzosa no art. 99 da mencionada Lei 30/1992, pois iso suporía unha extensión implícita dunha potestade administrativa contraria ao principio de legalidade, artigo 9.3 da CE; 2º) a súa posibilidade de imposición «inaudita parte», por constituír execución dun acto anterior que lle serve de título; 3º) a súa compatibilidade coa potestade propiamente sancionadora da administración; 4º) a necesidade dunha concreción da contía a impoñer e na forma e prazo

fixado para o cumprimento do fin que a multa pretende alcanzar, xa que non se pode descoñecer que consiste nunha medida de constrinximento económico, reiterada en lapsos de tempo, e tendente a obter a acomodación dun comportamento obstrutivo do destinatario do acto ao disposto na decisión administrativa previa, mediando a oportuna cominación ao apercibimento; carece polo tanto, da finalidade represiva que caracteriza á multa sancionadora e presenta certo carácter discrecional, que non arbitrario (art. 9.3 de la CE).

Neste sentido, é conveniente subliñar que na aliña 6 do artigo 209 da Lei 9/2002, de ordenación urbanística e protección do medio rural de Galicia se indica expresamente o seguinte: *"En caso de incumprimento da orde de demolición, a administración municipal procederá á execución subsidiaria desta ou á execución forzosa mediante a imposición de multas coercitivas, reiterables mensualmente ata lograr a execución polo suxeito obrigado, en contía de 1000 a 10 000 euros cada unha."*

Por outra parte, en relación coas multas coercitivas sinálase nunha sentenza do Tribunal Supremo do 19-6-1987 (RX 1987\6509) que : *"... Pero ademais tales multas, que son reiterables, teñen que sinalar un prazo para levar a efecto a actuación que impoñía o acto que se trata de executar, prazo este que ha de ser «suficiente para cumprir o ordenado» -art. 107.1 da Lei de procedemento..."* .

En consecuencia, tendo en conta o anteriormente expresado, e de acordo co artigo 32.1 da Lei do Valedor do Pobo lle formulamos a ese Concello de Tomiño o seguinte **RECORDATORIO DE DEBERES LEGAIS:**

"Que por parte desa administración municipal se impoñan no presente caso as multas coercitivas previstas legalmente, para deste modo asegurar os efectos que son propios deste mecanismo legal de execución forzosa, que deberá contribuír ao necesario mantemento da disciplina urbanística, e que ademais se faga efectivo o cobro das multas impostas"

Resposta do Alcalde de Tomiño: Aceptado

14.- Recomendación dirixida ao Alcalde-Presidente do Concello de Nigrán en data 16 de xuño de 2008 para que proceda a tramitación coa máxima dilixencia de expedientes de reposición da legalidade urbanística nos que aínda non se emitiron os informes técnicos, e xa houbo declaración de caducidade dun procedemento anterior. (Q/226/08).

Ante esta institución, mediante escrito de queixa, compareceu solicitando a nosa intervención, D. J. L. M. M., con domicilio nese Concello de Nigrán.

No seu escrito, esencialmente, indicábanos que no mes de xuño do 2006 se iniciarán unhas obras nas parcelas núm. 1032/5 e 1032/6 do SAU núm. 4 de Nigrán lindeiros coas propiedades dos reclamantes, e nas que ao parecer se cometeran irregularidades, polas que presentaran denuncias nese concello e tamén un recurso de reposición contra a concesión das respectivas licenzas, xa que para a súa concesión se falseara a situación real da rasante natural dos terreos.

Os reclamantes sinalaban que como consecuencia das denuncias se abrían os expedientes de disciplina urbanística núm. RLU 06/0763 e RLU 06/0764, nos que consideraban que se acreditara que as obras realizadas eran incompatibles coa normativa urbanística vixente, e sen embargo a pesar do tempo transcorrido aínda non se adoptara ningunha resolución.

Considerando que esta queixa reunía os requisitos formais recollidos no artigo 18 da Lei do Valedor do Pobo, e que atopaba en principio cobertura constitucional derivada do artigo 103.1 da Constitución, no que se refire aos principios de legalidade e de eficacia que deben rexer as actuacións das administracións públicas, admitiuse a trámite e promoveuse a investigación sumaria e informal para o esclarecemento dos supostos en que se baseaba.

En concreto, solicitamos dese concello que nos facilitase información sobre o problema que motivara a queixa, e en particular sobre os informes técnicos referidos a adecuación das obras ás licenzas concedidas, e tamén en relación co concreto aspecto da situación real da rasante e a súa adecuación coa indicada nos proxectos técnicos aprobados.

A este respecto, recibimos un informe dese concello do 16-4-08 (RS núm. 1703, do 21-4-08) no que se indica expresamente o seguinte:

1. *"En canto ao expediente RLU 06/0763:*

Con data 14 de agosto de 2006, por decreto da alcaldía iniciáselle expediente de restauración da legalidade urbanística pola construción dunha vivenda unifamiliar sen axustarse á licenza concedida por decreto da alcaldía de data 27 de abril de 2006.

O 14 de novembro de 2007, caduca o procedemento e ordénase o novo inicio dun novo procedemento por decreto da alcaldía.

Inicio dun novo procedemento de restauración da legalidade urbanística (expte. RLU 1132/07) por decreto da alcaldía de data 30 de novembro de 2007.

Actualmente encóntrase pendente de informe técnico.

2. *En relación ao expediente RLU 06/0764:*

Con data 14 de agosto de 2006, por decreto da alcaldía iníciase expediente de restauración da legalidade urbanística pola construción dunha vivenda unifamiliar sen axustarse á licenza concedida por decreto da alcaldía de data 27 de abril de 2006.

O 14 de novembro de 2007, caduca o procedemento e ordénase o novo inicio dun novo procedemento por decreto da alcaldía.

Inicio dun novo procedemento de restauración da legalidade urbanística (expte. RLU 1133/07) por decreto da alcaldía de data 30 de novembro de 2007.

Actualmente encóntrase pendente de informe técnico."

A este respecto, da información recibida dese concello dedúcese que houbo demoras -das que non se achega información sobre as súas causas– na tramitación dos expedientes de reposición da legalidade urbanística que se abriron para os casos denunciados polos reclamantes (expediente RLU 06/0763, aberto a D. J. A. I.; e expediente RLU 0764/06 U, aberto a D. F. J. V. M.), e que estas demoras supuxeron a declaración de caducidade de ambos os dous expedientes.

As respectivas declaracións de caducidade son de 14-11-07, e na data do 30-11-07 ditáronse senllos decretos desa alcaldía polo que se incoaron novos expedientes de restauración da legalidade urbanística con referencias RLU 1132/07 U, e RLU 1133/07 U polas mesmas actuacións urbanísticas referidas. Sen embargo, cómpre subliñar que pola información remitida a esta institución do Valedor do Pobo, non se poden coñecer as causas concretas que motivan estes expedientes de reposición da legalidade urbanística, xa que nos mencionados decretos, igual que nos ditados nos expedientes caducados, unicamente se fai unha referencia xenérica á "construción de vivenda unifamiliar sen axustarse á licenza concedida". En consecuencia, non podemos saber cales das irregularidades urbanísticas alegadas polos denunciantes motivaron a apertura destes expedientes de disciplina urbanística, nos que en todo caso tivo que producirse unha inspección técnica posterior ás denuncias, cos correspondentes informes técnicos nos que tiveron que fundamentarse os respectivos expedientes de restauración da legalidade urbanística. Descoñecemos tamén o contido destes informes técnicos.

No informe remitido por ese concello, case cinco meses despois de que se reabrisen novos expedientes de disciplina urbanística, non consta ningún outro trámite, sinalándose xenericamente que os respectivos expedientes atópanse pendentes de informe técnico. Entendemos nesta institución do Valedor do Pobo que é excesivo o prazo transcorrido sen que se emitise o correspondente informe técnico, ao que se alude

implicitamente no artigo 209.3 da Lei 9/2002, sobre ordenación urbanística de Galicia, e no que debe determinarse se as obras son ou non legalizables, con diferentes tramitación dos expedientes en función do resultado das inspeccións practicadas e informes emitidos. En calquera caso, a circunstancia de que caducase un expediente aberto anteriormente e que polo tanto transcorrese un ano enteiro desde a apertura do expediente de disciplina urbanística sen que se emitise un informe técnico sobre se as actuacións urbanísticas realizadas son ou non legalizables –cando menos non nos consta– aínda resulta máis inxustificado.

Desde esta perspectiva, e á vista das circunstancias expresadas anteriormente, estimamos que deben facerse determinadas consideracións tendo en conta a lexislación urbanística aplicable.

En efecto, se as obras denunciadas están aínda sen rematar, o que parece deducirse da referencia ao artigo 209 da citada Lei 9/2002 por parte de ambos os dous decretos do 30-11-07 estimamos que debe terse en conta que nas aliñas 3,4,5,6 e 7 deste artigo 209 se sinala expresamente o seguinte:

"3. Instruído o expediente de reposición da legalidade e previa audiencia do interesado, adoptarase algún dos seguintes acordos:

a) Se as obras non fosen legalizables por seren incompatibles co ordenamento urbanístico, acordarase a súa demolición a custa do interesado e procederase a impedir definitivamente os usos a que desen lugar ou, de ser o caso, á reconstrución do indebidamente demolido.

b) Se as obras fosen legalizables por seren compatibles co ordenamento urbanístico, requiririrase ao interesado para que no prazo de tres meses presente a solicitude da oportuna licenza, manténdose a suspensión das obras en tanto esta non sexa outorgada.

c) Se as obras non se axustan ás condicións sinaladas na licenza ou á orde de execución, ordenarase ao interesado que as axuste no prazo de tres meses, prorrogables por outros tres a petición do interesado, sempre que a complexidade técnica ou envergadura das obras a realizar faga inviable a súa acomodación ás previsións da licenza no prazo previsto.

4. O procedemento a que se refire o número anterior deberá resolverse no prazo dun ano a contar desde a data do acordo de iniciación.

5. Se transcorrido o prazo de tres meses desde o requirimento o interesado non solicitase a oportuna licenza ou, de ser o caso, non axustase as obras ás condicións sinaladas nela ou na orde de execución, o alcalde acordará a demolición das obras a custa do interesado e procederá a impedir definitivamente os usos a que deran lugar. De igual modo procederase no suposto de que a licenza fose denegada por ser o seu outorgamento contrario á legalidade.

6. En caso de incumprimento da orde de demolición, a administración municipal procederá á execución subsidiaria desta ou á execución forzosa mediante a imposición de multas coercitivas, reiterables mensualmente ata lograr a execución polo suxeito obrigado, en contía de 1000 a 10 .000 euros cada unha.

7. O disposto nos números anteriores entenderase sen prexuízo da imposición das sancións que procedan e das facultades que correspondan ás autoridades competentes, en virtude do réxime específico de autorización ou concesión a que estean sometidos determinados actos de edificación e uso do solo.

En consecuencia, tendo en conta o anteriormente expresado e de acordo co previsto no artigo 32.1 da lei do Valedor do Pobo, formulámoslle a esa Alcaldía-Presidencia do Concello de Nigrán a seguinte **RECOMENDACIÓN:**

"Que por parte desa alcaldía-presidencia se dean as ordes oportunas para que se tramiten coa máxima dilixencia os expedientes de reposición da legalidade

urbanística que afectan ás obras denunciadas, emitíndose os informes técnicos preceptivos para determinar se as obras executadas, e que exceden das licenzas concedidas, son ou non legalizables; ademais, e con independencia dos efectos do silencio administrativo en relación co acceso á vía xudicial contencioso-administrativa, que se resolva expresamente o recurso de reposición presentado polos reclamantes contra as resolucións de concesión das respectivas licenzas urbanísticas, tendo en conta a obrigación legal das administracións públicas de ditar resolución expresa en todos os procedementos administrativos (artigo 42.1 da Lei 30/92, sobre procedemento administrativo común)"

A este respecto, recibimos un informe do Concello de Nigrán no que se poñía de manifesto a aceptación da recomendación formulada, no sentido de que se emitiran os informes técnicos correspondentes e se adoptaron os acordos municipais respectivos requerindo dos promotores que presentasen os proxectos técnicos oportunos.

15. Recordatorio de deberes legais dirixido ao Alcalde-Presidente do Concello de Carballedo en data 14 de outubro de 2008 para que proceda sen dilacións a ditar unha nova orde de execución para a limpeza dun terreo con restos dun hórreo. (Q/758/08).

Ante esta Institución, mediante escrito de queixa e na data do 30-10-2000 compareceron solicitando a nosa intervención, Dª. P. B. P. y Da. M. C. P., con domicilio nese termo municipal de Carballedo. Esta queixa deu lugar á apertura nesta oficina do Valedor do Pobo do expediente B.2.Q/1030/00.

No seu escrito inicial de queixa, esencialmente, indicábannos que D.ª Visitación Ledo, veciña das reclamantes, é propietaria dun hórreo que se atopa en moi malas condicións e que está a beira dun camiño público polo que transitan a cotío, co conseguinte risco de derrubamento do hórreo e que esta eventualidade afecta á súa integridade física. As reclamantes manifestaban que requiriran en varias ocasións á interesada para que procedese a arranxar a situación, sen obter ningún resultado das súas xestións. Tamén achegaban fotocopias de escritos presentados nese concello nas datas do 19-8-98 (RE nº

535), do 13-3-99 (RE nº 185) e do 4-5-2000 (RE nº 271), instando dese concello a adopción das medidas legais pertinentes para resolver o problema que motivara a queixa, manifestando que ata o momento de presentarse a queixa non recibiran resposta desa administración municipal.

Considerando que esta queixa reunía os requisitos formais recollidos no artigo 18 da Lei do Valedor do Pobo, e que atopaba, en principio, cobertura constitucional derivada do artigo 103.1 da Constitución, no que se refire aos principios de legalidade e de eficacia que deben rexer as actuacións das administracións públicas, admitiuse a trámite e promoveuse a investigación sumaria e informal para o esclarecemento dos supostos en que se baseaba.

En concreto, solicitamos dese concello que de acordo co previsto no artigo 22.1 da Lei do Valedor do Pobo, nos facilitase información sobre o problema que motivara a queixa, e en particular sobre os resultados da inspección practicada polos servizos técnicos dese concello e as medidas legais que congruentemente consideraba que debían aplicarse no presente caso.

A este respecto, logo de reiterar esta petición de informe en tres ocasións, recibimos un escrito desa administración municipal, do 19-5-01 (RS nº 212) no que se indicaba literalmente que *"con fecha 3 de mayo del actual ha sido emitido decreto por esta Alcaldía para que la propietaria, Da. V.L.C., procediese al derribo del hórreo; con fecha 11 de mayo, la Sra. L.C. presentó recurso de reposición contra dicho decreto, estando el recurso pendiente de resolución"*.

En consecuencia, á vista da información facilitada por esa administración municipal, da que lle damos traslado ás reclamantes de acordo co previsto no artigo 34 da Lei do Valedor do Pobo, procedemos a concluír a nosa intervención no problema que motivara a queixa, en tanto que se estaban levando a cabo os trámites administrativos previstos legalmente en relación co problema que motivara a queixa.

Sen embargo, aproximadamente dous anos despois se reabriu o citado expediente B.2.Q/1030/00. A este respecto, recibimos un novo escrito das reclamantes no que se

indicaba que efectivamente se desmontara o hórreo, pero que os restos quedaran depositados en terreo público (o que se denunciara ante ese concello) e que provocaba molestias para os veciños que usaban o camiño público.

En consecuencia, tendo en conta o exposto polas reclamantes e de acordo co previsto no artigo 22.1 da Lei do Valedor do Pobo, na data do 7-4-03, solicitámoslle a esa Alcaldía un informe sobre a circunstancia mencionada polas reclamantes, e se efectivamente os materiais do hórreo se atopaban en terreo público, e se nese caso houbera algunha autorización municipal para esta ocupación de dominio público municipal.

En contestación á nosa solicitude, recibimos dese concello un escrito do 12-5-2003 (RS nº 328), no que se indicaba expresamente que se requiría naquela data un informe dos servizos técnicos municipais para clarificar a condición de público ou privado do terreo no que estaba sito o hórreo.

A este respecto solicitamos un informe sobre a situación naquel momento do problema que motivara a queixa, e en particular sobre o ditame dos servizos técnicos sobre a natureza xurídica do terreo controvertido.

Neste sentido, cómpre subliñar que recibimos un novo escrito dese concello do 9-8-03 (RS nº 461, do 12-8-03), que se acompañaba dun informe dos servizos técnicos municipais no que se indicaba a necesidade de que D.ª V.L.C. presentase ante esa administración municipal unha escritura que acreditase a propiedade do terreo onde estaban depositados os materiais do hórreo.

A este respecto, recibimos posteriormente un novo informe dese concello, complementario do anterior, que se acompañaba dun informe dos servizos técnicos municipais do 9-10-03 e no que se indicaba expresamente que *"D.ª V. L. C. presenta documentación relativa a la propiedad del terreno en la que se ubicaba el hórreo, de la que este servicio técnico no puede deducir la privacidad de dicho terreno; que consultados los planos obrantes en las dependencias municipales (incluido el plano catastral de urbana), no se puede definir el carácter privado o público del terreno donde se ubicaba el hórreo"*.

A este respecto, desde esta oficina do Valedor do Pobo remitimos un escrito ás reclamantes no que lles indicabamos que no artigo 22 da Lei orgánica do Poder Xudicial sinálase expresamente que serán competentes os xulgados e tribunais da orde civil para entender *"con carácter exclusivo, en materia de derechos reales y arrendamientos de inmuebles que se hallen en España"*. Por outra parte, no artigo 41 da Lei 33/2003, do patrimonio das administracións públicas, sinálase literalmente que *"el conocimiento de las cuestiones de naturaleza civil que se susciten con ocasión del ejercicio por la Administración de estas potestades corresponderá a los órganos de este orden jurisdicional"*.

En consecuencia, tendo en conta as razóns expostas, procedemos a concluír a nosa intervención en tanto que unha axeitada solución do problema que a motivaba a queixa esixía a intervención do órgano competente do poder xudicial.

Con posterioridade, aproximadamente uns dous anos despois desta conclusión do expediente citado (B.2.Q/1030/00) recibimos un novo escrito das reclamantes no que se aludía a un escrito presentado nese concello na data do 31-6-06 , e que se refería a que no sitio onde antes se atopaba o hórreo agora quedaran restos de materiais en descomposición, o que constituía un foco de sucidade e insalubridade nun lugar habitado.

Á vista do exposto, solicitamos de V.S. que nos remitise un informe sobre a situación naquel momento do problema que motivara a queixa, pois de se atoparen os restos nun terreo privado debería ditarse unha orde de execución para a limpeza do terreo (obrigación de limpeza e conservación que recae sobre propietarios de calquera soar, terreo ou edificación), e de atoparse os restos en terreo público debería procederse á súa limpeza por ese concello.

A este respecto, recibimos un escrito dese concello de data do 30-12-2006 (RS n.º 530), no que se facía referencia a que nesa administración municipal agardaban un informe sobre a salubridade dos restos dos materiais do hórreo. Por outra parte, tamén recibimos escrito das reclamantes con fotografías do estado dos restos do hórreo, nas que se amosaba que con independencia dos probables problemas de salubridade, en todo caso a situación

actual non parecía acorde coa limpeza e boa conservación que debe manterse nun terreo privado.

Neste sentido, solicitamos nova información dese concello, na que ademais de remitirnos o informe sanitario, nos remitise un informe sobre as actuacións que pretendía realizar para resolver o problema que motivara a queixa.

Posteriormente, recibimos un novo escrito dese concello do 17-9-07 (RS n.º 456) no que se indicaba expresamente que dado que non se recibira nese concello o informe da Delegación de Sanidade e *"dada la urgencia que requiere la contestación a sus escritos, este Ayuntamiento, independientemente de las condiciones de salubridad, pretende ordenar la limpieza del recinto en el que se encuentran los restos materiales del referido hórreo"*.

Á vista da información facilitada por ese concello, procedemos a concluír a nosa intervención no problema que motivara a queixa agardando que se resolvera satisfactoriamente.

Sen embargo, no presente ano 2008 recibimos un novo escrito das reclamantes (que deu lugar ao expediente B.2.Q/758/08) no que se indica que a situación actual segue a ser a denunciada anteriormente.

En consecuencia, tendo en conta as circunstancias expresadas, estimamos que deben facerse algunhas consideracións de natureza xurídica sobre o problema que motivou a queixa.

A este respecto, cómpre subliñar que no artigo 199 da Lei 9/2002, de ordenación urbanística e protección do medio rural de Galicia indícase expresamente o seguinte:

"Os propietarios de toda clase de terreos, urbanizacións de iniciativa particular, edificacións e carteis deberán mantelos nas condicións establecidas no artigo 9 da presente lei.

2.Os concellos ordenarán, de oficio ou a instancia de calquera interesado, mediante o correspondente expediente e previa audiencia dos interesados, a execución das

obras necesarias para conservar aquelas condicións, con indicación do prazo de realización. Cando a entidade das obras o requira, o concello esixirá ao obrigado a solicitude de licenza acompañada do proxecto técnico correspondente.

3. Tamén poderán ordenar as obras necesarias para adaptar as edificacións e construcións á contorna, consonte o establecido no artigo 104 da presente lei, tales como acabado, conservación, renovación ou reforma de fachadas ou espazos visibles desde a vía pública, limpeza e cerrado de terreos edificables, e retirada de carteis ou outros elementos impropios dos inmobles.

As obras executaranse a custa dos propietarios que estivesen dentro do límite do deber de conservación que lles corresponde, e con cargo aos fondos da entidade que a ordene cando a superase para obter melloras de interese xeral.

4. En caso de incumprimento da orde de execución de obras, a administración municipal procederá á súa execución subsidiaria ou á execución forzosa mediante a imposición de multas coercitivas de 300 a 6000 euros, reiterables ata lograr a execución das obras ordenadas."

En consecuencia, de acordo co previsto no artigo 32.2 da Lei do Valedor do Pobo, formulámoslle a ese Concello de Carballedo un **RECORDATORIO DE DEBERES LEGAIS** nos seguintes termos:

"**Que por parte desa administración municipal, dado o tempo transcorrido desde que existe a situación denunciada polas reclamantes, se proceda sen maiores dilacións a ditar unha orde de execución para que pola propietaria do hórreo se proceda á retirada dos restos inservibles deste e á limpeza do terreo no que se atopan, e en caso de incumprimento pola interesada desta orde de execución se proceda á imposición de multas coercitivas para acadar o cumprimento da orde de limpeza acordada por ese concello".**

Este recordatorio de deberes legais aceptouse polo Concello de Carballedo.

1.3 ÁREA DE MEDIO AMBIENTE

1.3.1 INTRODUCIÓN: OS ASPECTOS MÁIS RELEVANTES NO TRATAMENTO DO MEDIO AMBIENTE EN GALICIA

1.3.1.1 As explotacións mineiras en situación irregular

Xa no Informe Anual de 1996 se deixaba constancia de que o sector se encontraba afectado por graves deficiencias. En *As explotacións mineiras a ceo aberto como causa de grave deterioración do medio ambiente* se subliñaba que en Galicia case a metade das explotacións mineiras a ceo aberto non terían ou non cumpririan o seu plan de restauración, a pesar do previsto no real decreto 2994/1982; que era frecuente a ausencia de garantía económica ou fianza ambiental que asegurara a realización da restauración; que era excepcional a adecuada recollida de residuos líquidos; ou que unha das carencias máis comúns era a ausencia de licenza ou autorización. A pesar dos incumprimentos sinalados, os requirimentos e sancións eran escasos, polo que formulamos numerosas recomendacións.

Á vista do anterior resulta rechamante que aínda que na actualidade un número importante de explotacións nin tan sequera conten con licenza. A Consellería de Política Territorial, Obras Públicas e Transportes **(**CPTOPT) recibiu un número importante de solicitudes de legalización amparadas na disposición transitoria 12 da lei urbanística galega (LOUPMRG), disposición renovada coa reforma do 2004. Tales disposicións teñen carácter temporal e habilitan posibles legalizacións extraordinarias, polo que deberían establecerse prazos e condicións para a súa aplicación. Con iso clarificaríase definitivamente o panorama e poderíase intervir tanto en relación coas explotacións autorizadas, facendo que cumpran as esixencias que correspondan, como con respecto ás non autorizadas. O que non parece adecuado é que esta posibilidade excepcional permaneza por tempo indefinido, cunha prolongada situación de indefinición, como parece suceder.

Ao respecto formulamos ás consellerías responsables recomendacións para que se establecesen as condicións de tipo xeral para a aplicación da disposición, entre elas

medidas para garantir a preservación da calidade de vida da poboación afectada, do medio ambiente e dos principios básicos de ordenación do territorio, e que, en consonancia coa natureza transitoria da previsión legal, se limitase temporalmente o proceso de regularización, de tal maneira que se admitan as solicitudes ata un momento determinado, e se lle puxese fin logo de que a administración autonómica resolvese todas as solicitudes recibidas en prazo.

Ademais, aprobouse unha *lei de ordenación mineira de Galicia* que inclúe unha nova disposición transitoria similar ás comentadas; é a terceira disposición deste tipo en 6 anos. Vólvese abrir un novo período transitorio, a pesar de que un case idéntico se encontraba vixente e non se resolveu. Transcorrido todo este tempo desde a habilitación, parece razoable pensar que debería terse finalizado. Só con esta finalización poderían coñecerse as explotacións legalizables (e de feito legalizadas) e as que non o son, de tal forma que se impida definitivamente o funcionamento destas últimas.

As consellerías de Medio Ambiente e Desenvolvemento Sostible (CMADS), de Política Territorial, Obras Públicas e Transportes, e de Innovación e Industria (CII), ás que formulamos recomendacións neste sentido, respondéronnos aceptándoas nos dous primeiros casos. Pero a CII só acepta parte do que se lle recomendou, en concreto a necesidade dun plan de inspección e de establecer condicións ou medidas para garantir o interese público á hora de aplicar a norma, en especial da poboación afectada, do medio ambiente e dos principios básicos da ordenación do territorio. Sen embargo, non acepta un aspecto destacado da recomendación, que facía referencia á necesidade de que, en consonancia coa natureza transitoria da disposición legal, se establecese un prazo limitado de aplicación da medida, pasado o cal a habilitación da disposición se entenda decaída, e que se resolva sobre todos os expedientes pendentes e aparentemente demorados relativos á aplicación da disposición transitoria, a máis recente e as anteriores.

As consecuencias prácticas do que estamos tratando resultan evidentes; coa tese da administración, se esta encontrase unha explotación 5, 10 ou 15 anos máis adiante, sería lícito que esa explotación, cando fose ser corrixida, alegase que se encontra amparada pola disposición transitoria e que pretenda *legalizarse* daquela, o que non era a intención da

norma, senón que as explotacións en situación irregular *saian agora á luz* e se legalicen, de ser o caso; e no caso de non facelo agora, ou no prazo que debería sinalarse, xa non poderían utilizar esa *posibilidade provisional*; precisamente iso é unha *medida transitoria*. A permanente apertura da oferta de legalizacións extraordinarias trae como consecuencia que a situación de indefinición continúe, e, en definitiva, que non se adopten medidas, nun sentido ou noutro, respecto dun número considerable de explotacións sen licenza.

1.3.1.2 Os abundantes problemas ocasionados pola contaminación acústica

Seguen sendo abundantes as queixas por ruídos, sobre todo os relacionados con locais de ocio, concentración de locais e ruído na rúa asociado á denominada movida. Do exame das queixas dedúcese que na maioría das ocasións resultan fundadas e veñen acompañadas de graves prexuízos para as vítimas, expostas a altos niveis de contaminación acústica. Algunhas administracións demostran unha crecente preocupación polo problema e en consecuencia unha maior dilixencia á hora de dar cumprimento ás súas responsabilidades legais nesta materia, pero desgrazadamente aínda que é frecuente encontrar concellos que non actúan adecuadamente e con iso non fan valer as garantías legais dos cidadáns. A pesar dalgúns avances, moitos concellos seguen sen abordar este tipo de problemas, ou non o fan coa dilixencia ou eficacia desexables, en especial en relación coas concentracións de locais ruídosos ou zonas saturadas.

Como sinalamos, as queixas que recibimos adoitan referirse a ruídos provocados polo ocio nocturno, e, en menor medida, a actividades industriais. As situacións prexudiciais que provocan estes ruídos traen como consecuencia a aparición de cadros de angustia, posto que se trata de ruídos nocturnos perfectamente evitables e que penetran nos domicilios de maneira inxustificada, sen que a administración interveña eficazmente para corrixilos, a pesar de que na maioría dos casos resultaría fácil.

As fontes máis comúns do ruído nocturno son as aglomeracións de persoas na rúa, ou os locais ruídosos, xa se encontren concentrados en determinadas zonas ou situados illadamente. Moitos non teñen licenza ou funcionan cunha que non lles permite realizar a

súa actividade. Outros fano cun nivel de ruído por riba do permitido, ou permiten o consumo no exterior do que eles mesmos venden.

Non tratar adecuadamente esta materia supón a conculcación de dereitos fundamentais, como o que garante a intimidade persoal e familiar no ámbito domiciliario (artigo 18.1 e 2 CE), ou outros dereitos constitucionais, como os que pretenden protexer ou preservar a saúde (artigo 43.1 CE), ou o dereito a gozar dun medio ambiente adecuado e á protección e mellora da calidade de vida (artigo 45.1 e 2 CE). Cada vez son máis abundantes as sentenzas contencioso-administrativas, civís ou penais que se ven na necesidade de corrixir a actuación administrativa ou dos particulares nesta materia.

En relación co *botellón*, tanto a lei do ruído como os decretos autonómicos de contaminación acústica resultan instrumentos legais suficientes como para intervir contra os seus efectos máis perniciosos, como en xeral das concentracións nocturnas que provocan ruído. Obsérvase que agora os concellos parecen dispostos a intervir para resolver este problema, co que progresivamente se dá efectividade a unha conclusión expresada por esta institución desde hai tempo en relación co fenómeno. Efectivamente, á marxe doutro tipo de consideracións (saúde, orde pública, etc.), deben evitarse as graves consecuencias que os *botellóns* teñen para os veciños afectados, fundamentalmente polo ruído xerado, que noite tras noite impide o descanso dos residentes. As administracións, e fundamentalmente a local, deben intervir por medio das súas potestades actuais, en principio suficientes.

Para perfeccionar o marco legal deste sector, a *Consellería de Presidencia, Administracións Públicas e Xustiza* anunciara xa no 2006 a promoción dunha lei para abordar os problemas do ocio nocturno (véx. Informe 2006 e 2007), que sen embargo finalmente non se promoveu. Tamén se anunciou outra norma con rango de lei, esta de ámbito sanitario, que prohibiría o consumo de alcohol na vía pública, pero ao parecer quedou en fase de anteproxecto (de Lei integral en materia de drogodependencias e outros trastornos aditivos).

Polo que se refire ás chamadas *zonas saturadas por acumulación de ruídos*, resulta preciso insistir unha vez máis (xa o fixemos en informes anteriores) en que as medidas a aplicar deben ser as adecuadas para a solución eficaz do problema en función das circunstancias, descartando as medidas que se limitan a non agravalo. O artigo 12.2 do decreto autonómico 320/2002 prevé a aplicación das *medidas oportunas* (sen concretalas nin limitalas), dentro do ámbito de competencias municipais, tendentes a diminuír o nivel sonoro exterior ata situalo dentro dos límites correctos. Polo tanto, sempre que as devanditas medidas resulten suficientemente motivadas e proporcionadas ao problema poderán ser aplicadas polo concello, que ademais se encontra obrigado a conducirse de cara a ese fin, posto que en caso contrario resultaría responsabilidade municipal. A doutrina legal manifféstase nesta liña nas sentenzas do Tribunal Supremo do 18 de novembro de 2002, ou do Tribunal Superior de Xustiza das Illas Baleares do 29 de xuño de 1999. A segunda resolve que a prohibición de outorgar novas licenzas de funcionamento resulta insuficiente ou ineficaz para o fin último perseguido, a preservación dos dereitos ata entón conculcados. Algunhas cidades declararon determinadas rúas ou zonas como saturadas por ruídos, en ocasións como resposta positiva a recomendacións desta institución. Sen embargo, queda pendente coñecer as medidas adoptadas como consecuencia desa declaración e comprobar se resultan eficaces; como xa apuntamos, centrar a actuación nunha mera prohibición de novas licenzas é claramente insuficiente, e o mesmo sucede se se acompaña de compromisos inconcretos ou de medidas de mínimos. Ademais, a declaración dunha zona como *saturada* debería concretarse no momento que se constate, sen esperar á realización de mapas de ruído e plans de acción, previstos pola lei do ruído para abordar outro tipo de problemas máis xenéricos.

Un aspecto fundamental á hora de abordar os problemas de contaminación acústica é o respecto dos horarios dos establecementos. En diferentes informes anuais sinalamos a necesidade de resolver a falta de carácter disuasorio das sancións, a caducidade de moitos expedientes sancionadores, e a falta de comprobación de moitas das infraccións que se producen.

Por último, debemos destacar que en materia de ruídos produciuse unha importante modificación normativa coa derrogación do RAMINP na nosa Comunidade e a

súa substitución polo Decreto 133/2008, do 12 de xuño, polo que se regula a avaliación de incidencia ambiental. O RAMINP era o procedemento básico de control preventivo de todas as actividades potencialmente molestas, insalubres, nocivas ou perigosas. O novo decreto mantén o esquema do vello RAMINP; realízase un labor previo no que a administración garante a inocuidade da actividade para o público en xeral, pero en especial para os veciños inmediatos. Nel seguen a participar tanto os concellos como a Consellería de Medio Ambiente e Desenvolvemento Sostible.

Sen embargo, no novo decreto obsérvase unha grave carencia, ao terse reducido o obxecto das avaliacións de incidencia, é dicir, as actividades que van someterse a este procedemento. Efectivamente, o *anexo III* deste sinala que serán actividades excluídas do procedemento de avaliación de incidencia ambiental, entre outras, as "actividades de ocio e lecer previstas no Catálogo de espectáculos públicos e actividades recreativas da Comunidade Autónoma de Galicia, aprobado polo Decreto 292/2004, do 18 de novembro". No devandito catálogo menciónanse todos os tipos de establecementos de ocio.

Anteriormente, co RAMINP en vigor, as actividades afectadas enumerábanse nun *nomenclátor* e as que non se mencionaban expresamente nel podían considerarse incluídas se respondían ás definicións das actividades clasificadas que se facía no propio RAMINP; dicíase que a definición do obxecto do RAMINP tiña carácter de *numerus apertus*. Sen embargo, non se establecía unha lista de *actividades excluídas*, como agora; esta resulta unha importante novidade. Pero o máis rechamante é que nesa lista se inclúan todas as actividades do mundo do ocio. Con iso decae a garantía preventiva máis importante que teñen os cidadáns cando no seu medio se pretende instalar unha sala de festas, unha discoteca, un pub ou calquera outra actividade deste tipo. A experiencia demostra que son potencialmente molestos e que os controis preventivos, é dicir, esixir licenzas específicas que analicen a repercusión que van ter na calidade de vida, a intimidade persoal e familiar, a saúde ou o descanso dos veciños resulta algo básico. Ademais, ao se tratar de licenzas de funcionamento, co seu outorgamento abríase unha relación permanente entre a administración que as concedía e o titular destas que se concretaba no continuado labor tuitivo da administración para que a actividade non resultase prexudicial, ou o que é o

mesmo, para que respondese a criterios de interese público. Así o vén recoñecendo a xurisprudencia desde hai moitísimo tempo.

Por todo iso, non se poden compartir as posibles razóns que levaron a adoptar esta medida, que pode provocar situacións inxustas ou prexudiciais para os potenciais afectados, do que deixamos constancia para os efectos do previsto no artigo 30 da Lei 6/1984, do 5 de xuño, do Valedor do Pobo. Trátase dunha norma administrativa, en concreto un decreto da Xunta de Galicia, polo que consideramos que resulta necesario que a administración autonómica revise a solución que no seu momento adoptou.

1.3.1.3 As carencias en materia de avaliación dos impactos ambientais

En ocasións obsérvase que se omiten algunhas avaliacións preceptivas, ou que non se realizan adecuadamente. Resultou significativa a ausencia da determinación da avaliación en relación coa promoción de determinadas urbanizacións. Efectivamente, a promoción de urbanizacións, proxectos hoteleiros, polígonos industriais, centros comerciais ou aparcadoiros esixe un pronunciamento expreso do órgano ambiental sobre a procedencia de avaliación de impacto ambiental formal (artigo 1.3 e anexo II do Real decreto lexislativo de avaliación de impacto ambiental -RDLEIA-), con previa presentación de documentación acreditativa das características, localización e potencial impacto do proxecto, e decisión motivada e pública, que responda aos criterios expresados no anexo III do RDLEIA. Como sinalamos máis adiante, este ano non se deu efectividade a algunha recomendación, ao non se ter esixido o pronunciamento expreso sobre a avaliación ambiental con ocasión do trámite de aprobación do correspondente plan parcial ou de sectorización, que é cando se impulsa, condiciona ou rexeita a urbanización de que se trate.

1.3.2 QUEIXAS RECIBIDAS E ESTADO DE TRAMITACIÓN

O número de queixas correspondentes á área de medio ambiente no ano 2008 foi de 183, ás que se deu o curso que se describe a seguir:

Iniciadas	183	
Admitidas	170	93 %
Non Admitidas	10	5 %
Remitidas ao *Defensor del Pueblo*	3	2 %

A situación das queixas admitidas a trámite é a seguinte:

Concluídas	84	49 %
En trámite	86	51 %

Ao longo deste ano tamén foron obxecto de trámite diversas queixas presentadas en anos anteriores:

Ano de presentación	En trámite ao 31-12-2007	Reabertas	Total	Resoltas	En trámite ao 31-12-2008
2001	0	1	1	0	1
2004	2	0	2	1	1
2007	67	0	67	50	17

1.3.3 QUEIXAS ADMITIDAS A TRÁMITE

1.3.3.1 Os prexuízos e molestias ocasionados polo consumo de alcohol na rúa e o seu tratamento

Os ruídos xerados polas concentracións de persoas na rúa a altas horas da madrugada, asociados ao consumo alcohol, resultan un motivo habitual de queixa. O denominado *botellón* afecta a dereitos fundamentais, como o dereito á intimidade persoal e familiar no ámbito domiciliario (artigo 18.1 e 2 CE), ou dereitos de outra natureza, como os que pretenden protexer ou preservar a saúde (artigo 43.1 CE), ou o dereito a gozar dun medio ambiente adecuado e á protección e mellora da calidade de vida (artigo 45.1 e 2 CE).

O Decreto 320/2002, de ordenanzas tipo sobre protección contra a contaminación acústica, establece a *conduta cívica normal* como parámetro de comportamento *singular ou colectivo* cando se produza unha perturbación por ruídos para a veciñanza, o que *"será sancionado conforme o establecido neste regulamento"* (artigo 26.5). Parece claro que esta norma está enfocada ao tratamento de supostos nos que o efecto prexudicial provén dunha suma de comportamentos individuais, ou do comportamento colectivo que supón a suma de todos eles. Se algunha dúbida se podía albergar con anterioridade respecto á suposta falta de habilitación legal da citada norma, hoxe debe considerarse aclarada co disposto na Lei 37/2003, do 17 de novembro, do ruído, que habilita os concellos para que a través das súas ordenanzas aborden os ruídos xerados pola acumulación de persoas na rúa mediante a tipificación de infraccións que sancionen a contaminación deste tipo ocasionada polos usuarios da vía pública *en determinadas circunstancias*. Efectivamente, *"as ordenanzas locais poderán tipificar infraccións en relación con: a) o ruído procedente de usuarios da vía pública en determinadas circunstancias"* (artigo 28.5). Por tanto, os concellos que regulasen a cuestión a través das súas propias ordenanzas poderanas aplicar sen dúbida, e nos que en cambio non as teñan ou non as reformasen para abordar esta cuestión, resultará de aplicación directa a ordenanza-tipo.

A sentenza do 29 de outubro do 2001, da Sala do Contencioso Administrativo do Tribunal Superior de Xustiza de Andalucía (sede de Sevilla), ante o recurso interposto por unha asociación de veciños que denunciaba os problemas dos residentes no centro histórico de Sevilla polas aglomeracións de rapaces consumindo bebidas na rúa ata altas horas da madrugada, causando considerables molestias debido aos ruídos, voces, pelexas, actos vandálicos, etc., impedindo o descanso dos veciños, sinalou que *"se poden adoptar medidas de control adecuadas para evitar o ruído, a venda de bebidas alcohólicas na rúa, a utilización daquela como urinario público, os danos ao espazo público e os seus elementos, e permitir a libre circulación de persoas e vehículos, como é unha dotación policial adecuada que esixa en todo momento o cumprimento de cantas normas e ordenanzas estean vixentes nos seus estritos termos. O recurso debe ser estimado porque á administración lle incumbe, na súa función de policía, o cumprimento do deber de vixilancia de horarios de peche, emisión de ruídos de bares, vehículos, etc. e do actuado dedúcese certa inactividade que prexudica indubidablemente os veciños da zona que han de soportar a incomodidade de acceso ás súas vivendas, exceso de ruídos que impiden o descanso nocturno e outras molestias que non teñen o deber xurídico de soportar e que se poden paliar, se a administración no ámbito da súa competencia non fai desleixamento da súa función e adopta cantas medidas sexan necesarias para esixir o cumprimento da lei facendo posible que o exercicio dun dereito por parte dun sector de poboación non menoscabe os dereitos dos veciños da zona na que se concentran. Certamente as ditas medidas resultan impopulares e poden ter un custo electoral por parte do sector afectado pero non hai que esquecer que a administración, como proclama o artigo 103 da Constitución, debe servir con obxectividade os intereses xerais con sometemento pleno á lei e ao dereito, así como aos fins que a xustifican (artigo 106 da Constitución)."* A sentenza estima o recurso e obriga ao Concello de Sevilla a adoptar as medidas que impidan o consumo de alcohol nas rúas fóra dos establecementos públicos, a utilización de aparatos musicais que superen os límites de emisión permitidos, e a facilitar a libre circulación dos veciños.

Os concellos de maior dimensión demográfica de Galicia xa abordaron este problema nas súas ordenanzas ou anunciaron que o farán en breve. Como sinalamos na introdución, con iso dáse efectividade a unha conclusión expresada por esta institución

desde hai tempo en relación co fenómeno, isto é, que deben evitarse as graves consecuencias que os *botellóns* teñen nos veciños afectados, fundamentalmente polo ruído xerado, que noite tras noite impide o descanso dos residentes, e que as administracións, fundamentalmente a local, deben intervir por medio das súas potestades actuais, en principio suficientes. Afortunadamente as respostas municipais xa non enfocan o problema de forma elusiva e, acollendo progresivamente os criterios que trasladamos desde esta institución, actúan para corrixir ou reconducir o fenómeno, ou anunciaron medidas inmediatas neste sentido.

Despois das reaccións positivas no tratamento do problema da Coruña ou Santiago (véx. Informe do 2007), a última resposta positiva en relación coa evitación do botellón a proporcionouna o Concello de Vigo. Existían diferentes queixas (Q/920/05, Q/58/07 e Q/1861/07) por *botellóns na* praza da Estrela e noutras zonas da cidade. Como primeira resposta o concello só mencionou a promoción de medios de ocio alternativo e a aplicación de medidas de limpeza, pero non fixo referencia á contaminación acústica provocada ata altas horas da madrugada. Non anunciara a aplicación das medidas previstas na normativa vixente para impedir as molestias. Concluímos que nese momento non se estaba abordando o problema; o ente local confirmaba a existencia dos botellóns, pero sinalando que *"non crea ningún tipo de problemas"*, aínda que despois sinalaba que *"como é lóxico, unha reunión elevada de persoas pode producir ruídos molestos"*. Precisamente ese era o obxecto da queixa. A policía local dicía que non se podía impedir este fenómeno e mencionaba *"a falta de medios policiais para facer fronte a posibles conflitos..., pois debemos ter en conta que do importante número de congregados non todos producen ruídos ou molestias e poden revelarse contra unha posible sanción"*. Finalmente o Concello de Vigo respondeunos dándonos conta da aprobación dunha *ordenanza de convivencia cidadá e de ocio* na que se prohibe a permanencia e concentración de persoas en espazos abertos que se encontren consumindo bebidas de calquera tipo ou realizando outras actividades, cando alteren gravemente a pacífica convivencia cidadá, considerada como tal nos termos desta ordenanza (art. 5.1); define esa alteración grave no artigo 6, citando o alto número de persoas concentradas, o carácter continuado no tempo, a existencia de queixas cidadás, a existencia de actos vandálicos ou os informes municipais constatando a contaminación acústica derivada da concentración.

Ademais, sinálase que nos establecementos (pubs...) as bebidas deberán consumirse no interior dos ditos establecementos (art. 5.2). Con iso esperamos que definitivamente se solvente o problema que coñecemos desde hai tempo, pero se comprobásemos que non é así estudariamos a reapertura da queixa ou queixas.

Tamén coñecemos supostos ruídos provocados por clientes que consumen fóra dos locais; con frecuencia os propietarios permiten ese consumo na vía pública, polo que resulta precisa a intervención municipal. Adoitamos recordar aos concellos que o artigo 12 do decreto 320/2002 sinala que *"os titulares dos establecementos serán responsables de velar, para que os usuarios, ao entraren ou saíren do local, non produzan molestias á veciñanza. No caso de que as súas recomendacións non sexan atendidas deberán avisar inmediatamente á policía municipal. Do mesmo modo actuarán se constatan a consumición de bebidas, expedidas no dito local, fóra do establecemento e dos lugares autorizados..."*. Este tipo de prácticas son motivo de queixa en numerosas ocasións, como por exemplo nas que coñecemos en Boiro (Q/955/06 e Q/1171/08) e que trataremos en profundidade máis adiante.

1.3.3.2 A concentración de locais: as zonas saturadas por contaminación acústica

Outra causa de abundantes problemas é a concentración de locais nunha determinada zona. A declaración de *zonas saturadas por acumulación de ruídos* permite aos concellos establecer as *medidas oportunas, dentro do seu ámbito de competencias, tendentes a diminuír o nivel sonoro exterior ata situalo dentro dos límites correctos*, podendo acordar calquera das medidas previstas na lei de protección contra a contaminación acústica (artigo 12.2 do Decreto 320/2002). A súa aplicación xa resulta relativamente común, aínda que se aplica dunha forma que non responde en todo aos obxectivos legais, sobre todo porque os concellos adoitan limitarse a prohibir novos locais. Esta medida resulta insuficiente se non vai acompañada doutras máis restritivas que permitan diminuír o nivel de ruído xa constatado. Ademais, os concellos deben ter presente que a medida non só arbitra un medio para corrixir as consecuencias prexudiciais das acumulacións consolidadas, senón que tamén supón evitar as acumulacións que aínda non ocorreron; as dificultades serán maiores se chegan a consumarse.

A simple prohibición de novas licenzas pode ser, en función das circunstancias, unha medida inadecuada, se con ela non se diminúe o nivel de ruído por riba do permitido. Así se sinalou na sentenza do Tribunal Superior de Xustiza das Illas Baleares do 29 de xuño de 1999, que coñeceu a impugnación dunha asociación de veciños ás medidas aplicadas polo Concello de Palma como consecuencia da declaración da zona como *acusticamente contaminada* pola proliferación de locais e a grande afluencia de público. A imposición de determinadas distancias para a concesión de novas licenzas pareceu insuficiente aos veciños, que demandaron como medida máis apropiada a limitación de horarios. A declaración comentada fíxose en aplicación da ordenanza municipal de protección do medio ambiente, que prevía que as concretas medidas a aplicar en cada caso debían ser congruentes coa situación que os cidadáns padezan. Pois ben, a sentenza estima parcialmente o recurso e declara anulables determinados aspectos da decisión municipal, ao estimar que estamos ante un *concepto xurídico indeterminado*, e non ante unha potestade discrecional, polo que a única solución xusta é aplicar unha medida congruente coa necesidade de corrixir a grave contaminación que se sofre, e tal cousa só se dá coa limitación de horarios, posto que a restrición de licenzas, a afectación de actividades musicais *complementarias e* o compromiso municipal de efectuar unha estrita vixilancia non poden considerarse suficientes e non corrixen a situación que se pretende abordar. O Concello de Palma de Mallorca entendía que actuara de acordo cunha suposta ponderación de intereses (o dereito ao descanso e o dereito ao exercicio de actividade económica), argumento frecuentemente utilizado, pero que debe ser rexeitado. A función da administración non é realizar unha suposta *arbitraxe de intereses*, que reduciría o dereito a ambiguos criterios de equidade, senón dar efectividade ao principio de legalidade.

Este problema encontrámolo con anterioridade na Coruña, que aceptou a nosa recomendación ao respecto, e continuamos coñecéndoo en Vigo, Sigüeiro ou Boiro.

As queixas de oficio Q/258/06, Q/1640/06, Q/937/07 e Q/2431/08 iniciáronse polos graves problemas denunciados por veciños de *zonas saturadas* en Vigo. Na primeira tratábase da zona histórica, que fora obxecto de resolucións anteriores (Q/444/97 e acumulados); formulamos suxestións para corrixir as deficiencias que observamos e posteriormente iniciamos unha queixa de oficio (Q/162/04) debido aos prexuízos

ocasionados pola contaminación acústica que soportaba un veciño da mesma zona, que tamén finalizou cunha recomendación formulada ao concello para que solucionase o problema. Sen embargo, despois de moito tempo parecía que o problema continuaba. A segunda queixa de oficio referíase a unha noticia; a *asociación contra o ruído* aseguraba que 3000 persoas o sofren na cidade, e que as zonas máis prexudicadas son O Areal, Rosalía de Castro, Joaquín Loriga, Churruca e aquelas onde se fai *botellón*. Os ruídos están provocando serios problemas entre as persoas afectadas. O concello sinalou que se presentaría un plan de ruídos que incluiría a declaración de certas rúas como zonas saturadas de ruído, pero sen especificar as medidas previstas. Non concertou a información sobre licenzas dos locais das zonas citadas, especialmente se os locais que non son pubs non contan con música e limitan o seu horario. Tampouco se concreta o relativo á declaración das zonas como saturadas por ruídos. Sinalara que modificaría a ordenanza para establecer o procedemento e as medidas; pero ese proxecto non podía ser óbice para actuar xa nos casos constatados, de acordo co decreto autonómico 320/2002. Como no caso das queixas referidas ao *botellón*, o Concello de Vigo limitouse a enviar un informe da policía local referido a aspectos parciais da queixa, sinalando que restaban os informes dos departamentos de Medio Ambiente e da Xerencia de Urbanismo. Por unha situación similar á anterior e descrita no *Faro de Vigo* (26 de abril de 2007, páxina 2), iniciamos outra queixa de oficio (Q/937/07); informábase de que decenas de veciños se mudan das zonas de copas ao non poder soportar o ruído. Segundo unha asociación veciñal, durante o último ano fóronse da zona vella unha ducia de familias, cinco de Churruca e catro de Inés Pérez Ceta e do contorno do Areal. Outros veciños consultados seguen porque carecen de medios para cambiar de vivenda e numerosas persoas vanse as fins de semana a domicilios en zonas máis tranquilas e incluso a hospedaxes para descansar. A *asociación viguesa contra o ruído* resalta que na zona de Rosalía de Castro "hai vivendas en alugamento desde hai un ano e medio que están sen ocupar polos problemas de ruído". Citábase un caso no que a casa tremía. Tiña enfronte un local de copas e as fins de semana era insoportable; pechaba as ventás e as persianas, pero escoitaba o ruído de fondo da música e á xente gritando na rúa. A pesar da gravidade dos feitos que se poñen de manifesto, a única resposta do concello consistiu en sinalar, despois de moito tempo desde a apertura da queixa de oficio, que a Concellería de Medio Ambiente solicitara da policía local que se intensificasen os controis nas zonas indicadas na queixa. Loxicamente, con esa resposta

non podiamos entender aclarado o problema, e de novo nos diriximos ao concello para requirir que se dese conta detallada da situación e sobre todo das medidas adoptadas e do seu resultado.

Finalmente coñecemos que o Concello de Vigo declarou determinadas zonas de movida como acusticamente saturadas, pero seguía sen aclarar dous aspectos esenciais: os locais que nesas zonas están funcionando de forma irregular, é dicir, sen licenza ou con licenza que non os habilita para funcionar como o veñen facendo, e o outro é a suficiencia das medidas adoptadas pola declaración mencionada. A revisión de posibles irregularidades en materia de licenza debe ser a primeira medida coherente á hora de abordar calquera situación de saturación. Coa actuación de axuste á legalidade das posibles irregularidades neste ámbito é previsible que se reconduza en parte o problema oficialmente declarado coa resolución de ZAS, isto é, que na zona se superan os límites legalmente admitidos en materia de ruídos. Por tanto, solicítase ao respecto unha lista exhaustiva dos establecementos de cada unha das zonas que permitise coñecer cales teñen licenza, de que tipo, e se os que teñan licenza funcionan de acordo co habilitado nela, especialmente se os locais que non son pubs ou bares especiais non contan con música e limitan o seu horario de acordo co previsto para eles. Loxicamente, resulta preciso coñecer tamén as actuacións do concello para corrixir as irregularidades que de ser o caso constate, tanto no ámbito da reposición da legalidade, incluídas as medidas cautelares que impidan que continúe o funcionamento irregular, como no ámbito sancionador. Tampouco se concretaba a eficacia das medidas adoptadas despois da declaración das ZAS. Como sinalamos, é posible que pola aplicación das medidas de axuste á legalidade en materia de licenzas se produza unha diminución dos locais nas zonas afectadas, o que, unido á imposibilidade de novas licenzas, faría innecesarias outras medidas. Pero no caso de non darse esa circunstancia, as medidas a adoptar deberían procurar a diminución dos niveis de ruído constatados, o que non se logra con medidas de mínimos, como a citada prohibición de novas licenzas, acompañada doutras que se citan, que tampouco garanten a diminución. As medidas habilitadas no decreto 320/2002 permiten unha marxe moi ampla, sempre e cando se motive suficientemente a súa adopción e o seu carácter proporcional. É máis, ao confirmarse os presupostos da declaración, a aplicación das medidas adecuadas resulta unha obrigación para o concello, que, en caso de non adoptalas, podería conculcar dereitos

constitucionais de primeira orde (fundamentais), como os regulados nos artigos 15 e 18 CE, e non prescricións de carácter ordinario (STS do 12 de marzo de 2007). Por outra parte, as últimas valoracións do problema feitas pola *asociación viguesa contra o ruído* subliñan que non *se avanzou nada* (*La Voz de Galicia*, 24-9-08). Todo o anterior trasladámolo ao concello, iniciando unha nova queixa de oficio (Q/2431/08).

A situación en Sigüeiro-Oroso dera lugar a unha queixa promovida por máis de 200 persoas (Q/1126/03), formulárase unha recomendación (véx. a resolución n.º 7 da área de medio ambiente do Informe do 2005), pero non se lle dera efectividade. Declarábase unha zona como saturada, coa única consecuencia de que non poderían instalarse novos establecementos. Esta medida non suporía ningunha mellora na situación se non se acompañaba doutras, como as que formaban parte da recomendación. Proba diso tivémola cunha nova queixa, que ao cabo dun tempo subliña a permanencia do problema, con locais sen licenza ou que funcionan cunha inadecuada, e, en xeral, a falta de control dos establecementos por parte do concello (Q/1604/07). Recordámoslle ao Concello de Oroso que non se pecharan os locais sen licenza, nin se lles obrigara a funcionar de acordo coa que tiveran. Con esa sinxela medida de axuste á legalidade, xunto á prohibición de novas licenzas, posiblemente se evitaría a consolidación da zona como saturada de ruídos. Conceder licenza aos locais ata entón en situación irregular, como ao parecer se fixo, non sería congruente co fin que o ordenamento pretende evitar ou corrixir: as zonas saturadas por ruídos. Tamén faltaba que se comprobase o funcionamento dos locais que contan con licenza adecuada e a corrección dos problemas provocados polo consumo de alcohol na rúa. Como resposta, o Concello de Oroso confirmou que a situación non mellorara. Respecto das licenzas sinalou que *se encontra tramitando a súa legalización* e *en fase de visita de inspección dos locais, é* dicir, consolidáranse locais nunha zona xa saturada; ademais, lévase anunciando esa regularización desde hai anos, sen que se avanzase nun sentido ou noutro. A declaración da zona como saturada e a *legalización* resulta contraditoria, posto que en principio non deben outorgarse novas licenzas, e as *legalizacións* supoñen novas licenzas para todos os efectos, posto que requiren un novo expediente de RAMINP. Finalmente, non se sinala nada respecto do control de consumo de alcohol na rúa, tanto o vinculado a locais como ao *botellón*. Por todo iso en outubro formulamos unha nova recomendación para que "con urxencia se promovan por ese

concello todas as medidas precisas para garantir o descanso dos afectados polos ruídos nocturnos que se xeran como consecuencia do funcionamento de moitos locais nocturnos e pola presenza na rúa e a altas horas da madrugada dun número importante de persoas; e que se evite o funcionamento irregular dos locais obxecto da queixa que seguen a desenvolver a súa actividade sen licenza ou sen axustarse ao habilitado pola que posúan de *café, bar* ou similar, isto é, que funcionan con música e/ou cun horario amplo sen poder facelo desa forma; que se incoen os expedientes sancionadores que se deduzan da comprobación de infraccións administrativas como as mencionadas; que se dea aplicación ás medidas previstas para as zonas acusticamente saturadas, e en concreto que se aclare se se concedeu ou se encontra en trámite algunha licenza para locais nesa zona; e que se dea aplicación ás medidas legalmente previstas para evitar a concentración de persoas na rúa a altas horas da madrugada e perturbando os veciños polo ruído que xeran, o que resultaría evitable coa observancia dunha conduta cívica normal." A pesar do tempo transcorrido desde a formulación da recomendación, o Concello de Oroso aínda que non respondeu, incumprindo a obrigación prevista no artigo 33 da Lei do Valedor do Pobo, o que resulta aínda que máis rechamante se temos en conta que no mesmo sentido xa formuláramos unha recomendación anterior e que o problema se coñece desde hai moito tempo, posto que a queixa antecedente é do 2003.

En Baiona coñecéronse as molestias de numerosos locais (na queixa Q/1030/07 cítanse 13 locais). O domicilio da reclamante está literalmente rodeado por locais que manteñen a música ata altas horas da madrugada. A acumulación fai que non *se poida vivir dunha forma normal*, ao ter que soportar música, gritos e ruídos constantes ata altas horas da madrugada. Un deles ten a música altísima ata as cinco ou cinco e media, polo que *a súa familia non pode descansar*. Chaman á policía local algúns días ata dúas ou tres veces, pero o problema segue. Cun atraso considerable o Concello de Baiona limitouse a dicir que *a zona non está declarada como zona saturada*, sen concretar se se comprobaron as circunstancias previstas ao respecto no artigo 12 do decreto 320/2002, que, de ser o caso, serían as que darían lugar a tal declaración e á adopción das medidas de diminución do ruído que correspondan. Respecto do local especialmente molesto, confirma que mantén a música alta e transmite niveis de ruído por riba do permitido, pero non dá conta de actuacións correctoras. Tramitáronse denuncias por infracción de ruído a outros dous

establecementos, pero, como sucedera co primeiro, non se especifican as medidas. Despois de moito tempo desde a apertura da queixa seguimos insistindo ao concello que debe aclarar o resultado do expediente iniciado como consecuencia da acta de infracción levantada contra un establecemento, incluída a efectividade da eventual sanción; se os demais establecementos (citados) contan con licenza e de que tipo, e sobre se axustan o seu funcionamento ao tipo de licenza con que no seu caso conten, descartando que os simples bares ou similares funcionen con música e ata altas horas da madrugada; sobre se estes locais cumpren as prescricións regulamentarias relativas á prohibición de consumo na rúa (decreto 320/2002); e as comprobacións municipais relativas ás circunstancias que motivan a declaración por saturación de contaminación acústica na zona, de acordo co sinalado no decreto 320/2002, coa eventual aplicación das medidas previstas para resolver o problema. Reiterámolo en setembro, e ao peche do informe aínda que non temos resposta.

En Noia reclamábase porque na zona histórica sofren importantes molestias ocasionadas polos numerosos pubs, bares e discotecas da zona; o ruído na rúa é moi intenso, polo que se chama en moitas ocasións á policía local, que non soluciona o problema (Q/1650/07). O concello respondeu sen aclarar as principias obxeccións; sinala que a interesada non presentou *denuncias* (ao que se respondeu que as chamadas á policía son precisamente iso) e que os locais contan con licenza, aínda que sen especificar o seu tipo e se axustan a súa actividade á licenza. Tampouco aclarou se a policía local vixía adecuadamente o cumprimento dos horarios. Os problemas proveñen tanto da actividade interior como exterior, e do tránsito a altas horas da madrugada, polo que se necesita coñecer se se dan as circunstancias para a declaración da zona como saturada por contaminación acústica (artigo 12.2 do decreto 320/2002). Como resposta o Concello de Noia envíounos un escrito da policía local no que transmite que se considera imposibilitada de solucionar o problema do ruído nunha rúa, polo que formulamos unha **recomendación** ao concello (véx. a resolución n.º 5 das desta área) para que **"**con urxencia se comprobe de forma exhaustiva o nivel de ruído transmitido por todos os locais citados no informe municipal e obxecto da presente queixa, de tal forma que se corrixa a actitude pasiva do concello en relación con tal cuestión; que tamén se comproben as circunstancias de ruído xerado na vía pública, e que de ser o caso se corrixan, de acordo co previsto no decreto 320/2002; e que, no suposto de que coas intervencións anteriores non se consiga

reconducir a situación, entón se inicien as análises precisas para determinar se a zona debe ser declarada como saturada por acumulación de ruídos e, de ser o caso, se apliquen as medidas oportunas para corrixir esta circunstancia". O Concello de Noia aceptou a recomendación e comprometeuse a darlle efectividade.

Os problemas de acumulación de locais e contaminación acústica en Tui coñecémolos desde hai tempo (Q/488/01). Despois de moitas dificultades para obter a información concluímos que o funcionamento irregular afectaba a un número moi considerable de locais, polo que intentamos que o concello cumprise as súas obrigacións ao respecto. O interesado comunicara que a maioría dos locais permanecían abertos sen licenza de funcionamento, e seguía sen aclararse se os locais axustaban a súa forma de funcionar ao habilitado na súa licenza, cando a tivesen. Como conclusión formulamos unha recomendación para que se comprobase o estado das licenzas de todos os locais obxecto da queixa e o cumprimento das súas condicións, de ser o caso, de tal forma que se corrixa a actitude pasiva do concello en relación coas supostas irregularidades en materia de actividades clasificadas e contaminación acústica; ademais, debería iniciarse unha análise precisa para determinar se a zona debe ser declarada como saturada por acumulación de ruídos e aplicar as medidas oportunas que permitan corrixir esta circunstancia, se se confirmara (véx. a resolución n.º 3 das da área de medio ambiente do Informe do 2006). Finalmente o concello comunicou que aceptaba a recomendación que lle formularamos; sen embargo, aínda que non deu conta de todas as actuacións municipais para darlle efectividade, e en concreto non aclarou a situación de 3 establecementos. Por iso en setembro requirímoslle que urxentemente facilite aclaración sobre eles; ao peche do informe aínda que non nos respondeu, polo que o cominamos a enviar as aclaracións pendentes desde hai moitísimo tempo, advertíndoo da posibilidade de enviar o asunto ao Ministerio Fiscal.

Como destacaremos no Informe do pasado ano, en Ribeira apreciáronse graves problemas de contaminación acústica derivada de locais de ocio, moitos deles funcionando sen licenza ou con licenza inadecuada, a pesar do cal o concello non adoptara medidas adecuadas. Despois de recordar ao concello as súas obrigacións legais en repetidas ocasións e de non recibir respostas satisfactorias, acudimos á sede do ente local para

entrevistarnos co alcalde e cos responsables municipais da materia. Finalmente o concello aceptou dar efectividade ás recomendacións expresadas e desde entón parece ter cambiado a situación. Non se reciben as moitas queixas que antes se recibían, e os informes enviados, en xeral, responden aos criterios legalmente previstos, polo que parece confirmarse a rectificación do comportamento constatado anteriormente.

En Boiro a situación detectada parece coincidir, en canto aos problemas a abordar, coa dalgúns casos citados: presenza de numerosos locais nunha zona limitada, ruído na rúa, etc. A este suposto dedicarémoslle atención máis adiante.

1.3.3.3 Algúns supostos destacados: Boiro e outros

As queixas relativas aos locais que se concentran en Boiro (Q/955/06 e Q/1171/08) veñen avaladas por un numerosísimo grupo de veciños; nun caso proveñen dunha plataforma que achega centos de sinaturas. Tramítanse desde 2006 e refírense ao elevado número de locais nocturnos situados nunha zona de Boiro, o que provoca moitas molestias aos veciños, que ven prexudicados dereitos como o referido á intimidade persoal e familiar no ámbito domiciliario (art. 18 CE) e ao descanso. Sinalan que é común a inobservancia das normas: incumprimento dos horarios de peche, insonorización deficiente, falta de adecuación do uso do local á licenza de apertura que lle foi outorgada, etc. Ademais, conséntese que os clientes permanezan na rúa consumindo e en xeral molestando gravemente os veciños. Sinalan que algúns se ven obrigados a marchar da súa casa a fin de semana para poder descansar, que existen medicións sonométricas efectuadas en vivendas pola policía local a altas horas da madrugada de máis de 45 dB, ou que hai persoas sufrindo serios problemas de saúde. As rúas soportan importantes aglomeracións de persoas e as consecuencias son os ruídos nocturnos e a sucidade. Sinalan que o concello ten unha actitude permisiva cos locais infractores e que se seguen concedendo licenzas.

Despois de moito tempo desde que se iniciou o procedemento, no 2008 o ente local enviou unha lista dos locais algo máis axustada ao que pediamos, pero seguía sen mencionar algunhas circunstancias, como se a alusión á licenza inclúe que o concello fixese a comprobación prevista no artigo 34 do RAMINP, cousa que se pide expresamente

desde o primeiro día, en setembro do 2006 (en concreto pedíase informe expreso *sobre os que non contan con licenza de actividade, incluída a comprobación do art. 34 do RAMINP*); sobre todo non se menciona se se comprobou de forma exhaustiva se o seu funcionamento se axusta ao previsto na licenza, circunstancia que tamén se menciona expresamente desde o primeiro día (pedíase informe expreso *sobre a adaptación da actividade á licenza de cada un dos que a teñan, en especial, sobre a non utilización de música e horarios amplos dos simples cafés ou bares*). En ningún caso se menciona a comprobación do ruído na rúa e as intervencións ao respecto, aspecto este sobre o que se pediu informe tamén desde o primeiro día (en setembro do 2006 expresamente requiríase información *sobre a presenza de persoas consumindo ás portas dos locais, en contra do previsto no decreto 320/2002*).

Como puxemos de manifesto en casos mencionados anteriormente, resulta fundamental este labor de comprobación do axuste da actividade real dos establecementos ao habilitado nas respectivas licenzas (ausencia de música e cumprimento do horario limitado nos bares, cafés, cafeterías ou similares, co fin de descartar que se comporten como bares especiais, pubs ou discotecas). Ao respecto, en setembro do 2008 o ente local comprométese *a levar a cabo a comprobación fáctica de que os locais relacionados, así como outros situados fóra desta zona, adaptan as súas actividades e instalacións ás súas condicións previstas nas licenzas das que dispoñen; estas actuacións levarán entre 2 e 3 meses, e do seu resultado daráselle conta no seu momento a esa institución.* Dadas as circunstancias da queixa, sobre todo que se coñece desde hai máis de 2 anos, que o labor pendente se reclamou desde o primeiro momento e que non resulta en absoluto complicado, tamén en setembro do 2008 se indicou ao concello que debía aclarar o pendente o máis pronto posible, e como máximo no prazo dun mes. Cómpre destacar que o prazo legal (artigo 22.1 da Lei do Valedor do Pobo) é de 15 días, polo que, despois de todos os atrasos acumulados, aínda que se concede un prazo prorrogado. Ao non recibir a resposta no dito prazo reiterouse en dúas ocasións, e a terceira, o 23 de decembro, advertiuse que se non se recibía a información pendente o asunto se remitiría ao Ministerio Fiscal. A resposta recibida entón do concello de novo se refire unicamente a aspectos parciais e por tanto deixa sen aclarar algúns que desde o primeiro momento se consideraban fundamentais na queixa e que xa citamos, fundamentalmente a comprobación

exhaustiva do axuste dos locais ao habilitado na súa licenza, as medidas adoptadas para evitar o funcionamento irregular constatado polo propio concello no caso dalgúns locais, ou a intervención ante o ruído na rúa. Ademais, nesa resposta o ente local sinalaba que o seu propio compromiso de proporcionar a información en 3 meses é *certo que xa vencera, pero non lle resultara suficiente*, polo que necesitaba outro máis, razón pola que, en aplicación do previsto no artigo 23 da Lei do Valedor do Pobo, decidimos comunicar ao concello que se facía preciso acudir persoalmente ao concello para rematar definitivamente a fase informativa sen máis demoras (levabamos con ela máis de 2 anos), reiterando a advertencia que formulamos o 23 de decembro para o caso de seguir sen completar a información.

Expresaramos ao concello que todo o que se pretendía coñecer desde hai tempo resulta un *prius* para tratar o problema de acordo co previsto no ordenamento xurídico (por exemplo, no art. 12.2 do Decreto 320/2002). Efectivamente, sinalamos o mencionado para casos de ruído na rúa ou concentración de locais molestos ou de aparente saturación, da mesma forma que o expuxemos a outros concellos na mesma situación e con queixas por ela (remitímonos ao dito anteriormente en relación con outros concellos). Co atraso na valoración desta primeira fase do tratamento do problema, a pesar do sinxelo deste labor, loxicamente se atrasan as medidas para solucionalo, que é o fundamental; todo iso estaría ocasionando un prexuízo considerable, segundo nos manifestaban algúns interesados.

Como vimos, estes criterios, ademais de seren os previstos no ordenamento sectorial vixente, foron transmitidos con ocasión de non poucas queixas similares a outros concellos galegos, como consta neste e noutros informes do Valedor do Pobo. Sen embargo, a actitude do Concello de Boiro foi diferente á mostrada por esoutros concellos, que, con maior ou menos esforzo pola nosa parte, confirmaron a situación, en primeiro lugar, e aceptaron, polo menos formalmente, a formulación básica que se lles trasladou para analizar e resolver o problema de acordo co establecido no ordenamento. En calquera caso, continua o desenvolvemento do labor institucional encomendado polo Parlamento de Galicia, de acordo co previsto no Estatuto de Autonomía de Galicia e na Lei 6/1984, do 5 de xuño, de 1984, para a supervisión do labor das administracións galegas.

Mencionamos anteriormente outros supostos de graves problemas por situacións deste tipo e que coñecemos a través de queixas, como son os casos de Tui, Baiona, Oroso ou Vigo.

1.3.3.4 Outros supostos de contaminación acústica: locais sen licenza, sen axustarse á que teñen, ou que transmiten niveis de ruído superiores ao permitido

Os problemas relacionados con locais individualmente considerados normalmente se derivan do seu funcionamento sen licenza, ou sen axustarse ao habilitado pola que teñen; da transmisión de ruídos ás vivendas por deficiencias na insonorización ou pola utilización dun volume superior ao permitido; ou da falta de comprobación de ruídos por parte dos concellos, ou da súa comprobación inadecuadas. A comprobación de todas as circunstancias citadas é unha función municipal que en ocasións non se atende coa dilixencia precisa, como o demostran as numerosas queixas que se coñecen por estes motivos; con frecuencia aprécianse irregularidades na actuación municipal, moitas delas precisadas de recomendacións ou recordatorios de deberes legais.

A causa máis frecuente de reclamacións plenamente xustificadas é o funcionamento de establecementos sen licenza ou sen axustarse ao habilitado pola que teñen. Nestes casos tamén se constata a transmisión desproporcionada de ruídos, aínda que o debate se centra na primeira circunstancia, posto que probablemente a transmisión se produce como consecuencia da falta de licenza ou por non se axustar a ela, neste último caso porque as esixencias de insonorización non son as mesmas para os bares ou cafeterías que para os pubs ou discotecas. As actividades clasificadas deben contar con licenza de funcionamento outorgada de acordo co establecido no anterior RAMINP (Decreto 2414/61), a través da que se protexe o interese público, facendo compatibles a actividade e a evitación de molestias desproporcionadas, outorgando as licenzas soamente cando iso sexa posible en función das circunstancias. Como vimos, a partir da entrada en vigor do decreto 133/2008 encontrámonos co problema de como interpretar a *exclusión* destas actividades.

A carencia de licenza ou o exercicio da actividade sen axustarse a ela foron circunstancias detectadas en non poucos casos, como sucedeu nos que citamos a continuación. Na queixa Q/625/08 reclamábase polos ruídos ocasionados por un local da Estrada. Puxémonos en comunicación en numerosas ocasións co concello para poñerlle de relevo a necesidade de abordar o problema debido á situación de grave enfermidade dun neno que vivía na casa. Comprometeuse a tal cousa; aínda que a súa resposta se demorou, finalmente enviounos unha resolución na que se *invita* (sic) o titular da actividade ao cesamento desta, advertíndoo que en caso contrario se iniciaría un expediente sancionador. Esta *invitación* deuse a pesar de que os niveis de ruído comprobados son de 46,8 db, 16,8 máis do permitido, e de que o establecemento funciona con música, pese a non estar habilitado para iso na licenza; ambas as cousas, de confirmarse, serían obxecto de infracción administrativa. Por tanto, confirmáronse todas as circunstancias indicadas polos interesados na queixa, fundamentalmente que non contaba con licenza adecuada para funcionar con música (tipo pub) e que a transmisión de ruído era moi superior ao permitido, a pesar de que a medición non *reflicte toda a intensidade habitual*, segundo manifestaban os interesados. Posteriormente enviouse un escrito do promotor do establecemento no que se compromete ao cesamento da actividade musical e se di que "non foi a nosa intención interromper o descanso dos veciños". A pesar de todo os interesados víronse na necesidade de acudir novamente a esta institución para manifestar que de novo sufriron as mesmas circunstancias, a transmisión de música á súa vivenda ata altas horas da madrugada, polo que chamaron a policía local, que se negou a acudir a comprobalo e levantar acta de infracción; pero despois de discutir cos axentes acudiron e o ruído baixou. Non obstante, ao día seguinte continuou o ruído. Finalmente, despois de moitas xestións, o concello decretou o peche do establecemento, aínda que mesmo despois da orde abriu nalgunha ocasión.

Como claro exemplo de actividade sen axustarse ás condicións da licenza podemos citar as molestias provocadas por un local de Baiona sito nun chalé (Q/827/2005 e Q/2512/08). Ao parecer funciona aproveitando os xardíns, con música ao aire libre ata as 6 da mañá e a un volume moi elevado. Por iso formuláronse numerosas denuncias, que non deron ningún resultado. Como resposta o concello sinalou que tiña licenza de *café-concerto*, pero non aclaraba o suposto funcionamento irregular debido á utilización do

xardín, as portas e ventás abertas, a música alta...; só sinalaba que os ruídos e molestias se comprobaron *nalgunhas ocasións*. O concello indicou que en gran parte o problema deriva da *afluencia de xente no exterior,* pero esta cuestión tamén é de competencia municipal. Parte do ruído denunciado e que segue sen corrección é o que se dá nos xardíns do establecemento. Pero indicamos ao ente local que tamén o outro tipo de ruído exterior debe corrixirse, de acordo co artigo 12.1 do Decreto 320/2002, que sinala que *"os titulares de establecementos serán responsables de velar para que os usuarios, ao entraren e saíren do local, non produzan molestias á veciñanza"*, e en caso de desatención deberán avisar *"inmediatamente á policía local"*, do que se deduce que esta terá que reconducir a situación; e o artigo 26.5 do mesmo decreto sinala que *"calquera outra actividade ou comportamento singular ou colectivo, non comprendido nos puntos precedentes deste capítulo, que comporte unha perturbación por ruídos para a veciñanza, evitable coa observancia dunha conduta cívica normal, será sancionado conforme o establecido neste regulamento"*. Por iso deducimos unha desatención das funcións municipais (art. 9 da Lei 7/1997, de protección contra a contaminación acústica), e formulamos ao Concello de Baiona unha recomendación para que con urxencia se adoptasen as medidas de corrección que procedesen respecto da actividade, que desde hai tempo vén funcionando dun modo irregular sen que o ente local adoptase medidas eficaces para que cesase tal circunstancia; que non se permitise o funcionamento do local ata que se corrixan as deficiencias; e que, se fose preciso, se incoasen os expedientes sancionadores que se deducisen das infraccións administrativas comprobadas (véxase a resolución n.º 22 das da área de medio ambiente no Informe do 2007). O concello aceptou a recomendación e o alcalde persoalmente se comprometeu a facer respectar as condicións da licenza do establecemento. Sen embargo, no seu último escrito o interesado sinala no expediente sancionador que se coñecía para corrixir o anterior funcionamento do local se rebaixara a cualificación da infracción e agora era *leve*, co que non producirá ningún efecto en orde a disuadir outros comportamentos similares, que se repiten ano tras ano. Na actualidade coñécese esta última queixa.

Un suposto similar detectárase en Carral (Q/1738/07); xa no 2003 se recomendara a ese concello, nunha queixa precedente, que o establecemento se axustase na súa forma de funcionar ao habilitado na súa licenza, que non permitía ter música. Ao comprobar que non

se dera efectividade á recomendación puxémonos en comunicación telefónica co ente local, onde nos indicaron que ese extremo se tratou en diferentes ocasións, pero de palabra, co responsable do local, a pesar do cal nalgunhas ocasións funcionaba con música e incluso se realizaban actuacións en directo, confirmando que o establecemento funcionaba como un pub. Finalmente o concello comprometeuse a requirir formalmente (por escrito) o titular que para que adapte a súa forma de funcionar ao establecido na licenza, que non permite ter música. Ademais, no caso de incumprimento iniciaríase o correspondente expediente sancionador.

Na queixa Q/719/06 coñecemos que un establecemento de Ponteareas contaba con licenza de bar especial, pero non a transmitira ao seu novo titular, polo que se encontraba en situación irregular; pero o concello limitouse a requirir que se solicitase unha nov*a licenza ao amparo do RAMINP e* que *presente un estudo acústico.* Ademais, a pesar da nosa insistencia e das denuncias dos interesados, non achegou ningunha comprobación sonométrica. Por iso recomendamos ao concello que con urxencia procedese a facer cumprir o ordenado polo propio concello en relación coa licenza de funcionamento, que non foi obxecto de traspaso autorizado, polo que non puido ser utilizada polo titular anterior, nin pode ser utilizado polo actual; que non se permita o funcionamento do establecemento ata tanto se legalice a situación do local; e que, no caso de que se produza esa legalización, se realicen cantas medicións sexan precisas para coñecer o nivel de ruído transmitido á vivenda dos prexudicados (véx. a resolución n.º 4 das desta área). Despois de moito tempo o Concello de Pontearesas respondeu que, segundo o informe da policía local, o local se encontra pechado, co que entendemos que finalmente se aceptara a recomendación e se lle dera efectividade.

A queixa Q/1999/08 iniciámola debido a unha noticia contida no *Correo Gallego* na que se sinalaba o pesadelo dunha muller que vive enriba dun karaoke e unha discoteca en Ortigueira. A afectada intentaba conciliar o sono entre atronadores ruídos. Reside xusto enriba destes dous locais nocturnos e leva tempo batallando contra os decibelios e os horarios, que se estenden ata o amencer, segundo a noticia. A situación complícase "porque a administración é parte interesada e fai a vista gorda". Afirma a afectada que o alcalde "é o propietario dos locais, aínda que os xestionen outras persoas". Sen embargo, o

rexedor recalca que é “propietario única e exclusivamente do local do karaoke”, alugándoo e deixando a súa xestión a outros empresarios, “xa que en ningún modo xestionou ningún establecemento desde hai nove anos”. A afectada loita desde hai meses “enviando escritos á Xunta e ao concello” e recalca que “falou cos responsables, pedíndolles que baixen o volume do ruído dos locais, pero burláronse dela”. Segundo afirma, “a discoteca ten licenza de bar normal ata e abre ata as oito”, e o karaoke “conta con licenza de apertura ata as catro da madrugada, e tamén segue a música ata as oito”. Ao peche do informe aínda non temos a resposta do concello, a pesar das reiteracións do requirimento feito no mes de outubro.

A falta de medicións que deben facer os concellos, ou as medicións realizadas de forma inadecuada, fan imposible perseguir infraccións que adoitan repetirse noite tras noite, sobre todo as fins de semana. Faise imprescindible reconducir a actuación municipal para que este tipo de problemas non resulten tan frecuentes e para garantir a ausencia de molestias desproporcionadas aos moitos cidadáns afectados. Non obstante, aínda que cando as medicións de ruído se realizan adecuadamente resulta necesario proceder á tramitación e resolución dos expedientes sancionadores que se deduzan, e se se comproba a reincidencia deberan estudarse medidas adecuadas a esa circunstancia para non permitir unha actuación infractora permanente. Neste sentido, unha discoteca de Boiro foi corrixida polo concello desa localidade, que a pechou por un período de tempo, polo que era de esperar que debido a esa sanción o local cambiara a súa forma de funcionar (Q/1780/06 e Q/794/08). Sen embargo, dada a reincidencia, requiriuse informe ao concello sobre a valoración desta circunstancia; indicamos que se as molestias son continuadas e os expediente denotan reincidencia, entón debería valorarse esa circunstancia para descartar que os comportamentos infractores se repitan unha e outra vez. Ao respecto é de subliñar que os artigos 15 e 16 da lei 7/1997 sinalan que resultan infraccións moi graves a reincidencia en faltas graves no prazo de doce meses, e que estas faltas poden dar lugar á clausura do establecemento con carácter definitivo. Finalmente o concello iniciou un novo expediente sancionador contra a discoteca á *vista da reincidencia na comisión de infraccións graves*.

1.3.3.5 O incumprimento dos horarios polos locais

Directamente relacionado cos problemas de contaminación acústica encóntrase o incumprimento dos horarios de peche por parte dos establecementos. Na queixa Q/986/08 coñecemos que o propio Concello da Estrada confirmaba que non se realizan os controis de horario, o que pretendía desculpar pola inexistencia dunha *lista de locais*, polo atraso do departamento de Urbanismo e por outras circunstancias organizativas que non concretaba. Indicámoslle que a solución de tales cuestións estaba a disposición do propio ente local, polo que non deberían desculpar a situación. Ademais, o control dos horarios non depende da existencia da *lista*, senón dun labor efectivo ou material, para o que pode resultar de axuda, pero non imprescindible. Máis adiante o concello insistiu en que seguía carecendo da *lista* e en que non se facían as comprobacións. Despois de que pola nosa parte se insistise no pouco adecuada da posición municipal, finalmente o concello comunicou aos locais (que ao parecer constitúen a *lista)* que se denunciarán os incumprimentos de horarios.

1.3.3.6 A contaminación acústica e outros problemas ambientais creados por establecementos comerciais, industriais ou de diferente tipo

En Ribeira recibimos diferentes queixas pola concesión de licenzas de obra con carácter previo á de actividade, o que resulta contrario ao previsto no art. 22.3 do RSCL. Tal circunstancia coñecémola, por exemplo, na Q/32/08. Esta foi unha das cuestións tratadas cos representantes do concello na visita realizada pola institución, e estes comprometéranse a corrixir esta irregular forma de actuar. Sen embargo, na queixa Q/1690/07 coñecemos que seguía sosténdose a posición que mencionamos; o concello sinalaba que a licenza de obra se condicionaba á de funcionamento, o que, como sinalamos, segue a ser claramente inadecuado, posto que ou ben deben tramitarse de forma simultánea ou ben debe tramitarse primeiro a de actividade. De novo indícaselle ao Concello de Ribeira que a licenza previa, tamén chamada por algúns concellos *provisional*, que se outorga coa aprobación do proxecto despois do correspondente trámite de acordo co RAMINP (o novo decreto 133/2008), é a que habilita para realizar a obra contemplada no proxecto, xunto coa propiamente urbanística; precisamente esta é a razón pola que o

ordenamento establece que se dean simultaneamente, ou que de ser o caso a do RAMINP se tramite previamente á de obra. Ao peche do Informe o ente local aínda que non deu conta de que se corrixise esta forma de actuar.

En Ourense coñecemos (Q/1385/08) que nas festas a actuación dunha orquestra se prolongou máis do autorizado e o Concello xustificábao por "cuestións excepcionais", sen concretar. A queixa tamén facía referencia á falta de información, que o ente local xustificaba en que a policía local non tivo coñecemento desas *circunstancias excepcionais* ata pasado un tempo; sen embargo, a policía tampouco indicara ao interesado a hora prevista inicialmente para acabar a actuación. Tampouco se sinalaba nada respecto de posibles controis. O interesado sinalou que a distancia entre o equipo de son e a vivenda era de 300 metros e incluso así se escoitaba debido ao desproporcionado do ruído, en pleno centro de Ourense, e que os problemas de comezo só poden ser responsabilidade dos contratados, pero non teñen porque repercutir negativamente na veciñanza. Trasladámoslle ao concello que debería ter presentes os criterios que expón o interesado; aínda que nas festas existe unha normal relaxación das obrigacións, tal circunstancia non significa que exista unha falta absoluta de condicións para os acontecementos programados, e un básico é o establecemento dun horario razoable e o seu cumprimento. Nesta orde, o atraso no comezo parece de única responsabilidade dos promotores, polo que non pode repercutir no cumprimento do horario de finalización establecido, do que resulta unha expectativa lexítima dos que se senten prexudicados, como o interesado.

Noutro caso coñecemos que en Ribeira (Q/1840/07) unha cervexaría adoptara unha solución para a evacuación de gases que "difire da establecida no ditame ambiental emitido pola Delegación Provincial", segundo o propio concello, aínda que sen especificar cal era esa solución, ao que respondemos que as medidas correctoras indicadas nos informes do órgano ambiental nos trámites do RAMINP ou similares resultan vinculantes, polo que non se acaban de comprender as causas polas que non se esixe a solución informada pola Delegación, que tampouco se concretaba. Ao peche do informe o concello aínda non aclarou este extremo.

1.3.3.7 Os danos ambientais ocasionados por explotacións mineiras

A queixa de oficio Q/1892/07 iniciouse como consecuencia da noticia contida no diario "El País" (29-10-07, páxina 3-Galicia), na que se sinala que as empresas mineiras explotan en Galicia 300 canteiras sen licenza. Nas oficinas de Urbanismo (CPTOPT) amorearíanse uns 300 expedientes que piden desde 2004 que a Xunta legalice a súa explotación; levan anos funcionando sen licenza urbanística, e supoñen o 65% das máis de 450 abertas en Galicia para extraer materiais como cuarzo, granito ou lousa. Sinala que o Parlamento tramita unha lei do sector, a de ordenación mineira de Galicia, que pretende acabar con este caos, aínda que a fórmula desgusta a empresarios, ecoloxistas e agricultores. Faculta a CII para decidir caso por caso se legaliza as canteiras, tras consultar a Comisión Superior de Urbanismo e a CMADS. As organizacións ecoloxistas e os sindicatos agrarios reclaman que se aproveite o proceso para establecer maiores controis sobre unha actividade que provocou graves impactos sobre o territorio. A situación de ilegalidade non tería outros responsables que as propias empresas ou as administracións, segundo unha organización ambiental e un sindicato agrario. Pola súa parte, as empresas sinalan que a Lei 9/2002, de ordenación urbanística e protección do medio rural de Galicia, "lle deu unha importancia á licenza urbanística municipal que antes non tiña".

Nunha resposta anterior da CPTOPT a unha recomendación por un suposto similar (Q/1392/2004, 768 e 1169/2005 e 1698/2006; véx. o Informe do 2007), este órgano non aclarou suficientemente o proceso transitorio de eventual regularización da LOUPMRG; seguiu sen aclarar se xa se promoveran todas as posibles legalizacións, ou se xa non se admiten máis; e, sobre todo, se a administración autonómica xa terminou o proceso, legalizando ou rexeitando todas as solicitudes que se deran. O proceso excepcional iniciárase no 2002 e modificouse no 2004; transcorreron case 5 anos desde a habilitación desta posibilidade, polo que parecía razoable pensar que debería terse finalizado. Só así poderían coñecerse as explotacións legalizables (e de feito legalizadas) e as que non o son, de tal forma que se impida definitivamente o funcionamento destas últimas. As *tramitacións pendentes* mencionadas na noticia parecen referidas á disposición transitoria 12ª; por tanto, é posible resolver sobre as ditas solicitudes, e parece unha obrigación (art. 42 da Lei 30/1992, de RJAPPAC).

Ademais, podería configurarse un novo réxime excepcional de ser aprobado o *proxecto de lei de ordenación mineira*; cambiaría o órgano habilitado para o outorgamento da legalización das explotacións sen licenza urbanística, e volveríase abrir un novo período transitorio, a pesar de que un case idéntico se encontra vixente e ao parecer non se resolveu, co que a situación de indefinición podería continuar debido á aparente inactividade respecto dun número considerable de explotacións sen licenza urbanística, en caso de confirmarse o expresado na noticia.

Na queixa de oficio tamén expresamos que existe unha fundada preocupación pola proliferación e impacto natural das explotacións mineiras a ceo aberto. Respondendo a esa preocupación xa no Informe Anual do 1996 se deixaba constancia de que o sector examinado se encontraba afectado por graves deficiencias ou irregularidades. Co título as *explotacións mineiras a ceo aberto como causa de grave deterioración do medio ambiente*, no capítulo primeiro subliñábase que o ordenamento aborda esta problemática co obxectivo declarado de facer fronte aos efectos máis perniciosos do funcionamento das grandes e pequenas minas a ceo aberto. A Lei 21/1992, de industria, preceptúa a necesidade de contribuír a compatibilizar a actividade industrial coa protección do medio ambiente (art.1), e trata de evitar a produción de lesións ou danos a persoas, flora, fauna, bens ou o medio ambiente (art. 10). Chegouse á conclusión de que en Galicia habería arredor de 600 explotacións mineiras a ceo aberto, e case a metade non terían ou non cumpririan o seu plan de restauración, a pesar do previsto no Real Decreto 2994/1982. Máis abundante aínda era a ausencia de garantía económica ou fianza ambiental que asegurara a efectiva realización dos labores de restauración. A presenza de balsa de recollida de residuos líquidos tamén era unha prevención ambiental case excepcional. Pero a pesar dos incumprimentos sinalados, os requirimentos e as sancións administrativas eran escasos. Por todo iso formulamos as seguintes recomendacións: 1ª. Que se requira a formulación de plans de restauración dos espazos naturais afectados polas actividades extractivas nas explotacións que non conten con elas, ou ben de estudos de impacto ou efectos ambientais, en aplicación do disposto no Real decreto 2944/82, e no artigo 6 da Lei 1/1995, de protección ambiental de Galicia. 2º Que no caso de incumprimento da prescrición anterior se inicie o correspondente expediente sancionador contra o titular da explotación que se negue ao cumprimento das exixencias de planificación da restauración.

3ª. Que en aplicación dos artigos 5.1º do R.D. 2.944/82 e 5.6º da Lei de protección ambiental de Galicia, e do Decreto autonómico 455/1996, de fianzas en materia ambiental, se instrumenten as medidas de garantía económica para asegurar a restauración de todos os espazos naturais afectados polas explotacións mineiras. 4ª. Que en xeral se avalíen e se establezan as medidas oportunas para o funcionamento adecuado das explotacións mineiras a ceo aberto no caso das explotacións obxecto da información e con respecto ás que se determinou algunha carencia ambiental. Unha das carencias máis comúns resulta a ausencia dos títulos habilitantes da actividade, as concesións, licenzas ou autorizacións. De confirmarse o indicado na noticia citada resultaría que, moito tempo despois da ampla investigación indicada e da formulación das conclusións e recomendacións citadas, aínda que permanecerían moitas das deficiencias e irregularidades detectadas no seu momento.

Pois ben, despois da correspondente investigación formulamos **recomendacións ás** Consellerías de Medio Ambiente e Desenvolvemento Sostible, de Política Territorial, Obras Públicas e Transportes, e de Innovación e Industria (véx. a resolución n.º 7 das desta área) para que:

-no momento en que entre en vigor a nova Lei de ordenación mineira de Galicia, para o tratamento das solicitudes de legalización se establezan condicións de tipo xeral e que nelas se inclúan medidas para garantir a preservación da calidade de vida da poboación afectada, do medio ambiente e dos principios básicos de ordenación do territorio.

-en consonancia coa natureza transitoria da previsión legal, se estableza un prazo limitado de aplicación da medida, pasado o cal a habilitación da disposición se entenda decaída.

-se resolva sobre todos os expedientes pendentes e aparentemente demorados.

-en todos os expedientes que se resolvan en sentido positivo se establezan as medidas precisas para garantir o interese público e, en especial, o da poboación afectada, así como o medio ambiente e os principios básicos da ordenación do territorio.

-con urxencia se realice un plan de inspección para determinar de forma exhaustiva as explotacións que carecen de plan de restauración, o incumpren ou o incumpriron; as que non contan con garantía económica que asegure a restauración; as que xestionen de forma inadecuada os seus residuos; e as que non contan con licenza urbanística, posto que será ese órgano quen teña a función de decidir ou propoñer sobre as solicitudes de eventuais legalizacións.

-se emitan os informes pendentes relativos ás funcións da CMADS en relación cos expedientes de eventual legalización en curso, en concreto os 29 informes pendentes que afectan a explotacións *situadas en terreo incluído na Rede Natura 2000 ou próximos a ela*, de tal maneira que definitivamente se dea o correspondente pronunciamento sobre a súa compatibilidade cos valores ambientais obxecto de protección neses lugares.

Finalmente as consellerías responderon as resolucións. As CMADS e CPTOPT acéptanas, pero a CII só o fai de forma parcial. En concreto acepta a necesidade dun plan de inspección e de establecer condicións ou medidas para garantir o interese público á hora de aplicar a norma. Sen embargo, non acepta un aspecto destacado da recomendación, que facía referencia á necesidade de que, en consonancia coa natureza transitoria da previsión legal, se establecese un prazo limitado de aplicación da medida, pasado o cal a habilitación da disposición se entendese decaída, e que se resolvese sobre todos os expedientes pendentes e aparentemente demorados relativos á aplicación das disposicións transitorias, a máis recente e as anteriores. Recomendábase que definitivamente se acabasen os *períodos transitorios* e finalmente se resolvese o asunto pendente desde hai moito tempo, o que estaba e está a disposición da administración, de tal forma que comecen a aplicarse con rigor as esixencias xerais do ordenamento neste sector. E para iso resulta preciso, como se vén recomendando, que se estableza un prazo de peche das solicitudes, en primeiro termo, e que tamén se resolvan nun curto prazo, de acordo co principio de eficacia da actuación da administración (artigo 103.1 CE).

Polo contrario, a CII insiste, como xa o fixera a CPTOPT, cando era competente para coñecer estes expedientes, en que a disposición non menciona expresamente prazo; alúdese como único *prazo* ao suposto de feito da disposición, é dicir, que as explotacións

estivesen en activo antes da entrada en vigor da lei. A conclusión é que a administración actuante segue confundindo a causa habilitante da legalización, o que permite esta, coa necesidade de establecer un límite temporal para a solicitude de legalización en réxime transitorio, que de ningunha maneira parece que poida encontrarse aberto *sine die* sen conculcar a propia natureza transitoria da disposición.

As consecuencias prácticas do que estamos tratando resultan evidentes; coa tese da administración, se esta encontrase unha explotación 5, 10 ou 15 anos máis adiante, sería lícito que esa explotación, cando fose ser corrixida, alegase que se encontra amparada pola disposición transitoria e que pretenda *legalizarse* entón, o que parece claro que non era a intención da norma, senón que as explotacións en situación irregular *saian agora á luz* e se legalicen, de ser o caso; e no caso de non facelo agora, no prazo que debería sinalarse, xa non poidan utilizar esa *posibilidade provisional*; precisamente iso é unha *medida transitoria*. A permanente apertura da oferta de legalizacións extraordinarias trae como consecuencia que a situación de indefinición continúe, e, en definitiva, que non se adopten medidas, nun sentido ou noutro, respecto dun número considerable de explotacións sen licenza.

Pola súa parte, na queixa Q/1388/07 coñecemos a concesión de 3 explotacións mineiras en Terra Cha que poderían prexudicar o medio. Finalmente coñecemos que os expedientes de concesión se encontraban resoltos con outorgamento e pendentes de recursos de alzada interpostos hai tempo. A CII sinalaba que a decisión ao respecto resultaba un *acto regrado, é* dicir, que o *órgano administrativo competente está obrigado a outorgar o dito decreto, ao carecer neste tipo de actos de discrecionalidade.* Parecía prescindir da consideración de que a avaliación de impacto ambiental das concesións, legalmente necesaria de acordo co previsto no Real decreto lexislativo 1302/1986, ten natureza de acto de trámite integrado na resolución substantiva, neste caso, as concesións mineiras. O feito de que para a dita concesión sexa preciso integrar no seu seo o trámite ambiental sinalado vén a significar que a concesión participa da natureza do acto de trámite ambiental, polo menos en parte. E esa natureza dos procedementos ambientais, ou das declaracións de impacto ambiental, é discrecional, e non regrada. A CMADS posicionouse na liña sinalada e indicou ao órgano substantivo, a CII, que *resulta necesario revisar as*

declaracións ambientais emitidas das tres explotacións mineiras obxecto desta queixa e así valorar os novos feitos e impactos inesperados producidos.

1.3.3.8 A xestión das augas continentais; en especial, os graves problemas en materia de vertidos ao dominio público hidráulico, e os ocasionados con motivo da definición e funcionamento das depuradoras

A) A contaminación por vertidos

Como sinalamos en informes precedentes, padecemos un considerable déficit en infraestruturas de condución, separación e tratamento de augas residuais, tanto industriais como domésticas. Nalgúns casos sinxelamente non existen, e noutros resultan claramente insuficientes, ou contan cunha nula ou mala xestión. A causa fundamental da contaminación é o vertido de augas residuais urbanas e industriais, pero tamén a proliferación de pozos ou fosas sen garantías suficientes, ou a mala xestión ou utilización na agricultura de residuos gandeiros. Nas augas marítimas, sobre todo nas rías, detéctanse graves problemas de falta ou deficiente saneamento. Resulta moi rechamante a falta de sistemas adecuados de recollida e tratamento das augas residuais en moitas cidades ou vilas; non se respectaron os prazos legais e as infraestruturas aínda que non existen. Nalgúns casos a insuficiencia das instalacións provoca que periodicamente se produzan fallos.

A través das queixas coñecemos exemplos de vertidos contaminantes que afectan ao dominio público hidráulico continental e ás augas costeiras. Moitos teñen a súa orixe en actividades industriais, pero tamén coñecemos un número significativo de vertidos procedentes de instalacións públicas, fundamentalmente colectores ou incluso depuradoras, que en ocasións non funcionan ou non o fan adecuadamente.

A queixa de oficio Q/751/2006 iniciouse polas noticias relativas aos numerosos vertidos ilegais á Ría de Vigo; o estado das súas augas, afectadas por unha normativa específica (cría de moluscos), deran lugar a que o Tribunal de Xustiza de Luxemburgo condenase o Estado e obrigase a un compromiso para o saneamento da ría cun plan que

incluíse o *plus de protección* que requiren este tipo de augas. Como resposta a iso a administración autonómica realizou un plan de saneamento integral da ría. A Xunta detectara 24 empresas que vertían residuos de forma ilegal e fallos en cinco depuradoras, incapaces de procesar todo a auga que recibían. O río Lagares, a zona do emisario e Guixar figuran como as zonas máis contaminadas. Da información achegada tanto pola CMADS como polo Concello de Vigo deduciuse que o problema podía considerarse confirmado, e que algúns dos seus aspectos estaban sendo abordados para poñerlles solución o máis rápido posible, como as deficiencias da EDAR de Vigo. Ao peche do Informe aínda non se comezou a nova depuradora. Ademais, detectáronse irregularidades nalgunhas cuestións de competencia estritamente municipal, como o control dos vertidos á rede municipal de saneamento ou a separación das augas pluviais e residuais. Recomendamos ao Concello de Vigo que con urxencia se executasen as medidas precisas que permitiran corrixir as deficiencias do servizo de saneamento e depuración; en concreto debera procederse a inventariar todos os vertidos á rede municipal e, de ser o caso, a iniciar os procedementos para a súa eventual autorización, coas correccións precisas, ou eliminación, e a corrixir a actual configuración da rede, que non permite separar adecuadamente as augas pluviais das residuais, polo menos na súa totalidade (véx. a resolución n.º 21 das da área de medio ambiente do Informe do 2007). Despois dun tempo considerable o Concello de Vigo sinalou que "está seguindo a recomendación formulada polo Valedor do Pobo" e "creouse unha patrulla da policía local especializada en materia medioambiental que desde hai varios meses comezou a investigar e inventariar de forma sistemática os vertidos realizados á rede de saneamento municipal"; primeiro comprobou as empresas do río Lagares, se verten á rede de saneamento ou directamente ou río, denunciando ante *Augas de Galicia* as que o fagan deste último modo, e requirindo as empresas infractoras no tocante á competencia municipal (vertido á rede de saneamento sen permiso ou sen cumprir as súas condicións) para que legalicen a súa situación. O anterior refírese á primeira parte da recomendación; sen embargo, respecto da segunda, é dicir, a actual configuración da rede, non se menciona nada.

B) Os problemas específicos producidos por depuradoras de augas residuais

Observamos que as depuradoras de augas residuais en moitos casos non se acomodan ás exixencias legais; a maior parte das queixas que coñecemos en materia de saneamento e depuración de augas residuais non adoitan referirse á falta de infraestruturas (aínda que tamén existen queixas por este motivo, sobre todo promovidas por organizacións de defensa ambiental), senón á oposición dos veciños ás novas infraestruturas, que consideran que non respectan os requisitos legalmente previstos, sobre todo as condicións de localización, por encontrase nas proximidades de lugares habitados. Efectivamente, a normativa de avaliación ambiental e de actividades clasificadas require que se teñan en conta as repercusións sobre a poboación e se eviten os posibles prexuízos. Máis concretamente, o RAMINP, agora derrogado en Galicia, establecía condicións de distanciamento ás industrias fabrís perigosas ou insalubres (art. 4); esta expresión, *industrias fabrís*, debe interpretarse de tal maneira que comprenda as depuradoras (SSTS do 14 de maio de 2003 e 1 de abril de 2004). Con carácter xeral, só podían situarse a unha distancia mínima de 2000 metros do núcleo máis próximo de poboación agrupada. Segundo sinala a segunda sentenza citada, a excepción a esta medida de carácter xeral só é viable cando *se constate que as medidas correctoras adoptadas fagan desaparecer na práctica o carácter de perigosa ou insalubre da concreta industria fabril contemplada en cada caso*. Para que opere a excepción era preciso que o informe do órgano ambiental que realiza a cualificación aluda especificamente ás razóns e circunstancias que a xustifican, e sobre todo que garante a eliminación dos perigos engadidos en función da localización cunha singular motivación que permita apreciar que as medidas correctoras impostas non son as normais ou habituais para este tipo de actividades, isto é, pídese un *plus de medidas correctoras* expresamente determinado como tal (STS do 28 de marzo de 2000). Coa nova normativa de carácter autonómico haberá que coñecer en que medida permanecen as condicións de distancia, ou polo menos en que medida a administración debe xustificar unha adecuada separación ou situación.

A pesar do anterior, resulta frecuente encontrar supostos nos que se prescinde de trámites ambientais ou dalgunha esixencia material. O caso máis rechamante encontrámolo na EDAR de Vigo: nin se separou a infraestrutura da poboación nin se estableceron as

medidas adecuadas para evitar que en ningún caso se producisen os prexuízos despois constatados. O problema fora tratado na queixa Q/857/03, como conclusión da cal formulamos unha recomendación xa no 2003, expresamente aceptada (véx. a resolución n.º 15 das da área de medio ambiente do Informe do 2003). Despois dun tempo considerable coñecemos que os veciños da EDAR estaban dispostos a abandonar os seus fogares debido á persistencia do mal olor; 29 familias esixiron ao concello o seu realoxamento en hoteis *cando o ambiente sexa irrespirable e mentres non se solucione o problema.* Desde hai oito anos, coa inauguración da depuradora, o lugar convertérase nun calvario: proídos nos ollos, dolores de garganta, crises frecuentes nos asmáticos, xaquecas agudas e outras enfermidades. Esixían un compromiso definitivo do Concello e da Xunta para garantir a completa eliminación dos malos olores. O inicio dunha queixa de oficio sobre o estado da EDAR (Q/609/05) tiña por fin coñecer o grao de efectividade dada á anterior recomendación, toda vez que das informacións de prensa parecía deducirse que despois de moito tempo o problema continuaba. A través da información proporcionada polo ente local coñecemos que os medios para solucionar os problemas que se observaban desde había moito tempo seguían en estudo. Só nalgún aspecto se corrixiron algunhas deficiencias, fundamentalmente pola desodorización parcial da planta e a construción dunha nave de transferencia e depósito de lodos. A pesar do moito tempo transcorrido desde que apreciou o problema, practicamente coa posta en marcha da EDAR, e tamén desde que formulamos a recomendación, a actuación municipal seguía basicamente no mesmo punto, na avaliación do problema e na busca de medios adecuados para solucionalo, sen que o dito labor fose efectivo. Como solución complementaria o ente local parecía ofrecer aos afectados máis directos o traslado de domicilio. O propio ente local resaltaba que *todas as depuradoras xeran olores polo simple feito de tratar augas residuais, e máis as de carácter convencional como esta, salvo as desodorizadas. Pódense desodorizar en maior ou menor medida* -segue sinalando o Concello-, *pero nalgún momento sempre existirá algunha probabilidade de que se xeren olores máis desagradables que os habituais e que afecten á contorna.* Sinala tamén que *todas as depuradoras visitadas, similares en capacidade de depuración a esta, se encontran sitas a unha distancia das vivendas máis próximas de polo menos 500 metros, e ocupando unha superficie como mínimo o dobre que esta.* Estableceuse unha localización que en gran medida foi unha das causas principais da situación prexudicial que estamos tratando. A

avaliación ambiental da EDAR debería determinar a correcta localización da instalación, se fose preciso a través da análise de alternativas. A devandita análise debería ter avaliado as repercusións sobre a contorna humanizada. Polo contrario, o que fixeron as administracións foi elixir unha localización e construír unha instalación inadecuada para esa localización, prescindindo da necesaria coordinación.

Resultaba evidente que non se dera efectividade á recomendación en principio aceptada polo concello, polo que lle formulamos unha nova recomendación (véx. a resolución n.º 8 das da área de medio ambiente do Informe do 2006), para que con urxencia se executasen as medidas precisas que permitisen corrixir as deficiencias de funcionamento detectadas hai moito tempo na EDAR do río Lagares, e especialmente para corrixir os fortes olores que emanan da instalación e prexudican gravemente os dereitos constitucionais dos afectados, especialmente os referidos á intimidade persoal e familiar no ámbito domiciliario, ao medio ambiente adecuado e á calidade de vida, e á saúde. O Concello de Vigo finalmente sinalou que os *fortes olores aos que se fai referencia foron corrixidos na súa maior parte,* e *agora prodúcense en momentos illados.* Pero coñecemos que o problema podía continuar e iniciamos outra queixa de oficio (Q/1983/07) pola noticia na que se dicía que era preciso o realoxamento dos veciños nun hotel. Algúns afectados puxéronse en comunicación telefónica coa institución para indicarnos que o concello admitira o seu realoxamento o primeiro día, pero ao seguinte obrigárono a volver ás súas casas, en contra da súa vontade, posto que os olores continuaban. Puxémonos en comunicación directa coa Concellería de Medio Ambiente, que nos indicou que se apreciaban “picos de olor”, do que só podíamos deducir que os olores continuaban; a pesar das recomendacións anteriores, os problemas seguían producíndose de forma cíclica, cada mes ou mes e medio, e de forma moi intensa, polo que os interesados se vían forzados a reclamar o seu realoxamento. Sen embargo, no suposto que analizamos o realoxamento só se admitiu unha noite, a pesar de que o problema continuaba. Este foi o motivo polo que nos vimos na necesidade de poñernos en contacto directo co concello, que, como sinalamos, nos confirmou a presenza de malos olores, a pesar do cal non modificou a súa posición inicial e non asumiu o realoxamento dos afectados por máis tempo. Os afectados reclaman que os realoxamentos se traten de oficio pola administración municipal, responsable do problema, e que cando aparezan os olores non teñan que reclamalos.

Ademais, o realoxamento debería durar tanto como o incidente, e ata que non exista garantía de que cesou non se lles debería facer volver, como sucedeu nesta ocasión, na que se viron forzados a estar nas súas casas en unhas circunstancias que non terían porque soportar. O pleno municipal aprobara a necesidade de realoxamento definitivo, segundo manifestan algúns afectados, e iniciouse un proceso negociado de adquisición das vivendas que incluía taxacións, co que se recoñecía a necesidade de solucionar definitivamente o problema; pero non se formalizou. A pesar do tempo transcorrido e da nosa insistencia aínda que non recibimos resposta aclaratoria por parte do concello. Todo o anterior tratámolo no informe do pasado ano, e a pesar do tempo transcorrido o concello aínda que non informou de forma definitiva sobre as actuacións ao respecto, polo que se lle advertiu de posible declaración de entorpecemento e hostilidade, de acordo co previsto no artigo 22.2 da Lei do Valedor do Pobo.

Como xa puxemos de manifesto en anteriores ocasións, estaríase conculcando algún dereito de carácter fundamental; segundo a doutrina legal do Tribunal Europeo de Dereitos Humanos (TEDH), agora recollida polo Tribunal Constitucional, o dereito á intimidade persoal e familiar pode ser conculcado polas inmisións que teñan a súa orixe en formas de contaminación que afecten a ese ámbito de privacidade das persoas. A sentenza do 9 de decembro de 1994 do TETD (*caso López Ostra contra España)* deu lugar á condena do noso país polo tratamento dos problemas ambientais creados polo inadecuado funcionamento dunha EDAR, o que obrigou á reclamante e á súa familia a cambiar de domicilio. Privouse do goce efectivo do seu dereito ao domicilio e á vida privada e familiar (artigo 8 do Convenio Europeo).

A queixa de oficio Q/403/07 iniciámola polas noticias do diario “El País” que sinalaban que o sistema de saneamento, incluída a depuradora, construído pola Confederación Hidrográfica do Norte (CHN) para a comarca da Louriña (concellos de Salceda de Caselas, Tui, Porriño e Mos) se encontraba sen actividade, a pesar de que podería estar funcionando desde hai meses e custou 98 millóns de euros. Os vertidos evitaríanse coa súa posta en funcionamento. Despois dunha longa espera, finalmente a CMADS informounos que “a EDAR de Guillarei poderá entrar en funcionamento no mes de xaneiro” (do 2009), é dicir, moito tempo despois do previsto.

1.3.3.9 A xestión dos residuos sólidos e os vertedoiros

Como consecuencia dunha noticia aparecida no diario o *País* iniciamos unha queixa de oficio (Q/1134/08) debido ao suposto estado do vertedoiro selado de Vigo, que segundo a información segue contaminando. Segundo a noticia, foi selado no 2001, pero o concello desentendeuse del, a pesar de que as normas o obrigan a manter un rigoroso control, sobre todo cando se seguen expulsando lixiviados altamente contaminantes. As medidas básicas establecidas para o selado de vertedoiros inclúen, entre outras cousas, o control da escorrentía superficial, a recollida e control de lixiviados e a adopción de medidas de contención da contaminación de solos e augas subterráneas. Trátase de evitar a filtración de lixiviados con substancias nocivas á capa freática. Tras a clausura definitiva do vertedoiro, este debe manterse e vixiarse, deben facerse análises e controis de lixiviados e dos gases xerados, e un control do réxime de augas subterráneas. A queixa abriuse en maio do 2008 e a solicitude do preceptivo informe enviouse tanto á CMADS como ao Concello de Vigo. A primeira respondeu, pero o ente local aínda que non o fixo, a pesar de tempo transcorrido e das chamadas que se fixeron urxindo o cumprimento deste deber legal.

1.3.3.10 As antenas de telefonía móbil

Un considerable número de queixas refírese a proximidade de antenas de telefonía móbil a vivendas. Algúns concellos aprobaron ordenanzas que regulan este espiñoso tema; pero á marxe da presenza ou non de ordenanzas, o certo é que estas instalacións necesitan licenza municipal de funcionamento, e, por tanto, as administracións municipais participan no seu control preventivo. Sen embargo, non resulta infrecuente encontrar casos nos que a antena non conta con este permiso municipal.

Na queixa Q/106/01, relativa a dúas antenas en Villestro-Santiago, sinalamos ao concello que non parecía adecuado tratar o asunto só desde a perspectiva urbanística e non mencionar o ambiental, fundamentalmente a aplicación do RAMINP. Este tipo de instalacións precisan licenza específica de funcionamento, que se concede (concedía) de acordo co regulamento citado, polo que a cuestión é porque non se impide o

funcionamento deste tipo de instalacións sen licenza de RAMINP. Despois de moito tempo desde a apertura da queixa o Concello de Santiago segue sen adoptar as medidas que parecen adecuadas; sen embargo, os afectados iniciaron un recurso contencioso-administrativo, polo que nos vimos na obrigación de arquivar o expediente (art. 20 da Lei do Valedor do Pobo).

Pola nosa parte, en todos os casos trasladamos aos concellos a necesidade de licenza de funcionamento para este tipo de instalacións. Son numerosos os pronunciamentos doutrinais e xurisprudencias sobre esa necesidade; por exemplo, a sentenza do TSX de Galicia recaída no recurso 02/5645/2002. Na queixa Q/920/2008 recomendamos ao Concello de Moraña (véx. a resolución n.º 9 das desta área) que se iniciasen os expedientes de reposición da legalidade que se deducen da ausencia de licenza de actividade e funcionamento das antenas de telefonía móbil obxecto da queixa, e que estes se resolvan sen que o ente local se considere vinculado pola previa concesión de licenzas de obra. O ente local sostiña que desde a aprobación do Decreto autonómico 133/2008, polo que se regula a avaliación de incidencia ambiental, xa non é precisa a licenza de funcionamento, o que nós rexeitamos. Anteriormente non se mencionaban as antenas de telefonía móbil no *nomenclátor* do RAMINP (como apunta a sentenza citada anteriormente, non podía ser doutra maneira, posto que este tipo de instalacións non existía no 1961, data do RAMINP), pero considerábanse obxecto do procedemento por encadrar nas definicións das actividades clasificadas e polo carácter de *numerus apertus* do *nomenclátor* do regulamento. Ese carácter non se modifica no máis mínimo co novo decreto autonómico; o artigo 2.2 deste sinala que *así mesmo estarán sometidas a este procedemento aqueloutras actividades que non estando incluídas no dito anexo I merezan a consideración de molestas, insalubres, nocivas e perigosas, conforme as definicións contidas no artigo 13 da Lei 1/1995, do 2 de xaneiro, de protección ambiental de Galicia. a consellería competente en materia de medio ambiente decidirá sobre a necesidade ou non da avaliación de incidencia ambiental das actividades contempladas neste parágrafo. A decisión será motivada e adoptarase de acordo cos criterios obxectivos que se determinan no anexo II.* Por tanto, haberá que recorrer, como sucedía antes, ás definicións de actividades as actividades, agora ás do artigo 13 da Lei 1/1995, de protección ambiental de Galicia, que deben interpretarse de acordo cos criterios obxectivos sinalados no anexo II

do decreto. Por tanto, dado que as definicións son similares ás do RAMINP e que os criterios do anexo II non apuntan cambios con respecto á situación anterior, e ademais as instalacións ás que nos referimos non se encontran expresamente excluídas no anexo III, non parece que a interpretación da xurisprudencia precedente se deba considerar modificada, salvo que finalmente a CMADS sinale outra cousa nas decisións motivadas que se mencionan no artigo 2.2 do Decreto 133/2008, e sen prexuízo das decisións xurisdicionais en relación cos recursos que se promovan contra esas decisións. A pesar diso, o Concello de Moraña non aceptou a recomendación, polo que, en aplicación do previsto no 33.2 da Lei 6/1984, do 5 de xuño, do Valedor do Pobo, se inclúe a presente mención crítica do asunto neste informe, ao considerarse que era posible unha solución positiva e esta non se deu.

Na queixa Q/576/08 coñecemos a presenza dunha antena sen licenza en Culleredo. Ante iso solicitamos información en diferentes ocasións ao Concello de Culleredo. Efectivamente, a instalación non tiña nin licenza de obra nin de actividade, polo que non deberían terse iniciado as obras nin debería funcionar. O concello iniciou un expediente de disciplina urbanística no que ordenaba a paralización da obra, pero non concretaba se tamén iniciara expediente sancionador, e sobre todo a efectividade que tivo a súa orde de paralización, así como, no caso de terse rematado a antena, se esta se encontraba en funcionamento, e as medidas adoptadas para evitar tal cousa. Finalmente o concello contestou que non estaba en funcionamento.

1.3.3.11 As avaliacións ambientais

As avaliacións de impacto, efectos ou incidencia ambiental son instrumentos de análise previa das repercusións para o medio dos proxectos públicos e privados. En ocasións esíxese que o que se produza sexa un pronunciamento expreso do órgano ambiental sobre a procedencia da correspondente avaliación de impacto ambiental. Este pronunciamento esixe a previa presentación de documentación acreditativa das características, localización e potencial impacto do proxecto, e a decisión debe ser motivada e pública, e responder aos criterios expresados no texto legal correspondente. A estes tradicionais instrumentos (a avaliación de incidencia ambiental identifícase co clásico

procedemento regulado polo RAMINP) viñéronse a sumar as denominadas *avaliacións estratéxicas*, reguladas na Lei 9/2006, de 28 de abril, sobre avaliación dos efectos de determinados plans e programas no medio ambiente, referidas especificamente a planificacións públicas. Todas as avaliacións pretenden establecer, despois dunha análise rigorosa, a viabilidade ambiental dos plans ou os proxectos, e establecer as medidas correctoras que se deben aplicar na súa execución.

As queixas neste eido adoitan referirse á ausencia de avaliación ou autorización final ou da avaliación condicionada, á súa deficiente realización, ou á falta de cumprimento das súas prescricións.

Como no anterior ano, tamén este nos ocupamos da necesidade de pronunciamento expreso sobre a avaliación de impacto na promoción de urbanizacións. Na queixa Q/788/2006 (previsible deterioración ambiental que se derivaría da execución dunha urbanización nos Batáns-Ames, por afectar a moitos carballos centenarios) poñíase de manifesto a dúbida sobre se se tería feito avaliación ambiental do proxecto. Nas súas respostas a CMADS limitouse a sinalar que non tiña constancia do proxecto, e o Concello de Ames opinou que non era necesario realizar avaliación de ningún tipo. Ningunha das dúas administracións facía alusión ás obrigacións derivadas do Real decreto lexislativo 1302/1986, de avaliación de impacto ambiental (RDLEIA), modificada por Lei 6/2001. Despois dun novo requirimento de información o concello sinalou que este non debe aplicarse, posto que se trata dun *plan*, e non dun *proxecto*, e a Lei 9/2006 non se encontraba vixente cando se aprobou o plan, no 2005, concluíndo que a corta sería un acto debido derivado da aplicación do PXOU. Pola súa parte, a consellería insistiu en que non podía informar debido a que non tiña coñecemento oficial do proxecto, polo que solicitaba aclaración ao concello.

O RDLEIA prevé a determinación a través dun específico procedemento da necesidade ou non de avaliación de impacto ambiental formal dos *proxectos de urbanizacións e complexos hoteleiros (grupo 7, b, do anexo II*). Trátase dunha avaliación condicionada, das esixidas para os casos incluídos no anexo II. Por tanto, a cuestión céntrase en definir os *proxectos de urbanizacións*, ou cando debe cumprimentarse a

exixencia de avaliación condicionada no caso das urbanizacións. O concello sinala que o momento non é o da aprobación do plan parcial, posto que non é *un proxecto*, e resalta tal circunstancia á luz da nova normativa, que agora contempla a avaliación estratéxica dos plans (Lei 9/2006). Segundo a interpretación municipal, a pesar da clara previsión da lei, esta urbanización non se vería precisada de avaliación (condicionada). Sen embargo, pola nosa parte sinalamos que dada a natureza das avaliacións, deben vir referidas ao momento preciso para que constitúan un instrumento preventivo en favor do medio, é dicir, ao momento en que se define o que se quere facer, chámese proxecto -expresión xenérica da Directiva e do RDLEIA- ou de calquera outra forma, e se solicite a aprobación correspondente, neste caso para levar adiante a urbanización. Naquel momento, a falta de avaliación estratéxica, a aprobación do plan parcial define tal cousa, posto que o resto dos actos pendentes estarían en gran parte condicionados polo mesmo plan, ao que deben axustarse, e nalgún caso ata serían actos debidos. O plan é o que define a urbanización, a súa viabilidade xeral e as súas eventuais características ou condicións, como o demostra que o concello sinale claramente os efectos do plan sobre o medio e en concreto o tanto por cento da masa de arboredo autóctono que sería destruído. Tampouco se debería demorar ao trámite doutros medios de execución do plan, como os proxectos de urbanización, que se refiren á execución dunha parte da urbanización global, os servizos.

Polo que se refire á actuación da consellería, esta autolimitouse nas súas funcións ao indicar que non *constaba o expediente*; tan importante ou máis que isto é evitar que os proxectos que deberan ser sometidos a avaliación non prescindan irregularmente dela (artigos 27, 29 e 40 da Lei 1/1995, de protección ambiental). Finalmente requiriu formalmente o proxecto, aínda que referíndoo ao *proxecto de urbanización.* Esta forma de proceder merece a obxección xa sinalada. Noutras queixas a consellería inclinábase por exixir a avaliación condicionada prevista no RDLEIA co trámite dos plans parciais ou de sectorización.

Formulamos ao Concello de Ames unha recomendación para que con carácter previo á execución da urbanización remitise á CMADS a documentación acreditativa das características, localización e potencial impacto do proxecto, a fin de adoptar a decisión sobre a necesidade de sometela a avaliación de impacto ambiental (véxase a resolución n.º

24 da área de medio ambiente do Informe do 2007), e demos conta desta á consellería. O concello limitouse a darlle traslado á consellería, e esta sinalou que aceptaba o contido da recomendación, o que non era preciso, xa que non se lle dirixiu a ela, senón ao concello. En calquera caso, o feito de que a consellería se mostrara de acordo co contido do recomendado ao Concello de Ames suporía que, para darlle efectividade á resolución, non só *se solicite o proxecto ao concello* (antes requirírase o proxecto, pero o *de urbanización*, non o da urbanización global). Tal e como se expresa amplamente na recomendación e nos trámites posteriores, resulta preciso que se avalíe a urbanización, é dicir, a eventual aprobación do plan parcial. Neste caso, ao terse xa aprobado, sería preciso actuar no mesmo sentido que no caso coñecido na queixa Q/836/07, no que a consellería coincidiu co concello afectado en que era necesaria unha rectificación do realizado no expediente para facer a avaliación condicionada que non se fixese en relación co plan parcial ou de sectorización. Por iso requirimos, no que se refire ás funcións da consellería, que se expresase se finalmente se requiriu que o expediente se retrotraese ao momento en que debera terse realizado a avaliación condicionada, e que se achegase calquera outra circunstancia relevante para coñecer a efectividade dada á recomendación. A consellería reclamou do concello o *proxecto de urbanización* para a decisión formal sobre eventual avaliación de impacto ambiental, o que non se correspondía co recomendado. Por iso formulamos á consellería unha recomendación (véx. a resolución n.º 8 das desta área) en parecidos termos que a formulada ao Concello de Ames, pero referida ás funcións dese órgano. A consellería non aceptou a recomendación e sinala que o documento enviado polo ente local para cualificación ambiental, o *proxecto de urbanización do sector S-06, Ames*, "cumpre co especificado para os anexos 2, no artigo 16 do RDL 1/2008, do 11 de xaneiro, polo que se aproba o texto refundido da Lei de avaliación de impacto ambiental de proxectos". Como se expresou en ambas as recomendacións, na normativa urbanística, o *proxecto de urbanización* non é o *proxecto da urbanización* aos efectos de avaliación ambiental; este debe identificarse co plan parcial ou de sectorización. Ademais, ese foi o criterio da propia consellería actuacións similares, sen que os argumentos expostos na resposta á recomendación xustifiquen un cambio de criterio.

Por tanto, o Concello de Ames rexeita a recomendación, como despois o fai tamén a CMADS, o que resulta significativo, posto que o interpretamos como un cambio de

criterio. Polo anterior realizamos o correspondente comentario crítico, en aplicación do art. 33.2 da Lei do Valedor do Pobo, ao considerarse que era posible unha solución positiva e esta non se deu.

Pola súa parte, na queixa Q/745/07 coñeceuse que o polígono industrial *Porto do Molle*, en Nigrán, promovido polo Consorcio da Zona Franca de Vigo, ten un estudo de impacto ambiental do 1994, e descoñécese se se deu a correspondente declaración de impacto, que en calquera caso debera considerarse caducada. As obras empezaron no 2006, provocando enormes danos ambientais, segundo sinala unha organización de defensa ambiental. Tamén indica que o estudo de impacto ambiental elaborado hai 19 anos carece do rigor científico técnico necesario para avaliar o impacto ambiental do polígono; carece de estudo arqueolóxico e patrimonial, e de estudos botánicos e faunísticos adecuados; non se especifican os sistemas de depuración; a zona é inundable. A través da investigación coñecemos que o primeiro proxecto urbanístico non se aprobara definitivamente, polo que a DEA, incardinada no procedemento global (a aprobación definitiva do plan urbanístico), resultou irrelevante, desde o momento en que o proxecto no seo do cal se coñecería non chegou a aprobarse. Despois deuse outro procedemento urbanístico, a "modificación puntual das normas subsidiarias de planeamento do SAU-9", que reflicte unha serie de modificacións físicas e xurídicas do terreo afectado, segundo describe o propio concello, que orixinaron un novo plan de sectorización, que é o procedemento no que se entende incardinado o novo acto de trámite; agora o procedemento é outro desde o punto de vista procedemental, por moito que se pareza ao anterior nos aspectos materiais. O chamado "proxecto de actuacións industriais *Porto do Molle*" sometido á avaliación anterior era un determinado plan urbanístico, e o actual é outro. Non se poden identificar sen perder a referencia da natureza das avaliacións, que sempre se producen como actos de trámite nun determinado procedemento global, neste caso o urbanístico. Restaría o cumprimento da obrigación establecida nos artigos 1.2 e 2.3 do RDLAIA, que, como expresamos amplamente na recomendación, non se pode entender aplicado correctamente por medio do informe ou resposta da CMADS á consulta do concello. A norma establece un procedemento simplificado para a determinación precisa en relación cos proxectos do anexo II, pero procedemento ao fin e ao cabo; e esixe que a decisión sexa motivada e pública e se axuste aos criterios establecidos no anexo III. Como conclusión da

correspondente investigación formulamos unha recomendación á CMAD (véx. a resolución n.º 4 das desta área). A recomendación referíase en primeiro termo á necesidade de que se retrotraese o expediente ao momento en que o promotor debe presentar a documentación precisa para que o órgano ambiental resolva de forma motivada, pública e axustada aos criterios establecidos no anexo III do RDLAIA, sobre a necesidade de avaliación de impacto ambiental do proxecto obxecto da queixa. A consellería nun primeiro momento rexeitou esta parte da resolución sinalando a suficiencia dos criterios ambientais expresados na anterior DEA, argumento que podería servir en orde á resolución de fondo na decisión pendente co novo proxecto, pero nunca respecto da negativa da propia necesidade do preceptivo pronunciamento que se encontraba pendente. Sen embargo, finalmente aceptou esta parte da recomendación ao sinalar que *"tivo entrada a documentación relativa ao Proxecto de Urbanización do Parque Empresarial-Terciario de Porto do Molle co fin de que se emita a correspondente decisión sobre a necesidade de sometemento ou non do dito proxecto ao procedemento de avaliación de impacto ambiental"*, co que finalmente se acepta, aínda que cabe a dúbida de se neste caso a consellería referirá o exame ao proxecto global ou só ao proxecto de urbanización, como sucedía na anterior queixa de Ames.

O segundo aspecto da recomendación expresa que con carácter xeral se estude a conveniencia de establecer un prazo de caducidade ás declaracións de impacto ou efectos, xa sexa regulándoo con carácter xeral, como indica expresamente a normativa estatal, ou con carácter particular, nas propias declaracións, co fin de evitar a utilización extemporánea destas. Maniféstase expresamente que se está de acordo coa recomendación, e que se modificará a normativa galega na materia, engadindo que se está traballando neste aspecto en concreto.

1.3.3.12 Tratamento do dereito de acceso á información ambiental e á participación cidadá en materia de medio ambiente

A Lei 27/2006, pola que se regulan os dereitos de acceso á información, de participación pública e de acceso á xustiza en materia de medio ambiente, é transposición das directivas comunitarias que dan efectividade ao *Convenio de Aarhus*, ratificado pola

Unión Europea e ao que tivemos ocasión de referirnos en diferentes informes. Este importante Convenio sinala como obxectivo dos estados asinantes a protección do dereito de cada persoa, tanto das xeracións presentes como futuras, a vivir nun medio ambiente adecuado, para o que se esixe ás partes, entre outras cousas, "a participación do público na toma de decisións". Segundo sinala o preámbulo do Convenio, todos os cidadáns, e as organizacións non gobernamentais en particular, teñen un importante papel na protección do medio; pero, para poder desempeñalo e facer valer o dereito a vivir nun medio ambiente que garante a saúde e o benestar, debe establecerse como premisa que eses mesmos cidadáns teñan acceso á información e se encontren facultados para participar na toma de decisións. Ademais, o respecto aos principios de información e participación permite tomar mellores decisións, aplicalas máis eficazmente, e, en xeral, axuda os axentes públicos.

Sen embargo, a través das queixas observamos que son comúns os atrasos á hora de responder ás solicitudes de información ambiental en poder da administración; non adoitan respectarse os prazos establecidos pola Lei 27/2006, que prevé unha rápida resposta e entrega. Debe responderse nun mes, facilitarse no formato solicitado ou máis adecuado, sobre todo en versión informática, e non é preciso demostrar un interese específico. Pero as administracións retardan ou obstaculizan a entrega mediante exixencias inadecuadas, como a xustificación da representación da persoa xurídica solicitante, normalmente organizacións ambientalistas. Por iso, debera mellorarse a axilidade na resposta e a entrega. Tampouco parece adecuado pedir aclaracións sen que ao tempo se proporcione información sobre os aspectos claros da petición, solicitar o pagamento de cantidades non previstas (as entregas telemáticas deben ser gratuítas, como tamén as fotocopias de menos de 20 páxinas), ou xustificar a falta de resposta ou a demora desproporcionada na falta de medios, posto que a información se debería encontrar en formatos que permitan a súa fácil xestión, manexo e entrega.

Un caso de falta de información coñecémolo na queixa Q/1985/07, en concreto pola falta dun informe anual suficiente sobre o estado do ambiente atmosférico de Galicia. Pola nosa parte sinalamos á CMADS que cos datos achegados non se podía entender cumprido o legalmente previsto, posto que debería incluírse información sobre as emisións dos distintos contaminantes e sobre as medidas de prevención adoptadas e os progresos

logrados. Finalmente a consellería recoñeceu que a súa interpretación da Lei 8/2002 non era a adecuada e que se corrixiría.

Na Q/1720/07 coñecemos que a CMADS non proporcionara a información reclamada por unha organización ambientalista sobre o proxecto de enchedura da mina de carbón de Meirama, pretendendo xustificalo en que non se dispoñía dela en formato que permitise a súa fácil reprodución e acceso, que non se especificaba que documentos se requirían, e que os solicitantes se presentaron o último día. Pola nosa parte non compartimos ese criterio. Non parece adecuado soster que nas pezas de información pública non se deba considerar de aplicación o disposto na Lei 27/2006; máis ben ao contrario, deben ser este tipo de procedementos especificamente previstos para permitir a participación dos interesados e da cidadanía en xeral os que se axusten en maior medida ao regulado nela, de tal forma que se prevexa a entrega da documentación por medio de formatos que permitan a súa fácil reprodución e acceso, faino que carezan de base as argumentacións sobre o carácter abusivo do solicitado, ou as que sostén que só se debe consultar o expediente. A normativa sectorial que se cita (RDPH) debe considerarse afectada neste punto pola Lei 27/2006. Non obstante, a información pública referíase a unha solicitude de concesión hidráulica, polo que o estudo de impacto ambiental tería unha específica saída a información pública, na que se poderían emendar as carencias apuntadas.

Outros supostos de información ambiental atendida con atraso pola administración coñecémolos nas queixas 1256/08 (Concello de Pazos de Borbén), 1255/08 (Concello de Pazos de Borbén) ou Q/2166/08 (CMADS).

1.3.3.13 A protección dos núcleos e vivendas do perigo de incendio forestal

Na queixa Q/1264/06 coñecíase a situación de perigo sufrida por unha vivenda de Gondomar que xa sufrira incendios no seu redor no 2006; o problema continuaba, posto que non se rozara a contorna. A Consellería de Medio Rural (CMR) respondeu que existen as obrigacións sinaladas no do Decreto 105/2006 e que no seu caso *existe a posibilidade da execución subsidiariamente por parte dos respectivos concellos ou da propia Xunta de Galicia*. Pero acercábase a tempada crítica e a situación de perigo seguía igual que no

2006. Confirmouse a situación de perigo e a falta de actuación, polo que se investigaría a identidade dos propietarios dos terreos para seren requiridos e así cumprir cos seus deberes. O protocolo para a aplicación do estipulado no decreto sinalaba que, en caso de non cumprimento do previsto polos afectados e non intervención do concello no prazo establecido, sería preciso que interviñese a CMR, tanto para iniciar o expediente sancionador como para proceder á execución subsidiaria. A mesma consellería sinalou ao respecto que o artigo 23.2 do Decreto 105/2006 dispón que a consellería competente en materia forestal e os concellos, no ámbito das súas respectivas competencias, ordenarán a execución dos traballos preventivos, indicando o prazo de realización, que en ningún caso superará os 30 días naturais. Sinalou tamén que a normativa urbanística atribúe aos concellos a competencia para ordenar a execución das obras necesarias para conservar as condicións precisas que eviten os incendios, e no caso de incumprimento a administración municipal procederá á execución subsidiaria ou á execución forzosa; a CMR procede en primeiro termo a apercibir ao interesado, e no caso de non atender ao apercibimento, pode iniciar o expediente sancionador.

A interesada seguiu enviando numerosos escritos sinalando que despois dun ano desde o incendio do 2006 as administracións responsables, tanto a Xunta como o Concello de Gondomar, na *práctica se inhibiron. Pese ás múltiples xestións realizadas non resolveron o tema da prevención de novos incendios, encontrándose o bosque rural lindeiro á nosa propiedade urbana en estado de abandono e total perigosidade*. Engadiu que no concello lle din que non teñen tempo para ocuparse dese asunto, e na consellería, que farán outra inspección.

Da nova resposta da CMR e tamén do concello deducimos que o labor de ambos se centra en coñecer a titularidade das terras por limpar, o que fan desde hai moito tempo. Encóntrase moi demorada a adopción das medidas de fondo. Insistimos ante ambas as administracións para que, de seguir así a situación, sexan elas as que leven a cabo os labores pendentes, sen prexuízo de repercutilos posteriormente en quen corresponda, así como da incoación de expedientes sancionadores. En principio debería ser o concello quen realizase tal labor, pero no caso de comprobarse que non o fai, entón debería ser a CMR. Esta respondeu entón que esa competencia é exclusiva das entidades locais *(entendemos*

que a execución directa das medidas para garantir a execución da limpeza na zona afectada lle compete ao concello, sen que en ningunha norma se atribúa que de non exercela polo mesmo sexa a consellaría quen ten que realizar esas funcións). Pola súa parte, o Concello de Gondomar sinalou que no caso de que os propietarios non limpasen as parcelas se iniciará o correspondente procedemento de execución forzosa da orde de limpeza mediante a imposición de multas coercitivas, primeiro, e despois por execución subsidiaria.

Como seguía atrasándose o labor material de limpeza, vímonos na necesidade de formular sendas recomendacións ao concello e á CMR (véx. a resolución n.º 2 das desta área). A competencia relativa á materia que tratamos atribúese legalmente aos concellos pero, tal e como sinalara a propia CMR, o artigo 23.2 do Decreto 105/2006 preceptúa que *a consellería competente en materia forestal e os concellos, no ámbito das súas respectivas competencias, ordenarán a execución dos traballos preventivos,* e o mesmo artigo sinala que a consellería prestará a súa colaboración aos concellos (parágrafo 4º) e que nos *casos en que exista un elevado risco de incendio por incumprimento das obrigacións reguladas no artigo 25.1 do presente decreto e os concellos non ordenen a execución dos oportunos traballos preventivos, os servizos de prevención e extinción de incendios forestais da dirección xeral competente en materia forestal poderán ordenar directamente a súa execución, comunicándollo ao concello* (parágrafo 4º *in fine*). Tamén prevé, de acordo co sinalado pola consellería, que a *Xunta de Galicia velará por que as obrigacións dos propietarios no mantemento dos terreos en adecuado estado se cumpran, instruíndo os oportunos expedientes sancionadores.* A execución subsidiaria pola CMR en determinados casos resulta claramente afirmada polo artigo 25.2 *in fine,* que sinala, despois de aludir aos posibles expedientes sancionadores a incoar pola consellería, que no seu caso procederá á *execución subsidiaria* (das obrigacións dos propietarios) *regulada no artigo 23 do presente decreto*. Máis explícito é aínda o artigo 26.b), que sinala que a *Xunta de Galicia, a través da consellería competente en materia de política forestal, asumirá, ademais do previsto nos parágrafos 4 e 5 do artigo 23 do presente decreto, os seguintes cometidos: ... Realizar directamente, na medida do posible e acudindo á execución subsidiaria, os traballos preventivos nas franxas de especial protección, que non se fixesen por parte dos propietarios obrigados, ou por parte dos concellos, repercutindo os custos a*

quen corresponda. O anterior é coherente co propósito do Decreto 105/2006, que sinala que na normativa anterior se detectaron insuficiencias que afectan aos mecanismos de protección e conservación dos montes, sinaladamente os que teñen que ver coa loita contra os incendios forestais. Por iso, parece perfectamente lóxico que se estableceran mecanismos complementarios para evitar que determinadas circunstancias, como a falta ou a demora na identificación dos propietarios, a abstención dos concellos na aplicación das medidas que correspondan, ou o atraso desproporcionado, non leven a que as medidas permanezan sen efectividade; neste orden, é a Consellería de Medio Rural a que asume, en forma de substitución, as funcións que non se executen por quen corresponda. Así o confirma o seu propio *protocolo para técnicos e axentes para a aplicación do estipulado no decreto 105/2006*, que, como vimos, sinala que, en caso de non darse cumprimento polos afectados e non intervención do concello nun determinado prazo, entón intervirá a consellería, tanto para iniciar o expediente sancionador como para proceder á execución subsidiaria. O *protocolo* sinala que *de non estar cumprindo a norma o terreo, esperarase a que o concello actúe, e despois do transcurso dun prazo prudencial de 45 días naturais desde a dita inspección, se entenderá que o concello non actuou e o persoal funcionario de distrito realizará unha nova inspección. Se o concello non actuase no prazo sinalado de 45 días o persoal funcionario de distrito realizará unha nova inspección. Se o denunciado non tivese realizado os traballos de prevención, na acta de inspección figurará: a constatación dos feitos, a orde de execución dos traballos de prevención en 30 días naturais ou menos, e o apercibimento de que en caso de que non o realizase se procederá á execución subsidiaria, con repercusión dos custos ao propietario dos terreos, sen prexuízo da apertura de expediente sancionador. Logo do prazo concedido ao denunciado se efectuará outra inspección. Se a través desta inspección constatase que o denunciado non cumpre coa norma: 1. o servizo provincial de incendios remitirá o actuado ao servizo xurídico administrativo da delegación provincial correspondente, de cara á apertura de expediente sancionador. Este servizo comunicará ao denunciante a apertura de expediente sancionador, de ter solicitado na súa denuncia ou inicio de expediente sancionador contra o denunciado. 2. O delegado provincial ditará resolución ordenando a execución subsidiaria, que será notificada ao denunciado e se procederá á execución subsidiaria pola consellería, consonte o artigo 26.b de Decreto 105/2006, e con repercusión dos*

custos ao denunciado. O servizo provincial de incendios comunicará ao concello, tanto a resolución, como a execución subsidiaria pola consellería.

Por tanto, tanto o Concello de Gondomar como a Consellería de Medio Rural, está con carácter subsidiario, deberan garantir o cumprimento das obrigacións de adecuado mantemento das terras para evitar risco de incendios. Sen embargo, as dúas administracións deixaron transcorrer un amplo período de tempo sen adoptar as medidas eficaces, polo que recomendamos ao Concello de Gondomar que, dado o tempo transcorrido desde a definición do mal estado das terras e o conseguinte perigo de incendio, e que aínda que non se efectuaron algunhas actuacións de limpeza, con urxencia realice os traballos preventivos nos terreos con perigo de incendio mediante execución subsidiaria; e á CMR que, para o caso de que nun breve prazo o concello non dese efectividade á anterior recomendación, proceda a realizar, tamén con urxencia e mediante execución subsidiaria, os traballos preventivos nos terreos con perigo de incendio definidos na queixa, sen prexuízo da incoación dos expedientes sancionadores que correspondan, e que en actuacións futuras similares á descrita, por parte dese órgano se fagan efectivas as súas funcións relativas á realización das execucións subsidiarias precisas por ausencia de actuación eficaz dos concellos para impoñer os traballos preventivos nos terreos con perigo de incendio, de acordo co previsto na normativa sectorial correspondente e no protocolo definido pola propia consellería para ese efecto.

A CMR aceptou a recomendación e indicou, a través da Delegación Provincial de Pontevedra, que á vista de que o concello non realizara a execución dos traballos de limpeza requiridos, para que a tarefa sexa realizada pola propia consellería se solicitou que se habilitase unha partida orzamentaria para o efecto, ou que se ordene a execución por medio de SEAGA. Pola súa parte, o Concello de Gondomar non respondera, senón que unicamente fixera un relatorio de documentos que non aclaran nada en absoluto. Despois de moito tempo acabou aceptando a recomendación e anunciando que lle daría efectividade se os propietarios non limpaban os terreos en cuestión. Sen embargo, do que coñecemos posteriormente e que tratamos de seguido deducimos que a CMA non deu efectividade aínda ao recomendado.

A través dunha nova queixa da mesma interesada (Q/1601/08) coñecemos que a CMR respondeu finalmente que a limpeza forestal das terras lindeiras exclúe o caso examinado debido a que *debe tratarse de casas con licenza ou legalizadas* (disposición transitoria 3.2 da Lei 3/2007). A dita disposición sinala que "as previsións contempladas na aliña anterior serán de aplicación ás edificacións illadas que na data de entrada en vigor da presente lei tivesen licenza municipal ou fosen legalizadas acolléndose á disposición transitoria quinta da dita lei (9/2002), sempre que en ambos os casos se acredite a data de inicio da construción con anterioridade ás repoboacións forestais que as circunden. Para as restantes edificacións desenvolveranse regulamentariamente os criterios de xestión de biomasa aplicables". A disposición transitoria 5ª da Lei 9/2002 sinala que as edificacións e construcións situadas en terreos clasificados como solo rústico sen a preceptiva autorización autonómica ou sen licenza municipal poderán ser obxecto de expediente de legalización sempre que se cumpran as seguintes condicións: a) que no momento da entrada en vigor da Lei 9/2002 transcorrese o prazo legalmente establecido sen que a administración adoptase ningunha medida dirixida á restauración da legalidade urbanística. B) Que os terreos en que se localiza a edificación non merezan a condición de solo rústico de protección de espazos naturais, de costas ou de interese paisaxístico, segundo o establecido na lei.

Cómpre sinalar que, de acordo coas condicións que nos traslada a interesada, a vivenda non foi promovida por ela, que a comprou; que transcorreu o prazo para coñecer a eventual necesidade de restauración da legalidade urbanística; que ata agora a administración non lle sinalara a carencia orixinal de licenza da vivenda que se construíu polo promotor hai moito e que ela comprou máis adiante; e que a aplicación da DT 3.2 da Lei 3/2007 non resulta apropiada, posto que o caso é anterior a esta lei.

En primeiro termo chama a atención que a resposta se dá nun sentido contrario ao dado no seu momento e despois de moito desde que se coñece o asunto. Esta queixa ten o seu antecedente noutra do 2006 (Q/1264/06), e, como vimos, a recomendación que formulamos á CMR aceptouse. Por iso requirimos aclaración detallada sobre as razóns polas que agora se cambia de parecer e se traslada unha circunstancia que ou debeu coñecerse entón, ou sinxelamente non resulta de aplicación ao caso, porque cando se

coñeceu nin tan sequera existía a lei que se invoca. Máis importante incluso resulta coñecer, de cara ao futuro, se a DT citada se interpreta como forma de excluír dos obxectivos preventivos da lei este tipo de vivendas. Da lectura da disposición non pode chegarse a solución que parece soster a administración. Como vimos, as legalizacións dependen de que no momento da entrada en vigor da Lei 9/2002 transcorrese o prazo legalmente establecido sen que a administración adoptase ningunha medida dirixida á restauración da legalidade urbanística, e de que os terreos en que se localiza a edificación non merezan a condición de solo rústico de protección especial. Ademais, para o caso de non *legalización* a lei non prevé a inacción, como non podía ser menos, senón que se desenvolverán regulamentariamente os criterios de xestión de biomasa aplicables; sen embargo, este aspecto tampouco se aclara. Por tanto, resta coñecer se a DT 3.2 se entende como forma de excluír de forma definitiva dos obxectivos de seguridade previstos na lei a todas as vivendas que non acrediten ter licenza, incluídas aquelas que poidan chegar a tela ou con respecto ás cales a acción sancionadora prescribise polo transcurso do prazo legalmente previsto na Lei 9/2002. Incluso debería aclararse que condicións de seguridade se esixirán para casas sen licenza, posto que o obxectivo da lei é a protección dos cidadáns ante riscos para a súa integridade ou para os seus bens derivados de incendios forestais; e este obxectivo en principio resulta xeral, á marxe de condicións formais, como sinala a propia lei, aínda que diferenciando condicións para uns casos e para outros; a mesma lei sinala non que se prescinde dese tipo de vivendas á hora de aplicar as condicións de seguridade, senón que *para as restantes edificacións se desenvolverán regulamentariamente os criterios de xestión de biomasa aplicables.*

Finalmente a CMR xustifica a súa actuación aludindo á situación de *desorganización do territorio pola escasa disciplina urbanística, da que son responsables as administracións competentes e tamén os promotores particulares que en moitos casos deliberadamente infrinxiron a normativa urbanística en vigor, e á imposibilidade material de lograr unha protección de todas as vivendas illadas que salpican o territorio galego*. Non obstante, remite as condicións de protección destas vivendas á aprobación dos *plans de prevención de distrito*, entendendo que a exclusión inicial non era máis que unha priorización de labores, dando preferencia ás edificacións con licenza inicial, para despois

establecer as condicións das outras casas, sen licenza inicial, pero legalizadas pola vía do previsto na Lei 9/2002 ou con prescrición da acción de reposición.

En calquera caso, non parece o máis adecuado, despois de 2 anos de trámite, alegar que agora se coñece unha circunstancia que impide a aplicación das medidas de seguridade reguladas desde hai tempo e aceptadas pola propia administración; ou aludir a esa circunstancia, da que a interesada non resulta responsable, posto que non foi promotora da construción, con respecto á cal prescribiron as accións a disposición da propia administración (polo menos non nega estas circunstancias, expresadas pola interesada); que ademais se faga alusión ao disposto nunha lei do 2007, cando as reclamacións da interesada e a queixa eran moi anteriores; e que en último termo non se mencionen as condicións de seguridade fronte a incendios que se entenden necesarias neste tipo de situacións, a pesar de que tales condicións deberan ser establecidas pola administración, segundo a propia lei.

Finalmente a interesada manifestou que *"coincidindo coa época do seu escrito se limparon os terreos ao carón da nosa finca, descoñecendo se o fixeron os propietarios ou a administración"*.

1.3.3.14 Os problemas de contaminación atmosférica

Debido á contaminación producida nos arredores da central térmica de Meirama, en Cerceda, unha asociación de veciños do lugar sinala que con frecuencia sofren a caída de po negro de carbón procedente das instalacións (Q/636 e 670/07), o que ocasiona importantes perdas económicas e sobre todo deterioración da súa saúde. A central provoca esas molestias desde hai 30 anos, pero agora se ven agravadas. Promoveron numerosas denuncias, pero a situación mantense. Como resposta ao noso requirimento a CII sinalou unha serie de medidas correctoras que xa foron formalmente esixidas, aínda que non se aclaraba a súa aplicación e eficacia; a propia consellería sinalou que sería necesario medir *a emisión de po e ruído para comprobar a eficacia.* Entre tanto algún diario informou de que a Xunta instara á entidade propietaria a que comprase as casa da zona, ao chegar á conclusión de que as molestias provocadas polo carbón de Meirama son inevitables.

A última información dada pola administración unicamente fai mención ao outorgamento da nova AAI para a central térmica e ás condicións impostas nela, pero non responde aos concretos motivos da queixa, fundamentalmente á solución dos prexuízos e molestias individuais polo po e os ruídos emanados da central. Non sinala que a aplicación das condicións da AAI vaian evitar eses prexuízos, confirmados pola propia administración (*as denuncias son certas*), e que os afectados non teñen a obrigación de soportar. Fundamentalmente debería aclararse se os mecanismos de descarga e almacenamento da empresa evitarán en todo caso os prexuízos e molestias aos residentes. Tampouco se aclara un episodio de emisión de cinsas. A empresa atribuía tal cousa a circunstancias temporais, *que cesarán coa limpeza da cheminea*. Sen embargo, trátase de coñecer a posición da administración sobre o operativo de limpeza ou calquera outra circunstancia dos episodios denunciados, posto que o feito de que fosen circunstanciais non significa que se axustasen á legalidade e que non causasen prexuízos e molestias. Polo que se refire aos ruídos, seguen sen coñecerse os niveis de ruído transmitido ás vivendas dos afectados e a incidencia da actividade da empresa na cuestión. Tal cousa só a pode realizar a propia administración coas visitas que fosen precisas en función das denuncias dos afectados. Este labor é diferente á comprobación programada e realizada por unha empresa acreditada. O concello sinalou ao respecto que solicitara da CMADS a súa colaboración para determinar o alcance do problema dos ruídos. Por todo iso requirimos aclaración sobre estes aspectos, subliñando que poden verse afectados dereitos fundamentais (art. 18. 1 e 2 da Constitución); a CII non respondeu desde hai tempo, polo que se lle advertiu a posible declaración de hostilidade e entorpecemento (art. 22.2 da lei).

1.3.3.15 Algúns problemas de salubridade

Na queixa Q/801/2004 o problema eran as molestias producidas por unhas canceiras e paxareiras ao lado dun domicilio de Redondela. Construírase un muro no que se apoiou un recinto para animais con buracos polos que saen augas sucias. Todo o sinalado causa molestias, polo que se formulou denuncia, sen solución. Logo da súa comprobación, recomendamos ao concello que iniciase un expediente de protección da legalidade urbanística no que se coñecesen as circunstancias nas que se executaron as gaiolas, e, en caso de ser legalmente imposible (por prescrición), que se revisase, corrixise

ou impedise o seu uso, de tal forma que se descarte toda posible afección aos veciños; e que se comprobase que xa non se verte detrás do muro, e se requira e vixíe adecuadamente que o espazo se manteña en boas condicións de salubridade e ornato (véxase a resolución n.º 16 da área de medio ambiente do Informe do 2007). O concello non aclarou a efectividade dada á resolución, polo que nos vimos forzados insistir reclamándoa. Fundamentalmente se reclamaba que se aclarase se, á vista de que o propio concello recoñecía que non podía actuar no plano urbanístico, por ter prescrito a acción neste ámbito, circunstancia de responsabilidade municipal, polo menos se corrixiría e impediría o uso das gaiolas debido ás circunstancias amplamente mencionadas na recomendación, de tal maneira que se descartase toda afección aos veciños, que non teñen a obrigación de soportar as molestias obxecto das queixas. É de subliñar, como se fixo na recomendación, que o seu titular as afastou o máis posible da súa vivenda para abeiralas á do veciño que reclama. Incluso nos puxemos en contacto directo co concello para expoñer persoalmente o recomendado. Finalmente o concello sinalou que realizaría unha visita de inspección para comprobar o bo estado das instalacións, co que vén a insistir na súa posición inicial, é dicir, que estas poden funcionar e que non ten forma de evitalo, e o máximo que pode facer é comprobar a súa limpeza. Diso deducimos que o ente local definitivamente non acepta a recomendación e protagonizou un caso de mala administración. Efectivamente, desde que se coñece o caso insístese en que a responsabilidade de que se fixese a obra de forma ilegal é do propio concello, circunstancia que el mesmo recoñece, pero engadindo que agora non pode repoñer a legalidade no plano urbanístico porque prescribiu a acción. Non obstante, o maior prexuízo que causa a obra non é tanto o meramente construtivo e si o uso que se lle dá á instalación, pegada á casa veciña. Este uso pode ser evitado en uso das habilitacións municipais en materia medio ambiental, sanitaria ou doutro tipo, pero o concello entende que non, sinalando que a única posibilidade é intervir esixindo licenza de actividade, posibilidade que nega por non tratarse de actividades lucrativas. Sen embargo, é un lugar común recoñecer que o réxime legal das actividades molestas ou das aperturas se aplica non só ás que ten fin de lucro, senón a todas. Con esta conclusión municipal amplíase gravemente o prexuízo ocasionado polo propio concello ao non perseguir a construción ilegal, ao que agora se une a consolidación dun uso claramente molesto e practicamente pegado á vivenda do reclamante, consentido polo concello. Polo anterior realizamos o

correspondente comentario crítico, en aplicación do art. 33.2 da Lei do Valedor do Pobo, ao considerarse que era posible unha solución positiva e esta non se deu.

1.3.3.16 Outros problemas medioambientais

Na queixa Q/418/07 coñecemos que no 2003 o Concello de Miño aprobou o Plan Parcial do Sector Residencial-Deportivo de Perbes, pero no 2006 a CPTOPT entendeu como ilegais as licenzas outorgadas. A pesar diso o concello concedeu as licenzas de primeira ocupación. Non comezaron as obras da depuradora e a rede de sumidoiros das vivendas foi conectada á existente na parroquia de San Xoán de Vilanova, que vai descargar á praia de Perbes.

Despois da investigación concluímos, respecto do Concello de Miño, que concedera as licenzas de primeira ocupación antes de encontrarse completas as infraestruturas propias da urbanización, xustificándoo pola *obrigación simultánea de urbanización, a* recepción parcial desta e a garantía da *execución das obras de conexión do sector coa AP-9* mediante un aval. Sen embargo, a CPTOPT sinalara que o alcalde manifestou que todas as licenzas outorgadas no sector *"se concederon condicionadas non só ao simultáneo cumprimento da obrigación de urbanizar, senón tamén á coordinación da urbanización do ámbito coas obras de enlace coa AP-9, cuestión que será obxecto de fiscalización polo concello con ocasión das licenzas de primeira ocupación"*. As obras de urbanización non só se referían á conexión coa AP-9, senón tamén, "*á conexión coa rede xeral de abastecemento de auga e ás actuacións necesarias para atender as novas demandas, entre elas, a ampliación da estación de tratamento de auga potable de Sombreo e a ampliación do depósito regulador de San Xoán de Vilanova; e a conexión coa rede xeral de saneamento e a construción da nova estación depuradora de augas residuais en Ponte Baxoi"*. Con respecto a estas cuestións só se coñecía que a depuradora prevista se encontraba en construción, co que se confirmaba que non estaba feita.

Polo que se refire á actuación da CPTOPT, requiríramos aclaración sobre as causas polas que non iniciara actuacións debido ás irregularidades mencionadas por ela mesma. Respondeu que *"é responsabilidade exclusiva do Concello de Miño e da empresa*

concesionaria... Tamén é responsabilidade do Concello de Miño adoptar as medidas necesarias para que non se ocupen as edificacións antes de que as obras de urbanización... estean completamente terminadas e os terreos adquirisen a condición de soares...”. A Consellería, a pesar de afirmar claramente que as licenzas de edificación outorgadas son contrarias ao ordenamento urbanístico e que é *responsabilidade do Concello de Miño adoptar as medidas necesarias para que non se ocupen as edificacións antes de que as obras de urbanización... estean completamente terminadas e os terreos adquirisen a condición de soares, sen* embargo non realizou nin anunciou ningunha medida de intervención en defensa da legalidade á que alude, a pesar de que as medidas se encontran perfectamente habilitadas e incluso resultan preceptivas para os supostos previstos no artigo 215 da Lei 9/2002, de OUPMR de Galicia, que establece os supostos de feito nos que a consellería competente en materia de urbanismo e ordenación do territorio exercerá a función de subrogación dos concellos. Por tanto, a intervención da administración autonómica é perfectamente posible e aínda que precisa para os supostos previstos no precepto citado, polo que, tendo en conta os seus propios presupostos, non parece adecuado que a CPTOPT unicamente considere o asunto como estritamente municipal, sen aclarar a súa actuación ao respecto; só podería xustificarse a falta de actuación pola cualificación do feito como infracción leve, o que non se menciona.

1.3.4 QUEIXAS NON ADMITIDAS A TRÁMITE

Nesta epígrafe recóllense as queixas que non foron admitidas a trámite por non reunir os requisitos formais establecidos no artigo 18 da Lei do Valedor do Pobo, ou por concorrer calquera das circunstancias enumeradas nos artigos 20 e 21 do mesmo texto legal. As circunstancias que motivan con maior frecuencia a non admisión a trámite son o coñecemento xudicial presente ou pasado da queixa; a non reclamación previa á administración competente; a ausencia de indicios de actuación irregular da administración; e a natureza xurídico-privada do problema. En calquera caso, sempre se comunica a non admisión da queixa e se especifica o motivo concreto de esa decisión, informando ao interesado do máis oportuno na defensa dos seus dereitos ou intereses lexítimos, se observamos a existencia dunha actuación alternativa que poida promoverse.

Na maioría das ocasións a non admisión a trámite produciuse pola ausencia de intervención previa da administración competente. Así sucedeu, por exemplo, nas queixas Q/38, 1096, 1739 ou 1772/08. Por non constar irregularidade na actuación da administración vímonos obrigados a non admitir as queixas Q/121 ou 761/08. Por se trataren de asuntos que se estaban coñecendo en sede xudicial non admitimos a queixa Q/1991/08, e por tratarse dun asunto xurídico privado, a Q/732/08.

1.3.5 QUEIXAS REMITIDAS AO DEFENSOR DEL PUEBLO

O Defensor del Pueblo é a única institución habilitada para a supervisión da actuación da Administración Xeral do Estado (artigo 54 CE). Por iso, cando recibimos algunha queixa relativa a esa administración, remitímola ao Defensor del Pueblo, dando efectividade desta maneira aos principios de colaboración e coordinación establecidos na Lei 36/1985, do 6 de novembro, pola que se regulan as relacións entre a institución do Defensor del Pueblo e as figuras similares nas distintas comunidades autónomas. Este ano remitimos ao Defensor del Pueblo tres queixas, a Q/344/08, polo impacto ambiental do peirao exterior de Ferrol, as Q/991/08 e a Q/1347/08, polo suposto incumprimento de normativa ambiental no Parque Nacional das Illas Atlánticas.

1.3.6 RESOLUCIÓNS DO VALEDOR DO POBO EN MATERIA DE MEDIO AMBIENTE

1.- Recomendación dirixida ao Alcalde de Ribeira o 21 de xaneiro de 2008 debido ao outorgamento de licenza de obra antes da licenza de actividade e á apertura da industria sen licenza de funcionamento (Q/2059/2007)

Nesta institución iniciouse expediente de queixa como consecuencia do escrito de D. A.A.G.G., presidente da asociación de veciños *Cruceiro de Bandourrío*, referente ao outorgamento da licenza de obra dun establecemento industrial con carácter previo á resolución da licenza de actividade, e á apertura da industria sen licenza de funcionamento.

No seu escrito, esencialmente, indícanos que recentemente a empresa *C., S.L.* solicitou licenza de apertura para un almacén de materiais mariños no polígono de Xarás, en Ribeira. Sen embargo, a licenza de obra fora outorgada o 12.1.06. A nave leva terminada varios meses, o que indicaría que non se cumpriu o previsto no art. 22.3 do RSCL, e que posiblemente funciona sen licenza.

Ante iso solicitamos información a ese concello, que recentemente nola remitiu. Nela sinálase o seguinte:

"(...) Do Valedor do Pobo, solicitando informe en relación coa queixa formulada ante esa institución por D. A.A.G.G., en representación da AA.VV. Cruceiro de Bandourrío, en relación coa licenza solicitada pola empresa C., S.L. para a apertura dun almacén de materiais mariños. (Expte. Nº Q/2059/2007).

A Xunta de Goberno Local, visto o escrito de referencia de data 30/11/2007 (Rexistro de entrada nº 26.803), por unanimidade, acorda informar á institución do Valedor do Pobo que para non causar prexuízos nin atrasos aos interesados se lles concede a licenza de obra, pero sempre condicionada á previa e preceptiva obtención da correspondente licenza de apertura."

Da información transcrita dedúcese que o concello confirma as circunstancias que son obxecto da queixa, isto é, que a licenza urbanística se outorgou antes da conclusión do expediente para conceder, de ser o caso, a de actividade ou de RAMINP. Ademais, parece engadir que tal cousa resulta a práctica xeral ou ordinaria, e pretende xustificala sinalando que o fai *"para non causar prexuízos nin atrasos aos interesados"*, engadindo que *"sempre condicionada á previa e preceptiva obtención da correspondente licenza de apertura"*.

Pola súa banda, respecto do funcionamento actual da empresa, é dicir, sen licenza de actividade e funcionamento, o concello non sinala nada, a pesar de que tal cuestión se incluía expresamente na nosa solicitude de informe.

Así, a instalación conta con licenza urbanística ou de obra, a pesar diso non ten a de actividade. Esta forma de proceder, é dicir, a concesión da licenza urbanística e a tramitación posterior da de actividade, resulta claramente inadecuada, posto que contradí o disposto no artigo 22.3 do RSCL, que preceptúa que *"cando, conforme o proxecto presentado, a edificación dun inmoble se destinase especificamente a establecemento de características determinadas, non se concederá o permiso de obras sen o outorgamento da licenza de apertura se fose procedente"*. Nese mesmo senso o artigo 196.2 da Lei 9/2002, de ordenación urbanística e protección do medio rural de Galicia, indica que *"os supostos que esixan licenza de actividade clasificada ou de apertura e, ademais, licenza urbanística serán obxecto dunha soa resolución, sen prexuízo da formación e tramitación simultánea de pezas separadas para cada intervención administrativa. A proposta de resolución da solicitude de licenza de actividade clasificada ou de apertura terá prioridade sobre a correspondente a licenza urbanística. Procederase denegar a primeira, así se notificará ao interesado e non será necesario resolver sobre a segunda. En cambio, se procedese outorgar a licenza de actividade clasificada ou de apertura, o órgano municipal competente pasará a resolver sobre a licenza urbanística, notificándose o pertinente en forma unitaria ao interesado"*.

Estas disposicións teñen a súa causa na lóxica elemental, posto que só se pode conceder licenza de obra para unha instalación determinada se ao tempo se avaliou

positivamente o seu funcionamento, única causa da obra. Tamén se pretende evitar posibles responsabilidades municipais para o caso de que, despois de concedida a licenza de obra, sen embargo considérase improcedente conceder a de actividade, onde é preciso manexar outros datos e criterios. Ademais, existe outra razón: se o concello xa coñeceu a licenza de obra, posteriormente se verá condicionado indebidamente á hora de coñecer o expediente de actividade e funcionamento, posto que saberá que en caso de resolución negativa podería verse exposto a responsabilidade. E, sen embargo, o coñecemento de todos os elementos para decidir sobre a actividade non os terá ata tanto rematen os trámites previstos no RAMINP (información pública aos veciños inmediatos, alegacións destes e do público en xeral, cualificación e informe do órgano ambiental ...), polo que a decisión debería adoptarse só á vista deles.

Efectivamente, cando a solicitude da licenza de obra precisa que esta se vai dedicar a unha determinada actividade, como é este caso, se non se tramita a licenza para esta última antes ou simultaneamente á de obra, o outorgamento desta *"sen a de apertura integra un funcionamento anormal da Administración que pode xerar unha responsabilidade patrimonial"* (STS do 18-6-1900). Tamén a STS do 21-9-1963 afirmou a responsabilidade cando *"se outorga licenza municipal para unha construción que ía destinarse a fábrica ... e logo non se concede a apertura do establecemento por consideralo contrario ao turismo, e que ha de indemnizarse ao propietario dos danos e prexuízos causados coa negación da licenza cando non se debeu conceder para a construción segundo establece o artigo 22 do RSCL"*. A licenza de obra non vincula á de actividade (STS do 6-2-1980), e *"é perfectamente factible a impugnación da posterior de apertura"* (STS do 22-3-1980). E incorre nun *"erro manifesto aquel que crea que unha licenza de obras pode vincular para o outorgamento dunha licenza de apertura de industria"* (STS do 27-6-1979).

Non parece sosterse a mención municipal de que se pretende beneficiar o promotor evitando atrasos, aínda que condicionado isto *"á previa e preceptiva obtención da correspondente licenza de apertura"*. Segundo o tramite do RAMINP, a licenza de actividade (o que algúns concellos chaman de maneira confusa *licenza provisional*) outórgase despois do procedemento correspondente, cando no seu caso se aproba o

proxecto e se establecen as medidas correctoras que se consideren; é entón cando se define a obra e pode empezar a executarse, e non antes, polo que o promotor non gana nada de tempo polo *adianto* da licenza de obra. A salvidade mencionada polo concello (condicionar a apertura á correspondente licenza) só pode referirse a un tramite posterior do RAMINP, o regulado polo artigo 34, que impide o funcionamento da actividade ata a comprobación de que a obra se axusta ao autorizado; e se a salvidade se referise á mal chamada *licenza provisional*, entón, como dixemos, a argumentación municipal (evitar *atrasos aos interesados)* non tería sentido.

Así pois, o ente local actuou do xeito irregular que tratamos, e ao parecer faino con carácter xeral. Quen reclama por esta forma de actuar, co fin de que fose corrixida, está a demandar a preservación dun interese especialmente protexido na Constitución española, que ampara o dereito a gozar dun medio ambiente adecuado e á protección e mellora da calidade de vida (art. 45.1 e 2 CE). Como consecuencia do anterior, os poderes públicos, e entre eles as administracións locais, teñen a obrigación principal de protexer os dereitos mencionados, segundo o establecido no artigo 53 do texto fundamental.

Por todo o sinalado ata agora considerase necesario, en aplicación do disposto no artigo 32.1 da Lei 6/1984, do 5 de xuño, do Valedor do Pobo, facer chegar a ese Concello de Ribeira a seguinte **recomendación:**

"Que con carácter xeral cando se soliciten licenzas de obra que á vez requiran licenza de actividade e funcionamento, se respecte o previsto na lexislación vixente e por iso se coñezan os expedientes de xeito simultáneo, de tal maneira que en ningún caso se poida conceder unha licenza de obra que non vaia acompañada pola de actividade, no seu caso.

E que no suposto concreto obxecto da queixa se examine a procedencia de conceder ou denegar a licenza de actividade pendente de resolver sen que o concello se vexa condicionado pola eventual responsabilidade que no seu caso lle podería ser reclamada."

Resposta do Concello de Ribeira: recomendación non aceptada .

2.- Recomendación dirixida á Consellería de Medio Rural e ao Concello de Gondomar o 29 de xaneiro de 2008 debido á continuación do perigo de incendio nunha vivenda (Q/1264/2006)

Nesta institución iniciouse expediente de queixa como consecuencia do escrito de Dª M.A.E.G. debido aos incendios que sufriron o ano pasado ela e a súa familia ao carón da súa vivenda, situada na rúa da Estrada de Gondomar, e pola continuación do perigo.

Efectivamente, indicounos que despois da vaga de incendios e, en concreto do que sufriron alí, o problema continúa no 2007, posto que non se limpou a zona ao carón do solo urbano da súa vivenda e polo tanto non se deu acción de ningún tipo para evitar que se repita o incendio do 2006, que eles mesmos evitaron que fose a máis e afectase a súa vivenda e a súa seguridade. Ao respecto a Consellería de Medio Rural (o propio conselleiro) respondeu, xa o 21/09/06, que existen as obrigas sinaladas no artigo 21 do Decreto 105/2006, e que no seu caso *"existe a posibilidade da execución subsidiariamente por parte dos respectivos concellos ou da propia Xunta de Galicia"*, de acordo co previsto no artigo 23 dese Decreto (rexistro de saída n.º 227 da citada data). Sen embargo, aínda non se concretou nada, a pesar das súas reiteradas reclamacións e das comprobacións ao respecto feitas polo servizo de incendios desa Consellería e pola policía local de Gondomar. En concreto, ao Concello de Gondomar enviou ata 4 escritos de denuncia ou reclamación nos últimos tempos. En resumo, achegábase a temporada crítica e a situación de perigo seguía a ser a mesma que a que dera lugar ao grave suceso que padeceron no 2006.

Ante iso solicitamos información ao Concello de Gondomar e á Consellería de Medio Rural, que enviou o *"informe ao respecto do Servizo de Prevención e Defensa contra Incendios Forestais da Delegación Provincial desta Consellaría en Pontevedra. Así mesmo, xúntase Protocolo do Decreto 105/2006, que se elaborou desde a Secretaría Xeral"*. Desa información deduciuse que a reclamación xa ten un tempo considerable e que o 28 de abril finalmente se levantou a correspondente acta confirmando a situación de perigo e a falta de actuación. Entón procedíase a pescuda da identidade dos propietarios

dos terreos para que poidan ser requiridos para cumprir os seus deberes, de acordo co previsto no Decreto 105/2006. Ademais, o protocolo para técnicos e axentes para a aplicación do estipulado no Decreto 105/2006 confirmaba o sinalado na comunicación do conselleiro citada pola interesada, é dicir, que en caso de non cumprimento do previsto polos afectados e non intervención do Concello no prazo establecido sería preciso que interviñera a Consellería, tanto para iniciar o expediente sancionador como para proceder á execución subsidiaria.

Posteriormente a mesma Consellería sinalou ao respecto o seguinte: *"En relación á queixa formulada por D.ª M.A.E.G. (expediente Q/1264/2006), infórmolle do seguinte: O artigo 23.2 do Decreto 105/2006 dispón que: "A consellería competente en materia forestal e os concellos, no ámbito das súas respectivas competencias, ordenarán a execución dos traballos preventivos das faixas de especiais protección", no caso de incumprimento das obrigas reguladas no artigo 25.1 do presente decreto, indicando o prazo de realización que en ningún caso superará os 30 días naturais.*

De acordo co anterior, cómpre lembrar o previsto nos artigos 9 e 199 da Lei 9/2002, do 30 de decembro, de ordenación urbanística e protección do medio rural de Galiza, que regula tanto a obriga dos propietarios das terras, como facultades do concello de cara á execución de traballo de prevención de incendios forestais. Así no artigo 199.2 atribúese aos concellos a competencia para ordenaren, de oficio ou por instancia de calquera interesado, a execución das obras necesarias para conservar as condicións precisas que eviten os incendios, en consonancia co previsto no artigo 9.4, e no caso de incumprimento a administración municipal procederá á execución subsidiaria ou á execución forzosa. Xa que logo, no caso de terreos como os da queixa referenciada, o requirimento de execución de traballos preventivos nas faixas de especial protección que se atopen a 25 metros ao redor de calquera edificación corresponde ao respectivo concello, e á Consellería do Medio Rural procede en primeiro termo a apercibir ao interesado, e no caso de non atender o apercibimento, pode iniciar o expediente sancionador.

Neste momento o citado expediente, logo de realizar a preceptiva acta, atópase pendente do inicio de incoación de expediente sancionador, logo de que se determine a identidade do propietario ou propietarios, ademais de serlle enviado ao concello a correspondente comunicación, para o exercicio da execución subsidiaria de acordo coas competencias anteditas."

Á vista do anterior requirimos información complementaria á Consellería de Medio Rural, especificando en que puntos poderían existir aspectos sen aclarar, e ademais, de novo nos diriximos ao Concello de Gondomar, que non facilitara a información demandada. Entre tanto a interesada seguiu enviando numerosos escritos e documentación na que achegaba fotos acreditativas da situación e subliñaba que despois dun ano dende o incendio do 2006, as administracións responsables, tanto a Xunta como o Concello de Gondomar, *"na práctica inhibíronse. Pese as múltiples xestións realizadas non resolveron o tema da prevención de novos incendios, atopándose o bosque rural lindeiro á nosa propiedade urbana en estado de abandono e total perigosidade"*. Engadiu que no Concello lle din que non teñen tempo para ocuparse dese asunto, e na Consellería, que farán outra inspección. As respectivas respostas foron as seguintes:

- Consellería de Medio Rural:

"Achégolle informe do xefe do servizo de Prevención e Defensa contra Incendios Forestais en relación ao expediente: Q/1264/2006 sobre a queixa presentada por D.ª M.A.E.G. do Concello de Gondomar."

- Concello de Gondomar:

"Visto o seu requirimento de data 13.08.07, teño a ben remitirlle informe da técnica da Admón. Xeral deste Concello cos efectos oportunos".

Da información achegada dedúcese que o labor de ambas as dúas se centra en coñecer a titularidade das terras por limpar. Sen embargo, esta tarefa realízase dende hai moito tempo, dende que se promoveron as denuncias; algunhas propiedades aclaráronse e outras non, pero o certo é que debe concluírse que se atopa moi demorada a adopción das

medidas de fondo. Precisamente por este motivo pola nosa banda insistimos ante ambas as dúas administracións para que, no caso de que sigan a descoñecerse as titularidades, ou se observase que son os titulares os que demoran os labores de limpeza previamente requiridos, entón sexan elas as que leven a cabo os labores pendentes, sen prexuízo de repercutilos posteriormente en quen corresponda, así como da incoación dos correspondentes expedientes sancionadores. Nesta orde, en principio debera ser o concello quen realizase tal labor, pero no caso de comprobarse que non se fai tal cousa polo ente local, entón debera ser a consellería.

Por iso, de novo nos diriximos ao Concello de Gondomar e á Consellería de Medio Rural co fin de transmitirlles o anterior criterio, e para solicitar aclaración sobre as medidas para procurar resolver definitivamente o problema que se aprecia dende hai moito tempo. A resposta foi a seguinte:

- Consellería do Medio Rural:

"A comunicación recibida en data 10 de outubro de 2007 no expediente Q/1264/2006 insiste, no que atinxe á execución subsidiaria de traballos preventivos, en que "en principio debera ser o concello quen realizara tal labor, pero no caso de comprobarse que non se fai tal cousa polo ente local, entón debera ser a consellaría"

Desde a Consellaría insistimos en que esa competencia, ao estar a referirse neste caso a terreos situados en faixas de especial protección segundo o Decreto 105/2006, ou ben nas redes secundarias de xestión de biomasa a que se refire o artigo 21.1,b) da Lei 3/2007, do 9 de abril, de prevención e defensa contra os incendios forestais de Galiza é exclusiva das entidades locais.

Dese xeito no caso de aplicarse o devandito decreto, no seu artigo 23.2 dispón que: A consellaría competente en materia forestal e os concellos, no ámbito das súas respectivas competencias, ordenarán a execución dos traballos preventivos das faixas de especial protección no caso de incumprimento das obrigas reguladas no artigo 25.1° do presente decreto, indicando o prazo de realización que en ningún caso superará os 30 días naturais"

Da interpretación sistemática do disposto no Decreto 105/2006 derívase que:

Corresponde á Consellaría do Medio Rural requirir e ordenar a execución dos traballos preventivos, nos seguintes casos:

Nas parcelas que se atopen, fóra do monte, a unha distancia inferior a 25 metros do seu perímetro.

Na totalidade dos terreos forestais, rasos ou arborizados, que se sitúen, dentro do monte, a distancia inferior a 10 metros do seu perímetro.

Corresponde ao respectivo concello requirir e ordenar a execución dos traballos preventivos nas faixas que se atopen a 25 metros arredor de calquera edificación, urbanización, obras, instalacións industriais, eléctricas ou infraestruturas de transporte, situadas a menos de 400 metros do monte. Porén, cando a Consellaría do Medio Rural reciba unha denuncia afectante a estas faixas, procederá igualmente a levantar acta de inspección co obxecto de constatar os feitos, na que se lle apercibirá das consecuencias que lle ocasionaría o incumprimento das súas obrigas como propietario.

Para poder entender a forma de facer efectiva a execución dos traballos de prevención e defensa nas faixas de especial protección, cómpre lembrar, así mesmo o previsto nos artigos 9 e 199 da Lei 9/2002, do 30 de decembro, de ordenación urbanística e protección do medio rural de Galiza, que regula tanto obrigas dos propietarios das terras, como facultades do concello de cara á execución dos traballos de prevención:

Artigo 9.4: "Os propietarios de terras conservarán e manterán o solo natural e se é o caso a masa vexetal nas condicións precisas que eviten a erosión e os incendios, impedindo a contaminación da terra, o aire e a auga".

Artigo 199.1: 'Os propietarios de toda clase de terreos, urbanización de iniciativa particular, edificacións e carteis deberán mantelos nas condicións establecidas no artigo 9 desta lei.

Artigo 199.2: "Os concellos ordenarán, de oficio ou por instancia de calquera interesado, mediante o corresponderte expediente e logo da audiencia dos interesados, a execución das obras necesarias para conservar aquelas condicións, con indicación do prazo de realización. Cando a entidade das obras o requira, o concello esixiralle ao obrigado a solicitude de licenza acompañada do proxecto técnico correspondente.

Artigo 199.4: `No caso de incumprimento da orde de execución de obras, a administración municipal procederá á execución subsidiaria de/a ou á execución forzosa mediante a imposición de multas coercitivas de 300 a 6000 euros, reiterábeis ata lograr a execución das obras ordenadas".

Por outra banda, de ser aplicábel a Lei 3/2007, do 9 de abril, nesta atribúese no artigo 7.d) a competencia das entidades locais para a ordenación da execución das obras necesarias para conservar e manter o solo da biomasa vexetal nas condicións precisas que eviten os incendios, nos termos dos artigos 22 e 23 da dita lei. Neste senso o artigo 22.2 establece que no caso de incumprimento na xestión da biomasa, os entes locais no caso da alínea 1.b) do artigo 21 (faixas de 100 metros arredor de calquera núcleo poboacional, edificacións, urbanización, depósito de lixo, cámpings, instalacións recreativas, obras, parques e instalacións industriais, situadas a menos de 400 metros do monte) "poderán notificar de oficio ou a instancia de parte ás persoas responsábeis a súa obriga de xestión da biomasa vexetal, advertíndoas da posibilidade de execución subsidiaria no caso de incumprimento e sen prexuízo da instrución do procedemento sancionador que corresponda".

Xa que logo, entendemos que a execución directa das medidas para garantir a execución da limpeza na zona afectada lle compete ao concello, sen que en ningunha norma se atribúa que de non exercela por este sexa a consellaría quen ten que realizar esas funcións nos terreos lindeiros cos núcleos de poboación sen prexuízo da potestade sancionadora que se está a exercer en todos os casos nos que se formulan denuncias.

No que atinxe ao expediente concreto, reiteramos todas as fases seguidas pola Consellaría. Con data 22 de xaneiro de 2007 recibiuse neste servizo escrito da

Subdirección Xeral de Defensa Contra Incendios Forestais con copia da reclamación presentada por D. M.S. e M.A.E.G. perante o Concello de Gondomar, para a nosa información. Con data 25 de xaneiro de 2007 desde este servizo se remitiu copia da reclamación ao distrito XVIII para que se levantase acta de inspección. Con data 28 de abril de 2007 efectúase a devandita acta (lembramos que desde o distrito respectando os principios da Lei 30/92, que regula o procedemento administrativo, as actas se levantan por rigorosa orde de chegada ao distrito), o resultado dela é o seguinte: que ao arredor dunha vivenda en zona urbana de Gondomar se encontran situadas tres leiras con masa forestal: a situada ao SO da vivenda está limpa, a situada ao NE ten unha importante carga de combustíbel vexetal e a terceira ten gran cantidade de maleza, vulnerando claramente o artigo 21 do Decreto 105/2006. Que se procedeu a investigar a identidade dos propietarios dos terreos que efectivamente incumpren a lexislación vixente, para que poidan ser requiridos conforme o protocolo establecido para a aplicación do Decreto 105/2006:

- O 25 de xuño de 2007 a Sra. E.G. manda un fax coa información dos nomes dos lindeiros, proporcionado polo Concello de Gondomar: M.C.G. e B.A.A.

- O 27 de xuño de 2007 o distrito forestal XVIII facilita os datos identificativos das parcelas a través do sixpac: 36:21:0:90:88 e 36:21:0:90:86,

- O 28 de xuño de 2007 o xefe do servizo de prevención e defensa contra incendios forestais consulta a certificación do ben inmoble na oficina virtual do catastro: a parcela 36:21:0:90:86 é rústica e a titularidade catastral está a nome de M.C.G. (lg. Pousada Mañufe. 36380 Gondomar); a outra parcela, con referencia catastral 9709802NG1690N0001LO, é urbana e a titularidade catastral está nome de Herederos de B.A.A. (bo. Estrada. 36380 Gondomar).

- O 4 de xullo de 2007 a Sra. E.G. manda un fax coa certificación catastral da súa parcela (ben inmoble de natureza urbana) cun anexo coa relación das parcelas lindeiras (M.C.G. e B.A.A.).

- Con data 5 de xullo de 2007 envíanse cartas (certificadas con aviso de recibimento) sobre denuncia por incumprimento do Decreto 105/2006 a: o Concello de Gondomar (recibida o 12/07/07), a reclamante M.A.E.G. (recibida o 12/07/07), aos reclamados B.A.A. (devolta) e M.C.G. (devolta); as cartas devoltas envíanse ao delegado provincial do Medio Rural o 5/09/07 xa que por parte deste servizo se entendese que xa se cumpriu coa parte establecida no protocolo interno, debendo ser retomada por outro servizo na procura de esclarecer a identidade dos propietarios mediante edictos, segundo o informe emitido pola xefa do servizo xurídico de Santiago.

- Con data 15 de xullo de 2007, a técnica do SPDCIF Carmen Quiñones Estevez envía un correo electrónico ao Rexistro da Propiedade solicitándolle información sobre a parcela 86 do polígono 90 do Concello de Gondomar, por ter noticias de que M.C.G. vendeu a outras dúas persoas; non obtivo resposta.

- Con data 27 de xullo de 2007 M.A.E.G. manda un fax no que manifesta que a parcela que figura "no catastro a nome de Don M.C.G. pertence ademais á Sra. M.C.V., PERTENCE Á SRA. C." que vive a 5 km de aí en Donas, pola estrada de arriba e outra parte pertence a unha señora de Vigo" coas copias da notificación da alcaldía de Gondomar a M.F.A. (filla de B.A.A. e que edificou a súa casa na parcela 88, segundo a reclamante) e a J.C.V. para o mantemento das condicións de seguridade, salubridade, ornato e habitabilidade.

- Con data 3 de agosto de 2007 mandouse carta (certificada con aviso de recibimento) sobre denuncia por incumprimento do Decreto 105/2006 a M.L.M.F. (recibida o 07/08/07), posible lindeira.

- Con data 22 de agosto de 2007 se solicita ao distrito forestal XVIII que faga unha nova inspección da parcela e envíe copia da 2ª acta.

- Con data 5 de setembro de 2007, M.A.E. remite un correo electrónico á técnica do SPDCIF Carmen Quiñones con fotos e coa seguinte información:

023 zona que aparentemente puede ser de Doña M.F.A. y Don A.G.S. o de Doña M.L.M.F. lo cierto es que está en estado salvaje. 022 parcela de Doña M.L.M.F. donde se han realizado algunas tareas de limpieza pero se ha dejado en el sitio lo cortado y seco, totalmente apropiado para desencadenar una catástrofe. 021 parcela de Doña M.F. lindando con otra parcela donde `dicen los vecinos que es de una señora de Vigo" que se encuentra en total estado de abandono. 020 la parcela de "la sra. de Vigo" 019 parcela de Doña M.C.V. que es donde se produjo el incendio en agosto de 2006. Limpiaron el sotobosque en el mes de junio 200 Estas fotos corresponden a la zona que limita con el fondo de nuestra vivienda. 037 corresponde al lateral de nuestra casa que limita con la propiedad de Doña B.F.A. y Don A.G.S., sin limpiar con plantas enredadas a nuestra pared, inclusive. Para mayor abundamiento adjunto información gráfica de catastro con apuntes del tema".

Con data de 5 de setembro do 2007 envíase copia do correo enviado por Mª A.E.G. ao distrito forestal XVIII,

Con data 5 de setembro do 2007, recibimos unha carta de M.L.G.F., expoñendo que a súa parcela está limpa de maleza e calquera resto, e se dignen a dispoñer o peche do expediente.

Con data 6 de setembro do 2007, envíase a carta de M.L.G.F. ao distrito forestal XVIII.

Con data 2 de outubro do 2007 o distrito forestal realiza a segunda acta de inspección comprobando o cumprimento dos traballos preventivos e informando o seguinte:

A parcela situada ao SO da propiedade afectada foi limpada recentemente e a vexetación existente non supón ningún perigo de propagación de incendio. Esta parcela que no seu día foi do finado M.C.G., é propiedade na actualidade de D. J.V.C. con enderezo en: Pereiro, na parroquia de Donas do propio concello de Gondomar.

**A que linda con esta polo sur da propiedade afectada, a cal non se coñece os seus propietarios, só que viven en Vigo, sen que se realizasen ningún tipo de traballo de limpeza e polo tanto non cumpriron coas actuacións de prevención de incendio previstas no Decreto 105/2006.*

**A que linda con esta polo sur da propiedade afectada realizou o que marca o Decreto 105/2006 en materia de limpeza, aínda cos restos amontoados que na actualidade están secos non foron eliminados e polo tanto o perigo de propagación de incendio aínda existe, esta parcela é propiedade de M.L.M.F.*

** Por último, a parcela que linda polo SE da propiedade afectada rodeando literalmente á vivenda da propiedade está sen limpar e a vexetación existente invade o tellado e os muros da vivenda polo cal non atendeu ás obrigacións previstas no Decreto 105/2006. Esta última parcela está a nome de B.A.A., aínda quen atende a dita parcela é a súa filla M.F.A. con enderezo en Estrada, Gondomar.*

Á vista da investigación e inspección realizadas, por parte da Consellaría, déronse as instrucións oportunas para iniciar a tramitación do oportuno expediente sancionador por incumprimento das medidas preventivas, do que se dará conta á interesada."

- Concello de Gondomar:

Visto o seu escrito do 19.10.2007, onde interesa información sobre o expediente de referencia e sobre as medidas adoitadas ou previstas para procurar resolver o problema denunciado, teño a ben poñer no seu coñecemento que:

1. O procedemento seguido por esta alcaldía para resolver o problema denunciado é o previsto pola LOUGA, nos seus artigos 9 e 199, arts. 26 e seguintes do Regulamento de disciplina urbanística de Galicia, a Lei 3/2007, do 9 de abril, de prevención e defensa dos incendios forestais en Galicia, o Decreto 105/2006 e a Lei 30/92, do 26 de novembro.

2. Os antecedentes obrantes no expediente son os xa expostos pola técnica de Admón. Xeral deste Concello, co engadido dun informe da inspección municipal do 3.10.07 no que se fai constar que as parcelas se atopan no mesmo estado. Ademais consta nova orde desta alcaldía de data de hoxe mesmo, pola que se lle ordena novamente aos propietarios das ditas parcelas a súa limpeza inmediata. Logo de que se comproben os feitos ordenados, esta alcaldía resolverá o expediente.

3. No caso de que os propietarios, logo de que se resolva a orde de execución, non procedan á limpeza das parcelas, será iniciado o correspondente procedemento de execución forzosa da orde de limpeza mediante a imposición de multas coercitivas. Este procedemento é o que se está a aplicar no resto de expedientes de características similares. No caso de que mediante a execución forzosa mediante multas coercitivas non se consiga dar cumprimento ao ordenado, procederase mediante a conseguinte execución subsidiaria do ordenado."

Da información transcrita dedúcese que a actividade principal das dúas administracións, a municipal e a autonómica, centrouse na comprobación dos feitos, nun primeiro intre, e na pescuda dos diferentes propietarios dos terreos pendentes de limpezas ou intervención preventivas de incendios. Ademais, a Consellería de Medio Rural iniciou expedientes sancionadores e requiriu ao Concello de Gondomar o cumprimento das súas obrigas, en especial a execución subsidiaria das limpas.

A interesada alega que no 2006 sufriu un incendio ás portas da súa casa debido ao mal estado das parcelas lindeiras, estado que volve a ser o mesmo no 2007, e agora, no 2008, tampouco se corrixiu a situación. Reclamou hai moito tempo a comprobación desta circunstancia e a adopción das medidas legalmente previstas. A comprobación demorouse, pero deuse hai tempo, o 28 de abril de 2007, como recoñece a propia consellería. Sen embargo, non se aseguraron as medidas preventivas correspondentes nin polo concello nin pola consellería. Como vimos, os únicos labores realizados son os de pescuda e sanción, o que supón que non se deron os realmente preventivos, os executivos, en especial as execucións subsidiarias dos traballos de limpeza, a pesar do amplísimo tempo transcorrido e de que xa con anterioridade unha situación parecida a que agora se comproba (confirmada pola propia administración) segue a darse. Por iso, dadas as circunstancias, o

que parece mais razoable é considerar necesaria e urxente a execución subsidiaria habilitada polo ordenamento, a aplicar en primeiro termo polo concello, responsable directo da materia, e que, para o caso de que tal medida non se aplicase polo ente local, debera ser aplicada pola Consellería de Medio Rural, realizando os traballos preventivos nas faixas de especial protección que non fixeran os propietarios obrigados ou os concellos, para despois repercutir os custos (artigo 26.b do Decreto 105/2006).

En contra do anterior, a Consellería de Medio Rural interpreta que a cuestión, fundamentalmente a intervención subsidiaria ante a falta de cumprimento da obriga de limpeza dos propietarios, é unha función exclusivamente municipal, aludindo para iso ao previsto na Lei 9/2002, do 30 de decembro, de ordenación urbanística e protección do medio rural de Galicia, que efectivamente sinala o dito no informe da consellería e por tanto atribúe a competencia xeral á administración local, e agora tamén a Lei 3/2007, de prevención e defensa dos incendios forestais de Galicia, que é posterior ás reclamacións da interesada. Á Consellería corresponderíalle, segundo o seu informe, unha función basicamente sancionadora ante incumprimentos, e requirir aos concellos a execución das súas obrigas. Nese aspecto, a Consellería de Medio Rural indicou que se atopaba *"pendente do inicio de incoación de expediente sancionador, logo de que se determine a identidade do propietario ou propietarios"*, e que xa comunicou ao concello a necesidade de *execución subsidiaria.*

Efectivamente, a competencia relativa á materia que tratamos atribúese legalmente aos concellos; o artigo 9.4 da Lei 9/2002 sinala que os propietarios conservarán e manterán o solo natural e a masa vexetal *"nas condicións precisas que eviten a erosión e os incendios..."*; e o 199.2 e *4 atribúe aos concellos ordenar "de oficio ou por instancia de calquera interesado, mediante o corresponderte expediente e logo da audiencia dos interesados, a execución das obras necesarias para conservar aquelas condicións, con indicación do prazo de realización"*, e que *"no caso de incumprimento da orde de execución de obras, a Administración municipal procederá á execución subsidiaria dela ou á execución forzosa mediante a imposición de multas coercitivas de 300 a 6000 euros, reiterábeis ata lograr a execución das obras ordenadas."*

Xa nunha das solicitudes de información complementaria enviada á Consellería de Medio Rural transmitimos que, tal e como sinalara a propia Consellería, o artigo 23.2 do Decreto 105/2006 preceptúa que*"a Consellería competente en materia forestal e os concellos, no ámbito das súas respectivas competencias, ordenarán a execución dos traballos preventivos das faixas de especiais protección"*. O mesmo artigo sinala que a consellería prestará a súa colaboración aos concellos (parágrafo 4º) e, sobre todo, que *"nos casos en que exista un elevado risco de incendio por incumprimento das obrigas reguladas no artigo 25.1 do presente decreto e os concellos non ordenen a execución dos oportunos traballos preventivos, os servizos de prevención e extinción de incendios forestais da Dirección Xeral competente en materia forestal poderán ordenar directamente a execución dos mesmos, comunicándollo ao concello"* (parágrafo 4º *in fine*). Tamén prevé, de acordo co sinalado pola consellería, que *"a Xunta de Galicia velará por que as obrigacións dos propietarios no mantemento dos terreos en adecuado estado se cumpran, instruíndo os oportunos expedientes sancionadores ..."*

Respecto do específico asunto que tratamos, a execución subsidiaria pola consellería en determinados casos, resulta claramente afirmada polo artigo 25.2 *in fine,* que sinala, despois de aludir aos posibles expedientes sancionadores a incoar pola consellería, que no seu caso procederá *"á execución subsidiaria* (das obrigas dos propietarios) *regulada no artigo 23 do presente decreto*". Máis explícito é aínda o artigo 26.b), que sinala que *"a xunta de Galicia, a través da consellería competente en materia de política forestal, asumirá, ademais do previsto nas aliñas 4 e 5 do artigo 23 do presente decreto, os seguintes cometidos: ... Realizar directamente, na medida do posible e acudindo á execución subsidiaria, os traballos preventivos nas faixas de especial protección, que non se fixeran por parte dos propietarios obrigados, ou por parte dos concellos, repercutindo os custos a quen corresponda"*.

O anterior é coherente co propósito do Decreto 105/2006, que sinala que na normativa anterior se detectaron insuficiencias que afectan aos mecanismos de protección e conservación dos montes, sinaladamente os que teñen que ver coa loita contra os incendios forestais. Por iso, parece perfectamente lóxico que se estableceran mecanismos complementarios que non permitiran que determinadas causas, como a falta ou a demora

na identificación dos propietarios, a abstención dos concellos na aplicación das medidas que correspondan, ou o atraso desproporcionado, non leven a que as medidas permanezan ser efectividade; e nesta orde é a consellería competente en materia de incendios, a de Medio Rural, a que asume, en forma de substitución, as funcións que de forma clara non se executasen por quen corresponder. Así o confirma o seu propio *protocolo para técnicos e axentes para a aplicación do estipulado no Decreto 105/2006*, que, como adiantamos, sinala que en caso de non darse cumprimento do previsto polos afectados e non intervención do concello nun determinado prazo interviría a consellería, tanto para iniciar o expediente sancionador coma para proceder a execución subsidiaria. O *protocolo*, en relación co procedemento a aplicar cando se trate de faixas a 25 metros arredor de calquera urbanización, obra, instalación industrial, eléctricas ou infraestruturas de transporte situadas a menos de 400 metros do monte, sinala o seguinte:

"... logo de que se realice esta inspección polos funcionarios da consellería, de non estar cumprindo a norma o terreo, esperarase a que o concello actúe, e logo do transcurso dun prazo prudencial de 45 días naturais dende a dita inspección, entenderase que o concello non actuou e o persoal funcionario do distrito realizará unha nova inspección.

(...) Se o concello non actuase no prazo sinalado de 45 días o persoal funcionario do distrito realizará unha nova inspección (...). Se o denunciado non tivera feito os traballos de prevención, na acta de inspección figurará: a constatación dos feitos, a orde de execución dos traballos de prevención en trinta días naturais ou menos (...), e o apercibimento de en que caso de que non o realizase procederase a execución subsidiaria, con repercusión dos custos ao propietario dos terreos, sen prexuízo da apertura de expediente sancionador.

Logo do prazo concedido ao denunciado efectuarase outra inspección (...). Se a través desta inspección constatase que o denunciado non cumpre coa norma: 1. O servizo provincial de incendios remitirá o actuado ao servizo xurídico administrativo da delegación provincial correspondente, de cara á apertura de expediente sancionador. Este servizo comunicará ao denunciante a apertura de expediente sancionador, de ter

solicitado na súa denuncia o inicio de expediente sancionador contra o denunciado. 2. O delegado provincial ditará resolución ordenando a execución subsidiaria, que será notificada ao denunciado e procederase á execución subsidiaria pola consellería, segundo o artigo 26.b do Decreto 105/2006, e con repercusión dos custos ao denunciado.

O servizo provincial de incendios comunicará ao concello, tanto a resolución, como a execución subsidiaria pola consellería".

Por tanto, tanto o Concello de Gondomar como a Consellería de Medio Rural, esta con carácter subsidiario, deberan garantir o cumprimento das obrigas de adecuado mantemento das parcelas para evitar risco de incendios. Sen embargo, no suposto que coñecemos, da información dispoñible parece deducirse que as dúas administracións deixaron transcorrer un amplo período de tempo sen adoptar as medidas legalmente previstas. Así pois, o principio constitucional de eficacia no labor das administracións públicas (art. 103.1 CE) non parece terse aplicado con rigor no tratamento desta problemática.

Por todo o sinalado ata agora considerase necesario, en aplicación do disposto no artigo 32.1 da Lei 6/1984, de 5 de xuño, do Valedor do Pobo, facer chegar ao Concello de Gondomar e á Consellería de Medio Rural as seguintes **recomendacións:**

- Concello de Gondomar:

"Que, dado o tempo transcorrido dende a definición do mal estado das parcelas e o conseguinte perigo de incendio, e que aínda non se efectuaron algunhas actuacións de limpeza, con urxencia se proceda a realizar os traballos preventivos nos terreos con perigo de incendio mediante execución subsidiaria, nos casos nos que non o fixeran os propietarios obrigados, xa por negativa expresa ou tácita ou por falta de actual identificación destes".

- Consellería de Medio Rural:

"Que para o caso de que nun breve prazo o Concello de Gondomar non dera efectividade á anterior recomendación, por esa Consellería se proceda a realizar, tamén con urxencia e mediante execución subsidiaria, os traballos preventivos nos terreos con perigo de incendio definidos na queixa, sen prexuízo da incoación dos expedientes sancionadores que correspondan.

E que en actuacións futuras similares á descrita, por parte dese órgano se fagan efectivas as súas funcións relativas a realización das execucións subsidiarias precisas por ausencia de actuación eficaz dos concellos para impoñer os traballos preventivos nos terreos con perigo de incendio, de acordo co previsto na normativa sectorial correspondente e no protocolo definido pola propia consellería para este efecto".

Respostas da Consellería de Medio Rural e do Concello de Gondomar: recomendacións aceptadas.

3.- Recomendación dirixida á Consellería de Medio Ambiente e Desenvolvemento Sostible o 29 de febreiro de 2008 debido á promoción dun polígono industrial sen a preceptiva decisión previa sobre avaliación de impacto ambiental (Q/745/2007)

Nesta institución iniciouse expediente de queixa como consecuencia do escrito de D. M.F.L.L., coordinador de ADEGA, referente á promoción dun polígono industrial en Nigrán.

No seu escrito, esencialmente, indícanos que o polígono industrial coñecido como *Porto do Molle*, no Concello de Nigrán, promovido polo Consorcio da Zona Franca de Vigo, ten un estudo de impacto ambiental de 1994, e se descoñece se se deu a correspondente declaración de impacto, que en calquera caso tamén debera considerarse caducada, de acordo coa normativa reguladora das avaliacións de impacto ambiental. A

pesar diso as obras empezaron no ano 2006, provocando enormes danos ambientais na zona húmida e subhúmida regada polo río de Ponte Muíños, segundo sinala. Ademais, tamén indica que o estudo de impacto ambiental elaborado hai 19 anos de que comezasen as obras carece do rigor científico-técnico necesario para avaliar o impacto ambiental deste polígono industrial. Entre os aspectos que presentan flagrantes deficiencias menciona que carece de estudo arqueolóxico e patrimonial, afectando cando menos a varios muíños protexidos polas normas de defensa do patrimonio; carece de estudos botánicos e faunísticos axeitados que describan a flora e fauna do territorio afectado e as accións correctoras necesarias no caso de non ser incompatible coa función de conservación; no proxecto non se especifican os sistemas de depuración de augas necesarios para o tratamento das residuais do futuro polígono; a zona do proxecto constitúe unha zona inundable que afecta ao dominio público de ribeira e pode provocar problemas de inundacións no caso de que existan chuvias fortes.

Ante iso solicitamos información ao Consorcio da Zona Franca de Vigo (ZFV), que no seu momento sinalou o seguinte:

"En relación co seu escrito de data 18 de abril do 2007, con entrada no Rexistro Xeral do Consorcio da Zona Franca de Vigo o 27 do mesmo mes, no que se require a este Consorcio para que, no prazo de 15 días, lle facilite a información sobre o problema que motivou a queixa e, en concreto, lle certifique a data do estudo de impacto ambiental, lle confirme a emisión da declaración de efectos ambientais, lle informe do estado de execución do proxecto e, por último, lle aclare as circunstancias relativas á posible caducidade do estudo de impacto ou da declaración de efectos ambientais, así como solicitando información sobre as presuntas deficiencias do contido do estudo de impacto postas de manifesto por ADEGA e, no seu caso, se lle advirta das medidas adoptadas ou previstas para a súa corrección, poñemos no seu coñecemento os seguintes feitos:

- En primeiro lugar, atendendo á tramitación medioambiental seguida para a execución deste proxecto, a cal se achega nos documentos axuntados, este Consorcio considera que non se cometeu ningunha irregularidade, feito que se certifica, sen lugar a dúbidas, co informe do director xeral de Calidade e Avaliación Ambiental da Consellería

de Medio Ambiente, do 7 de novembro do 2003, no que expresamente se advirte que, tras a emisión da declaración de efectos ambientais do 29 de xullo do 1995, e a pesar das modificacións que se foron introducindo nas determinacións do proxecto, "non resulta necesario unha nova tramitación ambiental".

- En segundo lugar, no que respecta á posible caducidade da declaración de efectos sinalada con anterioridade, consideramos que as afirmacións postas de manifesto por ADEGA non se axustan á legalidade baseándose nos seguintes motivos:

1º.- A aliña 4 do artigo 4 do Real decreto lexislativo 1302/1986, do 28 de xullo, de avaliación de impacto ambiental dispón que "a declaración de impacto ambiental do proxecto ou actividade caducará se non se comezara a súa execución no prazo fixado pola Comunidade Autónoma".

Non obstante, a lexislación galega en materia de medio ambiente e, concretamente, a Lei 1/1995, do 2 de xaneiro, de protección ambiental de Galicia e o Decreto 442/1990, do 13 de setembro do 1990, de avaliación de impacto ambiental para Galicia, non establece ningún prazo en relación coa posible caducidade dos estudos ou as declaracións de impacto ambiental.

2º.- Tendo en conta, ademais, que o prazo de caducidade que por defecto establece o artigo 4° Real decreto lexislativo 1302/1986 non é de aplicación neste suposto ao estar previsto para "proxectos autorizados ou aprobados pola Administración Xeral do Estado" e que, como se dixo con anterioridade, a declaración de efectos ambientais foi expresamente confirmada polo director xeral de Calidade e Avaliación Ambiental, consideramos que nin o estudo de impacto nin a declaración de efectos ambientais se atopan caducadas.

Por todo elo, podemos concluír, como se dixo ao comezo do presente escrito, que a tramitación ambiental do proxecto para a implantación do Parque Empresarial de Porto do Molle foi axustada a dereito.

Finalmente e, en relación coa solicitude da información do estado actual do proxecto, na actualidade estase a executar o proxecto de explanación de vías e canalización do río Muíños (primeira fase do proxecto de urbanización) e que, a día de hoxe, foi aprobado inicialmente polo Concello de Nigrán a segunda fase (e última) do proxecto de urbanización do parque.

Para facilitar a comprensión dos antecedentes expostos, achégase a seguinte documentación:

1. Resumo da tramitación medioambiental.

2. Copia da declaración de efectos ambientais do Proxecto de Actuación Industrial de Porto do Molle, do 29 de xullo de 1994.

3. Copia do escrito de alegacións presentado polo Consorcio á declaración de efectos ambientais.

4. Declaración complementaria de efectos ambientais do 2 de novembro do 1994.

5. Escrito de consulta do Concello de Nigrán á Dirección Xeral de Calidade e Avaliación Ambiental para que informe se, como consecuencia da redacción do Plan de Sectorización, se fai necesario completar o estudo de impacto ambiental presentado no seu momento, actualizándoo á nova lexislación.

6. Requirimento da Consellería para complementar a información remitida no escrito de consulta do Concello de Nigrán.

7. Escrito de contestación do Concello ao requirimento da Consellería.

8. Informe favorable definitivo do director xeral de Calidade e Avaliación Ambiental da Consellería de Medio Ambiente, do 7 de novembro do 2003."

Á vista do sinalado de novo nos diriximos á ZFV e tamén á Consellería de Medio Ambiente e Desenvolvemento Sostible, co fin de requirir información complementaria. Nas súas respostas sinálase o seguinte:

- Consellería de Medio Ambiente e Desenvolvemento Sostible:

"En relación á solicitude de información cursada por esa institución sobre a queixa (Exp.: Q/745/2007), promovida por D. M.F.L.L., coordinador de ADEGA, como consecuencia da promoción dun polígono industrial en Nigrán que ao seu parecer carece dun estudo de impacto ambiental con suficiente rigor científico-técnico necesario para avaliar o impacto do devandito polígono industrial, cómpre informarlle que logo de recibir a queixa, dende a Secretaría Xeral desta Consellería solicitouse á Dirección Xeral de Calidade e Avaliación Ambiental o pertinente informe ao respecto. Con data de 4 de xullo de 2007 a Dirección Xeral de Calidade e Avaliación Ambiental informa que:

"Unha vez recibida a solicitude do Concello de Nigrán para a realización dun novo estudo de impacto ambiental con ocasión da eventual aprobación do plan de sectorización da zona, con data de 17 de novembro de 2003, a Dirección Xeral de Calidade e Avaliación Ambiental emitiu informe ao respecto indicando a non necesidade de actualización do referido estudo de impacto ambiental.

En relación ao anterior, na documentación achegada polo Concello de Nigrán só se recollía unha redución da superficie afectada polo proxecto de sectorización da zona, a variación dos usos do solo destinando parte do ámbito a usos terciarios e de ocio e, unha diminución dos parámetros urbanísticos do planeamento no relativo a edificabilidade e a ocupación. Á vista desta documentación achegada, considerouse que para os efectos ambientais non era necesaria unha nova tramitación ambiental, sempre e cando se cumprisen as condición impostas na declaración de efectos ambientais (DEA), así como nas súas modificación posteriores e documentación sinalada nela.

Posteriormente, o 18 de maio de 2007 o Concello de Nigrán remite á Consellería de Medio Ambiente e Desenvolvemento Sostible nova documentación relativa ao proxecto

de urbanización da devandita actuación, co obxecto de que se emitise o correspondente informe. En resposta a esta solicitude, o 28 de xuño de 2007 a Dirección Xeral de Calidade e Avaliación Ambiental informou que se debería respectar estritamente todas as condicións recollidas na DEA, facendo especial fincapé naquelas que fan referencia á protección de augas. Recomendouse ademais, ampliar os parámetros de análise de control de calidade das augas do río Muíños, para dar cumprimento ao Decreto 130/1997, do 14 de maio, polo que se aproba o Regulamento de ordenación de pesca fluvial e dos ecosistemas acuáticos continentais.

Doutra banda, polo que atinxe á posible presenza de patrimonio arqueolóxico, debe terse en conta que a declaración de efectos ambientais valora os proxectos presentados en relación aos efectos ou impactos medioambientais, sen prexuízo das normativas sectoriais que lles afecten ou sexan aplicables, tales como a Lei 8/1995, do patrimonio cultural de Galicia.

Finalmente, en relación ao prazo de caducidade das declaracións de impacto medioambientais, cómpre sinalar que aínda que o artigo 4.4 do Real decreto lexislativo 1302/1986, do 28 de xuño, de avaliación de impacto ambiental dispón a caducidade das declaracións de impacto ambiental no prazo sinalado polas comunidades autónomas, neste caso concreto, a ausencia ao respecto de previsión normativa autonómica, motivou que a Consellería de Medio Ambiente e Desenvolvemento Sostible considerase que non era necesaria a tramitación dunha nova declaración de impacto ambiental por non ter caducada a anterior."

- Consorcio da Zona Franca de Vigo:

"En relación co escrito de data 12 de xullo de 2007 remitido polo Valedor do Pobo en funcións, D. José Ramón Vázquez Sandes, achego o informe xurídico emitido pola Avogacía do Estado en Pontevedra, no que se sinala que, segundo a natureza do Consorcio da Zona Franca de Vigo como entidade de dereito público dependente da Administración Xeral do Estado, a supervisión deste corresponde ao "Defensor del Pueblo"."

O CZF alegaba que non se debe coñecer o procedemento con el debido á súa natureza de entidade dependente da Administración Xeral do Estado. Non obstante, a solicitude dirixida ao CZF tivo como motivo a súa condición de promotor público do proxecto, posto que non se trata de administración competente na materia de fondo, é dicir, na resolución da avaliación de impacto ambiental e, en último termo, na aprobación do proxecto ou o plan urbanístico. Por iso, continuamos o procedemento co órgano ambiental, isto é, a Consellería de Medio Ambiente e Desenvolvemento Sostible, que finalmente nos indicou o seguinte:

"Con data 19 de outubro de 2007 solicitouse dende esa institución, información complementaria sobre a queixa referencia, como consecuencia da promoción dun polígono industrial en Nigrán, promovida por M.F.L.L. Con data 28 de novembro de 2007 emítese informe sobre os feitos expostos pola Dirección Xeral de Calidade e Avaliación Ambiental, do que se achega unha copia. Respecto aos feitos expostos, cómpre concluír:

- Que, revisada a documentación remitida polo Concello de Nigrán no mes de maio do presente ano relativa ao proxecto de actuacións industriais "Porto do Moelle" no dito termo municipal, a Dirección Xeral de Calidade e Avaliación Ambiental desta consellería considerou que a efectos ambientais non era necesaria unha nova tramitación ambiental. O citado proxecto conta coa avaliación da Comisión Galega de Medio Ambiente, ao se ter emitido o 29 de xuño de 1994 a respectiva declaración de efectos ambientais (DEA), consonte o establecido no Decreto 327/1991, do 4 de outubro, de avaliación de efectos ambientais. Así mesmo, contén unha serie de medidas correctoras e de protección ambiental, referidas especialmente á protección da fauna e flora existentes, á utilización dos bens demaniais na zona e, á depuración das augas.

Doutra banda, é necesario sinalar que as DEA son un procedemento previsto pola Lei 1/1995, do 2 de xaneiro, de protección ambiental de Galicia para a avaliación de proxectos que deberían ser sometidos a un estudo medioambiental pormenorizado, procedemento non contemplado na normativa estatal. Actualmente, tal circunstancia está recollida na letra n) do grupo 9 do Real decreto lexislativo 1302/1986, do 28 de xuño, de

avaliación de impacto ambiental, modificado pola Lei 9/2006, do 28 de abril, sobre avaliación dos efectos de determinación de plans e programas no medio ambiente.

- Que o feito de que a declaración de efectos ambientais sexa dende hai moito tempo, non significa que esta estea caducada, xa que logo as medidas correctoras e de protección ambiental previstas nela seguen estando vixentes. Ao respecto, a Dirección Xeral de Calidade e Avaliación Ambiental, en contestación do 25 de xuño de 2007 á consulta realizada polo concello e, de acordo co establecido no artigo 3 do Decreto 327/1991, do 4 de outubro, relativo á vixilancia e responsabilidade do órgano ambiental en relación coas declaracións de efectos ambientais, puxo de manifesto a vixencia das condicións ambientais e a necesidade do seu "estrito" cumprimento, recomendando ampliar os parámetros a controlar na vixilancia ambiental do río Muíños.

Neste sentido, cómpre lembrar que o artigo 4.5 do Real decreto lexislativo 1302/1986, do 28 de xuño, de avaliación de impacto ambiental, na redacción dada pola Lei 9/2006, do 28 de abril, sobre avaliación dos efectos de determinados plans e programas no medio ambiente, recolle expresamente a posibilidade de que o órgano ambiental poida resolver, a solicitude do promotor, que a declaración de impacto ambiental siga vixente ao non terse producido cambios substanciais nos elementos esenciais que serviron de base para realizar a avaliación de impacto ambiental.

- Que por todo o anterior esta consellería interpreta que as declaracións de efectos ambientais poidan ser prorrogadas logo de seren revisadas e que se consideren vixentes as medidas medioambientais contidas nelas."

Da anterior información dedúcese que a consellería, que é o órgano ambiental en relación co proxecto de referencia, considera, en primeiro termo, que o contido do estudo de efectos ambientais e o procedemento de avaliación correspondente, realizado hai 14 anos, resulta suficiente e aplicable ao proxecto actual, polo que agora non considera precisa unha nova avaliación.

Pois ben, tal e como se sinalou en diferentes comunicacións á consellería, no 1994 produciuse a DEA como un acto de trámite integrado no procedemento global correspondente; pero o proxecto urbanístico ao parecer non se aprobou definitivamente, polo que ese acto, incardinado no procedemento global (a aprobación definitiva do plan urbanístico), resultou irrelevante, dende o momento en que o proxecto no seo do cal se coñecía non chegou a aprobarse. A partir desa consideración parece claro que non ten virtualidade noutro procedemento urbanístico, como foi o promovido máis recentemente. Con posterioridade producíronse unha serie de modificacións físicas e xurídicas do terreo afectado, segundo describe o concello, que deron lugar a unha modificación das normas urbanísticas daquel ("modificación puntual das normas subsidiarias de planeamento do SAU-9 e establecemento..."), e despois promoveuse o necesario plan de sectorización, que é o procedemento no que se pretende agora entender incardinado o acto de trámite referido ao anterior proxecto urbanístico, que agora é outro, tanto material como formalmente.

Por tanto, a avaliación de efectos ambientais fíxose de acordo co previsto no Decreto 327/1991, e referíase a un caso no que entón non era precisa a avaliación de impacto ambiental. Pero no intre ao que nos referimos xa se atopaba en vigor a necesidade de avaliación condicionada indicada no parágrafo anterior (anexo II, grupo 7, a, do RDL 1302/1986). De acordo coa normativa vixente pode resultar precisa esta para os proxectos de zonas industriais; resulta necesaria unha determinación expresa da non necesidade, para o cal non é adecuado un sinxelo documento informativo ao respecto da necesidade de avaliación actual (da súa non necesidade, neste caso), que é o que parece fixo a consellería, senón que o procedente sería someter o proxecto actualizado ao previsto nos artigos 1.2 e 2.3 do RDL citado, o que resulta ben distinto (non afirma que realizase un procedemento dos regulados no RDL).

Efectivamente, o artigo 1.2 do RDL sinala que *"os proxectos, públicos ou privados, consistentes na realización das obras, instalacións ou de calquera outra actividade comprendida no anexo II deste Real decreto lexislativo, só deberán someterse a unha avaliación de impacto ambiental na forma prevista nesta disposición, cando así o decida o órgano ambiental en cada caso. A decisión, que debe ser motivada e pública, axustarase aos criterios establecidos no anexo III. O establecido no parágrafo anterior*

non será de aplicación a aqueles proxectos para os que a normativa das comunidades autónomas, no ámbito das súas competencias, ben esixa avaliación de impacto ambiental en todo caso, ben fixase limiares, de acordo cos criterios do anexo III, para determinar cando os devanditos proxectos deben someterse a avaliación de impacto ambiental". Máis especifico para os efectos que citamos resulta o artigo 2.3 do RDL, que sinala que *"os titulares de proxectos comprendidos no anexo II, deberán presentar ante o órgano ambiental a documentación acreditativa das características, localización e potencial impacto do proxecto, a fin de que o devandito órgano poida adoptar a decisión a que se refire o artigo 1.2."*.

En contra do anterior, o que parece que sucedeu no suposto que coñecemos é que foi remitida á consellería unha sinxela consulta sobre a necesidade ou non de nova avaliación ambiental, en función das circunstancias apuntadas, o que non concorda co esixido polo RDL, que prevé un procedemento simplificado para a determinación precisa en relación cos proxectos do anexo II, pero procedemento ao fin e ao cabo; e que esixe que a decisión sexa motivada e pública e se axuste aos criterios establecidos no anexo III. A consellería non fai referencia a que esa fose o labor realizado, e ademais na súa resposta non se alude a que o procedemento respondese ao principio de publicidade nin a que se motivase de acordo cos criterios do anexo III. Polo contrario, parece aludir a que unicamente respondeu a unha aparente validación da anterior DEA, que non considera caducada.

Sen embargo, das circunstancias coñecidas pódese extraer a conclusión de que era preciso o pronunciamento regulado nos artigos 1.2 e 2.3 do RDL, e que o achegado polas administracións actuantes non concorda con tal esixencia. Por iso, a primeira cuestión obxecto da queixa, isto é, a posibilidade de ter que revisar o estudo de impacto ou efectos ambientais feito no seu momento, pola súa suposta falta de rigor, devén como algo irrelevante. Dende o momento en que refire a un procedemento diferente, a documentación precisa (a acreditativa das características, localización e potencial impacto do proxecto) debera ser xulgada a luz deste novo procedemento, quedando á consideración da consellería o exame das obxeccións respecto da calidade desa nova documentación.

En calquera caso, parecen seguir sen aclaración suficiente algunhas obxeccións de fondo sobre o anterior estudo, aspecto este que agora se remite á documentación pendente. En concreto afirmábase que carecía de estudos botánicos e faunísticos axeitados que describan a flora e fauna do territorio afectado e as accións correctoras necesarias no caso de non ser incompatible coa función de conservación; e que non se especificaban os sistemas de depuración de augas necesarios para o tratamento das residuais do futuro polígono. A zona do proxecto é unha zona inundable, afecta á zona de dominio público de ribeira, e poden provocarse problemas de inundacións no caso de que existan chuvias fortes.

Non obstante, o relevante para estes efectos é que o estudo ambiental deu lugar ao procedemento correspondente de avaliación de efectos, que rematou coa correspondente declaración de efectos ambientais (DEA) do 29 de xuño de 1994, realizada de acordo co establecido no Decreto galego 327/1991, do 4 de outubro, de avaliación de efectos ambientais, polo que as posibles obxeccións a este se coñecerían cos correspondentes recursos contra o acto de trámite citado, no seu caso, ou contra a resolución do órgano substantivo que puxese fin ao procedemento. Esta circunstancia non se deu porque o proxecto final non se aprobou, e por tanto as determinacións da DEA non tiveron efectividade ningunha, polo que, como dixemos, as diferenzas respecto da calidade do estudo que lle serviu de base resultan irrelevantes.

Por outra banda, arguméntase tamén que resultaría de aplicación o disposto no artigo 4.5 do RDL, despois da reforma do 2006 (hoxe artigo 14.2 do texto refundido da Lei de avaliación de impacto ambiental), que prevé a posibilidade de que o órgano ambiental poida resolver que a DIA siga vixente se non se producisen cambios substanciais nos elementos esenciais que serviron de base para realizar a avaliación de impacto ambiental. Sen embargo, esta previsión refírese aos casos xa examinados de caducidade previa da declaración (sinálase expresamente que *"non obstante o disposto na aliña anterior ..."*, o referido á caducidade), circunstancia que non se produciu neste caso, como alega a propia administración.

Outra circunstancia posta de relevo polo interesado foi que a avaliación de efectos se dera hai moito tempo, e que por tanto debería valorarse convenientemente esta circunstancia para os efectos da caducidade da DEA, aínda que esta non se declarase formalmente. A consellería responde que unha previsión expresa ao respecto só existe no caso das avaliacións feitas pola Administración Xeral do Estado, e que no caso das CC.AA. haberá que estar ao previsto por elas mesmas, e *"a ausencia ao respecto de previsión normativa autonómica motivou que a Consellería de Medio Ambiente e Desenvolvemento Sostible considerase que non era necesaria a tramitación dunha nova declaración de impacto ambiental por non ter caducada a anterior"*. Respecto deste aspecto da queixa sucede o mesmo que comentamos anteriormente, é dicir, que devén irrelevante, posto que a DEA non resulta aplicable a outro procedemento.

Non obstante, resulta conveniente un sinxelo comentario sobre esta interpretación da consellería, da que se deduce que as declaracións (de impacto ou de efectos) ambientais non caducan en ningún caso. Da falta de prazo non parece razoable deducir que as previsións das declaracións non deban ter unha vixencia determinada, posto que en caso contrario poderían terse en conta en calquera momento intempestivo. Esta obxección é aínda máis clara se temos presente que as declaracións resultan os actos finais dun proceso baseado nun proxecto e nun estudo ambiental previo, que loxicamente non resultará adecuado ao cabo dun tempo, como parece claro neste caso, en que o estudo de efectos se fixo hai moitos anos.

Formalmente resulta adecuado que a Consellería non considere esta posibilidade de aplicar a caducidade dos procedementos, posto que neste caso nin legalmente nin no propio acto se indicou prazo de caducidade ou de realización do proxecto. Pero parece que tería sido máis adecuado considerar a necesidade de establecemento dun prazo; este podería ser de carácter xeral, como indica expresamente a normativa estatal (esta posibilidade só podería concretarse de cara a actuacións futuras, posto que a día de hoxe non está prevista), ou con carácter particular, no propios actos, e iso co fin de evitar situacións como a indicada.

En resumo, con anterioridade promovérase un proxecto urbanístico que fora sometido, de acordo co ordenamento vixente naquel momento, a avaliación de efectos ambientais, e que finalmente obtivo a correspondente DEA. Sen embargo, o proxecto global (urbanístico) non se rematou coa aprobación final, polo que a DEA resultou ser un acto de trámite irrelevante. Posteriormente iniciouse un trámite similar, pero diferenciado formal e materialmente, para a aprobación do procedemento urbanístico previo á execución do proxecto de zona industrial. Nese intre xa era necesaria a avaliación condicionada indicada no RDL 1302/1986 para os proxectos do anexo II, entre os que se conta este. Esta avaliación consiste nunha resolución do órgano ambiental motivada, pública e axustada aos criterios establecidos no anexo III, despois do exame da documentación acreditativa das características, localización e potencial impacto do proxecto. Sen embargo, como xa apuntamos anteriormente, isto non parece que fora o realizado polo órgano ambiental.

Por todo o sinalado ata agora considérase necesario, en aplicación do disposto no artigo 32.1 da Lei 6/1984, do 5 de xuño, do Valedor do Pobo, facer chegar a esa Consellería de Medio Ambiente e Desenvolvemento Sostible a seguinte **recomendación:**

"Que con urxencia se retrotraia o expediente ao momento en que o promotor debe presentar a documentación precisa para que o órgano ambiental resolva de forma motivada, pública e axustada aos criterios establecidos no anexo III do RDLAIA, sobre a necesidade de avaliación de impacto ambiental do proxecto obxecto da queixa.

E que con carácter xeral se estude a conveniencia de establecer un prazo de caducidade ás declaracións de impacto ou efectos, xa sexa regulándoo con carácter xeral, como indica expresamente a normativa estatal, ou con carácter particular, nas propias declaracións, co fin de evitar a utilización extemporánea destas".

Resposta da Consellería de Medio Ambiente e Desenvolvemento Sostible: recomendación aceptada.

4.- Recomendación dirixida ao Concello de Ponteareas o 18 de marzo de 2008 debido ás molestias ocasionadas por un establecemento de ocio (Q/719/2006)

Nesta institución iniciouse expediente de queixa como consecuencia do escrito de D. T.N.D. referente ás molestias ocasionadas por un establecemento de ocio.

No seu escrito indicábanos que dende hai máis de dous anos vén sufrindo as consecuencias prexudiciais da instalación dun pub no baixo do edificio no que ten a súa vivenda. O establecemento, denominado "G.", permanece aberto dende o xoves ata o domingo a partir das 2:00 da mañá e transmite un nivel tan elevado de ruído que impide o descanso da familia. Por iso, tratou o seu problema cun concelleiro, que lle indicou que aos 15 días o problema se solucionaría. Sen embargo, tal cousa non se deu e o problema segue a ser o mesmo. É mais, aínda se agravou, posto que agora tamén sofren insultos e ameazas de viva voz.

Ante iso solicitamos información a ese concello, que no seu momento sinalou o seguinte:

"Que o Goberno deste concello na súa intención de evitar problemas como estes, está mantendo unha liña de esixir a todos os establecementos desta vila que se dedican exercer actividades como a do denunciado (discoteca, bares con música, etc.) , que adapten a súa licenza de apertura ao abeiro do Decreto 2414/1961, do 30 de novembro (Regulamento de actividades molestas, insalubres, nocivas e perigosas), e que presenten un estudo acústico xustificativo do cumprimento das medidas establecidas na Lei 37/2003, de protección contra a contaminación acústica. Concretamente ao dono do establecemento denunciado, don L.L.I. (BAR G.), se lle remitiu por parte desta alcaldía unha notificación para que presente no concello os documentes antes citados, e que de momento aínda está en prazo para poder achegalos. Polo que cando remate o prazo concedido e, se o denunciado no presenta os documentos requiridos, a Xunta de Goberno Municipal tomará a decisión de pechar o devandito establecemento."

O informe municipal non aclaraba se o establecemento contaba con licenza de funcionamento, de acordo co RAMINP, e, no seu caso, de que tipo (pub, bar, etc.), e se

axusta a súa actividade ao habilitado nela, tamén no seu caso. Tampouco se indicaban as comprobacións sobre ruído e o cumprimento do horario, que debera ter realizado o concello. Ante iso solicitamos información complementaria ao concello, que nesta ocasión sinalou o seguinte:

"En relación co seu escrito con data 4/9/06, n.° saída 004636, Expediente: Q/719/2006, no que solicita información sobre o problema que motivou a queixa de don T.N.D. contra o establecemento "G.", e sobre as medidas adoptadas ou previstas, infórmolle:

Que o citado establecemento ten licenza municipal para a actividade de bar especial, concedida a nome de B.P.O., pola Comisión de Goberno ao abeiro do Regulamento xeral de policía de espectáculos públicos e actividades recreativas do 27 de agosto de 1982", o día 18 de marzo de 1999.

Que o propietario actual é don L.L.I., o cal solicitou ao concello a transmisión de titularidade da licenza municipal do devandito establecemento o 28 de xaneiro de 2005.

Que a Xunta de Goberno Local en sesión levada a cabo o día 28 de agosto de 2006, acordou:

"FOD 3), Concesión de prazo de audiencia ao representante do establecemento G., sito na rúa Escritor Domingo Benavides.- Visto o acordo da Xunta de Goberno Local de data 26 de xuño de 2006, no que se require ao titular do establecemento G., sito na rúa escritor Domingo Benavides, para que no prazo dun mes presente estudo acústico e solicitude de licenza ao abeiro do RAMINP.

Visto que o titular do establecemento non cumpriu o requirido no prazo sinalado.

Visto que a disposición transitoria 3ª do RAMINP non permite autorizar o traspaso de actividades que non reúnan as condicións establecidas neste regulamento, a non ser que se reúnan as medidas correctoras precisas.

Visto que non se autorizou o cambio de titularidade de licenza existente, a Xunta de Goberno Local, por unanimidade dos señores asistentes, acorda a apertura de expediente sancionador, así como dar audiencia ao actual titular do establecemento, por un prazo de quince (15) días hábiles, para alegacións e para que presente documentos e xustificantes que estime oportunos, apercibindo a este de que, transcorrido tal prazo se procederá, de ser o caso, a impor algunhas das sancións a que se refire o artigo 38 do RAMINP."

Sen embargo, o concello non sinalaba nada en relación coas comprobacións de molestias por ruídos, nin que como consecuencia da ausencia da autorización da transmisión da licenza ao actual responsable se impedise o funcionamento do establecemento, posto que no seo do expediente sancionador non se adoptou ningunha medida cautelar. Por iso, de novo requirimos información ao concello, que nola remitiu cun atraso moi considerable, ata ao punto de que foi preciso recordar ao concello o seu deber legal de colaborar nas investigacións desta institución e advertilo da súa posible declaración como hostil e entorpecedor do labor da institución. Nesta ocasión sinalou o seguinte:

"Por mor do escrito de 15 de novembro de 2006, con rexistro de saída da oficina do Valedor do Pobo do 28/12/2006 con número 007003, teño a ben comunicarlle que o concello lle comunicou ao denunciado, D. L.L.I., titular do establecemento denominado G., sito na rúa Escrito Domingo Benavides de Ponteareas, o acordo da Xunta de Goberno en sesión levada a cabo o día 28 de agosto de 2006 no que se lle concedía un prazo de audiencia ao representante do devandito establecemento para que presentase nun prazo de quince días hábiles as alegacións e xustificantes que considerase oportunos en relación o anterior acordo da Xunta de Goberno de data 26 de xuño de 2006, no que se lle requiría para que no prazo dun mes presentase un estudo acústico e a solicitude de licenza de apertura ao abeiro do Decreto 2414/1961, do 30 de novembro, que regula as actividades molestias, insalubres, nocivas e perigosas (RAMINP). Transcorrido o prazo concedido e comunicado pola Xunta de Goberno en tempo en forma, procederase á instrución dun expediente polo incumprimento do artigo 38 do RAMINP."

Así pois, o prazo concedido para alegacións xa transcorrera, e dende o primeiro informe municipal non se avanzara practicamente nada en relación co tratamento do obxecto da queixa, fundamentalmente a avaliación estritamente municipal dos ruídos transmitidos á vivenda e a aplicación das medidas cautelares precisas para impedir as molestias por ruídos, ocasionadas por un establecemento en situación irregular, tal e como confirma o propio concello. Á vista do anterior solicitamos aclaración novamente, e o concello sinalou o seguinte:

"En contestación ao seu escrito de data 8 de xaneiro do 2008, comunicámoslle que o establecemento denominado G., sito na r/ Escritor Domingo Benavides, deste termo municipal, ten licenza de actividade, outorgada o amparo do Regulamento xeral de policía e espectáculos públicos para café-bar especial, concedida pola Comision de Goberno de data 15 de marzo de 1999.

Por mor das denuncias presentadas contra o mesmo, por molestias ocasionadas por ruídos producidos durante a noite dentro do local, este concello requiriulle, mediante escrito de data 6 de abril do 2006, para que solicite unha nova licenza ao amparo do RAMINP e que presente un estudo acústico xustificativo do cumprimento das medidas establecidas na Lei 37/2003 de protección contra a contaminación acústica.

Facendo por parte do concello un seguimento cos medios dos que dispón, pódese comprobar que na actualidade xa non está desenvolvida a actividade pola mesma persoa senón que ao longo deste tempo xa foi exercida por persoas distintas.

As medidas que tomou o concello foron varias para poder solucionar esta problemática, unha delas foi manter unha reunión con todas as persoas dos establecementos dedicados a actividades de recreo como poden ser bares, pub, discotecas etc., e transmitirlles nas condicións na que estaba a licenza de cada un deles, e comunicarlles as medidas que tiñan que tomar en cada caso e darlle un prazo para poder solucionalas

Así mesmo tamén se dotou a policía local dun sonómetro para facer as medicións correspondentes de ruídos e se formaron, mediante cursos, os policías locais para este fin."

Da información transcrita dedúcese que o establecemento conta con licenza de bar especial, o que o habilita para contar con música e ter un horario amplo; sen embargo, a licenza non se transmitiu ao novo titular, polo que se atopa en situación irregular. O concello limitouse a requirir o 6 de abril do 2006 que solicitase *"unha nova licenza ao amparo de RAMINP"* e que *"presente un estudo acústico"*. Ademais, a pesar da nosa insistencia e das denuncias dos interesados, o ente local non achegou ningunha comprobación sonométrica.

Por tanto, aínda que en certos informes non parece expresarse con precisión, o que parece que se requiriu foi que se solicitase a transmisión formal da licenza con que xa contaba o local, e que ao tempo se achegase un estudo acústico, o que non se fixo, polo que se anunciou un expediente. Sen embargo, que se pedise o estudo fai pensar que tal cousa se fixo despois dunha comprobación, aínda mínima, da situación do establecemento ou das molestias que xeraba, aínda que a esta institución non se lle dera conta de actividade algunha por parte do concello para comprobar o nivel de ruído transmitido.

En calquera caso, o certo é que a día de hoxe o establecemento segue funcionando coa irregularidade sinalada, e sen que o concello comprobase o nivel de ruído transmitido, co que non puido descartar que respondan á realidade as molestias que son obxecto de denuncias e queixas dende hai tempo. O único que sinala para desculpar tal cousa é que dispoñía de medios limitados, aínda que agora xa se dotou dun sonómetro e se formou aos axentes da policía local para facer medicións; e que a actividade *"xa non esta desenvolvida pola mesma persoa, senón que ao longo deste tempo xa foi exercida por persoas distintas"*.

Loxicamente, a primeira cuestión, é dicir, a carencia de medios no seu momento, non pode xustificar a falta dunha actuación eficaz por parte do concello, posto que esa suposta carencia non desvirtúa a obriga municipal ao respecto. En caso de contar con

medios escasos ou limitados para abordar a función, o concello debera habilitalos de forma extraordinaria, utilizando o medio que considere máis adecuado (servizos especiais da policía ou os técnicos, contratación do servizo, etc.), sen que en ningún caso poida considerarse adecuada a non realización das comprobacións, que teñen carácter preceptivo. Efectivamente, o artigo 9 da Lei 7/1997, de protección contra a contaminación acústica, sinala que "corresponde aos concellos exercer o control do cumprimento da presente lei, exixir a adopción das medidas correctoras necesarias, sinalar limitacións, realizar cantas inspeccións se requiran e aplicar as sancións correspondentes en caso de incumprimento". As medicións habería que facelas no preciso momento en que se están dando as molestias, isto é, pola noite, no momento en que os afectados denuncian que as están sufrindo, e non esperando a outro día para facer unha medición noutras circunstancias; e deberan facerse cantas sexan necesarias, de acordo co previsto no citado artigo.

Respecto dos diferentes cambios de titularidade, cos que o concello tamén pretende xustificar a situación descrita, é de sinalar que tampouco neste caso pode entenderse que a xustifiquen; do mesmo xeito que hai tempo debera terse intervido para repoñer a legalidade e aínda sancionar ao titular ao que se dirixiu a resolución municipal da que se deu conta, con respecto aos sucesivos titulares debera terse feito o mesmo, evitando deste xeito a situación irregular que recoñece o propio concello.

Neste sentido é de sinalar que as actividades clasificadas precisan a correspondente licenza municipal de funcionamento, autorización outorgada segundo o establecido no RAMINP de 1961 (Decreto 2.414/1961). A través deste instrumento de control preventivo e continuado protéxese o interese público, facendo compatibles a actividade, por unha parte, e a evitación das molestias desproporcionadas, por outra, outorgando as licenzas soamente cando iso sexa posible en función das circunstancias particulares do suposto e coas medidas correctoras previstas para garantir a ausencia de prexuízos. Pero co outorgamento da licenza non termina o labor do ente local. A licenza abre unha relación continuada no curso da cal a administración local terá por función garantir en todo momento o interese público, principalmente o dos veciños inmediatos, o que, segundo reiterada xurisprudencia, constitúe unha condición implícita de toda licenza municipal de funcionamento. Unha das condicións que deben cumprir os locais autorizados

é o axuste estrito ao tipo de licenza que lles foi concedida, de tal modo que as súas actividades non excedan dos parámetros manexados á hora de conceder as respectivas licenzas de funcionamento.

Así pois, despois de moito tempo desde as denuncias e a queixa, e despois dun tempo considerable desde que existe a certeza de que a situación do local é irregular, con posible prexuízo para os reclamantes, o concello limitouse a requirir a regularización respecto da licenza e un estudo acústico (sen sinalar se este se esixía debido a algunha comprobación), e a anunciar un expedinte sancionador, sen que nin este se concertase nin posteriormente se esixise o cumprimento do ordenado, como se demostra pola circunstancia de que despois de moito tempo aínda se segue na mesma situación que cando se comezou a investigación.

Todo o anterior supón unha desatención das funcións municipais contempladas; das que se mencionan na citada Lei 7/1997, e do previsto no art. 25 da LRBL, que establece que "o municipio exercerá, en todo caso, competencias, nos termos da lexislación do Estado e das comunidades autónomas, nas seguintes materias: f) protección do medio ambiente". E esa desatención pode dar lugar á responsabilidade municipal, como reiteradamente vén determinando a xurisprudencia ao xulgar supostos moi similares.

Convén sinalar que o cidadán que promoveu a queixa está demandando a preservación duns intereses especialmente protexidos na Constitución española, que ampara os dereitos á intimidade persoal e familiar (art. 18.1), á inviolabilidade do domicilio (art. 18.2), á protección da saúde (art. 43.1), e o dereito a gozar dun medio ambiente adecuado e á protección e mellora da calidade de vida (art. 45.1 e 2). Como consecuencia das citadas disposicións constitucionais, os poderes públicos teñen a obrigación principal de protexer os dereitos mencionados, segundo o establecido no artigo 53 do texto fundamental. É especialmente destacable que o prexuízo se está dando na vivenda dos afectados, polo que se está conculcando un dereito dos cualificados como fundamentais na Constitución (artigo 18.1 e 2), polo que o labor de protección da administración municipal debera ter sido aínda máis dilixente.

No suposto que coñecemos, da información dispoñible parece deducirse que o Concello de Ponteareas non adoptou as medidas ao seu alcance para protexer os dereitos constitucionais citados anteriormente e que poden estar sendo obxecto de menoscabo pola actividade dos establecementos e do propio concello. Así pois, o principio constitucional de eficacia no labor das administracións públicas (art. 103.1 CE) non parece terse aplicado con rigor no tratamento desta problemática, á vista da insuficiencia das actuacións municipais e fundamentalmente pola abstención na adopción das medidas adecuadas, deixando transcorrer un período de tempo dilatado sen solucionar claramente a cuestión, sendo isto perfectamente posible sen que previsiblemente o concello se encontrase con dificultades importantes.

Por todo o sinalado ata agora considerase necesario, en aplicación do disposto no artigo 32.1 da Lei 6/1984, do 5 de xuño, do Valedor do Pobo, facer chegar a ese Concello de Ponteareas a seguinte **recomendación:**

"Que con urxencia se proceda a facer cumprir o ordenado polo propio concello en relación coa licenza de funcionamento, que non foi obxecto de traspaso autorizado, polo que non puido ser utilizada polo titular anterior, nin pode utilizarse polo actual; que non se permita o funcionamento do establecemento ata tanto se legalice a situación do local; e que, no caso de que se produza esa legalización, que se realicen cantas medicións sexan precisas para coñecer o nivel de ruído transmitido á vivenda dos prexudicados."

Resposta do Concello de Ponteareas: recomendación aceptada.

5.- Recomendación dirixida ao Concello de Noia o 5 de maio de 2008 debido ao ruído nunha zona (Q/1650/2007)

Nesta institución iniciouse expediente de queixa como consecuencia do escrito de D.ª P.P.P. referente ao ruído que sofre pola noite na zona na que vive.

No seu escrito, esencialmente, indícanos que padece unha enfermidade crónica e vive coa súa nai, de 65 anos. Na súa casa da zona histórica sofren as importantes molestias ocasionadas pola abundante presenza de pubs, bares e discotecas; o ruído na rúa os sábados é de tal intensidade que aínda se escoita a pesar de que se pon auriculares para mitigar o estrondo. Non se poden permitir durmir noutro lugar afastado do inferno que sofren, segundo sinala. Por iso chamou en numerosas ocasións á policía local, que non solucionaron o problema, e outras viuse forzada a chamar ao 061, por sufrir crises de ansiedade. A consecuencia é que ten que tomar pastillas para conciliar o sono.

Ante iso solicitamos información ao concello, que nunha primeira ocasión sinalou o seguinte:

"Primeiro.- Con data 2 de outubro de 2007, dítase providencia de alcaldía solicitando á policía local que informe sobre as cuestións solicitadas. Segundo.- Considerando o informe da policía local do 10 de outubro de 2007, resulta que: - Non constan denuncias de D.ª P.P.P. en relación aos bares ou pubs da rúa Mazacáñamos. - Si consta a realización de queixas mediante chamadas telefónicas dos veciños e veciñas polas molestias na rúa ou o alto volume dos locais. - En relación ás queixas polas molestias da rúa, soluciónase mediante a presenza policial nas rúas, realizando advertencias verbais, chamadas á orde, ou propoñendo sancións para elevalas á Subdelegación do Goberno por infrinxir a Lei 1/1992, sobre protección de seguridade cidadá ou autoridade municipal de ser o caso. - En relación ás queixas polo alto volume nos locais resulta que nos últimos catro anos, por motivos que a policía descoñece, non se dispoñía de sonómetro para efectuar as correspondentes medicións (ao poder constituír unha infracción da ordenanza de ruídos e vibracións), polo que non se chegou a iniciar ningún expediente sancionador en materia de ruídos. Neses casos a policía comparecía nos locais dos que existiran queixas de ruído, pregándolle aos propietarios ou encargados que baixasen o volume da música. – A data de hoxe xa se dispón do sonómetro homologado, de modo que cando se recibe a queixa efectúase a medición, ben no domicilio do denunciante ou ben no local en cuestión, trasladando as actas ó órgano competente municipal para os efectos de iniciar o correspondente expediente sancionador. - Visto que os pubs e bares sitos na rúa Mazacáñamos contan con licenza municipal de

apertura e funcionamento. - Considerando que é frecuente a vixilancia policial as fins de semana na zona sinalada dado o tránsito da xente polos locais nocturnos. - Considerando que o concello carece de soporte legal que impida o consumo de alcohol na rúa."

Á vista da insuficiencia da anterior información municipal dirixímonos novamente ao Concello de Noia, que nesta ocasión respondeu, como na anterior, mediante un informe da policía local, no que se sinala o seguinte:

"Non se ten constancia nesta policía local de denuncias ou queixas feitas por D.ª P.P.P. respecto dos locais da rúa Mazacáñamos, non hai constancia de que a interesada chamase por telefono queixándose ou denunciando polo horario ou ruído dos locais, nin nunca se dixo que unha chamada telefónica non tivese a condición de denuncia, nin toda chamada debe ter esta consideración, todo cos seus matices.

Da mesma forma que si hai constancia nesta policía local de intervencións nas que tomou parte o asinante, polo requirimento por chamada telefónica de veciños do mesmo edificio da interesada, polo escándalo e alboroto que D.ª P.P.P. estaba a facer, coa posterior comparecencia policial no seu domicilio por ter un día de semana ás 6:30 h a música altísima, podéndose oír esta a moita distancia do seu edificio, ademais do ruído que puido facer ao lle rebentar a porta da habitación onde dorme súa nai, e non se denunciou polo ruído provocado, entre outras cousas por que non se anda de servizo co sonómetro enriba, senón pola situación psicolóxica en que se atopa esta persoa, D.ª P.P.P., desgraciadamente a tratamento psicolóxico dende hai moito tempo, primando nesta intervención policial o conciliar ou harmonizar a situación creada.

A anterior exposición non persegue en ningún momento minimizar a situación que poidan vivir os veciños nesta zona de movida, tense que ser consciente que para estes e tamén para o propio corpo policial a situación é incomoda, pouco agradable, enervante e nada gratificante.

Débese ser consciente que o exceso de ruído polo volume da música no interior dos locais pode ser totalmente controlado por medios mecánicos, feito que unicamente

depende da vontade da propia administración para darlle unha solución mais ou menos axeitada.

Tamén depende da propia administración o dispoñer e poñer os medios materiais e o persoal necesario para poder facer fronte ás incidencias que poidan xurdir nun servizo do que estamos a tratar, fin de semana, zona de movida.

Así como se expuxo que o volume musical nos locais é controlable, non ten absolutamente nada que ver co controlable que poida ser ou non o ruído, barullo, etc., que pode facer a xente tanto dentro dos locais coma nas rúas. Agora mesmo unha noite de sábado, supostamente a máis forte neste tipo de intervencións, o número de efectivos policiais prestando servizos é mínimo, dous ou tres, que en ambos os casos forman unha soa patrulla; tendo en conta que tales efectivos deben filtrar e dar prioridade ás intervención, é indubidable que ante a importancia, gravidade dunha intervención, a de ruídos, antepóñense moitas outras nunha fin de semana e zona de movida.

A colación de todo exposto e en canto ao que se refire ás administracións, o traballo feito polas forzas de seguridade en zonas de movida non sempre atopa a colaboración doutros organismos que reforcen ese traballo. Achégase copia escrito remitido a este concello pola Subdelegación do Goberno na Coruña no que se fai constar que unha proposta de denuncia feita por efectivos policiais contra un individuo por alteración da orde, ao se atopar ás 04:40 h da madrugada e nunha rúa que afecta a ***D.ª P.P.,*** *rúa Condesa, facendo barullo cun chifre, fai saber que a competencia para sancionar por tal comportamento corresponde aos concellos por entender que é materia de ruídos, faise a funcionarios deste concello que por parte desta administración local se debería comunicar a ese organismo a inviabilidade de poderse facer pola ordenanza de ruídos polos motivos que a continuación se detallan, non tendo constancia de que iso se fixese.*

É difícil entender como se pode pretender que se preste servizo nunha rúa de movida cun sonómetro, como se pode pretender que se fagan medicións do ruído provocado por un chifre nestas rúas e a unha hora crucial de movida, como se pode

pretender deslindar, para que poida ser minimamente efectivo un procedemento sancionador en materia de ruído, o ruído feito polo chifre do inmenso barullo que hai nunha rúa de movida, como se pode facer esta medición?, salvo que se lle diga a este individuo que persista na súa actitude ata que cheguen os efectivos policiais co sonómetro, ou de atoparse co sonómetro, que este individuo como infractor de tal feito se manteña na súa actitude para poder facer varias medicións e solicitar a colaboración dos centos de persoas que se atopan nese intre nesa rúa para que non interfiran nas medicións, é totalmente inviable. Isto é o mesmo que pretender sancionar os gritos e o barullo provocado pola xente mediante unha ordenanza de ruído coa utilización dun sonómetro.

Todos os establecementos desa zona se atopan con licenza de café bar especial, que é a mesma que pub. Os locais que se atopan na rúa Mazacañamos son: ***P., F.,*** *esquina coa rúa Condesa, pechado dende hai uns seis meses,* ***J., B.I.*** *e* ***B. ,*** *non hai ningunha discoteca na zona e cando incumpren o horario de peche ou apertura son denunciados."*

Do exame da información municipal dedúcese que o concello segue a sinalar que a interesada non realizou denuncias, a pesar de que claramente afirma que chamou en numerosas ocasións a policía local. Como xa tivemos ocasión de destacar, as chamadas non son outra cousa que denuncias; non teñen porque formularse por escrito, senón que a partir da chamada son os servizos municipais os que deberan comprobar a realidade dos feitos polos medios adecuados, para despois continuar o procedemento que corresponda de oficio. O que en realidade parece que sucedeu é que a policía local non considerou determinadas chamadas como relevantes, ou non as considerou merecedoras de intervención, a pesar da súa reiteración. Iso dedúcese do expresado (*non toda chamada debe ter esta consideración* (denuncia)*, todo cos seus matices*) e das consideracións sobre as circunstancias persoais da afectada (sinálase que se *atopa desgraciadamente a tratamento psicolóxico dende hai moito tempo).* En relación con esta concreta mención debe sinalarse que a situación da interesada non deberan utilizarse en sentido xustificativo da abstención municipal, posto que o feito de que se atope nese estado en todo caso é unha circunstancia que debera motivar un maior grao de atención por parte das autoridades competentes. Resulta evidente que unha persoa enferma merece un maior grao de atención respecto das circunstancias ambientais que poden descompensala; e máis se existe a

posibilidade de que a causa do seu estado ou do agravamento da súa doenza sexa precisamente a situación da zona, confirmada polo propio concello.

Efectivamente, a través dos informes achegados pola policía local, nalgúns puntos certamente confusos, conclúese que a situación é real, posto que os ruídos da movida na zona existen, aínda que se expresa que non poden ser solucionados cos medios dispoñibles e cos criterios que se aplican á situación; aínda parece realizarse unha crítica a actuación municipal respecto dos medios de control.

Durante moito tempo o concello non dispuxo dun medio esencial para o control do ruído, o sonómetro, polo que cando acudía aos lugares problemáticos unicamente *pregábase* aos propietarios dos locais que baixasen o volume, co que dificilmente se corrixirían definitivamente as situacións, posto que non se iniciaban expedientes sancionadores. No primeiro informe o ente local afirmaba que xa tiña sonómetro e se comprometía a utilizalo, aínda que no último segue sen darse conta de ningunha medición de ruído transmitido. Unha das supostas xustificacións que pretende dar a policía local é que lle resulta imposible diferenciar a responsabilidade das diferentes fontes, sobre todo as persoas na rúa e os ruídos dos locais, polo que non se realiza ningunha medición; é dicir, parece concluírse que como o ruído é xeneralizado, entón non se pode facer nada.

En contra do expresado debe subliñarse que é función municipal controlar as diferentes fontes de ruído desproporcionado, impedíndoo tanto na rúa coma nos locais.

No exterior debera vixiarse o cumprimento do previsto no Decreto 320/2002, que establece que se reconduzan as condutas ruidosas; en concreto prevé que os titulares dos establecementos velen para que os usuarios, ao entraren e saíren, non produzan molestias á veciñanza, o que inclúe o consumo de bebidas fora do local, que se atopa prohibida, salvo zonas autorizadas ou terrazas (artigo 12.1). No caso de que se trate doutro tipo de problemas sinálase que *"calquera outra actividade ou comportamento singular ou colectivo, non comprendido nos puntos precedentes deste capítulo, que comporte unha perturbación por ruídos para a veciñanza, evitable coa observancia dunha conduta cívica normal, será sancionado conforme o establecido neste regulamento"* (artigo 26.5). Por iso,

deben reconducirse este tipo de manifestacións cando causen perturbación, o que sería facilmente comprobable.

Nalgúns casos os comportamentos no exterior non precisan de ningunha medición, senón que resulta suficiente coa mera constatación dos feitos nas actas dos axentes da autoridade. Tal sucede cos descritos nos artigos 12.1 ou 26.5 do Decreto 320/2002, entre os que se podería contar o sucedido respecto do chifre. O tratamento deste caso resulta moi deficiente, pero pola propia interpretación do mesmo que fan a policía local e polo tanto o concello. Parece evidente que a corrección deste suposto non precisa medición de ruídos, senón a mera constatación do feito a través de acta de comprobación, resultando de aplicación ou ben a ordenanza particular do concello, ou o Decreto 320/2002.

A zona conta con numerosos locais e con moita afluencia de xente neles e no exterior. Ao parecer os locais teñen licenza para funcionar con música e ata altas horas da madrugada, o que ocasiona problemas que proveñen tanto da actividade interior como exterior (por exemplo, polo intenso tránsito a altas horas da madrugada). Isto fai que sexa necesario corrixir ambas as dúas circunstancias, os ruídos exteriores e interiores, de acordo co sinalado nos anteriores parágrafos. Os exteriores xa os tratamos; e respecto dos interiores, faise necesaria a súa medición polos medios legalmente previstos, de tal forma que poidan ser corrixidos e, no caso de repetirse, poidan evitarse definitivamente mediante a aplicación das medidas mais estritas, como o peche dos establecementos.

Pero no caso de que os problemas continuasen coa aplicación das medidas máis básicas, entón sería preciso coñecer se se dan as circunstancias para a declaración da zona como *saturada por acumulación de ruídos*, de acordo co previsto no artigo 12.2 do decreto autonómico 320/2002. Efectivamente, se os locais contan con licenza, e despois de intervir adecuadamente para aplicar todas as medidas precisas aínda continúan os problemas de ruído, entón a normativa prevé a necesidade de aplicar o previsto para este tipo de situacións.

O artigo 12.2 do Decreto 320/2002 sinala que *"naquelas zonas da cidade onde existan numerosas actividades destinadas ao uso de establecementos abertos ao público sempre que os niveis de recepción no ambiente exterior, producidos pola adición ás múltiples actividades existentes e pola actividade das persoas que utilicen estes establecementos, superen en mais de 3 dB os niveis fixados nesta disposición, o concello establecerá as medidas oportunas, dentro do seu ámbito de competencias, tendentes a diminuír o nivel sonoro exterior ata situalo dentro dos límites correctos"*.

A xurisprudencia resalta a necesidade de determinar e abordar o problema da saturación de ruídos de maneira urxente alí onde se constate, como tamén a necesidade de que as medidas a aplicar sexan as adecuadas para a solución eficaz do problema en función das circunstancias, descartando a adopción de medidas de tipo discrecional ou as limitadas ñá non agravar o problema (por exemplo, sentenza do Tribunal Superior de Xustiza das Illas Baleares do 29 de xuño de 1999). Esta interpretación ampla das medidas a aplicar en caso de declaración de zonas saturadas vén prevista no Decreto 320/2002, que, como vimos, dispón a aplicación das *medidas oportunas*, sen concretalas nin limitalas. Por tanto, sempre que as devanditas medidas resulten suficientemente motivadas e proporcionadas ao problema poderán ser aplicadas polo concello, que ademais se atopa obrigado a conducirse para lograr tal fin, posto que en caso contrario resultaría responsabilidade municipal. Iso é o que se deduce da sentenza do Tribunal Supremo do 18 de novembro de 2002, que recoñece a responsabilidade patrimonial dos entes locais por insuficiente actuación para corrixir os problemas derivados de contaminación acústica presentes nunha determinada zona. Confirma a responsabilidade dun concello como consecuencia da súa falta de dilixencia no tratamento dos ruídos. A sentenza subliña que o axuizado era a actividade xeral ante o problema, deducindo unha conduta pasiva *"vulneradora dalgún dereito fundamental"*.

As disposicións municipais ao respecto normalmente limítanse a non autorizar novas licencias na zona; pero esta medida en nada soluciona o problema se non vai acompañada doutras máis restritivas ou drásticas que permitan aliviar os prexuízos constatados, ou, como di o Decreto 320/2002, *diminuír o nivel sonoro exterior ata situalo dentro dos límites correctos*.

Todo o anterior supón unha desatención das funcións municipais contempladas no art. 9 da Lei 7/1997, de protección contra a contaminación acústica, onde se sinala que "corresponde aos concellos exercer o control do cumprimento da presente lei, exixir a adopción de medidas correctoras necesarias, sinalar limitacións, realizar cantas inspeccións se requiran e aplicar as sancións correspondentes en caso de incumprimento"; e no art. 25 da LRBL, que establece que "o municipio exercerá, en todo caso, competencias, nos termos da lexislación do estado e das comunidades autónomas, nas seguintes materias: f) protección do medio ambiente". E esa desatención pode dar lugar á responsabilidade municipal, como sinalamos, e como reiteradamente vén determinando a xurisprudencia ao xulgar supostos moi similares.

A cidadá que promoveu a queixa está demandando a preservación duns intereses especialmente protexidos na Constitución española, que ampara os dereitos á intimidade persoal e familiar (art. 18.1), á inviolabilidade do domicilio (art. 18.2), á protección da saúde (art. 43.1), e o dereito a gozar dun medio ambiente adecuado e á protección e mellora da calidade de vida (art. 45.1 e 2). Como consecuencia das citadas disposicións constitucionais, os poderes públicos teñen a obrigación principal de protexer os dereitos mencionados, segundo o establecido no artigo 53 do texto fundamental.

No suposto que coñecemos, da información dispoñible parece deducirse que o Concello de Noia non adoptou todas as medidas ao seu alcance para protexer os dereitos constitucionais citados anteriormente e que están sendo obxecto de menoscabo. Así pois, o principio constitucional de eficacia no labor das administracións públicas (art. 103.1 CE) non parece terse aplicado con rigor no tratamento desta problemática, á vista da insuficiencia das actuacións municipais e fundamentalmente pola abstención na adopción das medidas adecuadas, deixando transcorrer un período de tempo dilatado sen solucionar claramente a cuestión, sendo isto perfectamente posible.

Por todo o sinalado ata agora considerase necesario, en aplicación do disposto no artigo 32.1 da Lei 6/1984, do 5 de xuño, do Valedor do Pobo, facer chegar a ese Concello de Noia a seguinte **recomendación:**

“**Que con urxencia se comprobe de forma exhaustiva o nivel de ruído transmitido por todos os locais citados no informe municipal e obxecto da presente queixa, de tal forma que se corrixa a actitude pasiva do concello en relación con tal cuestión; que tamén se comproben as circunstancias de ruído xerado na vía pública, e que no seu caso se corrixan, de acordo co previsto no decreto 320/2002; e que, no suposto de que coas intervencións anteriores non se consiga reconducir a situación, entón se inicien as análises precisas para determinar se a zona debe ser declarada como saturada por acumulación de ruídos e, de ser o caso, se apliquen as medidas oportunas para corrixir esta circunstancia”.**

Resposta do Concello de Noia: recomendación aceptada.

6.- Recomendación dirixida ao Concello de Noia o 6 de maio de 2008 debido a prexuízos ocasionados polo funcionamento de locais de ocio (Q/2071/2007)

Nesta institución iniciouse expediente de queixa como consecuencia do seu escrito referente aos prexuízos ocasionados polo funcionamentos de locais de ocio.

No seu escrito, esencialmente, indícanos que vive nun edificio con 3 baixos comerciais, todos eles dedicados á hostalería. O primeiro é tipo “pub”, o segundo tipo cafetería, e o terceiro é unha discoteca que funciona os sábados ata ás 3:30, pero logo volta a abrir ás 6:00 ata ás 10:00 da mañá do domingo. Ás 2:00 e antes xa están os veciños a chamar á policía local, por gritos na rúa, pelexas, ou o volume dos locais, que fan retumbar o piso. Volven chamar á policía a partir das 6:00 da mañá, cando abren de novo. Sen embargo, a día de hoxe a situación non se corrixiu.

Ante iso solicitamos información ao Concello de Noia, que xa nola remitiu. Esta consiste nun informe da policía local, no que se sinala o seguinte:

“Vistos os escritos do Valedor do Pobo e o que neles interesa, comunícase o seguinte: os locais de influencia ás queixas presentadas por D. S.P.S. son os seguintes:

- ***Café L.****, sito na rúa Alameda, con entrada pola rúa Avda. da Coruña, baixo, desta localidade, conta cun acordo da Xunta de Goberno Local de data 12-7-07 de café bar, a nome de J.A.F.M....*

- ***Cafetería C.,*** *sito na rúa Alameda, baixo, s/n desta localidade, ten licenza café bar especial, tipo A, con decreto alcaldía 198, de data 22-6-2001, a nome de J.V.R.G....*

- ***Café Bar C.****, sito na rúa Alameda, soto, de esta localidade, ten licenza de café bar, decreto de alcaldía 7310/08, de data 30-9-08, sendo o seu propietario ou xerente, D. C.T.C.B...*

Enténdese que estes locais se axustan na súa actividade á licenza coa que contan, ***salvo outro criterio****, e visto o Decreto 160/2005, do 2 de xuño que modifica o Decreto 292/04, polo que se aproba o Catálogo de espectáculos públicos e actividades recreativas da C.A. de Galicia, no seu anexo e aliña 2.72. bar, café-bar, son os establecementos así definidos na normativa de turismo, entendendo que nos remite á Lei 9/1997 de ordenación do turismo en Galicia, onde no seu art. 56, define restaurante, cafeterías, bares e "café-bar", non se fai ningunha alusión á música, entendendo que o non haber ningunha mención nin prohibición expresa, poden dispoñer de ambientación musical, o mesmo ocorre coa ambientación luminosa, non hai nada preceptuado. De ser criterio equívoco o anteriormente exposto, polo asesor xurídico ou técnico que corresponda, debería informarse de se os locais cafetería, bar, café-bar poden ou non dispoñer de música e que tipo de iluminación poden ter.*

Non se sabe se se fixeron mediacións do ruído transmitido ás vivendas por persoal técnico deste concello; por parte desta policía local, non, malia que se fai constar que nalgunha ocasión se lle ten dito a D. S.P.S., que sería bo que nos permitise facer algunha medición no seu domicilio, quen accedeu de momento a iso, fíxose algunha medición no propio local, dando resultado positivo e remitindo acta ao departamento correspondente deste concello.

Non hai ningunha discoteca nesta zona que nos ocupa, o Café Bar C. pecha á súa hora e abre dentro do horario establecido que é ás 6 da mañá."

En primeiro termo é de sinalar que, en contra do expresado polo informe, os bares ou similares non poden funcionar con música.

As actividades clasificadas precisan a correspondente licenza municipal de funcionamento, autorización outorgada segundo o establecido no RAMINP (Decreto 2414/1961). A través deste instrumento de control preventivo e continuado protéxese o interese público, facendo compatibles a actividade, por unha parte, e a evitación das molestias desproporcionadas, por outra, outorgando as licenzas soamente cando iso sexa posible en función das circunstancias particulares do suposto e coas medidas correctoras previstas para garantir a ausencia de prexuízos. Pero co outorgamento da licenza non termina o labor do ente local. A licenza abre unha relación continuada no curso da cal a administración local terá por función garantir en todo momento o interese público, principalmente o dos veciños inmediatos, o que, segundo reiterada xurisprudencia, constitúe unha condición implícita de toda licenza municipal de funcionamento.

Loxicamente, unha das condicións que deben cumprir os locais autorizados é o axuste ao tipo de licenza que lles foi concedida, de tal modo que as súas actividades non superen os parámetros manexados á hora de conceder as licenzas de funcionamento. A este respecto, os locais que contan con licenzas para funcionar como simples bares, cafetarías ou similares non poden realizar o seu labor con música e cun horario amplo, entre outras moitas razóns porque no momento do exercicio do control preventivo, é dicir, no procedemento da licenza, os promotores e as administracións intervenientes (concello e Consellería de Medio Ambiente e Desenvolvemento Sostible) non garantiron a inocuidade dos locais nesas condicións de uso, ao se preveren outras. As exixencias ambientais para este tipo de locais son menos rigorosas, polo que se posteriormente non axustan o seu modo de funcionar ao verdadeiramente habilitado, poden causar importantes prexuízos, e, en calquera caso, están incumprindo as condicións da licenza municipal que posúen.

Este tipo de establecementos non poden contar con música, nin pretender exercer como pubs. Ao respecto xa tivemos ocasión de sinalar en anteriores ocasións que a denominación café-bar fai referencia a locais que non poden incluír na súa actividade equipos de música, incluso nos supostos en que se encontran mencionados nos proxectos (véxase a recomendación e suxestión incluídas no Informe Anual ao Parlamento de Galicia 2002: 249 e ss). Así se desprende da diferenciación que realizan as variadas normas reguladoras da materia, como poden ser o catálogo de espectáculos públicos e actividades recreativas da Comunidade Autónoma de Galicia (Decreto 292/2004), o Real decreto 2816/1982, do 27 de agosto, polo que se aproba o regulamento xeral de policía de espectáculos públicos e actividades recreativas, ou as diferentes ordes da Consellería de Presidencia, Administracións Públicas e Xustiza que veñen regulando os horarios de apertura e peche dos locais. O concello sinala o primeiro decreto como xustificante da súa posición, cando del resulta o contrario. O Decreto 292/2004 cita as salas de baile ou festas, as discotecas, os pubs e os karaokes como establecementos con ambientación musical, e, polo contrario, ao mencionar as cafeterías, cafés ou bares non sinala que teñan esa característica, a ambientación musical, pola que a diferenza resulta clara. A remisión á *normativa de turismo,* que menciona o concello, non desvirtúa o sinalado*;* segundo expresa o propio concello, a normativa de turismo *non fai alusión ningunha a música,* cousa que resulta lóxica, posto que, como o citado catálogo, está definindo unha actividade en sentido positivo, non por mención de todo o que non poden ter.

O concello debera garantir o adecuado desenvolvemento do procedemento desde o seu comezo, especialmente do trámite de información pública, e globalmente debería garantir a protección dos dereitos constitucionais potencialmente afectados dos interesados neste tipo de cuestións, claramente da súa competencia (RAMINP e art. 9 da Lei 7/1997, de protección contra a contaminación acústica). Se un local se tramita como café-bar no procedemento de obtención da licenza municipal, no correspondente proceso de información pública (con comunicación persoal aos veciños inmediatos) figurará que o desexo do promotor é a apertura deste tipo de local, sen máis. E en caso de que ao tempo se pretenda instalar música no local, a unión de ambas as circunstancias levará a un evidente erro nos potenciais prexudicados, que incluso podería ser considerado como causa da eventual nulidade ou anulación da resolución recaída. Esta confusión daríase porque o

normal sería que os interesados non se preocupasen en maior medida á vista de que o que supostamente se pretende é a instalación dun simple café-bar, polo que sería perfectamente posible que decidisen nin tan sequera consultar o proxecto, nin presentar alegacións, pensando sempre na previsible ausencia de música e, conseguintemente, de molestias desproporcionadas. Sen embrago, con posterioridade á tramitación do procedemento descubrirían que a denominación non se corresponde co que realmente se pretendía, senón que o que verdadeiramente se autorizou foi un bar con música, sen que tal circunstancia constase nin na notificación persoal recibida nin no anuncio da apertura do período de información pública no boletín oficial da provincia. Así, esta circunstancia debera ser obxecto de corrección no procedemento, salvo que se interpretase por parte do concello que o local, en calquera caso, era e é un café-bar, sen música por tanto.

O argumento que sostén que os simples bares ou cafés poden optar entre ter ou non ter música é, para estes efectos, un claro elemento de inseguridade xurídica, posto que obrigaría a todos os veciños afectados por un establecemento denominado dese modo a comprobar no correspondente proxecto se trátase dunha actividade con ou sen música, o que leva necesariamente a entender esa interpretación como inadecuada desde o momento en que tal indefinición ou inseguridade se pode evitar facilmente aplicando criterios máis rigorosos á hora de coñecer a materia.

Ademais, a interpretación de que pode existir un local que sendo formalmente café-bar exerza a súa actividade habitualmente con música trae consigo determinadas consecuencias que parecen conducir ao absurdo, e, por tanto, débese descartar. Como exemplo podemos citar que un local con ese tipo de licenza (café) debería respectar o horario nocturno limitado que establecen as correspondentes ordes, pero teoricamente podería abrir a primeira hora da mañá, incluso de madrugada, como todos os bares, enganchando co horario dos bares especiais, pubs e discotecas, que a esa hora finalizan a súa actividade permitida. E, como ademais podería ter música (segundo a interpretación incorrecta que comentamos), tamén podería recoller toda a clientela que aínda desexe permanecer nese tipo de ambiente.

Precisamente isto é o que parece que sucede con algúns dos locais obxecto da queixa, cando se di que os sábados un dos establecementos, despois da súa actividade ordinaria, volve a abrir ás 6:00 ata ás 10:00 da mañá do domingo. O absurdo da interpretación municipal que rebatemos resulta do propio informe, cando di que parece correcto o horario do Café Bar C. *(pecha á súa hora),* engadindo que *abre dentro do horario establecido, que é ás 6 da mañá;* coa interpretación que ademais fai o concello, isto é, que pode abrir con música, o único que fai é confirmar o expresado polo reclamante, que sinala na queixa que a esa hora volven a ter problemas coa música e co resto das molestias asociadas a este tipo de locais, como o tránsito de persoas, o que precisamente se pretende evitar coa limitación de horarios.

Por outra banda, o concello non aclara a situación da licenza da *Cafetería C.,* que, segundo sinala, *ten licenza café bar especial tipo A,* e que por tanto antes estaba habilitada para ter música. Sen embargo, esa licenza hai tempo debera adaptarse ao previsto no Catálogo de espectáculos públicos e actividades recreativas da Comunidade Autónoma de Galicia, segundo o disposto pola disposición transitoria primeira do Decreto 292/2004, que non contempla ese tipo de establecementos.

Por último, o ente local sinala que non fixo medicións de ruídos dos locais, e pretende xustificalo porque en ocasións lle indicaron ao interesado que *sería bo que permitise facer algunha medición no seu domicilio,* pero non accedeu. Non obstante, o concello non sinala se as medicións se refiren ao específico momento en que se dan as molestias, único en que poden comprobarse (non despois), e porqué non se fan noutras casas, posto que na queixa se di (e non o nega o concello) que as chamadas e denuncias proveñen de diferentes afectados. Ademais, o Concello de Noia, con ocasión do coñecemento doutras queixas, sinalou que non dispoñía de sonómetro, polo que a súa disposición para facer comprobacións debe ser recente. Finalmente, non se expresa o resultado dos expedientes derivados das medicións que se di ter feito no interior dos locais.

Todo o anterior supón unha desatención das funcións municipais contempladas no art. 9 da Lei 7/1997, de protección contra a contaminación acústica, onde se sinala que "corresponde aos concellos exercer o control do cumprimento da presente lei, exixir a

adopción de medidas correctoras necesarias, sinalar limitacións, realizar cantas inspeccións se requiran e aplicar as sancións correspondentes en caso de incumprimento"; e no art. 25 da LRBL, que establece que "o municipio exercerá, en todo caso, competencias, nos termos da lexislación do estado e das comunidades autónomas, nas seguintes materias: f) protección do medio ambiente". E esa desatención pode dar lugar á responsabilidade municipal, como sinalamos, e como reiteradamente vén determinando a xurisprudencia ao xulgar supostos moi similares.

O cidadán que promoveu a queixa está demandando a preservación duns intereses especialmente protexidos na Constitución española, que ampara os dereitos á intimidade persoal e familiar (art. 18.1), á inviolabilidade do domicilio (art. 18.2), á protección da saúde (art. 43.1), e o dereito a gozar dun medio ambiente adecuado e á protección e mellora da calidade de vida (art. 45.1 e 2). Como consecuencia das citadas disposicións constitucionais, os poderes públicos teñen a obrigación principal de protexer os dereitos mencionados, segundo o establecido no artigo 53 do texto fundamental.

No suposto que coñecemos, da información dispoñible parece deducirse que o Concello de Noia non adoptou todas as medidas ao seu alcance para protexer os dereitos constitucionais citados anteriormente e que están sendo obxecto de menoscabo. Así pois, o principio constitucional de eficacia no labor das administracións públicas (art. 103.1 CE) non parece terse aplicado con rigor no tratamento desta problemática, á vista da insuficiencia das actuacións municipais e fundamentalmente pola abstención na adopción das medidas adecuadas, deixando transcorrer un período de tempo dilatado sen solucionar claramente a cuestión, sendo isto perfectamente posible.

Por todo o sinalado ata agora considérase necesario, en aplicación do disposto no artigo 32.1 da Lei 6/1984, do 5 de xuño, do Valedor do Pobo, facer chegar a ese Concello de Noia a seguinte **recomendación**:

"Que con urxencia se proceda a corrixir o funcionamento irregular dos dous locais obxecto da queixa que contan con licenza de cafe-bar, que non se axustan ao habilitado na súa licenza, ao funcionar con música, e, polo menos nun dos casos, cun

horario amplo; que tamén con urxencia se revise a licenza da cafetería especial, que non se axusta ao previsto no catálogo de espectáculos públicos e actividades recreativas de Galicia; e que se realicen cantas medicións sexan precisas para comprobar e corrixir os ruídos transmitidos, especialmente no caso do local con licenza de cafetería especial".

Resposta do Concello de Noia: recomendación non respondida e por tanto rexeitada.

7.- Recomendacións dirixidas ás Consellerías de Política Territorial, Obras Públicas e Transportes, de Innovación e Industria e de Medio Ambiente e Desenvolvemento Sostible o 6 de xuño de 2008 debido á suposta existencia de numerosas canteiras sen licenza (Q/1892/2007)

Nesta institución iniciouse expediente de queixa de oficio, en aplicación do disposto no artigo 16 da Lei 6/1984, do 5 de xuño, do Valedor do Pobo, como consecuencia da noticia contida no diario "El País" do día 29 de outubro (páxina 3, Galicia), na que se sinala que as empresas mineiras explotan en Galicia 300 canteiras sen licenza.

Na noticia indícase tamén que nas oficinas de Urbanismo da Consellería de Política Territorial, Obras Públicas e Transportes se amontoan uns 300 expedientes de empresas mineiras que piden desde 2004 que a Xunta legalice a súa explotación. Este grupo de canteiras que levan anos funcionando sen licenza urbanística supón o 65% dos máis de 450 filóns abertos no solo de Galicia para extraer materiais como cuarzo, granito ou lousa.

Ademais sinala que o Parlamento tramita unha lei reguladora do sector, a de ordenación mineira de Galicia, que pretende acabar con este caos, aínda que a fórmula elixida desgusta a empresarios, ecoloxistas e agricultores. Este proxecto de lei de ordenación da minería de Galicia faculta á Consellería de Innovación e Industria para decidir, caso por caso, se legaliza as canteiras sen licenza urbanística, tras consultar a

Comisión Superior de Urbanismo e a Consellería de Medio Ambiente e Desenvolvemento Sostible.

Sen embargo, as organizacións ecoloxistas e os sindicatos agrarios reclaman que se aproveite o proceso para establecer maiores controis sobre unha actividade que, segundo subliñan, provocou graves impactos sobre o territorio. A situación de ilegalidade na que se atopan as explotacións mineiras non ten outros responsables que as propias empresas, que actuaron con pleno coñecemento de tal ilegalidade, e as administracións, en concreto as consellerías de Innovación e Industria e de Política Territorial, Obras Públicas e Transportes, así como os municipios, que a consentiron, sinalan *Adega* e o *Sindicato Labrego Galego*.

As Consellerías citadas din carecer de datos sobre cantos xacementos funcionan sen todos os permisos; son as empresas as que apuntan a cifra de 300. Estas mesmas empresas sinalan que unha das causas da situación apuntada é a Lei 9/2002, de ordenación urbanística e protección do medio rural de Galicia, que "lle deu unha importancia á licenza urbanística municipal que antes non tiña", segundo o director da Cámara Oficial da Minería de Galicia.

En relación co exposto ata agora é de subliñar que como conclusión da investigación das queixas Q/1392/2004, Q/768 e 1169/05 e Q/1698/06, o 30 de xaneiro do pasado ano recomendamos á Consellería de Política Territorial, Obras Públicas e Transportes que "con urxencia se resolva sobre a posible aplicación á explotación obxecto da queixa da medida excepcional de legalización prevista na disposición transitoria 12 da Lei 9/2002, e que en caso positivo se establezan as medidas precisas para garantir o interese público e, en espacial, o da poboación afectada, así como o medio ambiente e os principios básicos da ordenación do territorio. Ademais, para o tratamento doutras posibles solicitudes relativas á disposición transitoria 12 da Lei 9/2002, que con urxencia se establezan as condicións de tipo xeral para a aplicación da mesma, e que nelas se inclúan medidas para garantir a preservación da calidade de vida da poboación afectada, do medio ambiente e dos principios básicos de ordenación do territorio. E que, en consonancia coa

natureza transitoria da previsión legal, tamén se estableza un prazo limitado de aplicación da medida, pasado o cal a habilitación da disposición se entenda decaída".

Efectivamente, a disposición transitoria 12º da Lei 9/2002, de ordenación urbanística e protección do medio rural de Galicia, sinala que "*as explotacións mineiras e as actividades extractivas de recursos minerais en activo no momento da entrada en vigor da Lei 9/2002 localizadas en solo rústico especialmente protexido poderán continuar a súa actividade nos ámbitos para os que dispoñen de licenza urbanística municipal. Cando non conten coa preceptiva licenza, para continuar a súa actividade ou ampliar a explotación deberán obtela, logo da autorización do Consello da Xunta, oída a Comisión Superior de Urbanismo de Galicia. O Consello da Xunta valorará a compatibilidade ou non da explotación cos valores naturais, ambientais e paisaxísticos existentes. A implantación de novas explotacións e actividades extractivas en calquera categoría de solo rústico especialmente protexido non poderá realizarse en tanto non sexa aprobado definitivamente o correspondente plan sectorial de actividades extractivas, ao abeiro da Lei 10/1995, de ordenación do territorio de Galicia, que será formulado e tramitado polo conselleiro competente en materia de urbanismo e ordenación do territorio; todo isto, sen prexuízo da posibilidade de outorgar autorización para actividades extractivas en solo rústico de protección ordinaria e de especial protección forestal, segundo o disposto polos artigos 36 e 37"*. A pesar do confuso de determinados aspectos desta disposición, trátase dunha norma que habilita eventuais legalizacións mediante a aplicación dun réxime transitorio e excepcional.

A Consellería de Política Territorial, Obras Públicas e Transportes non aclarou suficientemente o proceso de eventual regularización temporal ou transitorio sinalado. A recomendación se fixo, entre outras cousas, porque a Consellería sinalaba que en 2007 se coñecía unha solicitude de legalización de acordo con dita disposición, a pesar do moito tempo transcorrido dende que se aprobara como disposición transitoria. Na súa última resposta á recomendación sinala que o réxime transitorio se atopa implícito "pola expresa esixencia para poder acollerse a tal norma, de que as explotacións ou actividades estivesen en funcionamento previamente á entrada en vigor da LOUGA carecendo da correspondente licenza municipal". Sen embargo, seguía sen aclararse se xa se promoveran

todas as posibles legalizacións, ou se non se admitían máis; e, sobre todo, se a administración autonómica xa rematara o proceso, legalizando ou rexeitando todas as solicitudes que se deran. É de ter en conta que o proceso excepcional se iniciara no 2002, se modificara no 2004, e, por tanto, transcorreron case 5 anos dende a habilitación desde posibilidade para as explotacións irregulares, polo que parecía razoable pensar que debera terse finalizado. Só así poderían coñecerse as explotacións legalizables (e de feito legalizadas) e as que non o son, de tal forma que se impida definitivamente o funcionamento destas últimas.

As *tramitacións pendentes* mencionadas na noticia que da orixe a esta queixa de oficio parecen referidas ao trámite da disposición transitoria 12ª da Lei 9/2002, de ordenación urbanística e protección do medio rural de Galicia. Por tanto, é posible resolver sobre ditas solicitudes, e aínda parece unha obriga (artigo 42 da Lei 30/1992, de RXDP e PAC).

Ao parecer podería configurarse un novo réxime excepcional de ser aprobado o proxecto de lei de ordenación mineira en trámite; do exposto na noticia, cambiaría o órgano habilitado para o outorgamento da legalización das explotacións sen licenza urbanística. Así, prolongaríase o período transitorio, a pesar de que se atopa vixente e non se resolveu sobre este, co que a situación de indefinición podería continuar debido a aparente inactividade respecto dun número considerable de explotacións sen licenza urbanística, no caso de confirmarse o expresado na noticia.

Existe unha fundada preocupación pola proliferación e impacto natural das explotacións mineiras a ceo aberto. Moitas veces o problema ponse de manifesto unha vez concluída a fase de explotación, que en ocasións se produce pola imposibilidade económica da propia empresa para rematar adecuadamente a explotación, co conseguinte prexuízo estético ou paisaxístico. Neste senso, MARTINEZ NIETO apunta que "*ninguna actividad es capaz de devastar más el territorio que la minería de superficie. Las labores mineras a cielo abierto arrasan la fisonomía del paisaje natural sobre el que actúan, transformándolo de forma irreversible y dando lugar a nuevas estructuras*

geomorfológicas en el área afectada". ("La protección del paisaje en el Derecho español", en Revista de Derecho Ambiental, n.º 10, páxinas 39-40).

Respondendo a esa preocupación xa no informe anual dirixido por esta institución ao Parlamento de Galicia en 1996 se deixaba constancia de que o sector examinado se atopaba afectado por graves deficiencias ou irregularidades. Co título *"As explotacións mineiras a ceo aberto como causa de grave deterioración do medio ambiente"*, no capítulo primeiro dese informe subliñábase que o ordenamento aborda esta problemática co obxectivo declarado de facer fronte aos efectos máis perniciosos do funcionamento das grandes e pequenas minas a ceo aberto. O parágrafo 2 do artigo 45 da Constitución establece a obriga dos poderes públicos de velar pola utilización racional de todos os recursos naturais, e a Lei 21/1992, do 16 de xullo, de industria, preceptúa a necesidade de contribuír a compatibilizar a actividade industrial coa protección do medio ambiente (art.1) e que trata de evitar a produción de lesións ou danos a persoas, flora, fauna, bens ou o medio ambiente (art. 10).

Os efectos sobre o medio ambiente deste tipo de actividades concrétanse basicamente no dano paisaxístico e na contaminación que poden xerar os residuos que producen, pero tamén existen outras consecuencias, como pode ser a utilización das minas abandonadas como espazos propicios para o depósito ilegal de residuos de todo tipo.

Comezouse por solicitar información á Dirección Xeral de Industria sobre o estado ambiental das minas a ceo aberto que se contabilizan no noso país, e chegouse á conclusión de que en Galicia habería arredor de 600 explotacións mineiras a ceo aberto. Case a metade estarían levando a cabo plans de restauración, polo que a outra metade non o farían. Aínda existían numerosas explotacións mineiras que non contaban co correspondente *plan de restauración* dos espazos naturais afectados pola actividade extractiva, previsto no Real decreto 2994/1982, e iso a pesar do tempo transcorrido dende a súa entrada en vigor e do vencemento do período transitorio para a aplicación do seu contido ás explotacións xa en funcionamento. Máis abundante aínda era a ausencia de garantía económica ou fianza ambiental que asegurara a efectiva realización dos labores de restauración; o propio Real decreto 2994/1982 establecía a habilitación para a devandita

garantía suficiente (art. 5), e no ámbito autonómico a posibilidade de esixila viuse reforzada polo Decreto 455/1996, de fianzas en materia ambiental. A presenza dunha balsa de recollida de residuos líquidos tamén era unha prevención ambiental case excepcional. A pesar dos incumprimentos sinalados, os requirimentos para o cumprimento da normativa ambiental e as sancións administrativas eran escasos.

Polo anterior formulamos as seguintes recomendacións: 1ª. Que se requira a formulación de plans de restauración dos espazos naturais afectados polas actividades extractivas nas explotacións que non conten con elas, ou ben de estudos de impacto ou efectos ambientais, en aplicación do disposto no Real decreto 2944/82 e no artigo 6 da Lei 1/1995, de protección ambiental de Galicia. 2º Que no caso de incumprimento da prescrición anterior se inicie o correspondente expediente sancionador contra o titular da explotación que se negue ao cumprimento das esixencias de planificación da restauración. 3ª. Que en aplicación dos artigos 5.1º do R.D. 2944/82, 5.6º da Lei de protección ambiental de Galicia, e do Decreto autonómico 455/1996, do 7 de novembro, de fianzas en materia ambiental, se instrumenten as medidas de garantía económica para asegurar a restauración de todos os espazos naturais afectados polas explotacións mineiras. 4ª. Que en xeral se avalíen e se establezan as medidas oportunas para o funcionamento axeitado das explotacións mineiras a ceo aberto no caso das explotacións obxecto da información facilitada e con respecto ás que se determinou algunha carencia ambiental.

Unha das carencias máis común resulta a ausencia dos títulos que habiliten a actividade, isto é, as concesións, licenzas ou autorizacións. De confirmarse o indicado na noticia citada resultaría que, moito tempo despois da ampla investigación indicada e da formulación das conclusións e recomendacións resinadas, aínda permanecerían moitas das deficiencias e irregularidades detectadas no seu momento.

Ante todo iso solicitamos información, no ámbito das súas competencias, ás consellerías de Medio Ambiente e Desenvolvemento Sostible, de Política Territorial, Obras Públicas e Transportes, e de Innovación e Industria, sobre os extremos sinalados, en particular sobre as explotacións mineiras que solicitaron acollerse á eventual legalización prevista na disposición transitoria 12 da Lei 9/2002; sobre as solicitudes resoltas, sobre o

senso desas resolucións, e sobre as que se atopan pendentes de resolver; sobre a data na que se prevé resolver as solicitudes pendentes, de ser o caso; sobre se as solicitudes esgotan as explotacións en situación urbanística irregular, e, en caso de que non sexa así, sobre medidas adoptadas en relación coas explotacións que non solicitaron a súa legalización; sobre as medidas adoptadas en relación coas explotacións con legalización denegada; e sobre a información engadida que se considera de relevancia para a valoración da presente queixa de oficio. Xa se recibiron os informes das Consellería, e neles sinálase o seguinte:

- Consellería de Medio Ambiente e Desenvolvemento Sostible:

"Con data 7 de novembro de 2007 recibiuse a súa solicitude de información en relación coa queixa promovida de oficio e identificada co número de expediente Q/1892/2007, como consecuencia da noticia contida no diario "El País" do día 29 de outubro, dando conta da existencia de empresas mineiras que explotan en Galicia 300 canteiras sen licenza. En relación co anterior, as Dirección Xerais de Conservación da Natureza, Calidade e Avaliación Ambiental e Desenvolvemento Sostible desta consellería emiten os correspondentes informes ao respecto, que se achegan con este escrito, esperando que lle facilite unha completa información sobre o tema suscitado."

A Dirección Xeral de Conservación da Natureza sinala que *"se atopan 56 expedientes que solicitaron acollerse á eventual legalización prevista na disposición transitoria 12 da Lei 9/2002; destes expedientes, 27 foron resoltos con informe favorable desta unidade e o resto, 29, aínda se atopan pendentes, dada a súa complexidade ao estaren en zona da Rede Natura 2000 ou próximos a ela"*.

Este órgano aporta o seguinte cadro cos datos de todos os expedientes: "Explotacións que solicitaron autorización urbanística:

PROXECTO	CONCELLO
SAN VICENTE Nº 4327	VILAMARTIN DE VALDEORRAS
ARIÁN Nº 283	SANDIAS
FRADES Nº 6705	MESIA

GRUPO MINERO FABEIRA	SILLEDA E VILA DE CRUCES
O BENEITO Nº 6	CARBALLEDA DE VALDEORRAS
QUINTA Y AMPLIACIÓN Nº 164	BARALLA
MONTE RANDE Nº 6269	ORTIGUEIRA
EL RIO Nº 4273	CARBALLEDA DE VALDEORRAS
SANTA CRISTINA Nº 54	PONTECESO
GÁNDARAS Nº 1297	
SAN VICTOR Nº 4263	CARBALLEDA DE VALDEORRAS
MONTE PENEDO Nº 003	TRIACASTELA
XEIXAS Nº 111	VIMIANZO
TAPADA DA VEIGA Nº 132	XUNQUEIRA DE ESPADANEDO
FERNÁNDEZ LAMA Nº 298	CARBALLEDA DE AVIA
OUTEIRASL N° 4386	LEIRO
MARTÍN Nº 1.999	VILA DE CRUCES
MARIA TERESA Nº 4092	VILAMARTIN DE VALDEORRAS
A SILVADA	CARBALLEDA DE VALDEORRAS
VETUSTA Nº 5575	SAMOS
BIBEI Nº 4551.1	VIANA DO BOLO
SAMPERES Nº 2707	PORRIÑO E TUI
URCEIRA Nº 217	TUI
OS AGROS	ABADÍN
QUINTA Nº 4461	BARREIROS
VILLALBA 1 Nº 5511	BEGONTE, GUITIRIZ E VILALBA
COSTA DO CUZO Nº 129	SANTA COMBA
MONTE AGRIÑO II Nº 6976.1	LOUSAME
MONTE RANDE 1 N° 6220.1 MONTE RANDE 2 N° 6220.2 CAMPO Nº 6874 MONTE DA FRAGA Nº 6267 LOUSEIRAS DO TORMO N° 6268	ORTIGUEIRA
CANTERA MONTE DE SANTA MARINA Nº 65	SANTIAGO DE COMPOSTELA
QUINTAS DO PORTO	RIBADEO
O PORREDO	QUIROGA
VALDACUNA Nº 4370	CARBALLEDA DE VALDEORRAS
MONTE NEME Y RIMA Nº 1769	CARBALLO E MALPICA DE BERGANTIÑOS
FACHO Nº 293	OIMBRA
RAIROS Nº 6	RIBAS DE SIL
NIÑODAGUTA Nº 125.	XUNQUEIRA DE ESPADANEDO
MARI PILI N° 4117	XUNQUEIRA DE ESPADANEDO
A CALZADA Nº 4288	VILAMARTIN DE VALDEORRAS
SOUSAS II Nº 55	VERÍN
COTELLO Nº 223	SALCEDA DE CASELAS
COTO DOS CASTROS Nº 232	SALCEDA DE CASELAS
VILLALONGA FRACCION 1ª Nº 2517.1	SANXENXO
RAXADA Nº 220	GONDOMAR

PEREIRIÑAS Nº 165	SALCEDA DE CASELAS
DAVID FRACCIÓN lª Nº 6014	CARIÑO
GRUPO MINERO JIVIDE	MALPICA DE BERGANTIÑOS
VANESA Nº 123	VAL DO DUBRA
A CAMPA	FOLGOSO DO CAUREL
COTAREL	TUI
LA ILUSION	QUIROGA
SAMARGANTA	TUI

Explotacións informadas:

A CAMPA	FOLGOSO DO CAUREL
COTAREL	TUI
LA ILUSION	QUIROGA
SAMARGANTA	TUI
SAN VICENTE Nº 4327	VILAMARTIN DE VALDEORRAS
QUINTA Y AMPLIACIÓN Nº 164	BARALLA
MONTE RANDE Nº 6269	ORTIGUEIRA
EL RIO Nº 4273	CARBALLEDA DE VALDEORRAS
MONTE PENEDO Nº 003	TRIACASTELA
TAPADA DA VEIGA Nº 132	XUNQUEIRA DE ESPADANEDO
FERNÁNDEZ LAMA Nº 298	CARBALLEDA DE AVIA
MARTÍN Nº 1.999	VILA DE CRUCES
SAMPERES Nº 2707	PORRIÑO E TUI
COSTA DO CUZO Nº 129	SANTA COMBA
MONTE AGRIÑO II Nº 6976.1	LOUSAME
CANTERA MONTE DE SANTA MARINA Nº 65	SANTIAGO DE COMPOSTELA
VALDACUNA Nº 4370	CARBALLEDA DE VALDEORRAS
MONTE NEME Y RIMA Nº 1769	CARBALLO E MALPICA DE BERGANTIÑOS
FACHO Nº 293	OIMBRA
RAIROS Nº 6	RIBAS DE SIL
PEREIRIÑAS Nº 165	SALCEDA DE CASELAS
MARI PILI N° 4117	XUNQUEIRA DE ESPADANEDO
A CALZADA Nº 4288	VILAMARTIN DE VALDEORRAS
COTELLO Nº 223	SALCEDA DE CASELAS
COTO DOS CASTROS Nº 232	SALCEDA DE CASELAS
RAXADA Nº 220	GONDOMAR
NIÑODAGUTA Nº 125	XUNQUEIRA DE ESPADANEDO

Explotacións pendentes de informe:

PROXECTO	CONCELLO
ARIÁN Nº 283	SANDIAS
FRADES Nº 6705	MESIA
GRUPO MINERO FABEIRA	SILLEDA E VILA DE CRUCES
O BENEITO Nº 6	CARBALLEDA DE VALDEORRAS
SANTA CRISTINA Nº 54	PONTECESO
GÁNDARAS Nº 1297	PORRIÑO
SAN VICTOR Nº 4263	CARBALLEDA DE VALDEORRAS
XEIXAS Nº 111	VIMIANZO
OUTEIRASL N° 4386	LEIRO
MARIA TERESA Nº 4092	VILAMARTIN DE VALDEORRAS
A SILVADA	CARBALLEDA DE VALDEORRAS
VETUSTA Nº 5575	SAMOS
BIBEI Nº 4551.1	VIANA DO BOLO
URCEIRA Nº 217	TUI
OS AGROS	ABADÍN
QUINTA Nº 4461	BARREIROS
VILLALBA 1 Nº 5511	BEGONTE, GUITIRIZ E VILALBA
MONTE RANDE 1 N° 6220.1 MONTE RANDE 2 N° 6220.2 CAMPO Nº 6874 MONTE DA FRAGA Nº 6267 LOUSEIRAS DO TORMO N° 6268	ORTIGUEIRA
QUINTAS DO PORTO	RIBADEO
O PORREDO	QUIROGA
SOUSAS II Nº 55	VERÍN
VILLALONGA FRACCION 1ª N° 2517.1	SANXENXO
DAVID FRACCIÓN 1ª Nº 6014	CARIÑO
GRUPO MINERO JIVIDE	MALPICA DE BERGANTIÑOS
VANESA Nº 123	VAL DO DUBRA

Pola súa banda, a Dirección Xeral de Calidade e Avaliación Ambiental sinalou o seguinte:

"(...) Pois ben seguindo o disposto na disposición transitoria 12ª, esta Dirección Xeral a petición da Dirección Xeral de Urbanismo, informou, só desde o punto de vista ambiental e entre os meses de novembro e decembro de 2006, acerca da viabilidade ambiental de 64 explotacións mineiras que entrarían dentro do contemplado na citada disposición adicional. Sen embargo, cómpre aclarar aquí, que o encargado do seguimento

das explotacións, así como de outorgar a autorización de explotación destas, non é esta Dirección Xeral de Calidade e Avaliación Ambiental, pertencente á Consellería de Medio Ambiente e Desenvolvemento Sostible, senón a Dirección Xeral de Industria, Enerxía e Minas, da Consellería de Innovación e Industria. Estes informes foron realizados de acordo co Programa de recuperación de concas afectadas por entulleiras realizados pola Confederación Hidrográfica do Norte."

Pola súa banda, a Dirección Xeral de Desenvolvemento Sostible sinala o seguinte:

"En resposta á súa nota de 2/12/2007, con entrada nesta Dirección Xeral n.° 2048, do 3/12/07, compre sinalar que a información solicitada polo Valedor do Pobo refírese a dúas vertentes (tanto a legalización das explotacións ilegais, como as eventuais medidas de disciplina ou restauración da legalidade a adoptar fronte a aquelas non legalizadas ou non legalizables) sobre as que esta Dirección Xeral carece de competencias e, por conseguinte, de capacidade de actuación.

Sen prexuízo do anterior, o plan sectorial de actividades extractivas ao que se remite a disposición transitoria 12[8] *da Lei 9/2002, do 30 de novembro, como requisito previo para autorizar novas explotacións en calquera categoría de solo rústico, atópase sometido a avaliación ambiental estratéxica a tramitar ante esta Dirección Xeral, segundo o artigo 5, letra c), da Lei 6/2007, do 11 de maio, de medidas urxentes en materia de ordenación do territorio e do litoral de Galicia, malia que ata a data non consta o inicio da tramitación de dito plan sectorial, que a mencionada disposición atribúe ao conselleiro competente en materia de urbanismo e ordenación do territorio."*

- Consellería de Política Territorial, Obras Públicas e Transportes:

"En contestación ao escrito do Valedor do Pobo do pasado 5 de novembro, en relación co expediente de referencia, esta dirección xeral emite o seguinte informe:

Tal e como xa se informou a ese organismo no escrito desta dirección xeral do 2 de marzo deste ano, a disposición transitoria décimo segunda da Lei 9/2002, do 30 de decembro, de ordenación urbanística e protección do medio rural de Galicia, modificada

pola Lei 15/2004, do 29 de decembro, establece que as explotacións mineiras e as actividades extractivas en activo no momento da entrada en vigor da Lei 9/2002 que non conten coa preceptiva licenza deberán obtela, logo da autorización do Consello da Xunta, oída a Comisión Superior de Urbanismo de Galicia. O Consello da Xunta valorará a compatibilidade ou non da explotación cos valores naturais, ambientais e paisaxísticos existentes. A Dirección Xeral de Urbanismo é o centro directivo ao que corresponde a tramitación dos expedientes que serán elevados ao Consello da Xunta para súa autorización, e verifica o cumprimento, con carácter xeral, dos seguintes requisitos:

a) Que a explotación mineira conte coa correspondente concesión mineira e que sexa anterior á data de entrada en vigor da Lei 9/2002, de ordenación urbanística e protección do medio rural de Galicia.

b) Que a explotación mineira teña aprobadas pola consellería competente en materia de medio ambiente, as medidas correctoras necesarias que garanten a preservación do medio ambiente e que se concretan na aprobación do correspondente plan de restauración, declaración de impacto ambiental ou declaración de efectos ambientais, segundo a lexislación ambiental que resultase de aplicación na data de outorgamento da concesión ou autorización mineira.

c) Que o solicitante da autorización teña depositado o aval correspondente para garantir o cumprimento do plan de restauración aprobado.

Para o efecto, antes de elevar o expediente á Comisión Superior de Urbanismo de Galicia, solicítase a emisión de informe polo seguintes departamentos:

- *Da Dirección Xeral de Industria, Enerxía e Minas, en todos os casos.*

- *Da Consellería de Medio Ambiente e Desenvolvemento Sostible, cando se trate de explotacións mineiras que afecten a ámbitos ós que resulten de aplicación á Lei 9/2001, do 21 de agosto, de conservación da natureza.*

- *Da Dirección Xeral de Patrimonio –Consellería de Cultura e Deporte-, cando afecta a terreos que están clasificados polo planeamento municipal de solo rústico especialmente protexido por razón do patrimonio.*

- *Da Consellería de Medio Rural, cando afecta a terreos que foron obxecto da concentración parcelaria.*

Completado o expediente e a vista da documentación que obra nel a Comisión Superior de Urbanismo, órgano colexiado de carácter consultivo en materia de urbanismo, cuxa composición se regula no Decreto 119/1998, do 16 de abril (DOG n.º 74, do 20/4/1998), formula a proposta correspondente que é elevada ao Consello da Xunta de Galicia para a súa resolución.

A data de emisión deste informe non hai ningún expediente completo pendente de proposta da Comisión Superior de Urbanismo de Galicia. E, como consecuencia do procedemento descrito, esta dirección xeral non pode dar unha data aproximada para a resolucións das solicitudes en tramite, xa que a tramitación dos expedientes depende da recepción dos informes solicitados reiteradamente a outras consellerías.

Descoñecemos se as solicitudes relacionadas no anexo 1 deste informe esgotan as explotacións en situación urbanística irregular, xa que esta Dirección Xeral non dispón da información relativa a cales son as explotacións mineiras actualmente en activo na nosa Comunidade Autónoma, e a súa concreta situación urbanística."

- Consellería de Innovación e Industria:

"En resposta ao seu escrito de data 5 de novembro de 2007 - rexistro de entrada núm. 25 448, do 7 de novembro -relativo á petición de información, no ámbito das competencias desta Consellería, sobre as explotacións mineiras que solicitaron acollerse ao réxime de legalización excepcional previsto na disposición transitoria 12 da Lei 9/2002, do 30 de decembro, de ordenación urbanística e protección do medio rural de Galicia, informáselle o seguinte:

En primeiro lugar, cómpre indicar que o procedemento de regularización referido ten por obxecto a tramitación e outorgamento dunha licenza urbanística municipal para aquelas explotacións que, na entrada en vigor da Lei 9/2002, do 30 de decembro, non contasen co devandito título administrativo. Consecuentemente, non debe confundirse este cos títulos mineiros regulados na Lei 22/1973, do 21 de xullo, de minas,

isto é, autorizacións, permisos de exploración e/ou investigación ou concesionarios de explotacións, únicos que habilitan para realizar labores mineiros e a aproveitar os recursos naturais que se atopen no solo ou subsolo, os cales se outorgan con independencia e sen prexuízo das autorizacións ou títulos administrativos que sexan precisos, toda vez que, consonte o artigo 2.3 do Real decreto 2857/1978, do 25 de agosto, polo que se aproba o regulamento xeral para o réxime da minaría, "o outorgamento dunha autorización ou unha concesión de explotación non exclúe a necesidade de obter as demais autorizacións ou concesións que consonte as leis sexan necesarias".

Neste marco, a cuestión obxecto da presente investigación, isto é, as explotacións mineiras que solicitaron acollerse ao proceso previsto na disposición transitoria 12 da Lei 9/2002, do 30 de decembro, así coma o estado de tramitación dos expedientes, debe ser informada polo órgano substantivo, por ser este o que conta con competencias para a súa tramitación e resolución e centraliza, en consecuencia, toda a información relevante e actualizada no procedemento. É, polo tanto, a Dirección Xeral de Urbanismo da Consellería de Política Territorial, Obras Públicas e Transportes quen pode dar a información máis acaída a respecto do tema sobre o que o Valedor do Pobo amosa interese.

Por outra banda, a Consellería de Innovación e Industria, dentro do seu ámbito de competencias de autorización ou outorgamento da referida lei de minas, non ten coñecemento da existencia de ningunha explotación que careza dos títulos mineiros habilitadores para exercer a súa actividade.

Finalmente, non se pode deixar de mencionar que, se ben é certo que nestes últimos anos se fixo un importante esforzo para que todas aquelas explotacións anteriores á lexislación sobre restauración dos espazos afectados por actividades extractivas e de avaliación do impacto ambiental, contasen co correspondente plan de restauración da súa actividade e fianza ambiental, constitúe un obxectivo estratéxico desta Consellería conseguir que non exista ningunha explotación activa, ou que figure como paralizada no rexistro correspondente, que non teña asegurada a súa restauración mediante o correspondente instrumento técnico e unha fianza ambiental."

Logo de examinar a información achegada dedúcese que, respecto da primeira das cuestións obxecto da queixa, isto é, as explotacións en situación urbanística irregular e o estado de tramitación das eventuais solicitudes de regularización extraordinaria prevista na disposición transitoria 12ª da LOUPMRG (DT 12), a Consellería con competencia substantiva sobre a materia, a de Política Territorial, Obras Públicas e Transportes (CPTOPT), non concreta tal información; unicamente sinala que *ata data de emisión deste informe non hai ningún expediente completo pendente de proposta da Comisión Superior de Urbanismo de Galicia. (...) Esta dirección xeral non pode dar unha data aproximada para a resolucións das solicitudes en tramite, xa que a tramitación dos expedientes depende da recepción dos informes solicitados reiteradamente a outras consellerías.* Posteriormente cita un anexo no que previsiblemente se atoparía unha lista coas explotacións afectadas, pero o certo é que tal lista non se remite a esta institución.

É a Consellería de Medio Ambiente e Desenvolvemento Sostible (CMADS) a que remite unha información máis precisa sobre o anterior; achega un lista de 56 expedientes de solicitude para a eventual legalización prevista na DT 12; 27 xa contan con informe favorable dese órgano e o resto, 29, aínda están pendentes do informe medioambiental, segundo expresa, pola *"súa complexidade ao estaren en zona da Rede Natura 2000 ou próximos a ela"*. Sen embargo, a Dirección Xeral de Conservación da Natureza informa da existencia de *64 explotacións mineiras que entrarían dentro do contemplado na citada disposición adicional*, sen concretar o curso ou o resultado das súas actuacións.

Por tanto, seguimos sen ter unha cifra concreta dos expedientes de eventual legalización, posto que a CPTOPT non aclara ese dato; tampouco se pode coñecer con exactitude se os que menciona a CMADS son todos os que se coñecen, posto que a propia CPTOPT sinalou que so remite o expediente a aquela en determinadas circunstancias, en concreto *cando se trate de explotacións mineiras que afecten a ámbitos ós que resulten de aplicación á Lei 9/2001, do 21 de agosto, de conservación da natureza.*

Por tanto, merece ser resaltado en primeiro termo o inadecuado que parece seguir sen unha información exhaustiva acerca do número de explotacións solicitantes, circunstancia esta que era e segue a ser un dos principais motivos da queixa de oficio.

Por outra banda, aínda nos casos nos que coñecemos a existencia de expedientes, estes aínda non foron resoltos, posto que a CPTOPT sinala que *non hai ningún expediente completo pendente de proposta da Comisión Superior de Urbanismo de Galicia.* Tamén se sinala que *non pode dar unha data aproximada para a resolucións das solicitudes en trámite, xa que a tramitación dos expedientes depende da recepción dos informes solicitados reiteradamente a outras consellerías.* A CPTOPT parece non ter en conta a circunstancia de que o proceso de regularización comezou hai cinco anos e medio, e que o feito de que non se atopen a disposición todos os informes é algo de exclusiva responsabilidade da propia administración autonómica e dos diferentes órganos aos que se requiriu cada un deses informes. As tramitacións pendentes recoñecidas pola propia administración (á falta de información expresa posiblemente sexan máis; segundo a noticia que dá orixe a queixa de oficio son 300) deberan atoparse resoltas, de acordo co previsto no art. 42 da Lei 30/1992, de RXAPPAC.

Da información proporcionada só se coñece que se resolvera un expediente, e foi precisamente despois da recomendación desta institución para que definitivamente se dera un pronunciamento expreso sobre este, o que afectaba á explotación A Campa (expedientes de queixa Q/1392/2004, 768 e 1169/2005 e 1698/2006, e outros).

Tampouco parece adecuada a argumentación da CMADS respecto do atraso na emisión dos 29 informes pendentes. Sinala que a demora se da pola *"complexidade"* que supoñen, aínda que máis ben parece aludir á dificultade de resolver definitivamente o procedente sobre eles, "*ao estaren en zona da Rede Natura 2000 ou próximos a ela*"; a dificultade refírese á determinación da viabilidade ambiental da explotación e á aplicación das medidas correspondentes.

Máis rechamante aínda resulta que a CPTOPT sinale que *"descoñecemos se as solicitudes relacionadas no anexo 1 deste informe esgotan as explotacións en situación urbanística irregular, xa que esta Dirección Xeral non dispón da información relativa a cales son as explotacións mineiras actualmente en activo na nosa Comunidade Autónoma, e a súa concreta situación urbanística"*. Desta afirmación parece deducirse unha clara ausencia de medidas eficaces de comprobación do axuste á legalidade urbanística das

explotacións mineiras. Ao respecto é de subliñar que o artigo 208.1 da LOUPMRG preceptúa que *"a inspección urbanística é a actividade que os órganos administrativos competentes en materia de edificación e uso do solo teñen que realizar coa finalidade de comprobar que unha e outro se axustan ao ordenamento urbanístico"*.

Por último, no relativo á restauración das explotacións, a Consellería de Innovación e Industria (CII) sinala que *nestes últimos anos se fixo un importante esforzo para que todas aquelas explotacións anteriores á lexislación sobre restauración dos espazos afectados por actividades extractivas e de avaliación do impacto ambiental, contasen co correspondente plan de restauración da súa actividade e fianza ambiental;* e que *constitúe un obxectivo estratéxico desta consellería conseguir que non exista ningunha explotación activa, ou que figure como paralizada no rexistro correspondente, que non teña asegurada a súa restauración mediante o correspondente instrumento técnico e unha fianza ambiental.* Como sinalamos na comunicación de apertura da queixa de oficio, esta circunstancia púxose de relevo por parte desta institución hai 12 anos, polo que non parece adecuado ou suficiente que neste punto a CII unicamente sinale que se avanzou no tratamento do asunto e que é un *obxectivo estratéxico* da Consellería que non existan explotacións activas ou paralizadas que non teñan asegurada a súa restauración. Parece necesario que agora se concrete o labor desenvolvido nesta orde e os resultados del; sería preciso coñecer con exactitude as explotacións existentes e o número delas que, a pesar da obriga legal ao respecto, non contan con plan de restauración, non teñen fianza ambiental, ou non aplicaron as obrigas correspondentes ao finalizar os labores; e tamén coñecer todas as actuacións levadas a cabo pola CII para abordar tales circunstancias, e as medidas adoptadas diante de cada unha das explotacións que non dan efectividade a estes requisitos legais.

A DT 12 é unha norma habilitadora de eventuais legalizacións mediante a aplicación dun réxime transitorio e excepcional. Por iso, como xa puxemos de relevo, o primeiro que resulta inadecuado ou impropio é que se segan coñecendo expedientes e se admitan novas solicitudes para a eventual aplicación desta norma transitoria despois dun tempo considerable desde a súa aprobación.

Respecto dos expedientes xa promovidos hai tempo, aspecto sobre o que, como vimos, a administración non informa de forma exhaustiva (número, momento da solicitude, curso, etc.), a responsabilidade pola falta de resolución en principio parece resultar da administración, que non achega circunstancias que poidan considerarse razoables para xustificar demoras tan amplas.

Pero tamén resulta rechamante que a posibilidade de solicitude de regularización se considere aberta, co que o proceso de interinidade e falta de actuación para a reposición da legalidade parece prolongarse por un tempo desproporcionado. Xa con motivo do coñecemento das queixas citadas concluímos que era necesario dar outro tratamento á materia e recomendamos (a CPTOPT, a CII e a CMADS) que se corrixan os aspectos sinalados, e en concreto que se aclarase o prazo de aplicación da DT 12, de acordo coa natureza transitoria da disposición, e que se establecesen condicións formais e materiais para a regularización, como normalmente se dá neste tipo de supostos. O feito de que non se estableza un prazo expreso de aplicación non pode interpretarse como unha perda implícita da natureza da disposición, que, como sinalamos, de forma clara se define como transitoria na propia lei. Non se pode entender que a medida se considere vixente indefinidamente, de tal forma que permaneza *sine die* a súa posible aplicación, máis alá dun tempo razoable; máis ben debera entenderse a curto prazo, de tal maneira que as explotacións que non fagan uso da habilitación correspondente dentro del non poidan facelo en diante. Ademais, unha disposición deste tipo ten carácter excepcional, posto que ao fin e ao cabo se trata dunha norma que permite a legalización *a posteriori* de situacións que o ordenamento non permitía.

En anteriores ocasións deixamos constancia da nosa posición contraria a este tipo de medidas, e fixémolo con ocasión da polémica asociada á aplicación da disposición transitoria 11ª da mesma LOUPMRG. No caso que agora examinamos bótase en falta tanto o establecemento dun prazo de operatividade da disposición transitoria como dunhas condicións para a eventual legalización das explotacións, en especial no relativo ás condicións ambientais, sen que pareza suficiente a inconcreta mención á necesidade de valorar *"a compatibilidade ou non da explotación cos valores naturais, ambientais e paisaxísticos existentes"*.

A CPTOPT recomendamos que, en consonancia coa natureza transitoria da previsión legal, se establecera un prazo limitado de aplicación da medida, pasado o cal a habilitación da disposición se entenda decaída; sen embargo, ese órgano sinalou que a natureza transitoria da disposición refírese ao obxecto, é dicir, as explotacións que estivesen funcionando con carácter previo á entrada en vigor da lei, rexeitando neste punto a nosa recomendación, que expresaba que esa natureza debera referirse tamén á limitación temporal do proceso de regularización, o que significaría poñerlle fin logo de que a administración autonómica resolvera todas as solicitudes recibidas en prazo. Só así poderían coñecerse as explotacións legalizables, e de feito legalizadas, e as que non o son, de tal forma que se impida definitivamente o funcionamento destas últimas.

Pois ben, a recente resposta das diferentes consellerías á presente queixa de oficio pon de relevo que a conclusión expresada pola nosa banda era acertada, posto que seguimos nunha situación de indefinición que se prolonga por moito tempo, e que ademais non parece ter un punto e final a curto prazo, á vista do expresado pola administración e das actuacións das que dá conta.

Ao anterior engádese a promoción do que sería a terceira versión da norma relativa ao proceso de regularización. Con esta sucesión de modificacións da DT 12 a través de normas con rango de lei ponse de relevo que a administración non resolve sobre o réxime anterior, moi similar, e por iso as diferentes normas se suceden e se demora a resolución definitiva da cuestión.

Cando se iniciou a queixa de oficio a administración autonómica promovía o *proxecto de lei de ordenación mineira*, que hoxe mesmo se publica no *DOG*. Coa nova norma os expedientes de regularización non resoltos trasladaranse á CII para continuar a súa tramitación; cámbiase o órgano habilitado para o outorgamento da legalización das explotacións sen licenza urbanística en solo de protección ordinaria e de especial protección forestal (a partir da entrada en vigor da lei será a CII), e para estes casos non se menciona a necesidade de valorar a compatibilidade da explotación cos valores naturais, ambientais ou paisaxísticos existentes, que si se mencionaba na anterior redacción; e cando se trate de solo rústico especialmente protexido, agás o mencionado antes, a proposta

deberá dirixirse ao Consello da Xunta, que resolverá, pero agora esa proposta se fará pola CII.

Esta falta de resolución da administración, unida á permanente apertura da oferta de legalizacións extraordinarias, trae como consecuencia que a situación de indefinición continúe, e, en definitiva, que non se adopten medidas, nun sentido ou noutro, respecto dun número considerable de explotacións sen licenza urbanística.

Como indicamos, hai tempo (Informe Anual do 1996; *As explotacións mineiras a ceo aberto como causa de grave deterioración do medio ambiente*) expresamos que existe unha fundada preocupación pola proliferación e impacto das explotacións mineiras a ceo aberto. Xa entón formulamos un importante número de recomendacións para a realización de plans de restauración dos espazos naturais afectados polas actividades extractivas, para que se sancionasen os incumprimentos, para que se esixisen fianzas ou garantías económicas para asegurar a restauración, e para que en xeral se establecesen as medidas oportunas para o funcionamento adecuado das explotacións mineiras a ceo aberto con algunha carencia ambiental. Unha das carencias máis comúns resultaba a ausencia de determinadas licenzas ou autorizacións, circunstancia que, como vemos, despois de moito tempo, aínda non se corrixiu, posto que permanecen moitas das deficiencias e irregularidades detectadas no seu momento.

Convén sinalar que nesta queixa de oficio se atopan afectados valores, dereitos e intereses especialmente protexidos na Constitución española, que ampara o dereito a gozar dun medio ambiente adecuado e á protección e mellora da calidade de vida (art. 45.1 e 2). Como consecuencia da citada disposición constitucional os poderes públicos teñen a obriga principal de protexer o correspondente dereito, segundo o establecido no artigo 53 do texto fundamental.

No suposto que coñecemos, da información dispoñible parece deducirse que as consellerías intervenientes non adoptaron todas as medidas ao seu alcance para protexer o citado valor. Así pois, o principio constitucional de eficacia no labor das administracións

públicas (art. 103.1 CE) non parece terse aplicado con rigor no tratamento desta problemática, á vista da insuficiencia das actuacións descritas.

Por todo o sinalado ata agora considerase necesario, en aplicación do disposto no artigo 32.1 da Lei 6/1984, de 5 de xuño, do Valedor do Pobo, facer chegar ás consellerías que se citan as seguintes **recomendacións:**

- Recomendacións á Consellería de Innovación e Industria:

"Que, no momento en que entre en vigor a nova Lei de ordenación mineira de Galicia, para o tratamento das solicitudes relativas á reforma da disposición transitoria 12 da Lei 9/2002, con urxencia se establezan as condicións de tipo xeral para a aplicación da mesma, e que nelas se inclúan medidas para garantir a preservación da calidade de vida da poboación afectada, do medio ambiente e dos principios básicos de ordenación do territorio.

Que, en consonancia coa natureza transitoria da previsión legal, se estableza un prazo limitado de aplicación da medida, pasado o cal a habilitación da disposición se entenda decaída.

Que se resolva sobre todos os expedientes pendentes e aparentemente demorados relativos á aplicación da disposición transitoria 12 da Lei 9/2002, urxindo a remisión dos informes que se atopen pendentes doutros órganos da mesma administración.

Que en todos os expedientes que se resolvan en sentido positivo se establezan as medidas precisas para garantir o interese público e, en espacial, o da poboación afectada, así como o medio ambiente e os principios básicos da ordenación do territorio.

E con urxencia se realice un plan de inspección para determinar de forma exhaustiva as explotacións que carecen de plan de restauración, o incumpren ou o incumpriron; as que non contan con garantía económica que asegure a restauración;

as que xestionen de forma inadecuada os seus residuos; e as que non contan con licenza urbanística, posto que será ese órgano quen teña a función de decidir ou propoñer sobre as solicitudes de eventuais legalizacións".

- Recomendación á Consellería de Política Territorial, Obras Públicas e Transportes:

"Que con urxencia se realice un plan de inspección que permita coñecer de forma exhaustiva a totalidade de explotacións mineiras que se atopan en situación irregular e non solicitaron a súa eventual legalización, de tal maneira que se actúe para repoñer á legalidade respecto das que permanezan nesa situación".

- Recomendación á Consellería de Medio Ambiente e Desenvolvemento Sostible:

"**Que con urxencia se emitan os informes pendentes relativos ás funcións dese órgano en relación cos expedientes de eventual legalización en curso, en concreto os 29 informes pendentes que afectan a explotacións *situadas en terreo incluído na Rede Natura 2000 ou próximos a ela*, de tal maneira que definitivamente se dea o correspondente pronunciamento sobre a súa compatibilidade cos valores ambientais obxecto de protección neses lugares".**

Respostas das Consellerías:

- Consellería de Medio Ambiente e Desenvolvemento Sostible: aceptada.

- Consellería de Política Territorial, Obras Públicas e Transportes: aceptada.

- Consellería de Innovación e Industria: aceptada parcialmente.

8.- Recomendación dirixida á Consellería de Medio Ambiente e Desenvolvemento Sostible o 9 de setembro de 2008 debido á promoción dunha urbanización en Ames (Q/788/2006)

Notificamos a recepción do seu último informe relativo ao expediente de queixa referenciado, promovido por D. V.R.P. debido á grave deterioración ambiental que se derivaría da promoción dunha urbanización nos Batáns, no termo municipal de Ames.

Como conclusión da correspondente investigación e en aplicación do disposto no art. 32.1 da Lei 6/1984, do 5 de xuño, do Valedor do Pobo, pola nosa banda formulamos ao Concello de Ames unha **recomendación** o 3-12-07. Dando cumprimento á obriga establecida no art. 32.2 da citada Lei, o concello respondera á resolución sinalando que trasladara a cuestión á Consellería de Medio Ambiente e Desenvolvemento Sostible. Por tanto, a cuestión atopábase pendente do pronunciamento dese órgano, a quen nos diriximos para coñecer a súa posición.

A consellería sinalara que aceptaba o contido da recomendación, o que non era preciso debido a que non se lle formulara, senón ao concello. En calquera caso, o feito de que a consellería se mostrase de acordo co contido do recomendado ao Concello de Ames suporía que, para darlle efectividade á resolución, non só *se solicite o proxecto ao concello* (antes tíñase requirido o proxecto, pero o *de urbanización*, non o da urbanización global), ou se remita a recomendación ao concello, que xa a ten dende hai tempo. Tal e como se expresa amplamente na recomendación e nos trámites posteriores, resulta preciso que se avaliase ambientalmente a urbanización, é dicir, a eventual aprobación do plan parcial. Neste caso, ao terse xa aprobado, sería preciso actuar no mesmo senso que no caso coñecido na queixa Q/836/07, no que a consellería coincidiu co concello afectado en que era necesaria unha rectificación do realizado no expediente para facer a avaliación condicionada que non se fixera en relación co plan parcial ou de sectorización. Esta mesma solución parece a adoptada tamén no caso Q/745/07 (Porto do Molle, Nigrán).

Polo anterior requirimos dese órgano que se aclarase este último extremo, e, en concreto, no que se refire ás funcións da Consellería, que se expresase se finalmente se

requiriu que o expedinte se retrotraese ao momento en que debera terse feito a avaliación condicionada, e que se achegase calquera outra circunstancia relevante para coñecer a efectividade dada á recomendación.

A resposta da consellería é a recentemente recibida, e dela dedúcese que reclama do concello que se remita o *proxecto de urbanización* para a decisión formal sobre eventual avaliación de impacto ambiental. Sen embargo, tal forma de proceder non se corresponde co recomendado, como amplamente se menciona na recomendación e na última comunicación dirixida á CMADS. A devandita avaliación corresponde facela respecto do plan parcial, e non do plan de urbanización. A consellería sinala que cando se aprobou o plan parcial non se atopaba en vigor a Lei 9/2006, e iso a pesar de que nas diferentes comunicacións pola nosa banda se indicaba que o que parece claramente de aplicación para ese intre é a Lei 6/2001, de modificación do Real decreto lexislativo 1302/1986, de avaliación de impacto ambiental.

Por iso, nos vemos na necesidade de formular a esa consellería unha recomendación en parecidos termos que a formulada ao Concello de Ames, pero referida as funcións dese órgano. A motivación detallada da mesma foi remitida no seu momento á consellería a través de copia da recomendación dirixida ao concello.

Por todo o sinalado ata agora considérase necesario, en aplicación do disposto no artigo 32.1 da Lei 6/1984, do 5 de xuño, do Valedor do Pobo, facer chegar a esa Consellería de Medio Ambiente e Desenvolvemento Sostible a seguinte **recomendación:**

"Que no ámbito de competencias dese órgano, se requira do Concello de Ames que o expediente se retrotraia ao momento en que debera terse feito a avaliación condicionada, o previo á aprobación do plan parcial, e que en calquera caso á consellería dispoña dos datos que definan o potencial impacto do proxecto, ao fin de adoptar a decisión adecuada que garanta os valores ambientais que son obxecto de protección pola normativa aplicable"

Resposta da Consellería de Medio Ambiente e Desenvolvemento Sostible: recomendación rexeitada.

9.- Recomendación dirixida ao Concello de Moraña o 9 de setembro de 2008 debido á instalación de antenas de telefonía móbil sen licenza (Q/920/2008)

Nesta institución iniciouse expediente de queixa como consecuencia do escrito de Dª B.D.D., en representación propia e dos veciños afectados por tres antenas de telefonía móbil e un transformador cerca do seu domicilio.

No seu escrito, esencialmente, indícanos que carecen de información detallada por parte do Concello de Moraña sobre as licenzas de actividade (RAMINP) que deben ter as estacións base de telefonía móbil sitas no núcleo urbano de Santa Lucía de Moraña, onde existen numerosos casos de cancro e outras graves enfermidades ao redor destas instalacións; cita 54 persoas afectadas, algunhas falecidas recentemente. Descoñecen a que estiveron expostos os veciños de Santa Lucía polas emisións destas antenas dende 1998, xa que na páxina do Ministerio de Industria non existe ningunha referencia aos niveis de exposición das antenas instaladas alí, aínda que o Ministerio ten que certificar anualmente tal cousa. Teñen sospeitas fundadas da clandestinidade destas instalacións, cuxas emisións de hiperfrecuencias de microondas pulsadas son nocivas para a saúde, segundo numerosos estudos científicos independentes recompilados polo *bioinitiative report* e os estudos epidemiolóxicos realizados sobre poboación residencial exposta a estas ondas, que indican un aumento do cancro entre as persoas residentes nun radio de 40 metros.

Ante iso solicitamos información a ese concello, que indicou o seguinte:

"En relación co seu escrito do 29 de abril de 2008, relativo ao expediente Q/920/2008, sobre o escrito de queixa presentada por D.ª B.D.D., veciña de Moraña e con domicilio no lugar do Buelo, sobre as antenas de telefonía móbil e transformador, teño a ben facerlle as seguintes consideracións:

1º.- Con data 16-4-2007, D.ª B.D.D., solicitou neste concello información sobre a instalación das antenas de telefonía móbil, e mediante escrito con rexistro de saída n.º

1110, do 4-7-2007, esta Alcaldía facilitoulle a información requirida (achégase copia asinada pola interesada).

2°.- Con data 11-1-2008, D.ª B.D.D., solicita certificacións literais das licenzas concedidas para a instalación das antenas, e non se lle contesta ao dito escrito, por entender esta Alcaldía que coa información facilitada con data 4-7-2007, xa estaba e constaba a dita solicitude.

3°.- O Concello de Moraña, despois da alarma creada entre os veciños de Santa Lucía, pola existencia das antenas de telefonía móbil, solicitou do Ministerio de Industria,Turismo e Comercio, a elaboración dun informe técnico sobre as emisións das antenas de telefonía móbil, sitas en Santa Lucía.

Con data 20-7-2007, tivo entrada no rexistro municipal, o informe do xefe provincial de Inspección, de data 12-7-2007, no que se chega ás seguintes conclusións:

"O nivel máximo de emisión obtido é de 0,40 W/m, equivalente a unha densidade de potencia de 0,042 W/cm2 (microvatios por cm^2), co cal se cumpren os niveis de exposición establecidos no R. D. 1066/2001".

4°.- Como queira que se publicaron informacións relacionando as emisións das antenas de telefonía móbil, cos casos de cancro que había entre os veciños de Santa Lucía, o concello solicitou á Delegación Provincial da Consellería de Sanidade, un estudo comparativo da incidencia/mortalidade por cancro neste concello, comparándoa coas cifras da provincia e de Galicia.

Con data 16-4-2008, tivo entrada neste concello o informe elaborado polo Servizo de Epidemioloxía (Dirección Xeral da Saúde Pública), sobre a mortalidade por cancro no municipio de Moraña no período 1980-2004, no que se fai constar que non existe un exceso de mortalidade por causa do cancro comparándoa coas cifras da provincia e de Galicia.

De toda a información que obra neste concello, constátase que as informacións que relacionan as emisións das antenas de telefonía móbil de Santa Lucía, co incremento dos casos de cancro, non teñen ningunha base técnica.

Co obxecto de que poida facerlla chegar a D.ª B.D.D., remítolle a seguinte documentación:

1º.- Informe do Ministerio de Industria, Turismo e Comercio, de data 16-7-2007, sobre as emisións das antenas de telefonía móbil de Santa Lucía.

2°.- Informe da Consellería de Sanidade, de data 1-4-2008, sobre a mortalidade por cancro no municipio de Moraña no período 1980-2004."

Coa información municipal non se aclaraba se as antenas obxecto da reclamación contaban con licenza de actividade e funcionamento, de competencia municipal. Por iso, de novo nos diriximos ao Concello de Moraña, que nesta ocasión sinalou o seguinte:

"En relación co seu escrito do 2 de xullo de 2008, relativo ao expediente Q/920/2008, sobre o escrito de queixa presentada por D.ª B.D.D., veciña de Moraña e con domicilio no lugar do Buelo, sobre as antenas de telefonía móbil e transformador, teño a ben facerlle as seguintes consideracións:

1 °.- Que este concello tramitou as correspondentes licenzas de obras para a instalación das antenas de telefonía móbil, como xa se informou no escrito de data 19-5-2008, pero non a licenza de actividade, pois os servizos técnicos informaron que non era precisa a súa tramitación por non estar suxeitas ao RAMINP.

2°.- Como constatación do anterior, no Decreto 133/2008, do 12 de xuño, polo que se regula a avaliación de incidencia ambiental, da Consellería de Medio Ambiente e Desenvolvemento Sostible da Xunta de Galicia, que substitúe o RAMINP e ten a súa entrada en vigor o vindeiro día 22-7-2008, tampouco se contemplan as antenas de telefonía móbil, como actividades suxeitas á incidencia ambiental."

Da información achegada dedúcese que o ente local concedeu licenza de obra ás diferentes antenas hai xa tempo, no 1998, 1999 e 2001, segundo a antena de que se trate; sen embargo, considera que non resultaba precisa a licenza de funcionamento, ou, o que é o mesmo, que non resultaba de aplicación o RAMINP. Agora, coa entrada en vigor do

Decreto galego 133/2008, do 12 de xuño, polo que se regula a avaliación de incidencia ambiental, entende que tampouco é precisa a licenza correspondente.

Polo que se refire a anterior situación, é dicir, ao momento de plena aplicación do RAMINP, é de subliñar que este tipo de licenza si era precisa para as antenas. O ente local sinala que *os servizos técnicos informaron que non era precisa a súa tramitación por non estar suxeitas ao RAMINP*. Sen embargo, para este tipo de instalacións era precisa a licenza de actividade. O RAMINP sinala as definicións das actividades insalubres, nocivas ou perigosas. A sentenza do Tribunal Supremo do 27-10-1997 sinala que "todo outorgamento de licenza ha de comprobar a conformidade do que se solicita en relación coa normativa de protección do medio ambiente e da calidade de vida, así como a licitude da colocación da actividade ou do uso urbanístico que se pretende, e con iso se exerce a potestade municipal de control na concesión de licenzas". Ademais, unha recente sentenza do Tribunal Superior de Xustiza de Galicia, ao examinar a legalidade das diferentes disposicións da ordenanza municipal para a instalación e funcionamento de antenas de telefonía móbil do Concello de Chantada, sinala o seguinte en relación coa exixencia da licenza de actividade neste tipo de antenas (fundamento xurídico sétimo):

"Sostén a parte recorrente con relación ao artigo 17 da ordenanza, na que se establece o carácter clasificado da actividade e no que se somete a concesión das licenzas ao réxime previsto no Regulamento de actividades molestas, insalubres, nocivas e perigosas, que é suficiente a licenza urbanística. Fronte a iso, non parece superfluo recordar por un lado a crecente preocupación social e, por outro, o non ofrecemento de probas concluíntes sobre a inocuidade da actividade. A masiva proliferación de fontes xeradoras de campos electromagnéticos (liñas de alta tensión, aparatos eléctricos, antenas de telefonía móbil) xerou incertezas na sociedade en xeral que os estudos científicos non despexaron ata o momento. Baixo os auspicios da Organización Mundial da Saúde iniciouse no ano 1996 un estudo, no que participan máis de 40 países e sete organizacións internacionais (Centro Internacional de Investigacións sobre o Cáncer, Comisión Electrotécnica Internacional, Comisión Europea, Comisión Internacional de Protección sobre as Radiacións non Ionizantes, Oficina Internacional do Traballo, Organización do Tratado do Atlántico Norte, Programa das Nacións Unidas para o Medio Ambiente e

Unión Internacional de Telecomunicacións) e tras máis de 25 000 artigos publicados, dada a complexidade do tema, a controversia suscitada e as enormes contradicións encontradas se está á espera de que se fagan públicas as conclusións finais. Por razóns temporais as instalacións de telefonía móbil non se encontran recollidas no anexo do RAMINP, pero atendendo á natureza da actividade, parece incuestionable que a autorización daquelas estean sometidas ao procedemento autorizatorio non previsto. O mínimo principio de precaución permite incluír as instalacións de mención entre as actividades descritas no artigo 3 do regulamento de referencia cuxo anexo non contén unha lista pechada e esixe ademais ser integrada polo artigo 13 da Lei 1/1995, do 2 de xaneiro. Dito o anterior resta indicar que a impugnación referida ao artigo 17 está condenada ao fracaso. Os informes preceptivos e previos que a norma esixe (Dirección Xeral de Medio Ambiente da Xunta de Galicia e os urbanísticos, xurídicos e de sanidade propios do concello), son consecuencia do procedemento, previsto no RAMINP e non ten porque incidir na competencia estatal. Unha lectura atenta da norma revela que esta se refire a competencias propias municipais na concesión da licenza de obras e de actividade (clasificada) e non invade a competencia estatal. Recordemos que o Real decreto 1066/2001, do 28 de setembro, polo que se aproba o regulamento que establece as condicións de protección do dominio público radioeléctrico, restricións ás emisións radiadas e medidas de protección fronte á planificación e a inspección das emisións, así como que a orde de 9 de marzo de 2000, a que se refire o Real decreto 1066/2002, ao establecer no artigo 10, último parágrafo que: a autorización das instalacións das estacións fixas queda condicionada, en calquera caso, á ausencia de perturbacións a outros servizos radioeléctricos, así como ao cumprimento das disposicións vixentes en materia de servidumes radioeléctricas ou aeronáuticas, de medio ambiente, ordenación do territorio ou calquera outra que resulte de aplicación, recoñece a concorrencia de autorizacións estatais e locais cun ámbito obxectivo distinto".

Polo que se refire a unha posible modificación desta situación coa aprobación do Decreto autonómico 133/2008, do 12 de xuño, polo que se regula a avaliación de incidencia ambiental, en contra do apuntado polo concello é de subliñar que tal modificación non parece que se producise. Anteriormente non se mencionaban as antenas de telefonía móbil no *nomenclátor* (como apunta a sentenza citada anteriormente, non podía ser de outra maneira, posto que este tipo de instalacións non existía en 1961, data do RAMINP), pero

se consideraban obxecto do procedemento por encaixar nas definicións das actividades clasificadas e polo carácter de *numerus apertus* do *nomenclátor* do regulamento. Ese carácter non se modifica no mais mínimo co novo decreto autonómico; o artigo 2.2 deste sinala que "*así mesmo estarán sometidas a este procedemento aquelas outras actividades que non estando incluídas no dito anexo I merezan a consideración de molestas, insalubres, nocivas e perigosas, conforme ás definicións contidas no artigo 13 da Lei 1/1995, do 2 de xaneiro, de protección ambiental de Galicia. A consellería competente en materia de medio ambiente decidirá sobre a necesidade ou non da avaliación de incidencia ambiental das actividades contempladas neste parágrafo. A decisión será motivada e adoptarase de acordo cos criterios obxectivos que se determinan no anexo II.*"

Por tanto, haberá que recorrer, como sucedía antes, ás definicións de actividades que se fan no artigo 13 da Lei 1/1995, de protección ambiental de Galicia, que deben interpretarse de acordo cos criterios obxectivos sinalados no anexo II do Decreto. Por tanto, dado que as definicións son similares as do RAMINP e que os criterios do anexo II non apuntan cambios con respecto a situación anterior, e ademais as instalacións as que nos referimos non se atopan expresamente excluídas no anexo III, non parece que a interpretación da xurisprudencia precedente deba considerarse modificada, salvo que finalmente a Consellería sinale outra cousa nas decisións motivadas que se mencionan no artigo 2.2 do Decreto 133/2008, e sen prexuízo das decisións xurisdicionais en relación cos recursos que se promovan contra esas decisións.

Por tanto, confírmase que as antenas contan con licenza urbanística, pero non coa de actividade. Esta forma de proceder resulta inadecuada, posto que contradí o disposto no artigo 22.3 do RSCL, que preceptúa que "cando, de acordo ao proxecto presentado, a edificación dun inmoble se destinase especificamente a establecemento de características determinadas, non se concederá o permiso de obras sen o outorgamento da licenza de apertura se fose procedente". Esta disposición ten a súa causa, ademais de na lóxica elemental (só se pode conceder licenza de obra para unha instalación determinada se ao tempo se avaliou positivamente o seu funcionamento, única causa da obra), na evitación de posibles responsabilidades municipais para o caso de que, despois de concedida a licenza de obra, sen embargo se considere improcedente conceder a de actividade, onde é preciso

manexar outros datos e criterios. Ademais, existe outra razón: se o concello xa coñeceu a licenza de obra, posteriormente se verá condicionado indebidamente á hora de coñecer o expediente de actividade e funcionamento, posto que saberá que en caso de resolución negativa podería verse exposto a responsabilidade. E, sen embargo, o coñecemento de todos os elementos para decidir sobre a actividade non os terá ata tanto finalicen todos os trámites previstos no RAMINP (información pública aos veciños inmediatos, alegacións destes e do público en xeral, cualificación e informe do órgano ambiental...), polo que a decisión debería adoptarse só á vista deles.

Efectivamente, cando a solicitude da licenza de obra precisa que esta se vai dedicar a unha determinada actividade, como é este caso, se non se tramita a licenza para esta última antes ou simultaneamente á de obra, o outorgamento desta "sen a de apertura integra un funcionamento anormal da administración que pode xerar unha responsabilidade patrimonial" (STS do 18-6-1900). Tamén a STS do 21-9-1963 afirmou a responsabilidade cando "se outorga licenza municipal para unha construción que ía destinarse a fábrica... e logo non se concede a apertura do establecemento por consideralo contrario ao turismo, e debe indemnizarse ao propietario dos danos e perdas causados coa negación da licenza cando non se debeu conceder para a construción segundo prevén o artigo 22 do RSCL". A licenza de obra non vincula a de actividade (STS do 6-2-1980), e "é perfectamente factible a impugnación da posterior de apertura" (STS do 22-3-1980). E incorre nun "erro manifesto aquel que crea que unha licenza de obras pode vincular para o outorgamento dunha licenza de apertura de industria" (STS do 27-6-1979).

É de sinalar que o cidadán que acudiu ao Concello de Moraña nun primeiro momento, e, posteriormente, a esta institución, co fin de que as actuacións ou abstencións municipais fosen obxecto de supervisión, en aplicación do disposto no artigo 1.3 da Lei 6/1984, do Valedor do Pobo, está demandando a preservación dun interese especialmente protexido na Constitución española, que ampara os dereitos á protección da saúde (art. 43.1 CE) e a gozar dun medio ambiente adecuado e á protección e mellora da calidade de vida (art. 45.1 e 2 CE). Como consecuencia do anterior, os poderes públicos, e entre eles as administracións locais, teñen a obrigación principal de protexer os dereitos mencionados, segundo o establecido no artigo 53 do texto fundamental.

Por todo o sinalado ata agora considérase necesario, en aplicación do disposto no artigo 32.1 da Lei 6/1984, do 5 de xuño, do Valedor do Pobo, facer chegar a ese Concello de Moraña a seguinte **recomendación:**

"Que se inicien os expedientes de reposición da legalidade que se deducen da ausencia de licenza de actividade e funcionamento das antenas de telefonía móbil obxecto da presente queixa, e que estes se resolvan sen que o ente local se considere vinculado pola previa concesión de licenzas de obra".

Resposta do Concello de Moraña: recomendación rexeitada.

1.4 ÁREA DE EDUCACIÓN

1.4.1 INTRODUCIÓN

Sempre se entendeu como sumamente importante aprender a ser o que se é, a comportarse cos demais no concerto social e no mundo material que nos rodea. As xeracións traspasaron ás seguintes o caudal de coñecementos e experiencias que elas recibiron das anteriores xeracións, o que é a evidente proba da liberdade e da responsabilidade que caracteriza o ser humano. A educación é un proceso especificamente humano, ela permítenos beneficiarnos do logrado polas xeracións pasadas e do conxunto de achegas humanas dos que é depositaria a sociedade, e mellorar así e perfeccionarnos en todas as ordes. A sociedade actual valora moi especialmente a educación como medio de inserción social e de capacitación laboral; valórase como factor de crecemento e de desenvolvemento económico; tamén se considera como transcendental obxecto de dereitos fundamentais e liberdades públicas, así como dos conseguintes deberes públicos, sendo recoñecida como condición determinante do pleno e pacífico goce do conxunto de dereitos humanos que o conecta cos dereitos e liberdades fundamentais que lle son inherentes.

A nosa Constitución dedica o artigo 27 á educación, situándoo entre os que o texto constitucional asigna aos dereitos fundamentais que gozan da máxima protección constitucional e, que denomina, “dereitos fundamentais e liberdades públicas”. O citado artigo proclama como fundamental o dereito universal á educación: “Todos teñen dereito á educación”, considérase polo tanto un dereito ao que só se pode ter por efectivamente asegurado se en verdade todas as persoas poden acceder á educación, coa súa dimensión primaria de liberdade, e co dereito a acceder a unha escolarización efectiva e a recibir as prestacións educativas correspondentes.

A Lei orgánica 8/1985, do 3 xullo, reguladora do dereito á educación publicouse inspirándose nos principios que en materia de educación, contiña a Constitución española recoñecendo no seu artigo 2 dentro dos seus fins, que esta se orienta ao pleno desenvolvemento da personalidade do alumno, á formación no respecto dos dereitos e liberdades fundamentais e no exercicio da tolerancia e da liberdade dentro dos principios democráticos de convivencia, coa adquisición de hábitos intelectuais e técnicos,

capacitando para o exercicio de actividades profesionais, para participar na vida social e cultural, e formándoos no respecto da pluralidade lingüística e cultural do estado español. As posteriores leis educativas ata a actual Lei 2/2006, do 3 de maio, de educación mantiveron os principios prescritos pola nosa norma constitucional**.**

Como todos os anos anteriores podemos dicir que dentro da educación non universitaria, un dos temas que abrangue un número considerable de queixas é o referente ás *instalacións escolares*, dentro deste campo podemos encontrar diversos elementos tanto de carácter material, persoal ou organizativo. Hai queixas nas que se narra as deficiencias nos estados de conservación e mantemento dos centros escolares, falta de patios cubertos, problemas de aproveitamento dos centros por teren estes unha deterioración tanto exterior como interior que os converte en inutilizables para as súas funcións educadoras. As barreiras arquitectónicas, son outro dos temas que afectan os dereitos dos alumnos e dos profesores con discapacidades, xa que os centros que son de construción antiga, e que normalmente constan de máis dunha planta, non poden ser utilizados polos seus usuarios, debido a que non contan cos elevadores ou ramplas necesarios para alcanzar as plantas superiores. Tamén dentro do grupo se manteñen cun nivel alto as queixas sobre os servizos complementarios: é o caso do transporte escolar e o servizo de comedor; en referencia a ambos, a lei 2/2006, do 3 de maio, recoñece no seu artigo 82, aliña 2, o dereito dos escolares á prestación gratuíta por parte das administracións educativas do servizo gratuíto de transporte escolar e de ser o caso, comedor e internado. A citada norma en referencia aos comedores escolares incide en consideralos como un servizo complementario de carácter educativo que ademais de servir á administración educativa como factor importante para a escolarización, tamén desenvolve unha función social e educativa. Foi desenvolvido na nosa Comunidade polo Decreto 16/1984, do 9 de febreiro, modificado polo Decreto 283/1986, e o Decreto 443/1990, estando vixente nestes momentos o Decreto 10/2007, do 25 de maio, de comedores, desenvolvido pola Orde do 21 de febreiro do 2007 e parcialmente modificada pola Orde do 13 xuño do 2008, pola que se regula a organización, funcionamento e xestión do servizo dos comedores escolares; pero pese ao marco normativo que o regula os problemas que presenta o servizo de comedores escolares é ano tras ano o mesmo, sendo as súas causas sobre todo a escaseza de prazas pola imposibilidade de ampliar as instalacións en centros antigos, a falta de xestión por parte da

administración e o cansazo das Anpas ao realizaren funcións xestoras, lévanos indicar que é un tema arduo de solucionar, ao que se chega por ser a demanda moi superior á oferta, nuns momentos en que a sociedade demanda a conciliación da vida familiar e laboral. Dentro deste eido o tema do transporte escolar regúlase no Decreto 203/1986, do 12 de xuño, no Decreto 443/2001, do 27 de abril, modificado polo Decreto 894/2002, do 30 de agosto; e pese a que na nosa comunidade a distancia para poder ter dereito ao transporte escolar gratuíto no ensino obrigatorio está establecido en 2 quilómetros, as peculiaridades desta como a dispersión da poboación, a orografía e a climatoloxía, fano insuficiente para poder acercar aos alumnos desde os seus domicilios familiares aos centros respectivos, todo iso pese a que somos a comunidade cun maior número de rutas de transporte escolar.

Outra das cuestións a comentar son as referentes á escolarización e á admisión do alumnado; a escolarización presenta unha infinidade de problemas, pois o intentar compaxinar o dereito dos pais a escoller un centro escolar para os seus fillos, e a falta de prazas escolares nos citados centros, fai moi difícil conseguir a conciliación entre a vida familiar e laboral dos pais, mais por parte desta institución albíscase unha diminución no número de queixas presentadas, tal vez debido á vixencia do Decreto 30/2007, do 15 de marzo, polo que se regula a admisión de alumnos en centros docentes sostidos con fondos públicos que imparten ensinos regulados na Lei 2/2006, do 3 de maio, de educación e a Orde do 17 de marzo do 2007, pero que aínda mantén queixas como as da escolarización no mesmo centro de irmáns, ou o da elección dos pais de centro escolar para os seus fillos.

Como anos anteriores temos que indicar que mención especial merecen as escolas infantís; cando os pais intentan conseguir unha praza nun centro para estes alumnos encóntranse coa imposibilidade de alcanzala e cunhas listas de espera realmente demoledoras, que os obriga a optar por centros privados ou por outros medios persoais que os axuden a paliar esta grave deficiencia e falta de previsión das administracións educativas. As escolas infantís son centros que imparten a educación infantil, recollida no artigo 3 da Lei 2/2006, como unha das ensinanzas que recolle a citada lei. Regúlaa como a etapa educativa que atende nenos desde o nacemento ata os seis anos de idade. Ínstase na citada lei ás administracións públicas a un incremento progresivo da oferta de prazas públicas para asegurar a oferta educativa neste ciclo, autorizando o establecemento de

convenios coas corporacións locais, outras administracións e entidades privadas sen fins de lucro. Outros asuntos que temos que ter en conta e que provocaron un seguimento tanto por parte da comunidade educativa así como polos pais dentro da presente área son a educación especial e a violencia escolar, máis coñecida como bullying, respecto a esta última, é importante que as administracións correspondentes promovan a sensibilización ante este fenómeno e a necesidade de poñer en marcha todas as actuacións ao seu alcance para erradicar este problema. Por parte do Xunta de Galicia, puxéronse en marcha diversos protocolos orientados á formación do profesorado dos centros escolares co fin de que conten cos suficientes mecanismos que lles permitan traballar con solucións pacificas ante os casos de violencia nas aulas. De todas maneiras na nosa Comunidade non é significativo o índice de acoso escolar a pesar dos últimos estudos que indican un avance de acoso na ESO. A causa destes comportamentos pode buscarse na carencia na sociedade actual dunha falta de compromiso moral e de sentimento de culpa dos menores, que os converte en persoas violentas, acosadores e posibles maltratadores.

Con referencia ás necesidades educativas especiais, hai que ter en conta que a Constitución española de 1978 marca un punto de inflexión neste tema como en tantos outros relativos aos dereitos das persoas con discapacidade. A nosa norma constitucional sitúa este dereito dentro dos superprotexidos. Tamén o artigo 49 da norma constitucional obriga os poderes públicos a realizar unha política de integración dos nenos con discapacidade, prestándolles a atención especializada que requiran amparándoos para gozar dos seus dereitos fundamentais incluído o dereito á educación. A LISMI, lei 13/1982, do 7 abril, desenvolveu estes preceptos constitucionais relativos á educación nos seus artigos 23 ao 31, que seguen vixentes, establecendo os principios de normalización, sectorización dos servizos, integración e atención individualizada que han de presidir as actuacións das administracións públicas en todos os seus niveis. A partir de aí foise vertebrando todo un programa de integración escolar, que comezou no xa derrogado Real decreto 334/1985, do 6 marzo, que incluíu un conxunto de medidas tendentes á transformación do sistema educativo con obxecto de garantir que os alumnos con necesidades educativas especiais poidan alcanzar, no máximo grao posible, os obxectivos educativos establecidos con carácter xeral e conseguir desta maneira unha maior calidade de vida nos ámbitos persoal, social e laboral; tamén engadía que os centros escolares ordinarios debían ser dotados dos

medios necesarios para previr o fracaso escolar, evitando a segregación e facilitando a integración na escola do alumnado con deficiencias. Establecíase a obrigación de dotar os centros ordinarios de apoios para atender a valoración e orientación educativa, o reforzo pedagóxico, os tratamentos e a atención personalizada. Con posterioridade é na LOGSE onde se recolle por primeira vez o concepto de necesidades educativas especiais, concepto acuñado a partir do informe Warnock de 1978, poñendo énfase nas respostas que é necesario darlles a estes alumnos desde a escola. A O 9/1995, o RD 696/1995, o D 320/1996, a LOCE e por último a LOE continuaron e confirmaron estes principios e fins. Temos que significar que si se presentaron no presente ano queixas relativas a este tema, que máis adiante desenvolveremos, e que todas elas teñen como elemento común as discrepancias dos pais dos alumnos e da administración educativa á hora de dotar os centros do profesorado necesario para estes escolares, e a elección por parte dos proxenitores do centro en onde se escolarizan. Insistir que nestes momentos se está traballando no novo decreto polo que se regula a atención á diversidade do alumnado nos centros de ensino non universitario na comunidade galega.

Outros temas que hai que destacar son os relativos ao funcionamento dos centros educativos, as axudas e bolsas e a problemática dos profesores coa administración educativa.

Nesta área inclúese tamén o ensino universitario; o xa comentado artigo 27 na súa aliña 10 recoñece a autonomía das universidades nos termos que a lei estableza, garantindo con esta, as liberdades de cátedra, de estudo e de investigación; a Lei orgánica 6/2001, do 21 de decembro, de universidades, indica na súa exposición de motivos que o sistema universitario español experimentou profundos cambios nos últimos anos, mutacións impulsadas pola aceptación por parte das universidades dos retos derivados da xeración e transmisión dos coñecementos científicos e tecnolóxicos. A citada lei foi modificada pola Lei orgánica 4/2007, do 12 de abril, de universidades, que realizou cambios na anterior, pero que mantivo como principios que as universidades ocupan un papel central no desenvolvemento cultural, económico e social dun país, para o cal é necesario que estas desenvolvan plans específicos acordes coas súas características propias, coa composición do seu profesorado, a súa oferta de estudos e os seus procesos de xestión e de innovación,

só así se poderá conseguir unha docencia de calidade e unha investigación de excelencia. Deséñase a nova arquitectura fomentando a mobilidade de estudantes e profesorado, afóndase na creación e transmisión do coñecemento, novas tecnoloxías da información etc. Todo iso para lograr a integración competitivamente no novo espazo universitario europeo. Para iso son necesarios novos profesionais con elevado nivel cultural, científico e técnico que só o ensino universitario é capaz de proporcionar, sendo necesaria ademais unha formación permanente ao longo da vida.

Os acordos en política de educación superior en Europa, e a sinatura do chamado Plan de Bolonia, impulsan a Unión Europea a que se teña que apostar pola harmonización dos sistemas educativos superiores no marco do espazo europeo asumindo a organización deste ensino en tres ciclos: grao, máster e doutoramento, facilitando a mobilidade estudantil europea, e a articulación dos programas en créditos europeos (ECTS), que, ademais das horas de clase inclúen o traballo persoal dos estudantes. Inténtase dar resposta á necesidade de asentar uns principios dun espazo común baseado na mobilidade, o recoñecemento de titulacións e a formación ao longo da vida. Trátase de ofrecer unha formación de calidade que atenda os retos e desafíos do coñecemento e dea respostas ás necesidades da sociedade. A implantación da declaración europea para crear unha universidade homologable, foi asinada por España en 1999 e ten que estar rematada no ano 2010.

As queixas que se presentaron nesta materia abranguen diversos aspectos pero predominan a denegación de reembolso das taxas, a validación de materias.

1.4.2 QUEIXAS RECIBIDAS E ESTADO DE TRAMITACIÓN

O número de queixas correspondentes á área de educación no ano 2008 foi de 143 ás que se deu o curso que se describe a continuación:

Iniciadas	143	
Admitidas	126	88 %
Non Admitidas	15	10 %
Remitidas ao *Defensor del Pueblo*	2	2 %

A situación das queixas admitidas a trámite é a seguinte:

Concluídas	95	75 %
En trámite	31	25 %

Ao longo deste ano tamén foron obxecto de trámite diversas queixas presentadas en anos anteriores

Ano de presentación	En trámite ao 31-12-2007	Reabertas	Total	Resoltas	En trámite ao 31-12-2008
2006	6	0	6	5	1
2007	11	0	11	10	1

1.4.3 EDUCACIÓN NON UNIVERSITARIA

As queixas presentadas nesta área iniciarémolas falando en primeiro lugar de

1.4.3.1 Instalacións escolares

a) Medios Materiais.- As queixas que no presente exercicio se formularon respecto ás instalacións escolares refírense á capacidade que os centros teñen e o número de alumnos escolarizados. Tamén ás deficiencias que presentan centros cunha antigüidade de máis de 30 anos en patios, tellados e nas tubaxes.

Admitíronse varias queixas en referencia aos centros escolares algunhas das cales foron arquivadas por non realizar o recorrente en queixa ningunha actividade á contestación e remisión do informe preceptivo por parte da administración competente pero noutros si houbo resultados positivos pola intervención desta institución.

Unha das queixas xurdidas no presente ano académico, foi iniciada de oficio por esta institución, ao ter coñecemento polos medios de comunicación locais que no CEIP Barrié de la Maza, sito en Santa Comba, os escolares quedaran sen acudir ás clases por unha fuga de fecais. Os pais dos alumnos do citado centro levaban anos pedindo a Educación a substitución das tubaxes obsoletas, tamén solicitaban obras na cuberta exterior, o amaño das pozas nos patios e un comedor con máis capacidade; o centro segundo indicaba a prensa tiña unha antigüidade superior aos 30 anos. Solicitado o preceptivo informe á administración educativa e ao Concello de Santa Comba, foron os citados informes remitidos pola administración local no cal se indicaba que a consecuencia da obrigación que o concello ten da reparación e mantemento dos centros, intenta dentro dos seus orzamentos manter 2 centros de educación infantil, un CRA e varias escolas unitarias. Que efectivamente o centro ten máis de 30 anos, cunha construción non propia da comunidade, o que supón unha infinidade de arranxos, que a canalización é moi antiga e que ten que ser reparada con asiduidade, o que así realiza a administración local intentando que se realice coa maior rapidez posible. No informe da administración educativa admite que houbo un problema de atasco, sen que se puidese precisar o motivo e a orixe deste. Pero que tiña previsto un investimento 116 000 euros para as obras de renovación necesarias e que estas se realizarían nos meses de vacacións estivais. Polo que se acordou o arquivo da queixa (982/2008).

En caso similar encontrábase o CEIP de Sada e a súa contorna xa que o centro está catalogado como de especial protección; segundo indicaba a queixosa foi construído nos anos 20 e está obsoleto, non podendo cumprir as súas funcións como escola xa que os espazos son insuficientes e ten unha aparencia de estado ruinoso. Á vista da queixa solicitáronse ás dúas administracións o correspondente informe, que foi remitido por estas. Os citados informes emitíronse en sentido de evadir as propias responsabilidades e facéndoas recaer na administración contraria. Polo que se ditou resolución na que se facía constar que por parte das administracións implicadas no problema non se estaban poñendo os medios necesarios para que o centro escolar que estaba obsoleto puidese cumprir as funcións para as que está destinado de facilitar a educación e a integración, aos alumnos; e que o problema radicaba en que as administracións competentes se dedicaban a salvar as súas responsabilidades; a iso houbo que engadir os graves problemas urbanísticos que motivou a suspensión do planeamento municipal, que se dilucidou nos tribunais de xustiza. Pero non foi necesaria unha recomendación pois no DOG do 8 de setembro publicouse o Decreto 193/2008, do 28 de agosto, que modificaba o Decreto 29/2006 e aprobábase a ordenanza urbanística provisional, con vixencia ata que se aprobe o novo plan xeral de ordenación municipal. No citado plan dábase permiso para ampliar o Colexio Contorna de Sada dispoñendo de máis terreos dotacionais. Á vista do indicado arquivouse a queixa (1381/2006).

E enlazado co tema obxecto de estudo neste eido podemos tamén facer referencia a outra queixa iniciada ante a denuncia da nai dunha alumna dun centro CEIP en Ames; indicaba que o centro fora construído había 30 anos e que neses momentos contaba con 1 liña, é dicir, 1 aula por curso. Que no ano 2000 o centro pasou a ser de 2 liñas infantil e primaria pero na mesma superficie e posteriormente de 3 liñas mantendo o centro coas mesmas características e que para o curso 2008/2009 pasaría a ser de 4 liñas, é dicir, 4 cursos por nivel, cun total de máis de 600 alumnos sen ampliación nin arranxos no centro. Solicitado o informe á Consellería de Educación foi remitido no sentido de que o centro seguiría sendo de 3 liñas e que se cumpría coa normativa establecida (806/2008).

b) Barreiras Arquitectónicas.- Trátase dun problema que as administracións van solucionando, pero que calou na administración educativa con forza; neste campo temos

que relatar a queixa presentada pola presidenta de ASEM Galicia na que nos participaba que unha alumna do CEIP Josefa Alonso, en Matamá, Vigo, que tiña 10 anos, estaba diagnosticada de Amiotrofia Espinal, tipo III, cunha discapacidade do 33% e que o centro non tiña baños adaptados para persoas con mobilidade reducida, que a entrada principal ao centro tiña 5 chanzos e unha porta moi estreita e que o centro non tiña ningún ascensor para comunicar as 3 plantas. Solicitado o informe correspondente á administración, este foi remitido indicando que con data 1 de setembro foran adxudicadas as obras de mellora e acondicionamento do centro escolar e que con data 19 de outubro do mesmo ano se iniciaran as obras, procedéndose á instalación dun ascensor e a construción de ramplas. Polo que se arquivou a queixa (1464/2008).

Sobre este mesmo tema temos a queixa 161/2008 presentada pola carencia no CEIP Rosalía de Castro en Santiago de accesos ao edificio e dun ascensor para poder ser utilizado polos alumnos con problemas de mobilidade, realizouse unha suxestión á administración estando pendente de contestación.

c) Servizos Complementarios.- Dentro desta epígrafe de instalacións escolares, é obrigado facer mención aos servizos complementarios, referidos sempre seguindo a Lei de educación, ao transporte e ao comedor escolar.

A Lei 2/2006, do 3 de maio, recoñece no seu artigo 82, aliña 2, o dereito dos escolares á prestación gratuíta por parte das administracións educativas do servizo gratuíto de transporte escolar e de ser o caso, comedor e internado. Pese ao disposto no Decreto 203/1996, do 12 de xuño, da Xunta de Galicia, no que se regula o dereito ao transporte escolar gratuíto dos alumnos que residan a unha distancia de 2 quilómetros do centro escolar, si nos encontramos dentro deste ámbito un gran número de queixas, xa que a orografía da nosa comunidade e a gran dispersión de vivendas no medio rural, fai deste un medio imprescindible para que o alumnado poida asistir ás clases nos centros correspondentes. Non se observa unha diminución das queixas respecto ao transporte escolar, senón polo contrario foron no presente ano en aumento.

A queixa que comentamos iniciouse ante a protesta dunha nai que indicaba que tiña un fillo cunha discapacidade do 79% e que estudaba nun centro de educación especial (A Barcia) a uns 35 quilómetros do seu domicilio. Que para realizar os desprazamentos do centro ao seu domicilio a administración contratou un servizo de taxi pero que era ela a que tiña que acompañar o menor nos seus desprazamentos no taxi, o que facía imposible a conciliación da vida laboral e familiar. E que a lexislación vixente establece no transporte destes nenos a figura do acompañante. No seu informe a administración indicou que no primeiro curso era a nai a que transportaba o escolar no seu propio coche e que por iso recibía unha axuda individualizada de 1400 euros. No curso seguinte a nai solicitou transporte escolar, contratándose un servizo de taxi e interesando a administración que a nai se comprometese a acompañalo no citado vehículo. No presente curso solicitou que ao escolar se lle puxese un acompañante que viaxase no taxi, ou que se lle pagase a ela ese servizo. Denegada a solicitude consonte o disposto no Decreto 443/2001, do 27 de abril, pois nel indícase que a obrigatoriedade de servizo de acompañante é no transporte público regular e que os coidadores deben ter a cualificación laboral necesaria. Por parte desta institución indicouse na resolución que a Constitución establece a obrigación e a gratuidade do ensino básico, e que para facela posible os poderes públicos deben garantir unha serie de servizos que fagan posible a asistencia dos alumnos aos centros, con independencia do lugar de residencia e das circunstancias persoais ou familiares. A Lei 2/2006, do 3 de maio, regula no seu título preliminar como un dos principios da educación, a equidade, que garante a igualdade de oportunidades, a inclusión educativa e a non discriminación e que actúe, como elemento compensador das desigualdades persoais, culturais, económicas e sociais, con especial atención ás que deriven de discapacidade, dispoñendo a non discriminación das persoas con discapacidade. Respecto do problema exposto, o Decreto 203/2006, do 12 de xuño, polo que se regula provisionalmente determinados aspectos do transporte escolar, e para o presente caso, o Decreto 443/2001, do 27 de abril, modificado polo Decreto 894/2002, sobre condicións de seguridade no trasporte escolar e de menores, regula no seu artigo 1 o ámbito de aplicación, referíndose na súa aliña a) aos transportes públicos regulares de uso especial de escolares de estradas cando polo menos a terceira parte dos alumnos transportados teña unha idade inferior a 16 anos. Regulando no seu artigo 8 os casos en que rexe a obrigatoriedade do acompañante, indicándose na súa aliña a) en todo caso sempre que se transporten alumnos de centros de

educación especial, debendo neste caso contar o acompañante con cualificación laboral necesaria, para a adecuada atención destes alumnos de necesidades educativas especiais. Non pode indicar a administración competente neste caso a non obrigatoriedade deste respecto do alumno, xa que no decreto citado non se distingue que o acompañante sexa necesario para un autobús ou para outra tipo de vehículo, e tendo en conta que a Consellería de Educación publicou un Manual básico de acompañante no transporte escolar, que recoñece como obrigatoria a presenza de acompañante cando o alumnado transportado sexa con necesidades educativas especiais. Consonte iso a institución de conformidade co artigo 29 da Lei 6/1984, do 5 de xuño, realizou unha suxestión á administración, sendo contestada esta en termos de admisión sempre que houbese orzamento para tal partida.

Sobre o mesmo problema de transporte iniciouse de oficio por parte desta oficina unha queixa ante a difusión que os medios de comunicación dedicaron ao problema que tiñan os alumnos do IES Lagoa de Antelo, que chegaban todos os días entre 15 e 20 minutos tarde ás clases. Significaban que a empresa contratada non chegaba coas previsións de tempo suficientes para que os escolares puidesen asistir con puntualidade ás clases. E que a dirección do centro compartía o malestar xurdido posto que esta situación prexudicaba a actividade docente xa que facía perder parte da primeira clases aos alumnos que chegaban tarde e interrompían os demais cando chegaban á aula. Incluso se indicaba que como o autobús realizaba dúas viaxes, os alumnos se pelexaban por subir ao autobús que realizaba a primeira viaxe. Solicitado o informe á administración, por parte desta comunicouse que se tomaran medidas e se ditaran resolucións relativas aos incumprimentos de contratos e se penalizara a empresa adxudicataria e, que a maior abastanza a administración educativa mantiña conversacións coa empresa para evitar o problema co transporte, indicándolle a incidencia que os atrasos producían de maneira negativa no normal funcionamento do centro educativo. Acordándose o arquivo desta (983/2008).

O outro servizo complementario é o relacionado cos comedores escolares, aquí as queixas que esta institución tramita son debidas á escaseza de prazas nos comedores fronte á gran demanda delas. Pese ao disposto no Decreto 10/2007 e a Orde do 21 de febreiro do

2007 modificada esta última pola Orde do 13 de xuño do 2008, que regulan a admisión do alumnado nos comedores con menor número de prazas que solicitudes, segue a ser un tema moi debatido e que achega denuncias dos pais que ven imposible a conciliación da vida familiar e laboral. Tamén o regula como xa se indicou con anterioridade, a Lei orgánica 2/2006, de educación no seu artigo 82, aliña 2.

Así podemos comentar o caso dunha nai que denunciaba que a súa filla acudía desde os 3 anos ao Colexio Público López Ferreiro e que durante o curso 2006/2007 permanecía de pé no comedor desde as 14.30 ás 17.00 co prato de comida diante e que como non comía non a deixaban baixar a xogar cos outros escolares. Que falara coa presidenta da Anpa e que esta lle dixera que os nenos tiñan que comer toda a comida que se lles poñía nos pratos e que tiñan que aprender a comer. A administración educativa contestou a solicitude de informe indicando que o comedor do citado centro se presta como modalidade de colaboración da administración coas Anpas e que non constaba na inspección que existisen normas de funcionamento do comedor que non se adecúen ao establecido. Que tampouco tiñan ningunha denuncia nin na Consellería nin na Dirección do centro, nin tampouco na Anpa. Polo que esta institución acordou o arquivo da queixa baseado en que nunca se tivo en ningún dos órganos educativos coñecemento dos feitos denunciados, e que polo menos resulta dificilmente crible que se a alumna recibía o trato denunciado a súa proxenitora non acudise inmediatamente á Dirección do centro ou á Inspección educativa, e incluso á Anpa, pois consta que a nai acudía ás reunións e nunca fixo ningunha denuncia sobre os feitos (1719/2007).

Problemas máis específicos e singulares, dentro das queixas sobre os comedores escolares, recibíronse ante o Valedor nos anos 2006 e 2007 e que se resolveron no ano 2008, e teñen que ver coa cuestión das alerxias alimentarias. Así un pai facía participe a esta institución do seu problema, indicábanos que ten un fillo de 6 anos que padece diversas alerxias alimentarias e que un dos momentos de maior risco se producía cando o escolar estaba no colexio, e que neste suposto para poder salvarlle a vida era necesario unha actuación rápida por parte do profesorado e consistente en subministrarlle a dose que o neno necesitaba de adrenalina. Engadía que os profesores se mostraban reticentes a subministrar aos escolares medicamentos e que ademais había unha ausencia total de

normas xurídicas. Que solicitaba un protocolo de actuación que ditada pola administración fose remitido aos centros escolares e tamén que se acordase a obrigación dos profesores de prestar o auxilio necesario. Por parte das administracións contestouse cun informe no que indicaban que se publicara o Decreto 10/2007, do 25 de xaneiro, que regula o funcionamento dos comedores escolares dependentes da administración educativa, e que nesta regulación se determina que no caso de alumnos con algún tipo de intolerancia ou alerxia alimentaria, poderán os interesados solicitar do consello escolar a autorización dun menú especial adaptado á enfermidade e que a dita solicitude deberá de acompañarse cun certificado médico. Ademais engadiuse que por parte da Consellería de Educación e de Sanidade se subscribiu o programa Alerta Escolar cuxa finalidade é prestar atención sanitaria inmediata aos escolares que padezan patoloxías crónicas e realizar un plan de formación de primeiros auxilios dirixido a profesores dos centros docentes non universitarios. Que este programa de Alerta Escolar se asinou con data 12 de marzo do 2007, coa intención de facer chegar unha atención sanitaria inmediata e eficaz a todos os escolares de entre 3 e 16 anos, que padezan patoloxías crónicas como epilepsia, reaccións alérxicas ou diabete. Que co acordo os profesores serán capaces de recoñecer unha emerxencia médica e prestar unha primeira atención tras avisar á central de coordinación de Urxencias Sanitarias 061. Os centros facilitarán información e documentación aos pais interesados, para incluír os seus fillos no citado programa. Urxencias Sanitarias desenvolveran tamén un plan de formación nos colexios dirixidos a todos os membros da comunidade educativa (905/2006). No mesmo sentido resolveuse a queixa presentada polos mesmos feitos co número 869/2007. Á vista da actuación da administración acordouse o arquivo de ambas as queixas.

1.4.3.2 Escolarización e admisión de alumnos

A Constitución española prescribe no seu artigo 27 que todos teñen dereito á educación e que ao ensino básico será obrigatorio e gratuíto, este principio foi desenvolvido polas sucesivas leis educativas que en varios das epígrafes xa comentamos, estando actualmente regulado na Lei orgánica 2/2006, do 3 de maio.

O artigo 84 da Lei orgánica 2/2006, do 3 de maio, prescribe que as administracións educativas regularán a admisión de alumnos en centros públicos e privados concertados de tal forma que garanten o dereito á educación, o acceso en condicións de igualdade e a liberdade de elección de centro por pais ou titores. Atendéndose a unha adecuada e equilibrada distribución entre os centros escolares dos alumnos con necesidade específica de apoio educativo. O presente artigo foi desenvolvido polo Decreto 30/2007, do 16 de marzo, polo que se regula a admisión do alumnado en centros docentes sostidos con fondos públicos que imparten os ensinos regulados na Lei de educación e na Orde do 17 de marzo que regula o procedemento para a admisión do alumnado no segundo ciclo de Educación Infantil, Educación Primaria, Educación Secundaria obrigatoria e Bacharelato en centros docentes sostidos con fondos públicos.

Pese á normativa establecida os problemas que se expoñen todos os anos, tanto en educación infantil como en educación primaria ante a escolarización e a admisión de alumnos nos centros solicitados polos pais, é suficientemente coñecida de todos; tamén é un tema que se cita en cada memoria desta institución; a dificultade de conseguir por parte das familias unha praza nunha gardería para nenos de 0-3 anos é algo que preocupa ás familias que intentan conciliar vida familiar e laboral, por iso e para concienciar e sensibilizar as administracións públicas correspondentes é necesario volver insistir na necesidade de proceder á creación de máis prazas escolares para ese alumnado, e tamén en recordar que nos encontramos moi lonxe das recomendacións europeas dunha praza por cada tres nenos menores de 3 anos. Todo iso tendo como base que a Lei de educación prescribe que as administracións públicas promoverán un incremento progresivo da oferta de prazas públicas no primeiro ciclo, así mesmo coordinarán as políticas de cooperación entre elas e con outras entidades para asegurar a oferta educativa neste ciclo, determinando as condicións nas que poderán establecer convenios coas corporacións locais, outras administracións ou entidades privadas sen ánimo de lucro. E que co fin de atender as demandas das familias no segundo ciclo, as administracións educativas garantirán unha oferta suficiente de prazas nos centro públicos e privados concertados, no contexto da súa programación educativa; podemos indicar que nestes momentos cumprir co mandato da lei está resultando un problema de moi difícil solución.

Aínda que este tema pode ser citado tanto nesta área como na referida a política lingüística, coa entrada en vigor do Decreto 124/2007, do 28 xuño, polo que se regulan o uso e a promoción do galego no ensino educativo, hai unha serie de pais e de alumnos que amosan a súa desconformidade co citado decreto, xurdindo así un número de queixas que son resoltas informándose ás partes sobre o contido do citado decreto e a ampla normativa vixente respecto á cooficialidade das linguas na nosa Comunidade.

As queixas referentes á escolarización de alumnos como xa se indicou no inicio desta área parece que sufriron unha mingua, o motivo pode ser a regulación que sobre a admisión do alumnado en centros públicos, garantindo o dereito á educación, o acceso en condicións de igualdade e a liberdade de elección de centro por pais ou titores legais, se produciu coa vixencia do Decreto 30/2007, do 12 de marzo, e a Orde do 17 de marzo de 2007, pero pese á regulación específica que se fai respecto dos criterios e requisitos que os escolares en xeral deben cumprir, si se presentaron queixas como a que a continuación se detalla e que foi presentada por unha nai, na que denunciaba a mala actuación da administración educativa da provincia da Coruña no tema da escolarización, porque no presente curso quedaran nenos sen escolarizar, incluso tendo os solicitantes irmáns cursando estudos no centro solicitado. Por parte da administración correspondente contestouse no informe solicitado que efectivamente a interesada solicitara para as súas dúas fillas a escolarización nun centro, quedando admitida unha das escolares para 3º de Primaria, pero quedando excluída na lista de admitidos definitiva a outra filla, por aplicación do Decreto 30/2007 e da Orde do 17 de marzo do 2007, regulando esta última no seu artigo 17, aliña 1ª que para a consideración de irmáns matriculados no centro, só se terá en conta os que continúen escolarizados no mesmo durante o curso escolar para o que se solicitou a admisión. Sen embargo solicitada praza no curso seguinte 2008/2009 a escolar si está admitida ao aplicarse a normativa vixente. Procedéndose ao arquivo da queixa (35/2008).

Outro caso é o exposto por unha nai que ao mesmo tempo actúa como presidenta dunha asociación veciñal, na queixa denúnciase que uns nenos non foron escolarizados no Colexio O Granxal II do Temple por falta de prazas e que tiveron que ser enviados a outro centro distante do anterior, o que obriga as familias a non poder conciliar vida familiar e

laboral. A administración correspondente informou que a queixosa interpuxera recurso contra a non admisión da súa filla, pero que a non concesión de praza no centro interesado foi debido a que a nai non achegou nin coa solicitude, nin na fase de presentación de documentos, a documentación que require a orde do 17 de marzo do 2007 para o caso de que a demanda sexa superior ás prazas ofertadas no centro e que regula a documentación necesaria para obter puntuación pola proximidade ao centro do domicilio familiar, e que tampouco asinou a autorización para a comprobación da renda familiar que tamén esixe a citada orde, polo que non puido optar á puntuación necesaria para conseguir praza; respecto dos outros menores foron escolarizados no centro pedido polos seus proxenitores en segundo lugar e noutro centro que conta con transporte escolar sendo a duración da viaxe de 15 minutos. Non observando incumprimento do decreto e da orde que o desenvolve do 17 de marzo do 2007, procedeuse ao arquivo desta (1554/2008).

En relación coas escolas infantís de 0-3 anos podemos citar a queixa presentada por unha nai de Vigo que no mes de marzo solicitara para o seu bebé de 11 meses praza nunha gardería, que ela é nai solteira e que non podía ocuparse do neno porque tiña que traballar, e que non pode facelo por que non ten con quen deixar o menor. No informe remitido por Vicepresidencia informouse de que publicadas as relacións definitivas de admisión en escolas infantís de 0-3 anos na provincia de Pontevedra, a solicitude obtivo 12 puntos pero non conseguiu praza por haber solicitantes con maior puntuación. Sen embargo a nai de conformidade á Orde do 27 de febreiro do 2008, acolleuse ao programa de cheque infantil, polo que desenvolvendo o disposto no parágrafo 3º do artigo 14 da citada orde, quedaba excluída da lista de espera xa que lle foi adxudicada praza de cheque infantil nunha escola de Vigo (1443/2008).

Outra queixa relativa ás escolas infantís é a remitida por unha nai polo sistema de asignación de prazas na gardería municipal do Concello de Vedra. Manifestaba que a súa filla acudiu durante os dous anos anteriores á citada escola a pesar de que ela non vive no citado concello, polo que non está empadroada, pero que traballa moi cerca do citado municipio polo que lle era posible conciliar vida laboral e familiar. Pero que para o curso escolar 2008/2009, a escolar aparece en último lugar na lista provisional, ao parecer por que para o próximo curso hai máis peticións que prazas ofertadas. O Concello de Vedra no

seu informe indica que é certo que a menor ocupa ese lugar na lista provisional e que por parte da nai non se fixo constar ningunha alegación nin se presentou ningún recurso. Que en todo momento esta foi informada de que para o presente curso a demanda era moi superior á oferta de prazas na escola e que polo tanto se tiña que actuar en función do regulamento aprobado para estes casos e dentro do citado un dos requisitos para obter puntuación era a de estar empadroado no concello. Non se observou unha mala actuación da administración e acordouse o arquivo (1285/2008).

1.4.3.3 Educación especial

Regulado este tema nos artigos 71 e seguintes da Lei 2/2006, de educación, nos que se establece que corresponde ás administracións educativas asegurar os recursos necesarios para que os alumnos que requiran unha atención educativa diferente á ordinaria, por presentar necesidades educativas especiais, por dificultades específicas de aprendizaxe, polas súas altas capacidades intelectuais, por se ter incorporado tarde ao sistema educativo, ou por condicións persoais ou de historia escolar, poidan alcanzar o máximo desenvolvemento posible das súas capacidades persoais e, en todo caso, os obxectivos establecidos con carácter xeral para todo o alumnado. Temos que indicar que a normativa xa foi comentada ao principio desta memoria, e desenvolvida polo RD 696/1995, do 28 de abril e como lexislación autonómica o Decreto 320/1996, do 26 de xullo e diversas ordes referentes á materia. Nestes momentos está en borrador un novo decreto de "Atención á diversidade", sobre o que xurdiron xa diversas queixas nos medios de comunicación e que tiveron o seu eco ante esta institución pero que non foron obxecto de estudo por teren acudido os pais dos alumnos á xurisdición contencioso-administrativa en defensa dos seus dereitos.

No ano 2007 iniciouse de oficio por parte desta institución unha queixa á vista das denuncias feitas polas asociacións de pais de fillos comunmente coñecidos como superdotados e aos que a lei de educación denomina nenos con altas capacidades. *"Máis de 300 familias esixen á Xunta un censo de superdotados"*, este era o titular dos periódicos, e engadían que os pais dos alumnos reivindicaban un módulo de formación específico en altas capacidades para carreiras como Maxisterio ou Psicoloxía; denunciaban

un baleiro institucional, xa que estes alumnos non contan cunha atención especializada e recursos suficientes para desenvolver as súas calidades. Solicitados informes ás administracións correspondentes, por parte da Consellería de Educación púxose de manifesto que de conformidade co artigo 35, aliñas 2 e 3 da Lei 6/2001, en redacción dada pola Lei orgánica 4/2007, os plans de estudos serán elaborados polas universidades, autorizados pola comunidade autónoma e verificado polo Consello de Universidades, preservando a autonomía académica, e que o goberno establecerá o carácter oficial do título e acordará a súa inscrición no Rexistro de Universidades, Centros e Títulos. Que o Real decreto 1393/2007, do 29 de outubro, insiste que os ensinos universitarios oficiais se concretarán en plans de estudos que serán elaborados polas universidades, establecendo os principios xerais que deben inspirar os títulos. O reitor da Universidade de Vigo e a vicerreitora de Titulacións e Converxencia Europea indican que os ensinos universitarios oficiais, os plans de estudo conducentes á obtención de titulo de graduado serán elaborados polas universidades e verificados de acordo ao establecido no Real decreto 1393/2007. Que a situación actual dos estudos universitarios leva aparellada unha nova organización dos ensinos universitarios nos seus distintos niveis. Que non está prevista a reforma dos plans de estudos obxecto da reclamación ata 2009/2010, e que se comunica á Universidade de Vigo, para que os responsables da Xunta de Centro, dos decanatos para que se teñan en conta as reivindicacións das familias relativa á necesidade de incluír un módulo específico de formación en altas capacidades. A decana da Facultade de Psicoloxía e o reitor da Universidade de Santiago, sinalan que parte dos plans de estudos de grao en Psicoloxía conteñen materias nas que se inclúen contidos e competencias relativas aos aspectos psicolóxicos de atención á diversidade no contexto educativo, así como de atención ás persoas con necesidades educativas especiais. Que no actual plan de estudos se atende este tipo de contidos, e previsiblemente se seguirá facendo no correspondente nivel de grao. Pero é improbable que se concrete un módulo específico de formación en altas capacidades, porque os colectivos son moitos e moi diversos polo que sería imposible atender, desde os estudos universitarios de grao, o tratamento en profundidade que se demanda. Os programas de grao van dirixidos a unha formación xeral e con ela os titulados poderán despois completar a súa formación no campo que elixan. Que a universidade pode valorar a necesidade e oportunidade de ofrecer un título de nivel de máster dirixido á formación de profesionais especializados en atención a estes nenos de altas capacidades. *A*

este respecto non está en curso ningunha iniciativa, tendo en conta os recursos humanos dispoñibles e a política de financiamento cero das administracións educativas respecto dos estudos de máster. Á vista do indicado e pese ás dificultades que entraña unir esforzos e realizar actuacións de forma coordinada respecto de todas as administracións educativas, realizouse unha suxestión á Consellería de Educación, ás universidades da Comunidade Autónoma para crear unha materia optativa que garantira a formación de mestres e profesionais, e a posibilidade de ofertar un título de nivel de máster orientado á formación de profesionais especializados en educación de nenos de altas capacidades. A suxestión foi admitida pola administración.

No curso escolar 2008/2009 presentáronse bastantes queixas respecto á problemática dos escolares con necesidades educativas especiais, entre as que podemos citar a presentada por unha nai que ten un fillo de 3 anos que estaba escolarizado nun CRA do Rosal; que iniciado o curso solicitou unha coidadora para o menor avalada polo pediatra do neno, polo equipo de psicólogos do centro e ratificado por un equipo de psicólogos enviados pola inspección educativa. Que todos estaban de acordo en que o escolar necesita un coidador pero a consellería dille que non ten coidadores e que espere ao ano que vén. Solicitado o preceptivo informe, este foi remitido a esta institución e nel indícase que o escolar ten logo de realizar os correspondentes ditames certas dificultades de linguaxe e unha descoordinación motriz non severa e que non controla esfínteres. A dirección do centro informou á familia da posibilidade de atrasar algún tempo a entrada na educación infantil ou a asistencia do menor a outro centro próximo que si tiña coidadora. A familia non aceptou ningunha das posibilidades. Tanto no informe da pediatra do menor como o do Departamento de Orientación do centro, confirman o carácter transitorio da situación, polo que a administración educativa estuda a procedencia de dotar o centro cunha coidadora se as necesidades persisten no curso próximo; tamén indica que a administración educativa sempre estivo atenta ás necesidades do menor prestándolle os servizos necesarios a través do profesorado do centro. Tendo admitido a familia claros progresos na integración do alumno (124/2008).

Outra queixa presentada polo presidente de ASEM Galicia, Asociación Galega contra as Enfermidades Neuromusculares, indica que no Colexio O Pilar de Vigo estudan 2

alumnos, un de 6 anos diagnosticado de Amiotrofia Espiñal de tipo III, cunha discapacidade do 71% e outro de 7 anos diagnosticado de parálise cerebral con afección motora e unha discapacidade do 68%. Que ambos os escolares teñen dificultade para utilizar o transporte e que necesitan coidadora para axudalos na súa actividade diaria, como pode ser acudir ao baño. Que ambos os escolares dispoñen de praza de necesidades educativas especiais, e que o centro está adaptado con ramplas e ascensores, pero falta a coidadora. Que hai outro centro con coidadora pero necesitaríase o transporte adaptado. As enfermidades neuromusculares caracterízanse por unha diminución de forza muscular pero sen afectar á intelixencia ou á capacidade afectiva, creativa, etc. Remitido pola administración correspondente o informe, nel indícase que ademais dos dous escolares tamén se encontra un terceiro diagnosticado de Síndrome de Down. Que o centro escolar é un centro ordinario, con concerto educativo, pero que no seu cadro de persoal non figura con coidador auxiliar, pois non se trata dun centro específico de educación especial, nin dun centro ordinario que teña concertadas determinadas unidades de educación especial. Pero ao amparo da Orde da Consellería de Educación do 19 de setembro do 2008, pola que se regula as axudas a centros privados concertados para a atención de escolares con necesidades educativas especiais, o centro escolar solicitou acollerse con data 21 de outubro ás citadas axudas, estando pendente de resolución por parte da administración (1818/2008).

Mellor solución tivo a queixa presentada pola nai dunha nena de 3 anos afectada dunha enfermidade metabólica (Glucoxenose 1) que necesitaba unha coidadora, a cal lle foi concedida pola administración segundo comunicou a esta institución a nai, solicitando o arquivo da denuncia (1888/2008).

Dentro desta epígrafe tamén foron presentadas queixas por pais de nenos autistas, os cales segundo indicaban foran trasladados do centro ordinario onde cursaban os seus estudos a outro de educación especial ao telo así acordado a administración pero sen contar co consentimento dos proxenitores. O estudo destas queixas non puido realizarse por esta institución, ao teren recorrido os proxenitores a decisión da Xunta ante os tribunais ordinarios.

1.4.3.4 Violencia escolar

Non houbo no presente ano presentación de queixas referidas á violencia escolar, pero si se presentaron diversas denuncias sobre problemas de iniciación de expedientes sancionadores a escolares, problemas nun centro escolar como consecuencia de acoso escolar anterior e noutra comunidade; así referirémonos á queixa presentada polos pais dun escolar que denunciaban que na tramitación do expediente disciplinario ao seu fillo, no IES de Mos, se produciran graves irregularidades. Indicaba que o expediente se abriu por unha falta de respecto do alumno a un profesor do centro, e que como consecuencia o alumno foi sancionado con 15 días de expulsión do centro e 15 días de traballos no centro en beneficio da comunidade escolar. Ademais de denunciar as irregularidades tamén indicaba que por teléfono lles comunicaran que o seu fillo non ía realizar unha excursión a Madrid, nin á excursión de fin de curso ás illas Ons, baseándose o centro no regulamento de réxime interno do centro. E que tampouco lle devolveron o diñeiro que entregara para a excursión a Madrid. Solicitado o informe á administración educativa, este foi remitido no sentido de indicar que a non asistencia ás excursións do alumno sancionado lle foi comunicado persoalmente ao escolar e por teléfono á súa familia, en datas posteriores á resolución do expediente disciplinario. Que tamén lle foi comunicado pola dirección do centro que non podía realizar ningunha saída didáctica no prazo de dous meses de conformidade co establecido no regulamento de réxime interno do instituto e que foi aprobado polo Consello Escolar. Que a devolución do diñeiro foi realizado pola axencia de viaxes ao pai do alumno. Esta institución procedeu ao estudo da queixa e da resposta da administración constatou que a conduta do alumno era merecedora de iniciación de expediente disciplinario, xa que non seguía as directrices e orientacións do profesor e non respectaba a autoridade deste, polo que estas actitudes se consideran, de conformidade co disposto no Real decreto 732/1995, como condutas graves. Que tampouco houbo irregularidades na incoación do expediente pois cumpríronse as garantías e no procedemento o alumno e a súa familia acudiron acompañados dun avogado, respectándose todos os prazos na resolución do expediente, procedéndose pola axencia con posterioridade á devolución do importe da excursión. Polo que se acordou o arquivo da queixa (1181/2008).

Outra queixa foi presentada pola nai dun alumno, do que xa constaba outra queixa presentada tamén pola súa nai en relación cun problema co centro escolar por considerar que seu fillo estaba a sufrir vexacións, discriminación continuada por parte do centro e ademais impedindo ao menor relacionarse coa súa familia, queixa que foi no seu día arquivada ante o informe remitido por educación e por considerar esta institución que había unha total falta de elementos convincentes. Nela significaba que o seu fillo que estudaba no IES da Pobra do Caramiñal, por unha comisión de convivencia colectiva, foi sancionado a realizar tarefas académicas e que estas resultaron ser empregalo como operario de mudanzas no centro. Comunicouse ao centro que o escolar non podía realizar eses traballos xa que estaba afectado de esclerose múltiple, o centro mantivo o traballo polo que a denunciante acordou que o seu fillo non cumprise o resto da sanción, motivo este polo que polo centro se lle iniciou un expediente sancionador. Solicitado o informe ao centro escolar, foi remitido polo IES un extenso informe no que a administración debulla desde a chegada do alumno ao centro, todas as vicisitudes sucedidas en relación co citado alumno. Este chega procedente doutro centro fóra da nosa comunidade, e informa a súa familia aos responsables do centro que sufrira unha situación de acoso escolar; ante estes feitos o menor recibiu o apoio necesario mediante un programa de reforzo nas áreas necesarias, que non produciu ningún froito á vista do seu expediente académico. Que os reforzos foron retirados ante a falta de interese e cooperación do escolar, ao que houbo que engadir moitas faltas de asistencia e de puntualidade, consentidas pola súa nai, chegando a alcanzar no curso un total de 114 faltas de asistencia e 28 de puntualidade, sen que a nai se interesase polo proceso educativo senón que polo contrario, renuncia ás clases de apoio e realizando manifestacións despectivas cara aos profesores. Continúa no informe indicándose que a inspección educativa estaba ao corrente dos feitos, e que sabía que a nai do escolar e a súa parella se opuxeron desde o primeiro momento a que o centro interviñese non só no ámbito educativo senón tamén no relativo aos hábitos de hixiene persoal do escolar, a correccións de condutas inadecuadas. Polo que consideraban que a nai do escolar e a súa parella estaban dando un exemplo inadecuado e de violencia ao escolar, utilizando o acoso sufrido polo alumno como arma arreboladiza contra todo e todos, escusando todas as faltas do citado escolar. Á vista do indicado por parte desta institución considerouse que o problema non era da administración senón que a responsabilidade do éxito escolar dun alumno non só recae no profesorado e no centro, senón tamén no propio

alumno e na súa familia, debendo colaborar esta estreitamente para comprometerse co traballo diario dos seus fillos. No momento que non se consegue esa colaboración por parte de todos dá como resultado un posible fracaso escolar, acordándose o arquivo do expediente (803/2008).

1.4.3.5 Ensinanzas Especiais

Dentro desta epígrafe temos que aludir ás ensinanzas de idiomas, música e danza, arte dramática, artes plásticas e deseño, ensinanzas de adultos, todas elas reguladas na Lei 2/2006, do 3 de maio, da educación dedicándolles as súas epígrafes específicas nos capítulos VI, VII, VIII e IX do título I referido ás ensinanzas e a súa ordenación. Podemos dicir que non constituíron un número significativo as queixas presentadas e que en principio se refiren a devolucións de matrículas nos centros de idiomas, nos conservatorios de música, pero unha queixa que chamou a atención foi a presentada por unha alumna que asistía a clases na escola de idiomas e que é profesora de matemáticas en Asturias, indica que presenta a queixa contra a directora da EOI de Ribadeo polo dano moral que tivo que sufrir por parte da citada directora no curso 2007/2008 e o seu abuso de poder, faltando ao respecto aos seus alumnos. Que como consecuencia de todo isto tivo que perder o curso e renunciar á matricula e ao exame. Por parte da administración contestouse no informe, que a queixa foi motivada polo desacordo co equipo directivo da EOI de Ribadeo na que recibía clases, e iso por mor da medida correctiva que lle foi imposta, suspensión do dereito de asistencia a clases durante 3 días lectivos. Que a queixosa protagonizou unha serie de incidentes nos que reiterativamente se indica falta de respecto á profesora de inglés, actitude agresiva cara aos compañeiros de clases, negativa a aceptar as instrucións da directora, todo o cal impedía o normal desenvolvemento das clases. Na documentación do expediente pode comprobarse que o procedemento foi correcto e axustado á norma, e que o equipo da escola actuou conforme as súas competencias para garantir o correcto desenvolvemento da actividade académica. Sendo arquivado o expediente (1125/2008).

Dentro tamén das escolas de idiomas houbo varias queixas en relación coa modificación dos plans de estudos nas citadas escolas oficiais. Unha destas queixas foi a presentada por unha alumna que contaba que ao principio de curso se matriculou en cuarto

ano de galego e que en xuño aprobou o curso; mentres tanto a Consellería cambiou os plans de estudos e para o próximo curso eliminábase totalmente o plan antigo do que ela era alumna e só lle permitían matricularse no novo plan. O problema era que non extinguen o plan segundo o finalizan os alumnos matriculados nel, se non que non lles deixan cursar 5 ano, porque o eliminan. E que é grave por que os dous plans non son equivalentes, pois o novo conduce a un certificado de inferior nivel, o Celga4 e no plan antigo conseguíase o Celga5. A administración contestou indicando que as ensinanzas de idiomas de réxime especial están reguladas no Decreto 191/2007, do 20 de setembro. E que no curso escolar 2007/2008 se implantaron por primeira vez nas escolas de idiomas os novos niveis de ensinanza de idiomas correspondentes ao nivel básico e intermedio, de acordo co Real Decreto 806/2006, do 30 de xuño, polo que se establece o calendario de aplicación da nova ordenación do sistema educativo, establecida na Lei 2/2006. No curso 2008/2009 complétase a implantación do sistema novo, coa implantación do nivel avanzado destas ensinanzas. Esta modificación ten como referencia as competencias recollidas nos distintos niveis definidos no marco común europeo de referencia para as linguas proposto polo Consello de Europa. E por último que as equivalencias dos estudos de galego son competencia da Secretaría Xeral de Política Lingüística e aparecen recollidos na Orde do 16 de xullo do 2007, pola que se regulan os certificados oficiais acreditativos dos niveis de coñecemento da lingua galega (CELGA). A queixa arquivouse 1331/2008.

Sobre a Orde do 16 de xullo do 2007, pola que se regulan os certificados oficiais acreditativos dos niveis de coñecemento da lingua galega, CELGA, presentáronse tamén queixas.

E por último constátase que respecto do funcionamento do conservatorio de música houbo tamén dúas queixas, resultando unha non admitida e na outra a parte denunciante solicitou a reapertura desta.

1.4.3.6 Outras cuestións relacionadas coa educación en niveis non universitarios

Nesta epígrafe podemos incluír aquelas queixas que mesmo podendo formar parte das incluídas noutras epígrafes, sen embargo tratáronse independentemente.

Citaremos un grupo elevado de queixas presentadas polos pais e as nais dos escolares dun centro de Sarria en Lugo, nas que se queixaban de que existía unha falta de apoio lexislativo para conseguir a implantación e a adaptación da xornada única nos centros. Que as abstencións se contaban como votos en contra e que era polo tanto imposible conseguir esa xornada. Que levaban tres anos votando a citada xornada porque moitos pais consideraban que a xornada partida non é a óptima para que os alumnos teñan unha boa base nos seus estudos. No informe interesado á administración educativa esta participa que a xornada única é unha xornada non ordinaria; a existencia duns requisitos, máis ou menos posibles de cumprir, que non son esixidos á xornada ordinaria, está na Orde do 13 de abril de 1993 e na súa disposición transitoria 4. A decisión de xornada ordinaria ou non ordinaria é unha decisión transcendental para o funcionamento do centro e polo tanto é lóxico a necesidade duns requisitos que sinalen a existencia dunha maioría cualificada, que no artigo 1 da citada orde se sinala como que é necesario o acordo favorable de dous terzos do total do censo dos pais ou titores dos alumnos. O tema quedou resolto, pois ante o elevado número de queixas dirixidas á administración educativa, esta facéndose eco das solicitudes realizadas por parte da comunidade educativa, derrogou a Orden do 13 de abril de 1993 e publicou a Orde do 29 de maio do 2008 que modifica entre outros requisitos a porcentaxe que agora é de tres quintos, para a implantación de xornada lectiva en sesión única de mañá ou mixta nas escolas de educación infantil, colexios de educación infantil e primaria, colexios rurais agrupados, centros públicos integrados, centros de educación especial e centros privados concertados. (Entre outras, as queixas 460/2008, 791/2008, 836/2008).

Así repasaremos dentro desta epígrafe as queixas referentes aos *dereitos dos profesores*; denotando a queixa presentada por un profesor ao que se lle denega o dereito á mobilidade laboral, ao non poder participar no concurso de traslados de profesores de Ensinanza Secundaria, por non estar en posesión do Celga4 ou do curso de perfeccionamento de lingua galega; que na súa especialidade non é preceptivo impartir a ensinanza en galego, pero na convocatoria do concurso de traslados, esíxese con carácter xenérico para concursar, estar en posesión dos citados certificados, a todos os profesores das especialidades de formación profesional. A administración contestou no seu informe que está sometida ao principio de legalidade dos artigos 9 y103 da Constitución. Que os

requisitos que indica o reclamante son obrigatorios para a administración en canto é aplicación directa dunha norma regulamentaria, e como tamén regula o artigo 5 e o artigo 11 do Decreto 124/2007, do 28 de xuño de promoción do galego no sistema educativo. En definitiva a teor do citado decreto calquera módulo poderá ser impartido en lingua galega, e como mínimo o 50% da docencia ser impartido en galego. E para garantir o regulado no decreto esíxese acreditar o coñecemento da lingua galega como requisito para participar no concurso de traslados desde unha especialidade propia da formación profesional. A convocatoria é flexible para acreditar o galego. Remata indicando que non hai constancia de que o recorrente participase no concurso de traslados convocado pola Orde do 31 de outubro do 2007. (Arquivouse a queixa 809/2008).

Tamén falaremos dos problemas que no presente curso escolar deparou o cheque para compra de libros; denunciaba un pai ao presentar a súa queixa "que din que os libros son gratuítos, pero que non é verdade", que lle deron para os libros do seu fillo un cheque por importe de 260 euros, e que non foi suficiente xa que tivo que pagar un libro por importe de 15 euros. Tamén manifestaba que non estaba de acordo de que sexa unha financeira privada a que dá os cheques dos libros. Por parte da administración comunícase no informe remitido que a Lei 10/2007, do 22 de xuño, liberalizou o prezo dos libros de texto, feito que permite que cada librería poida establecer libremente o prezo destes, afectando polo tanto ao programa de gratuidade dos libros de texto convocado pola consellería. A xestión do programa de gratuidade esta regulado pola Orde do 28 de abril do 2008, na cal se establece no punto 6º un importe máximo de subvención por alumno que se acolla ao programa. Que o programa establece o carácter universal da gratuidade para o alumnado que se acolla ao programa, pero esta está limitada polos importes máximos establecidos na propia convocatoria. Que a Consellería acudiu á contratación dunha empresa externa para que colaborase na xestión, para axilizar a xestión económica dos centros. Á vista do indicado arquivouse a queixa (1623/2008).

De menor contía son as queixas presentadas polos particulares, e que fan referencia ás *bolsas e outras axudas,* podemos citar algunhas delas como a realizada por un estudante de Formación Profesional de grao superior que consideraba que cumpría todos os requisitos necesarios para obter bolsa no curso 2007/2008, pero que non lle foi concedida,

que presentara as correspondentes alegacións, e estaba pendente de contestación. A administración manifestou que o interesado solicitara a correspondente bolsa, que foi tramitada polo Ministerio de Educación que lla denegou por superar os limiares de patrimonio inmobiliario. As alegacións tamén son desestimadas, por considerar que o valor catastral dos soares urbanos superan o límite establecido na orde de convocatoria. Ao mesmo tempo que o interesado presenta recurso de reposición, desde a sección de bolsas da delegación provincial se aconsellou ao citado e á súa nai que debían rectificar os datos fiscais xa que o enderezo habitual figuraba como segunda vivenda. Cando se pechou a queixa o Ministerio informara que a resolución sería favorable ao interesado (2044/2008).

Outras queixas que nos presentan os recorrentes son as relativas á non concesión das axudas para inmersión lingüística, indicando que non son concedidas por unha mala valoración dos requisitos solicitados na correspondente normativa. Así temos unha presentada por unha estudante que indica que publicada no DOG a orde pola que se convocan axudas en réxime de concorrencia competitiva dirixidas a alumnado de centros sostidos con fondos públicos, para realizar actividades de inmersión lingüística no verán do 2008, presentou a dita solicitude por considerar que cumpría os requisitos. Pero que a súa solicitude foi rexeitada nun primeiro momento por considerarse que non estaba estudando nun centro sostido con fondos públicos, e tras comprobar que estaba realizando estudos de educación de adultos, non recibiu contestación á súa solicitude e que as axudas xa foron concedidas e a ela se lle privou dun dereito. A administración no seu informe indica que o motivo de descartar a solicitude da interesada estivo presidido polo criterio de que estas axudas estaban dirixidas ao alumnado matriculado en réxime ordinario e a interesada está matriculada en réxime de adultos (1579/2008).

1.4.4 FUNCIONAMENTO DA UNIVERSIDADE

Respecto da educación universitaria xa fixemos referencia a esta ao tratar da educación en xeral. E dentro desta epígrafe do funcionamento das universidades non foron moitas as queixas recibidas; baséanse a maioría delas en problemas de reembolso de taxas académicas, denegación de bolsas, podendo citar a queixa presentada por unha

universitaria que manifestaba que no exercicio 2007/2008 superou o curso selectivo de formación para o ingreso no corpo de policía local dun concello, coa categoría de policía. Que realizou no mesmo exercicio as probas de acceso á universidade para maiores de 25 anos. Que o 25 de xullo do 2008 se matriculou na titulación de Graduado en Ciencias Criminolóxicas e da Seguridade Pública e ao mesmo tempo solicitou a validación, por ter realizado o curso selectivo de gardas de policía local da AGASP, por existir convenio entre esta e a universidade, en relación coa matrícula e validación de materias. Que recibiu resolución que desestima a solicitude na que se indica que para a validación de materias o alumno terá que contar antes da realización do curso de AGASP do acceso á universidade. Que nas listas sobre exención de pagamento de matrícula, aparece subvencionado para primeiro curso e outro compañeiro en igualdade de condicións pode acceder directamente a segundo curso. Que considera que foi discriminada xa que é imposible que en dous casos iguais a un se lle conceda a validación e a outro dos solicitantes non. A administración no seu informe indica que a denegación inicial da validación do curso selectivo cursado na AGSP se baseou nun informe emitido pola Comisión de Validación do Instituto de Criminoloxía ao entender que a alumno non tiña algún requisito que lle permitise o acceso á universidade. Mais estímase o recurso por resolución do 27 de outubro do 2008, consonte a aplicación da normativa e os criterios en materia de validación de estudos e dos propios termos do Convenio de Cooperación entre a AGASP e a USC en materia de formación, posto que hai que atender a igualdade de contidos e a equivalencia da carga lectiva entre os estudos cursados e os estudos que se pretenden validar e non outros requisitos non esixidos na normativa aplicable. A queixa foi arquivada (1831/2008).

Outra queixa presentada nesta institución é a 1130/2008, indica que en setembro do 2006 solicitou o ingreso en segundo ciclo da licenciatura de Pedagoxía en Santiago, e que a solicitude foi cursada de forma telemática vía internet; no momento de cursala dábaselle un prazo de 10 para acudir a unha oficina bancaria para efectuar o pagamento das taxas, e devolver vía correo os xustificantes e a matrícula á Unidade de Xestión Académica do Campus Sur da Universidade de Santiago de Compostela, condición indispensable para que se formalizase a matrícula. Por motivos graves non efectuou o pagamento crendo que ao vencer o prazo a matrícula quedaría invalidada. Pero con posterioridade recibe un escrito esixíndolle o pagamento das taxas de matrícula. Tras tres meses de espera realiza o

pagamento de 60 euros, un ano mas tarde recibe resolución reitoral de providencia de constrinximento. A universidade no seu informe participa que a convocatoria de matrícula establece os sistemas para formalizar a matrícula, sendo un internet. A formalización da matrícula ten como case único deber dos alumnos a obrigación de pagamento dos prezos públicos establecidos pola administración; en definitiva o acto de formalizar a matrícula só queda condicionado polo cumprimento das normas legais de acceso á universidade. No presente caso a interesada formalizou a matrícula polo medio xa indicado como solicitante de axuda ou bolsa, aboando os prezos en secretaria. A USC detectou que nin sequera solicitara a bolsa, polo que se lle requiriu para aboar os prezos deixados de ingresar. Neses momentos solicitou a anulación da matrícula recoñecendo que o escrito o presentaba fóra de prazo. Por esa situación a resolución reitoral denega a anulación de matrícula e procede a iniciar o procedemento de non pagados coas recargas correspondentes. A actuación da universidade é consecuencia dos propios actos da alumna que era coñecedora da normativa reguladora da súa matrícula e os seus efectos e que se limitou a ignoralos e actuar extemporaneamente ao ser advertida pola universidade, e intentando conseguir uns beneficios que os seus compañeiros non conseguiron ao cumprir a normativa. Non se apreciou mala actuación por parte da universidade, xa que a interesada, debía ser coñecedora do Decreto 117/2006, do 13 de xullo e da convocatoria de matrícula para o curso 2006/2007 (queixa 1130/2008).

Outra foi presentada por unha funcionaria da Consellería de Educación da Xunta de Galicia, na que indica que como funcionaria laboral fixa en activo, pois pertence ao corpo de limpeza, lle foi denegado o dereito ao goce de gratuidade da matrícula para cursar o seu fillo estudos na facultade de económicas. Que sen embargo ese dereito lle foi recoñecido e o exerceu outro dos seus fillos. Pero con respecto ao caso que denuncia lle foron denegados no momento de realizar a matrícula. Solicitada información á universidade, esta remitiu informe no sentido de comunicar, que a resolución reitoral do 29 de xullo do 2007 regula as axudas e subvencións de prezos públicos da Universidade de Santiago para ese curso escolar. Nel indícase que terán dereito os funcionarios de carreira de calquera administración pública con destino na Consellería de Educación, e que se encontren na situación de servizo activo ou servizos especiais no prazo establecido para a matrícula. Que a resolución notificada á interesada se basea en que ela non cumpre os

requisitos, xa que non é funcionaria de carreira en servizo activo, senón que se trata de persoal laboral. Que os tribunais de xustiza se pronunciaron neste sentido (queixa 1422/2008).

1.4.5 RESOLUCIÓNS DO VALEDOR DO POBO EN MATERIA DE EDUCACIÓN.

1.- Suxestión dirixida ao Reitor da Universidade de Vigo o 8 de febreiro de 2008 para que garanta a necesaria formación específica dos Mestres e Profesionais da Educación e tamén a posibilidade de ofertar un título de nivel de Master orientado á formación de profesionais especializados en atención psicolóxica e educacional a nenos con altas capacidades. (Q/1826/07).

Como vostede ten coñecemento con data 3 de outubro de 2007 foi iniciada de oficio a presente queixa, que quedou rexistrada nesta institución co número 1826/07, sendo o motivo da queixa as información nos medios de comunicación onde se *comunicaba que "máis de 300 familias esixen á Xunta un censo de superdotados", que os pais destes alumnos reivindicaban un módulo de formación específico en altas capacidades para carreiras como Maxisterio ou Psicoloxía. Denunciaban o baleiro institucional, e que nacer cun coeficiente superior a 130 é máis un castigo que unha bendición; que estes alumnos non contan cunha atención especializada e recursos suficientes para desenvolver as súas calidades. Consideran necesario que o programa das carreiras de Maxisterio e Psicoloxía inclúan formación académica en altas capacidades.*

Estudada a queixa, foi admitida, en referencia neste caso á vulneración do artigo 27 da Constitución ao entender que reunía os requisitos formais establecidos no artigo 18 da Lei 6/1984, do 5 de xuño, do Valedor do Pobo, e que atopaba, en principio, cobertura constitucional. Solicitado o preceptivo informe á Consellería de Educación e Ordenación Universitaria, e tamén solicitado informe á Universidade de Santiago de Compostela, sendo remitidos polas administracións competentes os informes solicitados nos que se constata o seguinte:

No informe da Consellería de Educación e Ordenación Universitaria, indícase que *de conformidade ao disposto no artigo 35, aliña 2 e 3 da Lei orgánica 6/2001, do 21 de decembro, de universidades, en redacción dada pola Lei orgánica 4/2007, do 12 de abril, os plans de estudo dos títulos oficiais con validez en todo o territorio nacional serán*

elaborados polas universidades, autorizados pola Comunidade Autónoma e verificado polo Consello de Universidades, preservando sempre a autonomía académica das universidades, con posterioridade o Goberno establecerá o carácter oficial do título e ordenará a súa inscrición no Rexistro de Universidades, Centros e Títulos.

O Real decreto 1393/2007, do 29 de outubro, insiste no seu artigo 3.3 que as ensinanzas universitarias oficiais concretaranse en plans de estudos que serán elaborados polas universidades, axustándose ás normas e condicións que lles sexan de aplicación en cada caso. A aliña 5 do citado artigo establece os principios xerais que deberán inspirar o deseño dos novos títulos, os cales deberán ter en conta que calquera actividade profesional debe realizarse: a) desde o respecto aos dereitos fundamentais e de igualdade entre homes e mulleres, debendo incluírse nos plans de estudos en que proceda, ensinanzas relacionadas cos dichos dereitos. b) Desde o respecto e promocións dos dereitos humanos e os principios de accesibilidade universal, de igualdade de oportunidades, non discriminación das persoas con discapacidades, debendo incluírse, nos plans de estudos en que proceda, ensinanzas relacionadas cos ditos dereitos e principios. c) Incluirase nos plans de estudos en que proceda, ensinanzas relacionados cos valores dunha cultura de paz.

Xa que os plans de estudo deberán ser elaborados polas universidades, en aplicación do principio de autonomía universitaria recollido na Constitución, axustándose ás normas e condicións que lle sexan aplicables, as cales, en todo caso, son materia de competencia exclusiva do Estado de acordo co artigo 149.1 da Constitución , correspondéndolle a esta Comunidade autorizar a implantación das titulacións se cumpren a normativo cumpren a normativa vixente.

No informe remitido polo Excmo. Sr. Reitor da Universidade de Vigo, a Vicerreitora de Titulacións e Converxencia Europea, participa que a teor do establecido no artigo 12 do Real Decreto 1393/2007, do 29 de outubro, polo que se establece a ordenación das ensinanzas universitarias oficiais, os plans de estudo conducentes á obtención do título de graduado serán elaborados polas universidades e verificados de acordo co establecido no mencionado real decreto.

A situación actual dos estudos universitarios, de acordo co proceso de construción do Espazo Europeo de Educación Superior que se estenderá ao longo dos vindeiros anos, leva aparellada unha nova organización das ensinanzas universitarias nos seus diferentes niveis. Comunícase que non está prevista a reforma dos plans de estudos obxecto de reclamación cando menos ata o curso 2009/2010. Na regulamentación vixente na Universidade de Vigo, que establece que a elaboración, aprobación e modificación dos plans de estudo correspondente a cada titulación será responsabilidade da Xunta de Centro a cargo da titulación en cuestión, a que se dá traslado da queixa, ás direccións decanatos dos centros afectados para que na futura elaboración dos plans de estudo de Maxisterio e Psicopedagoxía da Universidade de Vigo, se teñan en conta as reivindicacións das familias dos nenos con coeficientes elevados relativa á necesidade de incluír un módulo específico de formación en altas capacidades.

No informe remitido polo Excmo. Sr. Reitor da Universidade de Santiago de Compostela, a decana da facultade de Psicoloxía informa que nestes intres estase na fase inicial do deseño do título de Grao en Psicoloxía, o cal inclúe o plan de estudos. Os contidos do seu programa formativo deberán axustarse, de acordo coa lexislación vixente, a proporcionar unha formación xeral orientada á preparación para o exercicio de actividades de carácter profesional. Até onde coñecen, boa parte dos plans de estudos e programas formativos de nivel de grao en Psicoloxía conteñen materias nas que se inclúen contidos e competencias relativas aos aspectos psicolóxicos da atención á diversidade no contexto educativo, así como, de atención a persoas con necesidades educativas especiais, entre as que se encontran os nenos e nenas con altas capacidades. No actual plan de estudos aténdese a este tipo de contidos en diversas materias, e previsiblemente, así se seguirá a facer, co nivel que corresponde aos estudos de Grao.

É improbable, no obstante, que isto se concrete nun módulo específico de formación en altas capacidades, como demandan as familias. Cómpre ter en conta que os colectivos que requiren unha atención psicolóxica específica son moitos e moi diversos (altas capacidades, retrasos no desenvolvemento e discapacidades múltiples, enfermidades neurodexenerativas, persoas en risco de marxinación e un longo etcétera). Sería imposible atender, desde os estudos universitarios de Grao, ao tratamento en

profundidade que estes colectivos poidan demandar. Os programas de Grao van dirixidos a proporcionar unha formación xeral e, con ela, as ferramentas para que os titulados poidan despois complementar e afondar na súa formación no campo de traballo concreto que elixan.

Unha cousa ben distinta é que a Universidade poida considerar a necesidade, capacidade e oportunidade de ofrecer un título de nivel de Máster dirixido á formación de profesionais especializados en atención psicolóxica e educativa a nenos con altas capacidades. É a este nivel dos estudos universitarios ao que corresponde a formación avanzada de carácter especializado ou multidisciplinar, orientada á especialización académica ou profesional. A este respecto non está en curso ningunha iniciativa, tendo en conta os recursos humanos dispoñibles e a política de financiamento cero das administracións educativas respecto dos estudos de Máster.

Que examinados os informes remitidos polas administracións, constátase a ausencia actual non só dun censo de superdotados senón tamén dun específico programa educativo tendente a satisfacer ás necesidades e esixencias deste colectivo; é necesario que as administracións educativas, Consellería de Educación e Ordenación Universitaria, como as respectivas universidades participen, facendo un grande esforzo, en intentar combater os problemas cos que se atopan unha porcentaxe de alumnos na nosa Comunidade, fálase dun 2% da poboación en Galicia, os que de conformidade coa Lei 2/2006, de Educación, que xa tivo reflexo na Lei 5/1980, na Lei 5/1985, na Lei 1/1990, nas ordes do 6 de outubro de 1995, do 16 de xullo de 2002 e do 27 de decembro de 2002, e nos decretos 696/1995 e 320/1996, do 26 de xullo, están incluídos dentro das necesidades educativas especiais que prescriben os artigos 71, aliña 2 e, 72 parágrafo 3 e artigo 76 da citada lei orgánica. Un neno con altas capacidades é un neno cun desenvolvemento superior ao normal nunha ou varias áreas de actividade; sendo primordial detectalo o antes posible para poder ofrecerlle un medio educativo, social e emocional adecuado para poder desenvolver as súas capacidades; a valoración polo equipo psicopedagóxico é importantísimo, mais só hai un equipo psicopedagóxico en cada provincia da nosa comunidade, cun só especialista, o que implica un grande atraso en poder facer a valoración do alumno, a isto hai que engadir que os profesores se teñen un neno con estas características non saben como actuar, optar por

permitirlles saltar cursos, realizar as adaptacións particulares para cada caso do currículo educativo, e aquí é onde son moi necesarias as universidades, xa que os equipos orientadores do colexio descoñecen o tema da superdotación ou altas capacidades, xa que non se estudou na universidade, nesta non hai especialidade en altas capacidades polo que non hai expertos na dita materia.

Polo que esta institución, aínda coñecedora das dificultades que entraña, unir esforzos e realizar actuacións de forma coordinada respecto de todas as administracións educativas,

SUXIRE

Á Consellería de Educación desta Comunidade Autónoma, a conveniencia de establecer máis medios para realizar unha detección rápida de alumnos nos centros educativos (a rapidez en detectar os alumnos con altas capacidades é necesario para poder atender nos centros educativos as propias necesidades destes alumnos: orientación especifica, adaptación curricular, e un programa específico de altas capacidades, co fin de evitar problemas como o absentismo ou o fracaso escolar) xa que é a administración educativa á que se atribúe a identificación temperá.

Ás Universidades da Comunidade Autónoma, que é a responsable de atender o aspecto formativo do profesorado, un plan dirixido a intentar crear unha materia (optativa), que garanta a necesaria formación específica dos mestres e profesionais da Educación; e tamén a posibilidade de ofertar un titulo de nivel de máster orientado á formación de profesionais especializados en atención psicolóxica e educacional a nenos con altas capacidades.

Resposta do Reitor da Universidade de Vigo: **ACEPTADA.**

2.- Suxestión dirixida ao Reitor da Universidade de A Coruña o 8 de febreiro de 2008 para que garanta a necesaria formación específica dos Mestres e Profesionais da Educación e tamén a posibilidade de ofertar un título de nivel de Master orientado á formación de profesionais especializados en atención psicolóxica e educacional a nenos con altas capacidades. (Q/1826/07).

Como vostede ten coñecemento con data 3 de outubro de 2007 foi iniciada de oficio a presente queixa, que quedou rexistrada nesta institución co número 1826/07, sendo o motivo da queixa as información nos medios de comunicación onde se *comunicaba que "máis de 300 familias esixen á Xunta un censo de superdotados", que os pais destes alumnos reivindicaban un módulo de formación específico en altas capacidades para carreiras como Maxisterio ou Psicoloxía. Denunciaban o baleiro institucional, e que nacer cun coeficiente superior a 130 é máis un castigo que unha bendición; que estes alumnos non contan cunha atención especializada e recursos suficientes para desenvolver as súas calidades. Consideran necesario que o programa das carreiras de Maxisterio e Psicoloxía inclúan formación académica en altas capacidades.*

Estudada a queixa, foi admitida, en referencia neste caso á vulneración do artigo 27 da Constitución ao entender que reunía os requisitos formais establecidos no artigo 18 da Lei 6/1984, do 5 de xuño, do Valedor do Pobo, e que atopaba, en principio, cobertura constitucional. Solicitado o preceptivo informe á Consellería de Educación e Ordenación Universitaria, e tamén solicitado informe á Universidade de Santiago de Compostela, sendo remitidos polas administracións competentes os informes solicitados nos que se constata o seguinte:

No informe da Consellería de Educación e Ordenación Universitaria, indícase que *de conformidade ao disposto no artigo 35, aliña 2 e 3 da Lei orgánica 6/2001, do 21 de decembro, de universidades, en redacción dada pola Lei orgánica 4/2007, do 12 de abril, os plans de estudo dos títulos oficiais con validez en todo o territorio nacional serán elaborados polas universidades, autorizados pola Comunidade Autónoma e verificado polo Consello de Universidades, preservando sempre a autonomía académica das*

universidades, con posterioridade o Goberno establecerá o carácter oficial do título e ordenará a súa inscrición no Rexistro de Universidades, Centros e Títulos.

O Real decreto 1393/2007, do 29 de outubro, insiste no seu artigo 3.3 que as ensinanzas universitarias oficiais concretaranse en plans de estudos que serán elaborados polas universidades, axustándose ás normas e condicións que lles sexan de aplicación en cada caso. A aliña 5 do citado artigo establece os principios xerais que deberán inspirar o deseño dos novos títulos, os cales deberán ter en conta que calquera actividade profesional debe realizarse: a) desde o respecto aos dereitos fundamentais e de igualdade entre homes e mulleres, debendo incluírse nos plans de estudos en que proceda, ensinanzas relacionadas cos dichos dereitos. b) Desde o respecto e promocións dos dereitos humanos e os principios de accesibilidade universal, de igualdade de oportunidades, non discriminación das persoas con discapacidades, debendo incluírse, nos plans de estudos en que proceda, ensinanzas relacionadas cos ditos dereitos e principios. c) Incluirase nos plans de estudos en que proceda, ensinanzas relacionados cos valores dunha cultura de paz.

Xa que os plans de estudo deberán ser elaborados polas universidades, en aplicación do principio de autonomía universitaria recollido na Constitución, axustándose ás normas e condicións que lle sexan aplicables, as cales, en todo caso, son materia de competencia exclusiva do Estado de acordo co artigo 149.1 da Constitución , correspondéndolle a esta Comunidade autorizar a implantación das titulacións se cumpren a normativo cumpren a normativa vixente.

No informe remitido polo Excmo. Sr. Reitor da Universidade de Vigo, a Vicerreitora de Titulacións e Converxencia Europea, participa que a teor do establecido no artigo 12 do Real Decreto 1393/2007, do 29 de outubro, polo que se establece a ordenación das ensinanzas universitarias oficiais, os plans de estudo conducentes á obtención do título de graduado serán elaborados polas universidades e verificados de acordo co establecido no mencionado real decreto.

A situación actual dos estudos universitarios, de acordo co proceso de construción do Espazo Europeo de Educación Superior que se estenderá ao longo dos vindeiros anos, leva aparellada unha nova organización das ensinanzas universitarias nos seus diferentes niveis. Comunícase que non está prevista a reforma dos plans de estudos obxecto de reclamación cando menos ata o curso 2009/2010. Na regulamentación vixente na Universidade de Vigo, que establece que a elaboración, aprobación e modificación dos plans de estudo correspondente a cada titulación será responsabilidade da Xunta de Centro a cargo da titulación en cuestión, a que se dá traslado da queixa, ás direccións decanatos dos centros afectados para que na futura elaboración dos plans de estudo de Maxisterio e Psicopedagoxía da Universidade de Vigo, se teñan en conta as reivindicacións das familias dos nenos con coeficientes elevados relativa á necesidade de incluír un módulo específico de formación en altas capacidades.

No informe remitido polo Excmo. Sr. Reitor da Universidade de Santiago de Compostela, a decana da facultade de Psicoloxía informa que nestes intres estase na fase inicial do deseño do título de Grao en Psicoloxía, o cal inclúe o plan de estudos. Os contidos do seu programa formativo deberán axustarse, de acordo coa lexislación vixente, a proporcionar unha formación xeral orientada á preparación para o exercicio de actividades de carácter profesional. Até onde coñecen, boa parte dos plans de estudos e programas formativos de nivel de grao en Psicoloxía conteñen materias nas que se inclúen contidos e competencias relativas aos aspectos psicolóxicos da atención á diversidade no contexto educativo, así como, de atención a persoas con necesidades educativas especiais, entre as que se encontran os nenos e nenas con altas capacidades. No actual plan de estudos aténdese a este tipo de contidos en diversas materias, e previsiblemente, así se seguirá a facer, co nivel que corresponde aos estudos de Grao.

É improbable, no obstante, que isto se concrete nun módulo específico de formación en altas capacidades, como demandan as familias. Cómpre ter en conta que os colectivos que requiren unha atención psicolóxica específica son moitos e moi diversos (altas capacidades, retrasos no desenvolvemento e discapacidades múltiples, enfermidades neurodexenerativas, persoas en risco de marxinación e un longo etcétera). Sería imposible atender, desde os estudos universitarios de Grao, ao tratamento en

profundidade que estes colectivos poidan demandar. Os programas de Grao van dirixidos a proporcionar unha formación xeral e, con ela, as ferramentas para que os titulados poidan despois complementar e afondar na súa formación no campo de traballo concreto que elixan.

Unha cousa ben distinta é que a Universidade poida considerar a necesidade, capacidade e oportunidade de ofrecer un título de nivel de Máster dirixido á formación de profesionais especializados en atención psicolóxica e educativa a nenos con altas capacidades. É a este nivel dos estudos universitarios ao que corresponde a formación avanzada de carácter especializado ou multidisciplinar, orientada á especialización académica ou profesional. A este respecto non está en curso ningunha iniciativa, tendo en conta os recursos humanos dispoñibles e a política de financiamento cero das administracións educativas respecto dos estudos de Máster.

Que examinados os informes remitidos polas administracións, constátase a ausencia actual non só dun censo de superdotados senón tamén dun específico programa educativo tendente a satisfacer ás necesidades e esixencias deste colectivo; é necesario que as administracións educativas, Consellería de Educación e Ordenación Universitaria, como as respectivas universidades participen, facendo un grande esforzo, en intentar combater os problemas cos que se atopan unha porcentaxe de alumnos na nosa Comunidade, fálase dun 2% da poboación en Galicia, os que de conformidade coa Lei 2/2006, de Educación, que xa tivo reflexo na Lei 5/1980, na Lei 5/1985, na Lei 1/1990, nas ordes do 6 de outubro de 1995, do 16 de xullo de 2002 e do 27 de decembro de 2002, e nos decretos 696/1995 e 320/1996, do 26 de xullo, están incluídos dentro das necesidades educativas especiais que prescriben os artigos 71, aliña 2 e, 72 parágrafo 3 e artigo 76 da citada lei orgánica. Un neno con altas capacidades é un neno cun desenvolvemento superior ao normal nunha ou varias áreas de actividade; sendo primordial detectalo o antes posible para poder ofrecerlle un medio educativo, social e emocional adecuado para poder desenvolver as súas capacidades; a valoración polo equipo psicopedagóxico é importantísimo, mais só hai un equipo psicopedagóxico en cada provincia da nosa comunidade, cun só especialista, o que implica un grande atraso en poder facer a valoración do alumno, a isto hai que engadir que os profesores se teñen un neno con estas características non saben como actuar, optar por

permitirlles saltar cursos, realizar as adaptacións particulares para cada caso do currículo educativo, e aquí é onde son moi necesarias as universidades, xa que os equipos orientadores do colexio descoñecen o tema da superdotación ou altas capacidades, xa que non se estudou na universidade, nesta non hai especialidade en altas capacidades polo que non hai expertos na dita materia.

Polo que esta institución, aínda coñecedora das dificultades que entraña, unir esforzos e realizar actuacións de forma coordinada respecto de todas as administracións educativas,

SUXIRE

Á Consellería de Educación desta Comunidade Autónoma, a conveniencia de establecer máis medios para realizar unha detección rápida de alumnos nos centros educativos (a rapidez en detectar os alumnos con altas capacidades é necesario para poder atender nos centros educativos as propias necesidades destes alumnos: orientación especifica, adaptación curricular, e un programa específico de altas capacidades, co fin de evitar problemas como o absentismo ou o fracaso escolar) xa que é a administración educativa á que se atribúe a identificación temperá.

Ás Universidades da Comunidade Autónoma, que é a responsable de atender o aspecto formativo do profesorado, un plan dirixido a intentar crear unha materia (optativa), que garanta a necesaria formación específica dos mestres e profesionais da Educación; e tamén a posibilidade de ofertar un titulo de nivel de máster orientado á formación de profesionais especializados en atención psicolóxica e educacional a nenos con altas capacidades.

Resposta do Reitor da Universidade de A Coruña: **ACEPTADA.**

3.- Suxestión dirixida ao Reitor da Universidade de Santiago de Compostela o 8 de febreiro de 2008, para que garanta a necesaria formación específica dos Mestres e Profesionais da Educación e tamén a posibilidade de ofertar un título de nivel de Máster orientado á formación de profesionais especializados en atención psicolóxica e educacional a nenos con altas capacidades. (Q/1826/07).

Como vostede ten coñecemento con data 3 de outubro de 2007 foi iniciada de oficio a presente queixa, que quedou rexistrada nesta institución co número 1826/07, sendo o motivo da queixa as información nos medios de comunicación onde se *comunicaba que "máis de 300 familias esixen á Xunta un censo de superdotados", que os pais destes alumnos reivindicaban un módulo de formación específico en altas capacidades para carreiras como Maxisterio ou Psicoloxía. Denunciaban o baleiro institucional, e que nacer cun coeficiente superior a 130 é máis un castigo que unha bendición; que estes alumnos non contan cunha atención especializada e recursos suficientes para desenvolver as súas calidades. Consideran necesario que o programa das carreiras de Maxisterio e Psicoloxía inclúan formación académica en altas capacidades.*

Estudada a queixa, foi admitida, en referencia neste caso á vulneración do artigo 27 da Constitución ao entender que reunía os requisitos formais establecidos no artigo 18 da Lei 6/1984, do 5 de xuño, do Valedor do Pobo, e que atopaba, en principio, cobertura constitucional. Solicitado o preceptivo informe á Consellería de Educación e Ordenación Universitaria, e tamén solicitado informe á Universidade de Santiago de Compostela, sendo remitidos polas administracións competentes os informes solicitados nos que se constata o seguinte:

No informe da Consellería de Educación e Ordenación Universitaria, indícase que *de conformidade ao disposto no artigo 35, aliña 2 e 3 da Lei orgánica 6/2001, do 21 de decembro, de universidades, en redacción dada pola Lei orgánica 4/2007, do 12 de abril, os plans de estudo dos títulos oficiais con validez en todo o territorio nacional serán elaborados polas universidades, autorizados pola Comunidade Autónoma e verificado polo Consello de Universidades, preservando sempre a autonomía académica das*

universidades, con posterioridade o Goberno establecerá o carácter oficial do título e ordenará a súa inscrición no Rexistro de Universidades, Centros e Títulos.

O Real decreto 1393/2007, do 29 de outubro, insiste no seu artigo 3.3 que as ensinanzas universitarias oficiais concretaranse en plans de estudos que serán elaborados polas universidades, axustándose ás normas e condicións que lles sexan de aplicación en cada caso. A aliña 5 do citado artigo establece os principios xerais que deberán inspirar o deseño dos novos títulos, os cales deberán ter en conta que calquera actividade profesional debe realizarse: a) desde o respecto aos dereitos fundamentais e de igualdade entre homes e mulleres, debendo incluírse nos plans de estudos en que proceda, ensinanzas relacionadas cos dichos dereitos. b) Desde o respecto e promocións dos dereitos humanos e os principios de accesibilidade universal, de igualdade de oportunidades, non discriminación das persoas con discapacidades, debendo incluírse, nos plans de estudos en que proceda, ensinanzas relacionadas cos ditos dereitos e principios. c) Incluirase nos plans de estudos en que proceda, ensinanzas relacionados cos valores dunha cultura de paz.

Xa que os plans de estudo deberán ser elaborados polas universidades, en aplicación do principio de autonomía universitaria recollido na Constitución, axustándose ás normas e condicións que lle sexan aplicables, as cales, en todo caso, son materia de competencia exclusiva do Estado de acordo co artigo 149.1 da Constitución , correspondéndolle a esta Comunidade autorizar a implantación das titulacións se cumpren a normativo cumpren a normativa vixente.

No informe remitido polo Excmo. Sr. Reitor da Universidade de Vigo, a Vicerreitora de Titulacións e Converxencia Europea, participa que a teor do establecido no artigo 12 do Real Decreto 1393/2007, do 29 de outubro, polo que se establece a ordenación das ensinanzas universitarias oficiais, os plans de estudo conducentes á obtención do título de graduado serán elaborados polas universidades e verificados de acordo co establecido no mencionado real decreto.

A situación actual dos estudos universitarios, de acordo co proceso de construción do Espazo Europeo de Educación Superior que se estenderá ao longo dos vindeiros anos, leva aparellada unha nova organización das ensinanzas universitarias nos seus diferentes niveis. Comunícase que non está prevista a reforma dos plans de estudos obxecto de reclamación cando menos ata o curso 2009/2010. Na regulamentación vixente na Universidade de Vigo, que establece que a elaboración, aprobación e modificación dos plans de estudo correspondente a cada titulación será responsabilidade da Xunta de Centro a cargo da titulación en cuestión, a que se dá traslado da queixa, ás direccións decanatos dos centros afectados para que na futura elaboración dos plans de estudo de Maxisterio e Psicopedagoxía da Universidade de Vigo, se teñan en conta as reivindicacións das familias dos nenos con coeficientes elevados relativa á necesidade de incluír un módulo específico de formación en altas capacidades.

No informe remitido polo Excmo. Sr. Reitor da Universidade de Santiago de Compostela, a decana da facultade de Psicoloxía informa que nestes intres estase na fase inicial do deseño do título de Grao en Psicoloxía, o cal inclúe o plan de estudos. Os contidos do seu programa formativo deberán axustarse, de acordo coa lexislación vixente, a proporcionar unha formación xeral orientada á preparación para o exercicio de actividades de carácter profesional. Até onde coñecen, boa parte dos plans de estudos e programas formativos de nivel de grao en Psicoloxía conteñen materias nas que se inclúen contidos e competencias relativas aos aspectos psicolóxicos da atención á diversidade no contexto educativo, así como, de atención a persoas con necesidades educativas especiais, entre as que se encontran os nenos e nenas con altas capacidades. No actual plan de estudos aténdese a este tipo de contidos en diversas materias, e previsiblemente, así se seguirá a facer, co nivel que corresponde aos estudos de Grao.

É improbable, no obstante, que isto se concrete nun módulo específico de formación en altas capacidades, como demandan as familias. Cómpre ter en conta que os colectivos que requiren unha atención psicolóxica específica son moitos e moi diversos (altas capacidades, retrasos no desenvolvemento e discapacidades múltiples, enfermidades neurodexenerativas, persoas en risco de marxinación e un longo etcétera). Sería imposible atender, desde os estudos universitarios de Grao, ao tratamento en

profundidade que estes colectivos poidan demandar. Os programas de Grao van dirixidos a proporcionar unha formación xeral e, con ela, as ferramentas para que os titulados poidan despois complementar e afondar na súa formación no campo de traballo concreto que elixan.

Unha cousa ben distinta é que a Universidade poida considerar a necesidade, capacidade e oportunidade de ofrecer un título de nivel de Máster dirixido á formación de profesionais especializados en atención psicolóxica e educativa a nenos con altas capacidades. É a este nivel dos estudos universitarios ao que corresponde a formación avanzada de carácter especializado ou multidisciplinar, orientada á especialización académica ou profesional. A este respecto non está en curso ningunha iniciativa, tendo en conta os recursos humanos dispoñibles e a política de financiamento cero das administracións educativas respecto dos estudos de Máster.

Que examinados os informes remitidos polas administracións, constátase a ausencia actual non só dun censo de superdotados senón tamén dun específico programa educativo tendente a satisfacer ás necesidades e esixencias deste colectivo; é necesario que as administracións educativas, Consellería de Educación e Ordenación Universitaria, como as respectivas universidades participen, facendo un grande esforzo, en intentar combater os problemas cos que se atopan unha porcentaxe de alumnos na nosa Comunidade, fálase dun 2% da poboación en Galicia, os que de conformidade coa Lei 2/2006, de Educación, que xa tivo reflexo na Lei 5/1980, na Lei 5/1985, na Lei 1/1990, nas ordes do 6 de outubro de 1995, do 16 de xullo de 2002 e do 27 de decembro de 2002, e nos decretos 696/1995 e 320/1996, do 26 de xullo, están incluídos dentro das necesidades educativas especiais que prescriben os artigos 71, aliña 2 e, 72 parágrafo 3 e artigo 76 da citada lei orgánica. Un neno con altas capacidades é un neno cun desenvolvemento superior ao normal nunha ou varias áreas de actividade; sendo primordial detectalo o antes posible para poder ofrecerlle un medio educativo, social e emocional adecuado para poder desenvolver as súas capacidades; a valoración polo equipo psicopedagóxico é importantísimo, mais só hai un equipo psicopedagóxico en cada provincia da nosa comunidade, cun só especialista, o que implica un grande atraso en poder facer a valoración do alumno, a isto hai que engadir que os profesores se teñen un neno con estas características non saben como actuar, optar por

permitirlles saltar cursos, realizar as adaptacións particulares para cada caso do currículo educativo, e aquí é onde son moi necesarias as universidades, xa que os equipos orientadores do colexio descoñecen o tema da superdotación ou altas capacidades, xa que non se estudou na universidade, nesta non hai especialidade en altas capacidades polo que non hai expertos na dita materia.

Polo que esta institución, aínda coñecedora das dificultades que entraña, unir esforzos e realizar actuacións de forma coordinada respecto de todas as administracións educativas,

SUXIRE

Á Consellería de Educación desta Comunidade Autónoma, a conveniencia de establecer máis medios para realizar unha detección rápida de alumnos nos centros educativos (a rapidez en detectar os alumnos con altas capacidades é necesario para poder atender nos centros educativos as propias necesidades destes alumnos: orientación especifica, adaptación curricular, e un programa específico de altas capacidades, co fin de evitar problemas como o absentismo ou o fracaso escolar) xa que é a administración educativa á que se atribúe a identificación temperá.

Ás Universidades da Comunidade Autónoma, que é a responsable de atender o aspecto formativo do profesorado, un plan dirixido a intentar crear unha materia (optativa), que garanta a necesaria formación específica dos mestres e profesionais da Educación; e tamén a posibilidade de ofertar un titulo de nivel de máster orientado á formación de profesionais especializados en atención psicolóxica e educacional a nenos con altas capacidades.

Resposta do Reitor da Universidade de Santiago de Compostela: **ACEPTADA.**

4.- Suxestión dirixida á Consellería de Educación e Ordenación Universitaria da Xunta de Galicia o 8 de febreiro de 2008, expresándolle a conveniencia de establecer más medios para realizar unha detección rápida de alumnos de altas capacidades nos centros educativos. (Q/1826/07).

Como vostede ten coñecemento con data 3 de outubro de 2007 foi iniciada de oficio a presente queixa, que quedou rexistrada nesta institución co número 1826/07, sendo o motivo da queixa as información nos medios de comunicación onde se *comunicaba que "máis de 300 familias esixe á Xunta un censo de superdotados", que os pais destes alumnos reivindicaban un módulo de formación específico en altas capacidades para carreiras como Maxisterio ou Psicoloxía. Denunciaban o baleiro institucional, e que nacer cun coeficiente superior a 130 é máis un castigo que unha bendición; que estes alumnos non contan con unha atención especializada e recursos suficientes para desenvolver s súas calidades. Consideran necesario que o programa das carreiras de Maxisterio e Psicoloxía, inclúan formación académica en altas capacidades.*

Estudada a queixa, foi admitida, en referencia neste caso á vulneración do artigo 27 da Constitución ao entender que reunía os requisitos formais establecidos no artigo 18 da Lei 6/1984, do 5 de xuño, do Valedor do Pobo, e que atopaba, en principio, cobertura constitucional. Solicitado o preceptivo informe á Consellería de Educación e Ordenación Universitaria, e tamén solicitado informe á Universidade de Santiago de Compostela, sendo remitidos polas administracións competentes os informes solicitados nos que se constata o seguinte:

No informe da Consellería de Educación e Ordenación Universitaria, indícase que *de conformidade ao disposto no artigo 35, aliña 2 e 3 da Lei orgánica 6/2001, do 21 de decembro, de universidades, en redacción dada pola Lei orgánica 4/2007, do 12 de abril, os plans de estudo dos títulos oficiais con validez en todo o territorio nacional serán elaborados polas universidades, autorizados pola Comunidade Autónoma e verificado polo Consello de Universidades, preservando sempre a autonomía académica das universidades, con posterioridade o Goberno establecerá o carácter oficial do título e ordenará a súa inscrición no Rexistro de Universidades, Centros e Títulos.*

O Real decreto 1393/2007, do 29 de outubro, insiste no seu artigo 3.3 que as ensinanzas universitarias oficiais se concretarán en plans de estudios que serán elaborados polas universidades, axustándose ás normas e condicións que lles sexan de aplicación en cada caso. A aliña 5 do citado artigo establece os principios xerais que deberán inspirar o deseño dos novos títulos, os cales deberán ter en conta que calquera actividade profesional debe realizarse: a) desde o respecto aos dereitos fundamentais e de igualdade entre homes e mulleres, debendo incluírse nos plans de estudos en que proceda, ensinanzas relacionadas cos devanditos dereitos. b) Desde o respecto e promocións dos dereitos humanos e os principios de accesibilidade universal, de igualdade de oportunidades, non discriminación das persoas con discapacidades, debendo incluírse, nos plans de estudos en que proceda, ensinanzas relacionadas cos ditos dereitos e principios. c) Incluirase nos plans de estudos en que proceda, ensinanzas relacionados cos valores dunha cultura de paz.

Xa que os plans de estudo deberán ser elaborados polas universidades, en aplicación do principio de autonomía universitaria recollido na Constitución, axustándose ás normas e condicións que lle sexan aplicables, as cales, en todo caso, son materia de competencia exclusiva do Estado de acordo co artigo 149.1 da Constitución, correspondéndolle a esta Comunidade autorizar a implantación das titulacións se cumpren a normativo cumpren a normativa vixente.

No informe remitido polo Excmo. Sr. Reitor da Universidade de Vigo,a Vicerreitora de Titulacións e Converxencia Europea, participa que a teor do establecido no artigo 12 do Real Decreto 1393/2007, do 29 de outubro, polo que se establece a ordenación das ensinanzas universitarias oficiais, os plans de estudo conducentes á obtención do título de graduado serán elaborados polas universidades e verificados de acordo co establecido no mencionado real decreto.

A situación actual dos estudos universitarios, consonte o proceso de construción do Espazo Europeo de Educación Superior que se estenderá ao longo dos vindeiros anos, leva aparellada unha nova organización das ensinanzas universitarias nos seus diferentes niveis. Comunícase que non está prevista a reforma dos plans de estudos obxecto de

reclamación cando menos ata o curso 2009/2010. Na regulamentación vixente na Universidade de Vigo, que establece que a elaboración, aprobación e modificación dos plans de estudo correspondente a cada titulación será responsabilidade da Xunta de Centro a cargo da titulación en cuestión, a que se dá traslado da queixa, ás direccións decanatos dos centros afectados para que na futura elaboración dos plans de estudo de Maxisterio e Psicopedagoxía da Universidade de Vigo, se teñan en conta as reivindicacións das familias dos nenos con coeficientes elevados relativa á necesidade de incluír un módulo específico de formación en altas capacidades.

No informe remitido polo Excmo. Sr. Reitor da Universidade de Santiago de Compostela, a decana da Facultade de Psicoloxía informa que nestes intres se está na fase inicial do deseño do título de Grao en Psicoloxía, o cal inclúe o plan de estudos. Os contidos do seu programa formativo deberán axustarse, de acordo coa lexislación vixente, a proporcionar unha formación xeral orientada á preparación para o exercicio de actividades de carácter profesional. Até onde coñecen, boa parte dos plans de estudos e programas formativos de nivel de grao en Psicoloxía conteñen materias nas que se inclúen contidos e competencias relativas aos aspectos psicolóxicos da atención á diversidade no contexto educativo, así como, de atención a persoas con necesidades educativas especiais, entre as que se encontran os nenos e nenas con altas capacidades. No actual plan de estudos aténdese este tipo de contidos en diversas materias, e previsiblemente, así se seguirá a facer, co nivel que corresponde aos estudos de Grao.

É improbable, no obstante, que isto se concrete nun módulo específico de formación en altas capacidades, como demandan as familias. Cómpre ter en conta que os colectivos que requiren unha atención psicolóxica específica son moitos e moi diversos (altas capacidades, atrasos no desenvolvemento e discapacidades múltiples, enfermidades neurodexenerativas, persoas en risco de marxinación e un longo etcétera). Sería imposible atender, desde os estudos universitarios de Grao, ao tratamento en profundidade que estes colectivos poidan demandar. Os programas de Grao van dirixidos a proporcionar unha formación xeral e, con ela, as ferramentas para que os titulados poidan despois complementar e afondar na súa formación no campo de traballo concreto que elixan.

Unha cousa ben distinta é que a universidade poida considerar a necesidade, capacidade e oportunidade de ofrecer un título de nivel de máster dirixido á formación de profesionais especializados en atención psicolóxica e educativa a nenos con altas capacidades. É a este nivel dos estudos universitarios ao que corresponde a formación avanzada de carácter especializado ou multidisciplinar, orientada á especialización académica ou profesional. A este respecto non está en curso ningunha iniciativa, tendo en conta os recursos humanos dispoñibles e a política de financiamento cero das administracións educativas respecto dos estudos de máster.

Que examinados os informes remitidos polas administracións, constátase a ausencia actual non só dun censo de superdotados senón tamén dun específico programa educativo tendente a satisfacer ás necesidades e esixencias deste colectivo; é necesario que as administracións educativas, Consellería de Educación e Ordenación Universitaria, como as respectivas universidades participen, facendo un grande esforzo, en intentar combater os problemas cos que se atopan unha porcentaxe de alumnos na nosa comunidade, fálase dun 2% da poboación en Galicia, os que de conformidade coa Lei 2/2006, de educación, que xa tivo reflexo na Lei 5/1980, na Lei 5/1985, na Lei 1/1990, nas ordes do 6 de outubro de 1995, do 16 de xullo de 2002 e do 27 de decembro de 2002, e nos decretos 696/1995 e 320/1996, do 26 de xullo, están incluídos dentro das necesidades educativas especiais que prescriben os artigos 71, aliña 2 e, 72 parágrafo 3 e artigo 76 da citada lei orgánica. Un neno con altas capacidades é un neno cun desenvolvemento superior ao normal nunha ou varias áreas de actividade; sendo primordial detectalo o antes posible para poder ofrecerlle un medio educativo, social e emocional adecuado para poder desenvolver as súas capacidades; a valoración polo equipo psicopedagóxico é importantísimo, mais só hai un equipo psicopedagóxico en cada provincia da nosa comunidade, cun só especialista, o que implica un grande atraso en poder facer a valoración do alumno, a isto hai que engadir que os profesores se teñen un neno con estas características non saben como actuar, optar por permitirlles saltar cursos, realizar as adaptacións particulares para cada caso do currículo educativo, e aquí é onde son moi necesarias as universidades, xa que os equipos orientadores do colexio descoñecen o tema da superdotación ou altas capacidades, xa que non se estudou na universidade, nesta non hai especialidade en altas capacidades polo que non hai expertos na dita materia.

Polo que esta institución, aínda coñecedora das dificultades que entraña, unir esforzos e realizar actuacións de forma coordinada respecto de todas as administracións educativas,

SUXIRE

Á Consellería de Educación desta Comunidade Autónoma, a conveniencia de establecer máis medios para realizar unha detección rápida de alumnos nos centros educativos (a rapidez en detectar os alumnos con altas capacidades é necesario para poder atender nos centros educativos as propias necesidades destes alumnos: orientación especifica, adaptación curricular, e un programa específico de altas capacidades, co fin de evitar problemas como o absentismo ou o fracaso escolar) xa que é a administración educativa á que se atribúe a identificación temperá.

Ás Universidades da Comunidade Autónoma, que é a responsable de atender o aspecto formativo do profesorado, un plan dirixido a intentar crear unha materia (optativa), que garanta a necesaria formación específica dos mestres e profesionais da Educación; e tamén a posibilidade de ofertar un titulo de nivel de máster orientado á formación de profesionais especializados en atención psicolóxica e educacional a nenos con altas capacidades

Resposta do secretario xeral da Consellería de Educación e Ordenación Universitaria: **ACEPTADA.**

5.- Suxestión dirixida ao Secretario Xeneral da Consellería de Educación e Ordenación Universitaria o 27 de febreiro de 2008, para acordar a asignación ao alumno con necesidades educativas específicas dunha coidadora que o acompañe no traxecto ao centro escolar. (Q/22/08).

Con data do 15 de xaneiro do actual diriximonos a Vde. por mor do escrito de queixa presentado nesta oficina por B. P. T., en relación coas condicións de seguridade no transporte do seu fillo R. B. P., afectado dunha minusvalía do 79%, ao Centro de Educación Especial A Barcia.

Por escrito do 11 de febreiro (rexistro de saída 3605) recibimos o informe elaborado pola xefa do servizo de Recursos Educativos Complementarios da Delegación Provincial na Coruña da Consellería de Educación e Ordenación Universitaria.

Examinados en primeiro lugar o escrito presentado pola recorrente en queixa, e tendo en conta así mesmo o informe remitido pola Consellería de Educación e Ordenación Universitaria, esta institución debe facer as seguintes consideracións: Que a Constitución establece a obrigatoriedade e a gratuidade da ensinanza básica, e para facela posible os poderes públicos deben garantir unha serie de servizos que fagan posible a asistencia dos alumnos aos centros, con independencia do lugar de residencia e das circunstancias persoais ou familiares. A Lei 2/2006, do 3 de maio, regula no seu título preliminar como un dos principios da educación, a equidade, que garanta a igualdade de oportunidades, a inclusión educativa e a non discriminación e que actúe, como elemento compensador das desigualdades persoais, culturais, económicas e sociais, con especial atención ás que deriven da discapacidade. E como fin, dispón entre outros, a non discriminación das persoas con discapacidade. Respecto do problema exposto pola recorrente en queixa, o Decreto 203/2006, do 12 de xuño, polo que se regula provisionalmente determinados aspectos do transporte escolar, e para o presente caso, o Decreto 443/2001, do 27 de abril, modificado polo Decreto 894/2002, sobre condicións de seguridade no trasporte escolar e de menores, regula no seu artigo 1 o ámbito de aplicación, referíndose na aliña a) aos transportes públicos regulares de uso especial de escolares de estradas cando polo menos a terceira parte dos alumnos transportados teña unha idade inferior a dezaseis anos.

Regulando no artigo 8 os casos en que rexe a obrigatoriedade do acompañante, indicándose na aliña a) nos transportes incluídos no artigo 1.a), cando así se especifique na correspondente autorización de transporte regular de uso especial e en todo caso sempre que se transporten alumnos de centros de educación especial, debendo neste caso contar o acompañante coa cualificación laboral necesaria, para a adecuada atención destes alumnos de necesidades educativas especiais.

Non pode indicar a administración competente neste caso a non obrigatoriedade de acompañante respecto do alumno R. B., xa que no decreto citado non se distingue que o acompañante no transporte sexa para un autobús ou para outro tipo de vehículo, e, toda vez, que a mesma Consellería de Educación publicou un Manual Básico do Acompañante no Transporte Escolar, no que na epígrafe titulada *"Cando é obrigatoria a presenza da persoa acompañante?"*, indica na segunda das catro aliñas da citada guía *"en todo caso será obrigatoria a presenza do acompañante/a cando se transporte alumnado con necesidades educativas específicas. Neste caso, a persoa acompañante deberá contar coa cualificación laboral necesaria para a adecuada atención dese alumnado de necesidades educativas especiais"*, polo que por parte desta institución de conformidade co artigo 29 da Lei 6/1984, do 5 de xuño, do Valedor do Pobo, aínda que coñecedora dos grandes esforzos que as administracións públicas están a realizar, para poder ofrecer á poboación escolar mellores respostas en servizos educativos, para que estes se realicen coa máxima calidade e nas mellores condicións de seguridade, de conformidade co establecido no artigo 32.1 da Lei do Valedor do Pobo, formúlase á Consellería de Educación e Ordenación Universitaria a seguinte **SUXESTIÓN**:

> **Estudar a conveniencia de modificar o seu informe e acordar a asignación a este alumno con necesidades educativas específicas (conta cunha minusvalía de 79%, e residindo a 38 quilómetros, do centro escolar ao que pode acudir o que fai que o alumno estea en desvantaxe en relación con aqueles que non necesitan transporte), dunha coidadora que o acompañe no taxi, a cal deberá contar coa cualificación laboral necesaria para a adecuada atención do alumno; co**

obxecto de que os seus familiares poidan conciliar a vida familiar e laboral.

O secretario xeral da Consellería de Educación e Ordenación Universitaria, responde que so se poderá atender a suxestión en canto exista dispoñibilidade presupostaria.

6.- Suxestión dirixida ao Delegado Provincial da Consellería de Educación e Ordenación Universitaria en Lugo o 27 de febreiro de 2008, para estuda-la posibilidade de modificación do transporte (Q/134/08).

Con data 31 de xaneiro de 2008, dirixímonos a vostede por mor do escrito de queixa presentado por J. F. A. R., en relación co transporte escolar dos seus fillos ao CEIP de Monterroso.

Por escrito do 19 de febreiro pasado (rexistro de saída n.º 856) recibimos o informe en relación ao tema formulado.

Examinados en primeiro lugar o escrito presentado polo recorrente en queixa e tendo en conta así mesmo o informe remitido pola Consellería de Educación e Ordenación Universitaria, esta institución considera que por parte da administración correspondente non se realizou ningunha actuación incorrecta, xa que de conformidade co establecido na Orde da Consellería do 16 de marzo de 2001, que desenvolve o Decreto 87/1995, do 10 de marzo, se establece que non terán dereito aos servizos complementarios gratuítos, os alumnos que estean matriculados en centros distintos aos que lles corresponde, segundo a distribución das zonas de influencia, que é o caso que nos ocupa.

Mais co gallo de poder conciliar a vida familiar e laboral dos pais e o dereito dos alumnos que a Constitución establece da obrigatoriedade e a gratuidade da ensinanza básica, e que para facela posible os poderes públicos deben garantir unha serie de servizos que fagan posible a asistencia dos alumnos aos centros, con independencia do lugar de residencia e das circunstancias persoais ou familiares, e que na Lei 2/2006, do 3 de maio

tamén se incide nos artigos 80 e 82 sobre a igualdade de oportunidades no medio rural, evitando as desigualdades derivadas de factores como os xeográficos e engadindo que a primeira das solicitudes se refería a un só alumno e que nestas datas xa son dous os escolares que teñen que trasladarse ata a parada máis próxima distante a 3 quilómetros, esta institución de conformidade ao establecido no artigo 32.1 da Lei 6/1984, do 5 de xuño, formula á Delegación Provincial en Lugo da Consellería de Educación e Ordenación Universitaria a seguinte **SUXESTIÓN:**

> **Que se estude a posibilidade, realizando as xestións necesarias (a través da solicitude de modificación de itinerario, a través das potestades de organización do trasporte, ou polo medio que a administración considere oportuno) para proporcionar un medio de transporte a estes alumnos cunha parada máis próxima ao seu domicilio sen ter que realizar ese camiño diario de 3 quilómetros ata a parada nestes intres preestablecida, e sempre protexendo o dereito dos demais usuarios do transporte escolar de non alongar en demasía a estancia e viaxe no transporte escolar.**

A administración **NON ACEPTA** a suxestión**.**

7.- Suxestión dirixida á Secretaría Xeral da Consellería de Educación e Ordenación Universitaria o 17 de xullo de 2008, para que se estude a conveniencia de realizar obras no CEIP San Vicenzo de Vimianzo. (Q/305/08).

Como vostede ten coñecemento con data de19 de febreiro de 2008, recibiuse o presente escrito de queixa, que quedou rexistrado nesta Institución co número 305/2008, no mesmo o interesado indicábanos:

Que ten un fillo de tres anos de idade que comezou este ano os estudos no Colexio Público CEIP San Vicenzo de Vimianzo en A Coruña, comprobando que o centro carece de baños adaptados para os nenos de 3 e 4 anos, motivo que argumentan os profesores e dirección do centro, para xustificar que os nenos non podan lavarse ás mans, antes de ir ó

comedor, ademais non acompañan aos nenos a lavarse os dentes,xa que alegan que ao non ter os baños adaptados non poderían controlalos e podería producirse resultados antihixiénicos.

Unha vez estudada a súa queixa, foi admitida, en referencia neste caso a vulneración do artigo 27 da Constitución ao entender que reunía os requisitos formais establecidos no artigo 18 da Lei 6/1984, do 5 de xuño, do Valedor do Pobo, e que atopaba, en principio, cobertura constitucional. Solicitado o preceptivo informe a Consellería de Educación e Ordenación Universitaria, Secretaria Xeral, a que me dirixo foi remitido co contido que por esa institución se ten coñecemento e no que se indicaba:

Que o edificio do CEIP San Vicenzo ten unha antigüidade de máis de 30 anos, non sendo construído para albergar a nenos de 3 a 6 anos de idade naquel intre. As aulas de Educación Infantil pasaron ao centro fai máis de 15 anos, ubicándose nunha zona da planta baixa que tiña baños adaptados para esta idade pero que se abandonou ao quedar aulas baleiras na 1ª planta por unha diminución do número de alumnos no centro e por ter moitas humidades. Ao pasar a planta primeira en cada baño de alumnos de E.Primaria, púxose un retrete e un lavabo adaptado á altura dos nenos de EI, que é o que teñen na actualidade.

Os mestres de Educación Infantil teñen establecido o aseo dos nenos que acoden ao comedor, se ben está limitado pola falta de instalacións hixiénicas para o número de usuarios e polo número de adultos para unha atención individualizada a nenos destas idades.

Que examinados en primeiro lugar o escrito presentado pola recorrente en queixa no que solicitaban amparo, e tendo en conta ase mesmo o informe remitido pola Secretaria Xeral da Consellería de Educación e Ordenación universitaria, esta institución considera que por parte da administración non se está dando cumprimento ao establecido na lei 2/2006, de 3 de maio de Educación no sentido de contribuír a desenvolver nos nenos e nenas o coñecemento do seu corpo e o dos outros, a observación e exploración do entorno familiar, natural e social, a adquisición da autonomía nas súas actividades habituais, pautas

elementais de convivencia e relación social. E tampouco cúmprense os fins do Decreto 130/2007, de 28 de xuño, que establece como principios xerais a valoración por parte dos escolares da hixiene e a saúde, a aceptación e coidado do propio corpo, e os de os demais, respectando as diferenzas e a utilización da educación física e o deporte como medios para favorecer o seu desenvolvemento tanto persoal como social.

A Comunidade Autónoma ten de conformidade co artigo 31 do Estatuto de Autonomía de Galicia competencia plena para o regulamento e administración do ensino en toda a súa extensión, polo que de conformidade ca lexislación vixente nestes intres, poderá realizar as obras necesarias, previa contratación das mesmas e incluso construír novos centros escolares se fose necesario.

Polo que por parte desta institución de conformidade co artigo 29 de la Lei 6/1984, do 5 de xuño, do Valedor do Pobo, aínda que coñecedora dos grandes esforzos que as administración educativa está a realizar, para poder ofrecer á poboación escolar mellores respostas en servizos educativos, para que os mesmos se realicen coa máxima calidade e nas mellores condicións, de conformidade co establecido no artigo 32.1 da Lei do Valedor do Pobo, formulándolle á Consellería de Educación e Ordenación Universitaria a seguinte

SUXESTIÓN:

Estudar a conveniencia de realizar a corto prazo as obras necesarias, para que o centro CEIP San Vicenzo de Vimianzo poida ofrecer aos escolares de educación infantil os servizos necesarios para o seu desenvolvemento tanto físico como intelectual e poder conseguir os fins e os obxectivos regulados na Lei 2/2006 de Educación, e no Decreto 130/2007. de 28 de xuño.

A administración **ACEPTA** a suxestión**.**

8.- Suxestión dirixida ao Reitor Magnífico da Universidade de Santiago de Compostela o 12 de xuño de 2008, para que se acorde a exacción de prezos públicos na matrícula do curso 2007/08 (Q/874/08).

Como vostede ten coñecemento con data do 16 de abril de 2008, recibiuse o escrito de queixa que quedou rexistrado nesta institución co número 874/2008, presentado polos pais da universitaria C. Nel indicábanos *que o 5 de maio do ano 2007, a súa filla C. , estudante desta Universidade, sufriu unha agresión sexual en Santiago de Compostela, da que presentou a correspondente denuncia na comisaria de a citada cidade. Acudindo a continuación ao Centro de Información dá Muller de Ferrol onde lle prestaron axuda psicolóxica. Sendo incapaz de presentarse aos exames do segundo cuadrimestre, pois tiña un cadro ansioso-depresivo. Tamén aconteceu que por diversos ingresos hospitalarios durante os meses de xaneiro e febreiro, non puido presentarse a os exames do primeiro cuadrimestre.*

O 4 de setembro, a universitaria presenta na Unidade de Xestión Académica do Campus Sur, un escrito no que solicitaba a exención da matrícula do curso 2007/2008, e a anulación da matrícula do curso 2006/2007, explicando que non solicitou a anulación da matricula no prazo fixado legalmente, porque quería intentar preparar os exames de setembro, pero foille imposible. 0 25 de setembro recibe resolución no que a unidade de xestión acorda desestimar as peticións de anulación de matrícula por non solicitala con anterioridade, e a solicitude de exención, por non acreditar as causas que se sinalan no punto 9 da Convocatoria Xeral de Matrícula do curso 2007/2008, entre elas... "persoas que sofren violencia de xénero acreditado mediante certificación da orde de protección ou da medida cautelar, ou mediante sentenza que declare o sufrimento da violencia de xénero.

Con data 22 de outubro, presenta recurso contra a resolución anteriormente indicada, baseado na discriminación que supón non considerar a súa agresión sexual un acto de violencia de xénero; recibindo o 25 de novembro resolución do reitorado na que se acorda estimar parcialmente o recurso interposto, en canto a estimar a anulación da matrícula do curso 2006/2007, sen devolución dos prezos públicos aboados.

Interesa que a muller vítima dunha agresión sexual fóra do ámbito doméstico non debe ser discriminada con respecto á que sofre o que a unidade de xestión entende por violencia de xénero, e que na convocatoria xeral de matrícula, tampouco pode realizarse a citada discriminación.

Logo de estudar a queixa, foi admitida, en referencia neste caso á vulneración do artigo 27 da Constitución ao entender que reunía os requisitos formais establecidos no artigo 18 da Lei 6/1984, do 5 de xuño, do Valedor do Pobo, e que atopaba, en principio, cobertura constitucional. Solicitado o preceptivo informe á Universidade de Santiago de Compostela, e remitido pola administración competente, nel indícase como vostede ten xa coñecemento:

A alumna dona C. é maior de idade, e malia que se comprende a preocupación dos pais, iso non converte en interesados ou lexitimados para intervir no procedemento administrativo correspondente á anulación da súa matrícula na USC. En aplicación da normativa vixente non se pode facilitar información especifica relativa aos estudos desta.

A USC tivo en conta as especiais circunstancias que concorreron na alumna dona C. para, en vía de recurso, proceder á anulación da súa matrícula, aínda transcorrido o prazo establecido para iso e, en consecuencia no seu expediente académico non aparece reflectido nada en relación coa matrícula no curso 2006/2007. Pero o que non pode a USC é proceder á devolución dos prezos públicos aboados senón existe causa que o xustifique e, neste caso concreto, non está previsto que se proceda a devolución.

A USC entende que non se está a discriminar á alumna respecto da consideración que non é vítima de violencia de xénero, xa que se trata dun concepto legal determinado en leis específicas e non cabe realizar unha interpretación analóxica ou extensiva, ou se dan os supostos para considerar que estamos en presenza de violencia de xénero ou senón estaremos ante actos violentos aos que aplicará a lexislación penal.

Que examinados en primeiro lugar o escrito presentado polos recorrentes en queixa no que solicitaban amparo respecto da vulneración dos seus dereitos constitucionais

regulados no artigo 9.2, 14, e 27 da Constitución española, e tendo en conta así mesmo o informe remitido pola Universidade de Santiago de Compostela, esta institución non pode mostrar a súa conformidade coas resolucións reitorais do 18 de setembro de 2007, ditada polo xefe do servizo de Xestión Económica, na que se desestima a solicitude formulada de exención agás que se acredite algunha das causas citadas no punto 9 da Convocatoria Xeral de Matrícula do Curso 2007/2008, e a posterior de data 20 de novembro de 2007, ditada pola Secretaría Xeral na que se acorda a estimación parcial do recurso potestativo de reposición no que se refire á anulación da matrícula formulada pola alumna para o curso 2006/2007 sen dereito a devolución dos prezos públicos aboados.

Pódese indicar respecto do primeiro dos puntos do informe desa Universidade de Santiago de Compostela, que é certo que dona C. é maior de idade, e é ela a que pode facer todas as reclamacións correspondentes, o que así fixo segundo consta na documentación enviada a esta institución, máis a preocupación dos seus país, normal ante o transo pasado pola súa filla, fai que eles presenten a queixa ante esta institución collendo así "o testemuño" que iniciara a súa filla, para facer valer os seus dereitos a non ser discriminada, para seguramente intentar evitarlle o que se entende por vitimización secundaria, é dicir sufrimento engadido nas vítimas, que lle fan revivir o papel de vítima.

Respecto do segundo e terceiro dos puntos do citado informe, xustifica a universidade a non exención do pagamento da matrícula do curso, baseándose en que na resolución reitoral se indica que o punto 9 da Convocatoria Xeral de Matrícula do Curso 2007/2008 establece como causa de exención, redución ou subvención do pagamento dos prezos públicos as seguintes causas: *Persoas que sofren violencia de xénero, así como os seus fillos (acreditado mediante certificación da orde de protección ou da medida cautelar, ou copia autenticada polo secretario xudicial da orde de protección ou da medida cautelar ou mediante sentenza de calquera orde xurisdicional que declare o sufrimento da violencia de xénero.* E como no escrito da universitaria solicitando exención non acredita as causas citadas, é procedente acordar a denegación da exención.

Nesta institución consta copia da denuncia na Comisaria de Policía, e o certificado expedido polo Secretario do Concello de Ferrol no que se verifica a concesión de axuda

que o centro de Información á Muller de Ferrol lle prestou á interesada (que foron solicitados por esta institución pese ao carácter persoal da denuncia) aos denunciantes e tamén no escrito de queixa presentado polos pais se indica que o día 5 de maio de 2007 a súa filla estudante da Universidade de Santiago, sufriu unha agresión sexual en Santiago de Compostela, da que presentou a correspondente denuncia na Comisaria de Policía, e acudindo ao Centro de Información da Muller de Ferrol, onde lle prestaron axuda psicolóxica. E que o recurso presentado pola súa filla basea na discriminación que supón non considerar a súa agresión sexual un acto de violencia de xénero.

Examinada a Lei 7/2004, do 16 de xullo, galega para a igualdade de homes e mulleres, e a Lei 11/2007, do 27 de xullo, galega para a prevención e o tratamento integral da violencia de xénero (que modificou os artigos 19 e 20 da anterior), obsérvase que no seu artigo 3 se establecen como "formas de violencia de xénero" as seguintes:

a) violencia física

b) violencia psicolóxica

c) violencia económica

d) violencia sexual e abusos sexuais

e) acoso sexual

f) tráfico de mulleres e nenas

g) calquera outra forma de violencia recollida nos tratados internacionais.

Da lectura da *aliña d) violencia sexual e abusos sexuais,* pódese deducir que na citada aliña se inclúen calquera acto de natureza sexual forzada polo agresor ou non consentida pola muller, abranguendo a imposición, mediante a forza ou con intimidación, de relacións sexuais non consentidas, e o abuso sexual, *con independencia de que o agresor garde ou non relación conxugal de parella, afectiva ou de parentesco coa vítima.*

A Lei orgánica 1/2004, do 28 de decembro, *de medidas de protección integral contra a violencia de xénero* regula no seu artigo 58 as competencias dos xuíces na orde

penal, e no artigo 61 a posibilidade de acordar, ante a petición das partes implicadas ou de oficio, no procedemento correspondente, das medidas cautelares que sexan necesarias.

Por todo o anteriormente relatado, tense que indicar que non se observan motivos para non considerar que a agresión sufrida pola universitaria está encadrada na aliña d) do artigo 3 da Lei 11/2007, do 27 de xullo, e que polo tanto si debe ser incardinada como unha forma de violencia de xénero, xa que a lei regula a violencia de xénero desde distintos aspectos, tendo en conta nos primeiros das súas aliñas a relación do home coa muller na súa vida privada, pero tamén regulando na aliña antes indicada a non necesidade de relación conxugal, de parella, afectiva ou parentesco; polo que a resolución reitoral do 28 de xuño de 2008 que regula a Convocatoria Xeral de Matrícula do Curso 2007/2008 non debera contravir o disposto en normas de rango superior.

Considera esta institución que C., si cumpre os requisitos esixidos no punto 9 da Convocatoria Xeral de Matrícula do Curso 2007/2008 para exención dos pagamentos dos prezos públicos non sendo lóxico que a administración universitaria non acorde a exención por considerar que non acreditou a situación de violencia de xénero. Na citada lei galega para a prevención e o tratamento integral da violencia de xénero, regúlase no artigo 5 as formas de acreditación da violencia de xénero, indicando que se acreditará mediante calquera das seguintes formas: (a) certificación da orde de protección ou da medida cautelar, ou testemuña ou copia autenticada polo secretario xudicial da propia orde de protección ou da medida cautelar; b) sentenza de calquera orde xurisdicional que declare que a muller sufriu violencia en calquera das modalidades definidas pola presente lei; c) certificación ou informe dos servizos sociais ou sanitarios da administración pública autonómica ou local; d) certificación dos servizos de acollida da administracións; e) informe do Ministerio Fiscal que indique a existencia de indicios de violencia; f) informe da Inspección de Traballo e da Seguridade Social; g) calquera outras que se establezan regulamentariamente.

A interesada mantén que achegou co primeiro dos escritos e no recurso postestativo de reposición de data 22 de outubro de 2007, copia da denuncia e do informe psicolóxico.

A iniciación do procedemento penal non exclúe a aplicación da Lei 11/2007, do 27 de xullo, xa que esta nace coa finalidade da regulación da violencia contra as mulleres, e dotar os poderes públicos dun instrumento para prever, tratar e erradicar a violencia de xénero, e conseguir unha verdadeira realización do principio de igualdade. Non sendo culpa da interesada o estado de tramitación do procedemento penal, e tampouco se pode manter como xa se dixo un sufrimento engadido cunhas consecuencia negativas e secuelas psicolóxicas sociais na vítima.

Esta institución consonte as competencias establecidas no artigo 32, aliña 1 da Lei 6/1984, do 5 de xuño do Valedor do Pobo, formula ao Excmo. Sr. Reitor da Universidade de Santiago de Compostela a seguinte

SUXESTIÓN

Que se estude a posibilidade e a conveniencia de proceder a modificación das resolucións reitorais polas que se acordou a non exención dos prezos públicos na matrícula do presente curso 2007/2008, interesado por dona C. , e que si se acorde a citada exención de prezos públicos na matricula efectuada no curso 2007/2008, por que si existe causa para tal exención xa que a situación da universitaria atopase incardinada dentro do artigo 3 "formas de violencia de xénero" e si acreditou a situación de violencia de xénero, regulada no artigo 5 da Lei 11/2007, do 27 de xuño, galega para a prevención e o tratamento integral da violencia de xénero.

A suxestión **NON FOI ACEPTADA** pola Universidade de Santiago de Compostela.

9.- Suxestión dirixida á Secretaría Xeral de Política Lingüística o 10 de novembro de 2008, para que se adopten medidas que solucionen as vulneracións dos dereitos dos estudantes que realizaron primeiro curso de bacharelato no estranxeiro, vixente a orde do 1 de abril de 2005 (Q/1921/08).

Como vostede ten coñecemento con data do 1 de outubro de 2008, recibiuse o escrito de queixa, presentado por dona C. V. E. que quedou rexistrado nesta institución co número 1921/08, nel a interesada indicábanos, *que cursou Primaria e Secundaria na comunidade galega, acadando o Celga 3. Que acadou unha bolsa concedida polo Concello da Coruña, para estudar en USA Primeiro de Bacharelato, e que o realizou no curso 2006/2007, superando o curso e tendo a validación correspondente. Realizou Segundo de Bacharelato no ano 2007/2008 no IES Urbano Lugrís da Coruña, superando o curso coa nota media de 9.2, e tendo en Lingua Galega e Literatura, unha cualificación de 9,00, é dicir, superou cunha nota de 9 a materia de Lingua Galega de 2º curso de Bacharelato, e agora parece que non ten superada a Lingua Galega de primeiro curso. Non puido facer o exame de galego na Selectividade porque ao parecer estaba exenta.*

O problema está en que non pode acadar o certificado de CELGA 4 por non realizar en Galicia o 1º curso de Bacharelato no correspondente curso 2006/2007. Mais a orde do 16 de xullo de 2007 pola que se regula os certificados oficiais acreditativos dos niveis de coñecemento da lingua galega entrou en vigor o 1 de setembro de 2007, é dicir en datas posteriores a súa estadía en USA.

Logo de estudar a súa queixa, foi admitida, en referencia neste caso á vulneración do artigo 27 da Constitución ao entender que reunía os requisitos formais establecidos no artigo 18 da Lei 6/1984, do 5 de xuño, do Valedor do Pobo, e que atopaba, en principio, cobertura constitucional. Solicitado o preceptivo informe á Secretaria Xeral de Política Lingüística, remitindo a administración correspondente o informe no que se indicaba:

Que o punto 4 do anexo I da orde do 16 de xullo de 2007 pola que se regulan os certificados oficiais acreditativos dos niveis de coñecemento da lingua galega (CELGA) establece que: serán validables polo certificado de lingua galega 4, (Celga 4):

O título de Bacharelato (LOGXE ou BUP) ou Técnico de FP2, sempre que se estudase en Galicia na súa totalidade e se cursase de maneira oficial a materia de lingua galega en todos os cursos dos ditos estudos.

Como se desprende da literalidade da orde, cómpre cursar e aprobar todos os cursos en Galicia para obter o certificado pola vía da validación, polo que no caso que expón a reclamante non podería acadar o certificado de Celga 4 debido a que primeiro de Bacharelato non foi cursado en Galicia.

Que examinados en primeiro lugar o escrito presentado pola recorrente en queixa no que solicitaban amparo, e tendo en conta así mesmo o informe remitido pola Secretaría Xeral de Política Lingüística, esta institución considera que por parte da administración non se realiza unha mala actuación ao non conceder a interesada a validación do Celga 4**,** senón que se está a cumprir a normativa vixente na materia.

Sen embargo, esta institución ten que poñer en coñecemento da administración correspondente que a orde do 16 de xullo de 2007, pola que se regulan os certificados oficiais acreditativos dos niveis de coñecemento da lingua galega, prescribe no seu artigo 2 os niveis de coñecemento da lingua galega, regulando cinco niveis de coñecemento da lingua galega; e indica no seu anexo I, aliña 4 que serán validables polo certificado Celga 4: "O título de Bacharelato (LOGXE ou BUP) ou Técnico FP2, sempre que se estudase en Galicia na súa totalidade e se cursase de maneira oficial a materia de lingua galega en todos os cursos dos ditos estudos". Tamén na disposición derradeira segunda que a orde entrará en vigor o 1 de setembro de 2007; e na disposición derrogatoria que quedan derrogadas todas as disposicións de igual ou inferior rango que regulen cursos de lingua galega; quedando expresamente derrogados os artigos 1, 2, 3, 4, 14, 15, 16, 17, 18 e 19 da orde de 1 de abril de 2005.

Temos que indicar así mesmo que, con anterioridade á orde do 16 de xullo de 2007, estaba en vigor o Decreto 79/1994 e a orde que o desenvolvía do 30 de xuño do mesmo ano, sobre a exención da materia de lingua galega no ensino básico e medio, e que

foi derrogado polo Decreto 124/2007, do 28 de xuño, polo que se regula o uso e promoción do galego no sistema educativo.

No caso que nos ocupa cando a escolar S. P. V. inicia os estudos de primeiro de Bacharelato en USA, realízao no curso 2006/2007 estando vixente a orde de 1 de abril de 2005, que prescribía no seu artigo 1 que os cursos de lingua galega para os diversos colectivos profesionais e sociais constan de tres niveis: curso de galego oral, iniciación e perfeccionamento; e no seu artigo 15 que poderán avaliarse polo curso de perfeccionamento: parágrafo 7 "a materia da lingua galega e literatura avaliada positivamente nun curso de bacharelato LOGXE". Cando inicia na comunidade galega o segundo curso de Bacharelato, por ter validado o curso primeiro, no curso 2007/2008 entra en vigor a orde do 16 de xullo de 2007 que derroga entre outros o artigo 15.

Non se regula na orde xa citada do 16 de xullo de 2007, mediante a oportuna disposición transitoria, ningunha adopción de medidas que permitan solucionar as posibles situacións que puidesen vulnerar os dereitos adquiridos polos escolares que estudaron primeiro de Bacharelato fora da Comunidade Autónoma ou no estranxeiro estando vixente a orde de 1 de abril de 2005, e que ao retorno á Comunidade galega para rematar o segundo curso de Bacharelato, se atopan cunha nova normativa con entrada en vigor o 1 de setembro de 2007.

Polo que por parte desta institución de conformidade co artigo 29 da Lei 6/1984, do 5 de xuño, do Valedor do Pobo, aínda que coñecedora de que a entrada en vigor da presente orde é debida á existencia no ámbito internacional dun marco europeo común de referencia para as linguas, avalado polo Consello de Europa, así como polos estándares da Asociación de Avaliadores de Linguas Europeas (ALTE) que establecen uns niveis precisos de coñecemento de lingua cos que se deben de corresponder os certificados oficiais de coñecemento da lingua galega, cumpríndose así a recomendación do Consello da Unión Europea que interesaba dos estados membros a creación de sistemas para homologar as competencias lingüísticas sobre a base do citado marco de referencia, e de conformidade co establecido no artigo 32.1 da Lei do Valedor do Pobo, formulándolle á Secretaria Xeral de Política Lingüística a seguinte:

SUXESTIÓN:

Estudar a conveniencia da adopción de medidas que permitan solucionar as posibles vulneracións de dereitos adquiridos polos estudantes que realizaron primeiro de Bacharelato noutra comunidade autónoma ou no estranxeiro, estando vixente a Orde do 1 de abril de 2005, e que no momento da entrada en vigor o 1 de setembro de 2007 da Orde do 16 de xullo de 2007 sobre a regulación dos certificados oficiais acreditativos dos niveis de coñecemento da lingua galega (Celga), referente á validación do Celga 4, os imposibilita para a obtención da validación correspondente por cursar só un ano de lingua galega no Bacharelato, e tendo que acudir á realización das probas indicadas na xa devandita orde do 2007.

A administración **ACEPTA** a suxestión**.**

1.5 AREA DE INDUSTRIA, COMERCIO E TURISMO

1.5.1 INTRODUCIÓN

A normativa, estatal e autonómica aplicable neste exercicio impulsou a presentación de queixas no que constitúe o contido material desta área.

Un lugar destacado ocúpao o Real decreto 871/2007, do 29 de xuño, en materia de enerxía eléctrica cuxa disposición transitoria primeira estableceu a supresión da tarifa nocturna a partir de 1 de xullo do 2008. A súa aplicación xerou ao longo do ano un total de 206 queixas, que foron remitidas ao Defensor del Pueblo por ser a institución competente en función do ámbito territorial da norma aprobada.

Tamén debemos mencionar o Real decreto lexislativo 1/2007, do 16 de novembro, que aproba o texto refundido da Lei xeral para a defensa dos consumidores e usuarios e outras leis complementarias. Na súa disposición derrogatoria única deixa sen efecto a Lei 26/84, do 19 de xullo, xeral para a defensa dos consumidores e usuarios; a Lei 26/1991, do 21 de novembro, sobre contratos celebrados fóra dos establecementos mercantís; a Lei 22/1994, do 6 de xullo, de responsabilidade civil polos danos causados por produtos defectuosos; a Lei 21/1995, do 6 de xullo, reguladora das viaxes combinadas; e a Lei 23/2003, do 10 de xullo, de garantías na venda de bens de consumo.

O citado texto refundido debemos vinculalo ademais á Lei 44/2006, do 29 de decembro, de mellora da protección dos consumidores e usuarios, polo seu carácter complementario.

Por último e en materia de turismo, destaca o Decreto da Xunta de Galicia 108/2006, do 15 de xuño, que establece a ordenación turística dos restaurantes e cafeterías da Comunidade Autónoma de Galicia e a Lei 14/2008, do 30 de decembro, de turismo de Galicia.

1.5.2 QUEIXAS RECIBIDAS E ESTADO DE TRAMITACIÓN

A actividade desenvolvida promoveu e condicionou a orixe ou a resolución das 288 queixas presentadas no 2008 coa seguinte desagregación:

Iniciadas	288	
Admitidas	62	22%
Non Admitidas	20	7%
Remitidas ao Defensor del Pueblo	206	71%

A situación das queixas admitidas a trámite é a seguinte:

Concluídas	38	61%
En trámite	24	39%

No relativo ás queixas presentadas en anos anteriores e pendentes de resolución nalgún momento do 2008, a situación actual é a seguinte:

Ano de presentación	En trámite ao 31-12-2006	Reabertas	Total	Resoltas	En trámite ao 31-12-2007
2006	1	0	1	1	0
2007	18	1	19	18	1

1.5.3 QUEIXAS ADMITIDAS A TRÁMITE

Un estudo sistemático das 62 queixas tramitadas aconséllanos a súa distribución dentro dos sectores que integran a denominación desta área.

1.5.3.1 Industria

Nesta epígrafe destacan as reclamacións respecto á subministración de enerxía eléctrica.

As causas son diversas.

Algunhas teñen a súa orixe na carencia de subministración a determinadas vivendas unifamiliares ou na falta de potencia para un normal funcionamento das máquinas ou aparatos domésticos alimentados por electricidade.

A maioría das tramitadas e concluídas no ano 2008 responden á citada causa. Entre elas, destacamos as queixas números 745, 823, 1064, 1142, 1327, 1410, 1808 e 2406, con especial referencia ás números 33, 1043, e 2449 que afectan todas elas a distintos lugares do termo municipal de Oza dos Ríos.

As restantes presentan características propias que merecen ser resaltadas. A número 79/08, demanda o cumprimento dunha resolución da Delegación Provincial de Industria da Coruña, do 29 de xullo do 2005, na que se ordenaba a separación das instalacións de fontanería e electricidade –que alimentan conxuntamente un garaxe e unha vivenda utilizadas por persoas distintas- e a individualización dos correspondentes contadores. Cando se pon termo a este exercicio, a dita resolución non foi executada e con data 23 de decembro do 2008 incóase o correspondente expediente sancionador por infracción grave. A número 797, que en execución dun recurso de alzada, obriga unha empresa hidroeléctrica a repoñer a subministración de enerxía eléctrica nunha vivenda. A resolución estimatoria da queixa ten a súa orixe na suspensión do servizo decretado pola

dita empresa como consecuencia dunha presunta fraude cometida na liña de alimentación. A número 1931 solicita a revisión do prezo xusto na constitución dunha servidume de paso de liña eléctrica. E por último a número 2362 reclama contra a liquidación estimada do consumo anual de electricidade por unha vivenda, como consecuencia da deterioración existente no contador e de carecer a empresa de datos cifrados para a súa cuantificación.

Outras veñen motivadas polo tendido de liñas aéreas de media tensión que conta coa oposición dos veciños afectados (queixas números 1568 e 2087/08).

Por último, debemos comentar as formuladas contra o canon soar ou canon IRC. Todas elas teñen en común a existencia dunha reclamación contra Gas Galicia –agora ENDESA- pola liquidación que se practica, unha soa vez ao ano, en aplicación do disposto no artigo 44.5 do Real decreto 1434/2002, que faculta a empresa subministradora ao cobro dun arrendamento anual en concepto de amortización da obra realizada ata o punto de canalización común para a posterior distribución a cada domicilio do gas (queixas números 682, 1529, 1639 e 1811/08). Neste caso os reclamantes acreditan ser destinatarios de resolucións favorables das delegacións provinciais da Consellería de Innovación e Industria, que se encontran pendentes de execución pola presentación, por parte de ENDESA, de recursos ante a orde xurisdicional.

1.5.3.2 Consumo

Quince expedientes foron tramitados en materia de consumo cun contido heteroxéneo, o cal fai difícil conseguir unha ordenada exposición. Con esta prevención, debemos citar as queixas que teñen a súa orixe na adquisición de mercadorías ou de bens mobles. Neste capítulo relacionamos a adquisición de zapatos con defecto de fabricación (n.º 101/08); dun ordenador portátil con deficiencias técnicas, feito probado que obrigou o seu comprador a acudir ao sistema arbitral de consumo, e que obtivo un laudo favorable (n.º 149/08); dunha consola e mesas de noite con defectos de fabricación nos caixóns, reclamación que se encontra pendente de resolución ante a Xunta Arbitral de Consumo (n.º 891/08); dunha Play Station 3 con deficiencias técnicas, que obrigou a empresa á súa devolución con resolución do contrato (n.º 1774/08); a adquisición dun vehículo con

características técnicas distintas ás pactadas (n.º 1996/08); e a devolución dun cortacéspede sen que fose aceptada a dita reclamación polo encargado dun centro comercial (queixa 2251/08).

Tamén, dentro deste eido, podemos individualizar as reclamacións correspondentes a prestacións do servizo telefónico por determinadas empresas do sector (711, 1539, 2404 e 2548/08); ou a limpeza de fachadas de institucións públicas (1669/08).

Por último hai que citar aquelas que teñen a súa orixe na suspensión ou en atrasos sucedidos no transporte aéreo (queixas 1237, 1539 e 2519/08), pendentes de resolución ante as xuntas arbitrais de consumo ou ante os órganos propios das correspondentes compañías aéreas.

1.5.3.3 Comercio

Dentro desta epígrafe concluíronse no exercicio anterior un número significativo de queixas en materia de venda ambulante. Por contraste, neste ano só se rexistraron dúas. Unha referente ao acordo adoptado pola corporación municipal de Marín limitando o número de licenzas outorgadas a unha cooperativa de consumo (293/08) e outra vinculada ao concello de Baiona respecto á concesión dun posto de venda ambulante na festa da Arribada (1276/08).

Tamén debemos mencionar os trámites sinalados para impulsar a reclamación formulada respecto á instalación dunha piscina no termo municipal de Narón, por deficiencias técnicas e por unha execución material non axustada ao orzamento pactado. Logo do seu estudo, aconsellouse ao reclamante que iniciase o correspondente expediente ante o *Instituto Galego de Consumo* como previo a dirimir o conflito en vía xurisdicional.

1.5.3.4 Turismo

Tres expedientes de queixa merecen ser obxecto de comentario.

O primeiro (n.º 1194/08) admitiuse a trámite para esclarecer o comportamento do patrón dun buque contratado para unha viaxe turística na ría de Arousa en xullo do 2007. O expediente concluíu coa xustificación ofrecida polo responsable da empresa e que foi aceptada polo reclamante.

O segundo (n.º 2227/08) encóntrase nestes momentos en trámite ante a Dirección Xeral de Turismo. A reclamación fundaméntase na percepción das axudas convocadas por orde da Consellería de Innovación e Industria, do 4 de setembro do 2006, para compensar as perdas sufridas por un cámping praia instalado no concello de Muxía, como consecuencia dos incendios declarados en agosto do citado ano e que afectou a ocupación de acampada no dito establecemento.

O terceiro (n.º 2513/08) somete a trámite o conflito xurdido nun establecemento de acampada no concello de Barreiros, pola agregación de tres parcelas máis dentro do perímetro delimitado para esa actividade turística. A agregación conta coa autorización administrativa do servizo provincial de costas e con licenza municipal, suscitándose a validez dunha autorización verbal outorgada por un inspector de turismo da Delegación Provincial de Lugo. O expediente encóntrase pendente de información no momento de cerrar esta memoria.

1.5.4 QUEIXAS NON ADMITIDAS A TRAMITE

A motivación da non admisión a trámite das 20 queixas incluídas nesta área encóntrase, na maioría dos supostos, na inexistencia dunha actuación administrativa previa e, por tanto, susceptible de supervisión (queixas n.º 95, 964, 1392, 1894, 2060, 2370 e 2451).

Outras fundaméntase no feito de que, realizado o seu estudo, non se apreciou a existencia dunha irregularidade na actuación da Administración (queixas 272, 1306, 1969, 2212 e 2213). Por último, relaciónanse aquelas non admitidas a trámite por formular a reclamación en materia sometida ao mundo xurídico privado sen intervención da administración (queixas números 1373, 1429, 1938, 1986, 2063, 2080, 2377 e 2447).

1.5.5 QUEIXAS REMITIDAS AO *DEFENSOR DEL PUEBLO*

A lectura dos datos estatísticos expostos con anterioridade, evidencian que un 71% do total das queixas, presentadas nesta área, tiveron que ser remitidas ao *Defensor del Pueblo*.

En termos xerais, as causas determinantes da citada remisión son ou a extraterritorialidade da reclamación ou ben o obxecto ou materia desta, que atribúe a súa competencia ao Estado.

Esta última causa fundamenta o traslado de 206 queixas presentadas en materia de enerxía eléctrica, por supresión da tarifa nocturna en execución da disposición transitoria primeira do Real decreto 871/2007.

Tanto a nivel individual como a través das asociacións veciñais puxéronse de manifesto as alegacións ou obxeccións formuladas contra a entrada en vigor desta disposición, a partir de xullo do 2008.

1.5.6 OBSERVACIÓNS

Como consecuencia das actuacións practicadas nesta área chegouse ao convencemento da necesidade de intensificar a política de modernización da Administración Pública -por suposto en vías de execución- para mellorar a atención á cidadanía nun sector tan sensible como é o referente ao consumidor e ao usuario dos servizos públicos. Programas de actuación destinados á formación e especialización do

persoal, así como a dotación e mellora dos recursos posto ao servizo das correspondentes unidades orgánicas deben contribuír ao cumprimento dos principios de eficacia e eficiencia esixibles na actividade administrativa.

Neste sentido resulta conveniente invocar a aliña III, parágrafo 5º da exposición de motivos da Lei 4/1999, do 13 de xaneiro.

Respecto ao procedemento para facer efectiva a resolución, pártese da premisa de que un procedemento administrativo que non sexa áxil e breve é difícil que poida ser unha institución ao verdadeiro servizo aos cidadáns. Por iso, a falta de norma expresa, a aliña 3 deste mesmo artigo establece como prazo xeral supletorio de duración dos procedementos administrativos o de tres meses, sen que en ningún caso poida superar o de seis meses, segundo a aliña 2, salvo que unha norma con rango de lei estableza o contrario ou así se prevexa na normativa comunitaria europea, prazo no que deberá notificarse a resolución.

Capítulo á parte merece a excesiva demora contrastada na resolución dos recursos administrativos de reposición e alzada -con prazos que triplican, nalgúns expedientes, o legal establecido-. Debe evitarse que o silencio administrativo se converta na válvula de escape da inactividade administrativa, como nos recorda a exposición de motivos da Lei 30/1992, do 26 de novembro nestas palabras o *silencio administrativo, positivo ou negativo, non debe ser un instituto xurídico normal, senón a garantía que impida que os dereitos dos particulares se baleiren de contido cando a súa administración non atende eficazmente e coa celeridade debida ás funcións para as que se organizou.*

Citamos pola súa exemplaridade, o feito contrastado dun recurso de alzada formulado o día 30 de xuño do 2005, ante a Consellería de Innovación e Industria, recurso que foi resolto o 19 de maio do 2008, ou sexa, case tres anos despois en vía administrativa.

Sexamos, por tanto, conscientes de que os conflitos de intereses non resoltos no ámbito administrativo propician o seu sometemento á orde xurisdicional, o cal incide negativamente nas economías familiares e incrementan o gasto público de forma non xustificada.

É máis, esa dilación do procedemento en vía administrativa é un dos obstáculos existentes para articular a executoriedade dos actos administrativos ditados nos respectivos expedientes e para garantir a súa eficacia ante o cidadán. Vimos observando que nalgúns recursos se invoca o artigo 111.3 da Lei 30/1992, do 26 de novembro, de réxime xurídico das administracións públicas e do procedemento administrativo común. O recorrente, sendo coñecedor de que a administración non resolve os recursos administrativos en prazo, solicita no mesmo escrito a suspensión cautelar do acto administrativo, a cal obtén por silencio administrativo:

A execución do acto impugnado entenderase suspendida se transcorridos trinta días desde que a solicitude de suspensión tivese entrada no rexistro do órgano competente para decidir sobre ela, este non ditou resolución expresa ao respecto...

1.6 ÁREA DE AGRICULTURA, MONTES E PESCA

1.6.1 INTRODUCIÓN

Durante o ano 2008 recibimos 40 queixas relacionadas coas materias incluídas nesta epígrafe.

Por razón do seu contido a maioría das queixas afectan á problemática que presenta a actividade agrícola e gandeira, así como a forestal, competencia da *Consellería de Medio Rural*.

As restantes queixas tramitadas están relacionadas con actividades propias da pesca marítima e o marisqueo, que entran no ámbito de competencias da *Consellería de Pesca e Asuntos Marítimos*.

Seguindo este criterio de clasificación, imos distinguir na exposición das queixas as relativas á agricultura e montes e á actividade pesqueira e acuícola, en atención ás competencias atribuídas a cada unha das citadas consellerías.

1.6.2 QUEIXAS RECIBIDAS E ESTADO DE TRAMITACIÓN

O estado de tramitación das queixas recibidas é o seguinte:

Iniciadas	40	
Admitidas	29	72%
Non Admitidas	11	28%
Remitidas ao *Defensor del Pueblo*	0	---- %

A situación das queixas admitidas a trámite é a seguinte:

Concluídas	17	59%
En trámite	12	41%

Ademais tramitáronse 13 queixas procedentes de anos anteriores co seguinte resultado:

Concluídas 11

En trámite: 2

1.6.3 QUEIXAS ADMITIDAS A TRÁMITE

Agricultura e montes

Para unha exposición máis comprensible das queixas imos distinguir as epígrafes seguintes:

a) Concentración parcelaria

Lexislación sectorial:

Lei 10/1985, do 14 de agosto, de concentración parcelaria para Galicia, e Lei 12/2001, do 10 de setembro, de modificación da lei anterior.

É de aplicación supletoria a Lei estatal de reforma e desenvolvemento agrario, aprobada polo Decreto do 12 de xaneiro de 1973, e disposicións complementarias.

Do exame das queixas resulta que son varias as causas de discrepancia derivadas dos procesos de concentración parcelaria: reclamacións de superficie, atrasos excesivos na tramitación e en realizar o deslindamento das parcelas de substitución, apertura de pistas forestais, afectación de camiños públicos...

A citada discrepancia reflíctese nas queixas números 147 (Concello de Oroso); 784 (Concello de Trazo); 1313 (Concello de Celanova); 1324 (Concello de Oroso); e 1376/08 (Concello de Santiso).

Dos informes facilitados pola administración evidénciase a excesiva duración dos procesos de concentración de cada unha das zonas referidas, circunstancia que afecta ao dereito constitucional á propiedade privada recoñecido no artigo 33.1 da Constitución española; e tamén vulnera os principios de legalidade e eficacia na actuación da administración pública, consagrados nos artigos 9 e 103.1 do texto constitucional.

De xeito, que desde esta institución temos que seguir insistindo no problema da excesiva dilación dos procedementos de concentración xa detectados en anos anteriores, e expostos con detalle no informe anual de 1998.

b) Montes veciñais

Soamente se tramitaron tres queixas sobre cuestións relacionadas coa figura xurídica característica de Galicia dos montes veciñais en man común, regulados pola Lei autonómica 13/1989, do 10 de outubro.

Na número 138/08, o presidente da Comunidade de Montes Veciñais en Man Común de Toutón (Concello de Mondariz) pon de manifesto as dificultades xurdidas no expediente de deslindamento. Na número 1378/08, denúnciase os danos ocasionados no monte veciñal de Santa María de Muxa (Concello de Lugo) pola autorización dunha proba deportiva. E na número 2398/08, o titular da iniciativa non formula unha queixa en sentido estrito. Ofrece un conxunto de suxestións e propostas que, ao seu xuízo, se deben

introducir no articulado do anteproxecto da lei de montes en trámite, as cales se elevaron á Secretaría Xeral de Consellería de Medio Rural, que notificou a recepción.

c) Aproveitamentos cinexéticos

Neste exercicio anotamos a apertura de queixas nesta epígrafe e por causas diversas.

Nas números 2324, 2325 e 2514/08 denúnciase o incumprimento do Regulamento de caza de Galicia na tramitación e autorización dos TECOR. Consideran os reclamantes que os plans de ordenación cinexética son redactados por técnicos sen a titulación esixida e sen figurar inscritos no Colexio Oficial de Enxeñeiros Técnicos Forestais de Galicia.

Na número 104/08 proponse que os cazadores se sometan a un control de consumo de alcohol cando se encontren practicando a caza en terreos destinados a esta actividade. Na número 685/08 que se implante o servizo de gardería privada no TECOR. Na número 2523/08 exponse a necesidade dunha suficiente delimitación e sinalización das zonas cinexéticas que permita practicar o sendeirismo en condicións de seguridade. Por último, a número 1043/08 formula a conveniencia de adoptar medidas de control ante o abandono de cans no Concello de Muros.

d) Outras cuestións relacionadas coa actividade forestal

Neste punto destacamos a número 1982/08 sobre limpeza de montes estremeiros cunha propiedade privada e a número 2123/08 na que o reclamante expón as súas alegacións respecto a un expediente sancionador en materia forestal.

Pesca e Acuicultura

As competencias da Comunidade Autónoma en materia de "pesca en augas interiores" e de "marisqueo e acuicultura" (artigos 148.1.11º da Constitución española e 27.15 do Estatuto de autonomía) están residenciadas na Consellería de Pesca e Asuntos Marítimos.

A lexislación autonómica reguladora da pesca marítima está refundida nas leis seguintes:

Lei 6/1993, do 11 de maio, de pesca en Galicia.

Lei 8/2004, do 30 de xullo, de protección, control, infraccións e sancións en materia marítimo pesqueira.

Entre as queixas relacionadas coa actividade pesqueira tramitáronse varias con distintos contidos. A número 223/08 impulsa unha petición para determinar a porcentaxe correspondente sobre a taxa de venda en lonxa en Carril; a número 581/08 reclama contra a denegación do permiso de explotación de marisqueo a pé; a número 987/08 contén unha reclamación contra os acordos adoptados pola Confraría de Pescadores de Corcubión; a número 2134/08 reclama axudas para a execución dun programa I + D en materia pesqueira e a número 2441/08 denuncia a falta de subvenciones para financiar a veda na pesca de anchoa.

1.6.4 QUEIXAS NON ADMITIDAS A TRÁMITE

Once queixas non foron admitidas a trámite. As causas da non admisión son varias, non actuación administrativa previa, relación xurídico privada, competencia xudicial e outros casos en que da documentación presentada non se apreciaron irregularidades na actuación da administración que xustificasen a apertura de queixa. Tampouco foi admitida a trámite o escrito de queixa n.º 996/08, pola causa establecida no artigo 21 da lei reguladora da institución *"O Valedor do Pobo de Galicia rexeitará as queixas anónimas ...."*.

1.6.5 QUEIXAS REMITIDAS AO DEFENSOR DEL PUEBLO

En este ano non se remitiu ningunha queixa ao Defensor del Pueblo .

1.7 ÁREA DE SERVIZOS SOCIAIS

1.7.1 INTRODUCIÓN

1.7.1.1 O proceso de aplicación da Lei de dependencia

A Lei 39/2006, do 14 de decembro, de promoción da autonomía persoal e atención ás persoas en situación de dependencia (en diante, LD), introduciu importantes novidades no tratamento por parte das administracións das necesidades sociais de persoas dependentes, en especial cando recoñece o dereito subxectivo destas ás prestacións correspondentes. Aínda que este problema pode afectar a calquera persoa, é a poboación de máis idade a que se ve afectada en maior medida.

Todos os valedores do pobo de España sinalamos recentemente, na *Declaración conxunta con motivo do 60 Aniversario da Declaración Universal dos Dereitos Humanos*, que "o crecemento notable das necesidades das persoas maiores non está sendo correspondido por un aumento dos recursos dedicados á súa atención". A aplicación da LD principalmente ás persoas maiores presenta carencias en aspectos básicos, o que demanda das administracións competentes un necesario exercicio de responsabilidade pública.

Resulta evidente a directa relación entre a adecuada atención aos maiores e a cobertura pública das situacións de dependencia. Aínda que non todos os maiores son dependentes e as actuais políticas para abordar a dependencia non se limitan a este sector da poboación, os *problemas da dependencia* adoitan coincidir en gran medida cos problemas de específicos da terceira idade. Póñeno de relevo as cifras; segundo as estatísticas do INSERSO (ao 31 de xullo do 2008), dos 536 342 solicitantes de avaliación e prestación de dependencia, 405 172 tiñan 66 anos ou máis, o que representa o 75,5 % do total, e deles, 256 249 tiñan 81 anos ou máis, case a metade de todos os solicitantes, o 47, 78 %.

Mesmo sendo conscientes das limitacións orzamentarias coas que debe abordarse un número crecente de necesidades colectivas, unha política pública de protección integral da vellez resulta unha esixencia do estado social e democrático de dereito (artigo 1.1 CE) e

do dereito proclamado no artigo 50 da Constitución, onde se prevé a promoción do benestar das persoas da terceira idade mediante un sistema de servizos sociais que atenda os seus problemas específicos de saúde, vivenda, cultura e ocio.

En Galicia, as estatísticas relativas á aplicación da LD son as que mencionamos nos dous cadros seguintes, do *Sistema para a Autonomía e Atención á Dependencia*.

	España	**%**	**Galicia**	**%**
Solicitudes	725 411	100	50 477	6,96
Valoracións realizadas	622 542	85,82	42 419	84,04
Ditames	595 754	82,13	42 419	84,04
Ditames con grao III e nivel 2	204 092	34,26	15 784	37,21
Beneficiarios con dereito a prestación	445 615	74,80	32 430	76,45

Fonte: INSERSO, Ministerio de Educación, Política Social e Deportes

Data: 1 de xaneiro do 2009

PRESTACIÓNS RECOÑECIDAS

	España	%	Galicia	%
Prevención, Dependencia e promoción a. Persoal	259	0,06	98	0,30
Teleasistencia	11 096	2,47	84	0,26
Axuda a domicilio	36 722	8,17	1953	6,02
Centros de Día/Noite	13 932	3,10	421	1,30
Atención residencial	68 036	15,14	3005	9,27
P.E Vinculada Servizo	17 944	3,99	963	2,97
P.E Coidados familiares	129 151	28,74	12 468	38,45
P.E Asistencia persoal	210	0,05	20	0,06
Prestacións sen especificar	172 065	38,29	13 418	41,38

Fonte: IMSERSO, Servizo de Estatísticas da Subdirección Xeral Adxunta de Valoración, Calidade e Avaliación

Data: 1 de xaneiro do 2009

1.7.1.2 O tratamento das queixas por razón de dependencia e a súa valoración

Como vimos, as estatísticas reflicten un importantísimo número de situacións de dependencia que están sendo coñecidas pola administración autonómica e que requiren unha resposta adecuada desta, como tamén das diferentes administracións locais, que no exercicio das súas competencias participan na tramitación dos expedientes e na prestación dalgunhas das medidas asistenciais previstas.

Sen embargo, a través das numerosas queixas que coñecemos evidénciase que a xestión da materia precisa un impulso. Resultan moi abundantes as queixas por diferentes problemas relacionados co tratamento administrativo dado ás situacións de dependencia e apréciase un aumento no ritmo de entrada destas queixas. A través das reclamacións e das correspondentes investigacións constatamos que en non poucos casos a administración demora a resolución dos expedientes, ou a efectividade da prestación ou servizo asignado. O principal motivo de queixa é precisamente ese, a demora nos expedientes ou en dar efectividade ao resolto neles; a pesar do perentorio das situacións que se evidencian nas solicitudes e os amplos prazos da lei, que resultan *prazos máximos ou límite*, nin tan sequera se cumpren en todas as ocasións.

Debemos subliñar que, de acordo coa LD e as normas que a desenvolven, o procedemento ao que se enfronta a persoa dependente se divide en dúas fases: unha para valoralo e outra para atribuírlle o programa individual de atención (PIA) ou prestación. A cada un atribúese un prazo de 6 meses, que ademais no primeiro caso empeza a contar só a partir do ingreso no órgano encargado de resolver, e non desde a solicitude do interesado. Todo iso suma polo menos un ano, aínda que en realidade para o cidadán é algo máis debido ás circunstancias mencionadas. En calquera caso, resulta un prazo *xeneroso* para a administración e que non parece compadecerse coa situación de necesidade que se pon de manifesto á hora de abordar as situacións de dependencia, ou por polo menos de moitas delas.

Loxicamente, o dependente, a súa familia ou o seu coidador valoran a dilixencia da administración non en razón do curso dado a cada unha das fases do procedemento, senón do conxunto, é dicir, desde que presentaron o seu caso ata que se fai efectiva a prestación, para o caso de resultar procedente. Por tanto, para os afectados a administración *tarda moito* se o tempo que vai desde a súa solicitude de valoración ata que lle asigna unha prestación e comeza a prestala resulta excesivo ou desproporcionado. Ademais, moitos deles pensan con razón que, debido as circunstancias obxectivas do seu caso, se debera resolver con urxencia, de forma preferente, e incluso con prestacións provisionais ou cautelares, a expensas do que se resolva definitivamente. En ocasións os cidadáns aprecian outro tipo de demoras pola falta do recurso.

As abundantes queixas por este motivo reflicten un importante grao de desgusto e resultan perfectamente comprensibles. Sen dúbida, o principal remedio sería unha tramitación máis dilixente dos expedientes, sen sequera esperar a que se esgoten os prazos, ou que polo menos non se superen, como observamos nas queixas e investigacións. Pero tamén debería contemplarse un procedemento de urxencia cando resulte xustificado, e prestacións provisionais cando se demore a resolución e resulten precisas.

Un concreto motivo de queixa que se vén dando con relativa frecuencia é o falecemento do dependente antes da última resolución, precisamente por ese longo período de espera para as resolucións. A administración non resolve sobre os correspondentes programas de atención e con iso denega a axuda que podería ter correspondido para compensar os coidadores que desenvolveron a súa tarefa ata o momento do falecemento. Os familiares do afectado, que normalmente desempeñan a tarefa de *coidadores informais*, envían queixas que dan mostra do seu profundo desgusto polo atraso constatado na tramitación do expediente, é dicir, porque a avaliación e/ou o recoñecemento non se fixeron, a pesar do tempo transcorrido, e finalmente o afectado faleceu. Pero sobre todo reclaman porque consideran algo contrario á xustiza elemental que non se compensen os coidados realizados, sobre todo nas situacións nas que se constatou a demora da administración e xa se avaliara o dependente. Consideran que son interesados nos expedientes e por iso se lles debera informar do seu curso e, con iso, das causas obxectivas da demora e das consecuencias xurídicas desta, que deberan ser en contra da administración que resultou responsable desa demora, en caso de existir; entón debera compensarse os coidadores.

Efectivamente, a normativa prevé que as prestacións económicas se paguen, logo de recoñecidas, desde a solicitude do recoñecemento como dependente; en concreto o artigo 27.1 da Orde do 17 de decembro de 2007 sinala que “a efectividade do dereito ás prestacións económicas nacerá a partir do día seguinte ao da data de solicitude do recoñecemento da situación de dependencia da persoa beneficiaria”. Sen embargo, a administración adoita argumentar que se trataría de *aplicacións retroactivas da lei* e que, de acordo co artigo 14.7 do Decreto 176/2007, do 6 de setembro, polo que se regula o procedemento para o recoñecemento da situación de dependencia e o dereito ás prestacións

do sistema para a autonomía e atención á dependencia na CA de Galicia, “a efectividade no acceso aos servizos e/ou prestacións queda condicionada á aprobación do Plan Individual de Atención”, polo que este tipo de reclamacións resultan denegadas pola administración.

Unha solución adecuada podería consistir en resolver os expedientes de PIA mesmo nestas situacións e darlles efectividade polo menos cando se superase o prazo para resolver sobre o PIA.

Tamén son motivo de queixa a falta de medidas prestacionais por insuficiencia de prazas, a falta de información, ou non respectar ou ter en conta as listas de espera ou puntuacións anteriores.

Nos aspectos prestacionais, a insuficiencia do catálogo de servizos trae consigo que non se aplique con rigor a previsión legal que dá carácter excepcional ás prestacións económicas. Efectivamente, o artigo 18 da LD establece a posibilidade de outorgar unha prestación económica para os coidados no medio familiar e apoio aos coidados non profesionais, pero contémplase de forma excepcional para cando o estableza o programa individual de atención. O segundo cadro estatístico que ofrecemos anteriormente pon de relevo que esta circunstancia, é dicir, máis prestacións económicas que asistenciais, se dá en maior medida en Galicia.

Preséntanse supostos nos que se evidencia a insuficiencia das prestacións económicas para proverse dun recurso privado, ou a limitación de determinados recursos, especialmente para a atención residencial, de centros de día ou noite, ou para estancias temporais.

Tamén se coñecen problemas de atención en centros residenciais ou temporais, tanto de titularidade pública como privados. Para promover a dilixencia na atención e sobre todo para poder avaliar estes problemas resulta preciso que a propia administración concrete estándares de calidade dos servizos que ofrece.

1.7.1.3 Algunhas actuacións pendentes

Como xa expresamos, aínda partindo da evidencia de que a situación de crise condiciona as políticas públicas en sentido negativo, e especialmente as de desenvolvemento de prestacións como as que tratamos, debe subliñarse que nos estamos referindo a un dereito constitucionalmente recoñecido, ou polo menos a un principio da política social e económica. A política pública de protección integral das situacións de dependencia resulta unha exixencia do estado social e democrático de dereito (artigo 1.1 CE) e do artigo 50 da Constitución. Parece claro que en Galicia resulta necesario un importante esforzo investidor en gasto social que desemboque nun incremento notable da oferta de servizos de atención e apoio ás persoas maiores e aos dependentes en xeral, con especial fincapé na creación de novas prazas residenciais.

Ademais, bótanse en falta medidas preventivas. A asistencia sanitaria especializada e de calidade é especialmente necesaria para os dependentes, cunha saúde máis precaria; con razón as listas de espera sanitarias se ven con angustia por maiores e dependentes, grupos coincidentes en boa medida. A estrita separación entre os sistemas públicos de atención á saúde e de servizos sociais resulta disfuncional especialmente para eles; sería precisa unha atención integral e coordinada, unha *atención sociosanitaria* asociada ás persoas maiores e á súa situación de dependencia a longo prazo.

Todos os valedores concluímos que a efectividade das medidas previstas na LD se ve condicionada por diferentes factores que afectan negativamente a todos os dependentes, moitos deles persoas maiores, pero tamén as súas familias e medio en xeral. Entre estes factores destacan:

-O elevado número de cidadáns que solicitaron a súa valoración e o programa de atención, pero que aínda non o obtiveron, a pesar da súa difícil situación, en ocasións por incumprimento dos prazos de resolución, ou por non atenderse o carácter urxente da demanda ante a ausencia dun procedemento para estes casos cando resulte xustificado, ou de prestacións provisionais, cando se demore a resolución e resulten precisas.

- A insuficiente ou confusa información ao cidadán e a falta de participación no tratamento da súa situación.

- A insuficiencia de servizos, que leva a que non se cumpra a previsión legal que dá un carácter excepcional ás prestacións económicas.

- A insuficiencia das prestacións económicas para proverse dun recurso privado.

- A existencia de listas de espera para acceder a determinados recursos, especialmente para a atención residencial.

- A falta de centros de noite e as carencias en estancias temporais e centros de día.

- A ausencia de compromisos de calidade nas prestacións que ofrece a administración.

- A falta de medidas de prevención das situacións de dependencia ou de axudas económicas que promovan a autonomía persoal.

1.7.2 QUEIXAS RECIBIDAS E ESTADO DE TRAMITACIÓN

Iniciadas	102	
Admitidas	96	94 %
Non Admitidas	5	5 %
Remitidas ao Defensor del Pueblo	1	1 %

A situación das queixas admitidas a trámite é a seguinte:

Concluídas	51	53 %
En trámite	45	47 %

1.7.2.1 Os atrasos xerais de valoración e recoñecemento do Plan Individual de Atención

Como sinalamos na introdución, a través das queixas constatamos que en non poucos casos a administración se demora na resolución dos expedientes ou na prestación do servizo asignado. Este resulta ser o principal motivo das queixas: os prazos da lei, en realidade *tempos límite*, resultan moi amplos, e ademais en ocasións non se cumpren, segundo recoñece a propia administración nas súas respostas, sen que tampouco se exprese que se adopten medidas para unha resposta máis dilixente. Ademais, nalgúns casos se reclama a atención urxente debido ás circunstancias do dependente e/ou dos coidadores, que non parece darse.

Como exemplo do anterior podemos citar os supostos seguintes. O 3 de xullo do 2007 un cidadán solicitou a axuda por dependencia para súa nai e recibiu a comunicación de recoñecemento da situación o 13 de maio do 2008. O 1 de outubro do 2008 enviou un escrito á Delegación Provincial da Igualdade e Benestar na Coruña debido a que aínda non tiña contestación sobre a axuda que se establecía definitivamente para súa nai, e ante a falta de contestación presentou queixa nesta institución o 16 de decembro, sen que ao peche teñamos a resposta da administración (Q/2491/08). En febreiro do 2008 foise a recoñecer a nai doutro reclamante; ten 101 anos e é totalmente dependente, posto que non se ten en pé nin pode comer soa. Pero a pesar do tempo transcorrido aínda non recibiu a prestación (Q/2440/08). Noutro caso iniciáronse os trámites hai ano e medio para unha persoa de 87 anos e que leva anos encamada, comendo a través dunha sonda e sen apenas poder moverse; sen embargo, aínda non lle recoñeceron a prestación, e cando chama dinlle que *se está tramitando*, segundo sinala. Tamén se queixa de que *deberían aplicar (a prestación) de forma inmediata unha vez valorados*. Ao peche do informe encontrámonos á espera da

resposta (Q/2444/08). Noutro caso recoñeceuse situación de dependencia en xullo do 2008 a prol dunha persoa de 93 anos, pero en novembro aínda non se resolvera a prestación. Vicepresidencia confirmouno, aínda que existe proposta de prestación, en concreto para asignación para coidados no medio familiar, pero pendente de información por intervención; non se concreta cando se resolverá e por tanto cando empezará a cobrar (Q/2258/08). Tamén se coñeceu un caso de atraso no envío de documentación desde a Mancomunidade Terra de Celanova, *por se ter traspapelado* (Q/1838/08). En xaneiro do 2008 recoñeceuse unha situación de dependencia, pero en outubro aínda non se recoñecera a prestación, segundo nos confirmou a administración, aínda que sinalando que xa tiña o ditame para recoñecer unha prestación económica, sen aclarar cando se formalizaría e se faría efectiva (Q/1653/08). Noutro caso a solicitude de valoración se deu o 7 de xuño de 2007, a valoración o 16 de novembro dese ano, e o programa individual de atención (PIA) en decembro de 2008 (Q/2154/08).

Na Q/980/08 coñécese que o expediente se inicia en xuño do 2007, pero confírmase que en xuño do 2008 aínda non se resolvera; na Q/1226/08 a solicitude deuse en maio do 2007, pero en xullo do 2008 non se resolvera, aínda que se indicaba que se observara falta ou perda de documentación; na Q/1335/08 sinálase que a solicitude se deu en novembro do 2007, e a administración confírmanos que en agosto do 2008 aínda non se fixera a valoración da situación de dependencia (primeira fase); na Q/1368/08 a solicitude deuse en xullo do 2007, pero en agosto do 2008 non se dera o PIA; na Q/1442/08 a solicitude dérase en xullo do 2007, pero en agosto do 2008 aínda non se resolvera o PIA (encontrábase *elevado á sinatura do delegado provincial e proximamente se procedería á súa notificación*); na Q/1538/08 a solicitude deuse en maio do 2007, pero en agosto do 2008 a administración recoñece que aínda non se resolveu o PIA, comprométese a notificalo en setembro, e anuncia o primeiro pagamento para outubro; na Q/1545/08 a solicitude é de maio do 2007 e a valoración deuse en xaneiro do 2008, e en agosto aínda non se dera o PIA, aínda que a administración anunciaba que a *proposta se realizará nos próximos días*; na Q/1974/08 a solicitude é de maio do 2007 (en xuño na Delegación) e a valoración dáse en abril do 2008, é dicir, 11 meses despois, tal e como resalta o afectado, confirmando tales extremos a administración, que sinala tamén que o PIA xa se elaborara en outubro e que sería notificado nos próximos días.

1.7.2.2 A falta de resolución final e o falecemento dos dependentes

Noutras ocasións, como sinalamos, o principal motivo de queixa é o falecemento do dependente antes de que a administración resolva a última fase do procedemento, subliñando a circunstancia de que entón non se resolve a prol dos coidadores, aos que podería ter correspondido a compensación que a administración demorou, polo menos en ocasións. Como vimos, a administración sinala que se trataría de aplicacións retroactivas da lei e que de acordo coa normativa aplicable, se non se deu a aprobación do Plan Individual de Atención non nace ningún dereito, polo que este tipo de reclamacións resultan xeralmente denegadas, a pesar de que, como sinalamos, deberan terse en conta circunstancias como as que mencionamos na primeira parte do comentario da presente área.

Así, na Q/2456/08 coñécese que o 3 de xullo do 2007 se solicita a aplicación da LD e o 7 de marzo do 2008 foi recoñecida e valorada a situación con carácter permanente (grao III, nivel 2), solicitando que se concedese a axuda, pero o 25 de outubro do 2008 faleceu sen ter recibido ningunha comunicación. Ao ir a informarse dixéronlle na oficina da Vicepresidencia que se non recibira a comunicación posterior á valoración xa non tiña dereito. Preguntou en canto tempo deberían ter respondido desde a valoración, e, segundo expresa, contestaron que *se fai cando se pode*. Sen embargo, expresa que ao pasar seis meses sen contestar, que é o prazo legal, debería adquirirse o dereito. Pregúntase que garantía ten se a administración non contesta no tempo previsto. Ao peche encontrámonos á espera da resposta á solicitude de informe.

Na queixa Q/1915/08 sábese que se iniciou o expediente o 23 de maio do 2007, o recoñecemento da situación de dependencia deuse en outubro, encontrándose á espera do recoñecemento da prestación e da súa efectividade, cousa que non se deu en ningún momento antes do falecemento da interesada, en abril do 2008. Noutro suposto, o 23 de maio do 2007 un cidadán presentou solicitude para seu pai, totalmente dependente desde 2004, e finalmente se lle outorgou o grao III, nivel 2, polo que pediron a axuda a domicilio, posto que vivía coa súa nai, que pasa dos 80 anos. Ante a ausencia de resposta escrita chamou en diferentes ocasións e, segundo expresa, a resposta era sempre a mesma: había

moitas solicitudes e pouco persoal para atendelas. A comezos de xullo do 2008 acudiu á traballadora social, que recomendou cambiar a solicitude, posto que a asistencia a domicilio non se estaba levando a cabo por falta de persoal suficiente para desempeñar eses traballos. Presentou nova solicitude e chegou a notificación do respiro para o coidador, pero seu pai morre o 27 de novembro. Dixéronlle que despois de falecer seu pai non tiña dereito a nada, nin sequera ao aboamento de atrasos (Q/2550/08). Ao peche encontrámonos á espera do informe da administración.

Outros casos de falecemento previo á resolución os coñecemos nas queixas Q/418/08, Q/870/08 ou Q/2464/08.

1.7.2.3 A falta de efectividade da prestación nalgunhas ocasións ou a substitución por prestación económica

Como vimos, coñécense queixas por falta de efectividade das medidas prestacionais, normalmente por demora no pagamento das prestacións económicas recoñecidas ou por espera en caso de insuficiencia de medios. Así, coñecéronse queixas por demoras de ingreso en residencias. Ademais, normalmente estes atrasos véñense a unir aos xa sufridos nas dúas longas fases de valoración e recoñecemento da prestación.

Como exemplo, na queixa de oficio Q/1549/08 coñecemos que en agosto do 2008 non se dera efectividade dun PIA recoñecido en abril *por dificultades na xestión económica*, aínda que se comprometía para despois do alta hospitalaria do afectado. Noutro caso, en xuño do 2007 solicitouse unha valoración e finalmente resolveuse a prestación o 25 de novembro do 2008 co recoñecemento de praza en centro de atención de alzheimer, aínda que con espera para praza; finalmente confirmouse que en decembro xa estaba atendida (Q/1513/08). Noutra queixa de oficio (Q/1550/08) coñeceuse a situación dunha anciá que solicitou a valoración en maio do 2007 e en agosto do 2008 aínda non era atendida; respondeuse que se atribuíu unha prestación económica á coidadora xa en abril, pero aínda non se cobrara, posto que estaba en intervención económica e se prevía pagar no mes de outubro. Na queixa Q/1629/08 coñeceuse que a valoración se solicitou en maio do 2007, e en maio do ano seguinte recoñécese a prestación (atención nun centro de día

con transporte), pero non se deu efectividade a tal compromiso. En outubro pediuse informe e aínda non se respondeu.

Cando se acredita a falta do recurso asistencial óptimo para o caso que se valora a administración adoita sinalar que se substitúe por unha prestación económica. Así dise, por exemplo, nas queixas Q/765/08 ou Q/980/08. Xa tivemos ocasión de sinalar que a falta de servizos en determinados casos fai que non se aplique o *carácter excepcional* ás prestacións económicas previsto no artigo 18 da LD, que establece a posibilidade de outorgar unha prestación económica para os coidados no medio familiar e apoio aos coidados non profesionais, pero *excepcionalmente*; ou que se teña que aplicar o artigo 17 da LD, que sinala que a prestación económica se dará *unicamente* cando non sexa posible o acceso a un servizo público ou concertado de atención e coidado.

1.7.2.4 Outros motivos de queixas relacionadas coa dependencia

Outros motivos de queixa son a falta de información, ou non ter en conta as listas de espera ou puntuacións anteriores, algunhas das cales inclúen os afectados desde hai tempo. Como exemplo disto último coñecemos a queixa Q/423/08, na que se demandaba información sobre o curso dado a dúas solicitudes de setembro do 2007 de *cheque asistencial* e ingreso en residencia, pero respóndese que os expedientes *están completos*, pero pendentes de resolución *en función das dispoñibilidades orzamentarias*, engadíndose que este *programa se encontra en fase de transición tras a entrada en vigor da LD*, polo que se aconsella que os solicitantes inicien ou esperen á súa valoración no marco desta nova lei. Na Q/2221/08 sinalábase que unha persoa dependente se encontraba ingresada nun centro privado cun custo de 1600 €, e que xa desde o ingreso, no 2006, se iniciaron os trámites para a súa admisión nun centro público debido ao elevado custo, que non podían asumir. Despois solicitaron a valoración de dependencia, pero pensando que se tería en conta a solicitude anterior. Sinalan que non se compatibilizou a lista anterior e o novo sistema de dependencia, e que os que non reciben información se ven prexudicados porque a lista anterior na que se encontraban *sinxelamente non funciona*, polo que non *entenden que non se concilien*. Vicepresidencia contestou que o 18 de decembro se valorou o grao de dependencia e agora coñécese o PIA, aínda que xa existe proposta, en concreto de praza

concertada ou prestación económica para permanecer no centro onde está. Non obstante, non se concreta cando se resolverá. Un caso parecido é o do ingreso dunha irmá hai dous anos nunha residencia de pago, cando comezaron os trámites para recibir axuda económica, xa que lles supuña 1400 €. Vicepresidencia sinala que a solicitude de dependencia é de agosto do 2008 e que ata novembro non se corrixiu un defecto por falta de documentación. Agora encóntrase en espera de ditame sobre o grao de dependencia (Q/2269/08).

Outro motivo de preocupación é a insuficiencia das axudas outorgadas. Por esta causa iniciamos a queixa de oficio Q/465/08. *El Correo Gallego* destacaba que "unha rapaza leva seis anos atada a súa nai, enferma de esclerose. P, de só 28 anos, hai seis anos deixou a prometedora carreira de Dereito que estaba estudando en Santiago para coidar de súa nai, C, de só 55 anos, encamada e inmóbil". Dise tamén que só contan cunha pensión de 780 euros e o alugamento do piso é de 315. Coa LD corresponderalle moi pouco, porque lle restan da pensión e pode quedar sen a axuda a domicilio. Vicepresidencia informou que solicitara o recoñecemento da súa situación de dependencia o 25-5-2007, e o 1-10-2007 recoñecéuselle gran dependencia por homologación da súa minusvalía. O plan de coidados recomendado foi unha libranza para coidados no medio; para 2007 corresponderíalle 168,17 €, despois do desconto do complemento de grande invalidez, e para 2008 de 175,07 €. Sen embargo, aínda non se resolvera; en maio do 2008 o expediente estaba na intervención territorial delegada para a súa fiscalización. Engadíase que se estudaría a compatibilidade de 30 horas de prestación municipal da que é beneficiaria coa nova libranza. A interesada acudiu á institución (Q/1295/08) e finalmente coñecemos por medio de informe de Vicepresidencia que en agosto comezarían os ingresos.

Outro tipo de reclamacións refírense ao ditado da resolución sen atender as alegacións do interesado (Q/180/08). Noutras ocasións versan sobre desacordo coas valoracións realizadas (Q/202/08), ou tamén sobre o recoñecemento da situación, pero acompañado de negativa de prestación por cobro doutras cantidades, como pensións de grande invalidez (Q/186/08).

1.7.2.5 As reclamacións contra os centros asistenciais públicos e privados

Como sinalamos, resulta unha necesidade básica o establecemento de estándares de calidade dos servizos que ofrece a administración. Á marxe do cumprimento xenérico deste obxectivo, a maioría das queixas sobre recursos asistenciais refírense a fallos neles ou trato inadecuado.

A queixa de oficio Q/1998/08 iniciámola como consecuencia das noticias relativas a supostas deficiencias na residencia xeriátrica pública *Volta do Castro*, de Santiago de Compostela, polo que realizamos unha visita ao centro. Ao peche do informe encóntranse pendentes novas comprobacións para realizar unha valoración definitiva. En relación co funcionamento desta residencia recibírase a queixa Q/1477/08, arquivada por ser anónima.

Tamén se recibiron queixas da residencia Meixoeiro, de Vigo (Q/117/08), ou do centro da terceira idade A Perlica, de Vigo (Q/658/08).

1.7.2.6 As reclamacións de axuda por emerxencias sociais

A Q/2401/08 iniciámola de oficio como consecuencia das noticias aparecidas en *La Voz de Galicia* sobre a situación das *persoas sen teito* nas principais cidades de Galicia. Por iso, requirimos información aos concellos da Coruña e Vigo, en concreto sobre as posibilidades de ser acollido nun centro; a rede de centros, recursos e programas, e as previsións ao respecto; se existe coordinación con redes especializadas (adiccións, saúde mental, saúde xeral e servizos sociais); número de persoas atendidas no 2006, 2007 e 2008; ocupación media, prestacións, horarios, gasto medio anual; se existe un perfil profesional nos centros; organizacións e entidades que traballan con persoas sen fogar; e as medidas que se adoptaron ou previstas para o acceso a unha vivenda digna dirixidas á persoas sen teito. A queixa iniciouse a finais do 2008, polo que aínda se encontra en fase de investigación.

Tamén son comúns as queixas relacionadas coa concesión do RISGA ou de axudas para emerxencia sociais. Así, na Q/568/08 coñecemos que o Concello de Ferrol tramitou a

solicitude de RISGA, e que debido á situación na que se encontraba o afectado pretendeu tamén unha axuda específica de emerxencia social, pero informóuselle que non se lle concedería. Ao parecer a axuda era para o mantemento da habitabilidade da súa vivenda, pero, segundo informou o ente local, o interesado non permitiu a visita ao seu domicilio. Na queixa Q/1382/08 coñecemos unha solicitude do RISGA pendente desde hai máis de 2 meses, e tamén dunha axuda de emerxencia social. Sinalábase que vivía cunha bolsa de 6 € diarios e da axuda de *Cáritas*. A través da Vicepresidencia da Igualdade e do Benestar coñecemos que finalmente se concedeu o RISGA, o 24 de xullo, é dicir, 2 meses e 22 días despois da solicitude. Sinálase que se resolveu en prazo (tres meses), pero sen embargo dise que se concede con efectos do 1 de agosto e non se pagará ata setembro. Respecto da axuda de emerxencia, o Concello de Carballo sinala que se preguntou ao interesado se tiña as necesidades vitais (residencia e alimento) cubertas, sendo a súa contestación afirmativa. Finalmente, ante unha petición explícita de axuda alimentaria o concello di que lla proporcionou.

Na Q/661/08 sinalábase que se denegara unha axuda de emerxencia social para necesidades primarias solicitada a través do Concello de Ames. Segundo nos informou a Vicepresidencia da Igualdade e do Benestar denegouse porque a unidade de convivencia independente superaba o límite de ingresos establecido na Lei 9/1991, de medidas básicas para a inserción social.

1.7.2.7 Outras reclamacións en materia de servizos sociais

Tamén resultan comúns as queixas motivadas por demoras nas resolucións para recoñecementos do grao de minusvalidez. Por exemplo, na queixa Q/2416/08 coñécese a reclamación dun interesado que sinala que presentou a súa solicitude en xaneiro e que a fin de ano aínda non a tiña.

A queixa Q/1199/08 coñeceuse de oficio debido a que a persoa que a envía non acredita a súa condición de interesado nin a representación do afectado. Menciónase que este se viu precisado de acudir a unha residencia benéfica. Requirimos información ao

Concello da Coruña, que nos aclarou a situación persoal e asistencial da afectada, polo que procedemos ao arquivo da queixa.

Tamén se recibiron queixas relacionadas coas dificultades para obter as tarxetas de estacionamento para persoas discapacitadas (Q/892/08).

1.7.3 QUEIXAS NON ADMITIDAS A TRÁMITE

Nesta epígrafe recóllense as queixas que non foron admitidas a trámite por non reuniren os requisitos formais establecidos no artigo 18 da Lei do Valedor do Pobo, ou por concorrer calquera das circunstancias enumeradas nos artigos 20 e 21 do mesmo texto legal. As circunstancias que motivan con maior frecuencia a non admisión a trámite son o coñecemento xudicial presente ou pasado da queixa; a non reclamación previa á administración competente; a ausencia de indicios de actuación irregular da administración; e a natureza xurídico-privada do problema. En calquera caso, sempre se comunica a non admisión da queixa e se especifica o motivo concreto desa decisión, informando ao interesado do máis oportuno na defensa dos seus dereitos ou intereses lexítimos, se observamos a existencia dunha actuación alternativa que poida promoverse.

Na maioría das ocasións a non admisión a trámite produciuse pola ausencia de intervención previa da administración competente. Así sucedeu, por exemplo, nas queixas Q/77, 322, 1780 e 1927/08. Por non constar irregularidade na actuación da administración vímonos obrigados a non admitir a queixa Q/788/08.

1.7.4 QUEIXAS REMITIDAS AO DEFENSOR DEL PUEBLO

El Defensor del Pueblo é a única institución habilitada para a supervisión da actuación da Administración Xeral do Estado (artigo 54 CE). Por iso, cando recibimos algunha queixa relativa a esa Administración, remitímola ao Defensor del Pueblo, dando efectividade desta maneira aos principios de colaboración e coordinación establecidos na Lei 36/1985, do 6 de novembro, pola que se regulan as relacións entre a institución do

Defensor del Pueblo e as figuras similares nas distintas comunidades autónomas. Este ano remitimos ao Defensor del Pueblo unha queixa, a Q/907/08, pola denegación de axuda por nacemento dun fillo.

1.8 ÁREA DE TRABALLO E EMIGRACIÓN

1.8.1 INTRODUCIÓN

A presente área comprende distintas materias: a emigración e o traballo e a seguridade social.

Ao longo deste ano 2008 recibimos nesta área 94 queixas. Se facemos referencia ás materias que motivaron as queixas durante este ano, observamos que 45 se referían a traballo, 38 a seguridade social e soamente 11 a emigración. Das 94 queixas recibidas, 41 foron admitidas a trámite e destas concluíronse 21, continuando en trámite 20. Con respecto ás 53 restantes, 34 non foron admitidas a trámite á vista do seu contido, non obstante aos seus autores se lles informou das causas polas que a súa queixa non podía ser obxecto de tramitación por esta institución e 19 remitímolas ao Defensor del Pueblo por afectar a organismos dependentes da Administración Xeral do Estado e así se lle participou ao autor de cada queixa. Tamén foron obxecto de tramitación e conclusión unha queixa do ano 2006 e 23 do ano 2007.

A emigración

A Constitución española, no seu artigo 13, establece que os estranxeiros gozarán en España das liberdades públicas que garante o seu título primeiro, recoñecemento que está condicionado ao que establezan os tratados e a lei.

España tradicionalmente era un país de emigración, co transcurso do tempo despois da súa integración na Unión Europea, na actualidade pode considerarse, fundamentalmente, un país de inmigración. Como consecuencia diso, encóntrase regulado coa denominada Lei de estranxeiría (LO 4/2000, do 11 de xaneiro, sobre dereitos e liberdades dos estranxeiros en España e a súa integración social) o conxunto de dereitos e liberdades que se lle recoñecen aos estranxeiros. Considerándose estranxeiro a todo aquel que careza da nacionalidade española.

No seu artigo 3 establécese que os estranxeiros exercerán os dereitos recoñecidos na Constitución española nos termos establecidos na citada lei e os tratados internacionais,

interpretados de acordo coa Declaración Universal dos Dereitos Humanos e outros tratados vixentes sobre dereitos humanos. Se non existise norma específica, entenderase que os estranxeiros exercen os seus dereitos en condicións de igualdade cos españois. A lei foi reformada pola LO 8/2000, do 2 de decembro, e pola LO 4/2003, do 20 de novembro e modificada pola sentenza n.º 236/2007, do 7 de novembro, do Tribunal Constitucional ao resolver o recurso de inconstitucionalidade interposto polo Parlamento de Navarra. O seu actual regulamento de desenvolvemento foi aprobado polo Real Decreto 2393/2004, do 30 de decembro.

Durante este ano 2008 consideramos conveniente salientar que mediante o Real decreto lei 4/2008, do 19 de setembro, se establece a modalidade de pagamento anticipado e acumulado da prestación por desemprego a prol dos traballadores estranxeiros non comunitarios que retornen voluntariamente aos seus países de orixe. Mediante o Real decreto 1800/2008, do 3 de novembro, procedeuse ao desenvolvemento do devandito real decreto lei. A través da Orde ministerial INT/2058/2008, do 14 de xullo, procedeuse a modificar a OM do 7 de febreiro de 1997, reguladora da tarxeta de estranxeiro, no concernente ao número de identidade estranxeiro, á súa vez a través da Orde ministerial TAS/711/2008 modificouse a OM TAS/3698/2006, do 22 de novembro pola que se regula a inscrición de traballadores estranxeiros non comunitarios nos servizos públicos de emprego e nas axencias de colocación.

Polo que se refire aos nosos emigrantes no exterior, a Xunta de Galicia, a través da Secretaría Xeral de Emigración, promove distintos programas e proxectos de integración destinados a retornados inmigrantes, tanto para retornar a Galicia de forma definitiva, coma para visitala, así como bolsas de estudos, programas de campamentos, subvencións e outro tipo de axudas para a realización de accións de acollida e integración.

Traballo e Seguridade Social

De conformidade co establecido na Constitución española, o Estado ten competencia exclusiva sobre a lexislación laboral, sen prexuízo da súa execución polos órganos das comunidades autónomas (artigo 149.1.7º).

O artigo 29.1 do Estatuto de autonomía dispón que corresponde á Comunidade Autónoma a execución da lexislación do Estado en materia laboral, asumindo as facultades, competencias e servizos que neste ámbito, e a nivel de execución, ten actualmente o Estado respecto ás relacións laborais, sen prexuízo da alta inspección deste.

Así mesmo, o artigo 33.2 do Estatuto, establece que en materia de Seguridade Social corresponderá á Comunidade Autónoma o desenvolvemento lexislativo e a execución da lexislación básica do Estado, salvo as normas que configuran o réxime económico desta.

1.8.2 QUEIXAS RECIBIDAS E O SEU ESTADO DE TRAMITACIÓN

As queixas recibidas nesta área ao longo deste ano 2008 foron 94, cuxo estado de tramitación é o seguinte:

Iniciadas	94	
Admitidas	41	44%
Non Admitidas	34	36%
Remitidas ao Defensor del Pueblo	19	20%

A situación das queixas admitidas a trámite é a seguinte:

Concluídas	21	51%
En trámite	20	49%

Tamén foron obxecto de trámite ao longo deste ano 2008 diversas queixas presentadas en anos anteriores:

Ano de presentación	En trámite ao 31-12-2007	Reabertas	Total	Resoltas	En trámite ao 31-12-2008
2006	0	1	1	1	0
2007	8	15	23	23	0

1.8.3 QUEIXAS ADMITIDAS A TRÁMITE

Durante o ano 2008 foron admitidas a trámite un total de 41 queixas cunha porcentaxe do 44% das presentadas, das que foron concluídas 21, o que supón un 51%. Así mesmo, foron concluídas 1 do ano 2006 e 23 do ano 2007.

Emigración

Neste ano con respecto a esta área hai que dicir que a maioría dos escritos recibidos non facían referencia a cuestións relacionadas con actuacións de órganos administrativos, senón que se concretaban en solicitar información sobre posibles subvencións ou axudas para emigrantes retornados ou acerca de como poder obter a residencia ou a cidadanía española, así como peticións de axuda para localizar familiares galegos ou documentos relativos a estes.

Traballo e Seguridade Social

En moitas das queixas presentadas os seus autores limítanse a solicitar información ou aclaración, polo que a nosa actuación se centra en facilitarlles a información correspondente ou ben o enderezo da oficina á que poden dirixirse. Outras queixas referíanse a cuestións relacionadas con prestacións por desemprego ou a

actuacións do Instituto Nacional da Seguridade Social, que foi necesario remitir ao Defensor del Pueblo por tratarse de organismos da Administración do Estado.

Non obstante o anterior, na queixa 1078/08 o autor desta expúñanos que intentara participar nun curso de programador de aplicacións informáticas e que fora excluído por non reunir a titulación exixida, cando, segundo manifestaba, foran admitidos outros aspirantes que tampouco reunían o requisito de titulación. Segundo nos informou o Servizo Público de Emprego de Galicia o autor da queixa foi admitido finalmente ao devandito curso estimando a súa reclamación.

Con relación a pensións non contributivas recibimos algunhas queixas: nunha delas (queixa 319/08) a súa autora manifestaba que a contía que estaba recibindo era inferior á que lle correspondía, despois de deixar de percibir outra prestación que fixera necesario a redución desta. Con respecto a esta queixa, a Delegación de Vicepresidencia informounos que se lle incrementara a contía ata os 328,44 euros desde xaneiro do 2008 e que os atrasos e a nova contía os percibiría a partir do 1de abril do 2008. O autor da queixa 1941/08 dirixírase a esta institución expoñendo que se lle deixara de aboar a pensión non contributiva de invalidez desde o mes de xullo, segundo se nos informou producírase un erro e procederase á rehabilitación da devandita pensión e ao aboamento desta co correspondentes atrasos.

1.8.4 QUEIXAS NON ADMITIDAS A TRÁMITE

Ao longo deste ano 2008 non foron admitidas a trámite 34 queixas á vista do exposto nelas. Agora ben aos autores de cada unha destas queixas informóuselles das causas polas que non podían ser obxecto de tramitación por esta institución a súa queixa.

A) Non actuación administrativa previa

En 17 queixas informamos aos seus autores que non podiamos admitir as súas reclamacións, pois do seu estudo desprendíase que aínda non se dirixiran á administración afectada ou ben había moi pouco tempo que se dirixiran a ela.

B) Non indicios de irregularidade da Administración

Por esta causa non foron admitidas a trámite un total de 7 queixas, pois do estudo dos correspondentes escritos de queixa comprobamos que a actuación dos organismos administrativos aos que se refería a queixa se adecuaba á normativa vixente.

C) Intervención xudicial

Non puidemos admitir a trámite 5 queixas porque ou estaban pendentes da correspondente resolución xudicial ou xa se producira un pronunciamento por parte dun xuíz ou tribunal.

D) Non competencia do Valedor

En dúas queixas tivemos que participar aos seus autores que non podiamos admitir a trámite a súa queixa por esta causa. Non obstante nunha indicóuselle á súa autora que podía dirixirse ao Defensor del Pueblo para formular a súa consulta.

E) Relación xurídico privada

En tres queixas comprobouse que o asunto denunciado ante esta institución tiña un carácter netamente privado e, en consecuencia, tivemos que absternos de intervir.

1.8.5 QUEIXAS REMITIDAS AO DEFENSOR DEL PUEBLO

Remitíronse 19 queixas ao Defensor del Pueblo porque se referían a actuacións de organismos da Administración Xeral do Estado.

Destas 19 queixas, 12 facían referencia a cuestións relacionadas coas competencias do Instituto Nacional da Seguridade Social, dúas por referirse a materias

relativas ao Instituto Nacional de Emprego, outra porque facía referencia á solicitude e baixa no Instituto Social da Mariña. As catro restantes referíanse dúas á denegación de visado, outra a permiso de residencia e unha máis a denegación de autorización de traballo en España a un estranxeiro.

1.8.6 RESOLUCIÓN DO VALEDOR DO POBO EN MATERIA DE EMIGRACIÓN E TRABALLO

1.- Recordatorio de deberes legais de 5 de maio de 2008, dirixido ao secretario xeral da Consellería de Educación e Ordenación Universitaria, para que se proceda a dar cumprimento ao establecido na Lei 31/1995, de 12 de novembro, de prevención de riscos laborais. (Q/2187/07)

Nesta institución, mediante escrito de queixa, compareceu solicitando a nosa intervención A. L. R., s*ecretario nacional da CIG-Ensino*, en calidade de representante legal da *Confederación Intersindical Galega do Ensino*.

No seu escrito iniciador da queixa esencialmente indicaba que no ano 1995 entrou en vixencia a Lei 31/1995, do 8 de novembro, de prevención de riscos laborais, e que no seu artigo 22.1 establece que *"o empresario garantirá aos traballadores ao seu servizo a vixilancia periódica do seu estado de saúde en función dos riscos inherentes ao traballo"*. Que a Consellería de Educación non contempla a posibilidade dunha revisión médica anual do seu persoal docente, cando nas outras consellerías se está facendo desde hai tempo.

Reunindo esta queixa os requisitos formais establecidos no artigo 18 da Lei 6/1984, do 5 de xuño, do Valedor do Pobo, e tendo en conta que encontra, en principio, cobertura constitucional derivada do artigo 43 da Constitución española, con sometemento á lei e ao dereito e ao principio de eficacia que debe rexer as actuacións das administracións públicas, como establece o artigo 103 do dito texto legal, procedeuse a admitila a trámite. En consecuencia, promoveuse a oportuna investigación sumaria e informal, como establece o artigo 22.1 da dita lei, para o esclarecemento dos supostos en que se basea e para os efectos do devandito precepto legal, reclamándose o oportuno informe, que foi remitido pola Consellería de Educación e Ordenación Universitaria e tivo entrada nesta institución o pasado día 27 de febreiro.

Con data 28 de febreiro púxose de manifesto o devandito informe á entidade reclamante, que o seguinte día 14 de marzo formulou as correspondentes alegacións.

No informe remitido pola Consellería de Educación e Ordenación Universitaria dise que "*en cumprimento do establecido na Lei 31/1995, do 8 de novembro, de prevención de riscos laborais, modificada pola Lei 54/2003, do 12 de decembro, de reforma do marco normativo da prevención de riscos laborais (en diante LPRL), o Decreto 204/1997, do 24 de xullo, crea o Servizo de Prevención de Riscos Laborais para o persoal ao servizo da Administración da Xunta de Galicia.*

Segundo a disposición adicional primeira do mencionado decreto, a Consellería de Educación e Ordenación Universitaria, respecto do persoal e centros docentes dela dependentes, creará e regulará o seu propio servizo de riscos laborais. En cumprimento do mandato reglamentario o citado servizo creouse polo Decreto 454/2003, do 26 de decembro, de estrutura orgánica da Consellería de Educación e Ordenación Universitaria.

As funcións atribuídas ao Servizo de Prevención de Riscos Laborais no vixente Decreto 585/2005, do 29 de decembro, de estrutura orgánica da Consellería de Educación e Ordenación Universitaria respecto do persoal e centros docentes dela dependentes, son as recollidas no artigo 31.3 da LPRL, entre as que se encontra a vixilancia da saúde en relación cos riscos derivados do traballo".

Seguidamente, no informe recoñécese o cumprimento do recoñecemento médico de periodicidade anual con relación ao persoal funcionario e laboral non docente.

En canto ao persoal docente, como este colectivo ten "*garantida a vixilancia da súa saúde mediante o acceso libre e directo a un amplo cadro médico e especialidades que permite o puntual e satisfactorio control de todo tipo de patoloxías... este nivel de cobertura real e material... xustifica que ata a data as administracións autonómicas non tomasen ao seu cargo a contratación de servizos que, presentando un altísimo custo económico, non garantirían nin levarían aparellado melloras reais para o colectivo*".

Pola simple lectura do informe resulta o recoñecemento da Consellería de Educación e Ordenación Universitaria da lexislación de prevención dos riscos laborais,

polo que, de conformidade co establecido no artigo 32 da Lei do Valedor do Pobo, procede formular o seguinte **RECORDATORIO DE DEBERES LEGAIS**:

> **"Que pola Consellería de Educación e Ordenación Universitaria da Xunta de Galicia se proceda a dar cumprimento ao establecido na Lei 31/1995, do 8 de novembro, de prevención de riscos laborais, modificada pola Lei 54/2003, do 12 de decembro, de reforma do marco normativo da prevención de riscos laborais, e o Decreto 204/1997, do 24 de xullo, que crea o Servizo de Prevención de Riscos Laborais para o persoal ao servizo da Administración da Xunta de Galicia, en canto se refire á realización dos recoñecementos médicos anuais a todo o persoal funcionario con labores docentes."**
>
> **Resposta da Secretaría Xeral da Consellería de Educación e Ordenación Universitaria: Aceptado**

1.9 ÁREA DE SANIDADE

1.9.1 INTRODUCIÓN

O dereito á saúde resulta básico, posto que condiciona o acceso ou goce do resto de dereitos. Por iso, a Declaración Universal dos Dereitos Humanos recoñéceo no seu artigo 25 (*toda persoa ten dereito a un nivel de vida adecuado que lle asegure, así como á súa familia, a saúde e o benestar…).* Pola súa parte, a Constitución española recoñece (artigo 43) o dereito dos cidadáns á protección da saúde, responsabilizando os poderes públicos da organización e a tutela da saúde pública a través das medidas preventivas e das prestacións e servizos necesarios.

O Tratado Constitutivo da Comunidade Europea establece (artigo 152) que se garantirá un alto nivel de protección da saúde humana. A acción da comunidade, que se complementará coas políticas nacionais, encamiñarase a mellorar a saúde pública, previr as enfermidades humanas e evitar as fontes de perigo para esta, acción que abranguerá a loita contra as enfermidades máis graves e difundidas, apoiando a investigación da súa etioloxía e a súa prevención, así como a información e educación sanitaria.

Corresponde á Comunidade Autónoma o desenvolvemento lexislativo e a execución da lexislación básica do Estado na materia de sanidade (Estatuto de autonomía de Galicia, artigo 33.1).

O modelo sanitario galego defínese pola recente Lei 8/2008, do 10 de xullo, de saúde de Galicia, que, segundo establece, ten por obxecto a regulación xeral de todas as accións que permitan facer efectivo, no ámbito territorial da Comunidade Autónoma de Galicia, o dereito constitucional á protección da saúde no marco das competencias que lle atribúe o Estatuto de autonomía, mediante a ordenación do sistema de saúde de Galicia, que comprende os sectores sanitarios público e privado, e a regulación do sistema público de saúde de Galicia e dos dereitos e deberes sanitarios da cidadanía galega, así como dos instrumentos que garanten o seu cumprimento (art. 1).

Polo que se refire ás funcións estatutarias do Valedor do Pobo en materia de supervisión da actuación da administración galega, a citada lei inclúe un capítulo, o quinto,

titulado *da defensa e promoción dos dereitos dos usuarios e usuarias do sistema público de saúde de Galicia*, polo que se especializa un dos vicevaledores no tratamento das queixas en materia de sanidade. En concreto sinálase que "as atribucións do Valedor do Pobo con relación á administración sanitaria serán exercidas a través dun dos seus vicevaledores ou vicevaledoras designado ou designada por aquel. A persoa designada terá a consideración de vicevaledor ou vicevaledora do paciente, tendo atribuída a defensa e promoción dos dereitos e intereses dos usuarios e usuarias do sistema público de saúde de Galicia, baixo a supervisión do valedor do pobo" (art. 18).

Segundo o artigo 19, "as actuacións do vicevaledor ou vicevaledora do paciente, como dependente do Valedor do Pobo, terán como ámbito o territorio da Comunidade Autónoma de Galicia. Tendo en conta o peso da emigración na nosa comunidade autónoma, o ámbito de actuación do vicevaledor ou vicevaledora do paciente comprenderá tamén a aqueles centros sanitarios e institucións que teñan unha relación contractual ou de convenio coa Xunta de Galicia, aínda que se encontren fóra da comunidade."

Pola súa parte, o artigo 20 sinala que "no exercicio das súas atribucións o valedor do pobo, directamente ou a través do vicevaledor ou vicevaledora do paciente, poderá iniciar e proseguir de oficio, ou a petición de parte, calquera investigación que conduza ao esclarecemento dos actos e resolucións da administración relacionados cos servizos sanitarios e sociosanitarios. Poderá dirixir suxestións ou reclamacións, nese aspecto, á oficina do Valedor do Pobo, directamente ou a través do vicevaledor ou vicevaledora do paciente, toda persoa natural ou xurídica que invoque un interese lexítimo con relación a situacións de lesión dos dereitos dos pacientes recoñecidos na presente lei. Exclúese do disposto na aliña anterior á autoridade administrativa en asuntos da súa competencia, excepto cando exerza como responsable directo dunha persoa menor de idade ou incapacitada legalmente na súa condición de usuaria".

As facultades do vicevaledor sinálanse no artigo 21 da lei, onde se preceptúa que "o valedor ou valedora do pobo, sexa directamente ou sea a través do vicevaledor ou vicevaledora do paciente, terá acceso directo a calquera centro sanitario ou de carácter

administrativo da comunidade autónoma e, con suxeición á normativa de protección de datos, a calquera dos seus arquivos e rexistros".

Por resolución do valedor do pobo, na actualidade estas funcións desempéñaas o vicevaledor terceiro.

A principal carencia que se observa a través das queixas ou reclamacións en materia de asistencia sanitaria refírese á lentitude na atención. Prodúcense excesivas demoras en calquera nivel ou especialidade asistencial, o que debe evitarse coa achega dos medios precisos.

Como sinalamos no informe correspondente ao 2007, os problemas da atención máis básica preténdense abordar co *Plan de Mellora da Atención Primaria de Galicia 2007-2011*, no que se recoñece a desatención en parte da promoción da saúde e a prevención das enfermidades. Tamén se pretende mellorar a *continuidade asistencial*, a coordinación entre a atención primaria e a especializada, aspecto este que non está ben resolto.

Sen embargo, a inmensa maioría das queixas que teñen a súa entrada na institución relativas á sanidade refírense á asistencia especializada, sobre todo polo atraso na atención, tanto de consulta coma cirúrxica. Esta realidade lévanos a abordar un dos aspectos máis problemáticos do noso sistema sanitario: as listas de espera. Como se expresa no desenvolvemento da área, constátanse un importante número de esperas desproporcionadas.

Ao respecto a nova Lei 8/2008 sinala que aos cidadáns os asiste o dereito a obter unha garantía de demoras máximas, de modo que determinadas prestacións sanitarias financiadas publicamente lles sexan dispensadas nuns prazos previamente definidos e coñecidos (art. 12.2). Por tanto, será necesario que se establezan determinados *estándares de garantía*, pero sobre todo que se respecten de forma eficaz e que, de ser o caso, se melloren.

Tal e como xa fixemos en informes anteriores, tamén este ano debemos subliñar a necesidade dunha clara vontade dos axentes políticos para mellorar a xestión dos centros hospitalarios, co fin de rebaixar as listas de espera, tanto de primeira consulta coma cirúrxicas.

1.9.2 QUEIXAS RECIBIDAS E ESTADO DE TRAMITACIÓN

O número de queixas correspondentes ao ano 2008 distribúese do seguinte modo:

ANO 2008		
Iniciadas	219	
Admitidas	171	78 %
Non admitidas	48	22 %
Remitidas ao *Defensor del Pueblo*	0	

Das queixas que foron admitidas, ao finalizar o ano, o seu estado é o seguinte:

ANO 2008		
En trámite	51	30 %
Concluídas	120	70 %

No relativo á situación das queixas presentadas en anos anteriores ao da presente memoria, cuxo trámite estivo activo durante o ano 2008, o cadro é o seguinte:

Ano de presentación	En trámite ao 31-12-2007	Reabertas	Total	Resoltas	En trámite ao 31-12-2008
2007	54	2	56	56	0
Total	54	2	56	56	0

1.9.3 QUEIXAS ADMITIDAS A TRÁMITE

Neste punto faremos mención, que en total foron admitidas 120 queixas, das cales un grupo se arquivou por diversos motivos, sendo o máis frecuente a inactividade do interesado, despois de realizar a correspondente denuncia, á solicitude por parte desta institución de documentación, datos persoais, centro sanitario, e incluso traslado do informe remitido pola administración sanitaria correspondente para realizar as oportunas alegacións sobre o indicado nel. Das restantes podemos clasifícalas da seguinte maneira:

Queixas relacionadas coas listas de espera

Do total das recibidas, houbo un elevado número delas, 46, relativas a problemas coas listas de espera, tanto pola problemática do atraso en consultas de primeira asistencia, é dicir, a inicial, como as sucesivas ou as de actividades de tipo hospitalario cirúrxico. O número máis importante delas, procedían de queixas contra o Complexo Hospitalario Universitario de Santiago de Compostela (CHUS). Os restantes centros como o CHUVI de Vigo, o CHUAC da Coruña, o CHOU de Ourense, o Montecelo de Pontevedra, estiveron máis equiparados en canto ás denuncias polas listas de espera repartíndose as restantes nos servizos de atención primaria.

No conxunto das queixas rexistradas temos que facer constar que, na súa maioría, os problemas se solucionaron, adiantándose a consulta ou intervención que estaba sinalada ou sinalando a que non tiña data. Faremos, a continuación, unha pequena cita das presentadas, sen querer facer un exhaustivo relato.

Na **queixa 112/2008** o interesado denunciaba que estaba operado dun cancro de ril desde novembro do 2007, e que a primeira revisión, que é moi importante, segundo indicaba, lla deron para xuño do 2009, é dicir máis dun ano despois da operación; que o médico indicaba que tiña que ser revisado dentro dos seis meses e por iso presentou escritos de reclamacións pero que non obtivo contestación. Solicitado o informe ao órgano correspondente e recibido este, indícase nel que a cita do interesado no Servizo de

Uroloxía foi reprogramada para o 2 de maio do 2008. Polo que ao quedar o problema solucionado se arquivou a queixa.

Na **queixa 243/2008**, a denunciante indicaba que tiña unha cita co traumatólogo, xa que levaba ano e medio en lista de espera para operarse de menisco de xeonllo, e que ademais o médico lle indicara que podía ter o menisco roto, e que tamén lle aconsellara que non saíse de casa sen muletas pois empeoraría; ante esta situación déronlle un volante cando pediu a cita en decembro do 2007, para o 21-4-2008. Denunciaba a situación xa que non podía valerse por si mesma e tiña dolores moi fortes e constantes. Solicitado o preceptivo informe e recibido nesta institución, nel indicábase que a interesada foi excluída da lista de espera cirúrxica o día 7 de marzo deste ano 2008, por orde do facultativo que levaba o seu seguimento clínico, ata unha nova valoración da enfermidade da paciente que lle indique a necesidade de intervención. Que a demora media nas consultas de enfermidades ordinarias é de 60,22 días, e nas preferentes de 45,53 días. Como a interesada tiña cita no servizo de traumatoloxía o 21 de abril do citado ano, arquivouse a queixa, sen prexuízo de reabrila ante un novo escrito da paciente.

Da queixa **1294/2008** recibida a instancias dunha paciente na que nos comunicaba que fora operada de cancro de mama había 15 anos con linfedema de brazo esquerdo secundario e tratada en dúas ocasións no Servizo de Rehabilitación de Oza na Coruña. Que actualmente ten plexopatía secundaria polo que acode ao Servizo de Rehabilitación do CHUS prescribindo tratamento do linfedema. Que non consegue saber onde lle poden dar o tratamento polo que acudiu ao Servizo de Atención ao Paciente en marzo do 2007, e que non recibiu ata o momento ningunha contestación ao seu problema. Solicitado o preceptivo informe do centro hospitalario no que se faga constar os motivos polos que non se realiza coa interesada o tratamento solicitado por esta, recíbese contestación e no informe indícase que a prescrición de tratamento de drenaxe de linfedema é competencia dos facultativos especialistas do servizo de rehabilitación. Que o CHUS vai poñer en marcha un equipo para o tratamento desta patoloxía, para o que están pendentes de dotar o servizo de infraestruturas, obras de acondicionamento e persoal necesario. Prevíase o seu funcionamento para o mes de setembro. Solicitado un complemento ao devandito informe, indicouse por parte do CHUS que con data 1 de decembro do 2008 comezaba a actividade

na Unidade de Linfedema, e que as pacientes serían programadas polo correspondente Servizo de Rehabilitación. Por iso a queixa foi arquivada.

Outra denuncia sobre o problema do tratamento de linfedema é o da **queixa 1898/2008**, nela a interesada indicaba que fora operada dun cancro en mama dereita, polo que estaba afectada por un linfedema secundario e mastectomía que afectaba o seu brazo dereito, todo iso como consecuencia, como se indicaba ao principio da súa queixa, da operación de carcinoma ductal infiltrante de mama dereita que lle realizaron no ano 2003. Que estimaba que a súa situación como afectada de linfedema se estaba agravando debido a que non estaba sendo debidamente atendida polos servizos públicos sanitarios de rehabilitación, e que necesariamente tivera que acudir á sanidade privada. Solicitado á administración o correspondente informe preceptivo e recibido nesta institución, nel indicábase que a interesada recibira no mes de xaneiro do ano 2008 valoración do proceso da enfermidade que sofre e que se lle comunicara por escrito. Ante a demanda de nova información indicáraselle novamente á esta que estaba recibindo a asistencia adecuada ás posibilidades asistenciais e ás súas necesidades obxectivas. Que a interesada ten consulta para o seguimento do seu proceso o 31 de outubro do actual. Notificado á queixosa o informe remitido polo xerente do Complexo Hospitalario da Universidade de Vigo, por parte desta presentouse novo escrito no que indica que efectivamente ten seguimento da súa enfermidade crónica no Hospital de Meixoeiro, pero que ela o que demanda é o tratamento adecuado para o seu linfedema, xa que por moito que se diga no informe ela padece un problema crónico que necesita de drenaxe linfática para evitar que aumente o volume do seu brazo, cousa que o Sergas parece non entender. E que ela desde hai anos está pagando un tratamento nun centro externo ao Sergas, e que o profesional que a atende manifesta que non é posible que o seu edema poida seguir sen tratamento, o cal, recalca, non recibe do Sergas desde xullo do 2007. Que supón que estará nunha lista interminable para poder ter ese tratamento correcto para a súa enfermidade. A queixa permanece aberta.

Poderíanse seguir relatando queixas similares ás descritas ata completar a totalidade, pero, en realidade, non se obterían datos novos que nos permitiran obter conclusións distintas.

Queixas relacionadas con servizos médicos

O número das queixas, 22, desta aliña é o máis numeroso despois do correspondente ás listas de espera. Os expedientes tramitáronse por reclamacións contra distintos servizos dos hospitais da rede galega. Como exemplo sirvan os seguintes.

Na **queixa 65/2008** un particular denunciaba que acudira a Urxencias do Hospital Xeral de Vigo, con problemas de vómitos, febre e dolor de estómago e de abdome. Que transcorreu unha hora cando se presentou unha doutora, á que comentou os seus síntomas e o que lle sucedía, despois de oílo, remitiuno de novo á sala de espera indicándolle que tiña que esperar xa que había 14 pacientes diante máis os que chegaran e que foran tratados como preferentes. Na sala encontrouse con pacientes que levaban máis de 6 horas de espera. Que solicitaba máis medios materiais, máis persoal sanitario, xa que é vergonzoso encontrar e ver a todas aquelas persoas con dolores e que non podían ser atendidas nun prazo inferior a 6 horas. Interesado o preceptivo informe ao centro correspondente, este emitiu o informe no que se indicaba que o Servizo de Garda de Urxencias foi atendido por 3 facultativos fixos e 2 MIR. Que o día que indica o denunciante foron atendidas 463 persoas, das que 233 eran persoas adultas. Que a atención aos pacientes non se fai pola orde de chegada ao servizo, senón polo cadro clínico que presentan e a súa prioridade na asistencia e a existencia de compromiso vital para o enfermo. Á vista do indicado procedemos ao arquivo da queixa.

Na **queixa 697/2008** unha enferma indicaba que é unha señora de 77 anos que ten unha cardiopatía moi grave, e que se encontraba nunha situación desesperada para ela, pois quedaba sen forzas nas pernas. Que os médicos de Urxencias, a onde acode con frecuencia, lle din que está moi grave e danlle a alta e remítena de novo á súa casa. Á parte acudira ao médico especialista de cardioloxía e despois da visita déronlle revisión con cita para dentro de dous anos. Que solicitaba que a ingresaran e que lle realizaran as probas pertinentes xa que non poden demoralo ou non atendela por alegar que non poden facer nada por ela. Que solicitado o informe, este foi remitido no sentido de indicar que a demora media nas consultas de enfermidades ordinarias é de 60,22 días, e nas consultas preferentes de 45,53. Que a interesada acudiu á cita co seu médico e que lle deron de novo cita para o día 28 de

outubro do 2009, pero tras a reorganización do servizo de cardioloxía a cita final para a consulta neste servizo é a do 7 de abril do 2009. A queixa quedou arquivada.

Podemos referir tamén a **queixa 1327/2007** na que unha paciente dirixía a súa denuncia contra o Complexo Hospitalario de Ourense, polo mal funcionamento do servizo de atención precoz infantil, provocando por ese motivo, unha lenta rehabilitación dos nenos como a súa filla que ten parálise cerebral infantil con tetraparese espásdica. Que denunciaba tamén que a asociación de parálise da cidade de Ourense (Aspace), non funcionaba como debía xa que non contaba nin cun local apropiado para desenvolver as actividades para cos nenos. A citada queixa contestouse no sentido de manifestarlle á interesada, que a Confederación Española de Federacións e Asociacións de Atención ás Persoas con Parálise e Afíns (Confederación ASPACE) é unha organización sen ánimo de lucro, entidade privada, polo que de conformidade ao establecido no artigo 1 da Lei do Valedor do Pobo, esta institución non pode intervir na forma de funcionamento das entidades privadas. Respecto da forma de constituír unha asociación para axudar nenos como o caso indicado na queixa, remitimos lle a información. E por último sobre a denuncia formulada polo funcionamento do servizo do CHUO, considérase que é moi xenérica, o que non permite un estudo sobre ela. Por iso procedeuse ao arquivo sen prexuízo de reabrila se a interesada remitía novos datos máis concretos.

A **queixa 1378/2008** foi iniciada ante a denuncia recibida nesta institución por parte da interesada, na que relataba que solicitara cita para o Servizo de Dermatoloxía, e que lle foi asignada a dita cita para xaneiro do 2008. Acudindo ao centro o día indicado na cita, foi informada polo persoal que a súa cita estaba cancelada por que o persoal médico estaba de folga, cando solicita unha nova cita comunícanlle que a folga era indefinida e que de momento non lle podían dar cita. Solicitado o libro de reclamacións onde amosa o seu malestar polo mal funcionamento, recibiu contestación a esta o 24 de abril do 2008. Na citada contestación indicábaselle que Dermatoloxía é un servizo xerarquizado, polo que non se pode asignar un médico concreto; pedíanlle desculpas e indicábanlle que non se pode avisar os pacientes xa que o persoal pode exercitar o seu dereito á folga ata o mesmo momento de a iniciar. Reclamado á administración correspondente o preceptivo informe, este é remitido no sentido de indicar que a interesada ten sinalada a consulta da

especialidade de dermatoloxía para o próximo 30 de xullo do actual. Por iso acordouse o arquivo da presente queixa.

Por parte desta institución iniciouse de oficio a presente queixa co número **1694/2007**, polas informacións aparecidas nos medios de comunicación da comunidade, sobre a situación na que se encontraba o Centro Psiquiátrico San Rafael de Castro de Ribeiras de Lea, no oficio dirixido ao director do citado centro solicitábase información sobre a administración de quen depende o citado centro; o número de prazas de que dispón para a súa utilización, o número de persoas que se encontran ingresadas nel, indicando se existían módulos diferenciados de homes e mulleres, e que podían relatar sobre os feitos descritos na prensa. Por parte das administracións competentes púxose en coñecemento desta institución que o Centro Psiquiátrico San Rafael depende da Excma. Deputación Provincial de Lugo; que o número de camas de que dispón é de 196, e que ao día de inicio da queixa de oficio estaban ingresadas 183 persoas; que efectivamente existen dous módulos diferenciados, pero que comparten elementos comúns, como a cafetería e os talleres ocupacionais. Que respecto aos feitos denunciados na prensa sobre o estado das instalacións, hai que dicir que o centro non está conectado á rede de auga municipal, e que existen dependencias totalmente deterioradas, non podendo corrixir en nada o descrito polos medios de comunicación. A situación xeral do centro é mala, as últimas reformas datan de hai máis de 20 anos, e os traballos que se realizan son de mantemento das instalacións na medida do posible dado o seu estado. Non existe ningún proxecto de rehabilitación, pois será en breve transferido ao Sergas. Previse a conexión á auga sanitaria municipal, así como outras reformas nas zonas máis deterioradas para poder mellorar a súa habitabilidade. Solicitada novamente información á Deputación de Lugo, esta remitiu a información complementaria no sentido de indicar que o hospital xa contaba coa conexión á rede de condución de auga sanitaria municipal. Que se contratara unha empresa para realizar control da lexionela, consonte a lexislación vixente. Que os módulos máis deteriorados son os que ocupan os internos masculinos. Nos orzamentos do 2008 hai unha partida para a súa reparación. Coa conexión á auga, o sistema de calefacción e as duchas funcionan correctamente. E que xa están constituídas as comisións técnicas entre a Consellería de Sanidade e a Deputación de Lugo para o traspaso do hospital ao Sergas. Tamén consta que a Consellería de Sanidade ten intención de levar cabo a transferencia

antes do 31 de decembro do ano en curso. De todo o actuado e ante a situación en que se encontra o centro de transferencia en trámite por parte das administracións correspondentes, acordouse o arquivo da presente queixa.

De oficio por parte desta institución abriuse a queixa á que se deu o número **1790/2008**, a causa de iniciarse de oficio a presente, foi debido ás informacións aparecidas en distintos medios de comunicación da comunidade, nas que se denunciaba a situación en que se encontraba o Servizo de Urxencias de Xinecoloxía do Complexo Hospitalario de Ourense, pola falta de facultativos que se encontraban de baixa por enfermidade. Solicitado á administración o informe, este foi remitido no sentido de dar a esta institución amplas informacións ás cuestións formuladas. Poñendo de relevo que o número de facultativos adscritos ao Servizo de Obstetricia e Xinecoloxía, encargado das urxencias as 24 horas do día, era de 20 o 19 de setembro, aos que había que engadir 4 MIR. Que por distintas razóns (idade, saúde laboral, ou sentenza xudicial favorable), 10 facultativos están exentos de realizar gardas e a súa xornada laboral é só de mañá, polo que só outros 10 facultativos facían gardas para cubrir a totalidade do mes. A situación estaba mellor no mes de xuño xa que había 4 facultativos máis, pero que por distintas razóns abandonaron o servizo. A situación creada polas baixas non foi posible solucionalo ante a falta de xinecólogos dispoñibles no Estado, nin tan sequera para substitucións indefinidas nin substitucións puntuais. Conseguiuse contratar para este mes de outubro 2 facultativos estranxeiros e 1 xinecóloga galega para as gardas. Trátase en consecuencia de dificultades sobrevidas no servizo, que non afectan ao nivel de asistencia nas urxencias, que mantiveron sempre a súa dotación habitual. A queixa ante a resposta da administración quedou arquivada.

Queixas relacionadas coa historia clínica

A problemática tratada neste punto está regulada na Lei 3/2001, do 28 de maio, reguladora do consentimento informado e da historia clínica do paciente, do Parlamento de Galicia, que no artigo 19 establece o acceso á dita historia. Houbo seis queixas relacionadas con esta materia.

Na reclamación **1909/2008**, o denunciante indicaba que a súa esposa falecera en xuño do 2008, e que na data do óbito estaba ingresada no Hospital Provincial de Conxo, pertencente ao CHUS, afectada dunha penosa enfermidade que a tivo en constantes ingresos e intervencións, intervencións das que non se deron comunicación aos familiares. Tras o falecemento a familia solicitou do centro a copia completa do seu historial clínico, petición que se fixo por dúas veces e coa intención de esclarecer as posibles responsabilidades, xa que por parte da familia existían sospeitas dunha serie de neglixencias encadeadas que levaron a tan tráxico desenlace. Que ao día da presentación da queixa non lles foi entregado o historial clínico. Solicitado o preceptivo informe, este foi remitido pola administración correspondente e nel indícase que o motivo do atraso na entrega interesada foi debida a distintas incidencias que se sucederon no Arquivo das Historias Clínicas do CHUS, e que na actualidade se contrataron dúas persoas para axilizar a entrega das copias aos pacientes, polo que en breve lle será entregada a documentación requirida. A queixa á vista do indicado foi arquivada.

Similar problemática encontrámola na **queixa 1122/2007,** na que un particular comunicaba a esta institución que solicitara unha copia do informe de asistencia do seu fillo ao Xeral Cíes, indicando que era o pai, e que estaba separado polo que non tiña acceso a ningún informe porque a súa nai llo negaba. Que a funcionaria do centro lle pedía datos como o libro de familia, a sinatura da nai, etc., e que lle comunicaba que se cubría a solicitude sen os datos, se lle denegaría o informe. Ante o indicado polo interesado, comunicóuselle que de conformidade ao establecido no artigo 19.1 da Lei 3/2001, do 28 de maio, do consentimento informado e da historia clínica dos pacientes, na redacción que lle deu a Lei 3/2005, do 7 de marzo, o dereito de acceso á historia clínica poderase exercer por representación debidamente acreditada. O proxenitor comunicou que na sentenza de separación, a patria potestade estaba compartida polos proxenitores, polo que se lle continuou indicando que ao solicitar un informe que forma parte dunha historia clínica, ten que acreditar ante os correspondentes servizos a súa representación do paciente, por medio dos documentos que acrediten tal representación. A queixa quedou arquivada.

Outra queixa foi a rexistrada co **número 1488/2008,** nela unha nai denunciaba que cando levou a súa filla a pasar revisión pediátrica no centro de Saúde de Noia, lle

indicaron que non aparecía a historia clínica da menor. Situación que, indicaba a nai, persiste na actualidade pois a historia da súa filla non aparece. Solicitado o preceptivo informe ao centro e remitido este, comunícase que a historia clínica da menor estaba no arquivo de historias clínicas do centro de saúde fóra da orde de clasificación do citado arquivo, o que fixo que no seu momento non aparecese. Que o volume de historias clínicas no centro é de 460 polo que algunha vez pode alterarse a orde, situación que é excepcional pero que pode suceder. A interesada enviara a reclamación ao centro e comunicáraselle que a historia da menor estaba no seu lugar correspondente. A queixa quedou arquivada.

Queixas sobre outras materias

Como exemplo de queixas de asuntos varios, tamén sen ánimo de ser exhaustivo, podemos sinalar as seguintes:

A queixa presentada e á que lle correspondeu o número **772/2008** denunciaba que se presentara un expediente administrativo de responsabilidade patrimonial no ano 2007 e que a data de presentación da denuncia non estaba concluído. Solicitado á administración correspondente o informe preceptivo, este tivo entrada nesta institución e nel comunicábase que o citado expediente se encontraba no Consello Consultivo de Galicia para proceder a emitir o correspondente ditame, pero que como o Consello dispón dun mes para emitir o informe supúñase a súa devolución á Consellería de Sanidade nun período breve. E que recibido este a consellería ditaría a resolución correspondente sobre o expediente de responsabilidade en breve prazo. Á vista do indicado a queixa quedou arquivada.

Outra queixa que podemos relatar é á que correspondeu o número **1643/2008,** nela indicábase por un denunciante que un familiar que tiña unha discapacidade do 75% recoñecida, facía o control do Sintron cun servizo gratuíto de ambulancias do Sergas, coa autorización do médico de cabeceira. Pero había algo máis dun mes o citado médico negouse a autorizar o volante para a ambulancia aducindo que había outras persoas enfermas en peor situación. Que solicitaron que lle realizasen o servizo no seu domicilio e tampouco o conseguiron. Que presentaron unha reclamación no Centro de Saúde de

Perillo, que acudiron a outros organismos sanitarios e que non obtiveron solución ao seu problema, polo que o enfermo acode a facer o control de Sintron en taxi, pois en autobús non pode realizalo. Consideran a situación inxusta. Solicitado o informe á administración e recibido nesta institución, nel indicábase que o transporte sanitario en Galicia se regula polo Decreto 42/1998, do 15 de xaneiro, e que no seu artigo 12 se establece que non se consideran prestacións sanitarias obrigatorias distintos traslados, como os regulados no artigo 1 que na súa aliña a) cita o traslado por asistencia continuada e o traslado de pacientes desde o seu domicilio a un centro asistencias ou á inversa, por motivos diagnósticos ou terapéuticos. Malia que é certo que na aliña 2 regula que os gastos ocasionados polos traslados poderán ser asumidos polo Sergas, sempre que concorran circunstancias que o aconsellen ou exista crédito dispoñible. No informe establécese que o enfermo non presenta imposibilidade física ou outras causas médicas que lle impidan ou o incapaciten para a utilización do transporte ordinario. De informes escritos do Servizo de Cirurxía Cardíaca recoméndaselle vida activa como paseos todos os días dunha hora polo menos. En consecuencia e á vista das disposicións que sobre a materia existen non parece que se producise unha actuación administrativa irregular. Recomendouse ao denunciante dirixirse ao Servizo de Asistencia Social do Concello de Oleiros para comprobar se a través dos servizos sociais do citado órgano local hai algunha axuda para a súa situación. A continuación procedeuse ao arquivo da queixa.

Varias queixas foron presentadas no ano e referidas a denuncias polo cambio do médico de cabeceira. Delas podemos citar a dun paciente que manifestaba que desde o día 1 de setembro lle cambiaran o médico de cabeceira que tiña asignado. Que a decisión foi tomada sen previo aviso e sen a súa conformidade. Que así o obrigan a ser atendido por un médico no que non confía nin desexa contarlle a súa vida, co que se perde a relación médico enfermo básico para a súa atención. Solicitado o preceptivo informe ao Sergas e remitido este, indícase nel que recentemente se creou no Centro de Saúde do Ventorrillo unha nova praza de médico, polo que se procedeu á reordenación das cotas médicas dos restantes facultativos do servizo por ter un número elevado de pacientes, extraendo das súas cotas médicas de maneira proporcionada un número determinado de titulares de tarxetas sanitarias co fin de adscribilos á nova cota. O obxectivo radica en conseguir un número de pacientes por médico adecuado, tal como se recoñece no Plan de Mellora de

Atención Primaria de Galicia 2007/2011. A efectividade da reordenación foi de data 1 de setembro do 2008, e que con esa data é cando se xeran as cartas informativas de cambio de médico. Ante estas situacións o afectado pola reordenación pode, se non está de acordo con esta, solicitar á Dirección Asistencial da Xerencia de Atención Primaria volver á cota do médico que tiña con anterioridade. O que así fixo o recorrente no presente caso e que lle foi concedido con efectividade do 1 de novembro. A queixa quedou arquivada. Queixa 1810/2008 e no mesmo sentido a queixa 2151/2008.

Dentro desta epígrafe tamén nos podemos referir á queixa 815/2007, na que a interesada manifestaba que no ano 2006 presentara unha solicitude de reintegro de gastos pola adquisición de material ortoprotésico por importe de 54 euros, e que ata a data non lle fora resolta. Solicitado o preceptivo informe e remitido este a esta institución, nel indicábase que o expediente para resolver a solicitude de reintegro de gastos por parte da reclamante, que foi presentado o 25 de abril do 2006, de material ortoprotésico por importe de 54 euros foi tramitado e recibido o correspondente informe pola Inspección Médica de Monforte de Lemos en sentido desfavorable, o director provincial ditou resolución denegatoria con data 20 de xullo do 2006. A notificación remitiuse á interesada, con aviso de recepción. A non se recibir a devolución da notificación, entendeuse xa que logo que estaba entregada. Esta institución e de conformidade ao disposto no artigo 58 da Lei 30/1992, do 26 de novembro, do réxime xurídico das administracións públicas e do procedemento administrativo común, procedeu a formular o seguinte recordatorio de deberes legais:

"Que pola Dirección Provincial do Servizo Galego de Saúde en Lugo se proceda a efectuar a notificación na forma establecida no artigo 59.1 da Lei 30/1992, do 26 de novembro, do réxime xurídico das administracións públicas e do procedemento administrativo común, da resolución do 20 de xullo do 2006, pola que se lle denega a solicitude de reintegro de gastos ortoprotésicos."

E como última queixa dentro desta epígrafe podemos referir a queixa **1441/2008,** nela unha cidadá denunciaba o estado no que se encontra o Centro Galego de Bos Aires (Arxentina). Nel denunciaba a falta de medios materiais, como mesas para que os internos

poidan comer, a falta de vasos, panos da mesa, etc., a deterioración do mobiliario, a escaseza, en resumo, de todo tipo de medios persoais. Solicitado o informe á Consellería de Sanidade, este foi remitido pola administración no que se participa que nos últimos 30 anos a Mutual do Centro Galego de Bos Aires comezou a sufrir a perda constante de asociados debido a que se instaurou na Arxentina por lei a obrigación de que os traballadores en situación de dependencia debían anotarse nas obras sociais do sistema arxentino. A situación agrávase co feito de que a maioría dos socios cos que conta hoxe, son persoas maiores de idade que requiren moitos servizos médicos e que pagan unha cota simbólica que fai inviable a continuidade do hospital. Ante esta situación e para evitar o peche do hospital que deixaría moitos galegos emigrados en situación de desamparo, a Xunta está intentando levar adiante un plan de viabilidade para reflotar o hospital. Por iso púxose en marcha en colaboración co goberno arxentino, a Obra Social España, que é un feito inédito no campo sanitario arxentino, xa que é a primeira vez que o citado goberno autorizou a constitución dunha obra social adscrita a un hospital dunha colectividade estranxeira. Con iso preténdese asegurar a continuidade operativa do hospital, incrementando o número de socios. Que desde que se iniciou o proceso o aumento de camas xa é posible, pois pasouse de 175 a 341, agregándose servizos de terapia pediátrica, de cirurxía, coidados coronarios, etc. O proceso non está terminado e está executado un 60%, pendente aínda de se realizaren obras xa aprobadas e que mellorarán os equipamentos, as instalacións e a remodelación das habitacións. Que o prazo de execución, cun investimento que supera os 4 millóns de euros en obras e tecnoloxía ten como prazo de execución finais do 2009. Por todo iso considérase inoportuno o escrito presentado e que tamén se colgou na web e na páxina *You Tube*, xa que solo consegue desprestixiar un centro que está facendo un esforzo por saír da crise. Por todo o posto de manifesto pola administración a queixa quedou arquivada.

1.9.4 QUEIXAS NON ADMITIDAS A TRÁMITE

Como se sinalou anteriormente, das queixas que foron rexistradas nesta anualidade foron declaradas non admitidas a trámite por diversos motivos un total de 48, e fórono polas seguintes causas:

1.- Por non apreciar unha actividade administrativa irregular. Son un total de 7.

2.- Por non existir actividade administrativa previa. É o grupo máis numeroso, suman un total de 26 reclamacións.

3.- Por non ser competencia do Valedor do Pobo, non se admitiron 2 reclamacións.

4.- Por tratarse dunha relación xurídica privada, 1 queixa.

5.- Por falta de interese lexítimo na cuestión formulada, arquiváronse 3 queixas.

6.- Por tratarse de competencia xudicial, 9 queixas.

1.9.5 QUEIXAS REMITIDAS AO DEFENSOR DEL PUEBLO

Do total das queixas ingresadas na área de sanidade ningunha foi remitida ao Defensor del Pueblo.

1.9.6 RESOLUCIÓNS DO VALEDOR DO POBO EN MATERIA DE SANIDADE

1.- Recordatorio de deberes legais de 26 de xuño de 2008, dirixido ao director provincial do Servizo Galego de Saúde de Lugo, sobre a necesidade de notificar en forma unha resolución (Q/815/07)

Nesta institución, mediante escrito de queixa, compareceu solicitando a nosa intervención S. C. L., con enderezo na rúa P. S., Monforte de Lemos.

No seu escrito esencialmente nos indicaba que o 24 de abril de 2006 presentou unha solicitude de reintegro de gastos pola adquisición de material ortoprotésico por importe de 54 euros que, ata o día de hoxe, non lle foi resolta.

Como a queixa reunía os requisitos formais establecidos no artigo 18 da Lei 6/1984, do 5 de xuño, do Valedor do Pobo, e tendo en conta que encontra, en principio, cobertura constitucional derivada do artigo 43 da Constitución española, con sometemento á lei e ao dereito e ao principio de eficacia que debe rexer as actuacións das administracións públicas, como establece o artigo 103 do dito texto legal, procedeuse a admitila a trámite e promoveuse a oportuna investigación sumaria e informal, como establece o artigo 22.1 da devandita lei, para o esclarecemento dos supostos en que se basea e para os efectos do devandito precepto legal.

Con tal fin, solicitouse no seu día desa administración o correspondente informe sobre se eran certos os feitos descritos.

No informe recibido por parte desa dirección provincial, participase que o expediente de resolución da solicitude de reintegro de gastos por parte da reclamante -presentada o día 25 de abril do 2006, por gastos de material ortoprotésico por importe de 54 euros-, foi tramitada logo de recibir o correspondente informe da Inspección Médica de Monforte de Lemos, en sentido desfavorable, polo director provincial que ditou unha resolución denegatoria con data 20 de xullo do 2006.

Segundo se participa, a referida resolución foi remitida á solicitante con rexistro de saída o día 21 de xullo e aviso de recepción. Ao non se ter recibido como devolta posteriormente a devandita notificación, entendeuse que estaba entregada.

Vistos os feitos descritos e recoñecidos pola Dirección Provincial do Servizo Galego de Saúde en Lugo, tendo en conta que o artigo 58 da Lei 30/1992, do 26 de novembro, de réxime xurídico das administracións públicas e do procedemento administrativo común, no seu número 1, establece que se notificarán aos interesados as resolucións e actos administrativos que afecten aos seus dereitos e intereses, nos termos previstos no artigo seguinte, e que o número 1 do artigo 59 di que as *notificacións se practicarán por calquera medio que permita ter constancia da recepción polo interesado ou o seu representante, así como a data, a identidade e o contido do acto notificado*, así como que a *acreditación da notificación efectuada se incorpora ao expediente*, de conformidade co establecido no artigo 32 da Lei do Valedor do Pobo, procede formular o seguinte **RECORDATORIO DOS SEUS DEBERES LEGAIS**:

> **"Que pola Dirección Provincial do Servizo Galego de Saúde en Lugo se proceda a efectuar a notificación na forma establecida no artigo 59.1 da Lei 30/1992, do 26 de novembro, de réxime xurídico das administracións públicas e do procedemento administrativo común, da resolución do 20 de xullo do 2006, pola que se denega a S. C. L., asegurada n.º XXXX, a solicitude de reintegro de gastos ortoprotésicos".**

Resposta do Director Provincial do Sergas: Aceptado

1.10 AREA DE XUSTIZA

1.10.1 INTRODUCIÓN

Como xa se indicou no informe do pasado ano, o obxecto da actuación do Valedor do Pobo nesta área é contribuír, no marco das competencias que lle encomenda a súa lei reguladora, a que a tutela xudicial se converta, día a día, nunha realidade efectiva.

O artigo 24.1 da Constitución española recoñece o dereito á xurisdición dun modo xenérico cando establece que todas as persoas teñen dereito a obter a tutela efectiva dos xuíces e tribunais no exercicio dos seus dereitos e intereses lexítimos, sen que, en ningún caso, se poida producir indefensión.

Coa lectura do citado artigo podemos indicar que a Constitución española regula o dereito á tutela xudicial efectiva como fundamental, cunha garantía de protección máxima. Trátase de protexer con iso unha serie de dereitos procesuais que permitan garantir os demais dereitos. É un dereito dunha extraordinaria potencialidade e a súa instrumentalidade non impide que sexa un auténtico dereito fundamental con caracteres autónomos e cun contido individual, definido pola ampla xurisprudencia do Tribunal Constitucional. Contido que afecta ás prestacións obrigatorias dos poderes públicos, do que exixe que manteñan a Administración de Xustiza dotada dos medios persoais e materiais suficientes para facelo efectivo e que o servizo que presta aos cidadáns sexa co maior grao de efectividade posible.

Aspectos e garantías do dereito fundamental

Segundo a sentenza 26/1983 ditada polo Tribunal Constitucional, o artigo 24 da Constitución española comprende os seguintes aspectos:

1.- O dereito ao libre acceso aos xuíces e tribunais.

2.- O dereito a obter unha decisión xudicial.

3.- O dereito á execución da devandita decisión.

Este é o contido mínimo do dereito e, ao seu núcleo, engádense unha serie de garantías incardinadas na nosa cultura xurídica:

1.- O dereito ao xuíz ordinario predeterminado pola lei (artigo 24.2 CE), coa prohibición dos tribunais de excepción (artigo. 117.6 CE).

2.- Dereito á asistencia de letrado, a ser informado da acusación formulada, ao proceso público sen dilacións indebidas e con todas as garantías, á utilización de todos os medios de proba pertinentes para a defensa, a non declarar contra si mesmo e a non confesarse culpable e á presunción de inocencia (artigo 24.2 CE).

3.- Dereito ás garantías penais e penitenciarias do artigo 25 CE, é dicir, o principio de legalidade e irretroactividade das normas penais, a prohibición de impoñer penas privativas de liberdade pola administración civil e os principios que inspiran o réxime penitenciario.

A posibilidade de intervención da institución nas problemáticas formuladas vén limitada, como xa se dixo, polas atribucións que na materia establece a Lei do Valedor do Pobo. O principio de independencia xudicial, establecido no articulo 117.1 CE leva ás previsións do artigo 2 da Lei orgánica do Poder Xudicial e o artigo 20 da Lei do Valedor do Pobo, cando este último di: o *Valedor do Pobo de Galicia non entrará no exame individual daquelas queixas sobre as que estea pendente resolución xudicial e suspenderaos se, iniciada a actuación, se interpuxese por persoa interesada demanda ou recurso ante os tribunais ordinarios ou o Tribunal Constitucional. Isto non impedirá, sen embargo, a investigación sobre os problemas xerais formulados nas queixas presentadas. En calquera caso, velará porque a administración resolva expresamente, en tempo e forma, as peticións e recursos que lle fosen formulados.*

En consecuencia, a actuación do Valedor do Pobo está lexitimada só nos casos nos que aspectos formais da Administración de Xustiza son obxecto da queixa, especialmente a dilación inxustificada do proceso. A dilación na resolución dos procedementos xudiciais é un punto que se pon constantemente de manifesto por todos os

estamentos involucrados no mundo da xustiza e é unha lacra que incide sobre ela. Tanto a nivel oficial, polas administracións encargadas do seu mantemento, como por todas as demais institucións, colexios e colectivos que, directa ou indirectamente, se relacionan con ela, en toda clase de memorias, estudos ou manifestos se fala do atraso na Administración de Xustiza, atraso que non se pode constrinxir ao ámbito da nosa Comunidade Autónoma senón que, en maior ou menor medida, afecta a todas as comunidades do noso Estado. A necesaria modernización da xustiza, evitando a súa burocratización, cunha completa e definitiva informatización, co desenvolvemento da nova oficina xudicial que permitise desenvolver todas as posibilidades de actualización tanto do persoal coma dos procedementos, faría que o dereito á tutela xudicial efectiva fose máis real e actual, no sentido temporal do termo, xa que, como sabemos, unha xustiza tardía, non é xustiza, nin para quen a pide nin para o que a outorga.

É certo que o número de queixas iniciadas neste período en materia de xustiza non podemos considerar que sexa moi elevado. Como veremos máis adiante na descrición das queixas que se tramitaron nesta institución, de todas as admitidas a trámite a inmensa maioría refírense a atrasos na tramitación dos procedementos xudiciais, o que nos demostra o grave problema que se sofre na nosa sociedade ante o funcionamento da nosa xustiza.

Sen necesidade de facer un exhaustivo exame de todos os órganos xudiciais existentes na nosa Comunidade Autónoma, e estando pendente a publicación da memoria correspondente ao ano 2008, temos que manter o indicado o pasado ano relativo á pendencia respecto do ano 2007.

A pendencia no ano 2008 na nosa comunidade galega, deixa sen embargo -e pendente de confirmación pola Memoria do Tribunal Superior de Xustiza- máis de 177 000 asuntos, o que supón un aumento do 30%, e camiñando irreversiblemente, se as administracións non poñen enriba da mesa solucións rápidas e eficaces, por un camiño ascendente e con consecuencias que difiren do concepto de xustiza eficaz e rápida.

Sen embargo si se coñecen xa datos referidos aos asuntos pendentes nas Salas do Tribunal Superior de Xustiza, nos seus órganos contencioso-administrativo e social.

Respecto da Sala do Contencioso-Administrativo, indicar o alarmante aumento de pendencia neste último ano, xa que pasou de 9915 asuntos no ano 2004, a 11 473 no ano 2007, e que no ano 2008 se incrementou ata acadar os 18 655 procedementos. Este aumento tan espectacular podémolo atopar, nos case 4500 asuntos ingresados no presente ano, que unidos aos 3000 que ingresaron no ano 2007, foron interpostos polos propietarios dos soares e tamén pola Administración Portuaria de Vigo e a Zona Franca, contra a resolución fixando o prezo xusto realizado polo Xurado de Expropiación de Galicia, en materia de expropiación forzosa.

A Sala do Social reduciu a súa pendencia xa que dos 9839 asuntos pendentes a finais do ano 2007 pasou aos 9512 pendentes a finais do ano 2008.

Tamén temos que ter en conta o grande aumento acaecido en xeral nos xulgados do mercantil da comunidade, debido á crise económica que disparou os procesos concursais; podendo expresamente citar o caso do Xulgado do Mercantil con sede na Coruña, que debido ao concurso de Martinsa-Fadesa desbordou a súa capacidade. Sendo coñecedores de que o módulo para un xulgado do mercantil, segundo o Consello Xeral do Poder Xudicial, está establecido en 400 asuntos anuais, e que o macroconcurso de Fadesa elevou a entrada no xulgado a máis de 900 asuntos; xa non cremos necesario facer máis comentarios sobre a urxente necesidade de creación de máis xulgados desta orde e de provisión dos correspondentes medios materiais.

Como se pode apreciar con todas as cifras citadas a título de exemplo, na nosa comunidade, en case todas as xurisdicións, elevouse o número de asuntos pendentes. Isto supón que, aínda coas mellores intencións dos compoñentes dos órganos xudiciais, estes sexan insuficientes para poder chegar a conseguir o que nos permitiría unha xustiza rápida, áxil e executiva. O continuo incremento do número de asuntos pendentes ao finalizar cada período, ponnos de manifesto a incapacidade da Administración de Xustiza, na forma que está desenvolvida neste momento, para facer efectivo o dereito á tutela xudicial efectiva.

A Constitución española, no seu artigo 149.1.5º establece que a competencia exclusiva en materia de Administración de Xustiza lle corresponde ao Estado, e á

Comunidade Autónoma, de acordo co establecido no artigo 20.1 do Estatuto de Autonomía de Galicia, lle corresponde exercer as facultades que as leis orgánicas do Poder Xudicial e do Consello Xeral do Poder Xudicial atribúan ou recoñezan ao Goberno do Estado. O Real decreto 581/1982, do 26 de febreiro, determina as normas e o procedemento ao que han de axustarse os traspasos de funcións e servizos da Administración do Estado á Comunidade Autónoma de Galicia, sobre esta base e cos acordos da Comisión Mixta de Transferencias prevista na disposición transitoria cuarta do Estatuto, ditáronse con relación ás competencias n esta materia os seguintes reais decretos:

O RD 2166/1994, do 4 de novembro, sobre traspaso de funcións da Administración do Estado en materia de provisión de medios materiais e económicos para o funcionamento da Administración de Xustiza.

RD 2397/1996, do 23 de novembro, sobre traspaso de funcións e servizos da Administración do Estado á Comunidade Autónoma en materia de medios persoais ao servizo da Administración de Xustiza.

RD 1380/1997, do 29 de agosto, sobre traspaso complementario ao aprobado polo RD 2166/1994, en materia de provisión de medios materiais e económicos.

RD 233/1998, do 16 de febreiro, sobre ampliación de funcións, servizos e medios traspasados polos reais decretos 2166/1994 e 2397/1996, en materia de provisión de medios persoais, materiais e económicos.

RD 72/1999, do 5 de marzo, sobre traspaso complementario ao aprobado polo RD 2166/1994.

En toda a normativa citada queda definida cales son as competencias autonómicas e estatais para o conveniente desenvolvemento da nosa administración xudicial.

O estado de atraso da nosa Xustiza fai necesario que as administracións encargadas do seu mantemento, tanto a nivel de persoal coma de medios materiais, leven a efecto unhas actuacións de colaboración para poder conseguir unha mellor efectividade do

dereito constitucional á tutela xudicial efectiva. Na consideración de que a xustiza é a garantía última dos dereitos fundamentais da cidadanía, é necesario aproximar a xustiza aos cidadáns, axilizar os seus procedementos, conseguir que sexa valorada positivamente e que confíen nela, a fin de adaptala ás necesidades da sociedade española do século XXI. Estes cambios teñen que inserirse na procura da concertación de esforzos e vontades, a través do diálogo con todos os operadores, xestores e profesionais do mundo do dereito, incluídas as administracións públicas e as instancias garantes de dereitos fundamentais como as que protexen a privacidade ou a intimidade das persoas no tratamento automatizado dos datos persoais. Este diálogo debe levarse a cabo cos colectivos que contribúen á acción da xustiza, coas comunidades autónomas cuxa competencia na xestión dos medios materiais e persoais da Administración de Xustiza as converte en actores principais e co Consello do Poder Xudicial como órgano de goberno do Poder Xudicial.

A consecución destas metas sobre a base do diálogo fará que a xustiza logre a eficacia. Unha xustiza ineficaz, ademais de ser un lastre político, económico e social, constitúe unha fonte de erosión ao crédito do Estado e un déficit moi difícil de soportar por unha sociedade avanzada en termos de lexitimación democrática.

Os órganos xurisdicionais, polo crecemento da litixiosidade nos últimos anos, experimentaron un notable incremento das cargas de traballo que asumen, o que exixe un reflexo na adaptación da planta xudicial que permita restablecer o equilibrio necesario. Nun primeiro termo deberá determinarse, á vista dos resultados estatísticos e o estudo do funcionamento dos distintos órganos xudiciais tanto unipersoais coma tribunais, a necesidade de creación de novas prazas de xuíces e maxistrados que permitan asumir e, co tempo, diminuír, a carga de traballo existente. A súa creación corresponde á administración estatal, sen prexuízo das propostas que efectúa a comunidade autónoma e as peticións que formula nas súas memorias tanto a Presidencia do Tribunal Superior de Xustiza de Galicia coma o Consello Xeral do Poder Xudicial. Sábese que a creación de novos órganos xudiciais supón un gran desembolso económico, pero necesítase para conseguir o que debe ser a xustiza, un servizo público de calidade. É necesario adaptar a planta xudicial ás necesidades reais, deseñando o novo modelo de Administración de Xustiza.

Cómpre abordar os problemas estruturais do noso sistema xudicial desenvolvendo o novo modelo da Administración de Xustiza, centrado na Oficina Xudicial, é dicir, a *organización de carácter instrumental que serve de soporte e apoio á actividade xurisdicional de xuíces e tribunais*, que debe de ser homoxénea en todo o territorio nacional e funcionará cos criterios de *axilidade, eficacia, eficiencia, racionalización do traballo, responsabilidade pola xestión, coordinación e cooperación entre administracións, de maneira que os cidadáns obteñan un servizo próximo e de calidade, con respecto aos principios recollidos na Carta de Dereitos dos Cidadáns ante a Xustiza.*

O anteproxecto de reforma da oficina xudicial iniciado trata en síntese que por parte dos xuíces realicen as funcións encomendadas pola Constitución de xulgar e executar o xulgado, descargando de todas aquelas tarefas non vinculadas estritamente ás súas funcións constitucionais, atribuíndo a outros funcionarios, neste caso os secretarios, responsabilidades e funcións que non teñen carácter xurisdicional, e co establecemento de sistemas de organización do traballo de todo o persoal ao servizo da Administración de Xustiza, de forma que a súa actividade se realice coa máxima eficacia e responsabilidade.

Así é como se describe na Lei orgánica 6/1985, do Poder Xudicial, tras a súa reforma pola tamén Lei orgánica 19/2003, do 23 de decembro. Modelo que deberá ir precedido coa determinación de todas as relacións de postos de traballo (RPT) necesarios para o seu desenvolvemento, a do número de unidades procesuais de apoio directo e a dos servizos comúns procesuais, nos termos establecidos na Lei do Poder Xudicial, que servirán para substituír as actuais secretarías dos órganos xudiciais, armazón burocrático de axuda ao seu funcionamento e á realización da actividade xurisdicional que xa que non corresponde adecuadamente coa situación que precisa a nosa sociedade para o áxil armazón procesual vixente.

En definitiva, debe mellorarse a planta xudicial, coas súas consecuencias na oficina xudicial, do persoal adscrito a ela e de toda a dotación material desta. Dotación material que é preciso manter sempre ao día e que corresponde a súa subministración en exclusiva á nosa administración autonómica. Hoxe non é imaxinable, para o perfecto funcionamento dos órganos xudiciais, a falta de medios informáticos. Certamente, tal

necesidade está cuberta na práctica totalidade dos existentes na Comunidade, sen embargo, é necesario que o seu uso sexa totalmente obrigatorio e que exista unha aplicación informática xeral uniforme, compatible con todas as que se poidan utilizar no resto do Estado, á que poidan acceder tanto todos aqueles que poidan ter coñecemento dos determinados procesos, coas garantías correspondentes, coma os que deban traballar neles. É moi importante achegar información e certeza a todos os estamentos que forman parte do proceso xudicial, e as novas tecnoloxías son o único medio que permiten dar un servizo adecuado aos nosos administrados.

Así nestes momentos encóntrase en fase de implantación e execución en comunidades con competencias transferidas que asinaron un convenio de cooperación tecnolóxica co Ministerio de Xustiza, coma o caso da Xunta de Galicia (outras comunidades son a valenciana e a catalá), do sistema LEXNET, este sistema contempla a posibilidade de que na Administración de Xustiza, a práctica dos actos de comunicación se realicen a través dos medios electrónicos.

Ten a súa regulación no Real decreto 84/ 2007, do 26 de xaneiro do 2007, no relativo á súa implantación, requisitos de acceso, funcionalidades e características técnicas, pois así o establece o seu artigo 1, aliña 1ª que di que esta norma ten por obxecto regular a implantación na Administración de Xustiza do sistema telemático denominado Lexnet, para a presentación de escritos e documentos e o traslado de copias e a realización de actos de comunicación procesual, así como establecer as condicións xerais para a súa utilización e funcionamento.

Na Lei de axuizamento civil modificada recentemente pola disposición adicional sexta da Lei da reforma do mercado hipotecario 47/2007, do 8 de decembro, no que respecta á presentación de escritos, realización de actos de comunicación, tempos de comunicación e os seus efectos xurídicos.

Tamén como desenvolvemento da normativa indicada anteriormente, asinouse o Convenio de cooperación tecnolóxica para a implantación e execución da presentación de

escritos e notificacións, certificados por vía telemática, nos órganos xudiciais da Comunidade de Galicia do 20 de decembro do 2006.

E a resolución do 10 de xaneiro de 2007, da Secretaria de Estado de Xustiza pola que se publica o Convenio de cooperación tecnolóxica (asinado polo Ministerio de Xustiza e a Xunta de Galicia), para a implantación e execución da presentación de escritos e notificacións certificados por vía telemática nos órganos xudiciais da Comunidade Autónoma.

Constitúe este sistema, que foi desenvolvido polo Ministerio de Xustiza, dun sistema de comunicacións electrónicas securizadas para a Administración de Xustiza, baseado nun servizo de correo electrónico, que proporciona un servizo áxil, accesible, transparente, de calidade máxima, e de gran seguridade e fiabilidade na comunicación, obtendo o usuario un certificado que garante a autenticidade e integridade da transmisión, así como a data e a hora do envío e recepción. Redúcese a un tempo mínimo as operacións de envío e recepción das notificacións, recursos, autos, sentenzas, etc., ás partes; por parte bidireccional das oficinas xudiciais aos distintos operados xurídicos, como avogados e procuradores, e tamén a realización por parte destes da presentación de escritos e de documentos e o traslado das copias aos órganos xudiciais.

Esta institución xa expuxo en memorias anteriores, a existencia dos traballos e experiencias no ámbito da Administración de Xustiza de Galicia, elaboradas pola Dirección Xeral de Xustiza da Xunta de Galicia. Crear un sistema de información xudicial é unha tarefa titánica e na que converxen gran cantidade de factores como a dispersión xeográfica, diversidade de usuarios, idénticas organizacións con distintos métodos de traballo, necesidade de medios para a explotación diaria, capacidade de decisión moi distribuída, manexo de información en múltiples soportes. Unificalo todo é o obxectivo do “Proxecto Xiana”.

O proxecto Xiana permite ver o expediente xudicial como unha agrupación de documentos multimedia, obtido de fontes IP, acompañados dun trámite asinado electronicamente polo secretario xudicial. A partir desta sinxela premisa elimínase a

complexidade, conseguindo melloras tanxibles non só para o conxunto da organización, senón a cada un dos elementos que a conforman. Baséase en reconstruír o crebacabezas buscando tecnoloxías de integración para as solucións a implantar, todo iso baixo o prisma da voz IP, almacenamento, audio, videoconferencia, dixitalización documental. Simplifícase así a solución, minimizando e reaproveitando todos os recursos necesarios, persoais e materiais, ferramentas que permitirán que a entrada da nova oficina xudicial (NOX) e os seus novos métodos de traballo se vexan reflectidos no sistema de información.

Só está a proba o proxecto Xiana no Decanato dos Xulgados de Ourense, no seu servizo de xestión de escritos e nas notificacións, así como na Audiencia Provincial de Pontevedra, na axenda de prazos e o servizo de notificacións. No presente ano estendeuse á Audiencia Provincial da Coruña.

En definitiva, esta institución quere poñer de relevo que é necesario un esforzo investidor para poder conseguir que a Administración de Xustiza se achegue cada vez máis aos cidadáns, logre axilizar os seus procedementos, con todas as medidas e reformas lexislativas necesarias, e, en definitiva, sexa valorada positivamente. Así se profundará no ámbito do exercicio dos dereitos e liberdades das persoas afectadas por ela, conseguindo que sexa unha referencia na loita contra a inseguridade e a delincuencia.

Tamén esta institución está lexitimada para o coñecemento das queixas que poidan presentarse nos aspectos da xestión da Administración de Xustiza que é competencia da Comunidade Autónoma de Galicia e nas materias conexas con ela, como pode ser o funcionamento dos colexios profesionais de avogados e procuradores e dos rexistros e notarías, por exemplo.

En canto ás queixas relativas á administración penitenciaria, é importante a información que se subministra en canto ao que se refire ao seu número, xa que a Administración Penitenciaria depende da Administración Central e, polo tanto, esta institución non ten competencias directas para o estudo das queixas, sendo remitidas ao

Defensor del Pueblo da nación para a súa tramitación, de conformidade co establecido no artigo 38 da Lei do Valedor do Pobo.

1.10.2 QUEIXAS RECIBIDAS E ESTADO DE TRAMITACION

O número de queixas correspondentes ao ano 2008 distribúese do seguinte modo:

ANO 2008		
Iniciadas	142	
Admitidas	47	34 %
Non admitidas	72	50 %
Remitidas ao Defensor del Pueblo	23	16 %

Das queixas que foron admitidas, o seu estado é o seguinte:

ANO 2008		
En trámite	20	42 %
Resoltas	27	58 %

Do ano 2007 non queda ningunha queixa pendente de resolver, xa que se resolveron 54, das cales 34 foron presentadas pola non execución da sentenza ditada pola Sección Primeira da Sala do Contencioso Administrativo do Tribunal Superior de Xustiza de Galicia no coñecido tema do proceso selectivo para o ingreso no corpo facultativo superior da Xunta, escala de veterinarios.

1.10.3 QUEIXAS ADMITIDAS A TRÁMITE

Nesta epígrafe podemos citar primeiro as queixas que fundamentalmente ocupan o labor da institución e que son as que aluden ao atraso na tramitación dos procedementos xudiciais. Neste exercicio, realmente, o volume de queixas céntrase no Tribunal Superior de Xustiza, nas súas salas do Contencioso-Administrativo e Social, órganos que, atendidas as memorias anuais do dito tribunal, son sobre os que recae a maior carga de traballo e nos que os atrasos medios son, na actualidade, esaxerados e aos que debera poñerse solución.

En todas as queixas iníciase a tramitación cunha solicitude de informe, en moitas ocasións telefónico, sen prexuízo de reproducilo por escrito, ao órgano xudicial denunciado, debendo de poñer de manifesto que, na súa totalidade, as respostas se remiten dentro de prazo.

Queixas por atraso na tramitación dos procedementos

Das 47 queixas admitidas, un total de 30 fórono por atrasos na tramitación dos procedementos xudiciais e, neste punto, sobre todo pola non execución das sentenzas que puxeron fin a aqueles. Faremos mención a algunhas das queixas recibidas.

Da queixa 654/2008, podemos indicar que esta foi presentada por unha particular que se queixaba de que tiña dúas sentenzas ao seu favor, unha da Sección Segunda da Sala do Contencioso-Administrativo do TSXG e outra do Tribunal Supremo, Sección Quinta, e que pasaran máis de cinco anos e non tiña noticias da execución da sentenza. Que se dirixira a diversas autoridades da Administración Xudicial e non recibira contestación aos seus escritos. Acompañaba un elevado número de escritos dirixidos á letrada que dirixiu o preito nos que sempre preguntaba sobre a execución da sentenza. Solicitado informe á sala correspondente, esta indicou que a avogada renunciara a tal designación e que lle fora nomeado un novo profesional, estando naquel momento pendente da designación de procurador da quenda de oficio. Que posteriormente se tivo coñecemento de que os novos profesionais designados en quenda de oficio estaban realizando as súas funcións ante a sala, polo que se procedeu ao arquivo da queixa.

Na queixa 793/2008 o interesado comunicaba que lle outorgaran por fin a nacionalidade española, e que o problema consistía en que non lle podían inscribir no rexistro civil, o seu nacemento e poder obter así o DNI. Que postos en contacto co xulgado correspondente, indicouse por parte do encargado do Rexistro Civil, que a tramitación do expediente do denunciante estaba completa, e que soamente estaba pendente para poder expedir a certificación da súa impresión, que se amañase o problema da impresora matricial a través da cal se procede a imprimir todos os documentos do rexistro. E que se

contaba que en breve se solucionaría o problema. Procedendo a comunicarllo ao interesado e acordando o arquivo da queixa.

Na queixa 76/2008, presentouse escrito por parte dun particular no que denunciaba que no mes de outubro do 2007 lle fora notificada unha sentenza mediante exhorto, a cal tiña data do 5 de xullo do citado ano. Que o avogado designado por quenda de oficio que o defendera e o procurador recibira a notificación da sentenza a finais de xullo, é dicir case tres meses antes e que non o puxeron en coñecemento desta, xa que o procurador recoñecera que lle notificaran a sentenza o 23 de xullo e que a comunicou ao letrado por fax. Solicitaba a oportuna incoación de expediente. Pedido informe ao colexio de avogados correspondente, ao ser admitida a trámite a queixa, este remitiu informe no cal poñía de manifesto que se procedera ao arquivo das dilixencias iniciadas pola denuncia do interesado, ao considerar que non existira ningunha infracción na orde disciplinaria ou deontolóxica sobre a base das consideracións que se indican na resolución. A queixa foi arquivada ao ter coñecemento esta institución do recurso interposto polo interesado contra a citada resolución, e polo tanto continuar aberta a vía administrativa.

Da queixa 295/2008 o interesado participábanos a mala actuación dun xulgado dun partido xudicial da provincia de Lugo, ante o falecemento en plena rúa dun veciño, ao parecer familiar, debido a un infarto. No escrito indicábase que despois de confirmaren os servizos do Sergas que falecera, chamouse ao xulgado antes indicado, os que tardaron máis de tres horas en acudir ao lugar dos feitos. Que ese atraso creara na familia un estado de desesperación, xa que o lugar estaba cheo de transeúntes observando, ademais da familia, o sucedido, o cal parecía sacado dunha rúa do terceiro mundo. No informe remitido polo xulgado correspondente indicábase que se tivera coñecemento do feito por unha chamada recibida no xulgado ás 12.30 horas e que inmediatamente o xulgado se puxo en contacto coa médico forense de garda, quen comunicou que coa maior brevidade se desprazaría de Lugo ao xulgado; que comparecida a anterior no xulgado sobre as 13.20 trasladouse a comisión xudicial integrada pola Ilma. Sra. xuíza, o Sr. secretario xudicial e a Sra. médica forense ao lugar dos feitos, sendo o lugar en onde ocorreu o falecemento diferente ao indicado na queixa. Que o levantamento do cadáver se acordou tras practicar as dilixencias necesarias sobre as 14.00 horas, acordándose o seu traslado ao Imelda de Lugo para a

realización da autopsia. Do indicado derívase que na práctica da dilixencia non transcorreu o tempo sinalado na queixa, nin tampouco tivo lugar na rúa indicada nela. Ademais participa que no xulgado acudiu a persoa cos datos que figuran na queixa, e que lles fixo saber, que non formulara ningunha queixa nin ten ningún familiar que falecese nesas circunstancias e que non coñece a persoa falecida. Por parte do IMELGA remítese tamén oficio no que se pon en coñecemento de que o IMELGA está sendo obxecto desde hai tempo dunha feroz campaña de acoso na prensa co fondo da concesión administrativa do servizo de transporte de cadáveres desde calquera punto da provincia onde ocorrese unha morte xudicial a Lugo para a realización da autopsia. E que no caso concreto é unha mostra da campaña na que se ataca o labor profesional dos traballadores do IMELGA, o cal creou unha alarma social inxustificada e un estado de hipersensibilidade entre a poboación. Respecto dos feitos mantén a mesma manifestación que a dada pola titular do xulgado obxecto da queixa. Á vista do indicado anteriormente e que as mesmas dilixencias se encontran abertas na Audiencia Provincial de Lugo, procedeuse ao arquivo da queixa.

Na queixa 981/2008, un queixoso comunicaba o seu malestar sobre os honorarios do avogado que lle dirixía o seu asunto, indicóuselle o disposto no artigo 20 da Lei 5/1984, do 5 de xuño, do Valedor do Pobo, posto que se trataba de cuestións que se estaban tramitando no Xulgado de Chantada, sobre execución de títulos xudiciais. Quedando a queixa arquivada.

En relación coa queixa 1018/2008 podemos resumila participando que esta se iniciou ante o escrito presentado por un particular no que indicaba que a Xunta de Galicia non executou unha sentenza ditada pola Sección Segunda da Sala Contencioso-Administrativo do TSXG, sobre a ilegalidade dunha obra, nela rexeitábase o recurso interposto por un cidadán e ordenábase a demolición das obras realizadas polo recorrente. Solicitada información á citada sala, participase que cando o 16 de xuño do 2005 o queixoso solicita na Consellería de Política Territorial a execución da sentenza, esta aínda non era firme. A sentenza foi declarada firme en xaneiro do 2007 e desde entón non se presentou ningún escrito por parte das partes comparecidas no procedemento. Púxose en coñecemento do interesado o establecido no artigo 10 da Lei 29/1998, do 13 de xuño,

reguladora da xurisdición contencioso-administrativa, e acordouse o arquivo da queixa, por tratarse de cuestións das que lles corresponde coñecer ás autoridades xudiciais.

Na queixa 1095/2008 polo denunciante solicitábase unha entrevista e queixábase das innumerables irregularidades e vexacións, que indicaba, viña sufrindo desde o ano 2004 en diversos xulgados da provincia de Pontevedra. Que cos devanditos actos se prexudicaba a súa persoa pero sobre todo dous menores de idade. Na entrevista tívose coñecemento de que os problemas do matrimonio, que tiñan sentenza no xuízo de separación 000/2008, e que desembocaran en prexuízo dos fillos da parella, o que facía imposible as entregas e recollidas das visitas, chegándose mesmo á vía de ter que acordarse pola xuíza, que a dita entrega dos menores se fixese no Punto de Encontro de Pontevedra. A queixa quedou arquivada despois de que o interesado comprendeu que os problemas que participaba tiñan que resolverse por vía xudicial.

A queixa 1107/2008 tivo a súa orixe na denuncia realizada por unha señora como titora do seu marido, na que nos facía partícipes do problema que tiña coa Sala do Social do Tribunal Superior de Xustiza de Galicia, posto que por resolución do INSS seu esposo fora declarado en situación de grande invalidez derivada de accidente de traballo, e que esta resolución fora recorrida pola Mutua FREMAP, ante o xulgado do social correspondente, e ditada resolución confirmando a resolución administrativa, foi novamente recorrida pola mutua en suplicación ante a Sala do Social, o 11 de abril de 2007. Solicitado o informe por vía telefónica á sala indicada, participou que no día da data da chamada se estaban resolvendo asuntos de accidentes de traballo e invalidez procedentes deles, que ingresaron no ano 2005, e que o asunto denunciado tivo entrada na Sala en abril do 2007. Dándolle esta información á denunciante procedeuse ao arquivo da queixa, indicándolle así mesmo o disposto no artigo 20 da Lei do Valedor do Pobo.

Tamén dentro da orde social podemos citar a queixa presentada pola interesada e á que lle correspondeu o **número 2253/2008**, nela denunciábase que lle fora notificada polo INEM a suspensión do subsidio de maiores de 52 anos, en febreiro do 2008 e que esgotada a vía administrativa, interpuxo a correspondente demanda xudicial en xullo do 2008, e desde entón non tivera ningunha información da incoación do procedemento no

xulgado do social. No informe remitido polo citado xulgado da Coruña indícase a grave carga de traballo que pende sobre o órgano xudicial e que iso comporta que os recursos teñan que esperar a orde que lles corresponda, sabendo que hai procedementos que teñen prioridade, como por exemplo os despedimentos, polo que se ten que observar a rigoroso orde de entrada para a celebración da correspondente vista, xa que calquera outra actuación sería aceptar unha posición inxusta e discriminatoria para o resto de asuntos entrantes e que tamén están á espera da oportuna resposta xudicial. De todas formas ante as circunstancias alegadas pola queixosa acordouse a sinalización do seu asunto para febreiro do 2009. Dando traslado deste escrito acordouse o arquivo da queixa.

A queixa 1204/2008 foi realizada por unha coordinadora, na que denunciaba que presentara con data 18 de decembro do 2005, recurso de reforma contra o auto de sobresemento ditado polo titular dun xulgado de instrución da Coruña. Que transcorreran máis de dous anos desde a interposición do citado recurso e que non obtiveron ningunha resolución respecto deste. O informe remitido pola titular do citado xulgado, púxose en coñecemento da citada coordinadora e acordouse o arquivo da queixa; xa que segundo constaba efectivamente nas dilixencias correspondentes se ditara auto de sobresemento, o cal foi recorrido pola parte denunciante en reforma, admitíndose a trámite o citado recurso o 11 de xaneiro do 2006 e dando traslado deste ao Ministerio Fiscal e demais partes comparecidas, segundo constaba nas anotacións informáticas. Das investigacións practicadas para esclarecer os motivos da non resolución do recurso, púidose constatar que as citadas dilixencias tiveron data de entrada e de saída de Fiscalía pero que non se puido constatar a entrada de novo no órgano xudicial. Que durante o tempo transcorrido ningunha das partes comparecidas no citado procedemento se interesou no xulgado polos motivos do atraso. E chegando á conclusión de que estas se traspapelaron ou extraviaron, procedeuse a dar as ordes oportunas para proceder á reconstrución das actuacións.

Pola mesma coordinadora presentouse a queixa 1661/2008, na que se relataba o incumprimento por parte do Concello de Santiago dunha sentenza ditada por un xulgado do contencioso-administrativo de Santiago. A queixa quedou arquivada ao indicar á interesada as funcións que competen á institución do Valedor do Pobo de conformidade ao disposto na Lei 6/1984, do 5 de xuño, reguladora desta.

Outra queixa relacionada co funcionamento da Administración de Xustiza é a **número 1577/2008,** nesta unha particular poñía de manifesto que o vehículo da súa propiedade sufrira un accidente de circulación, e que a entidade aseguradora se fixera cargo das consecuencias económicas derivadas da reparación do vehículo, pero non da indemnización en concepto de perdas pola paralización do vehículo industrial. Interpúxose a correspondente demanda nun xulgado do partido xudicial de Betanzos, que na sentenza estimaba integramente a demanda. Que a entidade aseguradora interpuxera recurso de apelación ante a Audiencia Provincial e que por parte dunha das seccións da citada Audiencia se ditou sentenza, na cal se revogaba a sentenza ditada en primeira instancia desestimando integramente a demanda e impoñendo as custas da primeira instancia á parte demandante. A queixa arquivouse comunicando á interesada o disposto no artigo 20 da Lei 6/1984, do 5 de xuño, do Valedor do Pobo, por tratarse de cuestións que corresponde coñecer ás autoridades xudiciais.

Na queixa 2017/2008 presentada por e co mesmo contido cás 43 queixas ás que nos referimos na memoria desta institución do ano 2007 e que eran a queixa 2015/07 e 42 máis nas que os asinantes, poñían de manifesto que no seu día tomaran parte no proceso selectivo para o ingreso no Corpo Facultativo Superior da Xunta de Galicia, Grupo A, Escala de Veterinarios, convocado pola Orde do 29 de decembro do 2004 e que interpuxeran recurso contencioso-administrativo ante a Sala do Contencioso-Administrativo do Tribunal Superior de Xustiza de Galicia contra a desestimación tácita do recurso de alzada, por silencio administrativo, recurso que se interpuxera ante o conselleiro da Presidencia, contra a resolución do 2 de decembro do 2005 do tribunal encargado de cualificar o dito proceso selectivo, participáselle que, de conformidade co artigo 20 da Lei do Valedor do Pobo, ao tratarse de cuestións sometidas ao coñecemento da autoridade xudicial, esta institución non pode continuar co coñecemento da dita reclamación, sen prexuízo de poder reabrir as queixas se se producise un novo atraso na tramitación da dita execución.

Foron posteriormente presentadas máis queixas sobre o mesmo tema pero ás que se lles comunicou a mesma resolución acordada para os seus compañeiros.

Ben é certo que, ás veces, nas reclamacións se producen situacións curiosas como no suposto da **queixa 208/2008** na que unha nai comunicaba que por casualidade navegando por Internet, encontrara un edicto no cal citaban o seu fillo como en ignorado paradoiro, e a nai mantiña que non era certo, que seu fillo tiña domicilio coñecido. Participouse á queixosa o teléfono do xulgado responsable do edicto, arquivándose a queixa.

Tamén como caso curioso podemos relatar a **queixa 2017/2008** presentada por unha particular que indicaba os graves problemas que ten contra as actuacións das administracións, sen concretar a cal se refire, e que teñen a súa orixe en que pretende iniciar unha reclamación pola parte que lle puidera corresponder na herdanza de distintas persoas xa falecidas, cuestións totalmente privadas, que teñen que ser tramitadas por un avogado que elixa voluntariamente a interesada, e que o citado colexiado terá que aceptar o encargo realizado, estudando toda a documentación e facéndolle partícipe das conclusións ás que chegue do citado estudo; e en todo caso, solicitar do Servizo de Asistencia Xurídica Gratuíta, a designación dos profesionais, en quenda de oficio, de conformidade co disposto na Lei 1/1996, do 10 de xaneiro. Pero non pode esta institución facilitarlle un avogado para que lle realice a xestión que a interesada pretende. Con esta contestación deuse por arquivada a queixa.

1.10.4 QUEIXAS NON ADMITIDAS A TRÁMITE

Como quedou dito con anterioridade, neste período houbo un total de 72 que se declararon non admitidas. Delas, a maioría, arquiváronse polo estrito cumprimento do artigo 20 da Lei do Valedor do Pobo, é dicir, pola existencia dun procedemento xudicial en trámite, pendente de sentenza, ou no que, se ditada xa a resolución definitiva deste, se encontrase en trámite a súa execución e, en ambos os casos, non se apreciase un atraso que permitise a esta institución interesarse pola resolución expresa, en tempo e forma, de todas as peticións ou recursos que puideran formularse polas partes.

1.10.5 QUEIXAS REMITIDAS AO DEFENSOR DEL PUEBLO

Na epígrafe de queixas remitidas ao Defensor del Pueblo, por incompetencia desta institución, houbo un total de 23, das que, como xa se deixou dito, deuse coñecemento a este, en cumprimento do artigo 38 n.º 3 da lei reguladora do Valedor do Pobo.

As queixas números **Q/246/2008, 247/2008 263/2008 310/2008, 400/2008, entre outras,** refírense a solicitudes para traslado de centro penitenciario, e a denuncias por distintas condicións de internamento nos Centros Penitenciarios de Teixeiro, A Lama e Pereiro de Aguiar, dependentes da Dirección Xeral de Institucións Penitenciarias, que forma parte do Ministerio de Xustiza do Estado español, polo que o Valedor non ten competencias na súa tramitación.

Da queixa 16/2008 na que un interno participaba a esta institución a súa difícil situación tanto familiar coma persoal, ao ter que ingresar nun centro penitenciario da comunidade galega, para cumprir a condena que lle fora imposta; trasladaba tamén o malestar por non lle teren concedido a suspensión da pena imposta, e tamén a denegación do indulto solicitado. Esta foi remitida ao Defensor del Pueblo, o cal contestou no sentido de indicar ao interesado que pese á gravidade dos seus motivos, lle participaban que non era posible a intervención da institución, xa que carece de facultades para revisar as resolucións ditadas polos xuíces e tribunais no exercicio das súas funcións xurisdicionais.

Na queixa 143/2008 unha nai contaba os problemas co seu fillo interno nun centro, por unhas declaracións realizadas pola citada nai sobre, ao parecer, un problema doméstico. Non remitindo máis datos a interesada pese a serlles reclamados para poder estudar a súa queixa, acordouse o seu arquivo.

Por último, na **queixa 393/2008** o interesado facía unha reclamación con respecto ao Consulado de España en Quito, Ecuador. E na queixa **659/2008** denunciábase os atrasos no Rexistro Civil Central, para a obtención de documentación.

1.11 ÁREA DE ADMINISTRACIÓN ECONÓMICA, COMUNICACIÓNS E NOVAS TECNOLOXÍAS

1.11.1 INTRODUCIÓN

No 2008 recibimos nesta área un total de 343 queixas, polo que en relación co 2007, ano no que se recibiran 293 queixas, experimentouse un aumento porcentual dun 17%. Debe subliñarse, sen embargo, que do número total das queixas desta área hai dúas queixas que por se teren formulado individualmente por unha pluralidade de persoas elevaron notablemente o número de queixas, aínda que materialmente só se poida falar de dúas queixas. Así, formuláronse 67 queixas por outros tantos veciños do Concello de Carnota en relación co cobro pola empresa concesionaria do servizo de augas dunha taxa de saneamento. Por outra parte, formuláronse tamén un total de 91 queixas nas que se manifestaba o desacordo doutras tantas persoas coa posibilidade de que TVE puidese retransmitir corridas de touros. Estas últimas queixas, por afectaren a un ente ou organismo dependente da Administración Xeral do Estado, como é Televisión Española, foron remitidas ao Defensor del Pueblo.

Como ocorreu ao longo de anos anteriores as queixas agrupadas nesta área intégranse en áreas bastante diferenciadas, entre as que cabe destacar pola súa importancia relativa o grupo constituído polas queixas que afectan á administración económica ou tributaria. A este respecto, en relación co total da área que sería de 187, logo de computar como dúas as queixas colectivas sinaladas anteriormente, este grupo estaría integrado por 97 queixas, constituíndo polo tanto un 52%. Á súa vez dentro deste grupo poden singularizarse os seguintes epígrafes: as queixas que se refiren a tributos ou a organismos estatais (IRPF, IVA, problemas en relación co Catastro) son 34; as que afectan á facenda autonómica (principalmente os impostos de transmisións patrimoniais, e de sucesións) son 35; e por último, as que afectan á administración local son 28 (fundamentalmente tratan de cuestións relacionadas co IBI, ou con taxas por servizos municipais).

Por outra parte, tamén se presentaron un número significativo de queixas en materia de transportes, un total de 28, e as relacionadas cos servizos de telefonía alcanzaron a cifra de 27. As restantes queixas clasificadas nesta área tratan de temas tan

diversos como os servizos prestados por entidades bancarias ou caixas de aforro, o servizo de correos, ou tamén sobre conflitos relacionados con contratos de seguros.

1.11.2 QUEIXAS RECIBIDAS E ESTADO DE TRAMITACIÓN

O estado de tramitación das queixas desta área é o seguinte:

Iniciadas	343	
Admitidas	170	50%
Non Admitidas	61	18%
Remitidas ao *Defensor del Pueblo*	112	32%

A situación das queixas admitidas a trámite é a seguinte:

Concluídas	133	78%
En trámite	37	22%

1.11.3 QUEIXAS ADMITIDAS A TRÁMITE

Para unha adecuada exposición das queixas tramitadas nesta área describirémolas seguindo unhas epígrafes temáticas aos que xa aludimos na introdución da área.

1.11.3.1 Facenda

Nesta epígrafe podemos destacar un grupo de queixas referidas a expedientes de comprobación de valores de inmobles, particularmente vivendas, realizados pola Consellería de Economía e Facenda en relación coa **liquidación do imposto de transmisións patrimoniais e actos xurídicos documentados**. Todas estas queixas referíanse ao feito de que realizada por parte da Consellería de Economía e Facenda unha comprobación do valor da vivenda transmitida estimárase un valor superior ao que figuraba na autoliquidación, en aplicación do establecido no artigo 57.1, aliña g, da Lei xeral tributaria. Na epígrafe desta norma tributaria recóllese un dos medios polos que a administración pode comprobar o valor dos bens determinantes da obrigación tributaria, en concreto a través do valor asignado para a taxación dos soares hipotecados en cumprimento do previsto na lexislación hipotecaria.

A este respecto, en relación coas queixas presentadas nesta oficina do Valedor do Pobo entendemos que a actuación da citada consellería encontraba soporte legal, xa que este medio de comprobación de valores fora introducido na Lei xeral tributaria a través da Lei 36/2006, do 29 de novembro, de medidas para a prevención da fraude fiscal, e tamén se recolle no artigo 59 da Lei 16/2007 de orzamentos xerais da Comunidade Autónoma de Galicia para 2008. Nesta última norma sinálase expresamente que "para efectuar a comprobación de valores para os efectos dos impostos sobre sucesións e doazóns e sobre transmisións patrimoniais e actos xurídicos documentados, a administración tributaria poderá utilizar, indistintamente, calquera dos medios previstos no artigo 57 da Lei xeral tributaria".

Nas queixas que chegaron a esta oficina do Valedor do Pobo faise referencia a que o valor de taxación que figura nas escrituras de hipoteca adoita exceder do valor real da vivenda obxecto de hipoteca. Neste sentido, dise, que ao existir unha limitación para o crédito hipotecario do 80% máximo do valor de taxación, e co obxecto de que o comprador poida obter o crédito suficiente para facer fronte ao pagamento da vivenda, acábase fixando un valor de taxación para a hipoteca superior ao valor real. O certo é que nestas queixas indícannos os reclamantes que teñen que facer fronte a unhas liquidacións que

adoitan exceder en importantes cantidades á establecida inicialmente na liquidación, que adoita coincidir co valor recollido na escritura de compravenda da vivenda.

A este respecto, pode considerarse que a circunstancia de que a administración tributaria utilice ao efectuar a comprobación de valores un sistema de valoración obxectiva (como é o medio do aliña g do artigo 57 da LXT) en lugar dun mecanismo de valoración concreta e individualizada (como sería o ditame de peritos da administración) sería correcto legalmente, xa que estes sistemas de valoración obxectiva foron precisamente unha das novidades introducidas pola Lei 58/2003, xeral tributaria.

Agora ben, o feito de que a administración tributaria poida acudir ao efectuar a comprobación de valores ao valor de taxación hipotecaria dun inmoble non impide que o contribuínte afectado poida discutir esa valoración a través da taxación pericial contraditoria cando estime que o valor de taxación supera o valor real ou de mercado do inmoble. A este respecto, pode considerarse á vista da Lei Xeral Tributaria que desde que o obrigado tributario insta un expediente de taxación pericial contraditoria, a administración tributaria non pode xa tomar como referencia neste expediente o valor de taxación hipotecaria, senón que debe realizar unha peritaxe concreta e individualizada, asinada por un facultativo con titulación adecuada á natureza dos bens a valorar, e iso por imperativo do artigo 135.2 da Lei xeral tributaria. En efecto, sinálase neste precepto legal que "será necesaria a valoración realizada por un perito da administración cando a cuantificación do valor comprobado non se realizase mediante ditame de peritos daquela".

Sen embargo, en relación con este orzamento inicial para a taxación pericial contraditoria, e tan relevante para os dereitos do contribuínte, establece o artigo 64 da citada Lei galega 16/2007, de orzamentos da Comunidade Autónoma Galega para 2008 que "o órgano competente trasladará aos interesados a valoración motivada que figure no expediente referida ao ben obxecto da taxación, calquera que fose o medio de comprobación utilizado de entre os sinalados no artigo 57 da Lei 58/2003, xeral tributaria".

A este respecto, á vista da normativa autonómica, como premisa inicial na taxación pericial contraditoria podería partirse do valor outorgado na taxación hipotecaria,

pero a norma do artigo 135.2 da Lei xeral tributaria esixiría que se tomase como valor de referencia inicial non unha valoración obxectiva como a fixada na escritura da hipoteca, senón unha taxación *ad hoc* a través dun perito da administración, converténdose esta taxación no valor comprobado pola administración.

En relación con este conflito normativo debemos subliñar que a cuestión que se debate é determinar o alcance das competencias que corresponderían á Comunidade Autónoma de Galicia en relación co imposto de transmisións patrimoniais e actos xurídicos documentados, e que nos artigos 40 e 41 da Lei 21/2001, de medidas fiscais e administrativas do novo sistema de financiamento das comunidades autónomas concrétase en que as comunidades autónomas, ademais dos aspectos referidos aos tipos de gravame e ás deducións e bonificacións da cota, poderán regular os aspectos de xestión e liquidación deste imposto. Neste sentido, abórdase aquí a polémica sobre o alcance desta competencia normativa da Comunidade Autónoma. A este respecto, no artigo 47 da Lei 21/200, que trata do alcance da delegación de competencias en relación coa xestión e liquidación do citado imposto sinálase expresamente que corresponderá ás comunidades autónomas "a incoación dos expedientes de comprobación de valores, utilizando os mesmos criterios có Estado".

A este respecto, nalgunha das queixas recibidas formulábase precisamente este problema das diferenzas entre a normativa estatal e a autonómica, e apuntábase á posible inconstitucionalidade do citado artigo 64 da Lei 16/2007. Así as cousas, entendemos nesta oficina do Valedor do Pobo que aínda que non poida xa formularse un recurso de inconstitucionalidade por transcorrer o prazo para a súa formulación, podería sen embargo propoñerse unha cuestión de inconstitucionalidade por aqueles interesados ou contribuíntes que tivesen instado a revisión xudicial da resolución da Consellería de Economía e Facenda.

Ademais deste grupo de queixas, podemos facer referencia tamén a unha queixa na que se formulou unha resolución á Consellería de Economía e Facenda. Trátase da **queixa 240/08** na que unha veciña de Vigo nos mostraba a súa desconformidade coa liquidación realizada nun expediente en concepto de imposto de sucesións, indicándonos

tamén que no trámite de audiencia presentara escrito de alegacións e a documentación que lle solicitara o Servizo de Xestión Tributaria, e que posteriormente efectuara un ingreso nunha entidade bancaria para facer fronte á liquidación practicada.

A reclamante formula recurso contra a liquidación realizada e sinala na súa queixa que, a pesar do tempo transcorrido, non se resolveu o recurso pola Delegación Territorial da Consellería. Despois de admitir a trámite a queixa, e solicitar información da Delegación Territorial en Vigo, recibimos un informe no que se acredita que finalmente, tras transcorrer un prazo de case dous anos, se resolveu o recurso formulado.

En consecuencia, formulamos á Delegación Territorial da Consellería de Economía e Facenda en Vigo, o seguinte RECORDATORIO DE DEBERES LEGAIS: "Que de conformidade co mandato constitucional recollido nos artigos 9.1 e 103.1 da Constitución española que consagran os principios de legalidade e de eficacia na actuación da Administración Pública, nesa Delegación Territorial se resolvan os recursos interpostos nos procedementos de xestión tributaria nos prazos previstos legalmente". Na resposta remitida pola citada delegación ponse de manifesto a aceptación do recordatorio formulado.

En relación coas **Facendas Locais** formuláronse queixas referidas ao imposto de bens inmobles, ao imposto de vehículos de tracción mecánica, e tamén respecto de taxas municipais pola prestación de determinados servizos.

Así, en relación coa taxa de saneamento de augas residuais formuláronse numerosas queixas (67) polos veciños da parroquia do Pindo, do Concello de Carnota, por desacordo co cobro por unha taxa de saneamento de augas residuais, pois entendían que non recibían ese servizo.

En relación con estas queixas recibimos un informe do Concello de Carnota no que se indicaba que na citada parroquia había unha rede primaria de saneamento, que vertía mediante emisario ao mar; que non había, polo tanto, depuración, pero si rede de sumidoiro. Seguía sinalando o citado informe municipal que no caso do Pindo, a rede de

sumidoiro existente aínda non está conectada á estación depuradora de augas residuais de Caldebarcos, aboando, en consecuencia, unicamente a taxa de saneamento, e que no momento que se executen as obras proxectadas para enviar esas augas á planta depuradora terán que aboar, tamén, a taxa por depuración de augas residuais.

No informe facíase constar que o Concello de Carnota, ao mesmo tempo que adxudicara o servizo a unha empresa concesionaria, aprobaba con data do 5-3-2007 o Regulamento de vertido, e que o que a empresa concesionaria cobraba estaba preceptuado no artigo 18 deste regulamento. Concretamente, establécese neste artigo que "os abonados ao servizo de augas deberán obrigatoriamente conectarse á rede de saneamento cando as súas vivendas ou instalacións se encontren a menos de cen metros da rede pública, e quedarán obrigatoriamente fóra de servizo todas aquelas fosas sépticas que se encontren a esa distancia da rede pública de saneamento". Sinálase ademais no informe que a normativa da Xunta de Galicia é moito máis estrita porque determina, non 100 metros, senón 200 metros.

Na **queixa 519/07** un veciño de Vigo manifesta o seu desacordo co cobro de dous recibos pola taxa de recollida de lixo dunha vivenda unifamiliar correspondentes ao 2006, indicando respecto do segundo recibo , que sofre ademais unha recarga, que non estaba obrigado ao pagamento. O interesado presentara unha reclamación ante o Tribunal Económico-Administrativo do Concello de Vigo, que levaba case dous anos pendente de resolver, e que finalmente se resolveu.

A este respecto, á vista da inactividade do citado tribunal durante un prolongado período de tempo, consideramos que debería terse en conta a normativa aplicable, e en concreto a Lei 58/2003, do 17 de decembre, xeral tributaria, que ao regular o procedemento abreviado ante órganos unipersoais, nos artigos 245 a 248, establece que "o prazo máximo para notificar a resolución será de seis meses contados desde a interposición da reclamación".

En consecuencia, desde esta oficina do Valedor do Pobo formulamos ao presidente do citado tribunal un RECORDATORIO DE DEBERES LEGAIS nos seguintes

termos: “Que de conformidade co mandato constitucional recollido nos artigos 9.1 e 103.1 da Constitución española, que consagran os principios de legalidade e de eficacia na actuación da Administración Pública, ese tribunal deberá resolver as reclamacións económico-administrativas, respectando os prazos previstos na normativa reguladora do procedemento”. Na resposta recibida do Concello de Vigo limítanse a remitir unha fotocopia da resolución rexeitadora da reclamación presentada, e que xa nos remitiran con anterioridade.

Tamén en relación coa facenda local na **queixa 1241/08** expuña unha veciña de Santiago de Compostela o seu desacordo cunha liquidación con recarga do imposto de plusvalía a pesar de ter presentado a documentación en tempo e forma. Manifestaba a reclamante que solicitara a anulación da recarga, e que a pesar diso lle embargaran unha conta bancaria.

A este respecto, solicitada información ao Concello de Santiago de Compostela, remitíronnos un informe do Servizo de Tesourería sobre a tramitación do procedemento tributario, no que se constataba pola propia administración municipal que do actuado resultaba *“un deficiente funcionamento da Administración Tributaria Local”*, como concluía no informe do Concello, e, en particular, observábase unha evidente tardanza na tramitación dos expedientes e resolución de recursos.

En consecuencia, formulamos ao Concello de Santiago de Compostela un RECORDATORIO DE DEBERES LEGAIS nos seguintes termos: “Que de conformidade co mandato constitucional recollido nos artigos 9.1 e 103.1 da Constitución española que consagran os principios de legalidade e de eficacia na actuación da administración pública, ese concello tramite os procedementos de xestión tributaria e, máis en concreto, resolva os recursos de reposición nos prazos previstos legalmente”. No momento de redactarse o presente informe anual non recibimos a resposta do Concello de Santiago de Compostela ao recordatorio formulado.

Por outra parte, en relación co imposto sobre vehículos de tracción mecánica, podemos mencionar a **queixa 1680/08** formulada por un veciño de Nigrán polo cobro polo

ORAL deste imposto con recarga de constrinximento. A este respecto, solicitada información a este organismo da Deputación de Pontevedra, recibimos un informe no que se indicaba que a xestión tributaria do imposto corresponde ao Concello de Nigrán e que unicamente a recadación en vía executiva foi delegada no ORAL.

No informe indicábase que as listas cobratorias do IVTM do exercicio 2007 expuxeran ao público polo Concello de Nigrán, momento procedemental no que os interesados debían presentar as reclamacións que considerasen pertinentes, sen que constase que o reclamante presentara reclamación, e que remitido polo Concello de Nigrán o valor non ingresado, o ORAL emitira a correspondente providencia de constrinximento.

Indica o informe que, posteriormente, por decreto da a Alcaldía do Concello de Nigrán de data do 31-7-2008 se declarou a duplicidade da liquidación, polo que a Tesourería do ORAL ditou resolución declarando nula a providencia de constrinximento notificada.

Na **queixa 1348/08** unha veciña do Barco de Valdeorras refírese a unha solicitude de exención do IVTM por padecer unha discapacidade, solicitude que fora denegada polo concello.

Admitida a trámite a queixa, desde esta oficina do Valedor do Pobo solicitamos a información correspondente do Concello do Barco de Valdeorras, e recibimos un informe no que se indicaba que á reclamante non se lle puidera recoñecer a exención xa que non achegaba determinada documentación que se lle pedira en aplicación da ordenanza fiscal correspondente (permiso de condución, póliza do seguro do vehículo na que figure o condutor habitual deste).

1.11.3.2 Ordenación da actividade económica

Unha primeira epígrafe desta subárea estaría constituída polas queixas referidas a entidades financeiras, debendo subliñarse a este respecto que se trataría neste caso de entidades privadas, polo que as súas actuacións non poderían ser supervisadas polo

Valedor do Pobo, en tanto que a nosa función de control se refire ao ámbito das administracións públicas.

Neste tipo de queixas, facilitamos ao reclamante a información que precisa para resolver as diferenzas que lle xorden coa súa entidade bancaria, habitualmente referidas a desacordos con determinadas actuacións das entidades bancarias (incumprimentos contractuais, abusos de comisións, etc.). Neste sentido, proporcionamos información sobre o servizo de atención ao cliente da propia entidade, e no que lle deberán informarlle sobre a base legal das relacións que establecen co cliente. Por outra parte, indicamos tamén aos reclamantes que no caso de que o servizo de atención ao cliente non lles facilite a información solicitada ou que estean en desacordo con ela poderán dirixirse ao Servizo de Reclamacións do Banco de España.

No que afecta ás caixas de aforro galegas, o Decreto lexislativo 1/2005, do 10 de maio, polo que se aproba o texto refundido das leis 7/1985, do 17 de xullo e 4/1996, do 31 de maio, de caixas de aforro de Galicia sométeas ao protectorado da Xunta de Galicia a través da *Consellería de Economía e Facenda*. Establece normas de protección aos clientes (seguridade), regula a figura do valedor do cliente, e dispón a creación dunha oficina de reclamacións na dita *Consellería de Economía e Facenda.* O Decreto da Xunta de Galicia núm. 270/1998, do 24 de setembro (*DOG* 195, do 7 de outubro), crea a oficina de reclamacións de clientes das caixas de aforro, e establece o procedemento para presentar as queixas e reclamacións.

1.11.3.3 Seguros

Neste campo recibimos un escaso número de queixas, nas que dada a natureza privada das entidades aseguradoras non é posible a nosa intervención, polo que lles indicamos aos reclamantes que soliciten información á Dirección Xeral de Seguros, dependente do Ministerio de Economía e Facenda.

A este respecto, debe sinalarse que o Real decreto 303/2004, do 20 de febreiro, de protección do consumidor, aproba o Regulamento dos comisionados para a defensa do

cliente dos servizos financeiros (créase a figura do comisionado para a defensa do asegurado).

1.11.3.4 Transportes

En relación con esta materia é habitual que se presenten queixas referidas a incumprimentos por parte das empresas de transporte público de viaxeiros de determinados aspectos sobre a prestación do servizo, sen que previamente se presentase unha denuncia ou reclamación ante os servizos provinciais correspondentes da Consellería de Política Territorial, Obras Públicas e Transportes. Neste sentido, debemos destacar que dada a natureza privada da empresa afectada pola queixa a súa actuación non pode ser obxecto dunha investigación ou supervisión desta oficina do Valedor do Pobo, polo que para que a nosa intervención sexa posible é necesario que o interesado presente previamente unha denuncia ante a Administración competente. Este tipo de queixas, polo tanto, non poden ser admitidas a trámite inicialmente por esta oficina do Valedor.

A este respecto, entre as queixas que puideron admitirse a trámite por terse producido con anterioridade unha actuación administrativa, poden indicarse as seguintes:

Na **queixa 306/08** unha empresa de transportes refírese á tardanza da Dirección Xeral de Transportes en resolver un recurso de alzada que interpuxera por unha multa relacionada cunha infracción grave consistente en contratar a realización de transporte de mercancías incumprindo a obrigación de consignar datos obrigatorios na documentación de control. A este respecto, admitida a trámite a queixa e solicitado informe da Dirección Xeral sinalada, indícannos que o recurso foi finalmente resolto en sentido rexeitador, e nun prazo de tempo de 13 meses desde a data de interposición.

En relación co atraso da Administración en ditar resolución expresa no recurso de alzada, e tendo en conta a normativa aplicable, en particular o artigo 117.2 da Lei 30/1992, reguladora do procedemento administrativo común, e en que se sinala expresamente que “o prazo máximo para ditar e notificar a resolución do recurso de alzada <u>será de tres meses</u>”.

En consecuencia, e en exercicio das facultades conferidas polo artigo 32.1 da Lei do Valedor do Pobo, formulamos ao Director Xeral de Transportes o seguinte RECORDATORIO DE DEBERES LEGAIS: *"Que de conformidade co mandato constitucional recollido nos artigos 9.1 e 103.1 da Constitución española que consagran os principios de legalidade e de eficacia na actuación da administración pública, esa Dirección Xeral resolva os recursos de alzada no prazo de tres meses previsto legalmente"*.

A este respecto, recibimos unha resposta da Dirección Xeral citada aceptando o recordatorio formulado, e indicando que poría para iso os medios que fosen necesarios.

A **queixa 719/08** presentouna un veciño de Ponteareas en relación coa solicitude presentada ante a Dirección Xeral de Transportes para que lle facilitasen información sobre os horarios de saída da Cañiza a Vigo do servizo regular de transporte de viaxeiros prestado polas empresas concesionarias. Da documentación que achegaba ao expediente resultaba que existía unha demora na aprobación dos horarios para dúas das concesións que se incluían no corredor A Cañiza – Ponteareas – Porriño – Vigo.

No informe remitido pola Dirección Xeral indicábase respecto da problemática da harmonización de horarios no citado corredor que estaba aberto un procedemento de regularización de concesións no que tamén se encontraba incluídas as concesións ás que se refería a queixa; sinalábase tamén no informe que o obstáculo que se presentaba para a aprobación de horarios destas concesións radicaba na oposición dos outros concesionarios á proposta efectuada pola empresa.

Concluía o informe da Dirección Xeral de Transportes que o que se pretendía era incluír a harmonización de horarios no corredor citado, no marco do novo plan de transporte metropolitano, e que se estaba á espera de que o procedemento de regularización de concesións finalizase o seu trámite nos Servizos Provinciais de Transportes.

Na **queixa 838/08** un transportista da comarca do Barbanza refírese á competencia desleal que deben sufrir as empresas autorizadas por parte de determinadas

empresas que carecendo da tarxeta correspondente se dedican ao transporte de mercancías, e de que por parte da autoridade administrativa competente non se realizaron as necesarias actuacións de inspección para detectar as irregularidades destas empresas clandestinas.

Recibimos, a este respecto, un informe da Dirección Xeral no que se indicaba que estas afirmacións non respondían á realidade pois realizáranse recentemente dúas inspeccións con persoal da Subdirección Xeral de Inspección e axentes da Garda Civil na comarca do Barbanza, e sen obterse resultados que confirmasen as presuntas irregularidades denunciadas polo reclamante. Sinálase tamén no citado informe que dada a complexidade que supón sorprender ás empresas denunciadas realizando transporte irregular os días en que os servizos de inspección se trasladen a esa zona, solicitouse desde a Dirección Xeral a colaboración do sector da Garda Civil de Tráfico.

1.11.3.5 Comunicacións

Dentro das queixas tramitadas na área de comunicación, destaca pola súa singularidade a reclamación presentada polo secretario de Organización do Partido Popular de Galicia e de dúas persoas contra a actuación dos órganos reitores da Compañía de Radiotelevisión Galega, ao entender que os servizos informativos incumprían os principios de obxectividade, veracidade e imparcialidade no seu labor informativo, non respectaban o pluralismo político e non se aplicaban os criterios establecidos para a distribución na radiotelevisión de Galicia dos espazos destinados aos grupos políticos máis significativos.

A súa reclamación, desenvolvida en 14 folios e acompañada dunha extensa documentación, foi contradita polo director xeral de Radio Televisión Galega no seu informe-declaración de 284 folios, cunha documentación complementaria recollida nas actas da súa comparecencia ante o Consello de Administración e nas intervencións realizadas ante a comisión permanente non lexislativa de control de CRTVG no período de novembro 2005 a xuño do 2008.

Reabríase desta forma un tema complexo e difícil sobre o cal se pronunciou esta institución no informe ordinario correspondente ao ano 1997, con ocasión da defensa dos dereitos fundamentais á liberdade de expresión, comunicación e información.

A transcendencia das cuestións agora formuladas no escrito de reclamación, obrigaron á institución do Valedor a fixar, de novo, a súa posición en cinco consideracións referidas á competencia da institución para tramitar a queixa, aos órganos garantes do pluralismo político interno, á cobertura informativa, ao dereito de antena en radiotelevisión galega e ao tratamento informativo que se debe dar da actualidade política.

Conclúe esta intervención e mediación do Valedor formulando dúas recomendacións e unha suxestión que pola súa importancia se reproducen.

Previamente se fai preciso subliñar que por esta institución se constata unha evidente discrepancia tanto en relación cos feitos alegados como sobre todo en relación coa súa valoración. Sen embargo, non corresponde neste procedemento de queixa pronunciarse sobre unha suposta proba dos feitos achegados, o que resulta máis propio doutras sedes. Tampouco poden extraerse valoracións concluíntes en apoio das opinións defendidas por calquera das dúas partes. O que resulta claro é que a materia é obxecto permanente de polémica e discrepancias políticas, polo que deben ser os axentes propios desta orde os que establezan dunha forma definitiva unhas regras de xogo obxectivas e que sirvan a estes tanto se a continxencia política os sitúa en tarefas de goberno coma de oposición. Polo tanto, as recomendacións, suxestións e en xeral os argumentos que se expresan na presente resolución deben interpretarse na liña de lograr un necesario consenso nos temas principais, legais e de xestión ordinaria de todos os aspectos obxecto da queixa.

RECOMENDACIÓNS:

PRIMEIRA. Exercer a competencia establecida no artigo 7.1.ll) da Lei 9/1984, para garantir os principios de obxectividade, veracidade e imparcialidade das informacións, e constituír o Consello Asesor previsto no seu artigo 9.

SEGUNDA. Recordar que un dos obxectivos da programación -integrante dos xerais aprobados polo Consello de Administración no seu acordo do 12 de maio de 1986- é a obrigación de manter “unha liña de obxectividade, pluralismo e servizo ao pobo galego incompatible con ningún tipo de partidismo”. Por iso, deben desenvolverse os criterios obxectivos do dereito de antena do artigo 17 da Lei 9/1984, como ocorreu cos principios de programación do artigo 16, coa finalidade de establecer unhas pautas xerais de comportamento informativo acordes co pluralismo político, relixioso, social, cultural e lingüístico, e que garanten a neutralidade informativa.

SUXESTIÓN:

Que se reclame dos órganos autonómicos competentes a modificación do actual estatuto de RTVG, mesmo das normas con rango de lei que sexan precisas, para fortalecer os instrumentos de garantía respecto da información institucional e política e o dereito de acceso dos grupos políticos e sociais aos medios de comunicación de titularidade pública; para garantir os principios de obxectividade e neutralidade política no tratamento tanto da información institucional coma da política; e para que se establezan uns criterios de acceso dos grupos políticos aos medios de comunicación de titularidade pública acordes cos principios mencionados, e de representación parlamentaria e implantación política no ámbito territorial de actuación.

1.11.4 RESOLUCIÓNS DO VALEDOR DO POBO EN MATERIA DE ADMINISTRACIÓN ECONÓMICA, COMUNICACIÓNS E NOVAS TECNOLOXÍAS.

1.- Recordatorio de deberes legais dirixido ao Presidente do Tribunal Económico Administrativo en data 2 de xuño de 2008 para que resolva as reclamacións nos prazos marcados legalmente. (Q/519/07)

Nesta institución, recibimos escrito de queixa promovido por D. M.M.P., no que manifesta que o Concello de Vigo pásalle ao cobro dous recibos por recollida de lixo correspondentes ao ano 2006, por unha vivenda familiar na que viven tres membros. Engade que "pagou o que corresponde", e presenta reclamación sobre o segundo, que, sen embargo, é obxecto de recarga o pasado decembro do ano 2006, volvendo a enviar novo escrito dicindo que non procedía o seu cobro.

Que os escritos non foron contestados polo concello.

Solicitamos información sobre os trámites do expediente tributario, instando a ese tribunal a resolver a reclamación económico-administrativa interposta por D. M.M.P.

Ese tribunal remítenos, mediante Fax, fotocopia da resolución ditada no expediente 0411/550, con data 4/4/2008.

Do actuado resulta que o interesado presentou a reclamación ante ese tribunal, con data 11/5/06, que se tramitou polo procedemento abreviado ante órganos unipersoais.

Á vista da inactividade dese Tribunal Económico-Administrativo, durante tan prolongado período de tempo (case dous anos), procede examinar a normativa establecida respecto do procedemento abreviado ante órganos unipersoais.

A Lei 58/2003, do 17 de decembro, regula este procedemento abreviado ante órganos unipersoais nos artigos 245 ao 248, e establece que "o prazo máximo para notificar a resolución será de seis meses contados dende a interposición da reclamación."

En consecuencia, no exercicio das facultades conferidas polo artigo 32.1 da Lei do Valedor do Pobo, formulamos o **recordatorio de deberes legais seguinte:**

> **"Que de conformidade co mandato constitucional recollido nos artigos 9.1 e 103.1 da Constitución española, que consagran os principios de legalidade e eficacia na actuación da administración pública, ese tribunal deberá resolver as reclamacións económico-administrativas, respectando os prazos previstos na normativa reguladora do procedemento."**

De acordo co disposto no artigo 32.2 da devandita Lei do Valedor do Pobo, deberá responder a este recordatorio de deberes legais no prazo dun mes, manifestando a súa aceptación ou desacordo, e neste caso, os motivos da non aceptación.

Resposta do Presidente del Tribunal Económico Administrativo: Aceptado

2. Recordatorio de deberes legais dirixido á Delegada Territorial da Consellería de Economía e Facenda en Vigo, en data 22 de abril de 2008 para que se resolvan nos plazos previstos legalmente os recursos interpostos nos procedementos de xestión tributaria (Q/240/2008).

Nesta institución recibimos escrito de D.ª A.Mª F.Y., no que manifesta a tardanza en resolver o recurso de reposición interposto no expediente S-1645/04.

Esa delegación territorial infórmanos da resolución do recurso mediante oficio de data 8 de abril de 2008 (R.S. 33080).

Á vista do atraso en ditar resolución no expediente de referencia, procede examinar a normativa aplicable nesta materia.

A Lei 4/1999, do 13 de xaneiro, que modifica a Lei 30/1992, reguladora do procedemento administrativo, restablece o recurso de reposición, con carácter potestativo para os interesados, contra os actos que poñen fin á vía administrativa.

O artigo 117.2 da Lei 30/92, aplicable a todas as administracións públicas, establece que o "*prazo máximo para ditar e notificar a resolución do recurso* *será dun mes*"

Por outra banda a Lei xeral tributaria regula o recurso de reposición en vía administrativa (cap. III, título V), e establece que "o prazo máximo para notificar a resolución será dun mes contado desde o día seguinte ao da presentación do recurso".

Aínda que teñamos en conta o cuantioso número de recursos que se interpoñen nos procedementos tributarios, procede que no exercicio das facultades conferidas polo artigo 32.1 da Lei do Valedor do Pobo, formulámoslle o seguinte **recordatorio de deberes legais:**

"Que de conformidade co mandato constitucional recollido nos artigos 9.1 e 103.1 da Constitución española que consagran os principios de legalidade e eficacia na actuación da administración pública, nesa delegación territorial se resolvan os recursos interpostos nos procedementos de xestión tributaria nos prazos previstos legalmente."

Resposta do Delegado Territorial da Consellería de Economía e Facenda en Vigo : Aceptado

3.- Recordatorio de deberes legais dirixido á Directora Xeral de Transportes en data 16 de abril de 2008 para que resolva os recursos de alzada no prazo de tres meses previsto legalmente.(Q/306/2008).

Nesta institución, recibimos escrito de D.ª O.F.M., no que manifesta a tardanza en resolver o recurso de alzada interposto no expediente sancionador incoado á empresa V., S.L. (referencia OU-02225-O-2006). Data de interposición do 8 de marzo de 2007.

Esa dirección xeral comunícanos a resolución do recurso, ditada con data 9 de abril de 2008.

Á vista do atraso da administración en ditar resolución expresa no recurso de alzada, procede examinar a normativa aplicable nesta materia.

A Lei 4/1999, do 13 de xaneiro, que modifica a Lei 30/1992, reguladora do procedemento administrativo, establece no artigo 117.2, aplicable a todas as administracións públicas, que "o prazo máximo para ditar e notificar a resolución do recurso de alzada será de tres meses".

En consecuencia, procede que no exercicio das facultades conferidas polo artigo 32.1 da Lei do Valedor do Pobo, lle formulemos o seguinte recordatorio de deberes legais:

> **"Que de conformidade co mandato constitucional recollido nos artigos 9.1 e 103.1 da Constitución española que consagran os principios de legalidade e eficacia na actuación da administración pública, esa dirección xeral resolva os recursos de alzada no prazo de tres meses previsto legalmente."**

4. Recordatorio de deberes legais dirixido ao Alcalde-Presidente do Concello de Santiago de Compostela en data 17 de outubro de 2008 para que resolva os recursos de reposición nos prazos previstos legalmente.(Q/1241/08).

Nesta institución recibimos escrito de D.ª M.B.G., no que se queixa de que se lle xira unha "liquidación con recarga" en concepto de plusvalía, a pesar de presentar a documentación en tempo e forma. E que solicitou a "anulación da recarga", a pesar do cal se lle embargou unha conta bancaria.

O concelleiro delegado de Facenda remítenos informe do servizo de Tesourería sobre a tramitación do procedemento tributario (R.S. n.º 28008, do 6 de outubro).

Do actuado resulta *"un deficiente funcionamento da Administración Tributaria Local"*, como conclúe o informe do concello, e, en particular, unha evidente tardanza na tramitación dos expedientes e en resolver os recursos de reposición.

A ese efecto, procede facer unha breve referencia á normativa aplicable nesta materia.

A Lei 4/1999, do 13 de xaneiro, que modifica a Lei 30/1992, reguladora do procedemento administrativo, restablece o recurso de reposición, con carácter potestativo para os interesados, contra os actos que poñen fin á vía administrativa.

O artigo 117.2 da Lei 30/92, aplicable a tódalas Administracións Públicas, establece que o "*prazo máximo para ditar e notificar a resolución do recurso <u>será dun mes</u>*"

Por outra banda a Lei xeral tributaria regula o recurso de reposición en vía administrativa (cap. III, título V), e establece que "o prazo máximo para notificar a resolución será dun mes contado desde o día seguinte ao da presentación do recurso".

Aínda que se acepten as consideracións expostas no informe, procede que no exercicio das facultades conferidas polo artigo 32.1 da Lei do Valedor do Pobo, lle formulemos o ***recordatorio de deberes legais*** seguinte:

> **"Que de conformidade co mandato constitucional recollido nos artigos 9.1 e 103.1 da Constitución española que consagran os principios de legalidade e eficacia na actuación da administración pública, ese concello tramite os procedementos de xestión tributaria e, máis en concreto, <u>resolva os recursos de reposición</u> nos prazos previstos legalmente."**

Resposta do Alcalde de Santiago de Compostela: Aceptado

5. Recomendacións e suxestión do 20 de outubro de 2008, dirixida ao Director Xeral da CRTVG, para garantir os principios contidos no artigo 7.1.ll) e desenvolver os criterios obxectivos do artigo 17 da Lei 9/1984, de 11 de xullo. (Q/1311/08)

Ante esta institución, mediante escrito de queixa, compareceron D. A.R.V., D. E.L.V. e Dª M.M.S.S., solicitando a nosa intervención, en relación co incumprimento polos servizos informativos da RTVG dos principios de obxectividade, veracidade e imparcialidade nos informativos, do respecto ao pluralismo político e dos criterios establecidos para a distribución de espazos na radiodifusión e televisión de Galicia.

ANTECEDENTES

1. O escrito de queixa, integrado por 14 folios e un conxunto de documentos complementarios para a xustificación dos feitos alegados, estrutúrase en sete alíneas referidas:

- Á relevancia da RTV no proceso de formación dunha opinión pública libre. Invocan para estes efectos as sentenzas do Tribunal Constitucional 12/1982, do 31 de marzo, e 223/1992, do 14 de decembro, e o informe do Valedor do Pobo do ano 1997 (I).

- Ao recoñecemento e protección do dereito fundamental a comunicar e recibir libremente unha información veraz por calquera medio de difusión. Alegan a interpretación feita do artigo 20 da Constitución española polas sentenzas do Tribunal Constitucional 6/1991, do 15 de marzo; 12/1982, do 31 de marzo; e 127/1994, do 5 de maio; así como o desenvolvemento normativo autonómico reflectido nos artigos 16, aliñas b), c) e d) e 17.1 da Lei 9/1984, do 11 de xullo, de creación da Compañía de Radio Televisión de Galicia, e, por último, o comentario xeral contido no informe do Valedor do Pobo do ano 1997 (II).

- Á condición do Partido Popular como o grupo político máis significativo de Galicia. É o de maior representación parlamentaria. (III).

- Ao incumprimento por parte da compañía de RTVG non só da Lei 9/1984, do 11 de xullo, de creación da Compañía de Radio-Televisión de Galicia, senón tamén de se

converter nun instrumento que ten entre as súas finalidades prexudicar o Partido Popular, axuizamento que avala cunha morea de feitos relacionados nos folios 9 e 10 do seu escrito (IV).

- Ás denuncias formuladas ante a Comisión Permanente non Lexislativa de Control da Compañía da RTVG nas distintas sesións relacionadas (V).

- Ás denuncias presentadas nas reunións celebradas polo consello de administración do CRTVG (VI).

- Ao resumo sobre o reiterado incumprimento da compañía RTVG das esixencias constitucionais e legais no funcionamento dun medio de comunicación de titularidade pública (VII).

2. Concedido un prazo extraordinario de 45 días para emitir o correspondente informe por parte da Compañía de RTVG, con data 9 de setembro o director da compañía presentou o seu informe-contestación integrado por 284 folios e unha documentación complementaria na que constan as actas das comparecencias do citado director xeral ante o Consello de Administración da CRTVG e, en DVD, as que realizou ante a Comisión Permanente non Lexislativa de Control da CRTVG no período que vai dende novembro 2005 a xuño do 2008.

2.1. Na parte dedicada a informe salienta aqueles aspectos relevantes en relación coa queixa formulada e sobre o que terá que pronunciarse esta institución facendo referencia aos seguintes aspectos:

2.1.1. - “Os actuantes en nome do PPdeG só pretenden (...) desacreditar os medios públicos de comunicación de Galicia para sacar un rédito exclusivamente político”.

2.1.2. - A intención exclusivamente política da queixa apréciase polos postos que ocupan os que a subscriben. Deles, unha participa no órgano de dirección e control interno dos medios audiovisuais, ou sexa o Consello de Administración, e outro é un deputado

pertencente á comisión parlamentaria de control, sen esquecer o momento en que se fai a queixa cando “a actual lexislatura está preto a rematar ...”.

2.1.3. - Formúlase, ademais, cando se atopa en trámite unha iniciativa lexislativa para reformar a actual lei en liña co aprobado polo Estado e algunhas comunidades autónomas.

2.1.4. - Hai unha confusión entre os principios de programación, que inspiran a cobertura informativa, e os criterios obxectivos referidos ao dereito de antena, sen que sexa posible aplicar a proporcionalidade da representación parlamentaria de xeito xeneralizado.

2.1.5. - Non existe un *ninguneo* informativo ao Partido Popular de Galicia nin a *gubernamentalización* do medio audiovisual, poñendo de manifesto:

- A pluralidade, imparcialidade e neutralidade dos informativos naqueles acontecementos caracterizados pola súa especial relevancia.

- A recuperación de audiencia para os informativos galegos. A transparencia da súa actuación permitiu acadar unha cota de pantalla no Telexornal 1, en xullo do 2008, do 34,4 %.

- O establecemento dun enlace “a galega.info” posto a disposición dos usuarios.

2.1.6. - A falla de documentación para apoiar as manifestacións e argumentos dos que a subscriben.

2.2. Nesta parte o documento remitido da contestación ás cuestións formuladas.

2.2.1. - Resposta, en primeiro lugar, a referencia que os titulares da queixa toman do informe anual do Valedor do Pobo de 1997 sobre os dereitos fundamentais, a liberdade de expresión e de comunicación e a liberdade de información, considerando que non se pode aplicar a actual lexislatura a reflexión recollida nese informe porque agora se respecta

o dereito a comunicar e recibir libremente a información, restrinxida aos feitos que poidan considerarse noticiables.

2.2.3. - O artigo 16 da Lei de creación da RTVG establece os principios que deben inspirar a programación dos medios de comunicación de Galicia. No seu desenvolvemento o Consello de Administración da compañía, no seu acordo de 12 de maio de 1986, prestou a súa aprobación a uns principios xerais de programación dedicando o sétimo á denominada información institucional, que ten a súa orixe en actos dos órganos de goberno da Comunidade Autónoma.

"Estes principios son rigorosamente aplicados nos informativos da TVG e da RAG" (páxina 34 do informe contestación).

2.2.4. - Existe unha nidia separación entre información política (primeiro dos principios), que será obxecto de desenvolvemento a través de normas específicas, e a información institucional (sétimo principio).

2.2.5. - Subliñan a especial regulación da información no período electoral. En cumprimento do disposto no artigo 66 da Lei orgánica de réxime electoral xeral (en diante LOREG) respéctase o pluralismo político e a neutralidade informativa aplicando á información política deste período os criterios xerais de representatividade dos grupos políticos máis significativos conforme os acordos da Xunta Electoral central ou da Comunidade Autónoma.

2.3. Argumentos en contra do escrito de queixa.

Nesta epígrafe do informe-declaración faise referencia á condición política dos reclamantes; á competencia do Valedor do Pobo na cuestión; á discrepancia respecto á manifestación de que a TVG agocha a imaxe dos señores representantes e líderes do PP de Galicia, á dedicación non proporcional de tempos na anterior lexislatura; á información desvirtuada; a parcialidade do feito noticiable; ao cambio de criterio do PP sobre a información institucional e ao principio de proporcionalidade na información política, á

gubernamentalización dos medios públicos nas anteriores lexislaturas; e á minusvalorización da información institucional.

Logo de expoñer estas opinións o informe pecha na páxina 82 cunha conclusión consistente en que se arquive o expediente, sen recordatorio e sen recomendacións aceptando a súa *opinio iuris* sobre a súa regulamentación legal cara á nova lei en redacción.

2.4. ANEXOS. Ao documento básico achéganse os seguintes anexos:

- Tratamento informativo do PP de Galicia nos informativos da TVG.

- Presentación de noticias referidas ao PPdeG.

- O partido maioritario aparece nos espazos informativos que lle corresponden en base á súa representatividade parlamentaria.

- As distintas aparicións do PPdeG por vía de entrevista nos telexornais.

- A programación e os criterios de regulación das entrevistas no espazo *Hai debate*.

- As actas do Consello de Administración da compañía.

- As actas da Comisión Parlamentaria de Control.

3. Con data 16 de outubro, os titulares da queixa presentan un escrito de alegacións en relación co informe da Dirección Xeral da CRTVG e unha documentación complementaria que contén unha réplica –polo miúdo- á contestación documentada do citado órgano desa entidade, que se achega ao expediente en trámite para coñecemento e consulta.

CONSIDERACIÓNS

A profusa información achegada por ambas partes ao expediente de queixa obríganos a facer unha síntese e a buscar a resultante entre as opinións contraditorias expostas sobre cada unha das cuestións abertas neste expediente. Por este motivo vémonos na necesidade de facer referencia a unhas consideracións que fundamenten o noso parecer:

PRIMEIRA. Competencia da institución do Valedor do Pobo para tramitar a presente queixa.

En relación co exposto nas páxinas 42 e 43 do informe remitido polo Dirección Xeral da compañía, semella oportuno facer algunha precisión. No noso informe do ano 1997 (páxina 72 *in fine*) afirmábase que *"a televisión pública galega debe ofrecer unha programación de servizo público dirixida á totalidade dos galegos, con amplitude e pluralidade de contidos destinados a formar unha opinión pública libre"*.

Desde entón afortaláronse, tanto pola xurisprudencia constitucional como pola lexislación autonómica, esas dúas ideas centrais: unha opinión pública libre é o resultado dunha comunicación pública tamén libre que debe realizar calquera compañía de radiotelevisión en canto xestora dun servizo esencial para a comunidade e para darlle cohesión a unha sociedade democrática. Resulta notorio que o funcionamento dese servizo público xera unha actividade informativa plural sometida a principios constitucionais, estatutarios e de programación legal, actividade que, ademais, debe respectar –no caso dos informativos- a obxectividade, a veracidade e a imparcialidade das novas que se difunden así como establecer unha nidia separación entre as informacións e as opinións.

Para garantir ese cumprimento, a actividade do medio audiovisual vén sometida a un dobre control: o interno, do seu Consello de Administración, e o externo, da Comisión Lexislativa non permanente do correspondente Parlamento. Sobre este segundo órgano de control non debe este Valedor pronunciarse, xa que ao ser un alto comisionado da Cámara debe respectar a independencia e autonomía dos deputados no exercicio da función de control que teñen asignada.

A situación muda versus ao Consello de Administración e aos órganos de xestión, en especial a Dirección Xeral da compañía, en canto cumpren e fan cumprir o disposto na Lei 9/1984, do 11 de xullo, e ordenan ou supervisan a súa actividade para que os principios de programación e os criterios obxectivos do dereito de antena, dos artigos 16 e 17 da mesma lei, sexan respectados en defensa dunha opinión pública libre "indisolublemente ligada con el pluralismo político que es un valor fundamental y requisito del funcionamiento del estado democrático" (Sentenza do Tribunal Constitucional 12/1982, do 31 de marzo).

É de subliñar que a competencia de supervisión do Valedor do Pobo é xeral e esténdese, sen limitación, a actividade de todos os órganos da administración da Comunidade Autónoma, as administracións locais galegas, e a todos os entes e empresas públicas ou dependentes de Galicia (artigos 14 do Estatuto de autonomía de Galicia e 1.3 da Lei 6/1984, do 5 de xuño, do Valedor do Pobo), entre as que se conta a CRTVG.

Nesa mesma liña, a referencia feita sobre a limitación temporal no tratamento das queixas (un ano dende o coñecemento dos feitos, segundo o artigo 18.3 da Lei 5/1984) lévanos a subliñar que, ao seren "feitos coñecidos ... que se produciron reiteradamente ...", estamos en presenza dun *acto continuado* que para ambas as partes interesadas ten unha transcendencia suficiente en orde a xustificar a nosa intervención non só respecto do último ano, senón tamén dos precedentes.

SEGUNDA.- Órganos garantes do pluralismo político interno.

No noso informe do 1997 *"avógase pola implantación no noso país dun Consello do Audiovisual, ao estilo dos que rexen nalgúns países do noso contorno con amplos cometidos"*. Entón tomouse como marco de referencia:

O *Consello Superior do Audiovisual* de Francia (Lei n.º 89/25, do 17 de xaneiro de 1989); a Alta Autoridade para a Comunicación Social (reformas da constitución portuguesa de 1982 e 1989); ou a *Autoritá per le Garanzie nelle Comunicazioni* (Lei n.º 249, do 3 de xullo de 1997). Agora a necesidade de xeneralizar a creación da citada

autoridade asúmea como propia o Consello da Unión Europea que, nunha das súas conclusións do 26 de xuño de 2000, dicía: *"... a regulación dos contidos dirixida cara a obxectivos de interese xeral tales como a liberdade de expresión, o pluralismo, a diversidade cultural ou a protección dos consumidores, debería basearse en principios fundamentais tales como a proporcionalidade, o recoñecemento de papel de servizo público de radiodifusión e, cando resulte apropiado, a autorregulación como complemento útil da regulación estatal, así como a independencia das autoridades reguladoras..."*.

Que se leva feito neste ámbito? A nivel estatal non existe unha institución independente de control audiovisual, e a nivel autonómico contamos coa experiencia desenvolvida polas comunidades de Cataluña, Navarra e Andalucía, sen que podamos incluír nese grupo ao *Consello Asesor das Telecomunicacións e do Audiovisual de Galicia*, que nin pola súa composición nin polas súas competencias ocupa un lugar nas citadas referencias autonómicas.

Recentemente se realizou o *Informe para a reforma dos medios de comunicación de titularidade do Estado*, elaborado polo Consello creado para o efecto, segundo o previsto no Real decreto 744/2004, do 23 de abril, no que entre outras moitas cousas se sinala que o dereito de acceso é a *materia constitucional pendente* e que "ningún Goberno cumpriu... ese imperativo, co que o dereito de acceso careceu ata agora de normas que impuxeran a súa aplicación efectiva e sistemática nos medios públicos, deixando o seu exercicio ocasional ao arbitrio de cada xestor".

Ante este baleiro legal, a función de control no ámbito autonómico galego do medio audiovisual de titularidade pública encoméndase aos dous órganos anteriormente citados, o Consello de Administración da compañía e a Comisión Permanente Non Lexislativa de Control da CRTVG e das súas sociedades, sen contar co apoio do *Consello Asesor* do artigo 9 da Lei 9/84, definido e non creado, sen exercer as competencias que ten asignadas sobre a programación.

TERCEIRA.- Cobertura informativa.

O artigo 20.1.d) da Constitución española -reiteradamente invocado por ambas as partes neste expediente- recoñece e garante a comunicación libre dunha información veraz e respectuosa cos restantes dereitos constitucionais e, en concreto, co dereito ao honor, á intimidade persoal e á propia imaxe, e coa protección da xuventude, da infancia e das diversas linguas.

O exercicio desta liberdade de información obriga ao medio audiovisual a ofrecer unha información: obxectiva, que deslinde a información da opinión, veraz, que esixe que sexa *"la información comprobada según los canones de la profesionalidad informativa, excluyendo invenciones, rumores o meras insidias"* (STC 105/1990), e imparcial, que se materializa nun dobre deber:

- Informar sobre aqueles asuntos de interese para a comunidade, "*los hechos que puedan considerarse noticiables" (*STC 6/1988).

- Ofrecer oportunidades razoables para a presentación de puntos de vista contrastados naqueles asuntos de importancia pública. Neste sentido, o Tribunal Constitucional, na súa sentenza 159/86, do 16 de decembro (caso EGIN), lémbranos o seguinte:

"... para que el ciudadano pueda formar libremente sus opiniones y participar de modo responsable en los asuntos públicos, ha de ser también informado ampliamente de modo que pueda ponderar opiniones diversas e incluso contrapuestas".

Para garantir esa comunicación libre, o artigo 16 da Lei autonómica 9/84, establece uns principios que deben inspirar a programación informativa e que o ente Radio Televisión Galega considerou necesario concretalos no seu acordo de 12 de maio de 1986, enumerando dez principios que marcan as liñas xerais dos informativos, sobre cuxa aplicación rigorosa semella existir un compromiso transcendente para ambas as partes interesadas.

Dentro desa cobertura informativa xeral adquire unha especial relevancia a información política, tanto nos períodos entre lexislaturas como naqueles de natureza electoral. A eles imos dedicar unha parte específica porque constitúe unha das cuestións principais do expediente de queixa en trámite.

CUARTA.- O dereito de antena na RTVG.

1. O dereito de antena, na súa proxección interna, supón o dereito de acceso a ese medio audiovisual que teñen os grupos políticos e sociais máis significativos, constituíndose nun instrumento básico de interlocución co cidadán, coa finalidade de formar unha opinión pública libre e plural.

A súa importancia no ámbito da información política xustifica a súa regulación normativa. Neste sentido abonda con citar o exemplo de dous estados veciños.

Francia, na súa Lei 94/88, do 1 de xaneiro, obrigaba a comunicar aos presidentes de cada Asemblea e aos responsables dos diferentes partidos representados na Cámaras o extracto dos tempos de intervención das personalidades políticas nos diarios e boletín informativos, nos *magacines* e nos restantes programas para realizar o control da súa información política. No seu desenvolvemento, o Consello Superior do Audiovisual aprobou a instrución do 9 de setembro de 1995 establecendo unha regulación global e axustada dos tempos de emisión.

Portugal, pola súa banda, no artigo 40.1 da súa Constitución recoñece, entre outros, aos partidos políticos o dereito a utilizar tempos de antena no servizo público de radio e televisión, de acordo coa súa relevancia e representatividade e segundo criterios obxectivos definidos legalmente.

Se nos cinguimos ás nosas leis autonómicas, comprobamos que o seus parlamentos reproduciron, en termos xerais, o estatuto da RTVE ao enumerar como criterios obxectivos, -que se terán en conta para acceder aos medios públicos de

comunicación-, a representación parlamentaria, a implantación política, sindical, cultural e o ámbito territorial de actuación.

2. Centrándonos neste intre na nosa comunidade e no ámbito da información política, hai que delimitar tanto o tempo no que se produce como os seus contidos.

2.1. En período electoral, o control da información política exérceno as xuntas electorais, de xeito especial a Xunta Electoral Central e a Xunta Electoral da Comunidade. Elas, consonte os principios prescritos no artigo 66 da LOREG, desenvolveron a través de instrucións e acordos unha regulación detallada na que se concilia a información institucional e o principio da representación proporcional parlamentaria. Tanto no escrito de queixa como no informe contestación do director fanse referencia ás regulacións e acordos adoptados polas xuntas electorais que veñen presidindo, ao noso parecer con acerto, o desenvolvemento da confrontación electoral nos medios audiovisuais de titularidade pública.

Se pasamos agora do período electoral á información política diaria, os elementos a conciliar amplíanse porque ocupan un lugar propio o feito noticiable e a liberdade do informador, que debe velar pola súa independencia e neutralidade.

Xa que logo os criterios de regulación establecidos para o período electoral non son extrapolables, no seu detalle e integridade, ao período entre lexislaturas.

2.2. En canto aos contidos informativos, hai que deslindar a información institucional da política que xeran os respectivos partidos políticos. Distinción sobre a que existe un punto de encontro e aproximación entre ambas partes; ou polo menos así o cremos en base ás referencias que pasamos a detallar.

O director xeral da compañía fai mención desta distinción na páxina 37 do seu informe, e o Consello de Administración da compañía adoptou un acordo na súa reunión do 24 de maio de 2005 en que se recolle esta separación de xeito favorable.

Certo é que nos principios existe acordo, pero na práctica, separar a información institucional, que xera o titular dun órgano de goberno, da súa pertenza a un partido político, só é posible mantendo un consenso permanente de perfís complexos. Un exemplo próximo témolo en Francia, na *Régle des trois tiers*, establecida no ano 1967 e que o Consello Superior do Audiovisual segue aplicando con novas melloras, en canto controla o terzo que dedica á información institucional e distribúe os outros dous terzos entre os partidos que apoian o goberno e aqueles que integran a súa oposición, introducindo no seu informe de 1995 a proposta de establecer novos métodos correctores para a avaliación do pluralismo informativo.

Con baseamento ao exposto, hai que coincidir que a información institucional, en períodos normais, transcende á opinión pública e aquilo que sexa noticiable esixe un esforzo por parte do profesional que exerce a liberdade informativa. Pola súa importancia, o Consello de Administración da compañía debería profundar no principio programático sétimo dos aprobados no seu acordo de 12 de maio de 1986, que lle obrigaba a coidar a información institucional "como un xeito de intercomunicación cos cidadáns e de participación na vida democrática".

Partindo de que a diferenciación que se fai entre información institucional e información política resulta adecuada (ao parecer, como dixemos, se acepta por ambas as dúas partes), sen embargo é na concreción das súas consecuencias ou na forma de dar contido a cada unha delas no que parece existir diferenzas. Pois ben, ao respecto debe destacarse que nos sistemas parlamentarios, como o noso, a dialéctica política concrétase nunha contraposición de formulacións entre o Goberno e o grupo ou grupos que o apoian, por unha banda, e a oposición, por outra. Esta dialéctica política, que é característica *principal* do estado democrático (artigo 1.1 da Constitución), así como mostra e impulso do pluralismo político, non se limita ao escenario parlamentario, senón que se proxecta ao conxunto institucional ou orgánico do Estado ou de calquera dos seus entes territoriais con autonomía política garantida, como a nosa Comunidade. Por iso, non parece adecuado facer unha diferenciación entre o escenario institucional e o político se o primeiro se identifica ou limita á actividade orgánica ou gobernamental. Tamén nesta orde debe xogar a dialéctica mencionada, de tal maneira que a oposición teña ocasión de facer chegar os

seus criterios respecto da actividade institucional, contando esta con *acceso á antena* no ámbito definido como información institucional. Do contrario resultaría un desequilibrio de acceso aos medios públicos e unha descompensación entre o nivel de representación popular e as ditas posibilidades de acceso. A solución ampla á que nos referimos é a seguida nos países con sistemas parlamentarios similares ao noso e con menor grao de polémica respecto da materia que tratamos.

2.3.- Por outra banda, non existe dúbida de que a información política xerada polos partidos debe vir presidida polo principio de representación proporcional, tal como preceptúan os artigos 7.1.ll) e 17.1 da Lei 9/84, do 11 de xullo. O conflito xorde na súa aplicación e seguimento como se pon de manifesto nalgúns parágrafos contrastados do escrito de queixa e do informe do director da compañía.

Na páxina 13 do escrito de queixa dise que "*xa non se pode falar só de censura, manipulación, ocultación ou relegamento do primeiro partido de Galicia, senón que se trata dunha estratexia claramente definida e orientada a prexudicar ao partido maioritario (PPdeG) utilizando recursos públicos...*", afirmación que se reitera na páxina 2 do seu escrito de alegacións: *na TVG prodúcese unha situación de censura (no senso de non difundir conscientemente actos e noticias xerados pola oposición), falta de pluralidade, neutralidade e imparcialidade informativa no que atinxe ao partido maioritario en Galicia (PPdeG). A canle silencia de xeito habitual a actividade da oposición, conculcando o dereito dos cidadáns a recibir información veraz e poder formarse unha opinión libre. As accións de manipulación que leva a cabo a Dirección Xeral da CRTVG son reiteradas e sostidas ao longo do tempo."*

Pola súa parte o informe-declaración do director da compañía, na súa páxina 65, dinos *"... somos conscientes de que o Partido Popular confunde tempos, e está acusando ao actual equipo directivo de informativos, e tamén de programas, de realizar unhas prácticas que usou en tempos anteriores nos que esta Dirección Xeral a desempeñaban os designados polos gobernos sustentados por ese partido, como se pon de relevo e das que xa alertaban na "Reflexión acerca da Televisión e dos dereitos fundamentais á liberdade de expresión e a comunicar e recibir libremente información (art. 20.1.a) e d) da*

Constitución Española", contido no informe anual desa institución ao Parlamento de Galicia do xa afastado 1997, prácticas que se pode dicir que tampouco foron alleas nos anos seguintes, pero que son totalmente inexistentes nos actuais tempos desta nova Dirección Xeral."

Esta permanente contradición reprodúcese tamén nas prácticas reflectidas nos anexos complementarios do informe e das alegacións remitidas. Sen embargo, non corresponde ao Valedor do Pobo máis que deixar constancia desta evidente discrepancia valorativa en relación cos feitos apreciados, sen pronunciarse sobre unha suposta proba deses feitos ou sobre as conclusións que deles pretenden extraer unha e outra parte.

A coidada documentación achegada lévanos a reflexionar sobre a complexidade dun conflito de intereses, alongado no tempo, e que só se pode solucionar determinando o tempo de programación destinado aos grupos políticos e procedendo á súa posterior distribución cos criterios obxectivos previstos na legalidade vixente. Para isto é necesario acadar un consenso nos principios, desenvolver uns criterios para súa aplicación e potenciar os órganos de supervisión e coordinación dos servizos informativos co gallo de garantir o seu cumprimento. Este é o labor encomendado a ambas as partes interesadas, sen que a institución do Valedor do Pobo se constitúa en órgano dirimente do conflito, esquecendo que os recursos están á súa disposición nos órganos de dirección, xestión e control do ente.

QUINTA. O tratamento informativo da actualidade política.

Estamos en presenza dun dos piares do escrito de queixa ao se afirmar que a TVG, nos seus espazos informativos, é a menos obxectiva e independente das cadeas que se ven en Galicia. Fronte a esta documentada afirmación, a Dirección Xeral do ente audiovisual público ofrécenos outra -tamén fundada na documentación achegada-, na que se defende o respecto ao pluralismo político e a aplicación dos principios de obxectividade, veracidade e imparcialidade nos informativos da TVG.

A posición dispar exposta obríganos a transcribir o apartado introdutorio do acordo xeral do Consello de Administración do 12 de maio de 1986, relativo aos espazos informativos:

Nuns medios públicos como a RTG e TVG son os programas informativos quen marcan o talante da súa independencia fronte a toda utilización partidista. É por iso que os programas informativos son merecentes dunha reflexión particular e dunha fixación de principios específicos.

Para poñer en valor esta declaración programática, entendemos que o Consello de Administración da compañía debe cumprir co deber xurídico de "determinar semestralmente a porcentaxe de horas de programación destinadas aos grupos políticos e aos sociais significativos fixando os criterios de distribución entre eles" (artigo 7.1.ll) da Lei 9/84); "para tal fin, o Consello de Administración, de acordo co director xeral, terá en conta criterios obxectivos, como representación parlamentaria, implantación política, sindical, social, cultural e ámbito territorial de actuación" (artigo 17.1).

Ao longo da documentación estudada confírmase que no exercicio daquela competencia non se desenvolveron estes criterios, agás un tímido intento reflectido no acordo do Consello de Administración, do 7 de xullo de 1986, que non tivo continuidade. Esta tarefa pendente para pacificar a cuestión controvertida esixe que o Consello de Administración -e o director que asiste ás súas reunións con voz e voto- propicien un amplo acordo dos dous terzos dos seus membros (artigos 6.2 e 7.1.2 da Lei 9/1984) para cumprir con ese deber legal pendente e desenvolver uns criterios obxectivos.

Como conclusión do exposto e en aplicación do previsto no artigo 32.1 da Lei 6/1984, do 5 de xuño, do Valedor do Pobo, formulamos ao Consello de Administración e ao Director da CRTVG, as **recomendacións e suxestión** que se mencionan.

Previamente faise preciso subliñar que por esta institución se constata unha evidente discrepancia tanto en relación cos feitos alegados como sobre todo en relación coa súa valoración. Sen embargo, non corresponde neste procedemento de

queixa pronunciarse sobre unha suposta proba dos feitos achegados, o que resulta máis propio doutras sedes. Tampouco poden extraerse valoracións concluíntes en apoio das opinións defendidas por calquera das dúas partes. O que resulta claro é que a materia é obxecto permanente de polémica e discrepancias políticas, polo que deben ser os axentes propios desta orde os que establezan dunha forma definitiva unhas regras de xogo obxectivas e que lles sirvan tanto se a continxencia política os sitúa en tarefas de goberno como de oposición. Por tanto, as recomendacións, suxestións e en xeral os argumentos que se expresan na presente resolución deben interpretarse na liña de lograr un necesario consenso nos temas principais, legais e de xestión ordinaria de todos os aspectos obxecto da queixa.

RECOMENDACIÓNS:

PRIMEIRA. Exercer a competencia establecida no artigo 7.1.ll) da Lei 9/1984, para garantir os principios de obxectividade, veracidade e imparcialidade das informacións, e constituír o consello asesor previsto no seu artigo 9.

SEGUNDA. Lembrar que un dos obxectivos da programación - integrante dos xerais aprobados polo Consello de Administración no seu acordo do 12 de maio de 1986- é a obriga de manter "unha liña de obxectividade, pluralismo e servizo ao pobo galego incompatible con ningún tipo de partidismo". Por iso, deben desenvolverse os criterios obxectivos do dereito de antena do artigo 17 da Lei 9/1984, como aconteceu cos principios de programación do artigo 16, coa finalidade de establecer unhas pautas xerais de comportamento informativo acordes co pluralismo político, relixioso, social, cultural e lingüístico, e que garantan a neutralidade informativa.

SUXESTIÓN:

Que se reclame dos órganos autonómicos competentes a modificación do actual estatuto de RTVG, aínda das normas con rango

de lei que sexan precisas, para fortalecer os instrumentos de garantía respecto da información institucional e política e o dereito de acceso dos grupos políticos e sociais aos medios de comunicación de titularidade pública; para garantir os principios de obxectividade e neutralidade política no tratamento tanto da información institucional como da política; e para que se establezan uns criterios de acceso dos grupos políticos aos medios de comunicación de titularidade pública consonte os principios mencionados, e mais de representación parlamentaria e implantación política no ámbito territorial de actuación.

Resposta do Presidente da CRTVG: Aceptadas

1.12 ÁREA DE OBRAS PÚBLICAS E EXPROPIACIÓNS

1.12.1 INTRODUCIÓN

1.12.1.1 A situación xeral das expropiacións forzosas

O atraso no aboamento dos prezos xustos e xuros derivados das expropiacións promovidas pola Consellería de Política Territorial, Obras Públicas e Transportes (CPTOPT) é motivo de abundantes queixas e por iso lle dedicamos unha atención singular desde hai tempo nos nosos informes anuais. Neles poñemos de manifesto a necesidade de tramitar con celeridade os expedientes de fixación dos prezos xustos e o deber legal de facer fronte aos pagamentos de principal e xuros con rapidez, sen deixar pasar longos períodos.

Desde hai tempo consideramos necesario coñecer de forma exhaustiva a situación dos expedientes de fixación de prezos xustos e pagos destes e xuros co fin de determinar o alcance global das demoras que coñecemos a través das queixas. Efectivamente, nas investigacións observamos non poucas demoras relacionadas coa lentitude xeral dos expedientes, ou co retraso na emisión das certificacións urbanísticas que se deben acompañar aos expedientes cando son remitidos ao Xurado de Expropiación, ou co inadecuado tratamento da liquidación e pagamento dos xuros, que leva a xerar *xuros de xuros* e a facer interminable o expediente global de compensación dos expropiados.

Para coñecer a situación xeral dos problemas en materia expropiatoria, todos os anos nos diriximos á CPTOPT co fin de coñecer os datos que permitan realizar unha avaliación da materia. Este ano tamén solicitamos esa mesma información á Consellería, en concreto sobre a débeda de prezos sinalados e de intereses de principais pagados a 31 de decembro de 2008, incluíndo a mención do momento en que se deu a ocupación dos bens ou dereitos e sinaláronse os prezos, para determinar con precisión os tempos de espera; os expedientes nos que non se sinalou o prezo a pesar de haberse ocupado, coa data de ocupación e o estado da peza de fixación do prezo, mencionando se se atopa na administración expropiante ou nos Xurados de Expropiacións, neste último caso coa data en que se lles remitiu; e se finalmente modificarase a forma na que veñen liquidando e

pagando os intereses xerados para pagalos ao mesmo tempo ou con moi pouca separación do pago da cantidade principal.

Como resposta ao anterior a CPTOPT sinalou o seguinte:

En contestación a súa solicitude de informe detallado sobre o estado de tramitación dos expedientes expropiatorios, en particular:

- *débedas pendentes unha vez fixados os xustos presos, con indicación do ano de ocupación e o da fixación do prezo,*
- *expedientes nos que aínda non se fixou o xusto prezo con indicación do ano de ocupación e o estado de tramitación do mesmo,*
- *e, por último, as melloras previstas para a que a tramitación dos citados expedientes expropiatorios teña lugar non prazo de tempo proporcionado a súa complexidade,*

esta Dirección Xeral de Obras Públicas, só pode dar conta do avanzado ata o de agora no referido as situacións que de forma directa afectan as persoas expropiadas por causa da realización de obras de interese xeral.

Neste sendo, e sendo conscientes de que os prexudícados non teñen o deber legal de soportar as demoras que na tramitación dos expedientes se producen, salvo cando as mesmas lles son directamente imputables, este órgano administrativo acometeu unha serie de actuacións que irán resultando apreciables de forma progresiva. Así, en primeiro lugar mantivéronse encontros co Xurado de Expropiación de Galicia acordándose que os expedientes que se lle remiten para a fixación do xusto prezo sexan tramitados igualmente cando non fora posible aportar a certificación urbanística que debe ser expedida polos respectivos Concellos.

Con esta finalidade, esta Dirección Xeral remitiu aos xefes de servizo de Estradas, das respectivas delegación provinciais desta Consellería, modelos de requirimento dos certificados e de reiteración fixando un prazo para a súa expedición, coa indicación de que transcorrido o mesmo sen que sexa expedido pola entidade local se remita o expediente ao Xurado con constancia dos intentos efectuados e que resultaron infructuosos.

Ao mesmo tempo, a Dirección Xeral de Obras Públicas remitiu instruccións aos servizos de estradas das catro delegación provinciais para que impulsen, axilicen e resolvan os trámites dos procedementos de expropiación e que se remita a esta Dirección Xeral información mensual sobre os expedientes expropiatorios abertos e o estado no que se atopa a tramitación dos mesmos.

Nestes momentos estase a analizar a documentación remitida e, a pesar de todo o esforzo realizado, aínda non se pode avanzar unha solución definitiva, sendo preciso determinar o momento ou momentos que resultan clave na paralización dos expedientes e acometer, dun xeito efectivo, a súa definitiva solución.

A data 31 de decembro de 2008, podemos facilitar a seguinte información contable en relación aos pagos de expropiacións dende o 31 de decembro de 2007:

Pagos en relación a obras con Decreto de Utilidad Pública(DUP), año 1989: 7.158,8 €

Desglose:

Xurado de Expropiación: 7.022,82€

Xustiprezo: 135,98 €

*Pagos **DUP ano 1990: 4.930,23 €***

Intereses: 4.930,23 €

*Pagos **DUP ano 1991:** 54.651,15 €*

Xurado de Expropiación: 1,847,2 €

Xustiprezo 1.414,56 €

Intereses 51.389,39 €

*Pagos **DUP ano 1992:** 50.403,44*

Xurado de Expropiación: 1.439,84 €

Sentencia xudicial: 48.272,21 €

Intereses: 691,39 €

*Pagos **DUP ano 1993:** 19.152,93 €*

Xustiprezo: 10.497,53 €

Intereses: 8.655,4 €

*Pagos **DUP ano 1994:** 66,877,06 €*

Xurado de Expropiación: 4.694,36 €

Sentencia xudicial: 27.488,53 €

Xustiprezo: 12.491.62 €

Intereses: 22.202,55 €

Pendiente de pago: 225,89 €

*Pagos **DUP ano 1995:** 15.486,95 €*

Sentencia xudicial:	*2.930,89 €*
Cantidade limite:	*9.673,78 €*
Intereses:	*2.882,28 €*

*Pagos **DUP ano 1996:** 3 85.312,44 €*

Xurado de Expropiación:	*49.312,85 €*
Xustiprezo:	*1.325,14 €*
Intereses:	*334.674,45 €*
Pendiente de pago:	*4.122,99 €*

*Pagos **DUP ano 1997:** 250.027,01 €*

Xurado de Expropiación;	*49.224,43 €*
Xustiprezo:	*13.894,91 €*
Intereses:	*186.907,67 €*
Pendiente de pago:	*5.353,79 €*

*Pagos **DUP ano 1998:** 2.718.603,73 **€***

Xurado de Expropiación:	*38.693,47 €*
Sentencia xudicial:	*292.059,31 €*
Intereses:	*2.387.850,95 €*

*Pagos **DUP ano 1999:** 1.014.960,71 €*

Xurado de Expropiación:	*790.777,85 €*
Sentencias xudiciales:	*18.681,72 €*
Xustiprezos:	*5.234,51 €*
Intereses:	*200.266,63 €*

*Pagos **DUP ano 2000:** 102.377,04 €*

Xurado de Expropiación:	*2.697,04 €*
Sentencias xudiciales:	*14.931,42 €*
Cantidad límite:	*2.305,77 €*
Intereses:	*82.442,81 €*

*Pagos **DUP ano 2001:** 4.881.060,03 €*

Xurado de Expropiación:	*1.919.415,47 €*
Sentencias xudiciales:	*85.233 €*
Xustiprezos:	*35.904,83 €*
Intereses:	*2.840.506,73 €*
Pendiente de pago:	*614.019,17 €*

*Pagos **DUP ano 2002:** 2.171.064,73 €*

Xurado de Expropiación:	*975.242,25 €*
Sentencias xudiciales:	*763.748,84 €*
Xustiprezos:	*48.493,48 €*

Cantidad límite:	*39.135,32 €*
Intereses:	*344.444,84 €*
Pendiente de pago:	*1.224,3 €*

*Pagos **DUP ano 2003:** 3.538.132,71 €*

Xurado de expropiación:	*2.558.722,05 €*
Sentencias xudiciales:	*86.577,52 €*
Xustiprezos:	*625.844,86 €*
Cantidad límite:	*20.973,73 €*
Intereses:	*246.014,55 €*
Pendiente pago:	*3.784,87 €*

*Pagos **DUP ano 2004:** 4.040.528,19 €*

Xurado de expropiación:	*1.349.305,99 €*
Xustiprezos:	*1.867.693,35 €*
Cantidad límite:	*435.545,57 €*
Depósitos previos:	*16.108,03 €*
Intereses:	*371.875,89 €*
Pendiente pago:	*307.201,39 €*

*Pagos **DUP ano 2005:** 3.253.915,15 €*

Xurado de expropiación:	*762.351,48 €*
Xustiprezo:	*1.504.165,7 €*
Cantidad límite:	*906.536,73 €*
Depósitos previos:	*31.772,36 €*
Intereses:	*49.088,88 €*
Pendiente de pago:	*815.138,5 €*

*Pagos **DUP ano 2006:** 4.031.028,13 €*

Xurado de expropiación:	*1.351.949,86 €*
Xustiprezo:	*1.695.406,99 €*
Cantidad límite:	*398.909,8 €*
Depósitos previos:	*392.941,23 €*
Intereses:	*191.856,25 €*
Pendiente de pago:	*112.226,45 €*

*Pagos **DUP ano 2007:** 9.320.089,75 €*

Xurado de expropiación:	*7.834,65 €*
Xustiprezo:	*6.050.008,98 €*
Cantidad límite:	*447.878,5 €*
Depósitos previos:	*2.787.592,35 €*
Intereses:	*26.775,27 €*
Pendiente de pago:	*855.214,98 €*

*Pagos **DUP ano 2008:** 5.984.363,89 €*

Mutuo acuerdo:	*327.361,05 €*
Xustiprezo:	*1.502.248,77 €*
Depósitos previos:	*4.154.754,07 €*

El total de pagos por expropiación en el año 2008 gestionados por la Dirección Xeral de Obras Públicas ascendieron a 42.181.194,20 €."

Polo tanto, non se responde ao expresamente solicitado, referido, como sinalamos, ás cifras concretas do problema para coñecer o seu alcance, o que faría preciso que se especificaran todas as circunstancias indicadas no noso requirimento de informe, e non só o que se pagou este año e o que queda pendente. Seguimos sen coñecer os detalles que permitan valorar o tratamento de esta materia, posto que non coñecemos os datos xerais en relación a posibles demoras inxustificadas nos sinalamentos dos prezos xustos, no cálculo dos intereses, na xeración de intereses de intereses, ou no pago de todos eles.

1.12.1.2 O atraso dos expedientes debido á falta de informes urbanísticos

Un problema comunmente apreciado nos procedementos de expropiación é o frecuente atraso na emisión dos informes sobre a cualificación do solo, o que adoita demorar a fixación do prezo xusto. Trátase dun tema relevante cuxa responsabilidade en principio corresponde aos concellos, pero que tamén afecta ás administracións expropiadoras, que deben coñecer os expedientes de acordo cos principios de preferencia e rapidez, e como veremos, tamén á administración autonómica, á que corresponde o tratamento normativo da materia.

Para coñecer e abordar o problema desde hai moito tempo coñecemos a queixa de oficio Q/1009/06. Na nosa solicitude de información indicabamos á CPTOPT que parecía necesario o estudo dunha fórmula que permitise axilizar o trámite referido, o que podería darse, por exemplo, mediante a regulación dun prazo para que os concellos emitan a documentación requirida. A consellería respondeu por medio do Xurado de Expropiación de Galicia, e a dita resposta deu lugar a que suxerísemos á administración que con urxencia se avaliase a posibilidade de promover as medidas necesarias, incluso de tipo normativo, se

fose necesario, para que estes concellos se encontren obrigados a achegar a certificación urbanística relativa ao soar expropiado nun breve prazo, co fin de que as pezas separadas respondan aos principios de preferencia e rapidez (véx. a resolución n.º 4 da área de obras públicas do *Informe do 2006*).

Ao non existir un marco regulador da materia, moitos entes locais non expiden a certificación con dilixencia. Pero as administracións expropiadoras tampouco amosan moito interese para a súa rápida achega. En moitas ocasións envíanse os expedientes aos xurados sen elas, e cando se pide, a administración expropiadora adoita non actuar de oficio para reiterar a súa necesidade. Non resulta infrecuente que a reiteración da petición se dea como consecuencia de reclamacións dos interesados polo atraso constatado despois de moito tempo, ou incluso por queixas ante esta institución, momento en que finalmente se produce a reiteración do requirimento. O prazo que suxerimos debera ser curto, posto que falamos de procedementos de urxencia.

Pois ben, nas súas primeiras respostas a CPTOPT limitouse a remitir un informe da *Dirección Xeral de Obras Públicas* que alegaba que a cuestión excedía do ámbito competencial da dirección. Sinalabamos entón que a cuestión lla trasladáramos á consellería, que era a que debía responder e á que se lle atribuían as funcións sobre as que versaba a nosa suxestión. Finalmente esta respondeu que ante a dificultade na emisión dos certificados urbanísticos en prazo polos concellos e tamén dunha oportuna modificación lexislativa no ámbito local para establecer unha norma expresa que os obrigue a acurtar o prazo para a súa emisión, "nesta consellería estanse a estudar as posibles solucións co fin de conseguir que os expedientes que se remitan ao Xurado de Expropiación de Galicia se completen coa maior brevidade posible, coordinando as actuacións das distintas unidades deste departamento como a do propio Xurado..." A CPTOPT comprometíase a dar conta dos detalles neste sentido, do que deducimos que aceptaba a recomendación coa que pretendiamos tomase conciencia das graves consecuencias da situación.

Este ano continuamos co curso da queixa para que se concretasen as medidas finalmente adoptadas. A consellería acordou un protocolo de actuación que basicamente consiste en seguir remitindo solicitudes aos concellos afectados para que no prazo de dous

meses se facilite a certificación urbanística, e para o caso de que non se facilite nese prazo, se reiterará dando un novo prazo dun mes, e se aínda nese último prazo non se recibe, entón remitirase o expediente sen certificación. Diso dedúcese que respecto do problema a administración autonómica ordenou uniformemente as súas actuacións, pero sen establecer normativamente unha obrigación dos concellos en relación cos informes ou certificacións, e sobre todo sen establecer un prazo que lles afecte, polo que en caso de que os concellos non mostren unha adecuada colaboración no labor, o problema pode permanecer.

1.12.1.3 O atraso no pagamentos dos xuros e a xeración de *xuros de xuros*

Outro problema que observamos con carácter xeral é que a liquidación e pagamento dos xuros non se dá ao mesmo tempo, ou con pouca separación do pagamento das cantidades principais, o que sería perfectamente posible se temos en conta que os xuros son cantidades líquidas. Isto trae consigo que se xeren novos xuros, ou *xuros de xuros*, e con iso que a falta de compensación íntegra se manteña durante moito tempo. En diferentes ocasións suxerimos á CPTOPT a revisión das prácticas administrativas observadas nesta orde e solicitamos aclaración sobre a solución adoptada. Pero a pesar da nosa insistencia a consellería segue sen aclarar como vai abordar esta cuestión; como expresamos, tamén este ano lle requirimos aclaración sobre se finalmente se modificaría a forma na que se veñen liquidando e pagando os xuros xerados para pagalos ao mesmo tempo ou con moi pouca separación do pagamento da cantidade principal, pero non se respondeu.

1.12.1.4 Os graves problemas relacionados coas expropiacións de vivendas habituais

As expropiacións de vivendas habituais son frecuentes e resultan moi gravosas para os afectados, que necesitan ver respectado o réxime de garantías legais. Sen embargo, o que observamos en non poucas ocasións é o contrario; non se respectan os dereitos de realoxamento e retorno, as valoracións resultan desproporcionadamente baixas, e as ocupacións prevense para un momento anterior á obxectivación do prezo.

A privación coercitiva dun ben de primeira necesidade e de tanto valor non pode recibir o mesmo tratamento que o resto das expropiacións, algo que establece o

ordenamento, pero que, como veremos, en ocasións non é atendido con rigor polas administracións. Os problemas individuais e sociais destas expropiacións resultan de enorme entidade posto que se trata de privar o cidadán da vivenda na que desenvolve a esfera máis íntima da súa vida persoal e familiar.

Sen embargo, observamos que non é infrecuente encontrar supostos nos que non se respectan esas garantías, polo menos de principio, como sucede con frecuencia cos dereitos de realoxamento e retorno, un mecanismo amortecedor dos prexuízos individuais dos que ven expropiadas as súas vivendas por desenvolvementos ou reformas urbanísticas. Tampouco parece terse en conta o carácter restritivo deste tipo de expropiacións, que deberían ser unha posibilidade excepcional, un *última ratio* do proceso urbanizador cando non é posible a exclusión da vivenda preexistente do procedemento expropiatorio por incompatibilidade da edificación coas previsións do plan urbanístico que se pretende executar.

A afectación directa dun dereito fundamental de aplicación directa, como é o dereito á intimidade persoal e familiar no ámbito domiciliario (artigo 18. 1 e 2 CE), debería ter como consecuencia unha interpretación máis flexible das potestades administrativas xerais e, sobre todo, unha máis xenerosa á hora de concretar as garantías dos afectados. O *plus de garantías* para o exercicio da potestade expropiatoria cando se trata vivendas habituais resulta derivación lóxica do dereito fundamental citado, como tamén doutros dereitos de diferente natureza constitucional, como o dereito a unha vivenda digna e adecuada (artigo 47 CE).

Deixando á marxe o debate acerca da posible exixencia constitucional do previo pagamento do prezo xusto, o certo é que cando se trata dunha vivenda habitual, o carácter previo debe afirmarse como consecuencia lóxica das disposicións constitucionais e das circunstancias. Dificilmente vai poder considerarse unha privación deste tipo de bens se antes non se realizou a compensación prevista, e antes de que o prezo xusto se poida considerar sinalado cun mínimo carácter obxectivo por órganos independentes e por tanto non interesados na contía ou valoración do ben que se vai expropiar. Só a través deste mecanismo, ou de ser o caso da garantía do realoxamento, se garante o dereito de

substitución, eixo sobre o que pivota a regulación do prezo xusto; pois ben, no caso dunha vivenda habitual a substitución require que se concretase obxectivamente o prezo e que este se pagase. Se non contemplamos este *plus de garantías*, as dificultades habituais en materia expropiatoria vense seriamente agravadas debido á singularidade do ben. Xa de ordinario resulta dificultoso harmonizar a vella lexislación expropiatoria coas esixencias constitucionais, sobre todo coa proliferación de lexislación sectorial que chegou a desnaturalizar algunha das garantías fundamentais da lexislación xeral. Os problemas crónicos que afectan ao sistema expropiatorio e que vimos resaltando nos diferentes informes adquiren maior relevancia cando se trata privar da vivenda, polo que parece adecuado propoñer á administración un exercicio moderado das súas potestades. Así, nas *Xornadas de Coordinación de Valedores do Pueblo* celebradas en León en outubro do 2006, todos os valedores españois concluímos que "cando para a execución dun plan urbanístico se utilice o sistema de expropiación e quede afectado algún inmoble que constitúa a vivenda habitual dos interesados, nos casos nos que non fose posible a exclusión dunha vivenda preexistente do procedemento expropiatorio, por incompatibilidade da edificación coas previsións do plan urbanístico que se pretende executar, a actuación do órgano expropiador debe conducir á obxectivación do prezo, de maneira que o valor de expropiación sexa coincidente co valor de mercado dunha vivenda de similares características á expropiada. Así mesmo, deberían establecerse os mecanismos legais adecuados para que non se leve a cabo a privación da vivenda ata que se fixe a obxectivación do prezo. Naqueles supostos nos que os interesados opten pola adquisición de novas vivendas, sobre as que deberían ter dereito preferente, e se vexan privados das súas vivendas preexistentes durante o proceso de execución do plan, terán dereito ao realoxamento nunha vivenda de similares características, se é preciso mediante actuacións singulares, garantindo en todo caso o exercicio do dereito que os propietarios das vivendas afectadas teñen ao goce dunha vivenda digna".

De non aplicarse o esquema proposto, aos problemas comúns das expropiacións que vimos poñendo de relevo en informes ao Parlamento de Galicia (por todos, *Informe Anual do 2000*, páxinas 81-87) engadiríanse outros prexuízos; ao se tratar dun ben de primeira necesidade, se non existen perspectivas claras de substitución poden producirse situacións certamente forzadas e inxustas, como a compra precipitada de vivendas de valor

e calidade inferior á expropiada debido á incerteza con respecto ao prezo final, ou traslados provisionais que se engadirían ao definitivo e a cargo do afectado. A iso únese a grande incerteza xerada polo descoñecemento do complexo procedemento, o que, xunto ás dificultades comúns en materia de expropiacións, sobre todo as baixas valoracións administrativas e os atrasos nos trámites e pagamentos, pode dar lugar ao exercicio de presións dos axentes privados intervenientes no proceso urbanizador, que coñecen mellor os enredos dos procesos expropiatorios e que pretenden conseguir un prezo máis baixo.

A suma das valoracións habitualmente baixas e a posibilidade de ocupar co pagamento desa cantidade, debido á implícita urxencia na ocupación en materia urbanística, trae consigo a perspectiva de ter que abandonar a vivenda sen que antes se determinase un prezo que reequilibre a situación ou sexa acorde co valor de substitución, o único que permite que inmediatamente despois do desaloxamento o afectado poida adquirir unha vivenda de iguais características ou valor que a que tiña, mantendo desta forma o equilibrio anterior ao proceso expropiatorio e evitando prexuízos singulares e enriquecementos inxustos. Os axentes privados en ocasións contan coa pasiva complicidade dalgunhas administracións, que parecen comportarse como se a expropiación a realizasen os ditos axentes privados ou promotoras urbanísticas e non elas mesmas, que son as únicas titulares da potestade expropiatoria.

1.12.2 QUEIXAS RECIBIDAS E ESTADO DE TRAMITACIÓN

O número de queixas recibidas na área de obras públicas e expropiacións ao longo do 2008 foi de 121 e o estado de tramitación no que se encontran é o que a seguir expresamos:

Iniciadas	121	
Admitidas	93	77%
Non Admitidas	8	7%
Remitidas ao *Defensor del Pueblo*	20	16%

A situación das queixas admitidas a trámite é a seguinte:

Concluídas	46	49 %
En trámite	47	51 %

No relativo ás queixas presentadas en anos anteriores e pendentes de resolución nalgún momento do 2008, a situación actual é a seguinte:

Ano de presentación	En trámite a 31-12-2007	Reabertas	Total	Resoltas	En trámite a 31-12-2008
1999	0	1	1	1	0
2004	0	1	1	1	0
2005	0	2	2	2	0
2006	3	5	8	7	1
2007	33	13	46	43	3

1.12.3 QUEIXAS ADMITIDAS A TRÁMITE

1.12.3.1 Os problemas ocasionados polas expropiacións de vivendas habituais ou domicilios

Como sinalamos na introdución, nas expropiacións de vivendas habituais obsérvanse algunhas importantes carencias, como a falta de efectividade dos dereitos de realoxamento e retorno, as valoracións desproporcionadamente baixas ou as ocupacións anteriores á obxectivación do prezo.

A queixa de oficio Q/1536/07 incoouse como consecuencia das noticias do *Faro de Vigo e La Voz de Galicia* que sinalaban o desaloxamento dunha familia en Salvaterra de Miño, expropiada pola Consellería de Vivenda e Solo (CVS) para executar un polígono

industrial. Os afectados víronse na obrigación de trasladarse a un piso duns familiares e despois a un de alugamento, forzados a unha situación provisional que se podería evitar se se coñecesen adecuadamente os diferentes aspectos deste tipo de expropiacións. A cantidade de compensación encontraríase sinalada definitivamente, obxectivada e entregada, e os afectados tiñan a opción de comprar unha vivenda adecuada ou de substitución, ao que se engadiría a opción de aceptar a vivenda de realoxamento, ou a combinación de ambas as posibilidades, a vivenda de realoxamento e a diferenza ata o valor sinalado como prezo xusto. Por iso, formulamos á CVS unha recomendación (véx. a resolución n.º 4 das da área de expropiacións do *Informe do 2007*) para que se respectasen as garantías previstas. A nosa recomendación referíase, por unha parte, á necesidade de formalizar mediante expediente ou peza por escrito o realoxamento, é dicir, que se ofreza formalmente a vivenda de realoxamento, e por outro, a non ocupación ata que se sinale e aboe o prezo xusto establecido de forma obxectiva.

Na súa primeira resposta a consellería non sinalou que se ofrecese o realoxamento formal. Con carácter xeral sinala que se ofrece, aínda que non *sempre de maneira formal*; ao respecto sinala que *procurará* facer estes ofrecementos dunha forma adecuada. No relativo ao previo pagamento obxectivado rexeitábase a recomendación. Por iso reiterouse o exposto na recomendación e pediuse que se reconsiderase este último rexeitamento. Entón respondeuse que polo que respecta ao dereito de realoxamento *no futuro acudirase aos ofrecementos formais,* e en relación co segundo aspecto da recomendación, é dicir, a non ocupación ata que se sinale o prezo xusto de forma obxectiva, sinala problemas do Xurado de Expropiacións para xustificar a imposibilidade de esperar á súa resolución *(non pode resolver no prazo de 3 meses, nin tan sequera contando coas interrupcións do prazo para completar os expedientes; xa transcorreu máis dun ano desde que se presentaron as reclamacións no 2007 contra os prezos xustos fixados polo IGVS e aínda non están resoltas polo xurado todas).* Diso deduce *a imposibilidade para o IGVS de esperar ata que o xurado resolva as reclamacións, pois estariamos encontrando cun atraso de máis dun ano só para este caso concreto.*

En resumo, polo que se refire á primeira cuestión, a consellería acepta a recomendación ao afirmar que no futuro acudirá a ofrecementos formais de realoxamentos,

co que garante que responderán a elementais principios de seguridade xurídica. Non obstante, a resposta refírese a casos futuros, e respecto do caso concreto coñecido na queixa de oficio confírmase a ausencia de ofrecemento formal de realoxamento. Polo que se refire á segunda cuestión, é dicir, a necesidade de non ocupar a vivenda ata que se sinale e aboe o prezo xusto establecido de forma obxectiva, vimos que a consellería insiste en non aceptar os argumentos expresados tanto na recomendación como nos requirimentos complementarios, e de forma rechamante faino mencionando demoras que resultan de responsabilidade da propia administración. Efectivamente, menciona que o atraso na sinalización do prezo xusto pode deberse a que o expediente se devolva polo Xurado de Expropiación porque non *se encontra completo*, ao *exceso actual de carga de traballo* do Xurado, ou á decisión de prazos máis amplos -6 meses- para a resolución. Todas as circunstancias mencionadas pola consellería dependen exclusivamente da propia administración autonómica e derivan nunha falta de cumprimento dilixente das súas obrigacións. En ningún caso poden servir de escusa para explicar o evidente prexuízo do expropiado, que unicamente é vítima do que se expresa.

Así pois, a CVS aceptou a recomendación só de forma parcial, no referente ao primeiro aspecto; no relativo ao segundo rexéitase, polo que procede a aplicación do establecido no artigo 33.2 da Lei do Valedor do Pobo, é dicir, a mención do asunto neste informe anual, ao considerarse que era posible unha solución positiva e esta non se conseguiu.

A queixa Q/1573/07 refírese á ausencia de realoxamento no trámite dunha expropiación tamén promovida pola CVS. Segundo a información proporcionada polo IGVS, tratouse un suposto realoxamento cos afectados, aínda que en realidade eran fórmulas que pretendían asimilarse ao realoxamento e feitas de forma oral e inconcreta. Aínda que non se transmitían todos os detalles, parece que a primeira opción era reservar un piso dos futuros de protección e que terían que comprar co prezo xusto, e a segunda era unha permuta actual e aboar en metálico a diferenza. Como no caso anterior, fronte a iso indicamos á CVS que o dereito de realoxamento se debe afirmar desde o comezo do expediente e dun modo formal, mediante peza separada. Agora os afectados encontrábanse ante a posibilidade de que a administración pretendese ocupar a vivenda. Finalmente

formulamos unha recomendación (véx. a resolución n.º 2 das desta área) para que non se procedese a facer efectiva a ocupación ata que se sinalase o prezo xusto de forma obxectiva, coa intervención dos órganos alleos á consellería que se prevén na lexislación expropiatoria e urbanística, ou se chegue a un mutuo acordo; e que se ofrezan as vivendas de realoxamento que correspondan aos afectados, adecuadas ás súas necesidades e de acordo coa lexislación sobre a materia, de tal forma que poidan contar con elas como pagamento total ou parcial do prezo xusto sinalado.

A recomendación refírese, en primeiro termo, a que non se proceda a ocupar ata que se sinale o prezo xusto de forma obxectiva. A isto a consellería non responde practicamente nada, insistindo en que *"a garantía do realoxamento está en función da contía á que ascenda o prezo xusto en que a administración taxa"*, que *"supón unha cantidade inicialmente suficiente en garantía do dito realoxamento"*. Sen embargo, para unha adecuada xestión destes supostos todos os valedores do pobo reclamamos que non se ocupe a vivenda ata que non se sinale o prezo xusto de forma obxectiva, o que non se deu neste caso. O prezo ao que se refire a Consellería na súa resposta é o de taxación da propia administración, que non ten porque coincidir co que finalmente resulte do resto de garantías exercidas polo afectado aínda en vía administrativa, principalmente a taxación do Xurado de Expropiacións.

Polo que se refire ao segundo aspecto da recomendación, isto é, que se ofrezan vivendas de realoxamento para que os afectados poidan contar con elas como pagamento total ou parcial do prezo xusto, a CVS cita unha sentenza do TSX de Madrid que condiciona o realoxamento ao cumprimento dos requisitos establecidos para acceder a vivendas en réxime de protección pública. Sen embargo, o feito de que exista tal resolución xudicial non significa que a xurisprudencia adoptase esa posición, contraria ás nosas recomendacións e, como dixemos, ao criterio de todos os valedores do pobo. As limitacións da DA 4º do RDL 1/1992 refírense, como sinala MARTÍNEZ BOROBIO, *ao* prezo ou á renda, é dicir, trátase de límites nas condicións obxectivas das vivendas. Unha interpretación contraria a tal criterio suporía limitar enormemente o contido do dereito de realoxamento ata practicamente baleiralo, ao colocar o expropiado na situación de *solicitante*, cando resulta claro que a súa posición é outra. Que tal cousa é así confírmao

que o realoxamento incluso poida darse nunha vivenda libre, posto que o que debe tomarse como referencia son os límites en si, non o tipo de vivenda; non só poden ofrecerse vivendas de protección pública, aínda que si deben respectarse os límites da lexislación da vivenda protexida, que son os que determinan as condicións de venda ou alugamento da vivenda destinada a facer efectivo o dereito de realoxamento; pero estes límites *veñen referidos á vivenda en si a ofrecer, xa que a lei non establece límites económicos de carácter persoal no beneficiario do realoxamento*, segundo sinala o autor citado. Esta posición vese reforzada pola nova redacción dada pola Lei 8/2007, que garante o dereito nos termos establecidos na lexislación vixente.

Este mesmo criterio fora tratado na queixa Q/1971/07; o IGVS emitira un informe co criterio invocado na Q/1573/07, pero tamén constaba un informe da Asesoría Xurídica Xeral da Xunta que fixo cambiar o criterio, pero que non se nos trasladou. O Concello de Pontevedra indicara aos afectados que só tiñan un dereito condicionado ao realoxamento; só lles correspondería se probaban que se encontraban dentro das condicións xerais de acceso a vivenda de protección pública, o que deberían acreditar. Esta posición rectificouse coa nosa intervención e co informe sinalado, e finalmente o ente local puxo a disposición dos afectados unha vivenda de realoxamento, un *inmoble* (de) *superficie e condicións de prezo fixadas pola lexislación de vivendas de protección oficial*. Para o detallado coñecemento desta cuestión pode consultarse a recomendación enviada ao concello citado (*Informe Anual do 2007*; área de obras públicas e expropiacións). Nesa resolución sinalabamos que a normativa urbanística prevé o dereito de realoxamento e retorno como un mecanismo incondicionado co fin amortecer os prexuízos individuais dos expropiados de vivendas, e as limitacións referidas na normativa veñen referidas fundamentalmente ao prezo; de feito, non necesariamente debe ofrecerse unha VPP, senón que as súas características ou límites serven para fixar as condicións de venda ou alugamento das vivendas de realoxamento. Os límites refírense á vivenda a ofrecer, xa que a lei non establece límites económicos de carácter persoal ao beneficiario do realoxamento. Ademais, o dereito debe referirse a unha vivenda actual, non futura ou en construción, posto que se non fose así non se cumpriría a finalidade legal.

Da resposta da CVS á recomendación formulada con ocasión da Q/1573/07 dedúcese que a rexeita, polo que procedemos de acordo co disposto no artigo 33.2 da Lei do Valedor do Pobo, no que se preceptúa que se non se obtivese unha xustificación adecuada para a non actuación de acordo co indicado, o asunto incluirase no informe, de considerase que era posible unha solución positiva e esta non se dese.

Na Q/570/08 coñecemos unha expropiación de vivenda promovida polo Concello de Begonte. En principio este non aclarou se iniciara peza separada de realoxamento, se resolvera sobre a posible integración dos inmobles no proxecto, e se a valoración dos bens respondía a criterios de mercado que permitan a substitución. Só manifestaba que a interesada optara por unha indemnización económica e non polo realoxamento, que se ofrecera de maneira informal en diferentes reunións. Por tanto, como vemos, encontrámonos nun suposto parecido ao anterior, polo que nos vimos obrigados a indicar ao concello que o dereito de realoxamento debe ser tramitado de oficio no correspondente expediente ou peza separada cando concorran as circunstancias legalmente previstas, como neste caso, sen prexuízo de que posteriormente os afectados decidan se fan uso del. Esta formalización fai que teña efectividade con plena seguridade xurídica e se eviten situacións como a que se dá neste caso. Ademais, a administración expropiadora debe ter en conta os posibles realoxados no expediente e por iso debe tramitar unha peza separada para o recoñecemento do posible dereito e para a súa concreción e efectividade, coa participación dos interesados. Por contra, o Concello de Begonte parece entender que o dereito de realoxamento debe ser reclamado polos afectados, cando en realidade debe ser impulsado de oficio e previsto con tempo suficiente como para permitir que resulte efectivo cando corresponda. Ademais, pode aceptarse como parte do pagamento, o que parece negar este concello ao sinalar que a interesada concluíu que se *o realoxamento supón menos prezo non estaba interesada*, o que indica que a información que se lle proporcionou non foi correcta. Finalmente o concello asumiu o compromiso dunha oferta de realoxamento adecuado, e se non se aceptaba non se produciría o desaloxamento antes de que se aboase ou consignase o prezo xusto fixado polo Xurado de Expropiación de Galicia, asumindo o criterio expresado por esta institución e facendo que desaparecese o risco de desapoderamento sen a suficiente garantía. Non obstante, ao cabo dun tempo a interesada acudiu de novo á institución para indicarnos que aínda non se dera efectivo o compromiso

municipal e que non se ofrecera formalmente o realoxamento. O concello respondeu que trasladara a cuestión á beneficiaria, que debía ser a que finalmente se fixera cargo do realoxamento; sen embargo, esa circunstancia non obstaba para que tivese que ser o concello, como administración expropiadora, o obrigado a decidir sobre a cuestión (art. 4 RLEF).

1.12.3.2 O exercicio da potestade expropiatoria polas administracións galegas

A Constitución configura o dereito á propiedade privada limitándoo pola súa función social, polo que, entre outras cousas, se articula un mecanismo para a privación dos dereitos dos propietarios en interese da comunidade, ou, como sinala a propia Constitución, por causa xustificada de utilidade pública ou interese social (artigo 33.2 e 3). Pero o propio texto fundamental condiciona o exercicio da potestade expropiatoria á correspondente indemnización, e a que se determine e pague de acordo co procedemento sinalado na lei (artigo 33.3 *in fine* CE). Da mesma forma que a expropiación forzosa impón ao propietario dos bens a súa cesión en favor dun determinado beneficiario, á vez impón tamén unha xusta contraprestación, ou o pagamento da cantidade que se sinala como prezo xusto, nacendo a obrigación do pagamento e o correlativo dereito de cobro coa determinación firme do prezo. Á súa vez, imponse un procedemento que pretende garantir a preservación dos dereitos individuais afectados.

A pesar diso, resultan frecuentes as actuacións afectadas por algún tipo de irregularidade, sobre todo por falta absoluta de procedemento ou dalgún dos seus elementos esenciais, atrasos na sinalización dos prezos xustos, atraso no pagamento deste ou dos xuros, ou falta de recoñecemento ou pagamento de *xuros de xuros*.

Os atrasos na fixación e pagamento dos prezos xustos adoitan producirse nos procedementos *urxentes* e despois de que o afectado se vise privado do seu ben ou dereito sen o pagamento previo. Logo de consumada a ocupación dos terreos o procedemento vólvese extraordinariamente lento, sempre en prexuízo do expropiado, e, en ocasións, como nesta, é o propio afectado o que debe impulsar a actuación da administración para

que dea curso á peza separada de fixación do prezo xusto, un procedemento que correspondería impulsar de oficio á propia administración.

Coñecemos que para a execución do enlace da cidade da cultura coa A-9, en Santiago, a CPTOPT ocupara os soares afectados no 2003, e a fixación do prezo xusto demorouse porque se tardaron anos en remitir os expedientes ao Xurado de Expropiación, e para iso houbo que recorrer a esta institución (Q/901/06). O xurado estableceu o prezo en maio do 2007, pero, á vista de que non se pagaba, en outubro e en novembro reclamou, pero non recibiu resposta (Q/120/08). A consellería confirmou que a ocupación do soar se deu hai un tempo considerable, que os expedientes de sinalización dos prezos xustos se demoraron, cuestión xa coñecida a través do anterior expediente de queixa, e sobre todo que nin os prezos xustos nin os correspondentes xuros foron aboados. Resulta significativo que non especificaba a data na que as cantidades serían finalmente aboadas, e iso a pesar de que no noso requirimento de información se demandaba esa data para o caso de confirmarse os extremos da queixa. Ademais, non se especificaban nin as causas da demora nin as razóns da falta de resposta ás reclamacións do interesado. Por iso formulamos á CPTOPT un recordatorio de deberes legais (véx. a resolución n.º 6 das desta área) para que con carácter xeral por ese órgano se dea efectividade á obrigación de tratar os expedientes expropiatorios urxentes respectando os principios de preferencia e rapidez na fixación dos prezos xustos e no seu pagamento; e que, nos casos examinados, despois de determinar os prezos xustos, se proceda ao seu inmediato pagamento, xunto cos xuros correspondentes, sen que se produzan demoras inxustificadas. A consellería aceptou a resolución tanto no relativo aos expedientes expropiatorios en xeral como no relativo a falta de pagamento neste caso concreto.

Outro caso similar coñeceuse na Q/1067/08, relativa ao atraso no cobro dos prezos xustos consecuencia da expropiación de dous soares para a execución da autovía da Coruña a Carballo. A CPTOPT confirmou que un soar se ocupara hai case 14 anos, a pesar do cal aínda non pagara nin o capital nin os xuros. Algúns trámites atrasáranse moitísimo. Pero sobre todo nin os prezos xustos nin os correspondentes xuros se aboaran. Pero, como no caso anterior, o que resultaba máis significativo para a valoración da queixa era que non se especificaba a data na que esas cantidades serían finalmente aboadas, a pesar de que tal

dato se demandaba para o caso de confirmarse os extremos da queixa; unicamente se mencionaba que se aboarían ao libramento dos fondos, sen concretar tal extremo. Ademais, non se especificaban as causas da demora nos pagamentos. Isto prodúcese a pesar de que anteriormente se dera unha significativa demora no coñecemento do expediente de fixación do prezo xusto e de cada un dos seus trámites; por exemplo, o intento de mutuo acordo deuse en 1998, cando a ocupación era de 1994. Por iso formulamos á CPTPOT un recordatorio de deberes legais (véx. a resolución n.º 7 das desta área) de similares características que o anterior, en concreto para que os expedientes urxentes se coñecesen de acordo cos principios de preferencia e rapidez, e para que, neste caso, despois de determinar o prezo xusto, se proceda ao seu inmediato pagamento, xunto cos xuros, e no suposto do soar no que se deben só os xuros, que se aboen de forma inmediata, sen que se produzan demoras inxustificadas. A CPTOPT respondeu aceptando a resolución e anunciando o pagamento dos xuros, en primeiro termo, e indicando que pagaría as cantidades correspondentes ao outro soar.

Noutras ocasións prodúcense demoras en trámites relacionados coas expropiacións, como foi o caso da queixa Q/1490/08. Con motivo dunha expropiación promovida pola CPTOPT reclamouse unha acta previa de ocupación complementaria e recorreuse en alzada, pero non se resolvera. O interesado sinalaba que chamara máis de quince veces preguntando pola resolución e sempre lle dicían que *estaba pendente dun informe*. A consellería confirmou os motivos da queixa; sinala que xa no 2005 se demandaron informes complementarios para a resolución do recurso de alzada pendente e estes non *se tramitaron ao seu debido tempo*, ata o punto de que non se emitiron ata hai pouco, cando finalmente se resolveu o recurso, que sería notificado nos *próximos días*.

Na Q/938/07 coñeceuse o atraso na tramitación da peza separada de fixación do prezo xusto dunha expropiación promovida polo Concello de Salceda de Caselas, o que motivou a recomendación (véx. a resolución n.º 6 das da área de expropiacións do Informe do 2007) formulada a ese concello para que con carácter xeral dese efectividade á obrigación de tratar os expedientes expropiatorios urxentes respectando os principios de preferencia e rapidez na fixación dos prezos xustos e no seu pagamento; e que, no caso examinado, despois de determinar o prezo xusto se procedese ao seu inmediato pagamento

xunto cos xuros, sen que se produzan demoras inxustificadas. Despois de varias comunicacións respondeu aceptando o recomendado, aínda que sinalando que cando fose notificada a resolución de Xurado de Expropiacións se tomarían as medidas para que se dese o pagamento pendente, engadindo que *sempre dentro das dispoñibilidades orzamentarias que ofrezan as arcas municipais*. Esta última expresión fixo que nos dirixísemos unha vez máis ao ente local, que finalmente sinalou que xa recibira a resolución verbo do prezo xusto e que era consciente da súa obrigación de pagar as cantidades que debía, do que deducimos que se aceptaba a recomendación e que se lle daría efectividade.

Como sinalamos, en ocasións as *expropiacións* (se se poden chamar así nestes casos) danse sen o máis mínimo procedemento, ou eludindo formalidades esenciais, o que coñecemos como *vía de feito*. Este foi o caso da queixa Q/1108/05. O Concello de Boiro non contestaba ás reclamacións do interesado pola ocupación parcial dunha propiedade para a realización dunha obra municipal. Só despois de reiterar os requirimentos de informe, de advertir de declaración de hostilidade e entorpecemento, e de declarar o alcalde hostil e entorpecedor do labor da institución, de acordo co previsto no art. 22 da Lei do Valedor do Pobo, logramos que o concello finalmente respondese sinalando que non *se causaba ningún prexuízo ao seu soar*, do que en principio deducimos que se pretendía expresar que nin se verte a este nin se ocupa parte del. Non obstante, o interesado sinalou que o problema ao que facía referencia era a invasión do seu soar pola colocación da tubaxe, para o que sería necesaria a adquisición da correspondente servidume por acordo ou por expropiación. Dirixímonos ao concello para interesarnos por esta circunstancia, pero de novo a resposta municipal se demorou considerablemente; foi preciso reiterar o requirimento en diferentes ocasións e ata realizar algunha chamada para urxir o seu envío, e de novo necesitamos recordar ao concello o seu deber legal de colaborar nas investigacións desta institución e advertilo da súa posible (outra) declaración como hostil e entorpecedor do labor da institución. Nin sequera desta maneira se respondeu, e foi preciso entrar en comunicación directa co concello, que finalmente respondeu dunha forma que non aclaraba o especificamente demandado, é dicir, se se producira a afectación da propiedade do reclamante pola obra municipal, insistindo en que *non existe ningún prexuízo para os propietarios.* Por iso, e dadas as circunstancias da queixa (atrasos nos

envíos dos informes, e que desde a promoción da queixa transcorreron 2,5 anos), puxémonos novamente en comunicación directa co concello para reclamar que definitivamente se aclarase ese extremo, a ser posible a través de certificación ou informe técnico. Como resposta recibiuse un informe do funcionario encargado da vixilancia de obras no que se confirma que a obra se fixera na propiedade do reclamante. Sinalouse que *existe unha canalización que invade a parcela, canalización que conduce as augas ata a parcela lindeira de D. F.C.S, canalización que foi realizada polo Concello de Boiro.* Por tanto, a pesar de que o concello sinalara reiteradamente que non *se causaba ningún prexuízo ao seu soar*, o certo é que finalmente confirmamos, despois de moitos requirimentos, advertencias e ata declaracións de hostilidade e entorpecemento, que o que o reclamante alegaba era verdade, é dicir, que se invadiu a súa parcela sen que previamente se outorgase permiso de servidume ou se dese o corresponde expediente de expropiación con compensación, de acordo co previsto no artigo 33.3 da Constitución e na LEF, e que a ocupación se fixo por vía de feito. Por iso formulamos ao concello unha recomendación (véx. a resolución n.º 4 das desta área) para que con urxencia procedese ao inicio do correspondente proceso de compensación relativo á ocupación irregular, e para que cando se dean supostos similares se proceda de acordo con o disposto na Constitución (artigo 33.3) e na Lei de expropiación forzosa. Para recibir a resposta de novo tivemos que requirila en diferentes ocasións, ata que finalmente, case 6 meses despois de formular a recomendación, o Concello de Boiro respondeu aceptándoa, aínda que sinalando que non o ía facer a través do medio en principio indicado, senón que mediante a retirada da canalización de augas.

1.12.3.3 O exercicio do dereito de reversión

En relación coas posibles reversións, é dicir, a devolución dos bens ou dereitos expropiados e non utilizados, as queixas adoitan referirse a atrasos. Así, na Q/1783/07, relativa á demora no trámite dunha solicitude de reversión, a investigación confirmou o sinalado polo interesado, é dicir, que a CPTOPT non resolvera sobre a reclamación, que era do 2004. Finalmente sinalou que procederá ao pagamento pendente, calculará o valor do terreo e despois do reintegro procederá á súa desafectación; en concreto sinalou que

“será notificado nos próximos días o acordo ditado, así como o importe que deberá ingresar a favor da administración para recuperar a propiedade”.

Na Q/2165/07 coñecemos que a Consellería de Innovación e Industria (CII) desestimou unha solicitude de reversión e contra esta resolución interpuxérase un recurso de alzada, que se encontraba atrasado. A consellería recoñece que o recurso de alzada estaba pendente despois de moito tempo desde a súa interposición e ademais non sinalaba a previsión dunha rápida resolución do recurso, pretendendo xustificar tal circunstancia na *extraordinaria acumulación de traballo que soporta o servizo técnico xurídico* e no respecto da orde de despacho dos asuntos. Fronte a iso sinalamos que tales circunstancias non desvirtúan o deber de resolver no prazo de 3 meses (art. 115.2 LRXAPePAC) e formulamos unha recomendación á CII para que con urxencia se resolva o recurso, moi atrasado; para que se responda de forma congruente e exhaustiva aos argumentos do recurso; e para que tamén con urxencia se revise o eventual atraso xeneralizado dos recursos que se coñecen na consellería e que parece deducirse da resposta dada. A CII aceptou a recomendación e comunicou que xa resolvera expresamente o recurso dando *cumprida resposta aos argumentos expostos polo interesado, tal e como se nos require no seu escrito.*

1.12.3.4 Outras reclamacións por expropiacións

Na Q/822/08, unha asociación de propietarios do Pino sinalaba que existían masas comúns de concentración parcelaria que ían ser expropiadas e cuxa administración corresponde á Consellería de Medio Rural (CMR). Reclaman porque non lles consta que comparecese ao levantamento das actas de ocupación nin que se opuxese en prazo á folla de aprecio, polo que se entendería aceptado o irrisorio prezo ofertado; recentemente o Xurado de Expropiación de Galicia fixou un valor moi superior. A asociación solicitou reiteradamente á CMR información, pero non recibiu resposta. Esta respondeu que finalmente remitiu *copia da documentación relativa ao proceso expropiatorio e* que as causas polas que non se realizou a contradición respecto do prezo se refiren a disfuncións da propia administración, que deron como resultado que esta non tivese practicamente tempo para presentar a contravaloración. Todas as circunstancias mencionadas (traslado a

través do *portal único,* atraso nas diferentes comunicacións internas…) dependen única e exclusivamente da propia administración actuante e a solución encóntrase á súa disposición, polo que non poden considerarse escusa para a falta de actuación dilixente que se reclama. O anterior recoñécese implicitamente pola consellería cando sinala que o criterio a seguir respecto desta cuestión *será o de axilizar o procedemento interno a fin de que, de ser o caso, a oposición á valoración que se fixe, permita presentar contradición no prazo establecido.*

1.12.3.5 As reclamacións de melloras de estradas ou outras infraestruturas

A queixa Q/2208/07 referíase á petición dun grupo de veciños para a construción dunha ponte que restableza o camiño tradicional entre Raxó e Penelas, en Teo, cortado pola vía de alta capacidade de Cacheiras, promovida pola CPTOPT. Esta indicara (Q/492/07) que se comprometía a realizar o paso se se consideraba o camiño afectado como infraestrutura viaria básica, en concreto que *tendo en conta as peticións existentes en relación á construción desta ponte sobre a autovía AG-59, transmitiuse que se este camiño se reflicte no planeamento urbanístico do concello como unha infraestrutura viaria básica na ordenación e desenvolvemento do territorio municipal, se respectarán as determinacións que figuren no planeamento urbanístico e polo tanto se executaría o paso solicitado.* Sen embargo, das diferentes achegas posteriores dedúcese que a CPTOPT considera que o compromiso aludido non se fai depender da realidade á que responda o camiño, é dicir, da súa importancia real na actualidade, senón da realidade formal, de como figure cualificado no planeamento. A interpretación que parece máis adecuada en relación co compromiso parece ser outra: se o concello facía constar a natureza de feito do camiño, acreditando que en realidade comunica dous núcleos, Penelas e Raxo, e por tanto forma parte do sistema xeral da rede viaria municipal, e ademais se promove o correspondente cambio de cualificación do camiño, entón se realizaría a ponte demandada. Esa realidade preténdese trasladar ás previsións do PXOM e de feito xa se fixo constar no aprobado provisionalmente no 2007; o concello fai constar no informe urbanístico do aparellador municipal que o camiño comunica os dous núcleos e por tanto forma parte do sistema xeral da rede viaria municipal, e que desde hai tempo se encontra en curso a modificación da cualificación do camiño no PXOM para facela coincidir coa realidade. Esta interpretación

vese reforzada pola circunstancia de que a modificación do PXOM se promove desde hai moito tempo para adaptalo á realidade neste punto. O plan aprobouse inicialmente o 7-12-05 (antes incluso do compromiso da consellería), e provisionalmente o 26-3-07, e o feito de que se encontre paralizado por circunstancias que a consellería atribúe ao concello non pode desvirtuar que desde hai moito tempo consta unha realidade diferente á formal. Agora a consellería sostén que resultan suficientes o paso situado nunha zona próxima e os camiños laterais de servizo, o que supón un itinerario suplementario de 350 metros, modificando aparentemente o expresado con anterioridade, tal e como expuxemos. A solución adoptada refírese ao exercicio dunha competencia de fomento na que a administración ten unha ampla marxe de discrecionalidade, polo que non resulta posible formular recomendacións en sentido contrario ao resolto. Sen embargo, aparentemente a CPTOPT modificou a súa posición respecto das condicións para realizar a ponte, ou polo menos realiza unha interpretación forzada dese compromiso, no sentido xa indicado.

1.12.3.6 Os danos ocasionados con motivo das obras públicas

Non son infrecuentes as reclamacións por danos producidos por obras públicas ou pola falta de mantemento destas, ou en xeral dos bens de dominio público. Na Q/2245/07 tratamos os danos ocasionados nun soar polas obras da autoestrada A Ramallosa-Teo. Nun primeiro momento *Augas de Galicia* (CMADS) indicou que con motivo da súa construción quedaron cortadas varias cales de rego. Deixouse paso ao leito principal, pero non ás cales de rego, que quedaron inutilizadas. Sen embargo, dado que o aproveitamento non se encontraba inscrito, a administración entendía que non podía intervir e remitía a cuestión á xurisdición civil, a pesar de que a responsabilidade dos danos sería da propia administración. A CPTOPT sinalou que durante a construción non se dera ningún corte de cales de rego, o que contradicía o expresado no outro informe da mesma administración. Despois de requirir aclaración sobre este punto finalmente a CPTOPT matiza o seu informe anterior argumentando que non recibira reclamacións, aínda que tamén sinalou que despois da queixa comprobaron os danos alegados e que se procedeu á súa indemnización.

1.12.3.7 As reclamacións por mal estado ou o perigo das infraestruturas

A queixa de oficio Q/1922/07 iniciouse como consecuencia dunha noticia que sinala que unha vía urbana de Carballo se encontra en moi mal estado. O informe do arquitecto municipal sinalou que estes terreos se encontran clasificados como solo urbano non consolidado e que as vías non *poden ser urbanizadas ata que se complete a execución xurídica dos terreos comprendidos no indicado polígono mediante a aprobación dos correspondentes e preceptivos proxectos de equidistribución e urbanización, circunstancia que non se cumpriu ata o presente*, e que *a día de hoxe non resulta posible realizar obras no sistema viario previsto no PXOM para esa zona*. Sen embargo, nese polígono foron executadas obras de promoción pública (AEAT ou ambulatorio), que se encontrarían previstas como dotacións públicas ou sistemas xerais, ou como patrimonio municipal, ou como calquera outra posible cualificación que habilitara a promoción das concretas infraestruturas que citamos; ao integrarse no polígono, a súa utilización debería vir acompañada do resto do proceso urbanístico, posto que o que non parece adecuado é que se executen á marxe del. Para edificar é necesario que os terreos reúnan a condición legal de soares edificables, para o que non só deben estar completamente urbanizados, senón que tamén deben executarse, consonte o planeamento, as obras de urbanización esixibles para a conexión cos sistemas xerais existentes. Por tanto, a actuación resulta irregular se non se executaron, previa ou simultaneamente (con aval e demais garantías) as obras previstas (artigo 20.2 LOUPMRG). Neste caso, ao suceder o que estamos comentando, a consecuencia é que o proceso de urbanización se encontra incompleto, ou case inexistente, e sen embargo unha parte do terreo xa se encontra construído e co correspondente uso, o que leva á paradoxal situación que o propio concello sinala, isto é, que os edificios públicos se encontran en funcionamento, pero as infraestruturas de vías ou sistemas xerais non están dispoñibles ou en uso, sen que nin sequera se anuncie a súa execución a curto prazo. Polo sinalado formulamos ao Concello de Carballo unha recomendación (véx. a resolución n.º 1 das desta área) para que con urxencia se corrixa a situación descrita, de tal forma que se promova a execución da obra urbanizadora que permita dispoñer das vías necesarias para o actual uso que se dá aos dous edificios públicos afectados. O ente local aceptou a recomendación.

No expediente Q/1248/06 coñecemos a queixa dun numeroso grupo de veciños de Tirán-Moaña debido ao mal estado e ao paso de vehículos polo parque infantil da localidade. Despois de moito tempo desde o comezo da queixa e dos reiterados compromisos municipais de aclarala, continuaba a situación de indefinición das dúas cuestións. No que respecta ao posible paso de coches, o concello comprometérase a realizar un informe *sobre as limitacións de paso e* a que as *conclusións do dito informe serán de inmediata aplicación;* o dito informe non se deu. Mais recentemente indicouse que se investigaría a propiedade e as súas cargas, pero tampouco se concluíu nada ao respecto despois dun tempo considerable. Sen embargo, en principio o terreo debería encontrarse cedido libre de cargas (art. 20 LOUPMRG), e en calquera caso o Decreto 245/2003, de normas de seguridade nos parques infantís, sinala de maneira categórica que as *superficies previstas para o xogo deberán estar debidamente acoutadas dunha forma segura e separadas do tráfico rodado, ben mediante un distanciamento mínimo de 30 metros ou ben a través da súa separación por medios naturais ou artificiais que protexan os menores do perigo derivado do seu acceso inmediato á calzada* (art. 3.2), e que *figurarán de forma facilmente lexible carteis que conteñan, polo menos as seguintes indicacións*: *... d) a prohibición de circulación de vehículos de motor* (art. 6).

Polo que se refire ao mantemento dos elementos do parque de titularidade municipal, este debe responder ás condicións previstas polo ordenamento, sen que os incidentes producidos respecto da titularidade poidan repercutir nese mantemento. Ao respecto, o citado decreto sinala que os *parques infantís deberan estar situados en zonas onde os posibles riscos para os usuarios sexan mínimos*; as *superficies previstas para o xogo deberán estar debidamente acoutadas dunha forma segura e separadas* (art. 3); e que os *titulares dos parques infantís serán responsables do seu mantemento e conservación, debendo realizar inspeccións e revisións anuais por técnicos competentes e con formación acreditada* (art. 14).

Por todo o anterior formulamos unha recomendación ao Concello de Moaña (véx. a resolución n.º 3 das desta área) para que con urxencia se dea estrito cumprimento a todas as prescricións legais relativas á seguridade do parque infantil obxecto da queixa e dos seus diferentes elementos, e que se executen as obras precisas para iso, de tal maneira que se

corrixa o seu deficiente estado; e que especialmente se garante o cumprimento da obrigación de que a súa superficie prevista para o xogo estea debidamente acoutada dunha forma segura e separada do tráfico rodado; e para que tamén con urxencia se procedese a corrixir as carencias observadas respecto do inventario, inscrición, investigación e definición das posibles cargas do terreo en cuestión. O concello aceptou o contido da recomendación e comprometeuse a darlle efectividade; sen embargo, con posterioridade os veciños indicáronos que o concello seguía sen cumprir a recomendación aceptada e tiña a parte do parque dedicada aos máis pequenos *totalmente abandonada*. Ao peche do informe encontrámonos coñecendo esta cuestión co concello e con Vicepresidencia, que segundo os reclamantes concedeu unha cantidade a destinar para a substitución dos equipamentos do parque.

1.12.4 QUEIXAS NON ADMITIDAS A TRÁMITE

Nesta sección recóllense as queixas que non foron admitidas a trámite por non reuniren os requisitos formais establecidos no artigo 18 da Lei del Valedor do Pobo, ou por concorrer calquera das circunstancias enumeradas nos artigos 20 e 21 do mesmo texto legal. As circunstancias que motivan con maior frecuencia a non admisión a trámite son o coñecemento xudicial presente ou pasado da queixa; a non reclamación previa á administración competente; a ausencia de indicios de actuación irregular da administración; e a natureza xurídico-privada do problema. En calquera caso, sempre se comunica a non admisión da queixa e se especifica o motivo concreto desa decisión, informando ao interesado do máis oportuno na defensa dos seus dereitos ou intereses lexítimos, se observamos a existencia dunha actuación alternativa que poida promoverse.

Na maioría das ocasións a non admisión a trámite produciuse pola ausencia de intervención previa da administración competente. Así sucedeu, por exemplo, nas queixas Q/78, 228 y 428/08. Por non constar irregularidade na actuación da administración vímonos obrigados a non admitir as queixas Q/357 y 792/08. Finalmente, por tratarse de asuntos que se estaban coñecendo en sede xudicial ou que debían residenciarse nesa sede non admitimos as queixas Q/961 y 1983/08.

1.12.5 QUEIXAS REMITIDAS AO DEFENSOR DEL PUEBLO

O Defensor del Pueblo é a única institución habilitada para a supervisión da actuación da Administración Xeral del Estado (artigo 54 CE). Por iso, cando recibimos algunha queixa relativa a esa administración, remitímola ao Defensor del Pueblo, dando efectividade desta maneira aos principios de colaboración e coordinación establecidos na Lei 36/1985, do 6 de novembro, pola que se regulan as relacións entre a institución do Defensor del Pueblo e as figuras similares nas distintas comunidades autónomas. Este ano remitimos queixas referidas a problemas de infraestruturas competencia desa administración, como a Q/132/08 (AP-9), a Q/341/08 (Aeroporto da Coruña), ou a Q/735/08 (N-VI); a expropiacións ou danos relacionadas con obras do Estado, como as Q/13/08 y Q/1501/08 (danos pola construción do eixo atlántico de alta velocidade), ou a Q/1354/08 (danos pola circunvalación de Vigo), ou a Q/213/08 (prezo xusto por un soar expropiado para a CN 525); ou por actuacións da Confederación Hidrográfica (Q/421/08).

1.12.6 RESOLUCIÓNS DO VALEDOR DO POBO EN MATERIA DE OBRAS PÚBLICAS E XESTIÓN DO DOMINIO PÚBLICO

1.- Recomendación dirixida ao Concello de Carballo o 9 de xaneiro de 2008 debido ao mal estado dunha rúa en Carballo (Q/1922/07)

Nesta institución abriuse esta queixa de oficio como consecuencia da noticia aparecida no diario *El Correo Gallego* do día 1 de novembro na que se sinala que a vía que vai á administración da *Axencia Estatal de Administración Tributaria* en Carballo se atopa en moi mal estado.

Na noticia, que se acompaña dunha foto que resulta moi ilustrativa, sinálase que os cidadáns merecen unha rúa mellor pavimentada. Esta conduce á administración de facenda e tamén é un dos accesos ao ambulatorio.

Ante iso solicitamos información a ese concello, que xa nola remitiu. Nela sinálase o seguinte:

"Remítese información requirida polo Valedor do Pobo, rexistro de entrada neste concello nº 14026, do 12/11/07, relativo ao estado no que se atopa a vía á Administración de Facenda de Carballo."

O informe do arquitecto municipal, que se acompaña dun plano de situación, sinala basicamente que o acceso á *administración* se fai por dúas vías, a avenida do Ambulatorio e a rúa de Méndel, que conducen tamén ao ambulatorio; que no PXOM estes terreos se atopan clasificados como solo urbano non consolidado incluído no polígono nº 3; e que as vías *"non poden ser urbanizados ata que se complete a execución xurídica dos terreos comprendidos no indicado polígono mediante a aprobación dos correspondentes e preceptivos proxectos de equidistribución e urbanización, circunstancia que non se ten cumprido ata o presente"*. Conclúe dicindo que *"a día de hoxe non resulta posible realizar obras no sistema viario previsto no PXOM para esa zona"*.

Da información transcrita dedúcese que o polígono aínda non foi desenvolvido nin tan sequera nos seus elementos mais primarios, posto que non se atopan aprobados nin o proxecto de equidistribución de cargas e beneficios, nin o de urbanización. A pesar diso, non se explican as causas polas que nese polígono si foron executadas obras de promoción pública como as referidas, isto é, que se atoparían previstas como dotacións públicas ou sistemas xerais, ou como patrimonio municipal, ou como calquera outra posible cualificación que habilitase a promoción das concretas infraestruturas que citamos. Sen embargo, ao integrase no polígono, a súa utilización debera vir acompañada do resto do proceso urbanístico, posto que o que non parece adecuado é que se executen á marxe del.

Efectivamente, respecto do solo urbano non consolidado (artigo 12.b da Lei 9/2002, de ordenación urbanística e protección do medio rural de Galicia; LOUPMRG) os deberes equipáranse aos que se establecen legalmente para o solo urbanizable, xa que en ambos os dous casos é preciso urbanizar. Por iso, existe a obriga de ceder gratuitamente á administración o solo preciso para vías, espazos libres, zonas verdes, dotacións públicas e sistemas xerais, e de ceder o 10 % do aproveitamento, así como de costear e, de ser o caso, executar a urbanización. A redistribución equitativa ou equidistribución farase a través da reparcelación correspondente (artigo 20.1 LOUPMRG).

Para edificar é necesario que os terreos reúnan a condición legal de soares edificables, para o que non só deben estar completamente urbanizados, senón que tamén deben executarse, conforme o planeamento, as obras de urbanización esixibles para a conexión cos sistemas xerais existentes. Por tanto, a actuación resulta irregular se non se executaron, previa ou simultaneamente (con aval e demais garantías) as obras previstas (artigo 20.2 LOUPMRG).

Neste caso, ao suceder o que estamos comentando, a consecuencia é que o proceso de urbanización se atopa incompleto, ou case inexistente, e sen embargo unha parte do terreo xa se atopa construído e co correspondente uso, o que leva á paradoxal situación que o propio concello sinala, isto é, que os edificios públicos se atopan en funcionamento, pero as infraestruturas de vías ou sistemas xerais non están dispoñibles ou en uso, sen que nin sequera se anuncie a súa execución no curto prazo.

Por todo o sinalado ata agora considerase necesario, en aplicación do disposto no artigo 32.1 da Lei 6/1984, do 5 de xuño, do Valedor do Pobo, facer chegar a ese concello a seguinte **recomendación:**

"Que con urxencia se promova a solución á situación descrita, de tal forma que se promova a execución da obra urbanizadora que permita dispor das vías necesarias para o actual uso que se dá aos dous edificios públicos afectados, o ambulatorio e o de facenda".

Resposta do Concello de Carballo: Recomendación aceptada.

2.- Recomendación dirixida á Consellería de Vivenda e Solo o 14 de xaneiro de 2008 debido á ausencia de realoxo nunha expropiación (Q/1573/07)

Nesta institución iniciouse expediente de queixa como consecuencia do escrito de Dª F.C.G.D., D. J.A.C.G. e D. J.C.C.G., referente á ausencia de realoxamento nunha expropiación da que son afectados.

No seu escrito esencialmente sinalan que en febreiro do 2005 o Instituto Galego da Vivenda e Solo (IGVS) remitiulles unha oferta de adquisición duns terreos incluídos no plan parcial do sector O Bertón, en Ferrol. Posteriormente, o 9-10-06 achegoulles o proxecto de expropiacións do plan parcial de ordenación do sector PP-1-R, O Bertón, coa folla de aprecio e os criterios de valoración. O 3-11-06 presentaron a correspondente resposta. O 13-02-07, a Dirección Xeral de Urbanismo recoñece o seu erro na descrición dos bens a expropiar, e o 23 dese mesmo mes achegaron unhas novas alegacións. Finalmente, o 10-7-07 cítaselles para a sinatura das actas previas á ocupación e o pagamento correspondente, sen facer mención ao realoxamento que lles correspondería, ao tratarse de vivendas, de acordo co previsto no disposición adicional 4º da LS.

Ante iso solicitamos información a esa consellería, que recentemente nola remitiu. Na mesma sinálase o seguinte:

"En contestación ao seu expediente de queixa Q/1573/07 interposta por Dª F.C.G.D., D. J.A.C.G. e D. J.C.C.G., polo que se nos solicita informe que aclare as circunstancias que motivan a queixa e sobre as medidas adoptadas ou previstas, achégase o informe emitido ao respecto polo director xeral do Instituto Galego da Vivenda e Solo."

Así pois, a queixa dos interesados refírese unicamente á ausencia de realoxamento no trámite da expropiación, en contra do disposto pola lexislación urbanística para os casos de expropiacións de vivendas. Ao respecto o informe referido, asinado polo director xeral do IGVS, basicamente sinala que a xestión dos trámites expropiatorios se encomendaron a *Xestur-A Coruña*, e que esta realizou visitas para o recoñecemento e a taxación, e para informar *"sobre as posibilidades ofrecidas polo IGVS para a readquisición dunha vivenda, respecto dos ocupantes legais destas* (de vivendas afectadas pola expropiación)". Estas posibilidades consistirían en *"aboarlles en metálico a cantidade que lles correspondese en mutuo acordo e reservarlles a compra dunha vivenda protexida (...) ao prezo que resultase"*, ou *"permutar a vivenda actual por unha futura aos prezos oficiais actuais abonándose en metálico aos interesados a diferenza de valores resultante"* (sen especificar que diferenza), pero condicionando tal cousa *"as súas circunstancias persoais"* e sobre todo aos *"ingresos dos interesados"*. Finalmente sinálase que *"o IGVS podía completar, de ser necesario, a cantidade correspondente para que todos propietario de vivenda afectado tivese a indicada opción"*. Engádese que neste *"proceso de adquisición amigable"* o Sr. C. *"negouse a dar resposta algunha sobre as propostas"*, e informóuselle de que a oferta concreta podería ser de 360 000 €. Posteriormente tramitouse a peza de prezo xusto e a folla da administración concretouse en 292 344,19 €, incluído o premio de afección (dise que se acompaña, pero non se fai). Despois cítaselles para o levantamento das actas de pagamento e ocupación, pero o interesado non acepta o primeiro e o aboamento faise na caixa de depósitos. Finalmente vólvese ao asunto central, o realoxamento, e dise que *"a Administración tratou persoalmente con cada interesado a forma de satisfacer o realoxamento"* e sinala que *"a garantía do realoxamento está en función así mesmo da contía á que ascenda o prezo xusto en que a administración taxa"*, e entende que o aprobado definitivamente e aínda o ofrecido antes *"supón cantidade inicialmente suficiente en garantía do devandito realoxamento"*. Remata sinalando que

ademais *"a administración dispón dun programa público de vivenda en alugamento"*, pero "*depende naturalmente da propia vontade dos interesados de solicitalo"*.

Do anterior dedúcese que o IGVS, e máis concretamente *Xestur*, tratou un *suposto realoxamento* cos afectados, ou determinadas fórmulas que pretende asimilar a este, aínda que o fixo dun xeito oral ou inconcreto. Sen embargo, a falta de detalles parece que o ofrecido non pode identificarse co realoxamento previsto legalmente; a primeira opción é tanto como reservar un piso dos futuros de protección, que terían que mercar co xusto prezo, e a segunda é unha permuta, pero co prezo de vivenda protexida actual, para despois aboar *"en metálico aos interesados a diferenza de valores resultante"*, sen explicar a que se refire esta *diferenza* (entre o valor das vivendas, o actual e o futuro; entre o valor da vivenda e o prezo xusto por determinar, etc.).

Fronte a iso debe indicarse que o dereito ao que se refire a queixa, o de realoxamento, debe afirmarse dende o comezo do expediente e dun xeito formal, mediante peza separada ou documento ao respecto, e non dun xeito informal e inconcreto, por un medio que non compromete (trátase de simples conversas, sen posibilidade de proba) a quen ten a obriga de darlle efectividade, neste caso a administración expropiadora ou polo menos non garante, respecto do afectado, que se terá por firme, á marxe da súa posición respecto do prezo xusto ofertado, tanto na fase de mutuo acordo como nas posteriores, por exemplo, mostrando a súa desconformidade cos prezos ofertados en ambos os casos, como así sucedeu neste suposto.

As ofertas de realoxamento da administración, á marxe do seu carácter pouco claro (particularmente confusa é a segunda opción), só parecen poder concretarse se o afectado acepta o acordo da administración, isto é, cun mutuo acordo previo, cando o dereito de realoxamento debera recoñecerse previamente, concretarse no posible, para despois continuar o trámite de fixación do xusto prezo. O suposto que examinamos resulta clara proba de que tal cousa debera ser así; o resultado que agora atopamos é que os interesados non recibiron oferta formal de realoxamento, pero sen embargo a administración rematou o expediente e xa fixo o pagamento da cantidade legalmente establecida, o que en principio a habilitaría para a ocupación, como parece pretender. Sen

embargo, ata que non se realice a oferta formal de realoxamento nos termos legalmente establecidos non debera darse esta circunstancia. Ademais, esa eventual ocupación, aínda que habilitada legalmente, produciríase afectada por unha segunda obxección, que é a falta de obxectivación actual do prezo, circunstancia que desenvolveremos posteriormente.

Por outra banda, a administración parece confundir o prezo xusto sinalado ou cuantificado por ela mesma no expediente co dereito de realoxamento, ao sinalar, como vimos, que *"a garantía do realoxamento está en función así mesmo da contía á que ascenda o prezo xusto en que a administración taxa"*, afirmando despois que o aprobado definitivamente *"supón cantidade inicialmente suficiente en garantía do devandito realoxamento"*. Con esa afirmación estase a confundir o dereito previo de realoxamento co dereito de xusta compensación xeral, ou dereito ao *valor de substitución*, que non resultan coincidentes. Efectivamente, o afectado ten o dereito a que a súa compensación sexa adecuada e a que, por tanto, lle permita buscar a *substitución* da súa vivenda. Debe manterse o equilibrio económico como formulación básica de toda expropiación, segundo o previsto con claridade no art. 33.3 da Constitución. Segundo a xurisprudencia constitucional (por exemplo, sentenza *Rumasa 2*), a garantía constitucional de indemnización no procedemento expropiatorio concrétase no dereito a percibir o valor real dos bens e dereitos expropiados, garantindo o razoable equilibrio entre o dano expropiatorio e a súa reparación. E o valor real resulta do mercado mesmo, que é onde o expropiado debe encontrar o equivalente do ben ou dereito do que se ve despoxado. Pero esta substitución non debe confundirse co dereito previo do realoxamento, que é unha posibilidade que debe ofrecerse previa e formalmente ao expropiado de vivenda, que se debe ofrecer á marxe das condicións ou prezo de mercado da súa vivenda, e que pode ser aceptado como parte do prezo xusto por determinar, como podería ser no caso que nos ocupa, o que loxicamente impediría concretar unha compra de substitución, posto que nese caso o pagamento só se referiría a unha parte do xusto prezo, no seu caso. E máis, aínda podería tratarse dun realoxamento cuxo valor non chegue ao da vivenda preexistente, co que neste caso tampouco se identificaría cunha *substitución* nos termos anteriores, senón cun dereito de contido social.

Así pois, no caso examinado o órgano expropiador parece pretender ocupar o ben expropiado. Sen embargo, con carácter previo parece que se atopa pendente de concreción o dereito de realoxamento. Todos os valedores do pobo españois sostemos (Xornadas de Coordinación de Valedores do Pobo, as celebradas en León no 2006) que cando nunha operación urbanística se utilice o sistema de expropiación e quede afectado algún inmoble que constitúa a vivenda habitual debe darse efectividade ao dereito ao realoxamento nunha vivenda de similares características. A disposición adicional cuarta do texto refundido da Lei sobre réxime do solo e ordenación urbana sinalaba que *"na execución de actuacións urbanísticas que requiran o desaloxamento dos ocupantes legais de inmobles que constitúan a súa residencia habitual, debérase garantir o dereito daqueles ao realoxamento, con suxeición ás seguintes regras: 1ª Cando se actúe por expropiación, a administración expropiadora ou, de ser o caso, o beneficiario da expropiación deberán poñer a disposición dos ocupantes legais afectados vivendas nas condicións de venda ou alugamento vixentes para as suxeitas a réxime de protección pública e superficie adecuada ás súas necesidades, dentro dos límites establecidos pola lexislación protectora"*. A disposición final 1.ª establece o carácter de lexislación básica desta normativa. Un contido similar ten o artigo 16.1.e) da Lei 8/2007, do 28 de maio, do solo. Por iso, existe a obriga de tramitar de oficio tal requisito e de iniciar a peza separada formal; a oferta a todos os afectados que se atopen nas condicións legais para ser realoxados debe producirse en calquera caso, o que non obsta para que logo de terse concretado e ofrecido formalmente o realoxamento os interesados o acepten ou renuncien a el. Forma parte das obrigas propias da administración como instrumento de garantía do expropiado neste tipo de procedementos, nos que os aspectos formais deben ser respectados de forma especial, posto que afectan a modificacións en dereitos dominicais. Por iso, debe ser impulsado de oficio e previsto co tempo suficiente como para permitir que resulte efectivo no intre correspondente.

A normativa urbanística prevé o dereito de realoxamento como un mecanismo incondicionado co fin amortecer os prexuízos individuais dos expropiados, configurándoo como un dereito en favor dos afectados polos desenvolvementos urbanísticos. O dereito debe referirse a unha vivenda actual, e non futura ou en construción, posto que senón fora así non se cumpriría a finalidade legal (Merelo Abella, *Régimen jurídico del suelo y*

gestión urbanística, Ed. Praxis, páx. 463). Ademais, resulta de relevancia que o ente expropiador teña en conta aos posibles realoxados no expediente expropiatorio e por iso tramite unha peza separada para o recoñecemento do posible dereito e para a súa concreción e efectividade, como sinala a STSX de Madrid do 15-11-2002, que esixe a tramitación das fases do expediente de realoxamento con coñecemento e participación dos interesados para proceder a instar o desafiuzamento administrativo.

Ao marxe do anterior, resulta rechamante que se mencione tamén que *"a administración dispón dun programa público de vivenda en aluguer"*, co que parece insinuar que se pode proporcionar un realoxamento provisional en réxime de alugamento, o que, unido á falta de concreción do realoxamento debido (definitivo), sería tanto como forzar a unha situación provisional que podería evitarse se coñecese adecuadamente (coa anticipación debida) este aspecto da expropiación.

Tratándose dunha vivenda, é dicir, dun ben directamente relacionado cun dereito especialmente protexido, como é o dereito á intimidade persoal e familiar no ámbito domiciliario e a inviolabilidade do domicilio, definido no artigo 18. 1 e 2 da Constitución, o desapoderamento non debería producirse ata o ofrecemento da posibilidade do realoxamento, e ata a obxectivación do prezo. O trámite do realoxamento adecuado, unido a fixación dun prezo obxectivado e previo ao desaloxo, podería ter propiciado que neste intre os afectados puideran dispoñer das dúas opcións, ou da combinación delas, co que os prexuízos que xa de seu ocasiona a expropiación polo menos se verían reducidos ao estritamente imprescindible. Polo contrario, a consellería tratou o asunto de tal maneira que os afectados só contan co prezo sinalado unilateralmente por ela mesma; o preceptivo realoxamento, que debera ser unha opción para o caso de que os afectados non desexasen facer efectiva a substitución, non tivo efectividade, o que resulta excepcionalmente gravoso, sobre todo tendo presente que xa veñen de ser gravados polo exercicio da propia expropiación.

Ademais, no caso examinado a ausencia do recoñecemento de realoxamento ten unha importancia singular, posto que, aínda que a administración tratou o expediente expropiatorio como se fose un soar, identificándoo como o nº 66, o certo é que se trata dun

edificio con tres vivendas ou espazos independentes, ocupadas por diferentes afectados. Así o recoñece a propia administración cando sinala na súa folla de aprecio que se trata de vivendas de paredes medianeiras, identificándoas como A, B e C. Os interesados achegaron documentos que presuntamente avalarían o anterior.

Todas as circunstancias sinaladas respecto das expropiacións de vivendas se veñen observando en non poucos casos, o que deu lugar a que se deixara constancia dos criterios desta institución para unha mellor administración deste tipo de supostos, e, en definitiva, para a protección integral dos dereitos afectados. Este comentario se deu en diferentes informes anuais dirixidos ao Parlamento, e máis recentemente se fixo un amplo comentario monográfico no Informe correspondente ao 2006, páxinas 352-373 (www.valedordopobo.com).

Nel subliñamos, entre outras cousas, que aos problemas habituais das expropiacións, nas de vivendas que constitúen o domicilio habitual dos afectados se engaden certas singularidades que agravan a situación. O tratamento dunha privación coercitiva que se encamiña a algo de tanta transcendencia como a perda da vivenda non pode ser o común ou o do resto da expropiacións, posto que os problemas individuais e sociais que levan aparellados resultan de enorme entidade, ata o punto de afectar a algún dereito fundamental e a outros dereitos constitucionais de diferente tipo. Este enfoque singular debe ter por obxecto un tratamento adecuado das graves consecuencias da privación dun ben de primeira necesidade e enormemente caro como a vivenda e, sobre todo, que a previsión xeral desta posibilidade trae consigo un conflito de intereses que debe ser xestionado de acordo cos dereitos e principios constitucionais. O enfoque que parece máis adecuado para compatibilizar o conflito ao que nos referimos debe partir de algunha consideración básica. Os instrumentos contemplados na normativa expropiatoria en moitos casos resultan obsoletos e deben verse matizados pola normativa constitucional (art. 33 CE). Xa no Informe correspondente a 2005 tivemos ocasión de resaltar o expeditivas que resultan as amplas habilitacións legais ou poderes ligados á potestade expropiatoria (páxinas 336-337). Pois ben, debido ás graves consecuencias da concreta privación que tratamos, estes mesmos poderes deberan verse matizados na súa aplicación práctica cando

se trata de privar a un cidadán da vivenda na que desenvolve a esfera máis íntima da súa vida persoal e familiar.

Como xa tivemos ocasión de apuntar, nestes supostos encóntranse afectados determinados dereitos constitucionais, especialmente un de tipo fundamental, o dereito definido no art. 18. 1 e 2 CE. Por iso, nos casos en que os bens expropiados son vivendas habituais, á exixencia constitucional do pagamento do valor real debera engadirse, como corolario lóxico da xeral formulación constitucional desta potestade, a postergación do desaloxamento. Dada a aplicación do carácter urxente da ocupación, habitualmente declarado nas expropiacións, en teoría o lanzamento podería producirse co simple pagamento da última cantidade ofrecida pola administración expropiadora (nas urbanísticas) ou do depósito previo, como se parece pretenderse. Pero esta posibilidade, que xa resulta difícil de explicar con carácter xeral, parece aínda máis difícil de aceptar no caso das vivendas, polas circunstancias amplamente expostas, e fundamentalmente porque existen alternativas que resultan máis propias da *boa administración*, sen ningunha mingua do interese público, e porque calquera aplicación da potestade expropiatoria en materia de vivenda debe ser realizada á luz do *principio de afectación mínima* aos expropiados, o que claramente se deriva do dereito fundamental que pode verse prexudicado en caso de non ser así.

Por iso, os valedores do pobo expresamos tamén que cando nunha operación urbanística se utilice o sistema de expropiación e quede afectado algún inmoble que constitúa a vivenda habitual, nos casos en que non fose posible a exclusión da vivenda do procedemento expropiatorio por incompatibilidade da edificación co plan, a actuación do órgano expropiador debe conducir, ademais de a efectividade do dereito de realoxamento, á obxectivación do prezo, de maneira que o valor de expropiación sexa coincidente co valor de mercado dunha vivenda de similares características á expropiada, non levándose a cabo a privación da vivenda ata que se fixe a obxectivación do prezo. Tal cousa só se dá coa intervención dos órganos alleos á consellería que se prevén na lexislación expropiatoria e urbanística, ou cando se chega a un mutuo acordo. Nese caso os afectados poden optar (é unha das posibilidades) a unha substitución adecuada, posto que xa teñen un

prezo adecuado e poden mercar unha vivenda de similares características (*prezo de substitución*).

En definitiva, de cumprirse todos os requisitos previos á ocupación citados, a concreción formal da opción de realoxamento e a espera ata a obxectivación do prezo, a cantidade de compensación atoparíase sinalada definitivamente, obxectivada e entregada, e os afectados terían a opción de mercar unha vivenda axeitada ou de *substitución*, ao que se engadiría a opción de aceptar a vivenda de realoxamento, ou a combinación de ambas as dúas posibilidades, é dicir, a vivenda de realoxamento e mais a diferenza ata o valor sinalado como xusto prezo. O trámite do realoxamento adecuado, unido ao prezo xusto obxectivado, podería ter propiciado que neste intre os afectados puideran dispoñer de ambas as dúas opcións, co que os prexuízos que xa de seu ocasiona a expropiación polo menos veríanse reducidos ao estritamente imprescindible.

Por todo o sinalado ata agora considérase necesario, en aplicación do disposto no artigo 32.1 da Lei 6/1984, do 5 de xuño, do Valedor do Pobo, facer chegar a esa Consellería de Vivenda e Solo a seguinte **recomendación:**

"Que con urxencia se corrixa o expediente expropiatorio no senso indicado, isto é, que non se proceda a facer efectiva a ocupación ata que se sinale o prezo xusto de forma obxectiva, coa intervención dos órganos alleos á consellería que se prevén na lexislación expropiatoria e urbanística, ou se chegue a un mutuo acordo; e que se ofrezan as vivendas de realoxamento que correspondan aos afectados, adecuadas ás súas necesidades e de acordo coa lexislación sobre a materia, de tal forma que podan contar con elas como pagamento total ou parcial do prezo xusto sinalado".

Resposta da Consellería de Vivenda e Solo: recomendación non aceptada.

3.- Recomendación dirixida ao Concello de Moaña o 4 de xuño de 2008 debido ao paso de vehículos polo parque infantil de Tirán e ao mal estado deste (Q/1248/06)

Nesta institución iniciouse expediente de queixa como consecuencia do escrito de D. J.M.S.P. e 180 veciños máis, referente á suposta cesión dun paso de vehículos polo parque infantil de Tirán, ou por permitir tal paso, e ao mal estado do parque.

No seu escrito, esencialmente, indícannos que o terreo onde se localiza o parque infantil de Tirán fora cedido libre de cargas no 2002 ao Concello de Moaña como compensación pola execución dunha urbanización lindeira. É o único espazo público que teñen os nenos da parroquia; o seguinte máis próximo queda a 3 quilómetros. Pero a pesar destas circunstancias a Comisión de Goberno do Concello de Moaña aprobou a cesión dun terreo de 4 metros de ancho do parque infantil a un particular para un acceso ao seu domicilio para vehículos. Nunha entrevista co alcalde e cos concelleiros de Urbanismo e de Medio Ambiente solicitouse que non se autorizase a devandita cesión e que antes consultasen cos asesores xurídicos, pero responderon que o tema seguiría adiante. Á vista de que o concello realizaría a cesión organizaron unha manifestación. Posteriormente, nunha reunión preguntaron polo tema e o concelleiro de Urbanismo comunicou que xa non se ían ceder os devanditos metros, mentres que o de Medio Ambiente dixo todo o contrario. En calquera caso, o propio concello segue permitindo o paso polo parque a un particular, a corta de sebes do cerrado, a apertura dun portal, e que se derrubamento o muro que linda co camiño.

Ante iso solicitamos información ao Concello de Moaña, que sinalou o seguinte:

"a) O Concello de Moaña non alleou nin gravou ningún ben pertencente ao dominio público, por canto tal actuación, sen a tramitación do correspondente expediente de desafectación, significaría incorrer nunha ilegalidade grave, susceptible de responsabilidades penais para o órgano que aprobase tal alleamento ou gravame. b) O Concello de Moaña non adoptou dende 2002 ningún acordo nin realizou ningunha actuación que implicase a modificación das condicións físicas ou xurídicas dos terreos do

parque infantil de Tirán. c) O parque infantil de Tirán cumpre coas condicións básicas de seguridade, estando correctamente cerrado en todo o seu perímetro. d) O parque infantil de Tirán inclúese no sistema municipal de zonas verdes e espazos públicos. Esta alcaldía descoñece a existencia de calquera normativa que impida o acceso, uso e aproveitamento por parte dos veciños das zonas verdes e espazos públicos municipais, sempre e cando tal uso e aproveitamento non desvirtúe a súa natureza ou impida o uso e aproveitamento doutros veciños. e) No tocante ás actuacións previstas, o concello procederá de inmediato a revisión e reforzamento das medidas de seguridade no recinto. É o que poño no seu coñecemento, manifestando así mesmo que, a prol da eficiencia administrativa, corresponde a obriga de proba a quen realiza a denuncia, véndose na obriga o concello neste caso de dar explicacións sobre rumores e interpretacións interesadas derivadas dunha situación de enfrontamento entre veciños, convenientemente utilizada con fins políticos por quen subscribe a denuncia."

Á vista do anterior de novo nos diriximos ao concello, posto que aínda que se afirmaba categoricamente que non se mudou o carácter público do terreo e non se alleou nin gravou, sen embargo non se aclaraba que non se permita o paso polo parque ao coche do particular en cuestión; do manifestado no informe municipal parecía desprenderse que efectivamente se produce un uso que non se corresponde co propio dos parques. A resposta do concello neste caso foi a seguinte:

"Non lle consta a esta alcaldía que o parque infantil de Tirán estea sendo utilizado como acceso de carruaxes para ningún dos predios lindeiros, eventualidade por outra banda difícil de producirse por canto non existe ningún predio con entrada de carruaxes lindando co parque. Tampouco lle consta a esta alcaldía que ningún particular realizase obras de construción ou demolición que afectasen ao dominio público, como mínimo desde que este foi cedido ao concello no 2002. No tocante á corta de sebes, a queixa así enunciada, e sen mediar previa denuncia co seu correspondente expediente informativo, non pode ser actualmente contrastada, debendo detallarse o momento en que se produciu e aclararse se se refire a unha poida ou a unha corta e se esta se produciu no linde entre o dominio público e a propiedade privada ou dentro do espazo público. En calquera caso, se tal circunstancia se producise no futuro, e esta alcaldía tivese

constancia dos feitos, seranlle de aplicación as ordenanzas en vigor. O punto d) do anterior escrito pretende dar resposta á queixa de que "o concello segue permitindo o paso polo parque a un particular" e sobre a compatibilidade do devandito paso "coas condicións impostas pola normativa sectorial (parques infantís)". O certo é que no Concello de Moaña pasan e atravesan polos parques infantís centos de persoas cada día, sen que ata o momento se puxese en cuestión o devandito uso. Ora ben, ante a dúbida suscitada, requiririrase informe dos servizos xurídicos municipais sobre as limitacións do paso polos espazos públicos. As conclusións do devandito informe serán de inmediata aplicación."

O concello sinalou que encargou un informe xurídico sobre o paso de cidadáns polo recinto do parque, e que aplicará de inmediato as conclusión deste. Parece refírese ás condicións nas que se debe executar a obriga de cerramento dos parques e como afectaría á circunstancia mencionada, de acordo coa normativa sectorial. Cuestión diferente é o mal estado xeral do parque (do cerramento e dos demais elementos), que parecía evidente, á vista das fotos achegadas. Esta vez a resposta municipal foi a seguinte:

"a) O informe xurídico está aínda en proceso de elaboración. Despois de elaboralo, daráselle traslado. b) O parque infantil vai ser acondicionado proximamente, coa substitución dos xogos deteriorados, instalación de superficies de seguridade e mellora do cerramento. Está prevista unha actuación de maior calado para reformar a zona de xogos próxima, que se executará logo de que se defina polo Consello Parroquial de Tirán, do que forman parte todos os colectivos veciñais da parroquia."

Sen embargo, logo de que transcorrer un período considerable dende a recepción do anterior informe, aínda non se recibira a resposta comprometida; ademais, tampouco se concretaron as melloras que se van realizar, nin cando se darán, a pesar de que da resposta e de anteriores actuacións parecía confirmarse o mal estado do recinto. Nesta ocasión a resposta foi a seguinte:

"As obras de acondicionamento do parque infantil de Tirán están pendentes da redacción dun proxecto xeral de remodelación da zona, extremo coñecido e aceptado

polos/as veciños/as e representantes veciñais da zona, como se desprende do escrito que se achega a este informe, asinado polo promotor da queixa que nos ocupa. É intención desta alcaldía, sempre de acordo cos/as veciños/as implicados, que a remodelación de fondo da queixa presentada ante esa institución. Respecto ao informe xurídico que se demanda a este concello, este non foi aínda remitido a esta alcaldía. Daráselle de contado traslado do mesmo, axiña se nos entregue."

O concello pretende facer un proxecto de remodelación da zona, e sinala que tal cousa levará un tempo e que estas explicacións foron aceptadas pola asociación reclamante; sen embargo, os interesados indicaron que tal cousa non é así. Ademais, a situación obxecto da queixa principal segue a ser a mesma; segundo manifestan, os donos da casa veciña ao parque seguen a molestar aos que se acercan e séntense molestos porque os nenos xoguen nel. Ademais, a herba atópase tan alta que non se pode xogar, e o estado actual do parque é malo. Ao respecto do motivo principal da queixa o concello sinalara hai moito tempo que se estaba a elaborar un informe xurídico, do que daríase traslado; pero a día de hoxe segue sen coñecerse o devandito informe e as medidas adoptadas en relación co tránsito de vehículos polo parque. Nesta ocasión a resposta do concello foi a seguinte:

"Os servizos técnicos municipais están elaborando un proxecto de remodelación da zona, á petición e segundo criterios da AA.VV. de Tirán, como xa se expuxo no escrito remitido con anterioridade. No momento en que estea elaborado, porase en coñecemento da AA.VV. e dos veciños interesados. A respecto das queixas puntuais debo sinalar que:

1°.- A suposta actitude intimidatoria por parte dos residentes na casa veciña, non pode ser xulgada por esta alcaldía, a non ser que se converta en infracción administrativa, falta ou delito, extremo do que o Concello de Moaña non ten constancia. 2°.- As obras de conservación e mantemento do parque de Tirán, execútanse de acordo ao calendario de traballos da brigada municipal de obras. Con todo, insistirase para que se incremente a atención a este espazo público. 3°.- En reiteradas ocasións informouse a esa institución que non existe tránsito de vehículos polo parque, e polo tanto, non cabe a adopción de medidas de ningún tipo ao respecto. No tocante ao informe xurídico que reiteradamente se vén reclamando, cabe sinalar que a situación previa que facía

pertinente o devandito informe se modificou substancialmente nas últimas semanas, tras a remisión por parte da AA.VV. de Tirán dun escrito a esta alcaldía en que pon de manifesto as discrepancias existentes sobre o dereito de paso entre os propietarios inmoble afectado e os veciños da zona. Á vista do devandito escrito e ante a posibilidade de existencia dunha servidume que non consta nas escrituras de propiedade do concello, por providencia desta alcaldía de data 3 de setembro de 2007, iniciouse expediente de investigación, nomeándose para a súa tramitación ao secretario xeral do concello, a fin de que a través do procedemento administrativo se esclarezan os dereitos que asisten ao particular. Logo de que conclúa o devandito expediente, será de aplicación a resolución que se dite e daráselle coñecemento aos interesados, así como a esa institución."

Ante esta situación de indefinición de novo nos diriximos ao concello. Finalmente o concello sinalou:

"- Resulta difícil para esta alcaldía ofrecer aclaración convincente a unha queixa que desde o seu inicio se viu modificando continuamente nos seus termos e incluíndo absolutas falsidades, como se pode observar durante a longa evolución do expediente que nos ocupa. Non obstante, cumprindo coas súas obrigas legais, este concello seguirá contestando puntualmente todos os requirimentos que desde esa institución se realicen, coa maior claridade que nos sexa posible.

- Obran na Secretaría Municipal documentos que inducen a unha dúbida razoable sobre a existencia dunha servidume de paso a través da propiedade municipal. Nesas circunstancias, a adopción por parte desta alcaldía de calquera medida destinada a modificar o estado actual das cousas, sen a suficiente motivación, significaría unha medida arbitraria, abrindo a posibilidade de actuacións por parte dos prexudicados diante do Valedor do Pobo, pero tamén na vía contenciosa e probablemente, na penal, contra quen ordenase a actuación dos seus presuntos dereitos. Nesas circunstancias, a única vía de actuación para o concello é o esclarecemento das cargas que pesan sobre a propiedade, mediante o correspondente expediente de investigación.

- A remodelación do parque vense dilatando pola necesidade de chegar a un acordo coa Asociación de Veciños de Tirán sobre as obras, e os propios ritmos da administración local, como ocorre con outras moitas obras comprometidas polo concello de igual ou maior importancia que á que nos ocupa.

- Do exposto no anterior informe dificilmente se pode concluír que o concello faga "labores de mínimos" na atención ao Parque de Tirán. O Concello de Moaña conta con 22 parques infantís e aproximadamente 6ha de xardíns e zonas verdes que requiren a atención continuada dos servizos municipais. A atención que se lle presta ao Parque Infantil e Zona Verde de Tirán, que ocupa, arredor de 1500 m^2, é similar a dos demais espazos públicos, de acordo cos recursos humanos e económicos cos que conta o Concello de Moaña.

- Será un pracer para esta alcaldía ter a ocasión de expoñer directamente a situación e pór ao seu dispor a documentación que obra no noso poder, propoñéndolle ademais que se reúna coas partes implicadas - promotores da queixa, Asociación de Veciños e familia afectada pola servidume- para facerse unha idea cabal dos motivos, circunstancias e consecuencias da queixa que se tramita."

Despois de moito tempo dende o informe transcrito non se recibiu ningunha aclaración máis, co que a situación de indefinición das dúas cuestións obxecto da queixa continúa nese mesmo estado, a pesar do moito tempo transcorrido e dos reiterados compromisos municipais de aclaralas.

Efectivamente, no que respecta ao uso de parte do terreo para paso ou servidume, o concello en primeiro termo e hai moito tempo comprometeuse a realizar un informe xurídico *sobre as limitacións do paso polos espazos públicos;* despois sinalou que *as conclusións do devandito informe serán de inmediata aplicación.* Sen embargo, o certo é que o devandito informe non se deu en ningún momento, a pesar dos reiterados compromisos ao respecto e da nosa insistencia, o que fai pensar que non foi máis que un xeito de dilatar un pronunciamento expreso ao respecto. A devandita impresión parece confirmarse coa modificación da intención de prescindir dese informe e indicar agora que

o que se realiza é o esclarecemento da propiedade e das súas cargas mediante o inicio dun expediente de investigación; sen embargo, este tampouco se conclúe, nin se dá conta do seu curso sequera, e despois dun tempo considerable o concello non sinalou nada ao respecto, co que parece seguirse a mesma liña que co anterior informe.

A primeira circunstancia que resulta de difícil comprensión en relación co mencionado é como poden existir dúbidas da situación do terreo cando fora cedido libre de cargas no 2002 ao concello como compensación pola execución dunha urbanización lindeira, e cando debera ser inscrito nesas condicións; esta circunstancia sinalóuselle ao concello na primeira comunicación, e non se desmentiu; ao contrario, o ente local enfocou a súa actuación partindo de que o terreo era municipal e se atopaba libre de cargas, polo que non se entende como pode agora orientarse cara a investigación citada. O artigo 20 da Lei 9/2002, de OUPMRG, sinala como unha das obrigas dos propietarios do solo urbano non consolidado a cesión obrigatoria á administración municipal de determinado solo, mencionando expresamente nos puntos b e c que se fará *sen cargas*. En calquera caso, aínda no suposto de que se interpretase que poden recibirse cunha posible carga no caso do punto a, o certo é que esta circunstancia debera constar expresamente ao concello a través da correspondente documentación pública, posto que se trata dunha transferencia de dominio moi recente. Se non conta e ademais se cumpre a obriga de inventario e inscrición en principio non deberan terse dado os problemas actuais. Por iso, todo parece indicar que non se deu a dilixencia necesaria nesta orde, o que agora pretende suplirse a través da correspondente investigación e da execución do que dela se deduza.

Polo que se refire á devandita investigación, o concello iniciáraa hai tempo, aínda que todo parece indicar que se demora, posto que a pesar do compromiso correspondente (indicouse que *logo de concluír o devandito expediente, será de aplicación a resolución que se dite e daráselle coñecemento aos interesados, así como a esa institución),* o certo é que aínda non se ten coñecemento nin da resolución do expediente nin da efectividade do resolto nel. Ao respecto é de subliñar que o artigo 9.2 do Real decreto 1372/1986, do 13 de xuño, polo que se aproba o regulamento de bens das entidades locais, sinala que “as entidades locais teñen a obriga de exercer as accións necesarias para a defensa dos seus bens e dereitos”; o artigo 17 e seguintes establecen a obriga de formar inventario de todos

os seus bens, indicando os dereitos reais que graven a leira; o artigo 36 sinala que as corporacións locais deberán inscribir no Rexistro da Propiedade os seus bens inmobles e dereitos reais; e o artigo 45 sinala que "as corporacións locais teñen a facultade de investigar a situación dos bens e dereitos que se presuman da súa propiedade, sempre que esta non conste, a fin de determinar a titularidade destes". Parece claro que co cumprimento das primeiras prescricións sinaladas se terían evitado as dúbidas que agora menciona o concello, e, cando se producen as dúbidas que di sufrir o concello, unidas ás carencias tamén mencionadas, entón estas deben resolverse con dilixencia, cousa que parece non se está a dar.

Por último, no que se refire ao mal estado do parque, confirmado polo propio concello e que se observa tamén nas diferentes fotos achegadas, o ente local informou hai tempo que estaba a elaborar un proxecto de remodelación, aínda que sen concretar para cando se prevía o remate dese proxecto e a execución das obras; unicamente se indicaba que se executarían *de acordo co calendario de traballos da brigada municipal*, sen concretalas. A pesar da nosa insistencia, posteriormente só se di que *a remodelación do parque se vén dilatando pola necesidade de chegar a un acordo coa Asociación de Veciños de Tirán sobre as obras, e os propios ritmos da administración local*, circunstancias que tampouco se entenden e non concretan a efectividade da obriga municipal. Efectivamente, a remodelación dun parque en mal estado é unha obriga da administración local competente; resulta de aplicación o Decreto 245/2003, do 24 de abril, polo que se establecen as normas de seguridade nos parques infantís. O seu artigo 14 sinala que *os titulares dos parques infantís serán responsables do seu mantemento e conservación, debendo realizar inspeccións e revisións anuais por técnicos competentes e con formación acreditada*.

Estas obrigas concrétanse, en canto á situación, en que *os parques infantís deberan estar situados en zonas onde os posibles riscos para os usuarios sexan mínimos*; *as superficies previstas para o xogo deberán estar debidamente acoutadas dunha forma segura e separadas* (artigo 3). Ademais, *os parques infantís serán accesibles para os menores discapacitados* (artigo 4.1), e os elementos auxiliares, tales como *cerrados, papeleiras, aparcadoiros de bicicletas e asentos que estean colocados no interior deberán*

cumprir os requisitos da norma correspondente (artigo 5.1). Tamén *figurarán, de forma facilmente lexible, carteis que conteñan, polo menos as seguintes indicacións*: *a) A situación do teléfono público máis próximo. b) A localización do centro sanitario máis próximo e a indicación do número de teléfono das urxencias sanitarias, en caso de accidente. c) O número de teléfono do servizo encargado do mantemento e reparación de danos do parque infantil. d) A prohibición de circulación de vehículos de motor, e a limitación de uso de bicicletas, patinetes e similares. e) A prohibición de uso dos xogos aos maiores de idade. f) A prohibición de acceso de animais aos parques infantís. g) A recomendación de uso dos xogos por tramos de idade. h) A obrigación de que os menores de tres anos estean constantemente acompañados e supervisados por un adulto na área de xogo infantil* (artigo 6). Os elementos de xogo tamén deben ter *as dimensións adecuadas aos menores aos que estean destinados; os equipamentos e elementos de xogo nos parques infantís e áreas de xogo para a infancia deberán cumprir as especificacións técnicas sobre normas de seguridade previstas nas normas relacionadas no anexo; esixirase unha coidada fabricación e tratamento dos materiais*; *os equipos estarán deseñados de forma que o risco relacionado co xogo sexa apreciable e predicible polos nenos*; *a superficie sobre a que poidan caer os menores no uso dos elementos de xogo (superficie de impacto) será de materiais brandos; baixo todos os equipamentos dunha área de xogo que teñan unha altura de caída libre superior aos 600 mm deberase instalar un revestimento amortecedor do impacto na totalidade da superficie de impacto* (artigo 7).

En resumo, na presente queixa examínanse dúas cuestións directamente relacionadas. A primeira refírese á xestión dun parque municipal, que, como vimos, o propio concello sinala que non se atopa en boas condicións de seguridade, razón pola que promove a súa reforma. Non obstante, non está a demostrar a dilixencia precisa para levala a cabo, a pesar de que o ben en xogo é de máxima relevancia, posto que se trata de preservar a seguridade dos nenos usuarios, ou, como sinala o Decreto 245/2003, a protección dos menores no seu tempo de ocio.

Os problemas de seguridade do parque refírense non só ao estado do firme, do cerrado e dos elementos lúdicos, senón tamén á determinación clara da imposibilidade de que por el circulen vehículos e, en xeral, ao completa cumprimento do establecido no

artigo 3.2 do citado decreto, que sinala que "*as superficies previstas para o xogo deberán estar debidamente acoutadas dunha forma segura e separadas do tráfico rodado, ben mediante un distanciamento mínimo de 30 metros ou ben a través da súa separación por medios naturais ou artificiais que protexan os menores do perigo derivado do seu acceso inmediato á calzada*". O ente local nega que pasen vehículos, ou polo menos sinala que *non lle consta*; pero o certo é que a súa actitude cambiante ou ambigua respecto do asunto, e ultimamente a manifestación de que pode existir unha servidume de paso fai pensar que este tema debe ser aclarado definitivamente, indicando de forma expresa que o recinto se atopa acoutado. Ademais, ao respecto desta cuestión o concello sinalou que encargara un estudo xurídico, ou que *se requirira informe dos servizos xurídicos municipais sobre as limitacións do paso polos espazos públicos; as conclusións do devandito informe serán de inmediata aplicación.* Sen embargo, o informe non se achegou por parte do concello, a pesar do sinxelo que resultaban as súas conclusións respecto do trafico rodado, que era o que se pedía basicamente.

Ao anterior engadíronse nos últimos informes municipais o que parecen ser dúbidas sobre posibles cargas dos terreos municipais sobre os que se asenta o parque. En primeiro termo é de sinalar que estas non deberan existir nun terreo deste tipo. Como dixemos, os interesados sinalaran que fora cedido libre de cargas no 2002 ao concello pola execución dunha urbanización lindeira, circunstancia que o propio concello non nega, e aínda parece confirmar cando di que *o parque infantil de Tirán se inclúe no sistema municipal de zonas verdes e espazos públicos.* A cesión loxicamente debera terse producido libre de cargas e así debera inscribirse. Por iso, non pode entenderse que xurdan problemas deste tipo cunha propiedade recentemente adquirida polo sistema mencionado, posto que non se trata dunha propiedade municipal con circunstancias que xustifiquen dúbidas respecto da titularidade, a plena propiedade ou os lindes.

Aínda así, o obriga do concello ao respecto é a investigación das continxencias, e tampouco neste caso o concello pareceu obrar dun xeito dilixente. Efectivamente, o ente local anunciou hai tempo o *esclarecemento das cargas que pesan sobre a propiedade, mediante o correspondente expediente de investigación;* sen embargo, despois dun tempo considerable segue sen pronunciarse expresamente sobre este extremo.

En calquera caso, á marxe da cuestión da plena propiedade do terreo, o certo é que, dende que se promoveu a queixa ata agora, nel existe un parque de titularidade municipal que debe ser mantido nas condicións previstas polo ordenamento. Os incidentes producidos respecto desa titularidade en principio non deberan repercutir no mantemento en boas condicións do parque. Ademais, estes incidentes deberan ser resoltos canto antes, e, no caso de que calquera das medidas adoptadas en relación coa adecuada conservación ou mantemento do parque se entenderan por alguén como contrarias aos seus dereitos ou intereses lexítimos, entón poderían ser obxecto de impugnación, circunstancia que non parece terse dado, aparentemente porque a abstención municipal non deu lugar a tal cousa.

No suposto que coñecemos, da información dispoñible parece deducirse que o Concello de Moaña non adoptou todas as medidas ao seu alcance para manter o parque en condicións adecuadas de seguridade e para cumprir as súas obrigas respecto á propiedade municipal do terreo. Así pois, o principio constitucional de eficacia no labor das administracións públicas (art. 103.1 CE) non parece terse aplicado con rigor no tratamento desta problemática, á vista da insuficiencia das actuacións municipais e fundamentalmente pola abstención na adopción das medidas adecuadas, deixando transcorrer un período de tempo dilatado sen corrixir a situación, sendo isto perfectamente posible.

Por todo o sinalado ata agora considérase necesario, en aplicación do disposto no artigo 32.1 da Lei 6/1984, do 5 de xuño, do Valedor do Pobo, facer chegar a ese Concello de Moaña a seguinte **recomendación:**

Que con urxencia se dea estrito cumprimento a todas as prescricións legais relativas á seguridade do parque infantil obxecto da queixa e dos seus diferentes elementos, e que se executen as obras precisas para iso, de tal maneira que se corrixa o seu deficiente estado; e que especialmente se garanta o cumprimento da obriga de que a súa superficie prevista para o xogo estea debidamente acoutada dunha forma segura e separada do tráfico rodado.

E que, tamén con urxencia, se proceda a corrixir as carencias observadas respecto do inventario, inscrición, investigación e definición das posibles cargas do terreo en cuestión.

Resposta do Concello de Moaña: recomendación aceptada.

4.- Recomendación dirixida ao Concello de Boiro o 12 de xuño de 2008 debido á ocupación parcial dunha propiedade para a realización dunha obra municipal. (Q/1108/05)

Nesta institución iniciouse expediente de queixa como consecuencia do escrito de D. J.M.P. referente á non contestación as súas reclamacións ao concello pola realización de obras que afectan á súa propiedade.

No seu escrito, esencialmente, indícanos que hai dous anos un concelleiro lle pediu autorización para vertido de augas pluviais (e quizais doutro tipo, sospeitou el) na súa leira, autorización que se denegou polo seu pai, propietario do terreo. Ao parecer a obra tiña por finalidade dar servizo a dúas vivendas de fin de semana situadas en zona de protección de costa, unha delas propiedade dos pais dun anterior concelleiro. Ademais, solicitou do concello a autorización municipal da obra que pretendían realizar, e o concello unicamente mostrou unha solicitude do 2003 dirixida á Demarcación de Costas do Estado, na que non se facía referencia en absoluto á canalización de augas pluviais e posiblemente das residuais, posto que só era para mellora e pavimentación dun camiño público. Pois ben, a pesar da negativa dos afectados, o concello (os operarios ás súas ordes) acometeu as obras, o que provocou unha forte discusión entre seu pai e o concelleiro. Así, a día de hoxe vértense as augas en cuestión nas súas terras, a pesar da súa negativa expresa.

Ante iso solicitamos información en diferentes ocasións ao Concello de Boiro, que demorou a súa resposta. Ata foi preciso recordar ao concello o seu deber legal de colaborar nas investigacións desta institución e advertilo da súa posible declaración como hostil e entorpecedor do labor da institución; e posteriormente se declarou hostil e entorpecedor o labor do concello. Finalmente sinalou o seguinte:

"Primeiro. A actuación á que se fai referencia no dito expediente de queixa consistiu basicamente no acondicionamento da traza e do firme dun camiño público no lugar de Mañóns, na parroquia de Abanqueiro, camiño co que linda unha parcela propiedade do pai do Sr. P.T.. Dentro destas obras de acondicionamento tamén se instalou unha tubaxe que servira para canalizar as augas da chuvia, así como as que brotan no terreo de xeito natural, na procura de que o camiño fose transitable en mellores condicións. A xuízo deste concello, a tubaxe instalada non lle supón ningún dano nin lle causa ningún prexuízo á parcela propiedade do pai do Sr. P.T.

Segundo. Por outra banda, é necesario aclarar que en ningún caso esta tubaxe canaliza augas fecais, nin se utiliza para dar servizo a ningunha das vivendas existentes na zona, ningunha delas de recente construción. Por este motivo, e salvo que quen formula a queixa achegue outros datos, non parece procedente que se insinúe a existencia de ningún trato de favor a ningún veciño, sexan ou non pais dun antigo concelleiro.

Terceiro. Quedamos, en todo caso, a disposición desa institución para a realización das aclaración que considere necesarias."

Ao indicarse que *non se causaba ningún prexuízo a súa leira*, en principio deducimos que se pretendía expresar que nin se verte directa ou indirectamente a esta nin se ocupa parte dela. Non obstante, o interesado sinalou que *se causa un prexuízo moral ao invadir unha propiedade allea aínda que só sexa para colocar unha tubaxe nun cornecho da leira*. Por tanto, o interesado parece indicar que o problema principal ao que facía referencia era a invasión da súa leira pola colocación nela da tubaxe; efectivamente, no caso de terse enterrado esta na súa leira, en principio parecería necesario proceder á adquisición da correspondente servidume, xa sexa por acordo ou por expropiación. Ante iso de novo nos diriximos ao concello, e de novo a resposta municipal se demorou considerablemente. Foi preciso reiterar o requirimento en diferentes ocasións e ata realizar algunha chamada para urxir o seu envío, e de novo necesitamos recordar ao concello o seu deber legal de colaborar nas investigacións desta institución e advertilo da súa posible (nova) declaración como hostil e entorpecedor do labor da institución. Nin sequera desta

maneira respondeu, e foi preciso entrar en comunicación directa co concello, que finalmente respondeu o seguinte:

"Primeiro. Como xa se dixo, a actuación á que se refire este expediente de queixa consistiu no acondicionamento da traza e do firme do camiño público no lugar de Mañóns, na parroquia de Abanqueiro, camiño co que linda unha parcela propiedade de D. J.R.P.G. e D.ª M.T.O., pais do promotor da queixa. Dentro destas obras de acondicionamento tamén se instalou unha tubaxe que servira para canalizar as augas da chuvia, así como as que brotan no terreo de xeito natural, na procura de que o camiño fose transitable en mellores condicións.

Segundo. Esta tubaxe non alterou o curso que as augas tiñan anteriormente ás obras de acondicionamento do camiño, que segue evacuando polo mesmo lugar, polo que, como xa se afirmou anteriormente, entendemos que non existe ningún prexuízo para os propietarios que lindan con esta vía."

Como pode observarse, a información proporcionada non aclaraba o especificamente demandado en relación coa posible afectación da propiedade do reclamante pola obra municipal; por iso, e dadas as circunstancias da queixa (debido aos atrasos nos envíos dos informes, dende a promoción da queixa transcorreron dous anos e medio), puxémonos novamente en comunicación directa co concello para reclamar que definitivamente se aclarase ese extremo, a ser posible a través de certificación ou informe técnico. Así, recibiuse o informe municipal no que se sinala que *"de acuerdo con la conversación telefónica mantenida en el día de ayer le remito el informe facilitado por los servicios técnicos municipales sobre el asunto de referencia."* Achégase un informe do funcionario encargado da vixilancia de obras no que se sinala que *"1. A parcela n.º 599 pertencente ao polígono 2 no lugar de Bouciñas, segundo catastro de rústica propiedade de D. J.R.P.G. e Dª M.T.O., na zona sur lindeira cun camiño existe unha canalización que invade a parcela arriba exposta, canalización que conduce as augas ata a parcela lindeira de D. F.C.S., parcela 603 do mesmo polígono. 2. A mencionada canalización foi realizada polo Concello de Boiro"*.

Así pois, o último informe municipal aclara definitivamente o obxecto da queixa; a pesar de que o concello tiña sinalado que *non se causaba ningún prexuízo á súa leira*, o certo é que se invadiu a parcela propiedade do reclamante, co que claramente se afectou a esta, e se fixo sen que previamente se outorgase o permiso, ou se adquirise a servidume, ou se dese o corresponde expediente de expropiación, coa correspondente compensación, de acordo co establecido no artigo 33.3 da Constitución e na LEF. Por tanto, o que parece deducirse dos informes municipais achegados é que a ocupación se deu pola vía de feito.

No caso de confirmarse o exposto restaría a actividade municipal para corrixir a circunstancia irregular obxecto da queixa; en ningún caso existe a obrigación de ceder os bens para a execución dos proxectos públicos.

Así, en primeiro termo poderíase intentar chegar a un acordo, pero no caso de non alcanzarse loxicamente sería preciso acudir a un procedemento formal de expropiación ou responsabilidade patrimonial. Efectivamente, a Constitución española establece a función social da propiedade e por iso establece tamén os mecanismos para a privación dos seus dereitos aos propietarios en interese da comunidade, ou, como sinala a propia Constitución, por causa xustificada de utilidade pública ou interese social (artigo 33.2 e 3). Pero ao tempo sinala tamén que cando tal cousa suceda, debe traer consigo a correspondente indemnización, e o procedemento debe ser acorde co disposto pola lei (artigo 33.3 *in fine*).

Por todo o sinalado ata agora considérase necesario, en aplicación do disposto no artigo 32.1 da Lei 6/1984, do 5 de xuño, do Valedor do Pobo, facer chegar a ese Concello de Boiro a seguinte **recomendación:**

"Que con urxencia se proceda ao inicio do correspondente proceso de compensación relativo á ocupación irregular coñecida nesta queixa, e cando se dean supostos similares se proceda de acordo co disposto na Constitución (artigo 33.3) e na Lei de expropiación forzosa".

Resposta do Concello de Boiro: recomendación aceptada.

5.- Recomendación dirixida á Consellería de Innovación e Industria o 10 de xuño de 2008 debido ao retraso dun recurso de alzada (Q/2165/07)

Nesta institución iniciouse expediente de queixa como consecuencia do escrito de D. A.F.C.C. referente ao atraso no coñecemento dun recurso de alzada.

No seu escrito, esencialmente, indícanos que o 25/10/07 se lle notificou pola Delegación Provincial da Consellería de Innovación e Industria na Coruña que se desestimaba a súa solicitude de reversión das parcelas 5.840 A e B; 5.805 A e B; e 5.815, expropiadas no seu día para a explotación a ceo aberto do xacemento de lignito das Pontes. Contra a devandita resolución interpuxo o oportuno recurso de alzada, posto que considera que se omitiu o mínimo estudo do asunto, ou que se trata de inducir ao administrado a desistir do exercicio lexítimo dun dereito. Ao respecto sinala que se solicitou a reversión debido a non execución da obra ou ao non establecemento do servizo (artigo 54.3 LEF), e non por exceso de expropiación (sobrante) ou desafectación. A este respecto establécese que a reversión se pode solicitar despois de transcorridos 5 anos dende a toma de posesión do ben ou dereito sen se iniciar a execución da obra ou implantación do servizo, ou cando estivesen suspendidas máis de 2 anos por causas imputables á administración ou ao beneficiario sen que se producise ningún acto expreso de renuncia (artigo 54.3. b e c). Por tanto, entende que para os casos de non execución da obra non existe límite máximo para o exercicio do dereito de reversión. Agora a administración actuante parece insinuar que se deu un acto administrativo de declaración da desafectación ou exceso de expropiación, que en calquera caso non se notificou. Efectivamente, en ningún caso se notificou tal cousa, a pesar de que o expediente de prezo xusto continuou por moito tempo. Para en caso de resolución ao respecto, o interesado solicitou no recurso que se notificase o contido e a data do acto.

Ante iso solicitamos información a esa consellería, que recentemente nola remitiu. Nela sinálase o seguinte:

"En relación cos escritos do 11 de decembro de 2007 (expte.: Q/2165/2007) e do 15 de xaneiro de 2008 (expte.: Q/2150/07) nos que se solicita información sobre o estado

de tramitación de dous expedientes relativos a dous recursos de alzada, esta consellería informa canto segue:

(...) 2º.- O recurso de alzada deducido por D. A.F.C.C. presentouse o 21 de novembro de 2007, na oficina de correos das Pontes, e foi rexistrado no Servizo Técnico-Xurídico co número RAI-C-357/07.

3º.- Ambos os dous recursos de alzada están pendentes de resolver. Agora ben, a extraordinaria acumulación de traballo que soporta o Servizo Técnico-Xurídico desta consellería, xunto co intento de respectar da maneira máis escrupulosa a esixencia do artigo 74.2 da Lei de réxime xurídico das administracións públicas e do procedemento administrativo común, no tocante ao despacho dos expedientes gardando a orde rigorosa de incoación, provoca unha inevitable demora e tardanza na súa resolución. En calquera caso, a intención desta consellería é dar cumprimento ao disposto no 42.1 do artigo da referida lei, no senso de os resolver de forma expresa."

Da información transcrita dedúcese que, no relativo ao aspecto formal da queixa, a consellería recoñece que o recurso de alzada promovido polo interesado se atopa pendente de resolución despois de moito tempo dende a súa interposición, e ademais non sinala nada respecto da previsión dunha rápida resolución do recurso. Este promoveuse o 21 de novembro do ano pasado, e na data do informe non se tiña resolto, pretendendo xustificar tal circunstancia na *extraordinaria acumulación de traballo que soporta o servizo técnico-xurídico* e no respecto da orde de despacho dos asuntos, de acordo co previsto no artigo 74.2 da Lei 30/1992 (LRXAPePAC). Fronte a iso debe sinalarse que tales circunstancias non desvirtúan o deber de resolver no prazo legalmente previsto, que neste caso é de 3 meses. Efectivamente, o artigo 115.2 LRXAPePAC establece que o "*prazo máximo para ditar e notificar a resolución do recurso (de alzada) será de tres meses*".

Polo menos neste caso a administración actuante non pretende xustificar a falta de resolución expresa do recurso de alzada aducindo que se deu unha resolución presunta, de acordo co previsto no mesmo artigo, que sinala tamén que "*transcorrido este prazo sen*

que recaia resolución, poderáse entender desestimado o recurso, salvo no suposto previsto no artigo 43.2, segundo parágrafo". Polo contrario, anuncia *a intención da consellería de dar cumprimento ao disposto no 42.1 do artigo da referida lei* (LRXAPePAC), *no senso de os resolver de forma expresa*. Efectivamente, as administracións están obrigadas a ditar resolución expresa sobre cantas solicitudes se formulen polos interesados, segundo o disposto no artigo 42.1 da Lei 30/1992 *("a Administración está obrigada a ditar resolución expresa en todos os procedementos e a notificar calquera que sexa a forma de iniciación"*), o que loxicamente tamén afecta ás resolucións dos recursos. Unicamente están exceptuados desta obrigación os procedementos nos que se dea prescrición, caducidade, renuncia ou desistencia, nos termos previstos na propia Lei 30/1992, así como os supostos de desaparición sobrevida do obxecto do procedemento, e tamén de terminación deste por pacto ou convención e os relativos ao exercicio de dereitos sometidos unicamente ao deber de comunicación previa á administración.

Cando a administración incumpre a súa obrigación de resolver, producíndose o silencio no prazo correspondente, a institución do silencio administrativo entra en xogo única e exclusivamente como garantía do cidadán afectado fronte á falta de resposta. A obrigación de resolver non se pode entender substituída por unha resolución tácita a través do silencio da administración. Ao contrario, a desestimación que se presupón neste caso debido ao silencio só ten o efecto de permitir ao interesado a interposición do recurso administrativo ou contencioso-administrativo que resulte procedente (art. 43.3), permanecendo a obrigación de ditar resolución expresa.

Ademais do sinalado ata agora, da información proporcionada pola consellería dedúcese tamén que o atraso na resolución de recursos pode afectar non só ao que é obxecto da presente queixa, senón tamén ao conxunto dos que se coñecen por ese órgano, o que, de confirmarse, debera ser corrixido o máis axiña posible e polos medios que se consideren oportunos.

Polo que se refire ao fondo do asunto, é dicir, á alegación do interesado de que a administración actuante non aclara expresamente se para os casos de non execución da obra non existe límite máximo para o exercicio do dereito de reversión, como sinala el, nin

se se dera acto administrativo de declaración da desafectación ou exceso de expropiación, que non se lle notificou (no seu caso pide copia da resolución), faise preciso que a resposta do recurso sexa congruente co obxecto deste, respondendo expresamente aos seus argumentos, e que tal cousa se faga de forma exhaustiva ou suficiente.

Por tanto, resta o cumprimento do deber legal de resolver sobre o recurso, demorado dende hai tempo e sobre o que non se anuncia data para a súa pronta resolución, e resta tamén que o resolto no recurso responda de forma adecuada aos argumentos expostos polo interesado, sinalados no anterior parágrafo. E con carácter xeral resta a comprobación da posible xeneralización do atraso no coñecemento dos recursos, e, no seu caso, a rápida solución desta circunstancia.

No suposto que coñecemos, da información dispoñible parece deducirse que o principio constitucional de eficacia no labor das administracións públicas (art. 103.1 CE) non parece terse aplicado con rigor no tratamento desta problemática, á vista dos atrasos constatados na resolución dos recursos promovidos no ámbito de competencia da consellería.

Por todo o sinalado ata agora considerase necesario, en aplicación do disposto no artigo 32.1 da Lei 6/1984, do 5 de xuño, do Valedor do Pobo, facer chegar a esa Consellería de Innovación e Industria a seguinte **recomendación:**

"Que con urxencia se resolva o recurso de alzada obxecto da presente queixa, dado que o seu trámite se atopa moi atrasado, e que na correspondente resolución se responda de forma congruente e exhaustiva aos diferentes argumentos do recurso.

E que tamén con urxencia se revise o eventual retraso xeneralizado dos recursos que se coñecen na consellería e que parece deducirse da resposta dada, de tal maneira que se actúe para corrixir a devandita situación mediante a aplicación das medidas oportunas".

Resposta da Consellería de Innovación e Industria: recomendación aceptada.

6.- Recordatorio de deberes legais dirixido á Consellería de Política Territorial, Obras Públicas e Transportes o 2 de setembro de 2008 debido ao retraso no abono do xusto prezo dunha expropiación (Q/120/08)

Nesta institución iniciouse expediente de queixa como consecuencia do escrito de D. J.M.B.V. debido ao atraso no aboamento do prezo xusto dunha expropiación.

No seu escrito, esencialmente, indícanos que para a execución do proxecto AC/03/106.1, enlace da cidade da cultura de Galicia coa A-9, en Santiago de Compostela, lle foron expropiadas os terreos individualizados cos números 84 e 84-CO. A ocupación dérase no 2003, e a fixación do prezo xusto demorouse, posto que, segundo sinala, se tardou máis de catro anos en remitir os expedientes ao Xurado de Expropiación de Galicia, e para iso tivo que recorrer a esta institución, segundo sinala, que coñeceu o expediente Q/901/06. O xurado estableceu o prezo xusto en 19 745,03 euros; a resolución notificouse o 15-05-07. Pois ben, segundo sinala, o 10-10-07 viuse na necesidade de enviar un escrito á Delegación Provincial desa Consellería, en concreto ao Servizo Provincial de Estradas, para solicitar o pagamento da cantidade debida. Ao non recibir contestación nin aboamento da cantidade debida enviou un novo escrito o 28-11-07 reiterando a reclamación e rogando que lle indicasen a data na que se faría efectivo o aboamento, sen que ata hoxe lle responderan.

Ante iso solicitamos información á Consellería de Política Territorial, Obras Públicas e Transportes, que recentemente nola remitiu. Este recibiuse cun atraso considerable, ata o punto de que foi preciso reiterar o seu requirimento en diferentes ocasións e ata realizar algunha chamada para urxir o envío. No informe sinálase o seguinte:

*"**ASUNTO:** Resposta ao escrito do Valedor do Pobo, relativo á queixa formulada por J.M.B.V., afectado polas expropiacións promovidas con motivo da execución da obra "Enlace da Cidade da Cultura de Galicia coa AP-9 ".*

En relación ao asunto arriba indicado e, de acordo co informado polo Servizo Provincial de Estradas da Delegación Provincial da Coruña, infórmase o seguinte:

Con data do 19 de decembro de 2003 tivo lugar o levantamento da acta previa á ocupación do terreo núm. 84 do plano parcelario, a nome de J.M.B.V., cunha superficie expropiada de 369 m^2, solo non urbanizable, protección paisaxística singular labradío.

O 1 de xuño de 2004 procedeuse a realizar o pagamento do depósito previo á ocupación, por importe de 738 €. Con esta mesma data iníciase a fase de prezo xusto, con ofrecemento por parte da administración ao interesado do intento de mutuo acordo.

O 10 de novembro de 2004, dítase resolución polo Servizo Provincial de Estradas, Delegación Provincial da Coruña, acordando modificar o destino do terreo, que pasa de labradío a xardín, polo que, con posterioridade e, atendendo a esta modificación, en febreiro do 2005 notifícase ao propietario un novo intento de mutuo acordo. O interesado achega a súa folla de aprecio por non estar conforme coa proposta feita dende a administración.

Con data do 19 de abril de 2005, remítese pola administración a folla de aprecio fundada, fronte á que o propietario formula alegación con data do 18 de maio de 2005.

O 17 de outubro de 2005 solicítanse ao Concello de Santiago de Compostela as oportunas certificacións municipais sobre clasificación urbanística dos terreos do interesado, co fin de ser incluídas no expediente para a súa remisión ao Xurado Provincial de Expropiacións, certificacións que foron achegadas á Xunta de Galicia en xullo do 2006.

Con data de 22 de outubro de 2005 procédese a realizar o pagamento ao propietario da cantidade ata o límite do acordo, un importe de 2785,95 é pola terreo núm. 84, e un total de 4416,6 € polo terreo 84-CO.

O 22 de maio de 2007 dítase resolución polo Xurado de Expropiación de Galicia fixando o prezo xusto expropiatorio.

A día de hoxe estase tramitando o expediente para a habilitación de crédito orzamentario para facer efectivo o pagamento. Para estes efectos, D. J.M.B.V. será convocado no seu momento, na forma oportuna, para o cobro efectivo."

Logo de examinar o informe achegado dedúcese que a consellería confirma os extremos indicados polo interesado, é dicir, que a ocupación do terreo se deu hai un tempo considerable, que os expedientes de fixacións dos prezos xustos se demoraron, cuestión coñecida por esta institución a través do expediente citado, e sobre todo que nin os prezos xustos nin os correspondentes xuros foron aboados. Pero o que resulta máis significativo para a valoración da queixa é que non especifica a data na que estas cantidades serán finalmente aboadas, e iso a pesar de que no noso requirimento de información se demandaba a data na que se realizaría o aboamento, no caso de confirmarse os extremos da queixa. Ademais, a consellería non especifica nin as causas desa demora nin as razóns da falta de resposta ás reclamacións do interesado; ao non aclararse esta última circunstancia en principio deducimos que non se deu a preceptiva resposta, tal e como sinalou o interesado na súa queixa.

O anterior prodúcese a pesar de que, como sinalamos, anteriormente se promovera outra queixa na que se concluíu que se dera unha significativa demora no coñecemento dos expedientes de fixación dos prezos xustos das terras do interesado. Efectivamente, demoráronse as certificacións urbanísticas e posteriormente os expedientes non se enviaron ao Xurado Provincial de Expropiación ata 4 meses despois de recibir aquelas. En calquera caso, o certo é que as pezas separadas de fixación dos prezo xustos se demoraron moito tempo. Por esa razón o día 26 de decembro de 2006 indicamos á CPTOPT que informabamos ao interesado de que se despois de seren fixados os prezo xustos se demoraba o seu aboamento e o dos xuros correspondentes, entón podería acudir novamente a esta institución, que precisamente é o que fixo con esta nova queixa. Pero a pesar de todo o exposto a consellería non realizou o aboamento, e nin tan sequera se anuncia.

A Constitución española establece a función social da propiedade privada e por iso establece tamén os mecanismos para a privación dos seus dereitos aos propietarios en interese da comunidade, ou, como sinala a propia Constitución, por causa xustificada de

utilidade pública ou interese social (artigo 33.2 e 3). Pero ao tempo sinala tamén que cando tal cousa suceda, iso debe traer consigo a correspondente indemnización, e o procedemento debe ser acorde co disposto pola lei (artigo 33.3 *in fine*).

Neste sentido é de sinalar que o artigo 52.7º LEF preceptúa que *"efectuada a ocupación dos terreos, tramitarase o expediente de expropiación nas súas fases de prezo xusto e pagamento segundo a regulación xeral establecida nos artigos anteriores, debendo darse preferencia a estes expedientes para a súa rápida resolución"*. No suposto en que tratamos a preferencia apuntada é aplicable, dado que se trata dunha expropiación realizada polo trámite de urxente ocupación. Pola súa parte, o artigo 52.8º establece que *"sobre o prezo xusto acordado definitivamente para os bens obxecto deste artigo xirarase a indemnización establecida no artigo 56 desta lei (xuros de demora), coa especialidade de que será data inicial para o cómputo correspondente á seguinte a aquela en que si se produce a ocupación de que se trata"*.

Así, da mesma forma que a expropiación forzosa impón ao propietario dos bens a súa cesión en favor da administración, á vez impón tamén a esta, como contraprestación, o pagamento da cantidade que se sinala como prezo xusto, nacendo a obrigación do pagamento e o correlativo dereito de cobro coa determinación firme do prezo. Sen embargo, se o expediente se tramita sen a dilixencia debida e por tanto se demora a fixación do prezo xusto, a consecuencia inmediata será que non se poida aboar, a pesar de que o ben expropiado xa foi ocupado. Máis significativa aínda resulta o atraso no pagamento dos prezos xustos xa sinalados. Como consecuencia diso os custos para a administración aumentan, posto que terá que indemnizar unha maior cantidade en concepto de xuros. Xérase unha responsabilidade por demora, polo que a administración expropiadora e culpable ten que aboar unha indemnización consistente no pagamento do xuro legal do prezo xusto, prexudicando tamén desa maneira as finanzas públicas.

Os atrasos na fixación e pagamento dos prezos xustos adoitan producirse nos procedementos *urxentes* e despois de que o afectado se vise privado do seu ben ou dereito sen o previo pagamento. Logo de consumada a ocupación dos terreos o procedemento vólvese extraordinariamente lento, sempre en prexuízo do expropiado, e, en ocasións,

como nesta, é o propio afectado o que debe impulsar a actuación da administración para que dea curso á peza separada de fixación do prezo xusto, un procedemento que correspondería impulsar de oficio á propia administración.

Neste suposto que examinamos, utilizada unha facultade de habilitación para a inmediata ocupación que polo seu carácter excepcional obriga de maneira especial á administración, da información facilitada por ela mesma parece deducirse que a celeridade non presidiu o trámite de fixación do prezo xusto, e agora tampouco no relativo ao pago. A actuación da administración vén caracterizada por esa demora da que tratamos, que se produce nun procedemento no que utiliza a excepcional habilitación do artigo 52 LEF para promover a declaración da urxente ocupación dos bens afectados, e o conseguinte dereito á ocupación inmediata. Tal proceder non pode considerarse axustado aos principios de eficacia e obxectividade que rexen o funcionamento da administración pública, segundo o establecido no artigo 103.1 da Constitución española, fundamentalmente porque é dificilmente comprensible para un cidadán que ve ocupada a súa propiedade e executada a obra de utilidade pública ou interese social, que se dilate por máis e máis tempo a súa compensación, mentres a privación xa foi levada a efecto previamente.

Cabe é recordar a CPTOPT é a súa obrigación xeral de tratar este tipo de expedientes dun modo adecuado, isto é, respectando os principios de preferencia e rapidez, e, sobre todo, evitar que o prexuízo consumado aumente coa demora no pagamento das cantidades líquidas a percibir logo de sinalados os prezo xustos, o principal e os xuros. Para evitar tal cousa sería necesario que o aboamento se producise tan pronto se fixase de forma definitiva, cousa que, como vimos, non se deu, e nin tan sequera se anuncia; só se di que *se está tramitando o expediente para a habilitación de crédito orzamentario* e que o interesado *será convocado no seu momento, na forma oportuna, para o cobro efectivo*.

Por todo o sinalado ata agora en relación co expediente de expropiación que tivemos ocasión de examinar, considérase necesario, en aplicación do disposto no artigo 32.1 da Lei 6/1984, do 5 de xuño, do Valedor do Pobo, facer chegar a esa Consellería de Política Territorial, Obras Públicas e Transportes o seguinte **recordatorio de deberes legais:**

“Que con carácter xeral por ese órgano se dea efectividade á obrigación de tratar os expedientes expropiatorios urxentes respectando os principios de preferencia e rapidez na fixación dos prezos xustos e no seu pagamento; e que, nos casos examinados, logo de determinados os prezo xustos, se proceda ao seu inmediato pagamento, xunto cos xuros correspondentes, sen que se produzan demoras inxustificadas.”

Resposta da Consellería de Política Territorial, Obras Públicas e Transportes: recordatorio de deberes legais aceptado.

7.- Recomendación dirixida á Consellería de Política Territorial, Obras Públicas e Transportes o 9 de outubro de 2008 debido ao retraso no pago de xusto prezos de fincas expropiadas para a execución da autoestrada de A Coruña a Carballo (Q/1067/08)

Nesta institución iniciouse expediente de queixa como consecuencia do escrito de D.ª A.P.L. relativo ao atraso no cobro dos prezos xustos consecuencia da expropiación de dous terreos para a execución da autoestrada da Coruña a Carballo.

No seu escrito, esencialmente, indícanos que é unha das tantas persoas que esta esperando a que lle paguen a expropiación dos terreos da autoestrada A Coruña-Carballo, que se fixo hai 10 ou 11 anos. Sinala que parece mentira que se expropiasen uns terreos hai tanto tempo, que hoxe en día se cobre por pasar por esa autoestrada, e que a xente á que se lle deben cartos non lles paguen. O que máis lle doe é que a súa avoa, D.ª D.V.C., dona dos terreos, e a súa nai, non van ver nunca nada, porque as dúas morreron antes da entrega deses cartos; sinala que é algo vergonzoso.

Ante iso solicitamos información á Consellería de Política Territorial, Obras Públicas e Transportes, que nos indicou o seguinte:

“Os terreos expropiados aos que se refire son o núm. 245 e 251, do Concello de Carballo, que figuran a nome de D.ª D.V.C.

Polo que respecta ao terreo núm. 245, a cantidade correspondente ao depósito previo, 620 000 ptas. (3726,28 €), foi aboada a D.ª D.V. o día 21 de decembro de 1994. En data 04 de febreiro de 1998 comunicóuselle á interesada o intento de mutuo acordo, que non foi aceptado, o que deu lugar a remisión da folla de aprecio fundada o 16 de abril do mesmo ano, tras non considerarse axustada a proposta de valoración feita por D.ª D. O expediente en cuestión foi remitido ao Xurado de Expropiacións de Galicia, por non ser posible un acercamento de posturas. A resolución ditada por este órgano colexiado, en abril de 2004, foi obxecto de recurso ante o Xulgado do Contencioso Administrativo. Finalmente o Tribunal Superior de Xustiza resolve definitivamente en segunda instancia a cuestión litixiosa mediante sentenza de data 13 de setembro de 2007. En canto se produza o libramento de fondos para o pagamento do importe fixado por sentenza, procederase a súa entrega á interesada en legal forma.

En canto ao terreo núm. 251, o aboamento dos xuros de demora por importe de 21 256,15 €, que están pendentes de aboar, farase nos vindeiros meses."

Logo de examinar o informe achegado dedúcese que a Consellería confirma os extremos indicados pola interesada, é dicir, que a ocupación do terreo se deu hai moitísimo tempo, que o expediente de fixación do prezo xusto se demorou tamén moito, e sobre todo que nin os prezos xustos nin os correspondentes xuros foron aboados. Efectivamente, a ocupación das terras do soar n.º 245 deuse hai case 14 anos, a pesar do cal aínda non se recibiu o aboamento nin do capital nin dos xuros. A demora na fixación do prezo xusto foi moi considerable, percibíndose algúns trámites con moitísimo atraso.

Pero o que resulta máis significativo para a valoración da queixa é que non se especifica a data na que estas cantidades serán finalmente aboadas, e iso a pesar de que no noso requirimento de información se demandaba a data na que se realizaría o aboamento, no caso de confirmarse os extremos da queixa. Unicamente se menciona que se aboará cando se produza o libramento dos fondos, sen concretar tal extremo. Ademais, a Consellería non especifica as causas da demora no pagamento.

Como sinalamos, o expresado prodúcese a pesar de que anteriormente se dera unha significativa demora no coñecemento do expediente de fixación do prezo xusto e de cada un dos seus trámites. Por exemplo, o intento de mutuo acordo deuse no 1998, cando a ocupación é do 1994.

Por outra banda, respecto do outro soar unicamente se indica que se atopa pendente o aboamento dos xuros, sen concretar as circunstancias, aínda que polo menos se sinala que se aboarán nos vindeiros meses. Non obstante, non se menciona dende cando se deben os xuros (en realidade, cando se pagou o principal, posto que dende entón é cantidade líquida); este atraso podería ter xerado unha débeda de *xuros de xuros*.

A Constitución española establece a función social da propiedade privada e por iso establece tamén os mecanismos para a privación dos seus dereitos aos propietarios en interese da comunidade, ou, como sinala a propia Constitución, por causa xustificada de utilidade pública ou interese social (artigo 33.2 e 3). Pero ao tempo sinala tamén que cando tal cousa suceda, iso debe traer consigo a correspondente indemnización, e o procedemento debe ser acorde co disposto pola lei (artigo 33.3 *in fine*).

Neste sentido cómpre sinalar que o artigo 52.7º LEF preceptúa que *"efectuada a ocupación dos terreos, tramitarase o expediente de expropiación nas súas fases de prezo xusto e pagamento segundo a regulación xeral establecida nos artigos anteriores, debendo darse preferencia a estes expedientes para a súa rápida resolución"*. No suposto en que tratamos a preferencia apuntada é aplicable, dado que se trata dunha expropiación realizada polo trámite de urxente ocupación. Pola súa parte, o artigo 52.8º establece que *"sobre o prezo xusto acordado definitivamente para os bens obxecto deste artigo xirarase a indemnización establecida no artigo 56 desta lei (xuros de demora), coa especialidade de que será data inicial para o cómputo correspondente á seguinte a aquela en que se produce a ocupación de que se trata"*.

Así, da mesma forma que a expropiación forzosa impón ao propietario dos bens a súa cesión en favor da administración ou do beneficiario, á vez impón tamén a estes, como contraprestación, o pagamento da cantidade que se sinala como prezo xusto, nacendo a

obrigación do pagamento e o correlativo dereito de cobro coa determinación firme do prezo. Sen embargo, se o expediente se tramita sen a dilixencia debida e por tanto se demora a fixación do prezo xusto, a consecuencia inmediata será que non se poida aboar, a pesar de que o ben expropiado xa foi ocupado. Máis significativa aínda resulta o atraso no pago dos prezos xustos sinalados. Como consecuencia diso os custos para a administración aumentan, posto que terá que indemnizar unha maior cantidade en concepto de xuros. Xérase unha responsabilidade por demora, polo que a administración expropiadora e culpable ten que aboar unha indemnización consistente no pagamento do xuro legal do prezo xusto, prexudicando tamén desa maneira as finanzas públicas.

Os atrasos na fixación e pagamento dos prezo xustos adoitan producirse nos procedementos *urxentes* e despois de que o afectado se vise privado do seu ben ou dereito sen o previo pagamento. Logo de consumada a ocupación dos terreos o procedemento vólvese extraordinariamente lento, sempre en prexuízo do expropiado, como se comproba nesta ocasión; e iso a pesar de que correspondería impulsalo de oficio á propia administración.

Neste suposto que examinamos, utilizada unha facultade de habilitación para a inmediata ocupación que polo seu carácter excepcional obriga de maneira especial á administración, da información facilitada por ela mesma dedúcese que a celeridade non presidiu o trámite de fixación do prezo xusto, e agora tampouco o relativo ao pago. A actuación da administración vén caracterizada por esa demora da que tratamos, que se produce nun procedemento no que utiliza a excepcional habilitación do artigo 52 LEF para promover a declaración da urxente ocupación dos bens afectados, e o conseguinte dereito á ocupación inmediata. Tal proceder non pode considerarse axustado aos principios de eficacia e obxectividade que rexen o funcionamento da administración pública, segundo o establecido no artigo 103.1 da Constitución española, fundamentalmente porque é dificilmente comprensible para un cidadán que ve ocupada a súa propiedade e executada a obra de utilidade pública ou interese social, que se dilate por máis e máis tempo a súa compensación, mentres a privación xa foi levada a efecto previamente.

Cabe recordar á CPTOPT que é a súa obrigación xeral de tratar este tipo de expedientes dun modo adecuado, isto é, respectando os principios de preferencia e rapidez, e, sobre todo, evitar que o prexuízo consumado aumente coa demora no pagamento das cantidades líquidas a percibir logo de sinalados o principal e os xuros. Para evitar tal cousa sería necesario que o aboamento se producise tan pronto como se fixase de forma definitiva, cousa que, como vimos, non se deu, e nin tan sequera se anuncia; só se di que *en canto se produza o libramento de fondos para o pagamento do importe fixado por sentenza procederase a súa entrega á interesada en legal forma*.

Polo que se refire aos xuros, á marxe de que non se aclaran as circunstancias desta débeda, é de subliñar, como xa fixemos en diferentes informes e resolucións, que estes deberan pagarse ao mesmo tempo ou con pouca separación do pagamento das cantidades principais, o que sería perfectamente posible se temos en conta que os xuros son cantidades líquidas. Os atrasos no pago dos xuros traen consigo que se xeren novos xuros e que a falta de compensación íntegra se manteña durante moito tempo. En diferentes ocasións suxerimos á Consellería a revisión das prácticas administrativas observadas nesta orde e solicitamos aclaración sobre a solución adoptada, pero a pesar da nosa insistencia segue sen aclarar como vai abordar esta cuestión.

Por todo o sinalado ata agora en relación co expediente de expropiación que tivemos ocasión de examinar, considérase necesario, en aplicación do disposto no artigo 32.1 da Lei 6/1984, do 5 de xuño, do Valedor do Pobo, facer chegar a esa Consellería de Política Territorial, Obras Públicas e Transportes o seguinte **recordatorio de deberes legais:**

"Que con carácter xeral por ese órgano se dea efectividade á obrigación de tratar os expedientes expropiatorios urxentes respectando os principios de preferencia e rapidez na fixación dos prezos xustos e no seu pagamento; e que nos casos examinados, logo de determinado o prezo xusto no suposto do soar n.º 245, se proceda ao seu inmediato pagamento, xunto cos xuros correspondentes, e no suposto do soar n.º 251, se aboen os xuros que se deben tamén de forma inmediata, sen que se produzan demoras inxustificadas en ambos os dous casos."

Resposta da Consellería de Política Territorial, Obras Públicas e Transportes: recomendación aceptada.

1.13 ÁREA DE ORGANIZACIÓN E FUNCIONAMENTO DE RÉXIME LOCAL E PROTECCIÓN CIVIL

1.13.1 INTRODUCIÓN

No exercicio anterior, a confluencia dun marco xurídico ampliado pola entrada en vigor das leis autonómicas 4/2007, do 20 de abril, de coordinación de policías locais, Lei 5/2007, do 7 de maio, de emerxencias de Galicia e Lei 3/2007, do 9 de abril, de prevención e defensa contra os incendios forestais, a renovación e entrada en funcionamento das corporacións locais elixidas en maio do 2007 e o relevo no titular da institución do valedor propiciaron un incremento das queixas presentadas nesta área.

Esa tendencia acentúase no ano 2008 porque a experiencia revélanos que as corporacións, no segundo e terceiro ano do seu mandato, impulsan a actividade de xestión, en cumprimento do seu programa electoral, e a oposición, incrementa a súa función de control. A resultante destas tendencias orixina un aumento do número das queixas presentadas.

Os datos estatísticos que a seguir se relacionan confirman a anterior afirmación.

1.13.2 QUEIXAS RECIBIDAS E ESTADO DE TRAMITACIÓN

O número total de queixas recibidas no ano 2008 cífranse en 200 coa seguinte desagregación:

Iniciadas	200	
Admitidas	192	96%
Non Admitidas	7	3%
Remitidas ao *Defensor del Pueblo*	1	1%

A situación das queixas admitidas a trámite é a seguinte:

Concluídas	133	69%
En trámite	59	31%

Ao longo deste ano tamén foron obxecto de trámite diversas queixas presentadas en anos anteriores:

Ano de Presentación	En trámite ao 31-12-07	Reabertas	Total	Resoltas	En trámite ao 31-12-2008
2005	2	0	2	2	0
2006	2	0	2	2	0
2007	35	1	36	35	1

1.13.3 QUEIXAS ADMITIDAS A TRÁMITE

1.13.3.1 Corporacións Locais

Dado o número de queixas tramitadas e as distintas causas que as orixinaron, parece oportuno buscar un criterio de homoxeneidade para o seu desenvolvemento.

1.13.3.1.1 O dereito dos membros das corporacións de acceso á información e documentación municipais

Este dereito instrumental, recoñecido como fundamental pola súa vinculación co artigo 23.2 da Constitución española, vén configurado legalmente nos artigos 77 da Lei

7/1985, do 2 de abril, reguladora das bases de réxime local (no sucesivo LRBRL), e 226 da Lei autonómica 5/1997, do 22 de xullo, de administración local de Galicia (no sucesivo LALGA). Na súa interpretación e aplicación debemos invocar unha constante e reiterada xurisprudencia da que son testemuños recentes as sentenzas do Tribunal Supremo do 22 de novembro e 7 de decembro do 2004, 2 de decembro do 2005, 4 de xuño e 22 de outubro do 2007.

Con frecuencia ábrese unha dialéctica entre o que demandan os grupos municipais da oposición e as respostas que reciben. Para algúns alcaldes as solicitudes de información e documentación resultan improcedentes e abusivas, cando non entorpecedoras do labor municipal. E para os grupos municipais na oposición as respostas son nalgúns casos, baleiras, insuficientes e tardías. Esta dialéctica ponse de manifesto nas queixas tramitadas no ano 2008 cos números 13, Concello de Coirós; 89, Concello de Oroso; 111, Concello de Cervo; 224 e 1225 Concello de Ferrol; 262 Concello da Coruña; 301, Concello de San Sadurniño; 422, 1173, 1712 e 2155, Concello de Cabanas; 737, Concello da Guarda; 739, Concello de Ribeira; 1003, 1004, 105, 1006, 1010 e 1447, Concello de Dodro; 1162 Concello de Rianxo; 1328, Concello de Oleiros; 1793 á 1797, Concello de Arzúa; 1954 e 2276, Concello de Dumbría; 2097 Concello de Poio, 2332 Concello de Bergondo; 2361, Concello de Moaña; 2369, Concello de Cangas; 2448 Concello do Barco de Valdeorras; e 2502 Concello de Santiago de Compostela.

1.13.3.1.2 O dereito de disposición de locais para reunións

É un dereito cunha dobre vertente. No artigo 27 do Regulamento de organización e funcionamento das corporacións locais (no sucesivo (ROF), atribúese aos grupos municipais o dereito a dispoñer dun despacho ou local, na sede do concello, para reunións e para recibir a visita dos cidadáns *"na medida das posibilidades funcionais da organización administrativa da entidade local..."* e no artigo 28 recoñécese aos grupos municipais o poder facer uso de locais da corporación para celebrar reunións con asociacións veciñais para a defensa de intereses xerais ou de especial importancia para os convocados.

En determinados supostos, ao resolver algunha consulta verbal formulada ou no procedemento de tramitación dalgunhas queixas por escrito, -como acontece coas números 1239 (Concello de Leiro), 1660 (Concello de Ramirás), 206 e 371 (Concello de Boiro), e 2070 (Concello de Santa Comba)- pareceunos oportuno poñer en práctica a interpretación xurisprudencial sentada na sentenza do Tribunal Supremo do 19 de decembro do 2001, fundamento xurídico primeiro: *para chegar a este pronunciamento desestimatorio, parte a sala de instancia, do réxime xurídico do dereito ao uso polos grupos políticos municipais dos locais da corporación, regulado no Regulamento de organización, funcionamento e réxime xurídico das entidades locais, no que se establece unha distinción, segundo os ditos locais estean situados na propia sede consistorial ou noutros puntos, xa que mentres o artigo 27 utiliza o imperativo para establecer que os grupos políticos disporán na sede consistorial dun despacho ou local, en cambio o artigo 28 establece unha mera posibilidade ao dispoñer que poderán facer uso dos locais da corporación, sendo distinto –entende a sala- o valor e autoridade dunha e doutra facultade.*

1.13.3.1.3 O dereito de participación do veciño na actividade municipal

O artigo 70 bis da LBRL establece o deber que pesa sobre os concellos de facilitar a efectiva participación dos veciños nos asuntos da vida pública local. O correlato dese deber xurídico é o dereito recoñecido aos cidadáns de recibir unha ampla información sobre a actividade municipal e de participar na vida local.

Sen limitar esa participación, pero co propósito de facela máis efectiva, o artigo 72 da LBRL potencia o protagonismo das asociacións veciñais atribuíndolles nos artigos 227.2 e 228 do ROF unha facultade da que carecen outras entidades, xa que poden ser convocadas para escoitar o seu parecer ou recibir o seu informe respecto a un tema concreto incluído na orde do día dunha comisión informativa.

As razóns expostas xustifican a nosa intervención nalgunhas queixas tramitadas. Entre elas citamos a número 80/08 e 131/08, sobre limitación de acceso do público á sesión plenaria do 29 de decembro do 2007, na que se aprobou o Plan Xeral do Concello de Vigo. A número 1583/08 sobre participación cidadá na programación de actividades e

investimentos no Concello de Oleiros. E a última (n.º 2070/08) na que se denunciou a prohibición dalgúns veciños para asistir á sesión plenaria do Concello de Vigo na que desexaban expoñer a súa oposición á depuradora de Lagares instalada na parroquia de Coruxo.

1.13.3.1.4 Organización e funcionamento das corporacións locais

O número de queixas presentadas nesta epígrafe e a súa diversidade, obríganos a realizar unha referencia resumida dalgunha delas e das cuestións suscitadas. Unhas refírense ao incumprimento de acordos plenarios adoptados polas corporacións como reflicte a número 87/08 do Concello de Sada, a 875 do Concello de Muxía, ou a 1677 do Concello de Vigo. Outras denuncian a non convocatoria de plenos extraordinarios dentro dos prazos legais establecidos, como son as números 1008 do Concello de Dodro, 1908 do Concello de Carral e 2040 do Concello do Pino. Algunhas inciden na alteración do horario de celebración dos plenos (n.º 881, Concello de Oza dos Ríos) ou na falta de publicación das actas plenarias (n.º 1507, Concello de Celanova). E outras destacan pola súa singularidade. Por exemplo na n.º 965/08 denúnciase a inexistencia de bandeiras fixadas na sede da casa consistorial do Concello de Brión ou a situación económica e a xestión municipal no Concello de Miño (n.º 1547) ou a percepción anticipada de remuneracións por parte dos membros da corporación municipal no Concello de Dodro (n.º 1504/08).

1.13.3.2 SERVIZOS DAS CORPORACIÓNS LOCAIS

1.13.3.2.1 Servizos locais

O artigo 3.1 da carta europea de autonomía local, ratificada por instrumento estatal o 20 de xaneiro de 1988, entende a autonomía local como o dereito e a capacidade efectiva das entidades locais de ordenar e xestionar unha parte importante dos asuntos públicos, no marco da lei, baixo a súa propia responsabilidade e en benéfico dos seus habitantes.

Unha parte importante da xestión deses asuntos públicos asúmena os municipios a través da prestación de servizos públicos, que contribúen a satisfacer as necesidades da comunidade veciñal. Dentro destes, ocupa un lugar preferente os servizos mínimos de prestación obrigatoria en todos os municipios, servizos que se relacionan no artigo 81, letra a) da Lei 5/1997, do 22 de xullo, da administración local de Galicia, e sobre os cales converxen moitas das queixas que seguidamente imos referir.

Respecto ao servizo de abastecemento de auga potable a domicilio as queixas son recorrentes. Hai núcleos rurais carentes do dito servizo municipal e noutros sucédense cortes frecuentes, pouca presión da auga, mala cantidade da auga subministrada, lecturas erróneas, etc. Exemplos desta variedade de denuncias encóntranse nos expedientes tramitados e concluídos no ano 2008 cos números 72, que afecta ao Concello de Teo, 369, Concello de Cabanas de Bergantiños; 565, no Concello de Santiago de Compostela; 837 e 901, no Concello de Rianxo; 1144, 1260, 1261, 1307 ao 1309, 1363, 1783 a 1785, todos eles referidos ao Concello de Ponteareas respecto á mala calidade da auga do servizo de abastecemento a domicilio; 1599, Concello de Carnota; 1703, Concello de Ribas de Sil; 1936, Concello da Coruña; 1964 e 2068, Concello de Monforte de Lemos; 1976, Concello de Carral, 2109, Concello de Pobra do Caramiñal; 1359, Concello de Rois, e 2520, Concello de Láncara.

Os problemas derivados do servizo de recollida de lixo e limpeza viaria orixinaron frecuentes queixas. Unhas veces por un funcionamento insuficiente do servizo e, na maioría das ocasións, pola mala localización ou pola distancia dos colectores instalados. Basta con citar os expedientes 1956/07, Concello de Lugo; e os tramitados e concluídos no ano 2008 cos números 54, Concello de Cambre; 805, Concello de Nigrán; 1069, Concello de Redondela; 575 e 1997, Concello de Arteixo; 2273, Concello de Moaña.

Un capítulo especial ábrese paso dentro deste sector, que é o referente á limpeza de soares próximos a vivendas.

A defensa do medio ambiente, da saúde pública ou o perigo de incendios forestais –despois dos acontecementos sufridos no verán do 2006- motivaron unha denuncia

xeneralizada dos soares próximos a vivendas, abandonados ou descoidados. Invócase con frecuencia os artigos 9.4 e 199.1 da Lei 9/2002, do 30 de decembro, de ordenación urbana e protección do medio rural de Galicia, e 7.d) e 22 da Lei 3/2007, do 9 de abril, de prevención e defensa contra os incendios forestais en Galicia, para fundamentar un importante número de queixas. Unha procedente do ano 2007, a 1479/07, Concello de Oleiros e as tramitadas no ano 2008 como son a 816 e 1137, Concello de Oleiros; 990, Concello de Coristanco; 1143 Concello de Mabegondo; 1393, Concello de Pontevedra; 1588, Concello de Bueu e 1993, Concello de Bergondo.

O estudo das referidas queixas ponnos de manifesto a necesidade de establecer uns criterios dirimentes na gradación de responsabilidades.

O propietario é o primeiro obrigado a manter o solo natural e, de ser o caso, a masa vexetal, nas condicións precisas para evitar a erosión e os incendios, impedindo a contaminación da terra, do aire ou da auga. O problema xorde cando incumpre esa obrigación e hai que acudir á execución subsidiaria dos traballos preventivos.

No suposto de soares urbanos, a competencia municipal é clara. Pero, ¿que ocorre cos soares rústicos? Cando se encontran situados en franxas de especial protección ou nas redes secundarias de xestión de biomasa (ás que se refire o artigo 21.1.b) da Lei 3/2007, do 9 de abril) e o propietario incumpre coas obrigacións de conservar e limpar o soar, neste caso, impútase aos concellos a súa execución subsidiaria. Estes, con frecuencia, alegan –sobre todo os pequenos municipios- que para o exercicio desa competencia transferida por lei necesitan de medios técnicos, persoais e económicos suficientes que a administración autonómica debe dotar en cumprimento do establecido nos artigos 59 da citada Lei 3/2007, do 9 de abril, e 331.1 da Lei 5/97, de administración local de Galicia.

Outro sector que concilia un importante número de queixas son as redes de saneamento. A carencia de depuradoras e de redes de sumidoiro nalgúns núcleos rurais e costeiros, e a insuficiencia dos servizos de mantemento e conservación das citadas redes, están presentes nas queixas que se relacionan seguidamente. Unhas proceden do ano 2007 e foron concluídas no presente exercicio como son a 758/05 do Concello de Pontedeume,

reaberta no presente exercicio, 1044/06, Concello de Padrón; e 1757/07, Concello de Redondela. As restantes foron tramitadas no ano 2008, como son a 93 (Taboada); 267 (Lobios); 287 (Ames); 665 e 1510 (Ourense); 976 (Ponteareas); 1128 (Dodro) e 1626 (Lugo).

As deficiencias denunciadas e as súas consecuencias no medio ambiente e na preservación da salubridade pública aconsellan un esforzo prioritario das administracións públicas implicadas na prestación deste servizo.

Tamén resultan significativas as queixas relativas á reparación de vías públicas e iluminación para garantir a seguridade das persoas e dos vehículos obrigados á súa utilización. O cumprimento do citado servizo é asumido e recoñecido polos concellos, os cales alegan no seu descargo a insuficiencia de recursos orzamentarios e a ampla rede municipal que xestionan -procedente en moitos casos de vías entregadas polo servizo de concentración parcelaria-. As queixas tramitadas no ano 2008 afectan a un importante número de concellos e como máis importantes relaciónanse as seguintes: 230 (A Coruña); 796 (Nigrán); 820 (Gondomar); 877 (Culleredo); 1123 (Vila de Cruces); 1221 (Barreiros); 1247 (Gondomar); 1529 (Cabanas de Bergantiños); 1532 (Becerreá); 1817 (Pereiro de Aguiar); 1514 (Ribadumia); 1946 (Redondela); 2104 (Santiago de Compostela); 2143 (Marín); 2256 (Dumbría); 2311 (Malpica); e 2459 (Oleiros).

Estreitamente vinculado co referido deber de mantemento e conservación das vías públicas, encóntrase o de recuperación de camiños públicos ante actos de invasión ou de limitación do seu uso por algún veciño. As cuestións formuladas son múltiples e, con frecuencia, os conflitos sobre a súa natureza, traen causa dunha confusión interesada entre o que é un camiño público, unha servidume de paso ou unha serventía. As queixas que seguidamente se relacionan son un reflexo do exposto. No ano 2008 concluíronse dous expedientes procedentes do exercicio anterior, a queixa 820, Concello de Carballo e a 2175 do Concello de Ames.

Dentro deste exercicio tramitáronse as queixas números 96 (Gondomar), 433 (San Sadurniño); 1040 (Poio); 1523 (Nogueira de Ramuín); 1540 (Arzúa); 1893 (Ames); 1248 (Celanova); 1973 (O Porriño); 2387 (Rianxo); e 2422 (Rairiz de Veiga).

1.13.3.2.2 Responsabilidade patrimonial

O funcionamento, normal ou anormal dos servizos públicos locais xera, nalgunhas ocasións, un expediente de responsabilidade patrimonial. Para iso é necesario a concorrencia dos requisitos establecidos nos artigos 54 da Lei 7/1985, do 2 de abril, LRBLR e 139.1. a 143 da Lei 30/92, do 26 de novembro, LRJAP, desenvolvidos por unha constante xurisprudencia: entre outras as sentenzas do Tribunal Supremo do 22 de novembro de 1991, 11 de maio de 1992, 24 de outubro de 1995, 12 de maio de 1997 e 9 de marzo de 1999. Nelas defínense como requisitos concorrentes para o nacemento da responsabilidade patrimonial os seguintes:

a) Lesión de bens e dereitos que sufriron un dano antixurídico, avaliable economicamente e individualizado en relación a unha persoa ou grupo de persoas.

b) Imputación á administración pública como consecuencia do funcionamento normal ou anormal dos servizos públicos, nunha relación directa, inmediata e exclusiva de causa efecto, sen intervención estraña que poida influír no nexo causal.

c) Ausencia de forza maior.

d) Exención do deber xurídico de soportar o dano.

As queixas referentes aos expedientes números 1402 (Ferrol); 1881 (Melide), 2254 (Pontevedra), todas elas correspondentes ao ano 2007, foron concluídas no presente exercicio. Neste ano 2008 tramitáronse e concluíronse as números 30 (Malpica) e 995 (Ribeira). Nestes supostos é necesario recordar a competencia conferida polo artigo 11.m)

da Lei 9/95, do 10 de novembro, ao *Consello Consultivo de Galicia*, como recorda o ditame do 22 de novembro de 1999. Resulta, por iso, que o *Consello Consultivo de Galicia* é competente para a emisión de ditame preceptivo nos expedientes de reclamación que, en concepto de indemnización de danos e perdas, se formulen contra as entidades locais da Comunidade Autónoma de Galicia.

1.13.3.3 Protección civil e bombeiros

Dúas queixas procedentes de anos anteriores foron concluídas no presente exercicio. A número 988/05, reaberta por traslado da presidenta do Parlamento no ano 2008 e a número 1669/07, en relación os servizos de bombeiros para o Concello de Ponteareas e Salceda de Caselas.

Por último e no presente ano, tramitouse e rematouse a queixa incoada a petición dun grupo de bombeiros do Concello de Pontevedra, respecto á cal se formulou a correspondente recomendación aceptada polo concello o 30 de decembro do 2008.

1.13.4 QUEIXAS NON ADMITIDAS A TRÁMITE

O seu número cifrouse en 7 polos motivos enumerados nos artigos 14.4, 18.3, 20 e 21 da Lei 6/84, do 5 de xuño, reguladora da institución do Valedor do Pobo. A maioría -cinco- por non existir unha actuación administrativa previa que xere o título habilitante da competencia atribuída polo artigo 1.3 da citada lei. E as outras dúas, coa finalidade de non interferir en cuestións sometidas ao poder xudicial. A número 212/08, por discutirse o estado de conservación de inmobles cedidos ao Concello de Vilamaior e posteriormente revertidos aos seus actuais propietarios e a número 1911/08 relativa ao incumprimento por parte do Concello da Coruña da Lei de memoria histórica.

1.13.5 QUEIXAS REMITIDAS AO DEFENSOR DEL PUEBLO

Só unha queixa foi tramitada pola oficina do Defensor del Pueblo, a 1362/08, en materia de subministración de auga potable no Concello de Ponteareas, como complemento doutras reiteradas ante esta institución.

1.13.6 RESOLUCIÓNS DO VALEDOR DO POBO EN MATERIA DE CORPORACIÓNS LOCAIS, SERVIZOS MUNICIPAIS E PROTECCIÓN CIVIL

1. Recomendación do 30 de xaneiro de 2008, dirixida ao Alcalde-Presidente do Concello de Val do Dubra, para a reparación da rede de sumidoiros no lugar de Cebei. (Q/21/08)

Acusámoslle a recepción do seu informe sobre o expediente de queixa número N.7.Q/21/2008, rexistro de saída nº 108 de data 22 de xaneiro. Del darase traslado á reclamante naquela parte que sexa substancial para coñecer a posición do concello.

Respecto ao seu contido, avaliamos a súa documentada resposta que nos permite formularlle unha recomendación para evitar a apertura dun expediente de responsabilidade patrimonial segundo o procedemento establecido no Real decreto 429/1993, do 26 de marzo. A maior abastamento, citamos o ditame do Consello Consultivo de Galicia n.º 103/2006, do 23 de febreiro, favorable á exixencia de responsabilidade patrimonial polos danos sufridos nunha vivenda derivados de enchentes de augas pluviais como consecuencia dun deficiente funcionamento da rede de sumidoiros, no Concello do Grove.

Xa que logo, respectando en todo caso a autonomía local para a planificación e xestión dos servizos públicos da súa competencia, e co gallo de evitar futuras lesións que se poidan producir nalgunhas vivendas do lugar de Cebei, formúlaselle a seguinte ***recomendación***:

> *"Debe acometer a elaboración e aprobación do correspondente proxecto construtivo para a reforma ou adecuación da rede de sumidoiros no lugar de Cebei, parroquia de San Román, para facilitar a recollida das augas pluviais".*

Resposta do Alcalde de Val do Dubra: Aceptada

2. Recordatorio de deberes legais do 17 de abril de 2008, dirixida á Alcaldesa-Presidenta do Concello de Melide, para a incoación dun expediente de responsabilidade administrativa polo mal estado dunha arqueta na rúa Ovedo (Q/1881/07)

Acusámoslle a recepción do seu escrito 781, de data 4 de abril, en relación co expediente de queixa referenciado.

Logo da súa lectura, temos que lembrarlle os antecedentes da queixa e formular unhas reflexións sobre o seu contido.

I

Do exame do expediente, saliéntase que:

- D.ª M.C.C.S. o día 14 de febreiro de 2007 sufriu danos persoais así como materiais como consecuencia do mal estado no que se atopaba unha arqueta na rúa Ovedo do Concello de Melide.

- O día 22 de febreiro, con rexistro de entrada n.º 613, presentou no concello a súa reclamación que aínda non obtido resposta expresa.

- Os feitos denunciados motivaron a intervención do Valedor do Pobo o 8 de novembro de 2007 mediante escrito no que se solicitaba a correspondente información, logo reiterada o 12 de decembro de 2007, o 15 de xaneiro e o 31 de marzo de 2008.

- Para xustificar esta inactividade material da administración municipal, invócase o cambio da corporación –feito que se produciu a mediados de xuño do 2007-, as instrucións do asesor xurídico do Concello de *esperar a evolución dos acontecementos e non proceder aínda a incoación de ningún expediente administrativo*, e que, en todo caso, *a reclamante pode optar por*

considerar desestimada, por silencio administrativo negativo, a súa petición.

Os citados antecedentes poñen de manifesto que a administración municipal, en máis dun ano, non iniciou ningún expediente administrativo, nin deu resposta expresa á súa veciña, incumprindo o disposto nos artigos 42.1 e 142.1 da Lei 30/1992, do 26 de novembro, de réxime xurídico das administracións públicas e do procedemento administrativo común.

Fronte á devandita inactividade material da administración municipal, vémonos na obriga de formular unhas consideracións que motiven a nosa resolución.

II

Esta institución vén pronunciándose de forma reiterada nos seus informes anuais sobre a obrigación da administración de contestar debidamente as reclamacións ou recursos que os cidadáns lle presenten, e así, o noso texto constitucional no seu artigo 103.1 establece taxativamente: "A Administración Pública serve con obxectividade os intereses xerais e actúa de acordo cos principios de eficacia, xerarquía, descentralización, desconcentración e coordinación, con sometemento pleno á lei e ao dereito". Neste sentido, o principio de eficacia esixe das administracións públicas que se cumpran razoablemente as expectativas que a sociedade lexitimamente lle demanda. Precisamente, unha das máis importantes tradúcese no deber da administración de resolver expresamente as peticións e reclamacións que lle presenten os particulares, xa que o coñecemento cabal polo administrado da fundamentación das resolucións administrativas, constitúe un presuposto inescusable para unha adecuada defensa dos seus dereitos e intereses lexítimos.

A este respecto, fai falta subliñar a intención que, en relación coa problemática suscitada polo silencio administrativo, anima o lexislador na recente reforma do procedemento administrativo común. Na exposición de motivos da Lei 30/92, do 26 de novembro, LRXPAC, sinálase literalmente que "*o silencio administrativo, positivo ou negativo, non debe ser un instituto xurídico normal, senón a garantía que impida que os*

dereitos do particulares queden baleiros de contido cando a súa administración non atende eficazmente e coa celeridade debida as funcións para as que se organizou". Así mesmo indícase "*o obxecto da lei non é dar carácter positivo a inactividade da administración cando os particulares se dirixen a ela; o carácter positivo da inactividade da administración é a garantía que se establece cando non se cumpre o verdadeiro obxectivo da lei, que é que os cidadáns obteñan resposta expresa da administración e, sobre todo, que a obteñan no prazo establecido*".

Desde esta perspectiva, non se debe esquecer que o primeiro do preceptos da Lei 30/92, dedicado ao silencio administrativo é o artigo 42, que se titula "obrigación de resolver", poñéndose de manifesto neste precepto a importancia e primacía que quixo dar o lexislador ao deber da administración de ditar resolucións expresas.

En relación con este deber da administración de resolver expresamente tamén fai falta facer un breve comentario sobre os supostos que o artigo 42 sinala como exceptuados da obrigación de ditar resolución expresa, serían os procedementos administrativos nos que se produza a prescrición, a caducidade, a renuncia ou a desistencia, así como os relativos ao exercicio de dereito que só deban ser obxecto de comunicación á administración, ou aqueles nos que se produza a perda sobrevida do obxecto do procedemento.

III

Considerando que no suposto concreto que motivou esta queixa non se deu ningunha das exencións legais de resolver sobre o solicitado e, polo dito anteriormente, esta institución diríxese a V.S. de conformidade co establecido no artigo 32.1 da Lei do Valedor do Pobo, formulándolle o seguinte **RECORDATORIO DE DEBERES LEGAIS**:

> "*Que de conformidade co establecido no artigo 103.1 da Constitución española e no artigo 42 da Lei 30/92, do 26 de novembro, de réxime xurídico das administracións públicas e do procedemento administrativo común, deberán resolverse no prazo máximo de tres meses*

todas as solicitudes que se presenten ante ese Concello, ou, de ser o caso, no que viñese establecido no procedemento que resultase de aplicación, téndose en conta a obrigación legal de resolver as peticións do cidadáns, e, para o caso que nos ocupa, o escrito presentado pola promotora deste expediente de queixa".

Resposta da Alcaldesa de Melide: Aceptado

3. Recomendación do 2 de xuño de 2008, dirixida á Alcaldesa-Presidenta do Concello de Arteixo, para a devolución do importe de taxas por consumo de auga, liquidadas por estimación. (Q/29/08)

Esta institución iniciou o día 11 de xaneiro de 2008 o expediente de queixa 29/08, promovido por D. J.M.G. para reclamar a devolución dun importe aproximado de 60 €, liquidado por estimación, nas facturas dos meses de xullo, outubro e decembro de 2006 e polo concepto de consumo de auga para uso doméstico correspondente a ese período.

I

Antes de comparecer nesta institución, intentou pola canle administrativa acaída obter a revisión das devanditas facturas, expoñendo os seguintes feitos:

- A vivenda sita na R/ X, adquirida no ano 1987, permaneceu desde entón deshabitada e dada de alta polo seu titular como usuario do servizo de abastecemento de auga a domicilio. Achega como xustificantes, fotocopias da póliza de aboamento, formalizada o 13 de agosto de 1987, coa empresa concesionaria prestataria do servizo municipal para á subministración de auga a domicilio con destino doméstico. Así mesmo achegou un recibo de pago de 5500 ptas., para a colocación dun contador de auga con data de 28 de agosto de 1987. Malia as repetidas reclamacións efectuadas nas oficinas do concello, o devandito contador non foi instalado pola empresa concesionaria.

- Ao mudar a empresa titular da concesión do servizo municipal, a actual titular AURGASA facturoulle polo consumo mínimo, cun custo de 14 €, e reclamoulle a instalación dun contador na súa vivenda mediante os escritos de 10 de maio e 1 de setembro de 2006. A partir do 20 de xullo e ata o 27 de decembro de 2006, AURGASA incrementou o importe das facturas bimestrais pasando de 14 € a 24,49 € nos mes de xullo; a 37,07€ no mes de outubro; e a 41,27€ no mes de decembro.

- Ante o incremento desproporcionado no custo pola prestación do servizo, o titular da vivenda formulou a correspondente reclamación ante AURGASA, o 4 de xaneiro de 2007. A empresa respóndelle o día 22 de xaneiro sinalando que xa ten instalado na súa vivenda o contador, en propiedade de xeito gratuíto pero que non procede a devolución do importe das facturas liquidadas por estimación porque ata entón non era posible coñecer o consumo real efectuado.

Ante esta resposta, o interesado formulou o 28 de febreiro de 2007, a correspondente reclamación ante o Concello de Arteixo, sen obter hoxe en día, a devolución do importe liquidado por exceso e correspondente ao consumo estimado dos bimestres de xullo, outubro e decembro de 2006.

II

Á vista do procedemento tramitado na vía municipal e considerando que a queixa reunía os requisitos formais para a súa admisión, promoveuse unha investigación, sumaria e informal, para o esclarecemento dos feitos alegados, solicitándose a correspondente información mediante escritos dirixidos ao Concello de Arteixo e a AURGASA, de datas 11 de febreiro, 12 de marzo e 21 de abril de 2008. A empresa AURGASA notificou a recepción e remitiu a súa resposta o 28 de febreiro, e o Concello de Arteixo fíxoo o 2 de maio de 2008, rexistro saída n.º 3973.

A información subministrada permitiu a esta institución formar un xuízo fundado sobre tres aspectos:

1. Os incrementos porcentuais dun 43 %, un 34 % e un 10 % sobre a factura dos bimestres de xullo, outubro e decembro de 2006 foron fixados por estimación sen utilizar ningún baremo razoable.

2. Desde que se instalou o contador na vivenda do reclamante as facturas correspondentes as datas de xaneiro, abril, agosto e outubro de 2007 e xaneiro de 2008 confirman que non houbo consumo doméstico na citada vivenda.

3. O cobro de 1,16 € /(IVE incluído) en concepto de mantemento-reposición do contador, propiedade do reclamante, axústase ao regulado na ordenanza fiscal n.º 6 do Concello de Arteixo.

Con baseamento no exposto e de xeito congruente, tírase a seguinte conclusión:

O importe facturado polo consumo de auga, correspondente aos bimestres de xullo, outubro e decembro de 2006, non fica xustificado. Tal proceder podería encubrir unha medida de presión para lograr que o propietario da vivenda cumprise co dobre requirimento efectuado por AURGASA en maio e setembro do 2006, respecto á instalación dun contador na súa vivenda. Este feito obríganos a nos preguntar se na ordenanza fiscal ou no regulamento do servizo non existían outros medios para conseguir o obxecto do requirimento, medios distintos dun incremento porcentual desproporcionado da cota tributaria polo consumo doméstico.

A devandita conclusión confírmase coa lectura do acordo adoptado, por unanimidade, pola xunta de goberno local de 30 de abril de 2008, onde se di:

Dar traslado ao Valedor do Pobo dos antecedentes que obran nestas dependencias municipais en relación ao expediente de queixa que formula D. J.M.G., facendo constar que na ordenanza fiscal n.º 6, reguladora da taxa pola prestación do

servizo público de auga potábel a domicilio non se regulan as estimacións a efectuar en ausencia de contador que imposibilite o coñecemento do consumo real.

III

Polo motivado e no exercicio das facultades establecidas no artigo 32.1 da Lei 6/1984, do 5 de xuño, do Valedor do Pobo, formulamos ao Concello de Arteixo a seguinte **recomendación**:

> *Que polo órgano competente do Concello de Arteixo e respectando a súa autonomía, se proceda a revisar a liquidación das facturas remitidas a D. J.M.G. polos consumos de auga potable, destinada a uso doméstico da vivenda sita na R/ X, e correspondentes aos bimestres de xullo, outubro e decembro do 2006.*
>
> *A fixación da cota tributaria por estimación, ao noso entender, contradí o establecido no artigo 24.3 do Real decreto lexislativo 2/2004, do 5 de marzo, de facendas locais, que obriga a ordenanza fiscal á súa determinación pola aplicación dunha tarifa, por unha cantidade fixa sinalada ao respecto, ou pola cantidade resultante da aplicación conxunta de ambos os procedementos.*

Resposta da Alcaldesa de Arteixo: Aceptada

4. Recordatorio de deberes legais do 16 de xuño de 2008, dirixido ao Alcalde-Presidente do Concello de A Pobra do Caramiñal, para a retirada de obstáculos na vía pública. (Q/285/08)

Acusámoslle a recepción do seu escrito de saída n.º 2904, de data 3 de xuño, en relación co expediente de queixa referenciado.

Logo da súa lectura, temos que lembrarlle os antecedentes da queixa e formular algunhas reflexións sobre o seu contido.

I

Do exame do expediente saliéntase que:

- D.ª M.T.S.D., no ano 2006 formulou a correspondente denuncia ante o Concello porque D.ª J.G. colocou "*sin permiso alguno y obstaculizando gravemente la vía pública de acceso tanto a las propiedades de la dicente como de la parroquia de San Isidro, unas piedras de grandes dimensiones en el camino impidiendo el tránsito de vehículos y, por lo tanto el acceso al garaje propiedad de la denunciante, así como de las labores de vaciado del pozo negro de la vivienda así como del relleno del depósito de gasoil*".

- O día 21 de setembro de 2007 reitera a súa reclamación "*sin que por parte del Concello de Pobra do Caramiñal se haya realizada actividad alguna a fin de solucionar el problema que aquí se denuncia*".

- No escrito desta institución do 6 de marzo, n.º de saída 2123, solicítase información "sobre se a denuncia presentada pola interesada foi admitida a trámite e, se fose o caso, a resolución expresa adoptada".

- No último escrito que obra nesas dependencias do 3 de xuño infórmase sobre a admisión a trámite da denuncia, porén non existe constancia de que a denuncia sexa resolta e notificado o acordo á interesada, acto administrativo a que ten dereito para iniciar o exercicio dos correspondentes recursos, no suposto de estimalo oportuno. Esta omisión obríganos a formular unhas consideracións sobre a necesidade de resolver expresamente a denuncia presentada.

II

Esta institución vén pronunciándose de forma reiterada nos seus informes anuais sobre a obrigación da administración de contestar debidamente as reclamacións ou recursos que os cidadáns lle presenten, e así, o noso texto constitucional no seu artigo

103.1 establece taxativamente: “A administración pública serve con obxectividade os intereses xerais e actúa de acordo cos principios de eficacia, xerarquía, descentralización, desconcentración e coordinación, con sometemento pleno á lei e ao dereito”. Neste sentido, o principio de eficacia esixe das administracións públicas que se cumpran razoablemente as expectativas que a sociedade lexitimamente lle demanda. Precisamente, unha das máis importantes tradúcese no deber da administración de resolver expresamente as peticións e reclamacións que lle presenten os particulares, xa que o coñecemento cabal polo administrado da fundamentación das resolucións administrativas, constitúe un presuposto inescusable para unha adecuada defensa dos seus dereitos e intereses lexítimos.

A este respecto, fai falta subliñar a intención que, en relación coa problemática suscitada polo silencio administrativo, anima ao lexislador na recente reforma do procedemento administrativo común. Na exposición de motivos da Lei 30/92, do 26 de novembro, LRXPAC, sinálase literalmente que “*o silencio administrativo, positivo ou negativo, non debe ser un instituto xurídico normal, senón a garantía que impida que os dereitos do particulares queden baleiros de contido cando a súa administración non atende eficazmente e coa celeridade debida as funcións para as que se organizou*”. Así mesmo indícase “*o obxecto da lei non é dar carácter positivo a inactividade da administración cando os particulares se dirixen a ela; o carácter positivo da inactividade da administración é a garantía que se establece cando non se cumpre o verdadeiro obxectivo da lei, que é que os cidadáns obteñan resposta expresa da administración e, sobre todo, que a obteñan no prazo establecido*”.

Desde esta perspectiva, non se debe esquecer que o primeiro do preceptos da Lei 30/92, dedicado ao silencio administrativo é o artigo 42, que se titula “obrigación de resolver”, poñéndose de manifesto neste precepto a importancia e primacía que quixo dar o lexislador ao deber da administración de ditar resolucións expresas.

En relación con este deber da administración de resolver expresamente tamén fai falta facer un breve comentario sobre os supostos que o artigo 42 sinala como exceptuados da obrigación de ditar resolución expresa, serían os procedementos administrativos nos que se produza a prescrición, a caducidade, a renuncia ou a desistencia, así como os relativos

ao exercicio de dereito que só deban ser obxecto de comunicación á administración, ou aqueles nos que se produza a perda sobrevida do obxecto do procedemento.

III

Considerando que no suposto concreto que motivou esta queixa non se deu unha resolución expresa, esta institución diríxese a V.S. de conformidade co establecido no artigo 32.1 da Lei do Valedor do Pobo, formulándolle o seguinte **Recordatorio de deberes legais**:

> *"Que de conformidade co establecido no artigo 103.1 da Constitución española e no artigo 42 da Lei 30/92, do 26 de novembro, de réxime xurídico das administracións públicas e do procedemento administrativo común, deberán resolverse no prazo máximo de tres meses todas as solicitudes que se presenten ante ese concello, ou, de ser o caso, no que viñese establecido no procedemento que resultase de aplicación, téndose en conta a obrigación legal de resolver as peticións do cidadáns, e, para o caso que nos ocupa, o escrito presentado pola promotora deste expediente de queixa".*

Resposta do Alcalde de A Pobra do Caramiñal: Aceptado.

5. Recomendación do 6 de outubro de 2008, dirixida ao Presidente do Consorcio As Mariñas, para a instalación dun contenedor de lixo no lugar de Anceis-Altamira. (Q/54/08)

Con data 16 de xaneiro de 2008, esta institución autorizou a apertura do expediente de queixa n.º 54/08, en virtude da reclamación formulada por D.ª O.R.M. ante o Concello de Cambre e o Consorcio das Mariñas, por deficiencias na prestación do servizo público de recollida de lixo no lugar de Anceis-Altamira.

No seu escrito inicial a interesada salientaba tres aspectos:

- Vén, desde hai anos, aboando puntualmente a taxa por recollida de lixo.

- O colector máis próximo sitúase a uns 500 metros da súa vivenda, ata onde ten que levar o lixo porque o servizo de recollidas non chega máis preto. Alega o consorcio razóns técnicas, estreitamentos da vía, para non aproximar o vehículo de recollida, razóns que contrastan con outros servizos privados que chegan ata o seu domicilio, como por exemplo unha formigoneira para a subministración de cemento.

- Non entende a obriga de satisfacer a mesma contía da taxa municipal que a dos outros usuarios, cando non se reciben as mesmas prestacións en semellantes circunstancias.

Xa que logo, o cerne da súa reclamación consistía na necesidade de se instalar un colector preto da súa vivenda, sita no número X da parroquia de Altamira, coa finalidade de acurtar a distancia de 500 metros respecto a outro existente, facilitándolle o depósito de lixo nun colector próximo á súa vivenda.

A resposta das administracións afectadas foi en principio discrepante.

O Concello de Cambre comunicou que tiña o servizo de recollida de lixo descentralizado no Consorcio das Mariñas:

> *Non obstante o anterior, dado que dende esta sección se considera que non existe inconveniente en poñer algún colector de lixo á altura do número X de Altamira, xa que o camión de recollida pode acceder ao camiño sen ningún problema xa que ten unha anchura de 6 m e unha lonxitude de 300 m, solicitouse ao Consorcio As Mariñas que coa maior brevidade posible, coloque algún colector no camiño de referencia, co fin de mellorar o servizo de recollida de residuos sólidos urbanos.* (Escrito de saída n.º 619, do 25 de xaneiro).

Pola súa banda, o Consorcio das Mariñas puxo de manifesto a súa oposición técnica respecto á solución achegada polo Concello de Cambre estimando a concorrencia de diversas inexactitudes no informe emitido xa que:

> *O camiño de acceso á vivenda NON TEN NA SÚA TOTALIDADE OS 6 M de ancho que se reflicten no informe do enxeñeiro técnico municipal, tal e como se amosa nos planos e fotografías achegadas, se non que está limitado, NA SÚA ENTRADA, zona de acceso dos camións de recollida da nosa empresa adxudicataria do servizo de recollida e transporte de lixo á planta de tratamento, A 3,40 m.*
>
> *A pista de acceso á vivenda non ten saída nin tampouco un lugar axeitado para que un camión da recollida de lixo de 23 m^3 poida realizar unha manobra de cambio de sentido para seguir coa súa ruta.*
> (Informe rexistro saída n.º 3021, do 12 de febreiro)

Posteriormente a discrepancia existente entre os informes recibidos, resolveuse co recoñecemento, por parte do Concello de Cambre, da imposibilidade técnica de practicar a solución no seu día comunicada:

"... reconsidérase a posición municipal no relativo á recollida de lixo de xeito máis próximo á vivenda da interesada, estimando que non é posible dita situación actualmente" (escrito do Concello de Cambre rexistro de saída n.º 2560, do 1 de abril)

Á vista deste último escrito, esta institución tomou coñecemento de que, por razóns técnicas, non era posible achegar un colector á vivenda da reclamante. Consonte a posición exposta, formulouse ao Concello de Cambre e ao Consorcio das Mariñas unha alternativa do xeito seguinte:

"Ante esta situación e tendo en conta:

- *Que a recepción do servizo de recollida de lixo ten a natureza de obrigatoria segundo o disposto no artigo 34 do Regulamento de servizo das corporacións locais, e ademais o carácter de servizo municipal mínimo.*

- *Que o artigo 150 do Regulamento de servizos das corporacións locais establece que a tarifa de cada servizo público será igual para todos os que reciben as mesmas prestacións en iguais circunstancias.*

O concello debería contemplar na súa ordenanza fiscal unha bonificación da taxa por recollida de lixo, naqueles supostos, como o presente, no que a prestación do servizo non se pode achegar, por razóns técnicas, a unha distancia prudencial das vivendas, co gallo de garantir ao cidadán o principio de igualdade na sustentación dos gastos públicos (artigo 31.1 da Constitución española). (Comunicacións de 10 e 24 de abril de 2008 da oficina do Valedor do Pobo).

A resposta do Concello de Cambre foi que a ordenanza reguladora da taxa de recollida de lixo era competencia do Consorcio das Mariñas *"... polo que deberá ser este ente e non o Concello de Cambre, quen emita informe respecto á posibilidade de contemplar unha bonificación na ordenanza"*.

> *Así mesmo, e dado que polos servizos técnicos municipais se comprobou que existen numerosos escritos presentados nesta corporación que fan referencia á distancia a que teñen que desprazarse os veciños para tirar o lixo, existindo informes do Consorcio As Mariñas que constatan a existencia de colectores a máis de 500 m das vivendas dos veciños.*
>
> *Por iso, aínda que unha bonificación na taxa de recollida de lixo suporía unha compensación ás persoas que non dispoñen dun colector a distancia prudencial das súas vivendas, e como queira que na maioría dos casos os problemas proveñen do tamaño dos camións de recollida, esta corporación ten previsto estudar xunto co Consorcio As Mariñas, a*

posibilidade de realizar a recollida de lixo a través doutros mecanismos que permitan mellorar este servizo no T. M. de Cambre. (Comunicación do Concello de Cambre, rexistro de saída n.º 3403, do 16 de abril).

Pola súa banda o Consorcio das Mariñas informou que o Real decreto lexislativo n.º 2/2004, do 5 de abril, polo que se aproba o texto refundido da Lei reguladora das facendas locais, no seu artigo 24.4 recolle unicamente a posibilidade, de carácter voluntario para a entidade local de ter en conta, para a determinación da contía da taxa e das exencións a esta, os criterios xenéricos de capacidade económica dos suxeitos obrigados, sinalando que nas ordenanzas dos Concellos da Coruña, Lugo, Vigo, Pontevedra ou Vilagarcía de Arousa non se recolle ningunha exención ou bonificación por mor de distancia mínima a colectores ou a proximidade a eles, existindo unha casuística moi ampla neste sentido, posición que contrasta por exemplo co establecido no artigo 7 da ordenanza fiscal do Concello de Santiago de Compostela n.º 3.16 reguladora da taxa por prestación de recollida e tratamento de residuos sólidos urbanos que na súa aliña 2 di:

Para a recollida xeral e obrigatoria en vivendas e locais comerciais a obriga de contribuír nace desde o momento en que se presta o servizo na zona na que se sitúa a vivenda ou o establecemento. Nos núcleos rurais e, en xeral, no ámbito rural, enténdese que está establecido o servizo cando exista un colector de recollida de lixo nun radio de 200 metros, contados a partir de calquera punto do edificio, construción ou local onde se sitúa a vivenda ou se realiza a actividade.

Polo que antecede, esta institución , segundo o establecido no artigo 32.1 da Lei 6/1984, do 5 de xuño, motiva e formula ao Consorcio As Mariñas a seguinte **recomendación**:

PRIMEIRA.- Tendo en conta que existen informes técnicos que constatan a existencia de colectores a máis de 500 metros das vivendas dos veciños do Concello de Cambre e que o tamaño dos camións de recollida de lixo non permiten o seu desprazamento por algunhas vías municipais, recomendámoslle ao Concello de Cambre que estude xunto co Consorcio

das Mariñas a posibilidade de realizar a recollida de lixo a través doutros vehículos ou mecanismos que permitan mellorar este servizo no termo municipal de Cambre.

SEGUNDA.- Que impulse unha iniciativa para a modificación da ordenanza fiscal que regula a prestación do servizo polo Consorcio das Mariñas, establecendo unha taxa que garante unha bonificación naqueles supostos nos que a prestación do servizo non se poida chegar, por razóns técnicas, a unha distancia prudencial das vivendas, co gallo de garantir ao cidadán o principio de igualdade na sustentación dos gastos públicos.

Resposta do Presidente do Consorcio As Mariñas: Non se aceptou modificar a ordenanza municipal reguladora da taxa por prestación do servizo de recollida de lixo.

6. Recomendación do 6 de outubro de 2008, dirixida ao Alcalde-Presidente do Concello de Cambre, para a instalación dun contenedor de lixo no lugar de Anceis-Altamira. (Q/54/08)

Con data 16 de xaneiro de 2008, esta institución autorizou a apertura do expediente de queixa n.º 54/08, en virtude da reclamación formulada por Dª O.R.M. ante o Concello de Cambre e o Consorcio das Mariñas, por deficiencias na prestación do servizo público de recollida de lixo no lugar de Anceis-Altamira.

No seu escrito inicial a interesada salientaba tres aspectos:

- Vén, desde hai anos, aboando puntualmente a taxa por recollida de lixo.

- O colector máis próximo sitúase a uns 500 metros da súa vivenda, ata onde ten que levar o lixo porque o servizo de recollidas non chega máis preto. Alega o consorcio razóns técnicas, estreitamentos da vía, para non aproximar o vehículo de recollida, razóns que contrastan con outros servizos privados que

chegan ata o seu domicilio, como por exemplo unha formigoneira para a subministración de cemento.

- Non entende a obriga de satisfacer a mesma contía da taxa municipal que a dos outros usuarios, cando non se reciben as mesmas prestacións en semellantes circunstancias.

Xa que logo, a cerna da súa reclamación consistía na necesidade de se instalar un colector preto da súa vivenda, sita no número X da parroquia de Altamira, coa finalidade de acurtar a distancia de 500 metros respecto a outro existente, facilitándolle o depósito de lixo nun colector próximo á súa vivenda.

A resposta das administracións afectadas foi en principio discrepante.

O Concello de Cambre comunicou que tiña o servizo de recollida de lixo descentralizado no Consorcio das Mariñas:

> *Non obstante o anterior, dado que dende esta sección se considera que non existe inconveniente en poñer algún colector de lixo á altura do número X de Altamira, xa que o camión de recollida pode acceder ao camiño sen ningún problema xa que ten unha anchura de 6 m e unha lonxitude de 300 m, solicitouse ó Consorcio As Mariñas que coa maior brevidade posible, coloque algún colector no camiño de referencia, con fin de mellorar o servizo de recollida de residuos sólidos urbanos.* (Escrito de saída n.º 619, do 25 de xaneiro).

Pola súa banda, o Consorcio das Mariñas puxo de manifesto a súa oposición técnica respecto á solución achegada polo Concello de Cambre estimando a concorrencia de diversas inexactitudes no informe emitido xa que:

> *O camiño de acceso á vivenda NON TEN NA SÚA TOTALIDADE OS 6 M de ancho que se reflicten no informe do enxeñeiro técnico municipal, tal e como se amosa nos planos e fotografías achegadas, se*

non que está limitado, NA SÚA ENTRADA, zona de acceso dos camións de recollida da nosa empresa adxudicataria do servizo de recollida e transporte de lixo á planta de tratamento, A 3,40 m.

A pista de acceso á vivenda non ten saída nin tampouco un lugar axeitado para que un camión da recollida de lixo de 23 m^3 poida realizar unha manobra de cambio de sentido para seguir coa súa ruta.
(Informe, rexistro saída n.º 3021, do 12 de febreiro)

Posteriormente a discrepancia existente entre os informes recibidos, resolveuse co recoñecemento, por parte do Concello de Cambre, da imposibilidade técnica de practicar a solución no seu día comunicada:

"... reconsidérase a posición municipal no relativo á recollida de lixo de xeito máis próximo á vivenda da interesada, estimando que non é posible a dita situación actualmente" (escrito do Concello de Cambre, rexistro de saída n.º 2560, do 1 de abril)

Á vista deste último escrito, esta institución tomou coñecemento de que, por razóns técnicas, non era posible achegar un colector á vivenda da reclamante. Consonte coa posición exposta, formulouse ao Concello de Cambre e ao Consorcio das Mariñas unha alternativa do xeito seguinte:

"Ante esta situación e tendo en conta:

- *Que a recepción do servizo de recollida de lixo ten a natureza de obrigatoria segundo o disposto no artigo 34 do Regulamento de servizo das corporacións locais, e ademais o carácter de servizo municipal mínimo.*

- *Que o artigo 150 do Regulamento de servizos das corporacións locais establece que a tarifa de cada servizo público será igual para todos os que reciben as mesmas prestacións en iguais circunstancias.*

O concello debería contemplar na súa ordenanza fiscal unha bonificación da taxa por recollida de lixo, naqueles supostos, como o presente, no que a prestación do servizo non se pode achegar, por razóns técnicas, a unha distancia prudencial das vivendas, co gallo de garantir ao cidadán o principio de igualdade na sustentación dos gastos públicos (artigo 31.1 da Constitución española). (Comunicacións do 10 e 24 de abril de 2008 da oficina do Valedor do Pobo).

A resposta do Concello de Cambre foi que a ordenanza reguladora da taxa de recollida de lixo era competencia do Consorcio das Mariñas *"... polo que deberá ser este ente e non o Concello de Cambre, quen emita informe respecto á posibilidade de contemplar unha bonificación na ordenanza"*.

> *Así mesmo, e dado que polos servizos técnicos municipais se comprobou que existen numerosos escritos presentados nesta corporación que fan referencia á distancia a que teñen que desprazarse os veciños para tirar o lixo, existindo informes do Consorcio As Mariñas que constatan a existencia de colectores a máis de 500 das vivendas dos veciños.*
>
> *Por iso, aínda que unha bonificación na taxa de recollida de lixo suporía unha compensación ás persoas que non dispoñen dun colector a distancia prudencial das súas vivendas, e como queira que na maioría dos casos os problemas proveñen do tamaño dos camións de recollida, esta corporación, ten previsto estudar xunto co Consorcio As Mariñas, a posibilidade de realizar a recollida de lixo a través doutros mecanismos que permitan mellorar este servizo no T. M. de Cambre.* (Comunicación do Concello de Cambre, rexistro de saída n.º 3403, do 16 de abril).

Pola súa banda o Consorcio das Mariñas informou que o Real decreto lexislativo 2/2004, do 5 de abril, polo que se aproba o texto refundido da Lei reguladora das facendas locais, no seu artigo 24.4 recolle unicamente a posibilidade, de carácter voluntario para a entidade local de ter en conta, para a determinación da contía da taxa e das exencións a esta, os criterios xenéricos de capacidade económica dos suxeitos obrigados, sinalando que

nas ordenanzas dos Concellos da Coruña, Lugo, Vigo, Pontevedra ou Vilagarcía de Arousa non se recolle ningunha exención ou bonificación por mor de distancia mínima aos colectores ou á proximidade a eles, existindo unha casuística moi ampla neste sentido, posición que contrasta por exemplo co establecido no artigo 7 da ordenanza fiscal do Concello de Santiago de Compostela 3.16, reguladora da taxa por prestación de recollida e tratamento de residuos sólidos urbanos que na súa aliña 2 di:

Para a recollida xeral e obrigatoria en vivendas e locais comerciais a obriga de contribuír nace desde o momento en que se presta o servizo na zona na que se sitúa a vivenda ou o establecemento. Nos núcleos rurais e, en xeral, no ámbito rural, enténdese que está establecido o servizo cando exista un colector de recollida de lixo nun radio de 200 metros, contados a partir de calquera punto do edificio, construción ou local onde se sitúa a vivenda ou se realiza a actividade.

Polo que antecede, esta institución, segundo o establecido no artigo 32.1 da Lei 6/1984, do 5 de xuño, motiva e formula ao Concello de Cambre a seguinte **recomendación**:

> *PRIMEIRA.- Tendo en conta que existen informes técnicos que constatan a existencia de colectores a máis de 500 metros das vivendas dos veciños do Concello de Cambre e que o tamaño dos camións de recollida de lixo non permiten o seu desprazamento por algunhas vías municipais, recomendámoslle ao Concello de Cambre que estude xunto co Consorcio das Mariñas a posibilidade de realizar a recollida de lixo a través doutros vehículos ou mecanismos que permitan mellorar este servizo no termo municipal de Cambre.*
>
> *SEGUNDA.- Que impulse unha iniciativa para a modificación da ordenanza fiscal que regula a prestación do servizo polo Consorcio das Mariñas, establecendo unha taxa que garante unha bonificación naqueles supostos nos que a prestación do servizo non se poida chegar, por razóns*

técnicas, a unha distancia prudencial das vivendas, co gallo de garantir ao cidadán o principio de igualdade na sustentación dos gastos públicos.

Resposta do Alcalde de Cambre: Non se aceptou modificar a ordenanza municipal reguladora da taxa por prestación do servizo de recollida de lixo.

7. Recomendación do 30 de outubro de 2008, dirixida ao Alcalde-Presidente do Concello de Pontevedra, para que se dote de máis medios personais e materiais ao servizo municipal de extinción de incendios. (Q/1338/08)

Ante esta institución, mediante escrito de queixa, compareceu D.V.F.B. e outros, solicitando a nosa intervención, en relación coa insuficiente dotación de medios humanos e materiais para a prestación do citado servizo na capital e nas catorce parroquias integrantes do Concello de Pontevedra.

ANTECEDENTES

1.- O escrito inicial e a documentación posterior achegada polos titulares do expediente de queixa procuran poñer en coñecemento da oficina do Valedor do Pobo e da opinión pública as graves carencias existentes, tanto de persoal como de medios materiais, para a prestación do servizo de extinción de incendios no Concello de Pontevedra.

1.1. Medios persoais. Segundo os datos achegados polos reclamantes, o cadro de persoal do citado servizo conta con 35 postos de traballo, dos que seis son cubertos con interinos, dous son vacantes por xubilación, tres veñen ocupados por persoal con baixas de longa duración, e catro son de nova creación. Xa que logo, ao se confeccionar as listas de servizos operativos, dispoñen dun total de 29 efectivos.

Dada a carencia existente, moitos días o servizo de retén está integrado por un cabo, dous bombeiros e un condutor, sendo imposible atender, de xeito simultáneo, dous sinistros ou realizar saídas en auxilio dos concellos próximos. Tamén salientan a falla de cursos de formación para realizar rescates subacuáticos polo que teñen que depender de axudas externas nos sinistros desta natureza.

A súa proposta neste eido é a cobertura de todas a vacantes existentes, a creación de sete prazas novas e o establecemento de reténs cun número mínimo de seis efectivos.

1.2.- Medios materiais. Expoñen que dos dez vehículos adscritos ao parque móbil, un deles (o camión Magirus) ten 42 anos de antigüidade e outro vehículo –escaleira de primeira saída- ten 40 anos, seis oscilan entre os 13 e os 24 anos, e os dous máis novos teñen 4 e 2 anos respectivamente.

A antigüidade do parque móbil provoca constantes avarías, un deficiente funcionamento e unha morea de contratempos, ás veces insalvables.

Ante esta situación e para mellorar a dotación existente, entenden que son necesarios un camión autobomba de dimensións especiais para acceder á zona vella da cidade, outro condicionado para extinguir incendios forestais e acceder ás zonas rurais, e material especial para atender as emerxencias que se produzan no río Lérez e na ría de Pontevedra.

Resumindo *estas deficiencias crean unha grande inseguridade entre os traballadores e un risco inasumible para os cidadáns.*

2.- O Concello de Pontevedra, na información escrita facilitada o 29 de xullo e completada nunha visita dos responsables da dirección do servizo, dan respostas ás cuestións formuladas.

2.1.- Medios persoais. *"O cadro de persoal actual do Servizo de Extinción de Incendios do Concello de Pontevedra está composta por 39 bombeiros e un administrativo adscrito ao servizo"*.

Tendo presente as xubilacións e unha baixa de longa duración, estiman que o número de bombeiros operativos en servizo son 35 e teñen a vontade de *ir incrementando o número de bombeiros nos vindeiros anos*.

Por outra banda, e ante a afirmación de que moitos días o servizo está integrado por 4 efectivos, manifestan que *cada quenda conta sempre cun mínimo de 5-6 efectivos* e que, se nalgunha ocasión, diminúe o número de persoas asignadas ás quendas, débese con frecuencia a que algúns dos designados –que son representantes dos traballadores- solicitan para esas datas o goce de *"horas sindicais"*. Para fundamentar esta afirmación, achegan os partes de servizo da última quincena ata o 8 de xullo de 2008.

Por último e respecto ao auxilio prestado aos concellos da comarca ou aqueles próximos a Pontevedra, estiman que esta situación debe solucionarse impulsando o proceso de comarcalización do servizo de incendios, coa participación da Xunta de Galicia, da Deputación de Pontevedra e dos concellos afectados.

2.2. Medios materiais. Neste punto entenden que os actuais permiten atender de xeito razoable as necesidades do Concello, á vista das estatísticas anuais de intervención –por exemplo 596 no ano 2006 e 226 no ano 2007-, e das partidas destinadas a adquisición, reposición de efectivos e reparacións, que se cifran, ao 6 de abril de 2008, no importe total de 266 953,69 €. Por último salientan que no orzamento deste ano existe consignada unha dotación crediticia para adquisición dun camión escaleira.

2.3. A orixe da reclamación formulada "*... é a culminación dun proceso de conflito iniciado no noso concello e dirixido no seu comezo a cuestionar a xestión do actual oficial xefe de Bombeiros de Pontevedra, pola toma de determinadas decisións para as que non só está plenamente facultado, senón que forman parte das que debe tomar necesariamente no exercicio do seu cargo"* (páxina 5 do escrito de información do Concello).

CONSIDERACIÓNS

A profusa información achegada ao expediente de queixa por ambas as partes, obríganos a facer unha síntese e a buscar a resultante entre as opinións contraditorias expostas sobre cada unha das cuestións suscitadas. Por este motivo, vémonos na necesidade de facer algunhas consideracións que fundamenten o noso parecer.

PRIMEIRA. O plan de emerxencia municipal.

O punto 1.5.3. do primeiro borrador do Libro Branco para a reforma do goberno local en España -10 de xaneiro de 2005-, ao se referir aos servizos de protección civil e de prevención e extinción de incendios, salientaba a competencia municipal para a formulación de plans de protección civil e para a prevención e extinción de incendios *"... plans que deben ser coherentes e estar coordinados cos que formulen as administracións de ámbito supralocal"*.

A devandita competencia vén recoñecida, tanto pola lexislación local coma pola lexislación sectorial na materia. O artigo 81 da Lei 5/1997, do 22 de xullo, de administración local de Galicia, prescribe como servizo municipal mínimo e obrigatorio para os concellos de máis de 20 000 habitantes o servizo de prevención e extinción de incendios e as letras a), b) e c) da aliña 1 do artigo 27 da Lei autonómica 5/2007, do 7 de maio, de emerxencias de Galicia, vai obrigar a que o plan vixente no Concello de Pontevedra se adapte ao plan director dos servizos contraincendios e de salvamento, debendo a Xunta de Galicia impulsalo e elaboralo dentro dos prazos establecidos na disposición adicional terceira da citada lei.

Cinguíndonos ao vixente plan municipal de emerxencia, ponse de manifesto un conxunto de factores que deben orientar a estrutura operativa do servizo de bombeiros e fundamentar o exercicio da potestade de autoorganización que desempeña o Concello para a prestación deste servizo mínimo e esencial.

Entre eles hai que subliñar:

- A extensión territorial do Concello de Pontevedra, de aproximadamente 117 km^2, con 174 núcleos de poboación.

- A súa poboación total, superior a 80 000 habitantes.

- E os centros de riscos e zonas vulnerables, como son, a zona histórica urbana, os edificios de grande ocupación, a rede viaria estatal,

autonómica e local, que delimita ou atravesa o concello, os complexos industriais, comerciais e hospitalarios situados na capitalidade do municipio ou próximos a ela, o val do Lérez e as zonas deportivas, e, por último, a importante masa forestal existente nos seus núcleos rurais, que, no momento da aprobación do plan municipal de emerxencias, se cifraba en 6408,30 hectáreas.

SEGUNDA. O respecto da autonomía local para a organización do servizo de prevención e extinción de incendios.

O Concello de Pontevedra, que goza dunha autonomía garantida institucionalmente, debe exercer a súa potestade de autoorganización para a prestación do devandito servizo mínimo e obrigatorio nos termos establecidos nos artigos 6.1 e 81.c) da Lei 5/1997, do 22 de xullo, reguladora da administración local de Galicia.

No seu exercicio debe ter en conta –ademais dos factores reflectidos no plan municipal de emerxencias- o plan director territorial de protección civil da Comunidade Autónoma, a planificación urbanística do Concello, e as previsións contidas na disposición adicional terceira da Lei 5/2007, do 7 de maio, xa citada, que no seu parágrafo terceiro establece o prazo dun ano, desde a aprobación da lei, para que a Xunta de Galicia promova a elaboración dun regulamento do bombeiro profesional, que constituirá o marco homoxéneo da regulación do servizo dentro das grandes cidades de Galicia.

TERCEIRA. Os medios persoais e materiais asignados ao servizo de extinción de incendios.

A discrepancia existente entre os titulares da queixa e o Concello de Pontevedra resulta neste punto notoria. Para superar a devandita contradición, entendemos que hai que realizar un estudo conxunto dos centros de riscos e zonas vulnerables, inventariados ou catalogados dentro do municipio, dos medios que poidan facilitar outras administracións públicas en situacións de emerxencia, dos criterios establecidos polo Instituto Nacional de

Cualificacións respecto á formación dun módulo profesional, e da estrutura operativa existente noutros concellos de semellantes características.

1.- Con frecuencia acódese a este último dato para xulgar as deficiencias existentes en medios persoais. A partir deste criterio comparativo, poderiamos establecer a seguinte correlación entre:

- Pontevedra, que, cunha poboación de máis de 80000 habitantes, conta cun cadro de persoal de 39 bombeiros, segundo a información da administración municipal, ou de 35 efectivos, segundo os datos subministrados polos reclamantes.

- Ferrol, que, con 77000 habitantes, dispón dun cadro de persoal de 45 postos de traballo.

- Lugo, que, con 94000 habitantes, conta con 50 postos de traballo.

A diferenza en medios persoais exposta incide na organización de roldas ou quendas, xa que de 4 posibles en Pontevedra se pasa a 5 nos outros dous concellos.

Estes datos primarios deben corrixirse coa aplicación dos outros factores sinalados anteriormente e coa estatísticas de intervencións que ofrece a memoria anual do servizo. O dato non é definitorio porén si ilustrativo. Logo da súa análise en profundidade, adquire valor a afirmación contida na páxina 2 do informe remitido polo Concello de Pontevedra:

Reiteramos entón a vontade do goberno municipal de incrementar nun futuro próximo o cadro de persoal do servizo de incendios deste concello.

Por ese vieiro semella camiñar a relación de postos de traballo do concello para o ano 2008, que enumera dentro deste servizo 43 postos de traballo -aos que hai que engadir un administrativo xefe de negociado- con situacións administrativas diferentes xa que 8 postos figuran vacantes e 6 están servidos por persoal interino, pendente de consolidación.

Un aspecto importante, dentro deste epígrafe, constitúeo o auxilio que se pode prestar aos concellos próximos carentes deste servizo de extinción de incendios. Compartimos a posición municipal de que hai que avanzar no proceso de comarcalización do servizo, e a isto están obrigados a Xunta de Galicia, a Deputación Provincial e os concellos afectados, deber que recolle a disposición adicional terceira, parágrafo segundo da Lei 5/2007, do 7 de maio, de emerxencias de Galicia, ao sinalar que a Xunta impulsará a creación de consorcios provinciais.

2.- Respecto aos medios materiais.

O concello debe avaliar o seu estado de mantemento, o custo de reposición e os criterios obxectivos determinantes da súa ampliación, aspectos que debe por en valor o xestor público do servizo tendo en conta as súas dispoñibilidades orzamentarias.

3.- Respecto ao conflito orixinado sobre a xestión do actual oficial xefe de Bombeiros.

Esta é unha cuestión que atinxe ao titular da potestade de autoorganización da administración municipal, sen que corresponda a esta institución intervir na súa avaliación e solución.

Como conclusión do exposto e pola aplicación do previstos no artigo 32.1 da Lei 6/1984, do 5 de xuño, do Valedor do Pobo, e respectando en todo caso a autonomía local e a potestade de autorganización das que goza, formulamos ao Concello de Pontevedra, as seguintes ***recomendacións***:

PRIMEIRA.- Que se faga efectiva a vontade do goberno municipal de incrementar nun futuro próximo o cadro de persoal do servizo de extinción de incendios, impulsando a relación de postos de traballo desta unidade administrativa, para o ano 2008, coa finalidade de consolidar, nos termos establecidos na disposición final cuarta do Estatuto básico do emprego público, Lei 7/2007, do 12 de abril, ao

persoal interino e de comezar os procedementos selectivos de provisión das vacantes existentes.

En canto aos medios materiais, que se sigan a executar as dotacións orzamentarias consignadas para este ano coa finalidade de manter, repoñer e ampliar o parque móbil de bombeiros.

SEGUNDA.- Que se promova o proceso de comarcalización do servizo de extinción de incendios de acordo coas previsións contidas na disposición adicional terceira da Lei 5/2007, do 7 de maio, de emerxencias de Galicia.

Resposta do Alcalde de Pontevedra: Aceptada.

8. Recordatorio de deberes legais e recomendación do 8 de outubro de 2008, dirixida ao Alcalde-Presidente do Concello de Boiro, para a asignación dun local ao Grupo Municipal solicitante no edificio da casa consistorial. (Q/371/08)

Ante esta institución, mediante escrito de queixa, compareceu D. M.V.V., solicitando a nosa intervención, en relación co dereito a utilizar o grupo municipal de Iniciativa Cidadán de Boiro un despacho ou local na sede do Concello de Boiro.

Logo do estudo do expediente tramitado, temos que lembrarlle os antecedentes da queixa e formularlle algunhas reflexións sobre o seu contido.

I

- Os días 18 e 22 de setembro de 2006 e 21 de agosto de 2007, o voceiro do grupo municipal ICBoiro solicitou a asignación dun local na sede do concello para reunirse e recibir a visita de cidadáns, sen obter resposta.

- O día 3 de outubro de 2006, previo requirimento notarial, comprobouse que na planta segunda do edificio destinado a casa consistorial, existen

2 despachos baleiros *y que según resulta del directorio instalado en la planta baja está destinado al uso de los grupos políticos*. A devandita acta notarial achégase o escrito de rexistro de entrada n.º 15015, do 26 de decembro de 2006, no que, entre outras peticións, solicita *se facilite un despacho y teléfono al grupo político que represento.*

- O día 20 de decembro de 2007, por escrito de entrada n.º 16420, presenta unha moción pola vía de urxencia para que se entregue aos grupos políticos os locais asignados cos medios que a lexislación establece. Foi incluída na sesión plenaria ordinaria do 10 de xaneiro de 2008 e non se entrou no seu debate porque non acadou acordo da maioría para declarar a súa tramitación pola canle de urxencia.

Solicitado o correspondente informe o 3 de marzo de 2008, o concello non remitiu unha resposta individualizada o que motivou terlle que reiterar a dita información o 5 de maio, o 12 de xuño e o 17 de xullo. Como consecuencia desta reiteración o 24 de xullo, por oficio de saída n.º 8889, o secretario xeral do Concello remitiu unha resposta na que se ratificaba no seu informe do 20 de abril de 2007 *"descoñecendo as razóns polas que o equipo de goberno desta corporación non adopta as medidas necesarias para facer efectivo o disposto no informe de referencia"*.

II

As consideracións xurídicas do referenciado informe da secretaría municipal, son sólidas e ben fundadas tanto no artigo 27 do Real decreto 2578/1986, do 28 de novembro, aprobatorio do Regulamento e funcionamento das corporacións locais, coma na sentenza do Tribunal Supremo do 6 de novembro de 2006. A maior abastanza, pola nosa banda, citamos a sentenza do Tribunal Supremo do 19 de decembro de 2001, fundamento xurídico 1 ... *parte la Sala de instancia del régimen jurídico del derecho al uso por los grupos políticos municipales de los locales de la corporación, regulado en el reglamento de Organización, Funcionamiento y Régimen Jurídicos de las Entidades Locales, en el que se establece una distinción, según dichos locales estén situados en la propia sede consistorial*

o en otros puntos, ya que mientras el artículo 27 utiliza el imperativo para establecer que los grupos políticos dispondrán en la sede consistorial de un despacho o local, en cambio el artículo 28 establece una mera posibilidad, al disponer que podrán hacer uso de los locales de la corporación, siendo distinto –entiende la Sala- el valor y autoridad de una y otro facultad.

Así mesmo no fundamento xurídico segundo reiterase a doutrina xurisprudencial ao salientar que:

"La lectura de ambos preceptos permite subrayar, como lo hace la sentencia impugnada, el distinto nivel de intensidad de uno y otro, pues mientras en el primero se establece una obligación imperativa de proporcionar locales a los concejales en la sede consistorial, solo subordinada a las posibilidades funcionales de la organización administrativa propia de la entidad local, en cambio en el segundo se regula una facultad de uso de los locales de la corporación en el marco de la normativa de régimen interior que regule el uso de esos locales y teniendo en cuenta la coordinación funcional y la representación propia de cada grupo."

Con fundamento na xurisprudencia exposta, a única razón aceptable, para denegar o uso de locais dos grupos municipais na sede da casa consistorial, sería que o impedise *"las posibilidades funcionales de la organización administrativa de la entidad local"* razón que resulta desvirtuada, neste caso, se tomamos como base os antecedentes achegados a este expediente de queixa. Neles ponse de manifesto:

- Que no proxecto básico e de execución para a remodelación da praza do concello e edificacións de uso público do seu contorno, no plano da planta segunda, existen locais reservados para os grupos políticos.

- Que no directorio do patio do concello se fai constar a localización, na planta segunda do edificio, dos locais asignados aos grupos políticos.

– Que na acta notarial de presenza levantada o 3 de outubro de 2006, o notario actuante comprobou *la existencia de tres despachos libres y que según resulta del directorio instalado en la planta baja está destinado al uso de los grupos políticos* (folio 4 da acta nº 231/06).

– Que o informe do secretario municipal resulta clarificador para adoptar unha resolución favorable á petición formulada

III

En definitiva, se existe na proxección arquitectónica unha reserva no edificio en construción, na súa planta segunda, dalgúns locais para os grupos políticos municipais, se a acta notarial verificou que estaban baleiros e que os grupos políticos teñen dereito, ao abeiro do artigo 27 do Regulamento de organización e funcionamento das corporacións locais, para outorgarlle un local ao grupo municipal solicitante e que o sr. alcalde ten unha obriga imperativa de proporcionar locais aos concelleiros na sede da casa consistorial, esta institución, consonte co establecido no artigo 32.1 da Lei 6/1984, do 5 de xuño, debe formularlle as seguintes resolucións:

> *RECORDATORIO DE DEBERES LEGAIS: Os grupos políticos municipais, representados nese Concello teñen o dereito de dispoñer, na sede da Casa Consistorial, dun despacho ou local para se reunir de xeito independente e recibir as visitas dos cidadáns, (art. 27 do ROF). Na medida en que se trata dun dereito instrumental ao servizo do dereito de participación nos asuntos públicos (art. 23.2 da Constitución) hai que garantilo, pero, á súa vez, tratando de conciliar o exercicio dese dereito co destino dos locais que teñen a condición de bens de servizo público, que non é outro que o de atender o cumprimento das finalidades públicas de competencia municipal. En todo caso, as resolucións dos órganos de goberno municipal sobre a utilización dos edificios locais deben estar presididas pola ausencia de discriminación e arbitrariedade e, cando*

non autoricen o uso das instalacións deben estar suficientemente motivadas.

RECOMENDACIÓN: En evitación dun conflito de intereses, sostense a conveniencia de que o réxime de utilización dos locais municipais en xeral, deberíase regular previo acordo dos grupos políticos municipais con representación nese concello e con ampla participación e intervención destes na súa adopción.

Débese tamén subliñar dun modo xenérico o mandato contido no artigo 103 da Constitución, no que se sinala que a administración pública servirá con obxectividade aos intereses xerais e actuará con sometemento pleno á lei e ao dereito.

Resposta do Alcalde de Boiro: Non aceptado

9. Recordatorio de deberes legais e recomendación do 8 de outubro de 2008, dirixida ao Alcalde-Presidente do Concello de Boiro, para a asignación dun local ao Grupo Municipal solicitante no edificio da casa consistorial. (Q/206/08)

Ante esta institución, mediante escrito de queixa, compareceu Dª H.T.B., solicitando a nosa intervención, en relación co dereito a utilizar o grupo municipal do PP un despacho ou local na sede do Concello de Boiro.

Logo do estudo do expediente tramitado, temos que lembrarlle os antecedentes da queixa e formular algunhas reflexións sobre o seu contido.

I

- En xullo de 2007 o grupo municipal popular solicitou ao sr. alcalde un local ou despacho no edificio do concello para se reunir e recibir a visita dos cidadáns. A petición reiterouse no pleno extraordinario, que tivo lugar o 4 de outubro de 2007, sen obter resposta.

- No mes de novembro de 2007, o grupo municipal popular solicitou ao secretario municipal un informe xurídico sobre o seu dereito a utilizar un local dentro da casa do concello. Emitido en sentido favorable ao recoñecemento deste dereito o día 20 de novembro, deuse traslado ao señor alcalde o 27 de novembro, sen acusar recibo nin formular resposta.

- Por último, o 10 de xaneiro de 2008 presentouse unha moción reclamando o dereito a utilizar un despacho ou local e salientando que dentro das dependencias do concello se dá cabida a outras asociacións baixo o libre albedrío do sr. alcalde.

En resposta da queixa formulada o sr. alcalde, por oficio n.º 2147, do 21 de febreiro, comunicou a esta institución as dúas razóns xustificativas para non atender a petición de asignación dun local na sede do Concello.

– Non contar cun local axeitado actualmente para destinalo a despacho do grupo municipal.

– Percibir unha subvención que, en parte, se xustifica polo arrendo do local que constitúe a sede social do seu partido na localidade.

Aberto un prazo de audiencia para o titular da queixa, esta formulou, con data 14 de marzo e rexistro de entrada n.º 1462, as súas alegacións, nas que, en síntese recoñecía que parte da subvención recibida, ao abeiro do artigo 73.3 da Lei 2/1985, do 7 de abril de bases reguladoras de réxime local, se xustificaba co *arriendo del local que constituye la sede del Partido Popular en Boiro.* Por outra banda, non renunciaba ao dereito de ter un local na casa consistorial, fundamentando a súa petición no feito de que, cando se construíu o edificio, se reservaron unhas salas para os grupos municipais, como pode comprobarse coas placas indicativas existentes na planta baixa da casa consistorial.

Ante a discrepancia manifestada, concedeuse ao sr. alcalde un prazo de 15 días para informar sobre o contido do escrito referenciado (rexistro de saída n.º 2719, do 27 de marzo), informe que se reiterou o 5 de maio, o 12 de xuño e o 17 de xullo.

O 24 de xullo, por oficio de saída n.º 8890 o secretario xeral do Concello de Boiro remitiu a correspondente resposta, ratificouse no seu informe de 20 de abril de 2007 "descoñecendo as razóns polas que o equipo de goberno desta corporación non adopta as medidas necesarias para facer efectivo o disposto no informe de referencia".

II

As consideracións xurídicas do referenciado informe da secretaría municipal son sólidas e ben fundadas tanto no artigo 27 do Real decreto 2578/1986, do 28 de novembro, aprobatorio do Regulamento e funcionamento das corporacións locais, coma na sentenza do Tribunal Supremo do 6 de novembro de 2006. A maior abastanza, pola nosa banda, citamos a sentenza do Tribunal Supremo do 19 de decembro de 2001, fundamento xurídico 1 *...parte la Sala de instancia del régimen jurídico del derecho al uso por los grupos políticos municipales de los locales de la corporación, regulado en el Reglamento de Organización, Funcionamiento y Régimen Jurídico de las Entidades Locales, en el que se establece una distinción, según dichos locales estén situados en la propia sede consistorial o en otros puntos, ya que mientras el artículo 27 utiliza el imperativo para establecer que los grupos políticos dispondrán en la sede consistorial de un despacho o local, en cambio el artículo 28 establece una mera posibilidad, al disponer que podrán hacer uso de los locales de la corporación, siendo distinto –entiende la Sala- el valor y autoridad de una y otro facultad.*

Así mesmo no fundamento xurídico segundo reiterase a doutrina xurisprudencial ao salientar que:

"*La lectura de ambos preceptos permite subrayar, como lo hace la sentencia impugnada, el distinto nivel de intensidad de uno y otro, pues mientras en el primero se establece una obligación imperativa de proporcionar locales a los concejales en la sede*

consistorial, solo subordinada a las posibilidades funcionales de la organización administrativa propia de la entidad local, en cambio en el segundo se regula una facultad de uso de los locales de la corporación en el marco de la normativa de régimen interior que regule el uso de esos locales y teniendo en cuenta la coordinación funcional y la representación propia de cada grupo."

Con fundamento na xurisprudencia exposta, a única razón aceptable, para denegar o uso de locais dos grupos municipais na sede da casa consistorial, sería que o impedise *"las posibilidades funcionales de la organización administrativa de la entidad local"* razón que resulta desvirtuada, neste caso, se tomamos como base os antecedentes achegados a este expediente de queixa e, de xeito primordial a documentación incorporada ao expediente n.º 371/08, -instado por D. M.V.V., con idéntica petición- e no que se pon de manifesto:

- Que no proxecto básico e de execución para a remodelación da praza do concello e edificacións de uso público do seu contorno, no plano da planta segunda, existen locais reservados para os grupos políticos.

- Que no directorio do patio do concello se fai constar a localización, na planta segunda do edificio, dos locais asignados aos grupos políticos.

- Que na acta notarial de presenza levantada o 3 de outubro de 2006, o notario actuante comprobou *la existencia de tres despachos libres y que según resulta del directorio instalado en la planta baja está destinado al uso de los grupos políticos* (folio 4 da acta n.º 231/06).

- Que o informe do secretario municipal resulta clarificador para adoptar unha resolución favorable á petición formulada.

III

En definitiva, se existe na proxección arquitectónica unha reserva no edificio en construción, na súa planta segunda, dalgúns locais para os grupos políticos municipais, se a

acta notarial verificou que estaban baleiros e que os grupos políticos teñen dereito, ao abeiro do artigo 27 do Regulamento de organización e funcionamento das corporacións locais, para dispoñer dun local e que o sr. alcalde ten unha obriga imperativa de proporcionar locais aos concelleiros na sede da casa consistorial, esta institución, consonte co establecido no artigo 32.1 da Lei 6/1984, do 5 de xuño, debe formularlle as seguintes resolucións:

> *RECORDATORIO DE DEBERES LEGAIS: Os grupos políticos municipais, representados nese Concello teñen o dereito de dispoñer, na sede da Casa Consistorial, dun despacho ou local para se reunir de xeito independente e recibir as visitas dos cidadáns, (art. 27 do ROF). Na medida en que se trata dun dereito instrumental ao servizo do dereito de participación nos asuntos públicos (art. 23.2 da Constitución) hai que garantilo, pero, á súa vez, tratando de conciliar o exercicio dese dereito co destino dos locais que teñen a condición de bens de servizo público, que non é outro que o de atender o cumprimento das finalidades públicas de competencia municipal. En todo caso, as resolucións dos órganos de goberno municipal sobre a utilización dos edificios locais deben estar presididas pola ausencia de discriminación e arbitrariedade e, cando non autoricen o uso das instalacións deben estar suficientemente motivadas.*
>
> *RECOMENDACIÓN: En evitación dun conflito de intereses, sostense a conveniencia de que o réxime de utilización dos locais municipais en xeral, deberíase regular previo acordo dos grupos políticos municipais con representación nese concello e con ampla participación e intervención destes na súa adopción.*

Débese tamén subliñar dun modo xenérico o mandato contido no artigo 103 da Constitución, no que se sinala que a administración pública servirá con obxectividade aos intereses xerais e actuará con sometemento pleno á lei e ao dereito.

Resposta do Alcalde de Boiro: Non aceptado.

10. Recordatorio de deberes legais do 22 de decembro de 2008, dirixida ao Alcalde-Presidente do Concello de Marín, para que se investigue a titularidade pública dun tramo do calexón de Mallo e o cerramento. (Q/2143/08)

Acusámoslle a recepción do escrito de saída nº 7628, de 2 de decembro e a súa documentación complementaria en relación co expediente de queixa referenciado.

A lectura do informe e da citada documentación complementaria permítenos poñer de manifesto uns feitos de especial significación respecto ao expediente municipal 116/07 D.P. en trámite.

1.- A técnica municipal, no seu informe do 7 de abril de 2008, advirte que unha porción de terreo destinada a camiño público, no denominado "Calexón de Mallo", foi obxecto de ocupación: *"da comparación do catastro de implantación coa cartografía actual resulta que o camiño si tiña un ancho maior, polo que se desprende que houbo unha apropiación"*.

O feito denunciado obriga ao concello a exercer a potestade de investigación prevista nos artigos 45 a 55 do Regulamento de bens das entidades locais, do 13 de xuño de 1986.

2.- A resolución da Alcaldía do 30 de abril de 2008 debe executarse nos seus propios termos adoptándose as medidas necesarias para o seu cumprimento.

Neste senso, tanto o informe técnico, do 28 de outubro como o xurídico do 29 de outubro, serven de fundamento para verificar que as obras realizadas ou en execución, polos propietarios dos inmobles números 18-20 do "Calexón Mallo", carecen de licenza urbanística, non reúnen a condición de obras menores e non resultan legalizables.

3.- O recurso de reposición, interposto en vía administrativa o día 7 de novembro, por D.ª J.C.F. e D. S.T.C., debe ser resolto de xeito expreso por ter transcorrido o prazo

establecido no artigo 117 da Lei 30/1992, do 26 de novembro, de réxime xurídico das administracións públicas e do procedemento administrativo común. De resultar desestimado deberá incoarse o expediente de reposición da legalidade urbanística, segundo o disposto no artigo 209.1 da Lei 9/2002, do 30 de decembro, de ordenación urbanística e de protección do medio rural.

Como as funcións desta institución concrétanse na supervisión da actividade, neste caso dunha administración local, debemos gardar respecto as súa autonomía garantida institucionalmente. Por outra banda o artigo 32.1 da Lei 6/1984, do 5 de xuño, reguladora do Valedor do Pobo facúltanos a recordarlle os seguintes **DEBERES LEGAIS** e dar cumprimento:

- Aos artigos 45 a 55 do regulamento de bens das entidades locais, do 13 de xuño de 1986, tramitando o correspondente expediente de investigación da natureza pública dun tramo do "Calexón Mallo", ao parecer invadido, e proceder á súa recuperación porque, de se probar a súa titularidade de dominio público, de acordo coa lexislación vixente é inalienable, inembargable e imprescritible.

- E aos artigos 209 e 219 da Lei autonómica 9/2002, do 30 de decembro, de ordenación urbanística e de protección do medio rural, incoando o correspondente expediente de reposición da legalidade urbanística.

Resposta do Alcalde de Marín: Aceptado.

1.14 ÁREA DE MENORES

1.14.1 INTRODUCIÓN

O compromiso do Valedor do Pobo cos menores é total. Trátase dun colectivo de necesitado de especial atención, ao que a institución lle dedica gran parte dos seus esforzos, a pesar das limitacións materiais e persoais coas que contamos. Nesta orde de cousas, e en cumprimento do art. 9 da Lei da familia, infancia e adolescencia, un dos vicevaledores está adscrito de forma permanente aos asuntos relacionados con eles: así, debe defender de maneira específica os dereitos da infancia e adolescencia, e propoñer as medidas susceptibles de mellorar a súa protección, atención e coidado. No 2008 realizaron este labor a vicevaledora Dolores Galovart Carrera e, desde o 23 de setembro do 2008, o vicevaledor José Julio Fernández Rodríguez.

Os problemas xurídicos dos menores son certamente complexos, polo menos por dúas razóns básicas: unha, polas propias características dos menores, que aínda non teñen desenvolvidas todas as súas capacidades; e dúas, porque os problemas dos menores requiren resolver eficazmente o contexto no que se producen e non só o concreto dereito específico dun determinado menor. Isto exixe que o enfoque das queixas recibidas deba facerse con especial coidado e que as resolucións emitidas teñan en conta este especial eido xurídico no que se move o dereito dos menores.

A actividade da institución nesta área pode considerarse de intensa durante o 2008. Para unha maior claridade expositiva abrimos a continuación tres subepígrafes, relativas ás queixas, ao informe extraordinario e a outras actuacións da institución durante o 2008.

1.14.2 QUEIXAS

Durante o 2008 produciuse un incremento de queixas con respecto ao ano anterior. Deste modo alcanzáronse 39 queixas, das que 3 se reenviaron ao Defensor del Pueblo, 1 rexeitouse e 35 admitíronse. Así mesmo, hai que ter en conta que no 2008 tamén se continuaron 18 queixas iniciadas no 2007 e 2006.

Algunhas das queixas recibidas serven para reflectir que o sistema de protección do menor en Galicia resulta insatisfactorio. A partir das queixas presentadas e das conclusións do *Informe extraordinario sobre menores vulnerables*, ao que nos referimos na seguinte epígrafe, poden detectarse unha serie de problemas que afectan ao sistema: excesivas demoras e atrasos á hora de resolver certos problemas; falta de coordinación administrativa e de comunicación (interdepartamental e intradepartamental); dificultades de acceso á información; insuficientes prazas nos centros de acollida; asignacións orzamentarias non responden á realidade dos custos asistenciais; falta de persoal cualificado; ausencia de cursos de especialización e reciclaxe; absentismo laboral; mobilidade excesiva do persoal; diversidade de criterios nos equipos e falta de protocolos unificados; falta de centros de menores con problemas especialmente graves; deberían crearse centros específicos para nais menores; aplicación de principios hermenéuticos tal vez erróneos (o criterio hermenéutico básico é a defensa do interese do menor, nalgunhas actuacións da administración autonómica o criterio prevalente é manter o menor cos seus pais, que é un criterio, sen dúbida, a ter en conta pero secundario respecto do anterior); a situación dos menores de etnia xitana; os servizos sociais de base nalgúns concellos son bastante precarios.

Á marxe diso, e como reflexión máis xenérica de tipo estrutural, desde a institución enténdese que pode ser conveniente avanzar na reforma do sistema de protección. Dá a impresión que o sistema de protección se crea á marxe dos menores e que despois se adscribe a estes menores ao sistema previamente existente. O *modus operandi* tería que ser o contrario: primeiro detectar que problemas teñen os menores en Galicia e despois construír o sistema de protección.

Os temas máis habituais e/ou destacados nas queixas foron: puntos de encontro familiar, réxime de visitas dos fillos, solicitude ou problemas de acollemento familiar, traslado de menores inmigrantes, situación dos nenos de etnia xitana, publicidade en Internet dos datos dun menor, expedientes de adopcións internacionais, certos contidos televisivos, problemas nalgún servizo de menores. Facemos a continuación referencia a dúas queixas destacadas.

Internet require que as institucións protectoras de dereitos se adapten rapidamente á nova realidade tecnolóxica, e que sexan eficaces nas respostas aos novos desafíos. A queixa 2364/08 aludía á publicidade na Rede dos datos dun menor, en concreto no *Boletín Oficial da Provincia da Coruña*. A información publicada aludía a unha sanción imposta a un menor. O Valedor considerou que a información relativa á causa da sanción era excesiva e, polo tanto, contraria ao principio de calidade dos datos no seu tratamento (previsto no art. 4 da Lei 15/1999, de protección de datos de carácter persoal, e no art. 8 do seu regulamento). Na páxina web da Deputación xa se retiraran os datos problemáticos, pero aínda se podían localizar noutros puntos de Internet, que recollían o número correspondente do boletín provincial. Por iso recomendouse á Deputación da Coruña que se dirixira urxentemente ás empresas Google e Yahoo para que procedesen a retirar dos seus ficheiros a páxina web problemática. A xestión deu resultado.

Á marxe do indicado, o suposto quizá máis importante é a queixa iniciada de oficio polo traslado desde o País Vasco a Galicia de menores estranxeiros non acompañados (queixa 2139/08). Trátase dun caso delicado, con destacadas implicacións en diversas ordes, incluídos os problemas de cooperación interterritorial e a situación de vulnerabilidade á que se someteu aos devanditos menores. Como consecuencia de noticias de prensa dos días 8 e seguintes de novembro do 2008 abriuse a dita queixa. A información falaba de que "o País Vasco monta en autobuses e trens menores inmigrantes e envíaos a pedir acollida en Galicia". Co obxecto de conseguir maior eficacia, o Valedor entrou en contacto co Valedor do Pobo Vasco (*Ararteko*), co fin de que iniciase outra queixa de oficio polos mesmos feitos, o que así efectivamente fixo. A Fiscalía de Menores abriu unha investigación para aclarar esta chegada de mozos inmigrantes. Pola súa parte, a policía autonómica, que detectou un importante incremento de adolescentes marroquís na Coruña, indicou que un educador do departamento de asuntos sociais vasco lles compraba os billetes de autobús e tren con destino a Galicia. Así mesmo, aconselláballes que ao chegar acudisen a unha comisaría para pedir o seu ingreso nun centro de menores, o que non facían todos. A administración galega repartiu os adolescentes que pasaron por comisaría en centros de menores de Ferrol e A Coruña.

Por todo iso, o Valedor requiriu información á Vicepresidencia de Igualdade e Benestar e á Consellería de Presidencia, Administracións Públicas e Xustiza.

A Vicepresidencia sinala que "a mobilidade residencial por todo o Estado español é unha constante nos procesos migratorios en Mena's", que "se constata a chegada de 9 menores que refiren proceder do País Vasco desde o verán do 2008", e que despois de contactar cos responsables "non puidemos comprobar a veracidade das declaracións de menores", polo que "non se entende que exista unha situación distinta da habitual en relación á mobilidade xeográfica dos Mena's".

Pola súa parte, a consellería indicada sinala, basicamente, que se observou un incremento importante de menores de orixe marroquí, que manifestaban proceder do País Vasco, que se lles ingresou nun centro de menores da Xunta e que se comunicou tal circunstancia á fiscalía. Así mesmo, afírmase que tales menores declararon á policía autonómica que procedían de centros de menores do País Vasco, onde o persoal deste lles pagara o billete para que fosen á cidade da Coruña, coa indicación de que á súa chegada debían dirixirse á policía para que os ingresasen nun centro. Dos 24 cidadáns estranxeiros detectados, descubriuse que 16 procedían de centros do País Vasco e que ningún deles figuraba como fuxido dos centros no Servizo de Informática da Dirección Xeral da Policía e da Garda Civil, o que, en opinión da consellería, acredita que as saídas foron consentidas.

Ante estas informacións, o Valedor concluíu que non existe coincidencia na valoración dos feitos que fan os dous departamentos da administración autonómica: un parece concluír que se produciu un traslado *aformal* dos menores (o que suporía que se produciu á marxe das vías institucionais que garanten tanto o interese do menor coma a repartición a través de criterios acordados de acollemento solidario); o outro sinala que non se entende que exista unha situación distinta da habitual con relación á mobilidade xeográfica destes menores.

Como o asunto o está a coñecer a fiscalía, o Valedor do Pobo procedeu ao arquivo da correspondente queixa, sen prexuízo de trasladar as actuacións realizadas ao Ararteko.

1.14.3 INFORME EXTRAORDINARIO

O 9 de xuño do 2008 presentouse ao Parlamento de Galicia o informe extraordinario titulado *Menores vulnerables: desprotección e responsabilidade penal*, un informe que tivo un excelente acollida desde diversos ámbitos.

Na primeira parte este analiza o sistema de intervención cos menores que por diversas circunstancias se encontran en situación de risco e desamparo. Así mesmo, describe unha parte significativa dos centros existentes, poñendo de manifesto aquelas anomalías que na nosa opinión existen e que cremos deben ser corrixidas. Esta primeira parte conclúe cun cadro de recomendacións entre as que destacan as seguintes: a necesidade de intensificar os esforzos de detección precoz de situacións de risco para evitar que estas se institucionalicen, creza e desemboquen en situacións de desamparo; a prevención coas familias debe constituír un paso obrigado para as administracións, previo a calquera outro tipo de intervención coa infancia e adolescencia; as administracións teñen que traballar co obxectivo de manter os menores no seu propio medio familiar, salvo que non sexa conveniente para os eu interese; debe evitarse que os menores sexan separados do seu contexto familiar; é necesario intensificar o apoio ao acollemento familiar e a axilización da adopción.

A segunda parte deste informe especial corresponde ao estudo no seu conxunto do sistema de intervención cos menores infractores. Ademais, estúdase de forma descritiva a situación actual dos centros de internamento existentes con propostas de modificación naqueles casos nos que a situación non é a que corresponde a un sistema que debe primar ou amparar os dereitos dos menores. Tamén esta segunda parte do informe finaliza cunha ampla enumeración de recomendacións, entre as que podemos destacar: a conveniencia de que as administracións leven a cabo unha política destinada a activar estratexias de prevención co obxectivo de adiantarse aos novos delincuentes xuvenís; a necesidade de novos recursos para potenciar a mediación e outras medidas alternativas á xudicialización, para o cumprimento e seguimento das medidas de medio aberto (liberdade vixiada, asistencia a centro de día, prestación en beneficio da comunidade ou de convivencia con outra persoa, familia ou grupo educativo), para adecuar as dependencias policiais, e para

que os equipos técnicos poidan levar a cabo o cometido que lles asigna a Lei penal do menor e o regulamento que a desenvolve.

1.14.4 OUTRAS ACTUACIÓNS

Á marxe do dito, a actividade do Valedor do Pobo na área de menores no 2008 abrangue outro elevado número de actuacións, algunhas das cales xa se recollen na epígrafe de temas institucionais deste informe, polo que agora as abordamos desde outra perspectiva.

Nesta orde de cousas, o Valedor do Pobo e UNICEF asinaron o 12 de febreiro un convenio marco para traballar a favor dos dereitos da infancia na comunidade galega. No documento fíxanse os obxectivos comúns das dúas institucións para desenvolver un traballo conxunto de promoción e salvagarda dos dereitos dos nenos e nenas, que se poderá articular en actuacións máis concretas como a posta en marcha de investigacións ou estudos para radiografar a situación da infancia na comunidade e a organización de xornadas e seminarios que permitan afondar en asuntos relacionados cos dereitos da infancia. Así mesmo, pretenden realizarse campañas de sensibilización e difusión sobre cuestións que afecten a este colectivo.

Ao abeiro do convenio con UNICEF editouse un folleto titulado *O meu libro dos dereitos*. O devandito folleto enviouse aos rexistros civís e xulgados de paz para que se distribuíse entre as familias que alí acudían a rexistrar aos seus fillos. Trátase dunha guía que resume os dereitos recollidos na Convención de Nacións Unidas de Dereitos do Neno: dereito de desenvolvemento persoal e respecto á propia identidade; dereito a unha familia; dereito á saúde; dereito a unha educación para aprender a convivir e ser mellor; dereito a dispoñer de tempo, lugares e compañeiros para xogar; dereito á igualdade e a non ser discriminado; dereito a non recibir malos tratos nin humillacións; dereito de participación; dereito a que os pais dispoñan de recursos necesarios para que a familia viva cun adecuado benestar; dereito a vivir nunha sociedade en paz e sen violencia; dereito a que as decisións se tomen desde as necesidades da infancia; e dereito a que os países colaboren no desenvolvemento de todos os menores do mundo. A guía permite interactuar aos nenos e

aos seus pais, reservando espazos para incluír fotografías da familia, datos sobre o seu nacemento, o colexio, os amigos ou para pintar debuxos. A familia debe axudar os nenos a comprender cales son os seus dereitos e responsabilidades, para establecer, así, as bases dunha vida adulta responsable. A colaboración da Consellería de Presidencia e do Tribunal Superior de Xustiza de Galicia permitiu o éxito desta iniciativa.

O Valedor promoveu a emisión dun spot televisivo contra o castigo corporal aos nenos. O anuncio, realizado polo Consello de Europa, emitiuse desde o 20 de novembro na televisión autonómica. Nel trátase de concienciar o espectador para que se opoña ao castigo corporal contra os menores, seguindo o lema de que as mans deben coidar, non pegar. Sen dúbida, o castigo físico hai que excluílo en todo caso dado os negativos efectos que ten para a correcta socialización e aprendizaxe.

A incorporación do Valedor do Pobo en setembro do 2008 como membro de pleno dereito da ENOC (European Network of Ombudsmen for Children) sitúa a Institución en primeira liña no campo da preocupación e a dedicación aos menores. Desta forma, poderanse coñecer de maneira inmediata experiencias e prácticas nesta materia que realizan outras entidades europeas e, ao mesmo tempo, conectamos con Nacións Unidas, a Unión Europea e UNICEF. Este intercambio xa se puido efectuar na Conferencia Anual da ENOC, celebrada en Dublín do 3 ao 5 de setembro.

1.14.5 RESOLUCIÓN DO VALEDOR DO POBO EN MATERIA DE MENORES

1. Recomendación do 30 de xaneiro do 2008, dirixida ao director xeral de Acción Social, en materia de procedementos administrativos de adopción internacional, (Q/1734/07)

D.ª R.P.R. e D. C.B.P. dirixíronse a esta institución denunciando o atraso na emisión do certificado de idoneidade para adopcións internacionais por parte da Delegación Provincial en Vigo da Vicepresidencia de Igualdade e do Benestar, así como a falta de información ao respecto.

Da investigación que levamos a cabo constatamos o seguinte:

a) Que transcorreu un ano desde a solicitude da adopción internacional -24 de novembro do 2006- ata a celebración -17 de novembro do 2007- da charla informativa.

b) Que a entrevista para a valoración da idoneidade tivo lugar seis meses despois -29 de xuño do 2007-; pero non se viu completada por ningunha visita domiciliaria por causa de que os membros do equipo de adopción temporal contratado por acumulación de tarefas, causaron baixa por enfermidade e por maternidade ata a finalización dos seus contratos.

c) Que aos solicitantes da adopción non se lles facilitou suficiente información sobre as mencionadas incidencias nin sobre o tempo que tardaría o seu expediente en resolverse.

d) Que os técnicos que asumiron o expediente comprobaron que no seu momento non se informara aos solicitantes da necesidade de acreditar un período de convivencia mínimo de 2 anos, de acordo coa circular da Secretaría Xeral do Benestar do 2 de abril do 2007 e que por este motivo, a tramitación do seu expediente se volveu demorar pois se tivo que requirir aos solicitantes de adopción que achegaran o dito certificado para poder continuar co procedemento de adopción; certificado que se presentou o pasado 11 de decembro.

e) Que a día de hoxe, co pertinente informe de idoneidade, o expediente dos queixosos se encontra en Santiago de Compostela, no Servizo de Menores da Vicepresidencia da Igualdade e do Benestar.

Sen prexuízo de constatarse que por parte da Dirección Xeral de Acción Social da Vicepresidencia da Igualdade e do Benestar se conseguiu en xeral unha innegable melloría para dar cumprimento á normativa vixente que establece o prazo máximo de seis meses para resolver sobre a idoneidade dos solicitantes de adopción, mediante o reforzamento dos equipos técnicos de adopción de carácter temporal nas provincias da Coruña e Pontevedra; a creación dun equipo de adopción en Santiago de Compostela e a sinatura dun convenio de colaboración cos colexios profesionais de psicólogos e diplomados en traballo social de Galicia para a emisión destes certificados, constátase no caso de P.R. e B.P. un atraso xeneralizado na tramitación do seu expediente que non pode ser xustificado pola administración con cuestións organizativas en materia de persoal dos equipos de adopción, pois as devanditas cuestións deben de ser previstas e integradas na organización funcional do servizo administrativo que se presta e que, en ningún momento poidan amparar o incumprimento dos prazos previstos na lei.

Por todo isto e ao amparo do artigo 32.1 da Lei 6/1984, do 5 de xuño, do *Valedor do Pobo*, formúlanse as seguintes ***RECOMENDACIÓNS***:

1º Que se extremen e modulen os mecanismos de control e supervisión das xestións administrativas que en materia de adopcións se levan a cabo no Servizo de Menores das Delegacións Provinciais da Vicepresidencia da Igualdade e do Benestar, evitando con iso a mera constatación dunha deficiente prestación do servizo público e que se adopten as medidas organizativas e funcionais necesarias para o cumprimento legal dos prazos de resolución, evitando con iso que as incidencias propias da mobilidade do persoal dos equipos de adopción, existentes tamén noutros ámbitos de xestión, determinen ou amparen un atraso na tramitación dos expedientes de adopción internacional e en definitiva un incumprimento legal.

2º Así mesmo e toda vez que das actuacións practicadas non resulta acreditada a suficiencia de información sobre as incidencias na tramitación do expediente e si a deficiente información dada sobre os documentos precisos a presentar para a mencionada tramitación, recoméndase que se proporcione aos solicitantes de adopción unha adecuada e completa información en materia de adopción internacional así como sobre os trámites prazos e incidencias dos seus respectivos expedientes.

Resposta do director xeral de Acción Social: Aceptadas

1.15 ÁREA DE CULTURA E POLÍTICA LINGÜÍSTICA

1.15.1 INTRODUCIÓN

Podemos iniciar o repaso a esta área facendo noso o prescrito no articulo 26. 3 da Declaración Universal dos Dereitos Humanos a cuxo teor: "a lingua é vehículo da personalidade e constitúe o medio para o exercicio da facultade máis propia do ser humano, sendo instrumento para a actuación dunha boa parte dos dereitos humanos e das liberdades públicas".

Tamén a nosa Constitución de 1978 proclama que a realidade plurilingüe do Estado español é unha riqueza que constitúe un patrimonio cultural digno de especial respecto e protección, establecendo un réxime de cooficialidade lingüística do castelán, e das demais linguas españolas. A exhaustiva xurisprudencia do Tribunal Constitucional lévanos a resaltar que a cooficialidade lingüística presupón non só a coexistencia, senón tamén a convivencia das linguas oficiais para preservar o bilingüismo existente naquelas comunidades autónomas que contan cunha lingua propia e que constitúe por si mesma unha parte do patrimonio cultural; situación que comporta, por un lado, o mandato para todos os poderes públicos (estatal e autonómico) de fomentar o coñecemento e asegurar a protección de ambas as linguas oficiais no territorio da comunidade correspondente, e por outro garantir o dereito dos particulares a empregar calquera das linguas oficiais na súa relación cos poderes públicos. E con respecto ás leis autonómicas estas recoñecen a cooficialidade lingüística e instan os poderes públicos a promover accións encamiñadas a iniciar a normalización lingüística no seu territorio con obxecto de asegurar o respecto e fomentar o uso da lingua propia da comunidade e que sexa oficial nesta. De xeito que na organización territorial do Estado que configuraron a Constitución e os estatutos de autonomía existen uns territorios dotados dun estatuto de cooficialidade lingüística nos que o uso polos particulares, á súa elección, dunha das dúas linguas oficiais ten efectivamente plena validez xurídica nas relacións que manteñan con calquera poder público radicado no dito territorio. O dito anteriormente podémolo confirmar, en primeiro lugar, coa lectura do artigo 3 da nosa carta magna que preceptúa na súa aliña 1 *"o castelán é a lingua oficial do Estado. Todos os españois teñen o deber de*

coñecela e o dereito a usala" continuando na súa aliña 2 *"que as demais linguas españolas serán tamén oficiais nas respectivas comunidades autónomas de acordo cos seus estatutos."* Outros artigos da nosa Constitución nos que se fai referencia ás linguas son o 20, aliña 2 e 148.1, aliña 17. Tamén do Tribunal Constitucional podemos citar as sentenzas 82/1986, 84/1986 e 46/1991. E por suposto as disposicións das comunidades autónomas encamiñadas a promover a normalización lingüística en cada territorio encontrámola na nosa comunidade na Lei 1/1981, do 5 de abril, o **Estatuto de autonomía para Galicia** que no seu artigo 5 define o galego *como lingua propia de Galicia, continuando na súa aliña 2 que os idiomas galego e castelán son oficiais en Galicia e todos teñen o dereito de coñecer e usar. Que os poderes públicos de Galicia garantirán o uso normal e oficial dos dous idiomas, e que ninguén poderá ser discriminado por razón da lingua.*

Temos que salientar que tamén fóra das nosas fronteiras a cooficialidade das linguas foi tratada con preferencia e respecto e así o Parlamento Europeo recoñece no mes de xullo do ano 2006, o uso de todas as linguas cooficiais de España, e que os cidadáns de Galicia, País Vasco, Cataluña, Valencia e Illas Baleares, puidesen dirixirse ás institucións da Eurocámara na lingua propia ademais do castelán incluíndo así mesmo que eses cidadáns puidesen recibir a resposta na lingua empregada.

Tampouco podemos esquecer que España no ano 1999 asinou en Estrasburgo a Carta Europea das Linguas Rexionais ou Minoritarias, pola que se compromete a aplicar as disposicións da parte II do citado instrumento, ao conxunto das linguas rexionais ou minoritarias faladas no seu territorio, e que respondan ás definicións que se regulan no artigo 1 da presente carta.

E por último cómpre recordar a sentenza 337/1994 do Tribunal Constitucional na que se pon de manifesto que *"é oficial unha lingua, independentemente da súa realidade e peso como fenómeno social, cando é recoñecida polos poderes públicos como medio normal de comunicación en e entre eles e na súa relación cos suxeitos privados e que o réxime de cooficialidade lingüística establecido pola Constitución e os estatutos de autonomía presupón*

non só a coexistencia senón a convivencia de ambas as linguas cooficiais", de tal modo que os poderes públicos deben garantir, nos seus respectivos ámbitos de competencia, o dereito de todos a non ser discriminados polo uso dunha das linguas cooficiais na Comunidade Autónoma.

Como anos anteriores podemos manifestar que foi o eido de política lingüística, o que engrosou o maior número de queixas dentro desta área; maiormente presentadas en serie, por unha asociación que denunciaba non só as administracións estatal, autonómica e local, senón tamén a empresas privadas; as ditas acusacións estaban baseadas na presunta vulneración da aplicación da Lei 3/1983, do 15 de xuño, de normalización lingüística, *que no seu artigo 1 preceptúa que o galego é a lingua propia de Galicia e que todos os galegos teñen o dereito de usalo; garantindo no artigo 2 o uso normal do galego e do castelán como linguas oficiais da Comunidade Autónoma, continuando no seu artigo 3 que os poderes públicos de Galicia adoptarán as medidas oportunas para que ninguén sexa discriminado por razón da lingua*. Os cidadáns galegos e doutras Comunidades tamén, pero en menor porcentaxe, presentaron as súas queixas referidas á administración autonómica, en especial á educativa, e á administración local.

Dentro da **sección de cultura** temos que ter en conta que a maior parte das queixas se refiren á falta de protección por parte das administracións correspondentes do patrimonio histórico de Galicia. Realmente son significativas e normalmente son presentadas por distintas plataformas e agrupacións, aínda que tamén nos encontramos coas presentadas polos particulares.

A lexislación que regula esta sección encontrámola en primeiro lugar no artigo 44 da Constitución española, ao preceptuar que os poderes públicos promoverán e tutelarán o acceso á cultura, á que todos teñen dereito. E que así mesmo os poderes públicos promoverán a ciencia e a investigación científica e técnica en beneficio do interese xeral. Tamén na Lei 16/1985, do 29 de xuño, do patrimonio histórico español. Como lexislación autonómica encontramos a Lei 14/1989, do 11 de outubro, de bibliotecas de Galicia, a Lei 8/1985, do 30

de outubro, de patrimonio cultural de Galicia e a Lei 3/1996, do 10 de maio, de protección dos camiños de Santiago.

Dentro da sección de deportes podemos resaltar que a importancia do deporte foi recollida no artigo 43, aliña 3, da Constitución española ao sinalar: os poderes públicos fomentarán a educación sanitaria, a educación física e o deporte e facilitarán a adecuada utilización do ocio.

O deporte nas súas múltiples e variadas manifestacións converteuse no noso tempo nunha das actividades sociais con maior arraigamento e capacidade de convocatoria. Constitúese como un elemento fundamental do sistema educativo e a súa práctica é importante, para o mantemento da saúde, sendo polo tanto un factor corrector dos desequilibrios sociais que contribúe ao desenvolvemento da igualdade entre a cidadanía, crea hábitos que favorecen a inserción social e a súa práctica en equipo fomenta a solidariedade.

O principio prescrito na Constitución española foi posteriormente desenvolvido na Lei 10/1990, do 15 de outubro, modificada pola Lei 50/1998. Desenvolveuse a citada lei na nosa comunidade coa promulgación da Lei 11/1997, do 22 de agosto, xeral do deporte en Galicia; por iso son varias as actuacións coordinadas e de cooperación entre a administración estatal e as administracións autónomas para aquelas competencias concorrentes que sen dúbida propician unha política deportiva máis dinámica e con efectos multiplicadores.

A actividade deportiva constitúe unha evidente manifestación cultural. Por ese motivo a importancia do deporte desenvolveuse nos campos da ensino e no fomento e actividade deportiva. Aténdese con especial transcendencia á promoción da práctica do deporte pola xuventude con obxecto de facilitar as condicións para a súa plena integración no desenvolvemento cultural e social.

1.15.2 QUEIXAS RECIBIDAS E ESTADO DE TRAMITACIÓN

O número de queixas correspondentes á área de cultura e política lingüística no ano 2008 foi de 160, ás que se deu o curso que se describe a continuación:

Iniciadas	160	
Admitidas	133	83 %
Non Admitidas	20	13 %
Remitidas ao *Defensor del Pueblo*	7	4 %

A situación das queixas admitidas a trámite é a seguinte:

Concluídas	110	83 %
En trámite	23	17 %

Ao longo deste ano tamén foron obxecto de trámite diversas queixas presentadas en anos anteriores:

Ano de presentación	En trámite ao 31-12-2007	Reabertas	Total	Resoltas	En trámite ao 31-12-2007
2006	1	1	2	2	0
2007	13	2	15	14	1

1.15.3 POLÍTICA LINGÜÍSTICA

Dentro deste eido específico de política lingüística temos que significar que as queixas recibidas foron 140, se concluiron 95, non se admitiron a trámite 18, en trámite encóntranse 20 e remitidas ao Defensor del Pueblo 7. Non hai pendentes de anos anteriores.

1.15.3.1 Lingua vehicular

Partindo da premisa de que a lingua é vehículo da personalidade, que se considera un elemento básico de identidade cultural e que constitúe o medio para o exercicio da facultade máis propia do ser humano, que ten que ser obxecto de especial respecto e protección, cremos necesario indicar que as linguas teñen como fin principal o ser un medio de unión e de comunicación. Cada lingua, por minoritaria que sexa, é patrimonio da humanidade e polo tanto esixe unha obrigación por parte de toda a comunidade de coidala con esmero; non se pode caer na tentación de considerar que unha lingua ten que substituír outra, porque nos estariamos afastando da finalidade dos idiomas, "o ser instrumento de comunicación".

Do ordenado no artigo 27 "todos teñen dereito á educación" e do indicado na súas aliñas 2, 5 e 7, podemos dicir que o dereito de todos á educación se exerce no marco dun sistema educativo no que os poderes públicos, determinan os currículos dos distintos niveis, etapas, ciclos e graos de ensino, as ensinanzas mínimas e as concretas áreas ou materias obxecto de aprendizaxe, organizando así mesmo o seu desenvolvemento nos distintos centros docentes; polo que a educación constitúe, en termos xerais, unha actividade regrada.

Á vista da recensión feita anteriormente podemos entrar xa na desagregación das queixas na sección de lingua vehicular na educación; e aínda que o número destas pode parecer elevado, o certo é que do seu individualizado exame se constata que foron presentadas, a maior parte delas, por unha única plataforma, e que tiñan como fin denunciar o incumprimento do Decreto 124/2007 en numerosos centros escolares tanto públicos como

privados concertados da nosa comunidade. As queixas presentadas estaban redactadas en termos inconcretos polo que foron arquivadas por inactividade do interesado ante o requirimento de que indicase que preceptos do citado decreto incumpría o centro denunciado; e transcorrido o tempo prudencial para a súa recepción non se recibiu ningún escrito complementario. (Entre o amplo número presentado, podemos citar as queixas 584/08, 599/08, 610/08, 624/08).

Seguindo dentro da sección da lingua vehicular e o Decreto 124/2007 tamén se presentaron queixas por particulares; os pais solicitaban o seu dereito a elección da lingua que desexan para os seus fillos no ensino; estas contestáronse indicando os preceptos constitucionais e autonómicos vixentes, e tamén que o citado decreto está en vigor desde o 18 de xullo do 2007, a súa publicación realizouse no *DOG* do 28 de xuño do 2007; que nel se regula o uso e promoción do galego no sistema educativo, establecendo como un dos seus obxectivos conseguir para a lingua galega máis funcións sociais e máis espazos de uso, e darlle prioridade en sectores estratéxicos. E sendo o sector do ensino fundamental para a implantación dos hábitos lingüísticos en galego, e establecer unha nova regulación do galego que facilite o seu emprego de maneira progresiva e xeneralizado en todos os niveis e graos non universitarios. Fíxase claramente no citado decreto que a administración educativa, centros de ensino e o persoal ao seu servizo utilizarán con carácter xeral a lingua galega; que os documentos administrativos da Consellería se redactarán en galego, e que os servizos da inspección velarán polo seu cumprimento. A non discriminación dos falantes de ambas as linguas cooficiais queda regulado no artigo 6 da citada norma no cal se indica que se utilizarán o mesmo número de horas ao ensino en lingua galega e en lingua castelá. Tamén no artigo 13 indícase que nas áreas, materias ou módulos impartidos en lingua galega o alumnado utilizará, con carácter xeral, o galego nas manifestacións oral e escrita. E no artigo 14 regúlase o proxecto lingüístico do centro, indicando que cada centro, dentro do seu proxecto educativo, elaborará o seu proxecto lingüístico (queixas 108/08, 802/08, 1184/08).

En referencia con este tema tamén aludiremos nesta sección á queixa presentada por unha nai que nos informaba que durante o curso pasado solicitara en diversas ocasións do

director do CEIP Eusebio da Guarda, que as circulares informativas referentes aos seus fillos matriculados no centro, lle fosen remitidas en castelán, xa que só se enviaban en galego. Que o director lle contestara, tras consultar coa Xunta, que non tiña dereito a recibir as circulares en castelán. Presentada denuncia ante a Inspección Educativa da Coruña, non recibiu contestación. E que a finais de curso o director lles entregou en man aos seus fillos a última circular que estaba en castelán, discriminándoos fronte aos seus compañeiros que recibiran a circular dos titores días antes. Solicitado o informe á administración educativa, este foi remitido indicando que no CEIP Eusebio da Guarda, no referente a documentación, circulares e demais escritos, se está cumprindo a lexislación vixente en materia lingüística; que non se ten constancia de que o centro emitise documentación en galego, sen a tradución ao castelán, que debera producir efectos fóra da comunidade autónoma; e que dentro do ámbito da nosa comunidade se traduciron ao castelán os escritos e circulares para aqueles pais que o solicitaron, polo que a queixa quedou arquivada, (queixa 1771/08).

Tamén dentro deste apartado podemos citar as consultas realizadas por teléfono, por parte dalgunhas nais que non estaban de acordo co sistema de ensino que as coñecidas Galescolas estaban a aplicar aos seus fillos menores de 3 anos. As consultas realizadas plasmáronse nalgunha queixa presentada por escrito como por exemplo a número 1719/2008, na que unha nai se queixaba de que enviara por escrito comunicacións a unha Galescola da provincia de Pontevedra, para que a atención ao seu fillo se fixese en lingua castelá; baseábase en motivos pedagóxicos xa que o escolar era castelán-falante e que a atención a este debía de realizarse na lingua da nai, e tamén en motivos legais xa que un organismo público non pode excluír ningunha das linguas oficiais. Continuaba indicando que non recibiu contestación aos seus escritos, polo que consideraba que o seu fillo estaba a ser escolarizado só en galego.

En termos similares presentouse outra queixa, a 2307/2008 realizada por unha nai na que poñía de manifesto que o seu fillo menor de 3 anos, acudira o curso anterior a unha escola municipal da que non tiña ningunha queixa, pero na que no presente curso escolar a escola se transformara en Galescola e ao seu fillo se lle escolarizaba en galego.

Ambas as dúas queixas no momento de confeccionarse este Informe encontrábanse en tramitación, pendente de remisión por parte da Vicepresidencia da Igualdade e do Benestar dun informe complementario interesado por esta institución en que se indicase se nas citadas Galescolas se daba cumprimento ao artigo 7 do Decreto 124/2007, do 28 de xuño, que regula o uso e a promoción do galego no sistema educativo.

Queixas relativas ao dereito lingüístico no ámbito das administracións públicas

O artigo 5, aliña 3, do Estatuto de Autonomía de Galicia dispón que *os poderes públicos de Galicia potenciarán o emprego do galego en todos os planos da vida pública, cultural e informativa.*

O artigo 4, parágrafo 1º, da Lei 3/1983, do 15 de xuño, de normalización lingüística especifica que *o galego como lingua propia de Galicia é a lingua oficial das institucións da comunidade autónoma, da súa administración, da administración local e das entidades públicas dependentes da comunidade autónoma.* No seu parágrafo 2º indica que *tamén o é o castelán como lingua oficial do estado*.

O plan xeral de normalización da lingua galega establece como obxectivo *asegurar que na administración autonómica o galego sexa a lingua habitual nas relacións internas, nas relacións entre as administracións e nas relacións cos cidadáns, co que se logrará, deste modo, consolidar o galego como lingua xeral de referencia na administración autonómica*.

O artigo 54, parágrafo 11, da Lei 7/2007, do 12 de abril, do estatuto do empregado público establece que *os empregados públicos garantirán a atención ao cidadán na lingua que o solicite e sempre que sexa oficial no territorio.*

O artigo 7 da Lei 5/1997, do 22 de xullo, da administración local de Galicia, especifica que *o galego, como lingua propia de Galicia tamén o é da súa administración local.*

1.15.3.2 Actuacións da administración autonómica

Así podemos novamente citar un grupo de queixas presentadas pola asociación antes citada, que co mesmo contido tiñan como finalidade denunciar aqueles casos en que as administracións autonómicas incumprisen a Lei de normalización lingüística. Así indicaba que:

a) Se estaban utilizando exemplares redactados exclusivamente en castelán do certificado de destrución dos vehículos, expedidos pola antiga Consellería de Medio Ambiente.

b) Uso do castelán no lema da Consellería de Sanidade *"Dona tu Sangre"*.

c) Uso do castelán no anuncio do ciclo de conferencias *"Salud con Salud"* da Consellería de Sanidade.

d) Exclusión do galego na documentación utilizada polo Complexo Xeral de Calde, dependente da Consellería de Sanidade.

e) Ausencia do galego e a utilización de topónimos incorrectos na documentación achegada polo Instituto Tecnolóxico para o Control do Medio Mariño.

f) Ausencia do galego na sinalización luminosa da Autovía Santiago-Brión.

Á vista do informe remitido pola administración competente no que se indica que se fixeron as xestións e deron as ordes oportunas para o cumprimento da normativa vixente en materia de política lingüística, procedeuse ao arquivo das queixas presentadas. (Entre outras a queixa 1266/08).

Neste mesmo sentido e sen embargo presentada por un particular temos a queixa 388/08 na que poñía en coñecemento desta institución, que tiña un problema de indefensión pola actitude reiterada do Sergas, xa que lle negaban os textos no idioma castelán, a pesar da petición reiterada feita de palabra e por escrito. Que lle indicaban que recoñecen que se debe respectar os dereitos dos cidadáns a comunicarse en calquera das linguas oficiais que elixan, pero que se negan a facilitalos sinalando que non os teñen en castelán. Considera que non pode asinar documentos que o comprometan como é o do consentimento informado para prácticas pre-operatorias. Solicitado o informe á Secretaría Xeral do Servizo Galego de Saúde, remítese este onde se indica que se está poñendo todo o empeño en cumprir coa norma a fin de que todos os cidadáns poidan exercitar os seus dereitos, en concreto o uso dos dous idiomas cooficiais en todos os centros sanitarios. Ante o compromiso da administración sanitaria a queixa quedo arquivada.

Co mesmo contido e en relación co Sergas temos as queixas remitidas por outros particulares nas que se denuncian que todos os escritos que reciben do Sergas están exclusivamente redactados en galego, e que eles desexan recibir a documentación tamén en castelán, pero non a están recibindo pese a solicitala, polo que se está incumprindo o artigo 3 da Constitución española; ante a remisión do informe por parte da Secretaría Xeral de Política Lingüística e do Sergas, procedeuse ao arquivo da queixa ao entender que se estaban realizando todas as actuacións posibles para cumprir a normativa vixente en materia de política lingüística. Podemos citar as queixas 455/07 e a 1705/08.

Tamén na queixa 1809/08 o interesado denuncia o total incumprimento da lei por parte das administracións galegas no uso dos dous idiomas oficiais de Galicia, xa que a maioría dos impresos oficiais non se subministran en ambas as linguas, que só en galego e que a maior parte da información que se ofrece aos cidadáns está en galego. Do informe remitido pola Secretaría Xeral de Política Lingüística, indícase que consonte o artigo 6, aliña 3, da lei 3/1983, o galego debe ser a lingua de uso preferente na administración autonómica, uso que, non obstante, debe respectar os dereitos dos cidadáns a comunicarse en calquera das linguas cooficiais que elixan. Que a administración autonómica debe promover o uso do

galego como idioma inicial nas súas relacións orais e escritas co cidadán, Lei 4/2006, de transparencia e boas prácticas na administración pública galega. Tamén cita o Plan xeral de normalización da lingua galega aprobado no Parlamento de Galicia en setembro do 2004; pero non esquece citar o artigo 3 da Constitución española e o artigo 2 da Lei de normalización lingüística, terminando o seu informe indicando que se deduce que toda comunicación oral ou escrita que un particular remita en galego ou castelán á administración autonómica é válida e debe ser admitida; do mesmo modo que a administración deberá facilitar aos cidadáns modelos normalizados de documentación en castelán cando esta sexa a lingua escollida polo cidadán.

Dentro da sección de ensinanzas de réxime especial, tamén pola asociación se presentaron un grupo de queixas dirixidas contra as escolas oficiais de idiomas con sede en distintos concellos da comunidade, ao observar que nelas non se impartían clases de galego, pero si doutros idiomas como inglés, francés, alemán, árabe etc., podendo comentar unha delas a presentada, como se indicou antes, por non impartirse clases de galego na EOI de Ribadeo, o informe remitido pola administración competente, indica que o ensino de idiomas de réxime especial se organiza a través das escolas oficiais de idiomas, e se caracterizan por estar dirixidas basicamente á formación de maiores de 16 anos, por non ser de oferta obrigada e por estar suxeitas a prezo público. Os ensinos destes centros estiveron sempre orientados ao ensino de idiomas estranxeiros e en función dunha demanda claramente contrastada con estes. A oferta educativa das EOI realízase en función das solicitudes recibidas nos centros e despois de ser informadas polos servizos de inspección educativa. A demanda de formación de galego para persoas adultas está atendida a través dos cursos gratuítos organizados a través da Secretaría Xeral de Política Lingüística, motivo polo cal a demanda nas escolas de idiomas é realmente baixa. O Decreto 191/2007 non obriga a ofertar todas as linguas nas escolas de idiomas consonte o establecido no RD 432/2005. E que as aliñas da Carta Europea de Linguas Rexionais ou Minoritarias se refiren só a ensinos obrigatorios de réxime xeral. No ensino de idiomas destas escolas non se obtén ningún título senón soamente se entrega un certificado de coñecemento da lingua. E que para potenciar e completar a oferta do ensino en galego a

Consellería de Educación en cooperación coa Secretaria Xeral de Política Lingüística, ofrece cursos de linguaxe administrativa galega dirixidos ao persoal que realiza os seus servizos nas administracións públicas, así como cursos preparatorios para as probas de CELGA. O informe recibido da administración púxose en coñecemento do queixoso, indicando que por parte desta institución non se consideraba vulnerado ningún precepto (queixas 316/08, 334/08, 335/08, 336/08, 337/08).

1.15.3.3 Actuacións da administración local

A Lei 5/1988, do 21 de xuño, do uso do galego como lingua oficial de Galicia polas entidades locais, que na súa exposición de motivos indica que é preciso impulsar a normalización lingüística na administración local, e para ese efecto a Xunta de Galicia, no marco da súa política de promoción da normalización lingüística, debe colaborar na medida do necesario cos esforzos das entidades locais en beneficio do uso normalizado da lingua galega na súa documentación oficial, sen prexuízo de empregar ademais a outra lingua oficial, e así o decide a respectiva entidade.

Dentro deste eido podemos insistir novamente, pese a ser reiterativos, que a mesma asociación presentou un elevado número de queixas en serie, cuxo contido similar en todas as presentadas tiñan como obxectivo denunciar os concellos polo incumprimento da Lei de normalización lingüística.

Dentro deste grupo podemos citar a queixa presentada pola tan citada plataforma, na que indicaban que o Concello de Miño e por parte de Protección Civil se vulneraba a lexislación vixente en materia de política lingüística, xa que a megafonía instalada nas praias utilizaba como lingua o castelán, que na atención oral ao cidadán non se utilizaba o galego, e que a páxina web do citado concello tiña versión en galego pero que estaba chea de castelanismos. Por parte do concello remitiuse o informe solicitado e nel indícase que na actividade administrativa do concello se emprega como lingua vehicular o galego. Que respecto a Protección Civil, a denuncia non se axusta á realidade, xa que polo xeral a lingua

empregada é o galego. E respecto ás praias, dicir que Miño é un concello turístico, e como tal recibe maioritariamente turistas doutras comunidades así como doutros países, polo que dado, que a finalidade dos avisos que se difunden é de información e de recomendación, e sobre todo para que o poidan entender os destinatarios aos que vai dirixido, é polo que se utiliza o castelán. Respecto da páxina web indicar que a persoa responsable dos servizos de normalización está de baixa e que o concello non ten medios para substituír estes traballadores. O indicado polo concello púxose en coñecemento do denunciante e arquivouse a reclamación (queixa 1607/08).

No mesmo sentido e con referencia á páxina web denunciouse pola repetida asociación, os concellos da Guarda, Foz, Ribadeo, en todas elas o motivo da denuncia era a non utilización na páxina web do concello da lingua galega. A administración local contestou en case todos os casos da mesma maneira no seu informe facendo saber a esta institución que efectivamente a páxina web non estaba nos dous idiomas, pero que solicitados os orzamentos para a elaboración dunha páxina web nova, resultaba caro e non tiñan os concellos orzamentos suficientes para afrontar o dito gasto. Pero que de todas maneiras se estaban realizando os traballos necesarios para contar en datas próximas coas páxinas tamén na lingua galega. As contestacións dadas polas administracións locais, deron lugar ao arquivo das queixas por considerar que os concellos estaban intentando, dentro das súas posibilidades adaptar as páxinas web á normativa vixente en materia de política lingüística, facéndollo saber así ao recorrente (queixas 439/08, 440/08,441/08,1265/08).

Tamén presentaron unha queixa, dentro das súas denuncias en serie por ausencia do galego, na invitación á mesa redonda sobre Ilustración que tivo lugar o 22 de febreiro de 2008 na Biblioteca pública Miguel González Garcés da Coruña, e a utilización incorrecta do topónimo A Coruña. No informe remitido pola Consellería de Cultura e Deporte, indícase que o 22 de febreiro é certo que tivo lugar a mesa redonda na Biblioteca, e que as invitacións para asistir ao acto foron confeccionadas e enviadas pola directora da biblioteca, que segundo indicou ela mesma, a metade das 410 invitacións enviadas o foron en lingua galega e a outra metade en lingua castelá, que o erro das invitacións en lingua castelá de indicar “La Coruña”

foi debido ao costume de escribir así, pero que se terá en conta para próximas conferencias. Coa información recibida a institución arquivou a queixa presentada (queixa 582/08).

En relación co Colexio de Arquitectos, presentouse unha queixa por parte dunha colexiada na que denunciaba a non remisión por parte do citado colexio das circulares no idioma castelán, que solicitara o seu dereito a recibilas en lingua castelá e que lle contestaron que era moi custoso facelo de forma bilingüe polo que de conformidade ao disposto no artigo 6.3 da Lei de normalización lingüística, se adoptara a decisión de realizar todo en lingua galega. Reclamado o correspondente informe, por esta institución e á vista do ditame remitido polo citado Colexio, fíxose unha suxestión, a cal non foi admitida (queixa 1066/08). Que no informe remitido polo COAG se indica que hai anos que o citado se expresa por escrito na lingua propia do país, como se espera dun organismo público galego, e que non hai precedentes dunha reclamación similar. Termina indicando que a denuncia da colexiada merece o tratamento do artigo 21 da lei creadora da institución. Na resolución adoptada por esta institución despois dunha exhaustiva análise dos artigos correspondentes da Constitución española, do Estatuto de autonomía de Galicia, da Lei de normalización lingüística, da reiterada xurisprudencia do Tribunal Constitucional, da Lei 30/1992, do 26 de novembro, e da Lei 7/2007 do estatuto básico do empregado público, chégase á conclusión de que en todas elas prima como obxectivo a non discriminación dos galegos polo uso de calquera das linguas cooficiais da nosa comunidade, e tendo así mesmo en conta que a interesada solicitou expresamente a remisión dos documentos en castelán, fíxose unha suxestión ao Ilmo. Sr. decano do Colexio Oficial de Arquitectos de Galicia, para estudar a posibilidade de proceder por parte do colexio á utilización das dúas linguas oficiais da nosa comunidade autónoma, polo menos nos casos en que así o solicite expresamente o colexiado. A queixa non foi aceptada a pesar de que a sentenza 337/1994 do Tribunal Constitucional, nun dos seus razoamentos xurídicos indica que os poderes públicos deben garantir, nos seus respectivos ámbitos de competencia, o dereito de todos a non ser discriminados polo uso dunha das linguas cooficiais na comunidade autónoma. A queixa quedou arquivada (1066/08).

Por último indicar que por parte da mesma organización e dentro da serie de denuncias masivas presentadas ante esta institución tamén se expuxeron ante esta institución, un grupo delas referidas ás posibles vulneracións dos dereitos dos cidadáns por non recibir a correspondente información, facturacións e recibos a empresas privadas, queixas 34/08, 1414/08, 1603/08, as cales foron arquivadas por non tratarse de administracións públicas.

Como queixas diferentes a todas as citadas ata agora, podemos significar as rexistradas cos números 61/08, 209/08, 215/08, as cales non foron admitidas, informando os interesados da normativa existente respecto á lingua galega e a falta de reclamación administrativa previa, o que facía imposible que esta institución supervisase ningunha actuación; nelas uns particulares denunciaban as últimas convocatorias de axudas económicas, para diversos tipos de publicacións, así mesmo indicaban que non realizaran reclamación administrativa previa. As queixas, ía dirixidas contra a resolución do 20 de novembro do 2007 da Secretaría Xeral de Comunicación, pola que se establecían para o ano 2008, axudas económicas, en réxime de concorrencia competitiva, orientadas a empresas que realizasen publicacións periódicas escritas integramente en galego, e regulándose na aliña 1 do artigo 2 as condicións que teñen que cumprir as publicacións subvencionadas, indicándose na letra a) que as publicacións estean escritas integramente en galego conforme a normativa oficial vixente, e indicando na aliña 2 as publicacións que quedan excluídas por non cumprir os requisitos esixidos na normativa vixente.

1.15.4 CULTURA

Dentro desta materia de cultura, temos que indicar que se recibiron 12 queixas, 9 están conclusas, 3 están en trámite, e non se remitiu ningunha ao *Defensor del Pueblo*. Respecto das pendentes de anos anteriores están conclusas 5 e hai 1 pendente.

1.15.4.1 Protección e conservación do patrimonio histórico cultural

Unha queixa, que con posterioridade tivo eco nos medios de comunicación, pois foi necesario fumigar parte dos albergues do Camiño de Santiago pola praga de chinches, e no que tamén se facía alusión ao trato e ás condicións hixiénicas dalgún albergue; foi a presentada por un peregrino na que poñía en coñecemento desta institución que realizara o Camiño de Santiago desde Roncesvalles, pasando a noite nos albergues da Xunta de Hospital da Condesa, de Samos, Ferreirós, Melide, Arzúa e Monte do Gozo. Que nos albergues de Hospital da Condesa e Arzúa a atención aos peregrinos por parte dos hospitaleiros foi moi deficiente e cun trato moi frío e distante. Que as cociñas están inservibles, que non están abertas ás horas de comer e que non hai nin microondas nin frigoríficos. Que comparándoos co resto dos albergues do Camiño deixan moito que desexar. Tamén observou que non había fontes polo Camiño. O director xerente de Xestión do Plan Xacobeo no seu informe indica que na denuncia en ningún momento se indica que os hospitaleiros estivesen incorrectos, e que o distanciamento puido ser debido á saturación dos albergues en épocas de verán. Pero que se transmitiría á empresa adxudicataria a queixa para que se tomasen as medidas oportunas; respecto das cociñas e frigoríficos indicaban que non os hai en todos os albergues e están en funcionamento salvo en caso de avaría. Con referencia ás fontes, indicaba que se trata de rehabilitar aquelas que se encontran no Camiño, pero son públicas. Pero en definitiva poranse os medios para paliar as deficiencias que os peregrinos denuncien. A queixa arquivouse (1430/08).

Temos que referirnos á queixa presentada por un particular que nos indicaba que remitira escrito ao alcalde de Moaña en decembro do 2006, sen que recibise ningunha contestación, no escrito sinalaba que no lugar de Ribón se realizara unha corta de árbores, que afectou directamente e polo transporte destas, ao grupo de gravados nº1 da Escada, declarado e inscrito no Rexistro de Bens de Interese Cultural de Galicia, ocasionándolle danos ao citado grupo e ao seu contorno. O concello no seu informe indicaba que a pesar de que as cortas están entre os actos suxeitos a licenza municipal segundo se indica nas normas subsidiarias de planeamento en vigor no Concello de Moaña, na práctica non se producen solicitudes deste

tipo de licenzas. Os medios cos que contan os concellos e a inspección urbanística non permiten realizar un control sobre as citadas actuacións. É a Delegación Provincial da Consellería do Medio Rural ante a que se solicita o permiso e esta non comunica nin solicita informes aos concellos. Hai que indicar por último que dado o tempo transcorrido desde a comisión dos presuntos feitos era case imposible a súa comprobación (queixa 678/08).

Outra das queixas que relataremos na presente sección é a que presenta un particular indicando que presentou unha solicitude para a instalación fotovoltaica de 5 KWP no Concello de Ames, e que este o remitiu a Patrimonio Cultural. Que o día 7 de novembro se reuniu a Comisión de Patrimonio solicitando documentación que se lle remitiu reuníndose de novo a comisión o 12 de marzo solicitando máis información sobre o informe urbanístico municipal valorativo, que se envía o informe solicitado e desde o 20 de xuño se está esperando a resolución correspondente. No informe remitido pola administración indícase que se recibiu do Concello de Ames solicitude, memoria e informe técnico municipal, para que sexa emitido o informe favorable pola Comisión Territorial do Patrimonio, esta en reunión de 7 de novembro do 2007 solicita máis documentación e un informe urbanístico valorativo, de conformidade co Decreto 39/7. Solicítase por varias veces documentación complementaria por parte da Comisión Territorial de Patrimonio, e recibida esta, a resolución que dita a comisión é denegatoria de autorización das obras. (queixa 1576/08).

Noutras queixas presentadas participase a petición á Consellería de Cultura e Deporte para declarar unha zona como ben de interese cultural de conformidade coa Lei do patrimonio de Galicia. Outras ao proxecto de construción de polígonos que produciría un impacto sobre o Camiño de Santiago.

1.15.5 DEPORTES

Dentro da área de deportes ponse de manifesto que as queixas presentadas foron en total 8, das que 6 están conclusas, 2 non foron admitidas, non se remitiu ningunha ao

Defensor del Pueblo e non hai ningunha en trámite. Respecto das pendentes de anos anteriores 2 quedaron conclusas.

Dentro desta sección como se ve na relación numérica foron poucas as queixas presentadas ante esta institución no presente ano. Pero aínda así podemos citar algunha delas como, a presentada polos pais dunhas xogadoras do equipo infantil de fútbol sala feminino "Funeraria Apóstol" de Santiago de Compostela, que estas rapazas ganaron recentemente o campionato galego, na categoría infantil feminina en Ourense, e que sen embargo, as entidades que organizan os campionatos deportivos, discriminan por razón de sexo, as xogadoras, ás que non se invita a participar xa que o campionato é só de categorías masculinas. Manifestan isto por que na organización da *24 Edición do Campionato de España* para as categorías inferiores que se celebrarán en Burela, Foz, Barreiros, non houbo participación de ningún equipo feminino. Que noutras cidades españolas si hai campionatos nos que participan as categorías femininas e masculinas, pero aquí non sucede o mesmo. Que no presente ano Galicia organiza o campionato de España e se produce novamente discriminación das rapazas no deporte. O informe remitido pola administración indica que a Federación Galega de Fútbol é a responsable de organizar os campionatos entre os clubs representantes das Federacións Autonómicas de Fútbol Sala nas categorías de benxamín e de alevín (mixta e infantil), (masculina e feminina). Os campionatos de España de carácter oficial, convócaos a Federación Española de Fútbol xa que é a competente. Ao torneo soamente foron convocadas 8 federacións autonómicas de fútbol sala, e como non teñen carácter oficial non se poden denominar Campionato de España. Na convocatoria para a inscrición na categoría de infantil feminina non se inscribiu ningún club das federacións invitadas, aducindo problemas económicos e de calendario, e iso pese a que a Federación galega o solicitou expresamente a varios equipos e pese a indicarlles que os gastos serían gratuítos. Polo que non se puido celebrar o torneo na categoría infantil feminina. Estes feitos xa sucederan na tempada anterior. Celebrouse outro torneo en Verín ao que se presentaron 3 federacións pero ningunha feminina. En Santiago tampouco se logrou celebrar nin na Convocatoria en Burela. A Dirección Xeral para o Deporte convoca anualmente o programa

de competicións deportivas en idade escolar e deporte na escola, no cal non se fai ningunha discriminación por razón de sexo; a categoría feminina está plenamente integrada en todos os deportes e competicións, existindo unha liña de axudas e subvencións para facilitar a incorporación da muller no deporte. A queixa foi arquivada (1076/07).

Podemos tamén narrar a queixa presentada por un pai que nos comunicaba que por parte da Subdelegación do Goberno de Pontevedra se tramitara un expediente sancionador co seu fillo. Que a primeira noticia que tiveron sobre estes feitos e da incoación do expediente foi a reclamación por vía de constrinximento da cantidade de 4800 euros, que era a sanción que lle fora imposta ao seu fillo. Solicitado o expediente puido comprobar que todas as notificacións que se intentaron co seu fillo foran a outro domicilio, a pesar que na acta de incidencias do espectáculo deportivo co que se inicia o expediente figura ben o número do portal e o piso. Que presentou un escrito solicitando a nulidade de actuacións e por resolución de 7 marzo se lle desestima un recurso. Solicitado o informe pola administración participase que respecto do expediente sancionador incoado a un rapaz por infrinxir a Lei de deporte, se remitiu á Delegación de Economía e Facenda, Intervención Delegada de Pontevedra, solicitude de anulación das xestións de cobro por ser estimado o recurso. Á vista das actuacións a queixa foi arquivada. (759/08).

Como todos os anos podemos enlazar dentro desta sección as escasas queixas que son presentadas ante esta institución e que teñen relación cos peiraos deportivos, na admitida no presente ano denúnciase por unha particular que no proxecto de ampliación de amarres no club náutico de Ribeira, se elimina a praia de Carolina polo recheo, e que polo interese dunha entidade privada se ven prexudicados dun ben común todos os veciños. A administración no seu informe indica que Portos de Galicia ten como unha das súas funcións o fomento global da actividade económica no ámbito dos portos que dependen da administración autonómica, das actividades industriais ou comerciais directamente relacionadas co tráfico portuario. Na actualidade a promoción a través da competitividade e a calidade dos portos deportivos da náutica deportiva, procurando novos usuarios dos seus servizos portuarios, así como dar rendibilidade aos investimentos, para reverter beneficios tanto directos como indirectos.

Portos de Galicia cumprindo con estes fines, ben directamente o coa intervención da iniciativa privada, está a dotar aos portos autonómicos que xestiona de modernas instalacións náuticas para as embarcacións deportivas. Respecto da actuación concreta prevista de ampliación e amarres na zona limítrofe coa concesión demanial portuaria outorgada por Portos de Galicia ao Club Náutico Deportivo de Ribeira para a xestión e explotación da dársena náutico recreativa tal ampliación non elimina a praia das Carolinas, senón que se afecta un treito lindeiro coa actual dársena explotada en concesión polo Club de Ribeira. As actuacións que se prevén no citado plan, logo de redactados os proxectos deberán ser sometidas ás autorizacións ambientais que resulten. A queixa quedou arquivada (1470/08).

1.15.6 RESOLUCIONES DEL VALEDOR DO POBO EN MATERIA DE CULTURA Y POLÍTICA LINGÜÍSTICA

1.- Suxestión dirixida ao Decano do Colexio Oficial de Arquitectos de Galicia o 18 de xuño de 2008, para que se proceda por parte do colexio á utilización da lingua cooficial da nosa Comunidade, polo menos nos casos en que así o solicite o colexiado. (Q/1066/08).

Con data 15 de maio de 2008, recibiuse o escrito de queixa presentado por dona A., que quedou rexistrado nesta institución co número 1066/2008, nel indicábanos *o seu dereito a recibir as circulares colexiais na lingua castelá e que lle dicían que é moi custoso facelo de forma bilingüe, e por iso elixiron a lingua galega para todo tipo de comunicacións colexiais, baséanse no artigo 6.2 da Lei de normalización lingüística de Galicia.*

Logo de estudar a súa queixa, foi admitida, en referencia neste caso a vulneración do artigo 3 da Constitución, ao entender que reunía os requisitos formais establecidos no artigo 18 da Lei 6/1984, do 5 de xuño, do Valedor do Pobo, e que atopaba, en principio, cobertura constitucional. Solicitado o preceptivo informe ao decano do Colexio Oficial de Arquitectos de Galicia, e remitido este indícase:

Hai ben anos que o COAG se expresa por escrito na lingua propia do pais, como se espera dun organismo público galego, e non hai precedentes dunha reclamación semellante. Hase coincidir connosco en que a denuncia da nosa colexiada merece o tratamento do artigo 21 da lei creadora da institución.

Que examinados en primeiro lugar o escrito presentado pola recorrente en queixa no que solicitaban amparo respecto da vulneración dos seus dereitos constitucionais regulados no artigo 3 da Constitución española, e tendo en conta así mesmo o informe remitido polo Colexio Oficial de Arquitectos de Galicia, esta institución considera que examinada a normativa vixente na presente materia como son:

O artigo 3 da Constitución española no que se prescribe: “O castelán é a lingua española oficial do Estado. Todos os españois teñen o deber de coñecela e o dereito a usala”. Continuando na aliña 2 “As demais linguas españolas serán tamén oficiais nas respectivas comunidades autónomas de acordo cos seus estatutos” e na 3 “a riqueza das distintas modalidades lingüísticas de España é un patrimonio cultural que será obxecto de especial respecto e protección”.

Que o artigo 5 do Estatuto de autonomía de Galicia, indica que “a lingua propia de Galicia é o galego”. Seguindo na aliña 2 “que os idiomas galego e castelán son oficiais en Galicia e que todos teñen o dereito de os coñecer e de os usar”. Continuando no 3º dos seus parágrafos que “os poderes públicos de Galicia garantirán o uso normal e oficial dos dous idiomas e potenciarán o emprego do galego en todos os planos da vida pública, cultural e informativa e disporán dos medios necesarios para facilitar o seu coñecemento”. Rematando o citado artigo “ninguén poderá ser discriminado por causa da lingua”.

O artigo 4 da Lei 3/1983, de normalización lingüística, no que se regula que “o galego, como lingua propia de Galicia, é lingua oficial das institucións da Comunidade Autónoma, da súa Administración, da Administración Local e das Entidades Públicas dependentes da Comunidade Autónoma.” Tamén o é o castelán como lingua oficial do Estado” e o artigo 6 regula que “os cidadáns teñen dereito ao uso do galego, oralmente e por escrito, nas súas relacións coa Administración Pública no ámbito territorial da Comunidade Autónoma.”

A reiterada xurisprudencia do Tribunal Constitucional, segundo a cal *“es oficial una lengua, independientemente de su realidad y peso como fenómeno social, cuando es reconocida por los poderes públicos como medio normal de comunicación en y entre ellos y en su relación con los sujetos privados”* (SSTC 82/1986 e 46/1991) e que *“el régimen de cooficialidad lingüística establecido por la Constitución y los Estatutos de Autonomía presupone no sólo la coexistencia sino la convivencia de ambas lenguas cooficiales” de tal suerte que los poderes públicos deben garantizar, en sus respectivos ámbitos de competencia,*

el derecho de todos a no ser discriminados por el uso de una de las lenguas cooficiales en la Comunidad Autónoma (STC 337/1994) al amparo de los artículos 21 y 114 de la Ley 30/1992".

A Lei 30/ 1992, do 26 de novembro, de *réxime xurídico das administracións públicas e do procedemento administrativo común* no seu artigo 36, aliñas 2 e 3, a súa nova redacción dada pola Lei 4/1999, do 13 de xaneiro, na aliña 2 do citado artigo indícase "Nos procedementos tramitados polas administracións das comunidades autónomas e das entidades locais, o uso da lingua axustarase ao previsto na lexislación autonómica correspondente". E na terceira que "a administración pública instrutora, deberá traducir ao castelán os documentos, expedientes, ou partes destes que deban producir efectos fóra do territorio da Comunidade Autónoma, ***e os documentos dirixidos aos interesados que así o soliciten expresamente***. Se debese producir efectos no territorio dunha comunidade autónoma onde sexa cooficial esa mesma lingua distinta do castelán, non será precisa a súa tradución.

A Lei 7/2007, do 12 de abril, do estatuto básico do empregado público, regula no seu capítulo VI os deberes dos empregados públicos e o código de conduta, indicando no artigo 54 os principios de conduta, facendo referencia na súa aliña 11 que "... garantirán a atención ao cidadán na lingua na que o solicite sempre que sexa oficial no territorio".

Polo que despois da lectura da lexislación vixente, chégase a conclusión de que en todas elas prima como obxectivo a non discriminación dos galegos polo uso de calquera das linguas cooficiais na nosa comunidade (galego ou castelán), e tendo en conta que a interesada solicitou expresamente con data 4 e 6 de marzo de 2008 que a remisión dos documentos lle fose realizada en castelán, é procedente, de conformidade co artigo 29 da Lei 6/1984, do 5 de xuño do Valedor do Pobo, aceptar a queixa redixida pola recorrente, e dirixir a seguinte **SUXESTIÓN** ao Ilmo. Sr. Decano do Colexio Oficial de Arquitectos de Galicia:

Que se estude a posibilidade e a conveniencia de proceder por parte dese colexio, á utilización das dúas linguas cooficiais nesta Comunidade

Autónoma de Galicia, polo menos nos casos en que así sexa solicitada expresamente polos seus colexiados, e nos demais casos que sexa necesario, de conformidade co establecido na Constitución española, no Estatuto de autonomía de Galicia, na Lei de normalización lingüística, na Lei 30/1992, do procedemento administrativo común, na Lei do estatuto básico do empregado público e da reiterada xurisprudencia do Tribunal Constitucional.

A suxestión **NON FOI ACEPTADA** polo Colexio de Arquitectos de Galicia.

2.- Suxestión dirixida á Secretaría Xeral de Política Lingüística o 10 de novembro de 2008, para que se estude a conveniencia da adopción de medidas que permitan solucionar as posibles vulneracións de dereitos adquiridos polos estudantes que realizaron primeiro de Bacharelato noutra comunidade autónoma ou no estranxeiro. (Q/1702/08).

Como vostede ten coñecemento con data de 11 de setembro de 2008, recibiuse o escrito de queixa presentado por dona A. R. G., que quedou rexistrado nesta institución co número 1702/08, nel a interesada indicábanos *que cursou Primaria e Secundaria na comunidade galega, acadando o Celga 3. Que acadou unha bolsa concedida polo Concello da Coruña, para estudar en USA, Primeiro de Bacharelato, e o realizou no curso 2006/2007, superando o curso e tendo a validación correspondente. Realizou Segundo de Bacharelato no ano 2007/2008 no IES Urbano Lugrís da Coruña, superando o curso coa nota media de 9.2, e tendo en Lingua Galega e Literatura, unha cualificación de 9,00, é dicir, superou cunha nota de 9 a materia de Lingua Galega de 2º curso de Bacharelato, e agora parece que non ten superada a Lingua Galega de primeiro curso. Non puido facer o exame de galego na selectividade porque ao parecer estaba exenta.*

O problema está en que non pode acadar o certificado de CELGA 4 por non realizar en Galicia o 1º curso de Bacharelato no correspondente curso 2006/2007. Mais a orde do 16

de xullo de 2007 pola que se regula os certificados oficiais acreditativos dos niveis de coñecemento da lingua galega entrou en vigor o 1 de setembro de 2007, é dicir, en datas posteriores a súa estadía en USA.

Logo de estudar a súa queixa foi admitida, en referencia neste caso á vulneración do artigo 27 da Constitución ao entender que reunía os requisitos formais establecidos no artigo 18 da Lei 6/1984, do 5 de xuño, do Valedor do Pobo, e que atopaba, en principio, cobertura constitucional. Solicitado o preceptivo informe á Secretaria Xeral de Política Lingüística, a administración correspondente remitiu o informe no que se indicaba:

Que o punto 4 do anexo I da orde do 16 de xullo de 2007 pola que se regulan os certificados oficiais acreditativos dos niveis de coñecemento da lingua galega (CELGA) establece que: serán validables polo certificado de lingua galega 4, (Celga 4):

O título de bacharelato (LOGXE ou BUP) ou técnico de FP2, sempre que se estudase en Galicia na súa totalidade e se cursase de maneira oficial a materia de lingua galega en todos os cursos dos ditos estudos.

Como se desprende da literalidade da orde, cómpre cursar e aprobar todos os cursos en Galicia para obter o certificado pola vía da validación, polo que no caso que expón a reclamante non podería acadar o certificado de Celga 4 debido a que primeiro de Bacharelato non foi cursado en Galicia.

Que examinados en primeiro lugar o escrito presentado pola recorrente en queixa no que solicitaban amparo, e tendo en conta así mesmo o informe remitido pola Secretaría Xeral de Política Lingüística, esta institución considera que por parte da administración non se realiza unha mala actuación ao non conceder a interesada a validación do Celga 4**,** senón que se está a cumprir a normativa vixente na materia.

Sen embargo, esta institución ten que poñer en coñecemento da administración correspondente que a orde do 16 de xullo de 2007, pola que se regulan os certificados oficiais acreditativos dos niveis de coñecemento da lingua galega, prescribe no seu artigo 2 os niveis de coñecemento da lingua galega, regulando cinco niveis de coñecemento da lingua galega; e indica no seu anexo I, aliña 4 que serán validables polo certificado Celga 4: "O título de Bacharelato (LOGXE ou BUP) ou técnico FP2, sempre que se estudase en Galicia na súa totalidade e se cursase de maneira oficial a materia de lingua galega en todos os cursos dos ditos estudos". Tamén na disposición última segunda que a orde entrará en vigor o 1 de setembro de 2007; e na disposición derrogatoria que quedan derrogadas todas as disposicións de igual ou inferior rango que regulen cursos de lingua galega; quedando expresamente derrogados os artigos 1, 2, 3, 4, 14, 15, 16, 17, 18 e 19 da orde de 1 de abril de 2005.

Temos que indicar así mesmo que, con anterioridade á orde do 16 de xullo de 2007, estaba en vigor o Decreto 79/1994 e a orde que o desenvolvía do 30 de xuño do mesmo ano, sobre a exención da materia de lingua galega no ensino básico e medio, e que foi derrogado polo Decreto 124/2007, do 28 de xuño, polo que se regula o uso e promoción do galego no sistema educativo.

No caso que nos ocupa cando a escolar A. R. G. inicia os estudos de primeiro de Bacharelato en USA, ao serlle concedida unha bolsa polo Concello da Coruña, no programa "Aprender en USA", realízao no curso 2006/2007 estando vixente a orde do 1 de abril de 2005 que prescribía no seu artigo 1 que os cursos de lingua galega para os diversos colectivos profesionais e sociais constan de tres niveis: curso de galego oral, iniciación e perfeccionamento; e no seu artigo 15 que poderán avaliarse polo curso de perfeccionamento: aliña 7 "a materia da lingua galega e literatura avaliada positivamente nun curso de bacharelato LOGXE". Cando inicia na comunidade galega o segundo curso de Bacharelato, por ter validado o curso primeiro, no curso 2007/2008 entra en vigor a orde do 16 de xullo de 2007 que derroga entre outros o artigo 15.

Non se regula na orde xa citada do 16 de xullo de 2007, mediante a oportuna disposición transitoria, ningunha adopción de medidas que permitan solucionar as posibles situacións que puidesen vulnerar os dereitos adquiridos polos escolares que estudaron primeiro de Bacharelato fóra da Comunidade Autónoma ou no estranxeiro estando vixente a orde do 1 de abril de 2005, e que ao retorno á comunidade galega para rematar o segundo curso de Bacharelato, se atopan cunha nova normativa con entrada en vigor o 1 de setembro de 2007.

Polo que por parte desta institución de conformidade co artigo 29 da Lei 6/1984, do 5 de xuño, do Valedor do Pobo, aínda que coñecedora de que a entrada en vigor da presente orde é debida á existencia no ámbito internacional dun marco europeo común de referencia para as linguas, avalado polo Consello de Europa, así como polos estándares da Asociación de Avaliadores de Linguas Europeas (ALTE) que establecen uns niveis precisos de coñecemento de lingua cos que se deben de corresponder os certificados oficiais de coñecemento da lingua galega, cumpríndose así a recomendación do Consello da Unión Europea que interesaba dos estados membros a creación de sistemas para homologar as competencias lingüísticas sobre a base do citado marco de referencia, e de conformidade co establecido no artigo 32.1 da Lei do Valedor do Pobo, formulándolle á Secretaria Xeral de Política Lingüística a seguinte:

SUXESTIÓN:

Estudar a conveniencia da adopción de medidas que permitan solucionar as posibles vulneracións de dereitos adquiridos polos estudantes que realizaron primeiro de Bacharelato noutra comunidade autónoma ou no estranxeiro, estando vixente a orde do 1 de abril de 2005, e que no momento da entrada en vigor o 1 de setembro de 2007 da orde do 16 de xullo de 2007 sobre a regulación dos certificados oficiais acreditativos dos niveis de coñecemento da lingua galega (Celga), referente á validación do Celga 4, imposibilítaos para a obtención da validación correspondente por cursar só un ano de lingua galega no

Bacharelato, e tendo que acudir á realización das probas indicadas na xa devandita orde de 2007.

A suxestión **FOI ACEPTADA**

1.16. QUEIXAS DE OFICIO

Área de Medio Ambiente

A Q/83/08 iniciouse como consecuencia da noticia de "*La Región*" do 12 de xaneiro relativa ao amoreamento de cascallos ante o parque infantil do Castro, no Barco. Observábase unha morea de cascallos ante o parque. Tamén se reclamaba a renovación dos aparatos de xogo, agora perigosos para os nenos. Do informe recibido do concello dedúcese que o problema se solucionou no referente aos residuos, e se encontraba en vías de solución, no referente ao mal estado do parque.

A Q/361/08 iniciouse como consecuencia da noticia aparecida en "*El País*" do 19 de febreiro do 2008 (páxina 5-Galicia), relativa á xestión dos residuos con amianto. Dicíase que Ourense convive "perigosamente" co amianto, un mineral altamente canceríxeno e básico na composición do fibrocemento, cuxo uso está prohibido desde o 2002 en España. Da información achegada deduciuse que no relativo ás funcións da *Consellería de Traballo*, esta realizou unha actuación específica nas obras de demolición e de saneamento e abastecemento centradas na zona vella e en xeral na cidade de Ourense. Encontráronse situacións de incumprimento da normativa que están sendo obxecto dos correspondentes expedientes. Polo que se refire ao aspecto ambiental, a CMADS sinalou nun primeiro momento que, de acordo cos reais decretos 105/2008 e 396/2006, os residuos deste material deben ser xestionados adecuadamente polo produtor. Ao respecto o Concello de Ourense, titular do servizo municipal de augas, sinalou á Consellería que o concesionario Aquagest se encontra no Rexistro de Empresas con Risco de Amianto e se encarga das avarías con tubaxes de fibrocemento seguindo un plan aprobado pola autoridade laboral que especifica a maquinaria de corte, as medidas de seguridade e os avisos á autoridade laboral. Ademais, despois de reparar a avaría, os anacos de fibrocemento almacénanse en sacos cerrados na EDAR de Reza ata transportalos a SOGARISA a través dun transportista autorizado, avisando á Xunta con 10 días de antelación.

Como consecuencia dunha noticia aparecida no diario *El País* iniciamos unha queixa de oficio (Q/1134/08) debido ao suposto estado do vertedoiro selado de Vigo, que segundo a

información segue contaminando. Segundo a noticia, foi selado no 2001, pero o concello desentendeuse del, a pesar de que as normas o obrigan a manter un rigoroso control, sobre todo cando se seguen expulsando lixiviados altamente contaminantes. As medidas básicas establecidas para o selado de vertedoiros inclúen, entre outras cosas, o control da escorrentía superficial, a recollida e control de lixiviados e a adopción de medidas de contención da contaminación de solos e augas subterráneas. Trátase de evitar a filtración de lixiviados con substancias nocivas á capa freática. Tras a clausura definitiva do vertedoiro, este debe manterse e vixiarse, deben facerse análises e controis de lixiviados e dos gases xerados, e un control do réxime de augas subterráneas. A queixa abriuse en maio do 2008 e a solicitude do preceptivo informe enviouse tanto á CMADS coma ao Concello de Vigo. A primeira respondeu, pero o ente local aínda non o fixo, a pesar do tempo transcorrido e das chamadas que se fixeron urxindo o cumprimento deste deber legal.

A queixa Q/1999/08 iniciámola debido a unha noticia contida no diario "*El Correo Gallego*" na que se sinalaba o pesadelo dunha muller que vive enriba dun karaoke e unha "disco" en Ortigueira. A afectada intentaba conciliar o sono entre atronadores ruídos. Reside xusto enriba de dous locais nocturnos, un karaoke e unha discoteca, e leva tempo batallando contra os decibelios e os horarios, que se estenden ata o amencer, segundo a noticia. A situación complícase "porque a administración é parte interesada e fai a vista gorda". Afirma a afectada que o alcalde "é o propietario dos locais, aínda que os xestionen outras persoas". Sen embargo, o rexedor recalca que é "propietario única e exclusivamente do local do karaoke", alugándoo e deixando a súa xestión a outros empresarios, "xa que de ningún xeito xestionou ningún establecemento desde hai nove anos". A afectada loita desde hai meses "enviando escritos á Xunta e ao Concello", e recalca que "falou cos responsables, pedíndolles que baixen o volume do ruído dos locais, pero burláronse dela". Segundo afirma, "a discoteca ten licenza de bar normal ata e abre ata as oito", e o karaoke "conta con licenza de apertura ata as catro da madrugada, e tamén segue a música ata as oito". Ao peche do informe aínda non temos a resposta do concello, a pesar das reiteracións do requirimento feito no mes de outubro.

A Q/2431/08 coñecémola porque, no curso doutras queixas, o Concello de Vigo nos fixo saber que determinadas zonas de movida como acusticamente saturadas, pero seguía sen aclarar dous aspectos esenciais: os locais que nesas zonas están funcionando de forma irregular, é dicir, sen licenza ou con licenza que nos os habilita para funcionar como o veñen facendo, e o outro é a suficiencia das medidas adoptadas pola declaración mencionada. A revisión de posibles irregularidades en materia de licenza debe ser a primeira medida coherente á hora de abordar calquera situación de saturación. Coa actuación de axuste á legalidade das posibles irregularidades neste ámbito é previsible que se reconduza en parte o problema oficialmente declarado coa resolución de ZAS, isto é, que na zona se superan os límites legalmente admitidos en materia de ruídos. Por tanto, solicítase ao respecto unha lista exhaustiva dos establecementos de cada unha das zonas que permitise coñecer cales teñen licenza, de que tipo, e se os que teñan licenza funcionan de acordo co habilitado nela, especialmente se os locais que non son pubs ou bares especiais non contan con música e limitan o seu horario de acordo co previsto para eles. Loxicamente, resulta preciso coñecer tamén as actuacións do concello para corrixir as irregularidades que no seu caso constate, tanto no ámbito da reposición da legalidade, incluídas as medidas cautelares que impidan que continúe o funcionamento irregular, como no ámbito sancionador. Tampouco se concretaba a eficacia das medidas adoptadas despois da declaración das ZAS. Como sinalamos, é posible que pola aplicación das medidas de axuste á legalidade en materia de licenzas se produza unha diminución dos locais nas zonas afectadas, o que, unido á imposibilidade de novas licenzas, faría innecesarias outras medidas. Pero no caso de non darse esa circunstancia, as medidas a adoptar deberían procurar a diminución dos niveis de ruído constatados, o que non se logra con medidas de mínimos, como a citada prohibición de novas licenzas, acompañada doutras que se citan, que tampouco garanten a diminución. As medidas habilitadas no Decreto 320/2002 permiten unha marxe moi ampla, sempre e cando se motive suficientemente a súa adopción e o seu carácter proporcional. É máis, ao confirmarse os presupostos da declaración, a aplicación das medidas adecuadas resulta unha obrigación para o concello, que, en caso de non adoptalas, podería conculcar dereitos constitucionais de primeira orde (fundamentais), como os regulados nos artigos 15 e 18 CE, e non prescricións de carácter ordinario (STS do

12 de marzo do 2007). Por outra parte, as últimas valoracións do problema feitas pola *Asociación Viguesa Contra o Ruído* subliñan que non *se avanzou nada* (*La Voz de Galicia*, 24-9-08). Todo o anterior trasladámosllo ao concello, iniciando esta nova queixa de oficio.

Área de Educación

Por problemas nas instalacións escolares, iniciouse de oficio a presente queixa rexistrada co número 982/2008, ao ter coñecemento polos medios de comunicación locais que no CEIP Barrié da Maza, sito en Santa Comba, os escolares quedaran sen acudir ás clases por unha fuga de fecais. Os pais dos alumnos do citado centro levaban anos pedindo a Educación a substitución das tubaxes obsoletas, tamén solicitaban obras na cuberta exterior, o arranxo das pozas nos patios e un comedor con máis capacidade; o centro segundo indicaba a prensa tiña unha antigüidade superior aos 30 anos. Solicitado o preceptivo informe á administración educativa e ao Concello de Santa Comba, foron os citados informes remitidos pola administración local no cal se indicaba que a consecuencia da obrigación que o concello ten da reparación e mantemento dos centros, intenta dentro dos seus orzamentos manter 2 centros de educación infantil, un CRA e varias escolas unitarias. Que efectivamente o centro ten máis de 30 anos, cunha construción non propia da comunidade, o que supón unha infinidade de arranxos, que a canalización é moi antiga e que ten que ser reparada con asiduidade, o que así realiza a administración local intentando que se realice coa maior rapidez posible. No informe da administración educativa admite que houbo un problema de atasco, sen que se puidera precisar o motivo e a orixe deste. Pero que tiña previsto un investimento de 116 000 euros para as obras de renovación necesarias e que estas se realizarían nos meses de vacacións estivais. Polo que se acordou o arquivo da queixa.

Sobre o tema de problemas no transporte escolar, iniciouse de oficio, a queixa 983/2008 ante a difusión que os medios informativos dedicaron ao problema que tiñan os alumnos do IES Lagoa de Antelo, que chegaban todos os días entre 15 e 20 minutos tarde ás clases. Significaban que a empresa contratada non chegaba coas previsións de tempo suficientes para que os escolares puideran asistir con puntualidade ás clases. E que a dirección do centro compartía o malestar xurdido posto que esta situación prexudicaba a actividade docente xa que facía perder parte da primeira clases aos alumnos que chegaban tarde e interrompían os demais cando chegaban á aula. Incluso se indicaba que como o autobús realizaba dúas viaxes, os alumnos se pelexaban por subir ao autobús que realizaba a primeira

viaxe. Solicitado o informe á administración, por parte desta comunicouse que se tomaran medidas e se ditaran resolucións relativas aos incumprimentos de contratos e se penalizara á empresa adxudicataria e, que a maior abastanza a administración educativa mantiña conversacións coa empresa para evitar o problema co transporte, indicándolles a incidencia que os atrasos producían de maneira negativa no normal funcionamento do centro educativo. Acordándose o arquivo da presente queixa.

En referencia á falta de prazas nas garderías públicas e privadas de Galicia abriuse tamén de oficio a queixa 993/2008, a súa iniciación debeuse á difusión realizada pola prensa, que en titulares indicaban que despois de rematar o prazo de presentación de solicitudes para reservar unha praza escolar para os seus fillos menores non había prazas. Sinalaban que máis de 40 000 nenos quedarían sen praza. Significaban o grave déficit de prazas na comunidade galega, o que supoñía que a oferta era incapaz de atender a demanda. Que a administración ofertaba 1 praza para cada 6 nenos, quedando moi lonxe das recomendacións da UE. No informe de Vicepresidencia da Xunta de Galicia, constatábase que se intentaba dotar a Galicia dunha rede de escolas por un lado, e por outro a de ofertar máis prazas públicas, profundando na mellora da calidade. Sinalaba o aumento de prazas para estes nenos de 0-3 anos, desde o ano 2005 ao 2008, que pasou de 6595 a 10 806, é dicir un incremento do 64%. Que o crecemento de prazas se realizou paralelamente ao crecemento de centros aumentando nun 54%. E que as previsións eran que no ano 2010 se chegara ao obxectivo da Unión Europea, Que coa constitución do Consorcio Galego de Servizos da Igualdade e o Benestar, se estaba traballando para ampliar as infraestruturas para a educación infantil citada. Que dos datos que achegaba se desprendía que se está poñendo remedio para poder dispoñer dunha oferta máis ampla e de mellor calidade. Polo que se acordou o arquivo da queixa ante a preocupación da administración correspondente para aumentar o número de prazas.

Outra queixa de oficio foi a rexistrada co número 994/2008, iniciouse ante as noticias divulgadas pola prensa nas que participaba a preocupación da comunidade educativa (pais, alumnos, profesores), ante o borrador do novo decreto da ensinanza que estaba preparando a Consellería de Educación; no citado decreto pretendíase a redución das dúas horas semanais

de Educación Física, pasando a unha hora á semana, así como a redución a dúas horas semanais das materias de Filosofía e Cidadanía que tiñan 3 e tamén a redución a 3 horas da materia Historia de España que con anterioridade tiña 4 horas. Ante estas noticias iniciouse a presente, xa que se consideraba que a redución do 50% das horas de Educación Física era unha rebaixa que afectaba dunha maneira especial os escolares nunha sociedade onde prolifera a obesidade infantil, debido aos novos hábitos alimentarios dos novos e á escasa dedicación ao deporte debido ao sedentarismo. Engadindo que a administración non tiña en conta as recomendacións da UE que no seu último informe recomendaba 4 horas semanais de clases. Ao cabo de varios días tense coñecemento que a Consellería de Educación e Ordenación Universitaria estuda a recuperación das dúas horas semanais que tiña ata agora no currículo. Polo que se procedeu ao arquivo da queixa, á espera do Decreto do Bacharelato.

E a última queixa do pasado ano e referente á área de educación, foi a rexistrada co número 2427/2008 e na que se relata o particular funcionamento do transporte escolar no Concello de Narón. Comunícase que un neno de só cinco anos, veciño de Sedes, ten que camiñar cada día catro quilómetros a pé para ir ao colexio. Que esa é a distancia que o separa entre a súa casa e a parada do autobús máis próximo. Que ten que realizar un esforzo maratoniano para chegar á parada de autobús que o traslada ao Colexio do Feal, onde está escolarizado desde este curso. O alumno antes estaba escolarizado na Escola Unitaria de Sedes pero o centro pechou porque non tiña o mínimo de alumnos que establece a Consellería. Solicitouse o informe á administración estando pendente da súa remisión.

Área de Servizos Sociais

Iniciamos a queixa de oficio Q/465/08 pola noticia de *El Correo Gallego* que destacaba que "unha moza leva seis anos atada á súa nai, enferma de esclerose. Patricia, de só 28 anos, hai seis anos deixou a prometedora carreira de Dereito que estaba estudando en Santiago para coidar a súa nai, Carmen, de só 55 anos, encamada e inmóbil". Dise tamén que só contan cunha pensión de 780 euros e o alugueiro do piso é de 315. Coa Lei de dependencia corresponderalle moi pouco, porque lle restan da pensión e pode quedarse sen a axuda a domicilio. Vicepresidencia informou que solicitara o recoñecemento da súa situación de dependencia o 25-5-2007, e o 1-10-2007 recoñecéselle gran dependencia por homologación da súa discapacidade. O plan de coidados recomendado foi unha libranza para coidados no medio; para o 2007 corresponderíalle 168,17 €, despois do desconto do complemento de grande invalidez, e para o 2008 de 175,07 €. Sen embargo, aínda non se resolvera; en maio do 2008 o expediente estaba na intervención territorial delegada para a súa fiscalización. Engadíase que se estudaría a compatibilidade de 30 horas de prestación municipal da que é beneficiaria coa nova libranza. A interesada acudiu á institución (Q/1295/08) e finalmente soubemos por medio de informe de Vicepresidencia que en agosto se comezarían os ingresos.

A queixa Q/1199/08 coñécese de oficio debido a que a persoa que a envía non acredita a súa condición de interesado nin a representación do afectado. Menciónase que este se viu precisado de acudir a unha residencia benéfica. Requirimos información ao Concello da Coruña, que nos aclarou a situación persoal e asistencial da afectada, polo que procedemos ao arquivo da queixa.

Na queixa de oficio Q/1549/08 coñecemos que en agosto do 2008 non se dera efectividade dun programa individual de atención a un dependente recoñecido en abril *por dificultades na xestión económica*, aínda que se comprometía para despois da alta hospitalaria.

Na queixa de oficio Q/1550/08 coñeceuse a situación dunha anciá que solicitou a valoración en maio do 2007 e en agosto do 2008 aínda non era atendida; respondeuse que se atribuíu unha prestación económica á coidadora xa en abril, pero aínda non se cobrara, posto que estaba en intervención económica, e se prevía pagar no mes de outubro.

A Q/1998/08 iniciámola como consecuencia das noticias relativas a supostas deficiencias na residencia xeriátrica pública Volta do Castro, de Santiago de Compostela, polo que realizamos unha visita ao centro. Ao peche do informe encóntranse pendentes novas comprobacións para realizar unha valoración definitiva.

Na Q/2401/08 iniciámola como consecuencia das noticias aparecidas en "*La Voz de Galicia*" sobre a situación das persoas sen teito nas principais cidades de Galicia. Por iso, requirimos información aos concellos da Coruña e Vigo, en concreto sobre as posibilidades de ser acollido nun centro; a rede de centros, recursos e programas, e as previsións ao respecto; se existe coordinación con redes especializadas (adiccións, saúde mental, saúde e servizos sociais); número de persoas atendidas no 2006, 2007 e 2008; ocupación media, prestacións, horarios, gasto medio anual; se existe un perfil profesional nos centros; organizacións e entidades que traballan con persoas sen fogar; e as medidas que se adoptaron ou previstas para o acceso a unha vivenda digna dirixidas á persoas sen teito.

Área de Sanidade

De oficio por parte desta institución abriuse a queixa á que se rexistrou co **número 1790/2008**, a causa de iniciarse de oficio a presente, foi debido ás informacións aparecidas en distintos medios de comunicación da comunidade, nas que se denunciaba a situación en que se encontraba o Servizo de Urxencias de Xinecoloxía do Complexo Hospitalario de Ourense, pola falta de facultativos que se encontraban de baixa por enfermidade. Solicitado á administración o informe este foi remitido no sentido de dar a esta institución amplas informacións ás cuestións formuladas. Poñendo de relevo que o número de facultativos adscritos ao Servizo de Obstetricia e Xinecoloxía, encargado das urxencias as 24 horas do día, era de 20 o 19 de setembro, aos que había que engadir 4 MIR. Que por distintas razóns (idade, saúde laboral ou sentenza xudicial favorable), 10 facultativos están exentos de realizar gardas e a súa xornada laboral é só de mañás, polo que só outros 10 facultativos facían gardas para cubrir a totalidade do mes. A situación estaba mellor no mes de xuño xa que había 4 facultativos máis, pero que por distintas razóns abandonaron o servizo. A situación creada polas baixas non foi posible solucionala ante a falta de xinecólogos dispoñibles no Estado, nin tan sequera para a substitucións indefinidas nin substitucións puntuais. Conseguiuse contratar para o mes de outubro dous facultativos estranxeiros e unha xinecóloga galega para as gardas. Trátase en consecuencia de dificultades sobrevidas no servizo, que non afectan ao nivel de asistencia nas urxencias, que mantiveron sempre a súa dotación habitual. A queixa ante a resposta da administración quedou arquivada.

Outra queixa iniciada de oficio é a presente que despois de rexistrada lle correspondeu o **número 2420/2008**, o motivo do seu inicio debeuse ás informacións aparecidas na prensa escrita, en onde se denunciaba que o Servizo de Urxencias dos hospitais de Vigo, dependentes do Complexo Hospitalario Universitario de Vigo, presentaban graves problemas de saturación que impedían o desenvolvemento correcto do seu funcionamento con operacións programadas. Solicitado o preceptivo informe ao CHUVI, este foi recibido, nel participase que efectivamente nos últimos días de novembro e primeiros de decembro “nos hospitais do CHUVI se sufriu un incremento non habitual de demanda de actuación en urxencias”, debido

á estación e ao repuntamento de enfermidades respiratorias sobre outras patoloxías, situación que por coñecida e prevista, fixo que a organización e xestión do hospital puxese en marcha os mecanismos que posibilitan o equilibrio asistencial entre a atención programada e a urxente. Tamén se informaba no escrito remitido, que "cando os hospitais teñen máis presión do Servizo de Urxencia e polo tanto, diminúe a posibilidade de programación cirúrxica por dispoñerse de menor número de camas, o que fai programar a cirurxía de pacientes tumorais e programar cirurxía sen ingreso, de maneira que, os quirófanos teñen o mesmo rendemento que un día de programación normal, malia que os pacientes non terán a necesidade de quedar hospitalizados no centro." Por último indican que poñen de relevo a escaseza de medios estruturais hospitalarios en Vigo, polo que se está a construír un novo gran hospital. Que ningún enfermo quedou sen atender en urxencia, nin quedou sen ser ingresado se o precisaba, que non diminuíu a actividade cirúrxica programada nin urxente, poñendo de relevo o excelente comportamento dos profesionais en todas as categorías. Polos motivos expostos no informe a queixa quedou arquivada.

Área de Obras Públicas e Expropiacións

A Q/296/08 iniciouse como consecuencia da noticia aparecida no diario "*La Voz de Galicia*" do 13 de febreiro do 2008 (páxina L3, Santiago), na que se sinala que a estrada máis moderna de Galicia, a AG 56, abrirá con proteccións antigas en todo o trazado. Sinalábase tamén que exceptuando as rotondas de ingreso, que non pertencen propiamente ao corpo xeral da autovía, en ningún punto da AG-56, de Santiago a Brión, se dispuxeron os modernos, senón os do modelo tradicional, cos soportes metálicos con forma de dobre T, que non chega ata o solo e, polo tanto, provoca lesións graves e amputacións aos motoristas accidentados. En setembro do 2007 a CPTOPT garantira que xestionaría a instalación de quitamedos de nova xeración (sen separación entre os seus faldróns e o solo), "non de forma xeneralizada", pero si "naquelas zonas onde o exixa a normativa". A CPTOPT respondeu que as barreiras instaladas cumpren os criterios da orde circular 18/2004 do Ministerio de Fomento, e que se instalaron os sistemas de protección de motocicletas de tipo continuo nas marxes nas que se dan as condicións para iso; e que en calquera caso os modelos instalados non son en forma de dobre T, como sinalan as noticias que dan orixe á queixa de oficio, senón de U, coa parte aberta en posición posterior segundo o sentido do avance do vehículo.

Área de Corporacións Locais, Servizos Municipais e Protección Civil

O día 9 de outubro do 2008 procedeuse, de oficio, á apertura da queixa N.7.Q/1936/08 porque os medios de comunicación destacaron, como feito noticiable, o mal cheiro e sabor da auga que abastecía os municipios da Coruña e Carral.

Os informes iniciais verificaban que a auga servida era apta para o consumo humano e reunía as condicións sanitarias establecidas. Sen embargo as denuncias formuladas aconsellaron unha información completa sobre a orixe desas deficiencias e a súas consecuencias.

Tanto por comparecencia persoal do director, coma por escrito, coas analíticas achegadas, a empresa confirmou que a auga era "apta para o consumo humano" nos municipios da Coruña e Carral e que as mostras recollidas na canle de auga do Barcés indicaban que non existía ningún compoñente que orixinase mal cheiro ou sabor na auga analizada.

En base á información e documentación remitidas, o Valedor declarou concluso o expediente de queixa e dispuxo o seu arquivo.

Área de Menores

Q/257/08 e Q/258/08

Por esta institución iniciouse no mes de febreiro do 2008, a elaboración dun informe especial sobre adopcións en Galicia. No curso de tal investigación tívose coñecemento a través do equipo de Adopcións de Ourense da existencia dunha posible paralización ou dilación na tramitación de dous expedientes de xurisdición voluntaria para a constitución da adopción dunha menor no Decanato dos Xulgados de Ourense.

A raíz desta información e ao amparo do establecido no art. 24 da nosa lei reguladora, puxémonos en contacto co xuíz decano dos de Ourense solicitándolle información sobre estes proceso.

Por parte dos titulares dos xulgados de primeira instancia n.º 3 e 4 de Ourense, encargado da tramitación destes procedementos remitíusenos informe acerca del sinalando esencialmente que no momento de rexistrarse o asunto se producira un erro no nome da menor no primeiro dos casos. Con posterioridade e tras presentarse oposición ao acollemento pola nai da menor, ditouse sentenza declarando o acollemento, sentenza que foi declarada firme pola Audiencia Provincial de Ourense.

Por outro lado, no mesmo xulgado séguense actualmente as actuacións necesarias en procedemento de adopción da menor interesada, estando pendentes de resolución de recurso de apelación, e tendo sinalada a vista, votación e decisión para datas próximas.

No relativo ao segundo expediente de queixa, comprobouse que o procedemento de acollemento seguía as vías procesuais adecuadas sen ningunha dilación.

Á vista de que das actuacións de investigación realizadas por este Valedor non se evidencia paralización ou dilación ningunha dos procedementos antes sinalados, procedeuse ao arquivo da queixa en data 5 de marzo do 2008.

Q/671/09

A raíz da queixa presentada por TRC en relación con declaración de non idoneidade para adopción dunha menor china, resultou que a interesada sinalou que recibira unha información inexacta do equipo técnico de Menores da Delegación Provincial da Coruña da Vicepresidencia da Igualdade e do Benestar Social da Xunta de Galicia respecto ás características dos menores que podían adoptarse a través da entidade colaboradora de adopción internacional " Pasaje/Vía Verde", vía esta que é só para nenos/as con problemas serios de saúde psíquica ou física.

Por ese motivo, iniciouse unha investigación de oficio acerca das condicións requiridas para adoptar en china e as características dos menores adoptables pola "Vía Verde". Por ser esta materia de competencia da administración xeral do Estado, trasladouse o expediente ao Defensor del Pueblo de España.

Tras a admisión da nosa queixa, o Defensor inicia as actuacións oportunas solicitando informe ante o órgano administrativo competente, a Secretaría de Estado de Política Social, Familias e Atención á Dependencia e á Discapacidade.

Con posterioridade recíbese nesta institución escrito do Defensor del Pueblo no que nos comunica a recepción do informe da administración no que sucintamente lle indica a entrada en vigor de novas normas sobre os requisitos a cumprir polos solicitantes de adopción en China, normas restritivas posto que elevan o nivel de exixencia daqueles. Igualmente se indican as características dos menores susceptibles de ser adoptados pola Vía Verde, menores con máis de 6 anos ou enfermos ou con discapacidades.

Á vista desta información e non constatando actuación irregular da administración galega, procedeuse ao arquivo do expediente e trasladar toda a información ao interesado.

Q/839/08

Consecuencia da tramitación dunha queixa a instancia de parte, procedeuse á apertura dunha actuación de oficio en relación cos expedientes administrativos de tres menores declarados en situación de desamparo e posterior acollemento que, por residir a nai en Cataluña, se estaban tramitando polos servizos de Atención a Menores e Adolescentes daquela comunidade autónoma. Considerábase que, por estar actualmente os menores afectados residindo en Galicia, o traslado dos expedientes para a súa tramitación pola administración galega comportaría unha maior axilización na súa resolución.

Polo anterior, o Valedor do Pobo púxose en contacto cos servizos da administración catalana solicitando información sobre a viabilidade de trasladar os citados expedientes para a súa posterior tramitación pola Delegación Provincial en Vigo da Vicepresidencia de Igualdade e do Benestar.

Tras diferentes contactos con ambas as administracións e recibida a información da situación dos expedientes administrativos e o compromiso daquelas da súa intención de chegar a un acordo para efectuar o traspaso dos expedientes afectados, entendendo concluída a intervención desta institución, procedeuse ao arquivo da queixa.

Q/1200/08

Con motivo de diferentes noticias aparecidas en prensa sobre saturación e falta de seguridade dun Punto de Encontro Familiar de Vigo, procedeuse á incoación dunha queixa de oficio para investigar a situación dos puntos de encontro na nosa Comunidade Autónoma.

Para iso solicitouse a colaboración da Secretaría Xeral de Igualdade da Xunta de Galicia para facilitar información sobre a normativa aplicable, as infraestruturas, o persoal adscrito a cada un deles e o sistema de xestión dos puntos de encontro.

Á vista da información recibida decidiuse a realización dun informe extraordinario publicado na nosa páxina web no mes de xaneiro de 2009.

Polo anterior procedeuse ao arquivo da queixa.

Q/2139/08

Nesta institución iniciouse expediente de queixa de oficio en aplicación do disposto no artigo 16 da Lei 6/1984, do 5 de xuño, do Valedor do Pobo, como consecuencia das noticias contidas no diario "*La Voz de Galicia*" os días 8 e seguintes de novembro do 2008, nas que se sinalaba que "o País Vasco monta en autobuses e trens a menores inmigrantes e os envía a pedir acollida en Galicia".

Ao mesmo tempo, o Valedor do Pobo púxose en comunicación co Ararteko, valedor do pobo do País Vasco, co fin de que pola súa parte se iniciase outra queixa de oficio polos mesmos feitos, o que xa se fixo, e acordar que ambas as queixas se coñecesen de forma coordinada, especialmente no momento de realizar as conclusións.

Nas noticias tamén se sinala que a Fiscalía de Menores abrirá unha investigación para aclarar a chegada a Galicia de menores inmigrantes procedentes do País Vasco, tras detectar a Policía Autonómica Galega un "importantísimo incremento" de adolescentes maioritariamente marroquís na Coruña. Segundo a policía, un educador do Departamento de Asuntos Sociais vasco comproulles os billetes de autobús e de tren con destino a Galicia. Algúns apareceron sós, indocumentados e coa enderezo da Policía Local da Coruña. A administración galega repartiu os adolescentes en centros de menores de Ferrol e A Coruña.

A Policía Autonómica Galega, “sorprendida” polo importantísimo incremento de menores de orixe marroquí que chegan a Galicia desde o pasado mes de agosto, emprendeu unha investigación que concluíu o pasado mércores e cuxas conclusións presentou ante a Fiscalía de Menores. Os axentes tiraron do fío e descubriron que todos eses rapaces procedían do País Vasco e que arribaban ás estacións de autobuses ou de trens da Coruña tras unha viaxe con orixe en Bilbao ou Vitoria, onde un educador dos servizos sociais vascos lles comprara o billete e aconsellara que nada máis baixarse en Galicia acudiran a unha comisaría para pedir o seu ingreso nun centro de menores.

Ata 23 de eses rapaces ingresaron no centro de Soutomaior, en Ferrol, e no de San Xosé de Calasanz, da Coruña. Fontes policiais aseguran que chegaron máis, pero “moitos, en lugar de solicitar axuda, fixeron por vida”.

Así iníciase a denuncia da Policía Autonómica presentada esta semana ante a Fiscalía: “detectouse nesta xefatura, aproximadamente desde hai dous meses e medio, un importantísimo incremento no número de menores de orixe marroquí que están chegando á nosa comunidade, facéndose cargo deles a Xunta dada a situación de desamparo na que se encontran, pero todos eles baixo un denominado común, e é que veñen procedentes do País Vasco”.

Os investigadores refírense aos motivos dese “importantísimo incremento” de menores procedentes de Bilbao. Así, explican que “este feito foi constatado, en ocasións de forma fidedigna a través dos billetes de bus que os menores portaban”, de estacións da autobuses vascas; e noutras “polas propias manifestacións dos rapaces, os cales aseguraban que alí os acompañaban á terminal de autobuses, lles compraran os billetes e lles daban indicacións de que se dirixiran a Galicia”.

Grazas a un atestado da Policía Local da Coruña, os axentes autonómicos souberon que os funcionarios municipais se encontraron nunha ocasión cun menor marroquí na terminal de autobuses que portaba un papel no que se podía ler o enderezo do cartel e un cuño coa

lenda en Ixuri Zabaltzen, un centro de menores de Álava, dependente da Deputación Foral alavesa, do que procedía aquel rapaz.

A Policía Autonómica, na redacción desa mesma denuncia, engade "un feito significativamente gráfico" ocorreu o 28 de outubro, cando ás tres da tarde se presentaron na comisaría coruñesa tres menores estranxeiros – dous de orixe marroquí e un guineano-, sen outra frase nas súas bocas que esta "queremos un centro". Os axentes, "con paciencia", lograron ganar a súa confianza. Daquela, os rapaces, que entendían e falaban un pouco de español, "manifestaron que procedían de Bilbao e que alí un educador os acompañara á terminal de autobuses, lles pagara un billete e lles indicara como chegar a unha comisaría da Coruña para pedir que os ingresaran nun centro desta comunidade", segundo reza no escrito. Meu dito, meu feito. Os rapaces cumpriron os consellos do educador e hoxe residen no centro San Xosé de Calasanz, da Coruña. Aquel relato dos menores confirmouse con exactitude ás poucas horas, cando os axentes da Policía Autonómica os trasladan á brigada provincial de estranxeiría para proceder á súa identificación. Este departamento comproba que os rapaces foran identificados semanas antes en Bilbao. Con estas probas, a Policía Autonómica presentou denuncia ante a Fiscalía de Menores "para que no ámbito das súas competencias adopte as resolucións procedentes".

Por todo o sinalado requirimos información á *Vicepresidencia da Igualdade e do Benestar* e á *Consellería de Presidencia, Administracións Públicas e Xustiza*, que xa nos remitiron os seus respectivos informes.

A *Consellería de Presidencia, Administracións Públicas e Xustiza* sinala, basicamente, que se observou un incremento importante de menores de orixe marroquí, que manifestaban proceder do País Vasco, que se lles ingresou nun centro de menores da Xunta e que se comunicou tal circunstancia á Fiscalía. Exprésase que os menores declararon á Policía Autonómica que "procedían de centros de menores do País Vasco, onde o persoal de alí lles pagara o billete para que viñesen á cidade da Coruña, coa indicación de que á súa chegada debían dirixirse á policía para que os ingresara nun centro". Conclúe que "dos 24 cidadáns

estranxeiros menores de idade, se demostrou que un total de 16 procedían de centros do País Vasco e que ningún deles figura como “fuxido” dos centros no Servizo de Informática da Dirección Xeral da Policía e da Garda Civil, o cal acredita que as saídas destes menores dos centros, polo menos, foron consentidas”. O asunto púxose en coñecemento da Fiscalía e da Vicepresidencia.

Pola súa parte, a *Vicepresidencia da Igualdade e do Benestar* sinala que “a mobilidade residencial por todo o estado español é unha constante nos procesos migratorios en Mena's”, que “se constata a chegada de 9 menores que refiren proceder do País Vasco desde o verán do 2008”, e que despois de contactar cos responsables “non puidemos comprobar a veracidade das declaracións dos menores”, polo que “non se entende que exista unha situación distinta da habitual en relación á mobilidade xeográfica dos Mena's”.

De todo o exposto pode concluírse pola nosa parte que non existe coincidencia na valoración dos feitos que fan un e outro departamento da administración autonómica, posto que un parece concluír que se deu un suposto traslado aformal dos menores, o que suporía que se produciu á marxe das canles institucionais que garanten tanto o interese do menor, en especial a súa seguridade, coma a repartición a través de criterios acordados de acollemento solidario; e o outro sinala que non se entende que exista unha situación distinta da habitual en relación á mobilidade xeográfica destes menores.

Todo o sinalado ata agora se transmitiu vía fax ao Ararteko, co que tamén se coñeceu oralmente o tratamento final que debía darse á queixa (fixérono o asesor do Valedor do Pobo Fernando de Andrés e o asesor responsable de Menores no Ararteko). A institución vasca comunicounos que recentemente tratara o asunto nunha reunión coas autoridades administrativas responsables de Menores. Alí o asunto aínda se coñecía no xulgado que abriu as correspondentes dilixencias. Polo tanto, as presentes conclusións trasladáronse ao Ararteko, acordando con este que en caso doutras conclusións definitivas (que maticen as presentes, de carácter provisional) serían coordinadas coa institución vasca.

En calquera caso, ao tratarse dun asunto que se coñece no ámbito xudicial, procédese ao arquivo do correspondente expediente, en aplicación do establecido no artigo 20 da Lei 6/1984, do 5 de xuño, do Valedor do Pobo, sen prexuízo de trasladar o resultado da presente investigación ao Informe Anual do 2008.

CAPÍTULO 2
ANÁLISE DO CUMPRIMENTO DO DEBER DE COLABORACIÓN DAS ADMINISTRACIÓNS PÚBLICAS NAS INVESTIGACIÓNS DA INSTITUCIÓN

2.1 O DEBER LEGAL DE COLABORACIÓN NAS INVESTIGACIÓNS DA INSTITUCIÓN

Para o correcto desempeño das funcións estatutarias do *Valedor do Pobo* é fundamental a prestación dunha leal e rápida colaboración por parte das administracións obxecto de supervisión. Por esta razón, o artigo 26.1 da Lei 6/1984, do *Valedor do Pobo*, establece que *"os poderes públicos de Galicia están obrigados a prestar o auxilio e cooperación que lles sexan demandados polo Valedor do Pobo nas súas investigacións e actuacións"*.

Para os supostos máis graves de desatención ao deber legal de colaboración coas investigacións, o artigo 22.2 da Lei do *Valedor do Pobo* prevé a **declaración de hostilidade e entorpecemento** do seu labor. En concreto esta aliña preceptúa que *"a negativa ou neglixencia de calquera organismo, funcionario ou dos seus superiores responsables ao envío dos informes solicitados poderá ser considerada polo Valedor do Pobo de Galicia como hostil e entorpecedora das súas funcións, facéndoa pública de inmediato e destacando tal cualificación no seu informe anual ou especial, se fose o caso, ao Parlamento. Tamén porá os ditos feitos en coñecemento do seu superior xerárquico, informando sobre o seu comportamento por se fose susceptible de corrección disciplinaria"*.

No presente exercicio non foi necesario formular declaracións de hostilidade e entorpecemento. Non obstante, si tivemos que facer numerosos recordatorio de deberes legais e advertencia de declaración de hostilidade.

Ofrecemos a continuación unha avaliación resumida dos niveis de colaboración das administracións públicas coa nosa institución durante o ano 2008. Ofrecemos unha lista das administracións ou órganos aos que foi preciso recordarlles formalmente o seu deber de colaborar en prazo coa institución e advertilos da posible declaración de hostilidade e entorpecemento da súa actitude con respecto a unha ou varias concretas investigacións. Por último, ofrécese unha lista das administracións ou órganos aos que foi

preciso reiterar ata en dúas ocasións a solicitude de informe, xunto co número de casos (ou queixas) en que foi preciso facer estas reiteracións a cada unha desas administracións ou órganos.

2.1.1 ADVERTENCIAS CONSTRINXENTES

Como xa tivemos ocasión de sinalar, en ocasións a institución vese na necesidade de facer advertencias especialmente enérxicas para obter a colaboración demandada, advertencias ás que acompañamos un recordatorio de deberes legais. En concreto sinalamos o seguinte:

RECORDATORIO DE DEBERES LEGAIS:

O artigo 22.1 da Lei do *Valedor do Pobo* impón a todos os organismos e dependencias administrativas aos que o Valedor lles solicite datos sobre a tramitación das queixas, a obrigación de remitirlle estes informes "no prazo de quince días". Ademais, na aliña 2 do mesmo artigo engade: "A negativa ou neglixencia de calquera organismo, funcionario ou dos seus superiores responsables ao envío dos informes solicitados poderá ser considerada polo *Valedor do Pobo* de Galicia como hostil e entorpecedora das súas funcións, facéndoa pública de inmediato e destacando tal cualificación no seu informe anual ou especial, se é o caso, ao Parlamento".

De aquí que lle deba dirixir a seguinte **ADVERTENCIA**:

Que se no prazo máximo de 15 días a contar da data deste escrito non se recibe nesta institución o informe, que unha vez máis lle requirimos, segundo o prescrito no artigo 22.2, o *Valedor do Pobo* procederá a facerlle a declaración de *"hostil e entorpecedor das súas funcións"* en canto se refire á tramitación desta queixa.

Enumeramos aquí as administracións e órganos aos que nos vimos obrigados a facer este tipo de advertencia:

Administración Autonómica:

Secretaría Xeral da Consellería de Educación: 2 veces (D.3.Q/1793/06, D.3.Q/943/07)

Dirección Xeral de Patrimonio Cultural: 1 vez (B.2.Q/471/07)

Consellería de Política Territorial, Obras Públicas e Transportes: 1 vez (C.6.Q/418/07).

Consellería de Innovación e Industria: 2 veces (C.6.Q/636/07 e C.6.Q/670/07)

Administración Local:

Provincia da Coruña

Concello de Abegondo: 1 vez (C.6.Q/854/06)

Concello de Cabana de Bergantiños: 1 vez (B.2.Q/1187/08)

Concello de Carballo: 1 vez (M.6.Q/881/06)

Concello de Boiro: 3 veces (C.6.Q/955/06, B.2.Q/1797/06 e C.6.Q/417/07)

Concello de Oroso: 1 vez (C.6.Q/1604/07)

Concello de Ribeira: 1 vez (C.6.Q/1996/07).

Provincia de Lugo

Concello de Cospeito: 1 vez (B.2.Q/1196/08)

Provincia de Pontevedra

Concello de Arbo: 1 vez (C.6.Q/92/08)

Concello de Cangas: 1 vez (B.2.Q/1774/06)

Concello de Ponteareas: 1 vez (C.6.Q/766/07).

Concello de Pontevedra: 1 vez (C.6.Q/1975/07)

Concello de Tui: 1 vez (C.6.Q/2065/07)

Concello de Vigo: 6 veces (C.6.Q/13/06, B.2.Q/491/06, C.6.Q/937/07, P.3.Q/1714/07, L.1.Q/1906/07, e C.6.Q/1983/07)

Concello da Illa de Arousa: 1 vez (C.6.Q/1675/07)

2.1.2 ADMINISTRACIÓNS OU ÓRGANOS AOS QUE SE REITEROU A PETICIÓN DE INFORME ATA EN DÚAS OCASIÓNS, E NÚMERO DE VECES EN QUE TAL CIRCUNSTANCIA SE DEU

A) XUNTA DE GALICIA

ADMINISTRACIÓN	N.º Queixas
Consellería de Presidencia, Administracións Públicas e Xustiza	2
Delegación Provincial de Consellería de Presidencia, Administracións Públicas e Xustiza da Coruña	1
Consellería de Política Territorial, Obras Públicas e Transportes	26
Consellería de Educación e Ordenación Universitaria	34
Consellería de Innovación e Industria	16
Consellería do Medio Rural	1
Consellería de Cultura e Deporte	1
Consellería de Medio Ambiente e Desenvolvemento Sostible	16
Consellería de Vivenda e Solo	2
Dirección Xeral de Patrimonio Cultural	3
Dirección Xeral Deporte	1
Delegación Provincial da Consellería de Vivenda e Solo da Coruña	1
Dirección Xeral de Función Pública	3
Secretaría Xeral da Consellería de Educación e Ordenación Universitaria	5
Delegación Provincial de Consellería do Medio Rural da Coruña	1
Servizo Galego de Saúde	10

DEPUTACIÓNS PROVINCIAIS

Deputación Provincial	N.º
A Coruña	1

CONCELLOS

A CORUÑA

Concello	N.º Queixas
Abegondo	1
Ames	1
Betanzos	1
Bergondo	1
Boiro	8
Cabana de Bergantiños	1
Cabanas	2
Carballo	2
Carral	1
Coristanco	1
Coruña, A	4
Ferrol	2
Malpica de Bergantiños	1
Melide	2
Muros	1
Narón	1
Noia	4
Oleiros	3
Oroso	1
Pobra do Caramiñal, A	3
Ribeira	13
Rianxo	1
Rois	1
Santiago de Compostela	4

LUGO

Concello	N.º Queixas
Barreiros	2
Carballedo	1
Cospeito	1
Chantada	1
Lugo	4
Nogais, As	1
Pol	1
Samos	1
Saviñao, O	1

OURENSE

Concello	N.º Queixas
Carballiño, O	1
Celanova	2
Lobios	1
Ourense	5
Ribadavia	2
Xinzo de Limia	4

PONTEVEDRA

Concello	N.º Queixas
Arbo	2
Baiona	1
Cambados	1
Cangas	2
Estrada, A	1
Gondomar	2
Grove, O	2
Illa de Arousa, A	1
Marín	1
Moaña	2
Pontearеas	3
Pontevedra	3
Porriño	1
Portas	1

Concello	N.º Queixas
Redondela	4
Tui	1
Vigo	17

CAPÍTULO 3
AS RESPOSTAS ÁS RESOLUCIÓNS FORMULADAS POLO VALEDOR DO POBO

3.1 AS RESPOSTAS DAS ADMINISTRACIÓNS OU ÓRGANOS AOS QUE SE DIRIXIU ALGUNHA RESOLUCIÓN

3.1.1 INTRODUCIÓN

O artigo 32.1 da Lei do *Valedor do Pobo* preceptúa que a institución poderá *"formular ás autoridades e funcionarios das administracións públicas advertencias, recomendacións, recordatorios de deberes legais e suxestións para a adopción de novas medidas"*, mentres o parágrafo 2º do mesmo artigo impón a funcionarios e autoridades o deber de responder *"sempre por escrito e no prazo dun mes"* a estas resolucións. Polo tanto, establécese unha obrigación de colaboración relacionada coa formulación das resolucións: o deber de respondelas.

Se a administración acepta a resolución, con iso non acaba o labor da institución respecto dese concreto asunto; faise preciso coñecer tamén se se lle dá efectividade. Cando resulta necesario requírese que, ademais da aceptación formal, se dea conta das medidas adoptadas para dar efectividade ás resolucións, ou se establecen as medidas oportunas para facer un adecuado seguimento desa efectividade, xeralmente solicitando ao reclamante que nos traslade a falta de cumprimento do recomendado. No caso de confirmar esa falta de efectividade a resolución terase por rexeitada, a pesar da aceptación formal. O mesmo sucede coas resolucións pendentes de resposta durante moito tempo; se se esgotan as posibilidades de recibir unha resposta, despois de reiterala insistentemente, a resolución tense por rexeitada.

A Lei 6/1984, do 5 de xuño, do Valedor do Pobo, establece para os casos de rexeitamento das resolucións un mecanismo de publicidade específica que faga manifesto o reproche que esta circunstancia merece. O artigo 33.2 sinala que *"se (non) obtivese unha xustificación adecuada, incluirá tal asunto no seu informe anual ou especial con mención dos nomes das autoridades ou funcionarios que persistan naquela actitude, especialmente nos casos en que, considerando o Valedor do Pobo que era posible unha solución positiva, esta non se conseguise".*

Por iso, facemos constar detalladamente o contido das respostas proporcionadas polas administracións ou órganos aos que se dirixiu algunha resolución. Esta mención realízase tamén no comentario de cada unha das áreas, destacando as resolucións rexeitadas, de acordo co citado artigo 33.2.

É importante destacar que as resolucións pendentes de resposta expresa se entenden aceptadas despois de transcorrido o prazo de resposta (un mes), sen prexuízo de que se siga requirindo a resposta expresa e que se concrete a forma en que se deu efectividade á resolución. Por esta causa nalgúns comentarios damos un mesmo tratamento ás resolucións aceptadas e ás pendentes, sen prexuízo do que se resolva finalmente en relación con estas últimas, que se expresaría en próximos informes. Por tanto, as que figuran como *pendentes nas* listas que se mencionan a continuación formuláronse hai pouco tempo.

Por outra parte, nas estatísticas e "resumo das resolucións do Valedor do Pobo e da súa aceptación polas correspondentes administracións" e "respostas das diferentes administracións e órganos ás resolucións do Valedor do Pobo", que expresamos nos próximos puntos, facemos constar o resultado das resolucións non só deste ano, senón dos anos anteriores que se encontraban pendentes ou que modificaron a cualificación do seu resultado, de acordo co expresado no parágrafo anterior.

3.1.2 RESPOSTAS DAS DIFERENTES ADMINISTRACIÓNS E ÓRGANOS ÁS RESOLUCIÓNS DO VALEDOR DO POBO

Administracións e órganos	Resolucións formuladas	Aceptadas	Non aceptadas	Pendentes
Vicepresidencia da Igualdade e do Benestar	1	1	0	0
Consellería de Presidencia, Administracións Públicas e Xustiza	2	2	0	0
Consellería de Economía e Facenda	1	1	0	0
Consellería de Política Territorial, Obras Públicas e Transportes	3	3	0	0
Consellería de Educación e Ordenación Universitaria	5	4	1	0
Consellería de Innovación e Industria	2	2	0	0
Consellería do Medio Rural	1	1	0	0
Consellería de Medio Ambiente e Desenvolvemento Sostible	3	2	1	0
Consellería de Vivenda e Solo	2	1	1	0
Sergas	1	1	0	0

Administración	Resolucións formuladas	Aceptadas	Non aceptadas	Pendentes
Universidad de Santiago de Compostela	2	1	1	0
Universidad de A Coruña	1	1	0	0
Universidad de Vigo	1	1	0	0
Compañía Radio Televisión de Galicia	2	2	0	0
Otras (Colegio Oficial de Arquitectos de Galicia)	1	0	1	0
Consorcio As Mariñas	1	0	1	0
Concello de Arteixo	1	1	0	0
Concello de Boiro	6	2	4	0
Concello de Cabanas	1	0	1	0
Concello de Cambre	1	0	1	0
Concello de Carnota	1	1	0	0
Concello da Coruña	1	1	0	0
Concello de Carballo	1	1	0	0
Concello de Ferrol	1	0	1	0
Concello de Malpica	1	1	0	0
Concello de Noia	2	1	1	0

Administración	Resolucións formuladas	Aceptadas	Non aceptadas	Pendentes
Concello de Rois	1	1	0	0
Concello de Melide	1	1	0	0
Concello da Pobra do Caramiñal	1	1	0	0
Concello de Ribeira	3	1	2	0
Concello de Santiago de Compostela	1	1	0	0
Concello de Val do Dubra	1	1	0	0
Concello de Carballedo	1	1	0	0
Concello de Cangas	1	1	0	0
Concello de Gondomar	1	1	0	0
Concello de Marín	1	1	0	0
Concello de Moaña	1	1	0	0
Concello de Moraña	1	0	1	0
Concello de Mondariz	1	1	0	0
Concello de Nigrán	1	1	0	0
Concello de Ponteareas	1	1	0	0
Concello de Pontevedra	1	1	0	0

Administración	Resolucións formuladas	Aceptadas	Non aceptadas	Pendentes
Concello de Redondela	1	0	1	0
Concello de Soutomaior	1	1	0	0
Concello de Tomiño	1	1	0	0
Concello de Tui	1	1	0	0
Concello de Vigo	3	3	0	0

3.1.3 RESUMO DAS RESOLUCIÓNS DO *VALEDOR DO POBO* E DA SÚA ACEPTACIÓN POLAS CORRESPONDENTES ADMINISTRACIÓNS

RESOLUCIÓNS FORMULADAS	***TOTAL***	***ACEPTADAS***		***NON ACEPTADAS***		***PENDENTES***	
		Nº	%	Nº	%	Nº	%
Recordatorios deberes legais	**20**	16	80	4	20	0	0
Recomendacións	**37**	26	70	11	30	0	0
Suxestións	**13**	10	77	3	23	0	0
Total resolucións	**70**	52	74	18	26	0	0









3.1.4 AS RESPOSTAS ÁS RESOLUCIÓNS

A) RECORDATORIOS DE DEBERES LEGAIS

Área de urbanismo e vivenda

QUEIXA	ADMINISTRACIÓN	ESTADO ACTUAL
Q/267/05	Concello de Ferrol	Non aceptado
Q/1003/05	Concello de Carnota	Aceptado
Q/165/06	Concello de Mondariz	Aceptado
Q/986/06	Concello de Soutomaior	Aceptado
Q/1467/06	Concello de Cabanas	Non aceptado
Q/1774/06	Concello de Cangas	Aceptado
Q/1797/06	Concello de Boiro	Aceptado
Q/627/07	Concello de Rois	Aceptado
Q/128/08	Concello de Tomiño	Aceptado

Área de traballo e emigración

QUEIXA	ADMINISTRACIÓN	ESTADO ACTUAL
Q/2187/07	Secretaría Xeral da Consellería de Educación e Ordenación Universitaria	Aceptado

Área de sanidade

QUEIXA	ADMINISTRACIÓN	ESTADO ACTUAL
Q/815/07	Dirección Provincial do *Servizo Galego de Saúde* de Lugo	Aceptado

Área de administración económica, comunicacións e novas tecnoloxías

QUEIXA	ADMINISTRACIÓN	ESTADO ACTUAL
Q/240/08	Delegación Territorial da Consellería de Economía e Facenda de Vigo	Aceptado
Q/519/07	Concello de Vigo	Aceptado
Q/1241/08	Concello de Santiago de Compostela	Aceptado

Área de organización e funcionamento de réxime local e protección civil

QUEIXA	ADMINISTRACIÓN	ESTADO ACTUAL
Q/1881/07	Concello de Melide	Aceptado
Q/206/08	Concello de Boiro	Non aceptado
Q/285/08	Concello da Pobra do Caramiñal	Aceptado
Q/371/08	Concello de Boiro	Non aceptado
Q/2143/08	Concello de Marín	Aceptado

Área de obras públicas e expropiacións

QUEIXA	ADMINISTRACIÓN	ESTADO ACTUAL
Q/120/08	Consellería de Política Territorial, Obras Públicas e Transportes	Aceptado

B) RECOMENDACIÓNS

Área de urbanismo e vivenda

QUEIXA	ADMINISTRACIÓN	ESTADO ACTUAL
Q/1124/05	Concello de Malpica	Aceptada
Q/1615/07	Concello de Ribeira	Aceptada
Q/2069/07	Concello da Coruña	Aceptada
Q/107/08	Delegación Provincial Consellería de Vivenda e Solo de Pontevedra	Aceptada
Q/758/08	Concello de Carballedo	Aceptada
Q/226/08	Concello de Nigrán	Aceptada

Área de medio ambiente

QUEIXA	ADMINISTRACIÓN	ESTADO ACTUAL
Q/2059/07	Concello de Ribeira	Non aceptada
Q/1264/06	Consellería do Medio Rural	Aceptada
Q/1264/06	Concello de Gondomar	Aceptada
Q/745/07	Consellería de Medio Ambiente e Desenvolvemento Sostible	Aceptada
Q/719/06	Concello de Ponteareas	Aceptada
Q/1650/07	Concello de Noia	Aceptada
Q/2071/07	Concello de Noia	Non contestada e Non aceptada
Q/1892/07	Consellería de Medio Ambiente e Desenvolvemento Sostible	Aceptada
Q/1892/07	Consellería de Innovación e Industria	Parcialmente aceptada
Q/1892/07	Consellería de Política Territorial, Obras Públicas e Transportes	Aceptada
Q/788/06	Consellería de Medio Ambiente e Desenvolvemento Sostible	Non aceptada
Q/920/08	Concello de Moraña	Non aceptada
Q/488/01	Concello de Tui	Aceptada
Q/801/04	Concello de Redondela	Non aceptada
Q/751/06	Concello de Vigo	Aceptada
Q/1399/07	Concello de Ribeira	Non aceptada

Área de obras públicas e expropiación

QUEIXA	ADMINISTRACIÓN	ESTADO ACTUAL
Q/1922/07	Concello de Carballo	Aceptada
Q/1573/07	Consellería de Vivenda e Solo	Non aceptada
Q/1248/06	Concello de Moaña	Aceptada
Q/1108/05	Concello de Boiro	Aceptada
Q/2165/07	Consellería de Innovación e Industria	Aceptada
Q/1067/08	Consellería de Política Territorial, Obras Públicas e Transportes	Aceptada

Área de administración económica, comunicacións e novas tecnoloxías

QUEIXA	ADMINISTRACIÓN	ESTADO ACTUAL
Q/1311/08	Compañía Radio Televisión de Galicia	Aceptada

Área de organización e funcionamento de réxime local e protección civil

QUEIXA	ADMINISTRACIÓN	ESTADO ACTUAL
Q/21/08	Concello de Val do Dubra	Aceptada
Q/29/08	Concello de Arteixo	Aceptada
Q/54/08	Consorcio As Mariñas	Non aceptada
Q/54/08	Concello de Cambre	Non aceptada
Q/206/08	Concello de Boiro	Non aceptada
Q/371/08	Concello de Boiro	Non aceptada
Q/1338/08	Concello de Pontevedra	Aceptada

Área de menores

QUEIXA	ADMINISTRACIÓN	ESTADO ACTUAL
Q/1734/07	Dirección Xeral de Acción Social	Aceptada

C) SUXESTIÓNS

Área de emprego público e interior

QUEIXA	ADMINISTRACIÓN	ESTADO ACTUAL
Q/824/07	Concello de Vigo	Aceptada

Área de Educación

QUEIXA	ADMINISTRACIÓN	ESTADO ACTUAL
Q/1826/07	Universidad de Vigo	Aceptada
Q/1826/07	Universidad de Santiago de Compostela	Aceptada
Q/1826/07	Universidad de A Coruña	Aceptada
Q/1826/07	Consellería de Educación e Ordenación Universitaria	Aceptada
Q/22/08	Consellería de Educación e Ordenación Universitaria	Aceptada
Q/134/08	Consellería de Educación e Ordenación Universitaria	Non Aceptada
Q/305/08	Consellería de Educación e Ordenación Universitaria	Aceptada
Q/874/08	Universidad de Santiago de Compostela	Non Aceptada
Q/1921/08	Secretaría Xeral de Política Lingüística	Aceptada

Área de administración económica, comunicacións e novas tecnoloxías

QUEIXA	ADMINISTRACIÓN	ESTADO ACTUAL
Q/1311/08	Compañía Radio Televisión de Galicia	Aceptada

Área de Cultura e política lingüística

QUEIXA	ADMINISTRACIÓN	ESTADO ACTUAL
Q/1066/08	Colegio Oficial de Arquitectos de Galicia	Non aceptada
Q/1702/08	Secretaría Xeral de Política Lingüística	Aceptada

CAPÍTULO 4
RELACIÓNS INSTITUCIONAIS

No presente capítulo recóllese, de maneira concisa, a actividade máis destacada desempeñada polo Valedor do Pobo no ámbito das institucións durante o ano 2008; incidindo, con especial atención, nas relacións mantidas co Parlamento de Galicia, do que esta oficina é alto comisionado e ao que se dirixe para dar conta dos seus informes ordinarios e extraordinarios, así como das actividades de relevancia que se desenvolven no seo do organismo. É obxectivo precisamente do Valedor do Pobo reforzar estas relacións nos próximos anos, tal e como se recolle no Plan Estratéxico 2007-2012 entregado á presidencia da Cámara durante o exercicio que se somete a revisión, coa intención de incidir en asuntos de especial relevancia social, que preocupan aos galegos e a colectivos máis vulnerables nas súas relacións coa administración.

A actividade desta valedoría durante o exercicio 2008 estivo marcada de forma notable pola consolidación do traballo desempeñado por D. Benigno López González como titular da institución, constituíndo o período comprendido entre xaneiro e decembro do 2008 o primeiro exercicio completo xestionado polo actual valedor do pobo, desde que tomara posesión en xullo do 2007.

A presenza e representación do Valedor do Pobo en encontros nacionais e internacionais e o seu permanente contacto con altos comisionados e/ou valedores doutras comunidades, así como representantes dos poderes públicos e colectivos cidadáns, sae fortalecida como a vía óptima para compartir experiencias sobre problemáticas comúns a todos eles e como unha ferramenta de permanente conexión a través da que tamén se dan a coñecer as especificidades de cada autonomía no que ás reclamacións cidadás se refire; e de ser o caso, de cada un dos sectores sociais que reclaman actuacións.

Nun medio máis próximo, a difusión do *Plan Estratéxico do Valedor do Pobo ata o ano 2012* cunha serie de obxectivos moi claros, así como a posta en marcha de campañas divulgativas en solitario, ou co conseguinte convenio con diferentes entidades, contribuíron a abrir as portas do alto comisionado parlamentario á cidadanía e a consolidar o seu papel activo, cumprindo co compromiso de modernización e de proximidade coas persoas, apuntado polo actual titular.

Dado o carácter heteroxéneo da axenda institucional e dos contactos do valedor con responsables públicos, políticos e da sociedade civil; así como a propia dificultade que comporta catalogala dunha maneira coherente, a presente exposición pretende facer unha enumeración da actividade máis relevante levada a cabo polo alto comisionado durante o exercicio 2008, que é obxecto de análise neste informe, partindo das comparecencias parlamentarias, para continuar cos contactos institucionais dentro e fóra da sede, reunións de traballo, actos oficiais, viaxes e conferencias pronunciadas no período.

4.1 ACTIVIDADES PARLAMENTARIAS. INFORMES ORDINARIOS E EXTRAORDINARIOS

4.1.1 INFORME ORDINARIO

O informe ordinario anual correspondente ao ano 2007 foi presentado á presidenta do Parlamento Galego o día 21 de xullo do 2008. A entrega oficial realizouse nun lapis de memoria e a continuación deuse difusión pública ao contido do informe a través dos medios de comunicación, as páxinas web do Valedor do Pobo e do Parlamento e outras canles habituais.

O documento entregado daba conta do exercicio do 2007, no que se tramitaron un total de 2280 queixas, que supoñían medio centenar máis que no 2006 e dun fito numérico na historia do Valedor do Pobo, ao superarse a barreira das 25 000 reclamacións atendidas desde que este alto comisionado parlamentario iniciara a súa actividade.

O resto das comparecencias do valedor do pobo no Parlamento Galego vinculadas ao citado informe, realizáronse consonte a seguinte exposición:

Intervención do valedor ante a Comisión de Peticións do Parlamento para expoñer con máis detalle o informe anual correspondente ao exercicio 2007. Realizada o 22 de setembro do 2008. D. Benigno López compareceu ante os representantes dos tres grupos parlamentarios para mostrar de maneira resumida os asuntos que preocuparan ás persoas que se dirixiron a el. Nas súas intervencións insistiu na tarefa que ten encomendada de

difundir “cales son as inquietudes reais da sociedade galega e que tipo de atención da administración reclama”. Neste sentido, e entre as preocupacións destacables polo número de queixas recibidas e a alarma social espertada, Benigno López sinalou asuntos como o das listas de espera da sanidade, as excesivas demoras da Xustiza, os problemas denunciados polas familias para escolarizar os nenos, ou os ruídos, entre outros.

O titular do alto comisionado parlamentario deu un sentido especial ao informe por “abarcar os primeiros pasos dunha renovada xestión”. Tamén destacou o “aceptable nivel de colaboración” encontrado no transcurso do exercicio, que comprendeu o seu primeiro semestre de mandato, no que non se viu obrigado a declarar entorpecedor o comportamento de ningunha administración. Outro dos aspectos no que insistiu tivo que ver coa actividade de oficio exercida pola institución, en total corenta queixas partiron dela a propia iniciativa durante o 2007, o que “consolida o seu papel activo tamén na vixilancia do comportamento das administracións e na denuncia de situacións pouco acordes coas boas prácticas presumidas”.

O valedor expuxo o contido do Informe Ordinario 2007 ante o pleno do Parlamento de Galicia (11-11-2008). Durante algo máis de cincuenta minutos, o valedor do pobo, Benigno López González, resumiu as súas actividades do ano pasado facendo incidencia nos asuntos que chamaron a súa atención dentro da misión fiscalizadora da administración que ten encomendados e aos que dedicou gran parte da súa intervención. Ao terminar, e sendo fiel ás Normas reguladoras das relacións entre o Parlamento e o Valedor do Pobo (*Boletín Oficial do Parlamento*, n.º 151, 1 de xuño de 1991) desprazouse, xunto ao seu gabinete, á sede da institución para seguir o debate parlamentario e tomar apuntes das suxestións dos voceiros dos tres grupos.

O 22 de abril do 2008, noutra orde de cousas, o valedor do pobo compareceu ante o pleno do Parlamento de Galicia para expoñer de modo resumido o informe ordinario correspondente ao ano 2006 e que fora desenvolvido durante o mandato do anterior titular da institución, D. José Ramón Vázquez Sandes.

4.1.2 INFORME EXTRAORDINARIO

O valedor do pobo entregou á presidencia do Parlamento Galego o 7 de abril o Informe Extraordinario "*Menores vulnerables: desprotección e responsabilidade penal*", que analiza a situación dos menores desprotexidos en Galicia, en especial a dos residentes en centros tutelados; e por outra parte a dos rapaces infractores sometidos a réximes de internamento. Entre as conclusións deste traballo desenvolvido durante o ano 2006 inclúense recomendacións para as administracións galegas, como a necesidade de avogar polo acollemento familiar, en vez do residencial, ou a de buscar alternativas en liberdade para o cumprimento de penas no caso dos rapaces infractores.

Para a realización do informe, unha representación do Valedor desprazouse aos sete centros de internamento de menores infractores existentes na comunidade durante o ano 2006 e a 26 das 70 residencias para menores protexidos. As entrevistas co persoal e os internos destes recintos permitiron debuxar unha radiografía da realidade que viven estes rapaces e facer propostas para mellorar a súa situación na protección dos seus dereitos.

As comparecencias do valedor do pobo no Parlamento Galego vinculadas ao devandito informe extraordinario, discorreron na seguinte orde:

O 9 de xuño do 2008 compareceu D. Benigno López González ante a Comisión de Peticións do Parlamento de Galicia en relación co Informe Extraordinario de Menores, onde respondeu ás aclaracións requiridas polos voceiros dos grupos e realizou unha exposición sucinta do traballo.

4.1.3 ACTIVIDADE EXERCIDA POLA INSTITUCIÓN

4.1.3.1 Un plan estratéxico a cinco anos

O actual valedor do pobo presentou no mes de marzo ante o Parlamento de Galicia o seu Plan Estratéxico con vixencia para o período 2007-2012, no que apuntala as

liñas mestras para mellorar a prestación de servizos da institución e a atención ás persoas axilizando os seus trámites, garantindo o principio de transparencia e unha maior participación da sociedade na denuncia de problemas que lle afectan.

A aposta polas novas tecnoloxías faise evidente no documento, que aventura un futuro non moi lonxe, no que os cidadáns poderán ter acceso telemático ao estado das súas queixas, cando a práctica totalidade das comunicacións coa sociedade se realizarán por medios electrónicos. O período permitirá estudar a viabilidade de establecer novos mecanismos para estar en contacto co cidadán, ben a través de liñas telefónicas, vídeoconferencia ou outros sistemas de nova consolidación.

As actuacións fixan a súa atención na relación de servizo do Valedor coas persoas en xeral, coa infancia en particular así como no desenvolvemento das relacións institucionais, a avaliación externa do funcionamento da administración pública, unha estratexia institucional ambiental e o impulso da sociedade da información.

O plan estratéxico completo está dispoñible na sección de “documentación” da web institucional: http://www.valedordopobo.com.

4.1.3.2 Novos mecanismos de comunicación institucional

O Valedor do Pobo renovou no último ano a súa imaxe institucional co fin de facela máis recoñecible e validar a súa propia identidade como ente mediador entre os galegos e as administracións locais, provinciais e da comunidade. A nova simboloxía, que xa se utiliza en todas as comunicacións internas e externas da oficina, pretende transmitir unha mensaxe de solidez e neutralidade, a mesma que rexe os comportamentos do alto comisionado parlamentario.

A simetría é unha das constantes tanto no símbolo coma no renovado logotipo da institución que, como recolle o propio Manual de Identidade Corporativa "transmite polos seus elementos e disposición unha imaxe clara de modernidade e solidez". Catro círculos verdes, que simbolizan as catro provincias galegas, camiñan cara a un quinto de color

agrisada, que representa a administración. Fano en perfecta harmonía, a mesma que persegue o valedor galego na súa tarefa de atender as persoas e mellorar as súas relacións coa administración.

Coincidindo co primeiro aniversario da toma de posesión do actual valedor do pobo, Benigno López González, tamén se volveu deseñar en forma e fondo a súa presenza institucional en internet cun renovado portal, no que a información e os contidos multimedia, incluída unha videoteca e unha fonoteca, ganaron peso.

A elaboración dun boletín electrónico mensual informativo gratuíto, que se fai chegar vía correo electrónico aos medios de comunicación, así como ás valedorías autonómicas, constitúe outra das novidades enmarcadas na estratexia comunicativa.

4.1.3.3 O Valedor, membro de pleno dereito da ENOC

A institución do Valedor do Pobo foi recoñecida como membro de pleno dereito da ENOC, a rede europea de valedores dos dereitos da infancia, no transcurso do seu congreso anual celebrado entre os días dous e seis de setembro do 2008 en Dublín.

A *European Network of Ombudsmen for Children* (ENOC) é unha entidade de carácter europeo que reúne a axentes independentes na defensa dos dereitos da infancia. A incorporación do Valedor do Pobo a esta rede permitirá á institución galega coñecer as experiencias e prácticas en materia de menores realizadas polas entidades europeas así como estar en contacto con representantes de Nacións Unidas, do Consello de Europa e de Unicef.

A ENOC fundouse no ano 1997 e está integrada por institucións independentes de valedorías dos dereitos do menor nos estados membro do Consello de Europa. Entre as súas actividades destacan a promoción e protección dos dereitos dos nenos e o desenvolvemento de estratexias que lles permiten actuar como voceiros destes. Os trámites para o ingreso do actual valedor do pobo, Benigno López, nesta organización se iniciaran

un ano antes, tras acudir a institución como observadora ao congreso anual que se celebrou no 2007 en Barcelona.

4.1.3.4 Campaña contra o castigo corporal aos nenos

Os galegos foron espectadores, grazas á iniciativa do Valedor do Pobo, dun anuncio televisivo contra o castigo físico aos nenos emitido a través da canle autonómica Televisión de Galicia. A campaña desenvolvida polo Consello de Europa, cuxa difusión foi encomendada ao Valedor do Pobo na comunidade autónoma, aspiraba a concienciar as familias de que "as mans deben coidar, non pegar" ou da necesidade de alzar a man "contra o castigo corporal".

A produción baséase na prohibición de golpear ou castigar fisicamente aos nenos, e foi emitida en horarios de máxima audiencia desde o Día da Infancia, 20 de novembro do 2008, e durante dous meses.

Coincidindo coa estrea televisiva, o arquivo de vídeo na súa versión en galego púxose a disposición de todos os interesados na páxina web do Valedor, onde permanece publicado.

4.1.3.5. O libro *os dereitos dos nenos*

A institución do Valedor e Unicef Galicia asinaron o 17 de febreiro un convenio marco de colaboración que permitiu, entre outras iniciativas que chegarán no futuro, a distribución de 21 000 exemplares da publicación *O meu libro dos dereitos* entre as familias que acoden ao rexistro civil ou aos xulgados de paz a rexistrar aos seus novos fillos. O documento componse dunha pequena guía sobre os dereitos dos cativos establecidos na Convención de Dereitos do Neno e sobre as obrigacións que os pais teñen que asumir. Ambas as institucións consideraron a importancia de coñecer os aspectos esenciais desta convención xa que, como recolle o propio prólogo da publicación: “Nela foméntase o diálogo e o respecto mutuo, recollendo os dereitos e as necesidades propias

dos nenos/as pero tamén a responsabilidade e obrigación de cumprir os dereitos dos demais".

Un dos atractivos do *Libro de dereitos do neno* radica na posibilidade que ofrece aos receptores de interactuar, xa que reserva espazos para incluír fotografías dos familiares, datas importantes, crear os primeiros debuxos, etc.

A Consellería de Presidencia colabora nesta iniciativa co financiamento e o Tribunal Superior de Xustiza de Galicia foi responsable de distribuír as instrucións oportunas entre un total de 314 rexistros e xulgados de paz galegos para a repartición dos libros, e os carteis alusivos que se repartiron durante a campaña.

4.1.3.6 Campaña "Traslado ilegal de menores"

O Valedor sumouse en abril á difusión *on line* do tríptico *Traslado ilegal de menores* con intención de informar sobre as situacións que afectan aos nenos e adolescentes que son retidos ou trasladados do seu país ou residencia habitual como resultado de crises de parella dos seus proxenitores, cos graves danos psicolóxicos e emocionais que padecen. a campaña, de índole internacional, estaba comandada en España pola Subdirección Xeral de Cooperación Xurídica Internacional do Ministerio de Xustiza.

O folleto permitiu difundir os mecanismos internacionais para a prevención destas situacións, que implican a utilización de menores e a vulneración dos seus dereitos, servindo como guía para que os cidadáns saiban a quen dirixirse en caso de coñecer ou estar afectados por unha destas situacións.

4.1.3.7 Visitas á institución

Durante a anualidade que se somete a revisión visitaron a sede da institución diferentes grupos de estudantes universitarios e de institutos repartidos por toda Galicia; entre eles grupos procedentes do IES Armando Cotarelo de Vilagarcía (19 de febreiro), IES Antón Fraguas de Santiago (19 de febreiro), IES Virxe do Mar de Noia (20 de

febreiro), alumnos da Facultade de Ciencias Sociais da Universidade de Vigo (8 de maio), da Facultade de Ciencias Xurídicas e do Traballo (16 de maio), IES A Paralaia de Moaña (2 de decembro) e IES Auga de Laxe de Gondomar (15 de decembro).

Tamén se desprazaron ás dependencias do Valedor do Pobo un grupo de internos do Centro de Maiores Caixa Galicia.

4.1.4 VISITAS E ACTOS OFICIALES E PROTOCOLARIOS

O Valedor do Pobo recibiu a visita de personalidades do ámbito da xustiza, a sociedade e a administración, e asistiu a innumerables actos oficiais e protocolarios durante a anualidade, algúns dos cales se enumeran a continuación:

- Entrega de Premios Galicia Comunicación. Gran Hotel de A Toxa. 11 de xaneiro.

-Acto de toma de posesión do Excmo. Sr. D. José María Barja, como reitor da Universidade da Coruña. A Coruña, 14 de xaneiro.

-A avogada xefe do Estado, Consuelo Castro, foi recibida polo Valedor do Pobo na sede da institución. 15 de xaneiro.

-Inauguración dos innovadores Laboratorios de ADN da Policía Nacional. A Coruña. 16 de xaneiro.

-Celebración de “A noite dos autores” no Hostal dos Reis Católicos. Santiago de Compostela, 17 de xaneiro.

-Entrega do título de *Fillo Predilecto da Provincia* a D. Santiago Rey Fernández-Latorre por parte da Deputación da Coruña. Mariñán, 18 de xaneiro.

-Entrevista co alcalde da Coruña para mostrar o apoio do Valedor do Pobo á candidatura da Torre de Hércules a Patrimonio da Humanidade. A Coruña, 21 de xaneiro.

-Acto de constitución da Fiscalía Superior de Galicia. Tribunal Superior de Xustiza de Galicia, 21 de xaneiro.

-Visita de D. Faustino Gutiérrez Alviza, vocal do Consello Xeral do Poder Xudicial á sede do Valedor do Pobo. 24 de xaneiro.

-Actos de celebración da festividade de Santo Tomé de Aquino organizados pola Universidade de Santiago de Compostela. Facultade de Humanidades de Lugo, 28 de xaneiro.

-Visita do Conselleiro Maior de Contas ao Valedor do Pobo. Santiago de Compostela, 29 de xaneiro.

-Presentación do novo Centro Social de Caixanova no Hostal dos Reis Católicos. Santiago de Compostela, 8 de febreiro.

-Entrega da Medalla de Ouro da Provincia a D. Roberto Tojeiro. Pazo de Mariñán, 15 de febreiro.

-Entrevista do Valedor do Pobo co Presidente do Tribunal Superior de Xustiza de Galicia. Sede do Tribunal Superior de Xustiza de Galicia, A Coruña, 20 de febreiro.

-Acto de clausura do Curso Superior de Dereito Comunitario na sede da EGAP. Santiago de Compostela, 3 de marzo.

-Inauguración da Exposición Nacional da Construción Naval no Arsenal de Ferrol. Ferrol, 10 de marzo.

-Acto de toma de posesión dos membros do Consello Consultivo de Galicia no Pazo de Raxoi. Santiago de Compostela, 11 de marzo.

-O Valedor do Pobo recibe na sede da institución ao Almirante Xefe do Arsenal de Ferrol. Santiago de Compostela, 17 de abril.

-Investidura como Doutor *Honoris Causa* de D. Jaime Gil Aluja por parte da Universidade de Santiago. Colexio Fonseca, Santiago de Compostela, 23 de abril.

-Acto institucional do Concello coruñés da Función do Voto. A Coruña, 11 de maio.

-Acto central de conmemoración do Día das Letras Galegas presidido polo presidente da Xunta, Emilio Pérez Touriño. Fundación Rosalía de Castro de Padrón, 15 de maio.

-Recepción institucional organizada con motivo do VIII Centenario da concesión da carta-foro á cidade da Coruña. Palacio Municipal da Coruña, 31 de maio.

-Ofrenda do Antigo Reino de Galicia a Xesús Sacramentado. Lugo, 1 de xuño.

-Recepción ás autoridades organizada polo Corpo Consular en Vigo. Vigo, 2 de maio.

-Encontro da 26ª Promoción da Carreira Xudicial. A Coruña, 7 de xuño.

-Toma de posesión do tenente xeneral José Luís López Rose como xefe da Forza Loxística Operativa. Palacio de Capitanía da Coruña, 11 de xuño.

-O coronel xefe do Aeródromo Militar de Santiago, Miguel Ángel Pérez Herrero, desprazouse ata a rúa do Hórreo para saudar o valedor do pobo e coñecer a sede da institución.

-O valedor recibiu no seu despacho ao presidente do Comité Galego de Xustiza Deportiva, Roberto Pérez López. 17 de xuño.

-Inauguración da XII Edición da Escola de Verán do Poder Xudicial. Mariñán, 17 de xuño.

-Acto de entrega de mando do Aeródromo e da Comandancia Aérea de Santiago ao coronel D. Eduardo Canelada Sánchez. Aeródromo Militar de Santiago, 26 de xuño.

-Cerimonia de Concesión das Medallas Castelao na Igrexa de San Domingos de Bonaval. Santiago de Compostela, 28 de xuño.

-Acto de presentación de "*Plan da muller: un ano despois*". Palacio de Exposicións de Santiago, 2 de xullo.

-O Valedor do Pobo recibe na sede da institución a D. Eduardo Canelada, novo coronel xefe do Aeródromo Militar de Santiago. 10 de xullo.

-Actos de celebración da festividade de San Ivo, patrón dos procuradores. A Coruña, 11 de xullo.

-Acto de celebración do VIII Aniversario da concesión da carta-foro á cidade da Coruña presidido por SSMM os Reis. A Coruña, 15 de xullo.

-Xura de bandeira dos aspirantes de primeiro curso e entrega de despachos aos novos oficiais e nomeamento de oficial aos militares de complemento. Marín, 16 de xullo.

-Acto de xura dos xuíces pertencentes á 58ª promoción da Carreira Xudicial destinados en Galicia. A Coruña, 18 de xullo.

-O valedor do pobo participa nos "*Encontros dixitais*" de Lavozdegalicia.es, onde puido charlar cos internautas conectados á páxina a través de Internet. Sabón, Arteixo, 21 de xullo.

-Acto "*E a vitoria chegou: Pazo Baión*" de entrega do Pazo, presidido polo Presidente da Xunta de Galicia. Vilanova de Arousa, 23 de xullo.

-Actos de celebración do Apóstolo. Santiago de Compostela, 24-25 de xullo.

-Concesión da Medalla de Ouro de Galicia á Editorial Galaxia. San Domingos de Bonaval, Santiago. 25 de xullo.

-Inauguración da exposición "*De Vigo a Bos Aires, Laxeiro e a pintura de Posguerra*" no Parlamento de Galicia. Santiago de Compostela, 9 de setembro.

-Actos oficiais de conmemoración do Día da Policía. A Coruña e Santiago, 2 de outubro.

-Recepción institucional con motivo da apertura do ano xudicial no Tribunal Superior de Xustiza de Galicia. A Coruña, 10 de outubro.

-Actos de conmemoración da festividade do Pilar por parte da Garda Civil. Mariñán, 10 de outubro.

-Cerimonia de entrega das Medallas de ouro ao Mérito nas Belas Artes celebrada no Teatro Colón da Coruña. 15 de outubro.

-Acto de entrega dos premios "*Galego do Ano*" e "*Galego do Mes*" promovidos polo *Correo Galego*. Auditorio de Galicia, Santiago, 23 de outubro.

-Almorzo informativo en Radio Coruña, *Cadena Ser*. A Coruña, 6 de novembro.

-"*Noite galega das telecomunicacións*" celebrada na Toxa. 7 de novembro.

-Actos do 50 Aniversario da constitución da Xefatura Superior de Policía de Galicia. Fundación Caixa Galicia. A Coruña, 25 de novembro.

-Recepción institucional no Palacio Municipal da Coruña presidido por SS.MM. os Príncipes de Asturias.

-Acto institucional de conmemoración do XXX Aniversario da Constitución, organizado pola Delegación do Goberno en Galicia. A Coruña, 5 de decembro.

-Actos de conmemoración da translación dos restos do Apóstolo Santiago. 30 de decembro.

4.1.5 REUNIÓNS DE TRABALLO NACIONAIS E INTERNACIONAIS

-Reunión preparatoria das Xornadas de Coordinación de Valedores. O valedor do pobo, Benigno López González, asistiu en Oviedo o 1 de febreiro á reunión preparatoria das Xornadas de Coordinación de Valedores que se celebrarían en Asturias entre os días 29 de setembro e 1 de outubro. O encontro permitiu configurar o esquema de traballo e deseñar unha programación provisional de conferencias, mesas redondas e xornadas da cita anual dos valedores.

-Congreso "A trata de nenos e nenas"

A institución participou en Madrid os días 28 e 29 de xaneiro no congreso "*A trata de nenos e nenas*" convocado pola organización Save the Children para analizar o calado deste problema na sociedade española. Segundo puido constatarse, esta lacra xa se converteu no terceiro negocio ilícito máis lucrativo do mundo despois do tráfico de drogas e do de armas, e calcúlase que move uns 23 500 millóns de euros ao ano no mundo. No encontro de Madrid déronse a coñecer datos da Organización para a Seguridade e a Cooperación en Europa (OSCE) sobre a incidencia destas prácticas en España. Os menores identificados pola policía, vítimas da explotación son xa 20 000 que foron obrigados a prostituírse, mendigar, cometer delitos ou incluso foron vítimas de redes internacionais de

delincuencia nas que se lles obriga a traballar ou se lles somete a adopcións irregulares, entre outras prácticas. A reunión de Madrid permitiu por outro lado constatar que as principais causas desta “escravitude do século XXI” son económicas (elevados niveis de pobreza), sociais (desigualdade de oportunidades), políticas (demasiados conflitos armados) e culturais (patróns sexistas).

Coa súa representación, o Valedor deixou as portas da institución “abertas para o traballo conxunto” con cantas persoas, organizacións e institucións estean implicadas en facer fronte a esta lacra social e ratifica o seu compromiso para “promocionar, capacitar, discutir e informar para facer visible o invisible”.

-Sinatura dun convenio marco de colaboración con Unicef

O valedor do pobo, Benigno López González, e o presidente de Unicef Galicia, Manuel Sández Macho, formalizaron o 18 de febreiro a sinatura dun convenio marco de colaboración entre as dúas entidades para traballar a favor dos dereitos da infancia na comunidade galega.

O documento sinala os obxectivos comúns das dúas institucións para desenvolver un traballo conxunto de promoción e salvagarda dos dereitos dos nenos e nenas, que se poderá articular en actuacións máis concretas como a posta en marcha de investigacións ou estudos para radiografar a situación da infancia na comunidade e a organización de xornadas e seminarios que permitan indagar en asuntos vinculados cos dereitos da infancia.

-Xornadas “*As relacións entre os valedores do pobo e a administración de xustiza*” da Palma.

Os días 4 e 5 de abril celebráronse en Santa Cruz da Palma as xornadas "*As relacións entre os valedores do pobo e a administración de xustiza*", convocadas polo Deputado do Común do arquipélago, e con asistencia de Benigno López.

Froito das sesións de traballo, aprobouse un documento de conclusións entre as que destacan a petición dos asistentes e promover iniciativas encamiñadas á solicitude

directa de información ante os órganos xudiciais afectados polas queixas referidas ao seu funcionamento. As xornadas serviron tamén para insistir na independencia dos xuíces xa que "o exercicio da potestade xurisdicional corresponde de maneira exclusiva aos xuíces e maxistrados determinados polas leis que actúan con plena independencia á hora de xulgar e facer executar o xulgado" recolle o primeiro punto do documento de conclusións consensuadas polos valedores, que tamén defende o pleno respecto á súa función por parte dos comisionados.

Outro dos aspectos acordados tivo que ver coa "desexable colaboración activa dos valedores co Poder Xudicial, cando así sexa solicitada por xuíces e maxistrados no desenvolvemento de procedementos xudiciais en curso" e coa intervención con plena competencia en caso de queixas referidas á xestión de medios para o exercicio da función xurisdicional do Defensor del Pueblo, ou dos comisionados autonómicos, no caso de ter as competencias transferidas.

-Conferencia internacional de Gante: “*The impact of the ombudsman*”.

A conferencia internacional "The impact of the ombudsman" (o impacto do valedor) celebrouse os días 14 e 15 de abril na localidade belga de Gante e contou co apoio dun centenar de participantes procedentes de diferentes continentes.

A organización correu a cargo da valedoría do pobo de Gante, que organizou tres mesas de traballo verbo dos temas: "*Como medir o impacto dos valedores*", "*Que factores inflúen no impacto*" e "*A relación entre os valedores e os medios de comunicación*".

Entre os conferenciantes estiveron Emily O’Reilly, pola oficina irlandesa; Alice Brown, de Escocia; Albert Trévoédhrè, de Benin; Hafez ElSaid Ahmed Abo-Saidaa, que falou da experiencia en Exipto e a rexión árabe; ou incluso Rafael Ribó, o valedor catalán, único relator en representación de España.

A convocatoria fíxose coincidir co décimo aniversario da existencia da figura do valedor en Gante.

-O Valedor do Pobo, presente nunha mesa sobre antenas de telefonía móbil.

O Valedor do Pobo participa desde o 28 de abril nunha mesa de traballo sobre os problemas derivados das antenas de telefonía móbil en Galicia, unha iniciativa consensuada coa Consellería de Presidencia, a Fegamp, e os principais operadores de telefonía móbil, representados nela. O obxectivo de todos consiste en achegar posturas para articular unha estratexia común de cara a afrontar o problema da instalación de antenas de telefonía móbil en Galicia. Trátase de dar cobertura e afrontar dunha maneira uniforme os criterios para outorgar licenzas, promovendo desde o grupo que a sociedade estea máis informada sobre o presunto risco para a saúde que poden supoñer este tipo de instalacións.

A colocación de antenas de telefonía cerca de núcleos de poboación é unha queixa habitual recibida na área de Medio Ambiente do Valedor do Pobo desde a que se defende tamén a cobertura universal e a instalación de antenas. A nova xeración de telefonía precisará aínda de máis infraestrutura, polo que se fai preciso abordar este problema.

-Reunión de valedores en Expo Zaragoza.

O Valedor do Pobo desprazouse o 8 de xullo a Zaragoza para asistir ás xornadas de valedores autonómicos convocadas polo Xustiza de Aragón. Con motivo do encontro, os asistentes, entre os que se encontraban representantes de Andalucía, Valencia, Castela-A Mancha, a Rioxa, Asturias, Canarias e do Defensor del Pueblo puideron visitar o recinto da Expo que se celebra á beira do Ebro.

-Congreso *Women's Worlds*.

A institución estivo representada no mes de xullo en Madrid na décima edición do congreso *Women´s Worlds*, recoñecido como o máis importante sobre a muller a nivel internacional. A Universidade Complutense foi o escenario elixido nesta ocasión para a cita, que se celebra cada tres anos en diferentes puntos do planeta, sendo os últimos países anfitrións, Noruega, Uganda e Corea do Sur.

Consciente da importancia do encontro e da súa repercusión histórica, o Valedor do Pobo decidiu estar representado na cita co fin de transmitir tamén unha mensaxe optimista de unión e fortaleza para colaborar na extensión de redes de acción na comunidade.

As tres mil mulleres reunidas con ocasión do congreso, procedentes de cen países diferentes, puideron reflexionar desde unha perspectiva de xénero e interdisciplinar sobre problemas da súa incumbencia.

O congreso reservou un lugar central a dous grandes temas, as migracións e a violencia, analizados desde numerosas perspectivas e áreas do coñecemento.

-Conferencia anual da ENOC.

Celebrada o 3 de setembro na localidade irlandesa de Dublín, o alto comisionado parlamentario acudiu á duodécima edición da Conferencia da Rede Europea de Valedores do Neno (*European Network for Ombudsmens for Children*, ENOC). O encontro, que promove o intercambio de experiencias entre os asistentes así como a busca de ferramentas, estratexias e mecanismos de cara a mellorar a implementación da Convención dos Dereitos do Neno de Nacións Unidas; foi o marco elixido polas súas responsables para confirmar a inclusión do Valedor do Pobo como membro de pleno dereito da rede.

-XXIII Xornadas de Coordinación de Valedores.

Os días 29, 30 de setembro e 1 de outubro celebráronse en Asturias as "Xornadas de Coordinación dos Valedores do Pobo" ás que asistiu o valedor do pobo acompañado de varios membros do seu gabinete.

O tema obxecto destas xornadas foi nesta ocasión "*As persoas en situación de desprotección grave*". Ao finalizar o encontro emitíronse unhas conclusións asumidas por todos os valedores asistentes, que se recollen integramente a continuación:

"a desprotección social grave, como identificativa daquelas situacións provocadas por unha acumulación de carencias, de desvantaxes xeneralizadas, xeralmente evolutivas no tempo, e que imposibilitan ou incapacitan para o exercicio dos dereitos sociais que corresponden a unha cidadanía plena, constitúe obxecto de análise e intervención por parte de todas as valedorías no exercicio das súas funcións de garantes de dereitos que lles corresponde.

Malia que con frecuencia as nosas institucións se acercan aos sectores de poboación que sofren os efectos dunha grave desprotección social, o certo é que ese acercamento ten, en moitas ocasións, un carácter parcial. O que se pretende nas 23 Xornadas de Coordinación de Valedores do Pobo, é realizar e mostrar unha reflexión global da desprotección social como un proceso evolutivo, pluricausal, no que inciden e con distinta intensidade a ausencia ou insuficiencia dunha interrelación e transversalidade de distintas políticas públicas tales como as políticas económicas, de vivenda, educativas, de emprego, de ingresos básicos e inserción social, sanitarias, etc.

Analizáronse, pois, as políticas públicas existentes e a súa incidencia na desprotección social, advertíndose que aínda que os problemas ou condicionantes das persoas en situación de grave desprotección son globais, isto é, afectan a diferentes ámbitos da súa vida, sen embargo, con moita frecuencia, as intervencións sociais non son integrais, como consecuencia de rixideces estruturais ou competenciais e por unha ausencia de coordinación interadministrativa, sen que se contemple a dimensión transversal da exclusión e da desprotección social.

Desde as valedorías estímase imprescindible apelar á necesidade de que os poderes públicos deseñen e aborden intervencións integrais e coordinadas, que ofrezan unha resposta global ao conxunto das necesidades das persoas.

Estimamos que a este fin contribúe, sen dúbida, a aprobación de respectivos catálogos de dereitos sociais materializados en prestacións ou servizos aos que toda persoa ten dereito.

Un dos aspectos que en maior medida demanda unha intervención pública coordinada e multisectorial é, sen dúbida, o relativo á atención que precisan aquelas persoas que, por encontrarse nunha situación de especial vulnerabilidade, requiren apoios para desenvolver as actividades esenciais da vida diaria, procurándolles unha maior autonomía persoal e o pleno exercicio dos seus dereitos de cidadanía. Este é o obxecto, como é coñecido, da Lei 39/2006, do 14 de decembro, de promoción da autonomía persoal e atención ás persoas en situación de dependencia.

Dada a transcendencia da súa aprobación, toda vez que configura un novo dereito subxectivo de cidadanía, as valedorías participan da convicción, socialmente compartida, da importancia e necesidade de garantir unha implantación e un desenvolvemento adecuado da devandita lei.

Malia que somos conscientes da gran complexidade que concorre na implantación do sistema deseñado por esta lei, complexidade especialmente visible nos momentos iniciais, en tanto que ao tempo que se acomete o desenvolvemento normativo –sometido en gran parte ao principio de coordinación interterritorial- se ha de levar a cabo simultaneamente polas comunidades autónomas unha pronta e eficaz xestión administrativa.

Unha das notas definitorias da lei é precisamente o seu carácter consensuado; así o seu desenvolvemento e a implantación do sistema pasa pola necesidade de acordos previos entre todas as administracións públicas competentes, adoptados no seo do Consello Territorial. Os aspectos de desenvolvemento regulamentario que se someten a este, non só vinculan e condicionan o propio desenvolvemento do dereito, senón que comprometen o principio de igualdade no goce do dereito ás prestacións básicas que conforman o nivel mínimo do sistema de dependencia.

Constatada a ausencia de acordos en aspectos básicos como a contribución económica do usuario, as valedorías reivindicamos das administracións competentes un exercicio de responsabilidade pública en orde a chegar aos acordos necesarios que eviten a quebra do principio de igualdade.

Finalmente, debemos sinalar que se a desprotección social alude á dificultade ou imposibilidade que poden ter as persoas para ter asegurado o exercicio dos dereitos sociais recoñecidos constitucionalmente, resulta especialmente patente e visible que esta dificultade ou imposibilidade concorre significativamente naquelas que teñen limitada a súa capacidade de autogoberno como consecuencia de enfermidades mentais ou discapacidade intelectual e que se encontran nunha situación de carencia de recursos, apoios e ferramentas sociais e persoais .

Como é lóxico, a mingua na capacidade de obrar destas persoas exixe que os poderes públicos eviten o risco dunha desprotección social na que poden incorrer os que a padecen. Neste sentido, non cabe esquecer que malia que teñen limitada a súa capacidade de obrar, seguen sendo titulares dos dereitos constitucionalmente recoñecidos, entre os que, sen dúbida, cobran especial relevancia, o dereito á vida e integridade física, á súa dignidade persoal, materializados, dada a súa situación, no dereito á protección da súa saúde.

Neste sentido, as valedorías solicitamos dos poderes públicos, en relación coa protección social destas persoas, a prestación dunha efectiva e coordinada asistencia sociosanitaria que procure unha prevención, detección, diagnóstico, tratamento, atención e seguimento integrais.

Así mesmo, a necesaria dotación de recursos materiais e persoais, clinicamente idóneos ás diferentes patoloxías, adaptados ás necesidades e evolución do paciente, é unha exixencia que cabe facer ás administracións públicas, toda vez que coa súa insuficiencia se consolida unha grave desprotección pública. Cabe, así mesmo, solicitar dos poderes públicos unha reflexión sobre a posibilidade xurídica e a viabilidade científica de dar cobertura legal expresa á obrigatoriedade dos tratamentos e recursos sanitarios como instrumento de protección distinto e alternativo á incapacitación e ao internamento.

Finalmente, non podemos obviar a recente ratificación polo Estado Español, o pasado 3 de decembro do 2007, da Convención sobre os Dereitos das Persoas con

Discapacidade aprobada pola Asemblea Xeral das Nacións Unidas en decembro do 2006, cuxa entrada no ordenamento xurídico español pode facer preciso a modificación da normativa interna reguladora dalgúns ámbitos que inciden directamente no pleno exercicio dos dereitos das persoas con discapacidade garantidos na citada convención. A efectiva implantación desta no noso ordenamento xurídico exixe dos respectivos poderes públicos unha pronta actuación en tal sentido a cal, así mesmo, instamos mediante a presente declaración.

PROPOSTAS

En atención a canto se expuxo, os valedores e valedoras do pobo entenden que, en materia de desprotección social, os poderes públicos han de asumir un especial protagonismo e responsabilidade, mediante:

1.- A aprobación, no respectivo ámbito competencial autonómico, dunha carta de dereitos sociais na que se determinen as prestacións e servizos a garantir a todas as persoas, complementado coa adopción de medidas eficaces que aseguren entre outras:

- A concesión duns ingresos básicos que permitan cubrir as necesidades de subsistencia e garanten unhas condicións de vida dignas.

- O exercicio real e efectivo do dereito a gozar dun aloxamento digno a aquelas persoas que carecen de medios para procurarse del.

2.- O deseño e execución con carácter transversal das políticas públicas que inciden na eliminación das situacións de desprotección social ou minoran os riscos de padecela, demandándose a efectiva configuración do "espazo sociosanitario" e articulando:

- Iniciativas normativas configuradas con carácter interdepartamental e multidisciplinar.

- Estruturas orgánicas cuxa natureza, réxime de funcionamento e desenvolvemento práctico lles confira o carácter de efectivos instrumentos de coordinación con representación e corresponsabilidade dos distintos sectores implicados.

- Instrumentos funcionais que desenvolvan un traballo interdisciplinar orientado á valoración conxunta das necesidades e ao deseño de respostas, especialmente sociosanitarias, ben articuladas.

3.- A asunción dunha efectiva corresponsabilidade por parte de todas as administracións públicas competentes na implantación e desenvolvemento do sistema creado pola Lei 39/2006, do 14 de decembro, de promoción da autonomía

persoal e atención ás persoas en situación de dependencia, a fin de garantir o cumprimento do principio constitucional de igualdade no goce do dereito ás prestacións básicas que conforman o nivel mínimo do sistema de dependencia, instando para iso á adopción no seo do Consello Territorial dos acordos necesarios naquelas materias que, por imperativo legal, determinan a propia configuración do dereito subxectivo creado.

Así mesmo, e sen prexuízo da evidente complexidade que comporta a implantación e desenvolvemento inicial do recentemente creado sistema de dependencia, conscientes da transcendencia social que supón a creación do novo dereito subxectivo, cabe demandar das administracións públicas competentes que extremen o rigor na adopción de todas aquelas medidas normativas, organizativas e funcionais que, aínda eventualmente dotadas de carácter temporal ou conxuntural para asumir a xestión inicial do sistema, poidan sen embargo comprometer ou distorsionar a súa futura e imprescindible consolidación.

Cabe exixir, pois, unha continúa autoavaliación no desenvolvemento do sistema de dependencia e na calidade dos servizos que o integran, corrixindo e reorientado a xestión naqueles supostos nos que se detecten disfuncións, tales como poden ser os detectados nos momentos iniciais e que fundamentalmente se concretan en:

- A necesidade de potenciar e mellorar a calidade da información e orientación

que se subministra, especialmente en relación co acceso ao sistema en onde cabe exixir unha coordinación efectiva dos mecanismos que orientan o dito acceso.

- A necesidade de acometer unha mellora nos tempos de resposta entre a solicitude e a materialización do servizo ou prestación, debendo así mesmo, mellorarse a xeral ausencia normativa dunha previsión instrumental que posibilite a adopción temporal de respostas en caso de situacións de acreditada emerxencia.

- A necesidade de incorporar medidas que prevexan a evolución e tendencia da situación de dependencia persoal inicialmente valorada e apreciada, arbitrando instrumentos que garanten unha xestión unitaria do expediente persoal e do seu seguimento evolutivo.

4.- En relación coa protección social das persoas que, como consecuencia de enfermidades mentais asociadas ou non a trastornos psiquiátricos, teñen limitada a súa capacidade autogoberno, e por tanto minorado o exercicio dos dereitos sociais, cabe interesar dos poderes públicos competentes unha especial protección que se concreta nas seguintes demandas:

- A adopción de medidas directamente dirixidas a conformar unha conciencia social que exclúa a estigmatización, discriminación e marxinación destas persoas como instrumento imprescindible para preservar a súa dignidade.

- A prestación dunha efectiva e coordinada asistencia sociosanitaria que procure unha prevención, detección, diagnóstico, tratamento, atención e seguimento integrais, e que garante, en definitiva, o seu dereito á protección da saúde como condición necesaria para asegurar o goce do resto de dereitos sociais.

- A dotación de recursos materiais e persoais , clinicamente idóneos ás diferentes patoloxías, adaptados ás necesidades e á evolución do paciente.

- O establecemento de medidas tendentes a favorecer a accesibilidade na asistencia, mediante unha actividade asistencial proactiva, tendente á detección da necesidade, a un diagnóstico preciso e temperán da enfermidade, promovendo en todo caso a accesibilidade ao sistema, con formulas de intervención próximas, domiciliarias, flexibles e continuadas.

- O establecemento de fórmulas organizativas orientadas a mellorar a continuidade da asistencia (tratamento, rehabilitación, coidados, apoio) que, en todo caso ha de ter carácter multidisciplinar e garantir a implantación de procedementos de seguimento tendentes a evitar abandonos de tratamento e a propiciar unha normalidade convivencial.

- A realización dun estudo comparado en orde a promover unha reflexión sobre a posibilidade xurídica e a viabilidade científica de dar cobertura legal expresa á obrigatoriedade dos tratamentos e recursos sanitarios como instrumento de protección distinto e alternativo á incapacitación e ao internamento.

- A adopción de cantas medidas resulten necesarias en orde a garantir a fiscalización polas administracións públicas das estruturas administrativas ou institucionais que asumen o exercicio tutelar das persoas con incapacitación en situación de desprotección, así como a suficiencia financeira e a dotación de recursos e medios persoais suficientes, dotados da especialización necesaria para o correcto exercicio das ditas funcións.

5.- A análise da normativa actual a fin de examinar a súa adecuación á Convención sobre os dereitos das persoas con discapacidade e o seu protocolo facultativo, promovendo, de ser o caso, as modificacións normativas que resulten precisas para a garantía do seu exercicio.”

-III Congreso do Observatorio Internacional de Xustiza Xuvenil

O titular da institución participou os días 21 e 22 de outubro na Ciutat da Xustiza de Valencia no III Congreso Internacional do OIXX, o Observatorio Intertacional de Xustiza Xuvenil que versou na súa última edición sobre "*Sistemas de Xustiza Xuvenil en Europa: Situación actual, tendencias de modelos aplicables e boas prácticas*".

-VI Seminario dos valedores do pobo rexionais da UE

O VI Seminario dos Valedores do Pobo Rexionais e institucións similares dos Estados membros da UE celebrouse no Abgeordnetenbaus de Berlín, os días 2, 3 e 4 de novembro, organizado polo Valedor do Pobo Europeo e a Comisión de Peticións de Berlín.

O papel dos valedores no ámbito da protección xurídica nacional e europea, o traballo eficaz para cos cidadáns ou a tramitación das reclamacións dos grupos vulnerables en diferentes materias foron algúns dos asuntos que ocuparon aos asistentes nas diferentes conferencias e sesións de traballo organizadas para o efecto.

O Seminario dos Valedores do Pobo Rexionais celébrase con carácter bianual. O Valedor do Pobo Europeo convoca para a ocasión os *ombudsman* rexionais para traballar en temas de interese común.

-Congreso Anual da Federación Iberoamericana de Ombudsman (FIO).

A XIII Asemblea Xeral e Congreso Anual da Federación Iberoamericana de Ombudsman (FIO) e VII Asemblea Xeral Ordinaria da Rede de Institucións Nacionais para a Promoción e Protección dos Dereitos Humanos do Continente Americano celebráronse os días 20 e 21 de novembro co lema "*O futuro dos Dereitos Humanos a 60 anos da Declaración Universal de Dereitos Humanos*" na localidade mexicana de México. En representación da nosa institución acudiron o valedor do pobo, D. Benigno López e outros dous membros do seu gabinete.

Entre outras cuestións debatidas no transcurso da asemblea, determinouse a incorporación das redes temáticas ao estatuto da FIO, co fin de potenciar e optimizar a realización das súas actividades e a consecución dos seus obxectivos. A asemblea deu así mesmo o seu apoio á declaración emitida pola Rede de Valedorías das Mulleres da Federación Contra os Feminicidios Cometidos en Cidade Juárez, México.

No marco de actos organizados con motivo do encontro, celebrouse tamén a reunión do Comité Rexional contra a Trata de Persoas de México, Centroamérica e o Caribe (CORMECAC), e serviu de escenario para a presentación do *VI Informe sobre Dereitos Humanos da FIO* -dedicado nesta ocasión a analizar o estado da educación na rexión-, a cargo do director do Programa de Apoio ás Valedorías do Pobo de Iberoamérica e profesor da Universidade de Alcalá, Guillermo Escobar Roca.

-Reunión de valedores con motivo da celebración do 60 aniversario da Declaración Universal de Dereitos Humanos.

O valedor do pobo, Benigno López González, subscribiu o 9 de decembro en Barcelona canda outros doce valedores autonómicos e o defensor del pueblo, Enrique Múgica, unha declaración conxunta na que ratificaron o seu compromiso para lograr o maior benestar dos cidadáns e para "seguir traballando intensamente" a favor da Declaración Universal dos Dereitos Humanos, facía sesenta anos.

A continuación reprodúcese o texto íntegro da comunicación:

“ O defensor del pueblo de España, Enrique Múgica; o defensor del pueblo de Andalucía, José Chamizo; o xustiza de Aragón, Fernando García; a procuradora general de Asturias, Mª Antonia Fernández; o diputado do común de Canarias, Manuel Alcaide; o defensor del pueblo de Castela-A Mancha, José Manuel Martínez; o procurador del común de Castela e León, Javier Amoedo; o síndic de greuges de Cataluña, Rafael Ribó; o síndic de greuges da Comunidade Valenciana, Carlos Morenilla; o valedor do pobo de Galicia, Benigno López; a defensora del pueblo da Rioxa, María Bueyo Díez; o defensor del pueblo de Navarra, Francisco Javier Enériz; o ararteko do País Vasco, Íñigo

Lamarca, e o defensor del pueblo da Rexión de Murcia, José Pablo Ruiz Abellán formulan a seguinte declaración conxunta con motivo do 60 aniversario da proclamación, o 10 de decembro de 1948, da Declaración Universal de Dereitos Humanos pola Asemblea Xeral de Nacións Unidas.

O respecto aos dereitos humanos e a existencia de institucións e mecanismos de garantía e salvagarda destes constitúen os piares fundamentais das democracias modernas. Neste sentido, as institucións españolas, centrais ou autonómicas, de garantía dos dereitos das persoas, que temos encomendada esa función mediante a supervisión das actuacións e as políticas públicas das administracións, co obxectivo de que os dereitos recoñecidos no ordenamento xurídico sexan debidamente respectados e alcancen a súa plenitude desenvolvendo toda a súa potencialidade, asumimos o compromiso de seguir traballando intensamente a prol da Declaración Universal de Dereitos Humanos, para lograr o máximo nivel de benestar dos cidadáns.

Con esta declaración conxunta, queremos dar a coñecer algunhas das cuestións relacionadas co noso traballo sobre as que nos parece necesario facer fincapé para que a conmemoración do 60 aniversario da Declaración Universal de Dereitos Humanos nos permita impulsar e estimular as políticas públicas que dotan de contidos reais os dereitos recoñecidos. A dignidade, a liberdade, a xustiza e a igualdade das persoas son, en toda a súa extensión, os valores básicos que sustentan os dereitos das persoas e, por iso, a súa garantía; de aí que os mecanismos e recursos institucionais destinados á protección destes dereitos haxan de velar tamén pola eficacia das políticas públicas sectoriais.

A violencia terrorista –sexa de ETA, de Al Qaeda ou de calquera outra orixe– que se asenta no fanatismo, o odio e o totalitarismo, é sen dúbida un cáncer para os dereitos

fundamentais dos cidadáns. Un mal que debemos erradicar e deslexitimar mediante a acción permanente, coordinada e sen desmaio. Nesta dirección, a manifestación da verdade, a xustiza e a reparación en relación coas vítimas do terrorismo han de reflectirse de maneira oportuna e eficaz nas leis, nas políticas públicas e no recoñecemento social.

Na presente conxuntura económica queremos facer pública a nosa fonda preocupación pola progresiva deterioración das condicións laborais (incluída a crecente sinistralidade laboral) e existenciais que afecta a moitos cidadáns e familias, e polo aumento do paro, o que de seguro intensificará a vulnerabilidade socioeconómica e a exclusión social, sobre todo entre os inmigrantes que se encontraban en proceso de integración, e, aínda de modo máis dramático, entre os que continúan chegando de maneira irregular ao noso territorio. En consecuencia, é preciso perfeccionar as prestacións sociais que aseguren unha vida digna, a acollida e a inclusión social, evitando o incremento das bolsas de pobreza e de exclusión que se fan cada vez máis evidentes, en primeiro termo polas persoas sen teito que se encontran na rúa, combatendo tamén as causas que orixinan aquelas desigualdades.

A violencia machista contra as mulleres é unha realidade insoportable que hai que combater con máis eficacia, desenvolvendo con máis amplitude e profundidade os aspectos sociais e preventivos da lexislación actual contra a violencia de xénero e coordinando adecuadamente os dispositivos e os medios dispoñibles.

Do mesmo xeito, os nenos, nenas e adolescentes como grupo particularmente vulnerable, reclaman unha atención continuada e preferente por parte dos poderes públicos. Preocúpannos, neste ámbito, o aumento do número de menores necesitados de recursos de protección, a atención deficiente aos menores estranxeiros non acompañados, o incremento das condutas agresivas no ámbito escolar, no intrafamiliar e nos espazos de ocio, así como o aumento de fenómenos asociados a trastornos psíquicos, o consumo de alcohol e doutras drogas.

O crecemento notable das necesidades das persoas maiores non está sendo correspondido por un aumento dos recursos dedicados á súa atención. Aínda cando a lei de promoción da autonomía persoal supuxo un avance nas políticas dirixidas ás persoas que sofren algún tipo de dependencia (principalmente maiores) o seu desenvolvemento e aplicación presentan aínda carencias en aspectos básicos como a determinación da contribución económica do usuario, o que demanda das administracións competentes un necesario exercicio de responsabilidade pública.

Debemos mostrar, así mesmo, o noso desacougo pola incidencia crecente das enfermidades mentais e pola insuficiencia das políticas e dos programas para a súa atención. A citada lei de autonomía persoal non respondeu debidamente ás necesidades das persoas que as sofren e dos familiares dedicados o seu coidado.

Unha aposta decidida pola atención sociosanitaria, habilitando recursos de maneira coordinada entre o ámbito social e o sanitario, paliaría as deficiencias e contribuiría a previr os riscos neste sector, así como no das persoas con discapacidade en xeral.

A loita contra toda discriminación necesita tamén de novos impulsos e ferramentas dentro dun programa integral, transversal e proactivo que, ademais de combater eficazmente os casos de discriminación que se produzan por razón de sexo, raza, ideoloxía, relixión, discapacidade, orientación sexual ou calquera outra circunstancia, teña como finalidade a desaparición de contravalores como o sexismo, o racismo, a homofobia e, en xeral, do desprezo ou a intolerancia que alimentan a conculcación do respecto ás persoas e á súa dignidade consubstancial. Neste aspecto, preocúpannos especialmente as actitudes xenófobas contra as persoas estranxeiras ou inmigrantes e os comportamentos de hostilidade e exclusión contra a poboación xitana.

A seguridade cidadá e a protección da liberdade e a integridade das persoas e dos seus bens deben ser preservadas coa maior intensidade posible polos poderes públicos e, neste sentido, deben reforzarse ao máximo os medios que traballan na prevención da

delincuencia e na loita contra ela, dotando as forzas policiais, que realizan un labor encomiable, dos recursos necesarios.

Os maxistrados, xuíces, fiscais e todo o persoal que integra a Administración de Xustiza desempeñan, pola súa parte, unha función esencial nun estado democrático de dereito, que quedaría desvirtuado se a dita función non se exercese plenamente cos efectos de procurar unha eficaz tutela xudicial, especialmente no que afecta á axilidade procesual. Por iso, o Poder Xudicial e a Administración de Xustiza deben contar cos recursos persoais e materiais necesarios para realizar adecuadamente a súa función o que, no momento presente, dista de ser unha realidade contrastada.

As condicións das prisións e dos centros que acollen menores infractores deben cumprir escrupulosamente cos principios e dereitos constitucionais. Non debe postergarse en ningún caso o obxectivo da reinserción e reeducación das

persoas reclusas que, nunha porcentaxe elevada, proveñen de situacións de exclusión social grave. Neste sentido, o traballo que realizan os funcionarios de prisións resulta de vital importancia, polo que debe ser reforzado cos recursos persoais, formativos e materiais adecuados.

Unha democracia plena debe ser particularmente exixente nos ámbitos de privación de liberdade, garantindo con especial coidado os dereitos das persoas detidas ou encarceradas e tamén os dos funcionarios policiais e de prisións. A designación do mecanismo nacional e os correspondentes mecanismos territoriais descentralizados acorde coas competencias autonómicas que contempla o Protocolo Facultativo da Convención contra a Tortura e Outros Tratos ou Penas Crueis, Inhumanos ou Degradantes, que España subscribiu o 13 de abril do 2005, no que as institucións de valedoría estamos chamadas a desempeñar un papel clave, é unha decisión que debe ser tomada coa maior brevidade.

O dereito á boa administración debe orientar as actuacións das administracións públicas e das súas relacións cos cidadáns, moi en concreto no que afecta aos dereitos á información e á participación. Por outra parte, convén que os dereitos dos consumidores e usuarios sexan dotados de novos elementos de protección e garantía, moi en concreto en canto toca aos servizos imprescindibles para a vida cotiá, como o uso da enerxía e as telecomunicacións, así como ao que se refire aos investimentos o aforro.

No mesmo sentido, un sistema democrático de convivencia exixe un desenvolvemento económico e urbanístico sostible, respectuoso co medio ambiente e co patrimonio histórico artístico, que non hipoteque ou condicione negativamente o seu goce polas xeracións vindeiras. Debe, así mesmo, procurar que todos os seus cidadáns e cidadás accedan aos recursos de internet, evitando que se produza ou se amplíe a denominada brecha dixital, en función das posibilidades de uso da rede. Debe tamén garantir o dereito á intimidade dos seus cidadáns e a protección dos seus datos persoais; poñer os medios para reducir a contaminación ambiental e acústica, e regular de modo conveniente a presenza e a vida dos animais.

A protección máxima dos dereitos que vimos de mencionar, entre outros, ha de ser completada coa defensa firme de aqueles que constitúen os fundamentos clásicos do estado social. O dereito á saúde, que sofre os embates dun desequilibrio cada vez máis acentuado entre as demandas crecentes e os recursos dispoñibles, ten que estar garantido debidamente para todos os españois en termos de igualdade e coa máxima calidade exixible.

O dereito á educación, pola súa parte, ten que asegurar unha ensinanza adecuada para todos, a igualdade de oportunidades e a atención precisa ás necesidades especiais. A escola debe ser un espazo no que os nosos nenos e nenas aprendan a convivir e a respectar os dereitos humanos, e debe forxar os valores para que a sociedade do mañá sexa máis inclusiva na diversidade, máis solidaria e máis equitativa.

As prestacións sociais, sexan ou non contributivas, incluída a que corresponde ao dereito a unha vivenda digna, deben responder aos principios nos que se fundamentan e ter garantidas a súa exixencia e sostibilidade no tempo.

Todos os titulares de institucións de defensa e garantía de dereitos desexamos culminar esta declaración, co recordo solemne da afirmación inicial da Declaración Universal de Dereitos Humanos: "todos os seres humanos nacen libres e iguais en dignidade e dereitos e, dotados como están de razón e conciencia, deben comportarse fraternalmente os uns cos outros". Esa gustaríanos que fose a guía das actuacións e os comportamentos dos poderes públicos e de todas as persoas.

Barcelona, 9 de decembro do 2008"

4.1.6 RELACIÓN CON OUTROS COMISIONADOS AUTONÓMICOS

-Reunión de secretarios xerais das valedorías en Santiago.

O 2 de xuño celebrouse na sede do Valedor do Pobo un encontro de traballo de secretarios xerais das valedorías do pobo autonómicas e do Defensor del Pueblo, verbo da aplicación da normativa de protección de datos nas oficinas destes organismos.

Asistiron á convocatoria representantes da Procuradora General do Principado de Asturias, do Diputado del Común de Canarias, do Ararteko vasco, do Procurador do Común de Castela-León, da Comunidade Valenciana, da valedoría de Castela-A Mancha, do Síndic catalán e do Defensor andaluz, entre outros.

Avanzar na proposta de denominación e descrición de actuacións das oficinas dos valedores e unha sucinta aproximación a nova lei de contratos do sector público, foron algúns dos asuntos que espertaron o interese dos convocados.

-Xornadas conmemorativas do 25º Aniversario da Lei do Defensor Andaluz

O valedor do Pobo asistiu entre os días 18 e 19 de xuño en Baeza, Jaén, ás xornadas "*Os retos dos valedores do pobo autonómicos ante o novo marco estatutario*" convocadas con motivo do 25º aniversario da Lei do Defensor del Pueblo Andaluz. Nas dúas sesións que se celebraron na Universidade Internacional de Andalucía Antonio Machado os asistentes analizaron os cambios que se están operando coa recente renovación dos estatutos, debuxando un novo panorama en relación coa extensión do recoñecemento e garantías dos dereitos de contido social.

Benigno López tivo presenza activa na mesa redonda sobre "*Reformas das leis reguladoras das institucións autonómicas dos valedores do pobo. Novas perspectivas*", na que compartiu pareceres con outras valedorías, o síndic de greuges de Cataluña e o ararteko.

-Visita do Defensor del Pueblo de Castela-A Mancha

José Manuel Martínez Cenzano, defensor del pueblo de Castela-A Mancha visitou o 29 de novembro a sede do Valedor do Pobo, onde mantivo un encontro cordial co seu homónimo galego, e puideron compartir experiencias comúns á fronte de ambas as valedorías. Cenzano foi elixido defensor del pueblo de Castela-A Mancha no Pleno das Cortes Rexionais do 13 de decembro do 2007 e a súa viaxe enmarcouse na xira de contactos con outros titulares autonómicos para presentarse e ofrecer a súa colaboración.

4.1.7 CONFERENCIAS

O valedor do pobo, Benigno López González, participou durante o 10 de outubro no III Seminario Interdisciplinar de Profesores, organizado pola Universidade de Vigo no Parador de Santo Estevo, onde pronunciou a conferencia "*O ombudsman: a súa mediación ante as desigualdades sociais e o seu compromiso cos dereitos humanos*" na que realizou

un sucinto repaso histórico á figura dos valedores e insistiu nos seus retos inmediatos e o transcendental labor que desempeñan xa que coas súas observacións, a súa influencia moral, e a súa *autóritas* pode converter a opinión pública na sombra ética do poder.

Durante a súa exposición, o alto comisionado parlamentario describiu o perfil do *ombudsman*, como o dun colaborador crítico da autoridade "no seu *contradíctor*". Neste sentido matizou que o seu obxectivo non consiste en socavar o poder, senón en alertar os gobernantes acerca das insatisfaccións da sociedade. "Debe ser considerado un poder da sociedade, máis que do Estado", expresou.

Apelando á experiencia, Benigno López mostrou o seu convencemento de que "os que nos movemos neste ámbito somos plenamente coñecedores da enorme distancia que media entre as normas puramente escritas e a dura realidade que converte aquelas en simples catálogos de ilusións". É precisamente a autonomía funcional destas figuras, a xuízo de López, a que permite radiografar a realidade desde o seo do propio Estado. Deste modo os valedores convértense nun "medio de sensibilización do poder público fronte ás reais insatisfaccións dunha sociedade".

Durante o seu discurso, o valedor do pobo quixo mencionar os desafíos que deberán afrontar os *ombudsman* nos próximos tempos, encamiñados á protección dos dereitos humanos baseados na súa calidade máis esencial: a universalidade. Para acometer este traballo, López apela ao exercicio da súa actividade “sen compracencia, con rebeldía innovadora e cun profundo compromiso cunha visión superadora da sociedade” procurando “que o poder, en calquera das súas manifestacións, sexa realmente solidario cos dereitos do pobo".

"O ombudsman actual resulta imprescindible para contribuír a forxar unha cultura, un clima de paz, xa que −concluíu López− cada unha deles, se denomine valedor do pobo ou doutra maneira, é un axente de paz".

CAPÍTULO 5 APÉNDICE ESTATÍSTICO

5.1 INTRODUCIÓN

Neste capítulo ofrecemos unha visión global e esquematizada das queixas e documentos tramitados durante o ano 2008, reflectidos en gráficos e cadros acompañados dun breve comentario.

Recordamos ao mesmo tempo que as queixas incluídas no presente informe foron obxecto de comentario, e de ser o caso, exposición pormenorizada no capítulo 1, na área correspondente.

5.2 ENTRADAS E SAÍDAS DE DOCUMENTOS

As entradas de documentos que se recibiron na institución durante o ano 2008 foron en total 6474, o que dá unha media mensual de 539 entradas. Neste mesmo ano, a institución emitiu un total de 10 931 documentos, o que supón unha media de 910 saídas.

ENTRADAS E SAÍDAS DE ESCRITOS POR MESES ANO 2008

Mes	Entradas de escritos	Saídas de escritos
Xaneiro	516	1100
Febreiro	566	816
Marzo	603	969
Abril	626	946
Maio	579	984
Xuño	473	957
Xullo	483	843
Agosto	314	485
Setembro	543	804
Outubro	576	1247
Novembro	754	958
Decembro	441	822
Total	6474	10 931

Media mensual de entradas: 539
Media mensual de saídas: 910

ENTRADAS E SAÍDAS DE ESCRITOS POR MESES



Totais:
Entradas: 6474
Saídas: 10931

5.3 QUEIXAS INICIADAS NO ANO 2008

O número de queixas iniciadas na institución durante o ano 2008 foi de 2558 entre as recibidas dos cidadáns e as abertas de oficio, 278 máis que o ano pasado. O que dá como resultado unha media mensual de 213 queixas, cun máximo de 312 no mes de marzo e un mínimo de 104 no de agosto.

ENTRADA DE QUEIXAS
ANO 2008

Mes	Entrada de queixas
Xaneiro	207
Febreiro	245
Marzo	312
Abril	260
Maio	200
Xuño	167
Xullo	149
Agosto	104
Setembro	277
Outubro	189
Novembro	275
Decembro	173
Total	2558

Media mensual de queixas: 213

ENTRADA MENSUAL DE QUEIXAS



Total: 2558

5.3.1 COMPARACIÓN CON EXERCICIOS ANTERIORES

ENTRADA DE QUEIXAS POR ANOS

Ano	Total
1990 (6 meses)	372
1991	781
1992	733
1993	805
1994	1301
1995	1056
1996	1615
1997	1397
1998	1900
1999	1581
2000	1188
2001	2656
2002	1635
2003	1307
2004	1400
2005	1309
2006	1805
2007	2280
2008	2558
Total	**27679**

ENTRADA DE QUEIXAS POR ANOS



5.3.2 DISTRIBUCIÓN DAS QUEIXAS SEGUNDO AS ÁREAS DA ADMINISTRACIÓN PÚBLICA ÁS QUE SE REFIREN

Distribuímos no seguinte cadro as queixas iniciadas no ano 2008 segundo as áreas administrativas ás que se refiren. Como se pode comprobar, as áreas que concentraron un maior número de queixas foron a de administración económica, comunicacións e novas tecnoloxías, con 343 queixas (13,41 %), seguida polas de industria, comercio e turismo con 288 queixas (11,26 %) e emprego público e interior con 283 queixas (11,07 %)

CAPÍTULO 5 ÁREAS	**NÚMERO**	**PORCENTAXE**
Emprego público e interior	283	11,07 %
Urbanismo e vivenda	201	7,86 %
Medio ambiente	183	7,16 %
Educación	143	5,59 %
Industria, comercio e turismo	288	11,26 %
Agricultura, montes e pesca	40	1,56 %
Servizos sociais	102	3,98 %
Emigración e traballo	94	3,63 %
Sanidade	219	8,60 %
Xustiza	142	5,55 %
Administración económica, comunicacións e novas tecnoloxías	343	13,41 %
Obras públicas e expropiacións	121	4,74 %
Organización e funcionamento de réxime local e protección civil	200	7,82 %
Menores	39	1,52 %
Cultura e política lingüística	160	6,25 %
Total	**2558**	

Non obstante, o anterior reconto inclúe as queixas presentadas “en serie”, promovidas por unha pluralidade de persoas, pero cun mesmo contido. Se nos fixamos só nas queixas presentadas sobre asuntos diferentes, considerando as “en serie” ou iguais só como unha, daquela as áreas con máis queixas son emprego público e interior, con 257 (12,46 %), sanidade con 204 (9,89 %) e organización e funcionamento de réxime local e protección civil con 200 (9,69 %). As queixas individuais distribúense por áreas da forma que expoñemos no seguinte cadro.

CAPÍTULO 6 ÁREAS	**NÚMERO**	**PORCENTAXE**
Emprego público e interior	257	12,46 %
Urbanismo e vivenda	194	9,41 %
Medio ambiente	169	8,19 %
Educación	134	6,49 %
Industria, comercio e turismo	86	4,18 %
Agricultura, montes e pesca	40	1,93 %
Servizos sociais	85	4,13 %
Emigración e traballo	93	4,51 %
Sanidade	204	9,89 %
Xustiza	142	6,88 %
Administración económica, comunicacións e novas tecnoloxías	179	8,67 %
Obras públicas e expropiacións	121	5,86 %
Organización e funcionamento de réxime local e protección civil	200	9,69 %
Menores	39	1,89 %
Cultura e política lingüística	120	5,82 %
Total	**2063**	

5.3.3 ALGÚNS DATOS SOCIOLÓGIXOS REFLECTIDOS NAS QUEIXAS

En primeiro termo damos conta das queixas individuais, as colectivas (as presentadas por diferentes persoas, pero todas elas cun mesmo contido), e as de oficio (promovidas pola propia iniciativa da institución).

* Individuais	2024
* Colectivas	12 (507)
* De oficio	27



No seguinte cadro ofrecemos algúns datos sociolóxicos reflectidos nas queixas: as queixas presentadas por unha soa persoa ou asinadas por máis dunha; en idioma galego ou en castelán; xénero dos reclamantes (masculino ou feminino); se proceden do medio urbano ou do rural; se viven en Galicia ou nalgunha outra comunidade autónoma, etc.

Loxicamente, estes datos exclúen as queixas de oficio (27).

TOTAL DE QUEIXAS PRESENTADAS NO 2008: 2558

DATOS SOCIOLÓXICOS:
(referidos a 2531, dado que 27 queixas son de oficio)

XÉNERO DOS RECLAMANTES: (*)

Homes	1473
Mulleres	995

(*) Excluídas as 63 queixas de máis de un reclamante



IDIOMA:

Galego	1485
Castelán	1046



HÁBITAT DO RECLAMANTE:

Medio urbano	2199
Medio rural	332



PROCEDENCIA TERRITORIAL:

Residencia na Comunidade Autónoma	2324
Residencia fóra da Comunidade Autónoma	207



CARÁCTER:

Un reclamante	2468
De máis dun reclamante	63



MODOS DE PRESENTACIÓN DAS QUEIXAS:

Manuscritas	165
Mecanografadas	2366

5.4 DISTRIBUCIÓN DAS QUEIXAS POR RAZÓN DAS PROVINCIAS E MUNICIPIOS DE PROCEDENCIA

Nos cadros que seguen presentamos as queixas por razón das provincias e municipios dos que proceden. En canto ás provincias, ofrecemos tamén a porcentaxe representada por cada unha delas no conxunto da Comunidade Autónoma, así como o número de queixas por cada dez mil habitantes. No tocante aos municipios, limitámonos a ofrecer o número de queixas procedentes de cada un deles. Aqueles dos que non recibimos ningunha queixa aparecen coa cuadrícula en branco.

5.4.1 POR PROVINCIAS

Como se pode observar no seguinte cadro, o maior número de queixas procede da provincia da Coruña, e o menor provén da provincia de Lugo; sen embargo, Ourense é a provincia que promove maior número de queixas por cada 10 000 habitantes.

Provincia	Núm. de queixas presentadas	Porcentaxe sobre a Comunidade Autónoma	Queixas por cada 10 000 habitantes
A Coruña	1272	54,73 %	11,16
Lugo	274	11,79 %	7,70
Ourense	151	6,50 %	4,49
Pontevedra	627	26,98 %	6,57
Total C.A.	**2324**		
Fóra da C.A.	**207**		
TOTAL	**2531 (*)**		

(*) Exclúense as 27 queixas de oficio

DISTRIBUCIÓN DAS QUEIXAS POR PROVINCIAS



5.4.2 POR CONCELLOS

Como podemos observar, as cidades desde onde se presentaron máis queixas foron Santiago de Compostela (317), A Coruña (233) e Vigo (203).

A CORUÑA

Concello	Núm. Queixas
Abegondo	6
Ames	27
Aranga	
Ares	4
Arteixo	23
Arzúa	6
Baña, A	3
Bergondo	5
Betanzos	4
Boimorto	1
Boiro	22
Boqueixón	2
Brión	6
Cabana de Bergantiños	7
Cabanas	1
Camariñas	3
Cambre	19
Capela, A	
Carballo	14
Cariño	4
Carnota	68
Carral	5
Cedeira	3
Cee	6

Concello	Núm. Queixas
Cerceda	2
Cerdido	
Cesuras	2
Coirós	3
Corcubión	2
Coristanco	7
Coruña, A	233
Culleredo	30
Curtis	11
Dodro	15
Dumbría	4
Fene	13
Ferrol	67
Fisterra	3
Frades	
Irixoa, A	
Laracha	6
Laxe	
Lousame	1
Malpica de Bergantiños	6
Mañón	1
Mazaricos	2
Melide	4
Mesía	2

Concello	Núm. Queixas
Miño	6
Moeche	1
Monfero	3
Mugardos	4
Muros	5
Muxía	3
Narón	27
Neda	2
Negreira	
Noia	10
Oleiros	31
Ordes	3
Oroso	10
Ortigueira	4
Outes	1
Oza dos Ríos	5
Paderne	
Padrón	9
Pino, O	2
Pobra do Caramiñal , A	8
Ponteceso	3
Pontedeume	13
Pontes de García Rodríguez, As	9
Porto do Son	5
Rianxo	10
Ribeira	54
Rois	8
Sada	12
San Sadurniño	4
Santa Comba	6
Santiago de Compostela	317
Santiso	1

Concello	Núm. Queixas
Sobrado	1
Somozas, As	
Teo	19
Toques	1
Tordoia	
Touro	2
Trazo	4
Val do Dubra	3
Valdoviño	6
Vedra	3
Vilarmaior	
Vilasantar	
Vimianzo	2
Zas	2
TOTAL A CORUÑA	**1272**

LUGO

Concello	Núm. Queixas
Abadín	
Alfoz	1
Antas de Ulla	1
Baleira	
Baralla	2
Barreiros	3
Becerreá	4
Begonte	3
Bóveda	2
Burela	3
Carballedo	
Castro de Rei	1
Castroverde	1
Cervantes	
Cervo	4
Corgo, O	2
Cospeito	2
Chantada	3
Folgoso do Courel	1
Fonsagrada, A	3
Foz	4
Friol	
Guitiriz	2
Guntín	
Incio, O	1
Láncara	2
Lourenzá	

Concello	Núm. Queixas
Lugo	137
Meira	2
Mondoñedo	
Monforte de Lemos	13
Monterroso	14
Muras	
Navia de Suarna	
Negueira de Muñiz	
Nogais, As	1
Ourol	
Outeiro de Rei	1
Palas de Rei	3
Pantón	
Paradela	
Páramo, O	1
Pastoriza, A	
Pedrafita do Cebreiro	1
Pobra de Brollón, A	
Pol	
Pontenova, A	
Portomarín	1
Quiroga	5
Rábade	2
Ribadeo	4
Ribas de Sil	2
Ribeira de Piquín	
Riotorto	
Samos	2
Sarria	24
Saviñao, O	2

Concello	Núm. Queixas
Sober	1
Taboada	1
Trabada	
Triacastela	
Valadouro, O	
Vicedo, O	
Vilalba	4
Viveiro	7
Xermade	
Xove	1
TOTAL LUGO	**274**

OURENSE

Concello	Núm. Queixas
Allariz	1
Amoeiro	
Arnoia, A	
Avión	
Baltar	
Bande	
Baños de Molgas	
Barbadás	5
Barco de Valdeorras, O	9
Beade	
Beariz	
Blancos, Os	
Boborás	
Bola, A	
Bolo, O	
Calvos de Randín	
Carballeda de Valdeorras	
Carballeda de Avia	1
Carballiño, O	8
Cartelle	3
Castrelo de Miño	
Castrelo do Val	
Castro Caldelas	1
Celanova	4
Cenlle	2
Coles	2
Cortegada	
Cualedro	
Chandrexa de Queixa	

Concello	Núm. Queixas
Entrimo	3
Esgos	1
Gomesende	
Gudiña, A	
Irixo, O	
Larouco	1
Laza	
Leiro	1
Lobeira	
Lobios	1
Maceda	2
Manzaneda	
Maside	1
Melón	
Merca, A	1
Mezquita, A	
Montederramo	1
Monterrei	
Muíños	1
Nogueira de Ramuín	
Oímbra	
Ourense	69
Paderne de Allariz	
Padrenda	
Parada de Sil	
Pereiro de Aguiar	4
Peroxa, A	
Petín	1
Piñor	

Concello	Núm. Queixas
Pobra de Trives, A	2
Pontedeva	
Porqueira	
Punxín	
Quintela de Leirado	
Rairiz de Veiga	1
Ramirás	2
Ribadavia	7
Riós	
Rúa, A	
Rubiá	
San Amaro	
San Cibrao das Viñas	4
San Cristovo de Cea	
San Xoán de Río	
Sandiás	
Sarreaus	
Taboadela	
Teixeira, A	1
Toén	1
Trasmiras	2
Veiga, A	
Verea	
Verín	3
Viana do Bolo	
Vilamarín	
Vilamartín de Valdeorras	1
Vilar de Barrio	
Vilar de Santos	
Vilardevós	
Vilariño de Conso	
Xinzo de Limia	2

Concello	Núm. Queixas
Xunqueira de Ambía	
Xunqueira de Espadanedo	2
TOTAL OURENSE	**151**

PONTEVEDRA

Concello	Núm. Queixas
Agolada	1
Arbo	2
Baiona	14
Barro	
Bueu	3
Caldas de Reis	5
Cambados	2
Campo Lameiro	
Cangas	12
Cañiza, A	1
Catoira	2
Cerdedo	
Cotobade	
Covelo, O	1
Crecente	3
Cuntis	
Dozón	
Estrada, A	15
Forcarei	1
Fornelos de Montes	
Gondomar	12
Grove, O	2
Guarda, A	7
Illa de Arousa	
Lalín	13
Lama, A	3
Marín	21

Concello	Núm. Queixas
Meaño	4
Meis	2
Moaña	33
Mondariz	2
Mondariz-Balneario	
Moraña	2
Mos	7
Neves, As	2
Nigrán	15
Oia	3
Pazos de Borbén	4
Poio	9
Pontearéas	24
Pontecaldelas	5
Pontecesures	2
Pontevedra	72
Porriño, O	19
Portas	
Redondela	13
Ribadumia	
Rodeiro	
Rosal, O	3
Salceda de Caselas	4
Salvaterra de Miño	5
Sanxenxo	11
Silleda	5
Soutomaior	3

Concello	Núm. Queixas
Tomiño	6
Tui	2
Valga	4
Vigo	203
Vila de Cruces	4

Concello	Núm. Queixas
Vilaboa	4
Vilagarcía de Arousa	29
Vilanova de Arousa	6
TOTAL PONTEVEDRA	**627**

5.5 CURSO DADO ÁS QUEIXAS RECIBIDAS

Aquí clasificamos as queixas en tres grupos, por razón do procedemento seguido na súa tramitación. Incluímos no primeiro grupo as queixas que admitimos a trámite, distinguindo neste grupo aquelas nas que a súa tramitación a concluímos durante o ano 2008 e as que aínda continuaban en trámite a finais do exercicio descrito. No segundo grupo describimos as queixas que decidimos rexeitar, por non reunir as condicións esixidas pola lei que rexe a nosa institución. E no terceiro as queixas que tivemos que enviar ao Defensor del Pueblo ou a comisionados autonómicos, por ser da súa competencia.

CURSO DAS QUEIXAS

QUEIXAS PRESENTADAS	Núm.	2558
Admitidas:		**1707**
	En trámite	587
	Concluídas	1120
Non admitidas		**421**
	Causas:	
	Non actuación administrativa irregular	90
	Non actuación administrativa previa	153
	Relación xurídico-privada	50
	Asunto sub iudice	3
	Sentenza firme	2
	Por ser o interesado autoridade administrativa	2
	Prazo superior a un ano	4
	Queixa inconcreta	4
	Competencia xudicial	91
	Non competencia do Valedor	19
	Non interese lexítimo	2
	Queixa anónima	1
Remitidas ao Defensor del Pueblo		**430**

DISTRIBUCIÓN DAS QUEIXAS PRESENTADAS



ESTADO PROCEDEMENTAL DE QUEIXAS POR ÁREAS

POR ÁREAS	NUM. QUEIXAS EN CADA ÁREA	QUEIXAS ADMITIDAS		QUEIXAS NON ADMITIDAS		QUEIXAS REMITIDAS AO DP	
		Núm.	%	Núm.	%	Núm.	%
Emprego público e interior	283	196	69	60	21	27	10
Urbanismo e vivenda	201	146	73	49	24	6	3
Medio ambiente	183	170	93	10	5	3	2
Educación	143	126	88	15	10	2	2
Industria, comercio e turismo	288	62	22	20	7	206	71
Agricultura, montes e pesca	40	29	72	11	28	0	0
Servizos sociais	102	96	94	5	5	1	1
Emigración e traballo	94	41	44	34	36	19	20
Sanidade	219	171	78	48	22	0	0
Xustiza	142	47	34	72	50	23	16
Administración económica, comunicacións e novas tecnoloxías	343	170	50	61	18	112	32
Obras públicas e expropiacións	121	93	77	8	7	20	16
Organización e funcionamento de réxime local e protección civil	200	192	96	7	3	1	1
Menores	39	35	90	1	2	3	8
Cultura e política lingüística	160	133	83	20	13	7	4
TOTAL	**2558**	**1707**	**67**	**421**	**16**	**430**	**17**

5.6 AS CAUSAS DE NON ADMISIÓN POR ÁREAS

As queixas que non foron admitidas a trámite durante 2007 son en total 883. No cadro que segue ofrecemos esquematicamente e por áreas as causas polas que non foron admitidas. No capítulo 1, ao facer a descrición das queixas por áreas, xa se fixo unha exposición pormenorizada de moitas delas.

ÁREA	Núm. Queixas	Non actua-ción admtva. irregular	Non actua-ción admtva. previa	Relación xurídico-privada	Asun-to sub iudice	Por ser o interesado autoridade administrativa	Prazo supe-rior a un ano	Queixa inconcreta	Non Intere-se egíti-mo	Compe-tencia xudicial	Non compe-tencia do *Valedor do Pobo*	Queixa anónima	Senten-za firme
Emprego público e interior	60	17	33	2	1	1	0	0	0	4	2	0	0
Urbanismo e vivenda	49	20	5	6	1	1	1	1	0	7	6	0	1
Medio ambiente	10	2	4	1	0	0	0	0	0	1	2	0	0
Educación	15	3	6	0	0	0	1	2	0	3	0	0	0
Industria, comercio e turismo	20	2	5	8	0	0	2	0	0	1	2	0	0
Agricultura, montes e pesca	11	3	5	2	0	0	0	0	0	0	0	1	0
Servizos sociais	5	1	4	0	0	0	0	0	0	0	0	0	0
Emigración e traballo	34	7	17	3	1	0	0	0	0	4	2	0	0
Sanidade	48	7	26	2	0	0	0	1	1	9	2	0	0
Xustiza	72	1	3	6	0	0	0	0	1	58	2	0	1
Administración económica, comunicacións e novas tecnoloxías	61	16	25	19	0	0	0	0	0	0	1	0	0
Obras públicas e expropiacións	8	3	3	0	0	0	0	0	0	2	0	0	0
Organización e funcionamento de réxime local e protección civil	7	2	3	0	0	0	0	0	0	2	0	0	0
Menores	1	0	1	0	0	0	0	0	0	0	0	0	0
Cultura e Política Lingüística	20	6	13	1	0	0	0	0	0	0	0	0	0
TOTAL	421	90	153	50	3	2	4	4	2	91	19	1	2

CADRO DE DISTRIBUCIÓN DAS QUEIXAS POLA CAUSA DE NON ADMISIÓN A TRÁMITE



5.7 DISTRIBUCIÓN DAS QUEIXAS ADMITIDAS POR RAZÓN DAS ÁREAS DA ADMINISTRACIÓN PÚBLICA ÁS QUE SE REFIREN

No cadro que segue ofrecemos as queixas que foron admitidas a trámite, distribuídas por razón das áreas da administración pública ás que se refiren. Distinguimos aquí tamén entre as queixas que estaban concluídas ao finalizar o ano 2007 e as que seguían aínda en proceso de tramitación.

ÁREAS	NÚM. QUEIXAS ADMITIDAS	EN TRÁMITE		CONCLUÍDAS	
	Núm.	Núm.	%	Núm.	%
Emprego público e interior	196	68	35	128	65
Urbanismo e vivenda	146	51	35	95	65
Medio ambiente	170	86	51	84	49
Educación	126	31	25	95	75
Industria, comercio e turismo	62	24	39	38	61
Agricultura, montes e pesca	29	12	41	17	59
Servizos sociais	96	45	47	51	53
Emigración e traballo	41	20	49	21	51
Sanidade	171	51	30	120	69
Xustiza	47	20	42	27	58
Administración económica, comunicacións e novas tecnoloxías	170	37	22	133	78
Obras públicas e expropiacións	93	47	51	46	49
Organización e funcionamento de réxime local e protección civil	192	59	31	133	69
Menores	35	12	34	23	66
Cultura e política lingüística	133	23	17	110	83
TOTAL	**1707**	**587**	**34**	**1120**	**65**

5.8 DISTRIBUCIÓN DAS QUEIXAS REFERIDAS Á ADMINISTRACIÓN PÚBLICA GALLEGA, SEGUNDO NIVEIS

Ofrecemos no seguinte cadro as queixas que se refiren á administración pública galega, distribuídas por niveis. Isto é, segundo afecten aos diversos departamentos da Xunta de Galicia, aos concellos, ás deputacións provinciais ou ás universidades en canto entes autónomos. Quedan polo tanto fóra desta clasificación as que se refiren á Administración Xeral do Estado e aos órganos xurisdicionais.

Administración	**Queixas**	
	Número	**Porcentaxe**
Administración autonómica galega	729	56,03 %
Concellos	551	42,35 %
Deputacións Provinciais	9	0,69 %
Universidades galegas: * Santiago de Compostela 9 * Vigo 2 * A Coruña 1	12	0,92 %
Total	**1301**	

TOTAL DE ACTUACIÓNS

Administracións galegas	1301
Outras (Estado, órganos xurisdicionais e consultas)	406
TOTAL	**1707**

DISTRIBUCIÓN DAS QUEIXAS POLAS ADMINISTRACIÓNS AFECTADAS



5.9 DISTRIBUCIÓN DAS QUEIXAS QUE SE REFIEREN Á XUNTA DE GALICIA, SEGUNDO CONSELLERÍAS

As queixas que se refiren á Xunta de Galicia presentámolas no seguinte cadro distribuídas por consellerías. Como se observa no cadro, as máis numerosas son as que se refiren á *Consellería de Sanidade e á Consellería de Educación e Ordenación Universitaria*, con porcentaxes do 23,59 % % e 20,85 %, respectivamente.

Consellerías	Núm. queixas	Porcentaxes
Vicepresidencia dá Igualdade e do Benestar	85	11,66 %
Consellería de Presidencia, Administracións Públicas e Xustiza	65	8,92 %
Consellería de Economía e Facenda	9	1,23 %
Consellería de Política Territorial, Obras Públicas e Transportes	49	6,72 %
Consellería de Educación e Ordenación Universitaria	152	20,85 %
Consellería de Innovación e Industria	30	4,12 %
Consellería do Medio Rural	31	4,25 %
Consellería de Cultura e Deporte	20	2,74 %
Consellería de Sanidade	172	23,59 %
Consellería de Pesca e Asuntos Marítimos	8	1,10 %
Consellería de Medio Ambiente e Desenvolvemento Sostible	57	7,82 %
Consellería de Traballo	12	1,65 %
Consellería de Vivenda e Solo	39	5,35 %
Total	**729**	

DISTRIBUCIÓN POR CONSELLERÍAS DAS QUEIXAS QUE AFECTAN Á XUNTA DE GALICIA



Totales: 729

5.10 QUEIXAS REFERIDAS ÁS DEPUTACIÓNS PROVINCIAIS E AOS CONCELLOS

Nestes cadros constan los datos numéricos sobre as queixas referidas ás deputacións provinciais e aos concellos. Os datos referidos aos concellos presentámolos distribuídos por provincias. Observamos que o concello con máis queixas é Carnota, con 69 queixas, aínda que iso se debe á presentación dunha queixa en serie contra este ente local. Os seguintes foron Ribeira (28), Santiago de Compostela (25) e Vigo (24).

5.10.1 QUEIXAS REFERENTES ÁS DEPUTACIÓNS PROVINCIAIS:

Deputación da Coruña	4
Deputación de Lugo	1
Deputación de Ourense	1
Deputación de Pontevedra	3

5.10.2 QUEIXAS REFERENTES AOS CONCELLOS:

5.10.2.1 A CORUÑA

Concello	Núm. Queixas
Abegondo	4
Ames	5
Aranga	
Ares	3
Arteixo	7
Arzúa	6

Concello	Núm. Queixas
Baña, A	2
Bergondo	3
Betanzos	1
Boimorto	
Boiro	9
Boqueixón	

Concello	Núm. Queixas
Brión	1
Cabana de Bergantiños	4
Cabanas	3
Camariñas	1
Cambre	3
Capela, A	
Carballo	2
Cariño	1
Carnota	69
Carral	3
Cedeira	1
Cee	1
Cerceda	
Cerdido	
Cesuras	
Coirós	
Corcubión	
Coristanco	2
Coruña, A	18
Culleredo	6
Curtis	
Dodro	9
Dumbría	3
Fene	1
Ferrol	9
Fisterra	2
Frades	1
Irixoa, A	1
Laxe	
Laracha	2
Lousame	1
Malpica de Bergantiños	4

Concello	Núm. Queixas
Mañón	1
Mazaricos	
Melide	3
Mesía	1
Miño	2
Moeche	
Monfero	
Mugardos	1
Muxía	2
Muros	
Narón	6
Neda	
Negreira	1
Noia	3
Oleiros	12
Ordes	2
Oroso	3
Ortigueira	4
Outes	
Oza dos Ríos	1
Paderne	1
Padrón	1
Pino, O	1
Pobra do Caramiñal, A	5
Ponteceso	
Pontedeume	2
Pontes de García Rodríguez, As	
Porto do Son	
Rianxo	7
Ribeira	28
Rois	4
Sada	4

Concello	Núm. Queixas
San Sadurniño	1
Santa Comba	2
Santiago de Compostela	25
Santiso	
Sobrado	
Somozas	
Teo	2
Toques	
Tordoia	
Touro	
Trazo	
Val do Dubra	1
Valdoviño	
Vedra	
Vilarmaior	
Vilasantar	
Vimianzo	1
Zas	
TOTAL A CORUÑA	**315**

5.10.2.2 LUGO

Concello	Núm. Queixas
Abadín	
Alfoz	1
Antas de Ulla	
Baleira	
Baralla	1
Barreiros	3
Becerreá	3
Begonte	1
Bóveda	
Burela	
Carballedo	1
Castro de Rei	
Castroverde	
Cervantes	
Cervo	1
Corgo, O	1
Cospeito	1
Chantada	
Folgoso do Courel	
Fonsagrada, A	
Foz	2
Friol	1
Guitiriz	
Guntín	
Incio, O	1
Láncara	1
Lourenzá	
Lugo	11
Meira	1

Concello	Núm. Queixas
Mondoñedo	
Monforte de Lemos	3
Monterroso	
Muras	
Navia de Suarna	
Negueira de Muñiz	
Nogais, As	1
Ourol	
Outeiro de Rei	
Palas de Rei	1
Pantón	
Paradela	
Páramo, O	
Pastoriza, A	
Pedrafita do Cebreiro	
Pobra de Brollón, A	
Pol	
Pontenova, A	
Portomarín	
Quiroga	
Rábade	2
Ribadeo	2
Ribas de Sil	2
Ribeira de Piquín	
Riotorto	
Samos	2
Sarria	1
Saviñao, O	
Sober	
Taboada	1
Trabada	
Triacastela	

Concello	Núm. Queixas
Valadouro, O	
Vicedo, O	
Vilalba	1
Viveiro	
Xermade	
Xove	
TOTAL LUGO	**46**

5.10.2.3 OURENSE

Concello	Núm. Queixas
Allariz	
Amoeiro	
Arnoia, A	
Avión	
Baltar	
Bande	
Baños de Molgas	
Barbadás	1
Barco de Valdeorras, O	5
Beade	
Beariz	
Blancos, Os	
Boborás	1
Bola, A	1
Bolo, O	
Calvos de Randín	
Carballeda de Valdeorras	
Carballeda de Avia	1
Carballiño, O	1
Cartelle	1
Castrelo de Miño	
Castrelo do Val	
Castro Caldelas	
Celanova	2
Cenlle	
Coles	1
Cortegada	
Cualedro	
Chandrexa de Queixa	

Concello	Núm. Queixas
Entrimo	
Esgos	
Gomesende	
Gudiña, A	
Irixo, O	
Larouco	
Laza	
Leiro	1
Lobeira	
Lobios	2
Maceda	1
Manzaneda	
Maside	
Melón	
Merca, A	
Mezquita, A	
Montederramo	
Monterrei	
Muíños	
Nogueira de Ramuín	1
Oímbra	
Ourense	12
Paderne de Allariz	
Padrenda	
Parada de Sil	
Pereiro de Aguiar, O	1
Peroxa, A	
Petín	1
Piñor	

Concello	Núm. Queixas
Pobra de Trives, A	1
Pontedeva	
Porqueira	
Punxín	
Quintela de Leirado	
Rairiz de Veiga	2
Ramirás	1
Ribadavia	1
Riós	
Rúa, A	
Rubiá	
San Amaro	
San Cibrao das Viñas	
San Cristovo de Cea	
San Xoán de Río	
Sandiás	1
Sarreaus	
Taboadela	
Teixeira, A	
Toén	
Trasmiras	
Veiga, A	
Verea	
Verín	
Viana do Bolo	
Vilamarín	
Vilamartín de Valdeorras	
Vilar de Barrio	
Vilar de Santos	
Vilardevós	
Vilariño de Conso	
Xinzo de Limia	2

Concello	Núm. Queixas
Xunqueira de Ambía	
Xunqueira de Espadanedo	
TOTAL OURENSE	**41**

5.10.2.4 PONTEVEDRA

Concello	Núm. Queixas
Agolada	
Arbo	2
Baiona	6
Barro	1
Bueu	1
Caldas de Reis	1
Cambados	
Campo Lameiro	
Cangas	3
Cañiza, A	
Catoira	1
Cerdedo	
Cotobade	1
Covelo, O	
Crecente	
Cuntis	1
Dozón	
Estrada, A	5
Forcarei	1
Fornelos de Montes	
Gondomar	6
Grove, O	2
Guarda, A	3
Illa de Arousa, A	
Lalín	1
Lama, A	
0Marín	4

Concello	Núm. Queixas
Meaño	1
Meis	
Moaña	19
Mondariz	
Mondariz-Balneario	
Moraña	2
Mos	1
Neves, As	
Nigrán	5
Oia	
Pazos de Borbén	2
Poio	2
Pontearéas	14
Pontecaldelas	1
Pontecesures	
Pontevedra	11
Porriño, O	5
Portas	1
Redondela	7
Ribadumia	1
Rodeiro	
Rosal, O	
Salceda de Caselas	2
Salvaterra de Miño	
Sanxenxo	5
Silleda	
Soutomaior	1
Tomiño	3
Tui	

Concello	Núm. Queixas
Valga	
Vigo	24
Vila de Cruces	1
Vilaboa	
Vilagarcía de Arousa	1
Vilanova de Arousa	1
TOTAL PONTEVEDRA	**149**